



Contos do Turreiro

Avelino Rodríguez Elías

Edición, Anxo X. Rajó Pazó

EDITA
XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA

COORDINADOR CIENTÍFICO
MANUEL GONZÁLEZ GONZÁLEZ

DIRECTOR TÉCNICO DE LITERATURA
ANXO TARRÍO VARELA

MAQUETACIÓN E IMPRESIÓN
GRÁFICAS SEMENTEIRA S.A.

ISBN: 978-84-453-4947-2

DEP. LEGAL: C 3321-2010

DIRECTOR DO PROXECTO
MODESTO HERMIDA GARCÍA

INTRODUCCIÓN, EDICIÓN E NOTAS
ANXO X. RAJÓ PAZÓ

Aproximación a Contos do Turreiro

Este capítulo dividímolos en tres partes claramente diferenciadas. Primeiro consideraremos a aparición da sección “Contos do Turreiro” en diversas publicacións periódicas. Despois analizaremos o significado e sentido global que adquiriu esa sección e os textos que se incluíron nela, baseándonos en exemplos concretos. Para finalizar tentaremos de nos aproximar a unha clasificación dos mesmos en base á temática e estilo empregados por Rodríguez Elías.

Baixo o título de “Contos do Turreiro” circunscríbese a sección na que foron publicados máis de douscentos relatos en lingua galega, escritos por Avelino Rodríguez Elías quen, con frecuencia, asinaba co pseudónimo Chuco de Canedo, do que xa nos ten informado o profesor e investigador Modesto Hermida.

A sección “Contos do turreiro” principiou a súa andaina o 17 de agosto de 1912, co texto “Ó entrar”, no *Semanario Político Independiente El Tea*, editado e impreso en Vigo e subtítulo “Defensor de los intereses del distrito de Puenteareas”. Para esta primeira entrega Avelino Rodríguez Elías manifesta claramente as súas intencións:

Este turreiro, queridos lectores, é unha sección que, dende hoxe, haberá las columnas do Tea, e que estará o meu cargo (...). Señoras e señores: Aquí estou porque cheguei... E cheguei para botar con vostede un palique todas as semanas (...). Se me poñen atención contareilles cousas moi curiosas e moi pándegas... Falarei de cegos e caciques, de mozas e mozos, de mulleres casadas por diante ou por detrás da eirexa, e de homes para quen todo o monte é ourégano, de todo, en fin canto hai por estas parroquias que mereza a pena de ser contado.

Na mesma liña, o autor manifesta a súa disposición a desbotar as marañas dos políticos, as vinganzas dos caciques e as malas artes daqueles que van contra os petrucios, nome co que fai referencia aos campesiños e a todos os que sufrían as calamidades naquela sociedade galega de principios do século XX. Xa que logo, é vontade de Rodríguez Elías ser o abandeirado e o voceiro dos que menos teñen e dos menos favorecidos. Nas últimas liñas, mesmo fai referencia ao semanario político, satírico e anticlerical, *El Motín*, editado e dirixido polo xornalista republicano José Nakens, e proclama:

Non pra que os malos se enmenden e pra que os bons perseberen, que era a intención con que Nakens axuntaba aquel famoso Ramillete de flores mis-

ticas do antigo Motín; senón para que os pobres que son vítimas de todas as calamidás do actual estado de cousas, vaian criando coraxe...

As colaboracións do Turreiro, practicamente sen interrupción, continuaron ata o 26 de novembro de 1915, data en que se rexistra o que posiblemente foi o último texto publicado por Rodríguez Elías en *El Tea*, que levaba por título “O acordeón de tres voces”. Paralelamente a esta publicación, algunhas revistas americanas, como o *Boletín Oficial del Centro Gallego* ou *La Voz de Galicia*, editada en Bos Aires, foron incluíndo nas súas páxinas algúns dos relatos provenientes de *El Tea*. Unha vintena destes textos apareceron tamén entre os anos 1917 e 1919 na coñecida publicación ourensá *O Tío Marcos d'a Portela*, con certas modificacións lingüísticas e de estilo que, practicamente, non cambian o sentido.

Dende 1926, a destacada revista viguesa *Vida Gallega* vai ofrecer textos de Rodríguez Elías, dándolle continuidade á sección “Contos do turreiro”. Algúns deles, especialmente os primeiros, eran meras reproducións dos que xa apareceran en *El Tea* en diferentes anos. Co tempo, o noso autor foi creando novos textos para a revista olívica cunha temática e estilo moi semellantes. O 30 de xaneiro, un editorial de *Vida Gallega* anunciaba que na edición pasada, dez días antes, coa publicación de “As andrómenas dun chofer”, Rodríguez Elías completara o conto número douscentos, dende a primeira aparición nesa sección aló polo 20 de abril de 1926. Segundo a revista que dirixía Jaime Solá:

A partir del cuento que publicamos hoy, todos los que aparezcan en la sección “Contos do Turreiro, llevarán un número de orden, como un medio de apreciar más la intensidad de la labor del veterano publicista.

Nese mesmo artigo, faise mención ao intenso traballo que exerce Rodríguez Elías como redactor do coñecido periódico local *Faro de Vigo*, ademais do seu traballo como cronista oficial da cidade olívica e a consecuente publicación de artigos e libros de carácter histórico e literario. Con todo isto, observamos que a maior parte dos relatos incluídos nesta sección creada por Rodríguez Elías apareceron nas revistas *El Tea* e *Vida Gallega*, en etapas diferentes e sucesivas.

“Contos do turreiro” non era un apartado de sociedade ou de cultura, malia que en ocasións así o parecera polo alto número de personaxes, reais e inventados, que ían desfilando por eles. Tampouco podemos afirmar que en xeral se trate dunha contribución de carácter narrativo, pois a narratividade da maior parte dos relatos só nos permiten observar na maior parte deles o seu estilo expositivo, entendido como aquel que presenta un personaxe ou actor protagonista, que comparte a escena con outros, e que experimenta unha serie de feitos ou sucesos referidos a unha acción. Nestes “Contos do Turreiro” de Rodríguez

Elías vai acontecer, ocasionalmente, que o propio personaxe se vai corresponder co narrador e co autor da historia.

Por outra banda, é salientable que a maior parte destes pequenos relatos tamén obedecen ao tradicional esquema argumental de introdución, nó e desenlace, que acontece en poucas liñas. Non albiscamos en ningún dos relatos de Rodríguez Elías un final aberto ou que precisase dunha segunda parte, máis ben, a intencionalidade do autor tenta finalizar os contos con algún feito chocalleiro ou que poida espertar a sorpresa do lector por hilaridade, ou ante a traxedia. Vaia como exemplo o relato titulado “O lobisome”, no que se conta unha experiencia cuns rapaces que lle mataron o seu can, ao que confundiron cun lobisome. Aproveita Rodríguez Elías esta dramática historia para actualizar algunha das lendas que sobre este personaxe se difundiron pola Galicia profunda de hai douscentos anos. Na formulación inicial explica o seu desgusto polo que lle aconteceu, e de camiño anticipar algo que nos vai contar:

“Véñovos hoxe tan enrabechado, que nin humor teño para contarvos nunha cousa desas que todos os sábados vos conto eiquí. E gracias que a estas horas non estou na cadea por facer unha morte (...) Figurarse que eu tiña un can de moita estima, que me tiña regalado un amigo, e que esta noite acabáronme con el a pedradas e a fungueirazos”.

No desenvolvemento do relato, ademais de relatar a anécdota dos rapaces que lle mataron o can, aproveita a ocasión para narrar o que realmente nos quería manifestar, que non é outra cousa que a súa opinión sobre algunhas das vellas lendas e crenzas da Galicia profunda:

“Antre as moitas estúpidas creencias que inda eisen en Galicia, hai a dos lobisomes, que é das máis increíbles. Consiste nunha fada que cai enriba dunha familia, cando nela hai sete fillos varóns seguidos. Se ó nacer o meniño que fai o número sete, non é apadriñado polo seu irmán máis vello, pódese ter por certo que aquel será lobisome.”

Para finalizar, remata a morte do can e o seu desexo de tomar vinganza do que lle aconteceu tan só por mor da ignorancia duns rillotes:

“¡Probe can! Todos os fungueiros cairon destonces enriba del, e os que non levaban pau, colleron pandullos, e antre todos, acabáronme co can en menos de catro segundos (...) Os bárbaros que mo tiñan matado, corrían pola congostra abaixo, e inda lles zorreguei un par de tiros, mais xa lles non alcancei.”

Insiste Rodríguez Elías no tema unha semana máis tarde co relato titulado “A nai dos lobos”, no que se responde a unha serie de cuestións e, de paso, critica a falsa lenda que circula polas vilas e aldeas de Galicia:

“Sin embargo, eu aporveito ista ocasión, pra rogarvos que traballedes en contra dela, e que a onde vosoutros non vaiades, que mandedes, hastra que de tal superstición non quede nin o recordo.”

Malia que non é a nosa vontade clasificar un por un todos os títulos que conforman a sección “Contos do turreiro”, si consideramos conveniente expoñer unha serie de aspectos dende os que clarificar en grupos polo que teñen de común, así como outros matices diferenciais dentro da prosa de Rodríguez Elías.

Un dos primeiros aspectos no que reparamos é a extraordinaria riqueza de ambientes, temas e personaxes desta sección, como se poderá observar cunha rápida lectura a algúns deles. Poucas veces o autor vai repetir un personaxe, antes ao contrario, cada relato evoca unha serie de personaxes novos que nada teñen que ver cos do relato anterior. Ás veces, o protagonista é unha colectividade, como no relato “¡Hastra os santos tiveron fame!”, cuxo personaxe principal é o pobo dunha vila de beiramar. Normalmente son personaxes individualizadas as que protagonizan o groso dos acontecementos.

Outro dos trazos destacables desta sección é o carácter de verosimilitude e implicación do autor do que quere dotar as prosas. Practicamente en todos os relatos mantén un punto de conexión ata o punto de, como xa vimos máis enriba, chegar a coprotagonizar algún deles. Moitas veces, Rodríguez Elías parte dunha vivencia persoal, como no caso do titulado “Doña Matilde, a Doutora”, no que nos di:

“Agora téñovos que contar como foi que me deron a min a tunda que me derreou, e a iso vou. Millor dito, a iso veño. Eu tiña pillado unha enfermédá, que agora non hai por que nomear, porque vexo dende eiquí algunhas persoas inocentes, como a sobriña do crego, que inda teñen os ollos fechados.”

Noutros casos, a súa implicación é coa persoa que protagoniza o relato ou mesmo con aquel que ten un papel destacado nalgunha parte del, ben un sobriño, un amigo, un coñecido, ou alguén con quen mantén relación, como acontece en “Un corto de vista”, no que escribe:

“Un amigo teño eu, que é dos tales e a quen lle teñen socedido cousas moi chuscarrandeiras, por non querer confesar que cuasque non ve nada”.

Ás veces fai indicacións xeográficas que enlazan co que nos vai contar a continuación, malia que probablemente non fora certo, ou mesmamente se trate dunha historia narrada por outra persoa e que non se corresponde en realidade con ningunha vivencia de Rodríguez Elías. O seu interese por manter en todo momento o carácter pseudobiográfico dende as prosas do “turreiro” evidencian

ás claras a intención de ofrecer trazos de realidade, en pequenos relatos, que el coñeceu en moi diversas fontes.

Outra das características máis evidentes dos relatos de Rodríguez Elías é a mestura de traxedia e de comedia. En ocasións parte de historias realmente tráxicas, como no caso do relato xa analizado “O lobisome”, ou como acontece en “Un bo cazador”, no que narra a trágica morte doutro dos seus cans a mans dun suposto “experto” nas artes cinexéticas.

En ocasións emprega os seus relatos para acabar facendo burla dun personaxe ou dunha escena, que restan ou eliminan cáseque por completo a parte negativa da historia, criticando asemade algúns dos vicios da sociedade galega da época, tal e como aconteceu co ladrón collido en plena faena, no relato “Preso por persoa de ben”:

Algo semellante acontece no relato “A carne do porco”, no que Rodríguez Elías aproveita para realizar crítica política sobre o “imposto de consumos” tomando como base un texto puramente anecdótico. Ademais, de forma intelixente, reforza as súas ideas axudándose do relato, que serve como exemplo do que acontecía con ese imposto e as “trampas” das que se valían para mercadear cos produtos a máis baixo prezo. O que fai o autor é reflectir a sociedade da época dende diversos puntos de vista, acostumado como cronista a narrar os aspectos sociohistóricos que ía coñecendo.

Nos textos de Rodríguez Elías aparece claramente retratada a sociedade da súa época. Velaquí un dos grandes descubrimentos das súas prosas. Calquera lector que se achegue a “Contos do Turreiro”, por enriba de calquera outra obra deste autor, descubrirá un mundo cheo de personaxes dotados dunha enorme transparencia e verosimilitude. Nese universo humano tamén se representa dunha forma especial o papel da muller na sociedade galega e española de principios do século XX. De forma indirecta, probablemente de xeito casual, Rodríguez Elías describe unha realidade do país naqueles anos, en canto á muller e ao seu papel no conxunto da sociedade. As agresións, tal e como aparecen explícitas no relato “O cariño de Marcelo”, resultarían hoxe en día escandalosas, pero que non tiñan máis que un carácter pseudodramático na Galicia daqueles anos.

“Acabáronse as bormas, e Rosiña e mais Marcelo quedaron casados como Dios manda. E foron tan felices que ó mes dáballes el cada tunda a ela, que si os pais non lla quitan de antre as gadoupas, acaba coa moza antes dun ano.”

Outro tanto acontece cos insultos ou desprecios aos que se ve sometida a muller no relato titulado “Caetaniño”, onde o autor tamén aproveita para criticar as formas e aparencias dun home que pretendía un estatus imposible.

“A parba da muller nin xiquera tiña reparado na falta do meniño. Calistro púxose moi incomodado; encomenzou a berrar con Nemesia, e concruíu decíndolle en castellano, porque a el gustáballe emprear ista lengoa diante de xente. –Tú eres talmente peor que las jallinas, porque siquiera ellas recoguen sus polluelos, y tú non reparaste que te faltaba el higo. E marchou pola romaría adiante en busca do fillo.”

Outra das constantes da narrativa de Rodríguez Elías son as continuas alusións críticas á miseria, como característica da sociedade galega da época. Quizais o mellor exemplo atopámolo no relato “A venganza dos probes”, no que se narra a historia do tío Xan Remeseiro quen, pola súa condición de home soberbio e miserable, acabará fuxindo daqueles que menos tiñan e que tanto humillou para salvar a súa vida.

Para finalizar este capítulo faremos referencia a un aspecto lingüístico que se reflicte nalgúns dos relatos, en liña cunha das características dos falantes da época, como aínda acontece hoxe en día en ben moitas circunstancias, a diglosia, que leva a mal usar a lingua A (castelán) por mor das influencias da lingua B (galego), a usada en xeral pola comunidade orixinaria dos falantes afectados, coa propiedade de lingua de instalación. Xa expuxemos anteriormente a actitude do pai de Caetaniño no relato homónimo. Pois ben, nese mesmo texto, o personaxe exprésase da seguinte maneira:

“–Vaya, érjete de ahí e vamos pra la nuestra casa, que hoy me parece que te voy medire las costelas con el tirapié.”

Outro exemplo igualmente válido constitúeo o relato “Vostede no es mi madre”, onde o autor comeza afirmando:

“Maldito sea o home que renega da súa casta. Aquel que sendo fillo de probes, nega o seu orixe merecía que o emprumasen. O gallego que pretende acultar que é fillo dista rexión tan fermosa, merecía ter nacido antre os monos, porque tan máis semellanza con estes que coas persoas. (...) Nin dubidades tampouco de que hai quen renega de seus pais, porque coída que o avergonzan, cando o que debía avergonzalo era a súa conduta, non o seu orixe.”

Rodríguez Elías emprega este relato para exemplificar un problema social, porque eran moitos os homes que, ao seu regreso de América, magnificaban a súa estadia nesas terras e, malia non traer ningún tipo de beneficio económico, social ou político, renegaban da súa condición, das súas orixes e mesmo dos seus proxenitores, aínda que non puideran evitar que a súa lingua os traizoara:

“¿E ti non coneces a túa nai? ¿Non te arrecordas que sou eu? –¡Vostede que vai a sere! E aguergou poñéndose moi teso: –¿De cuando acá mi madre vendía peje?”

Co extraordinario número de relatos publicados nesta sección, que na súa maior parte se reparten entre *El Tea* e *Vida Gallega*, parece que houbera vocación por parte do noso autor de compoñer un libro publicable por entregas, forma moi característica dos xornais e revistas da época. Esa vocación puido nacer xa durante a primeira etapa en *El Tea*, pero non temos constancia de ningún intento por parte do autor de que así fora.

No que respecta ao noso labor editorial, cómpre indicar que, malia o traballo hemerográfico e bibliográfico realizado, é posible que aínda adoeza de carencias, ben pola interpretación dalgúns relatos, ben polo descoñecemento doutras fontes hemerográficas. É posible, tamén, que non se localizasen todos os números das publicacións nas que, supostamente, se poderían ter atopado outros textos deste autor. Con todo, consideramos que calquera outro posible achado non resultaría significativo, nin por calidade nin por cantidade, para ponderar o valor desta colectánea narrativa.

Criterios de edición

Esta edición dos textos narrativos en galego de Avelino Rodríguez Elías inclúe todos aqueles relatos publicados en *El Tea*, de Ponteareas; *O Tío Marcos d'a Portela*, de Ourense, na época de Prado Lameiro, e *Vida Gallega*, de Vigo, ademais de aparicións ocasionais na prensa da colectividade galega en Bos Aires.

No que respecta aos relatos que se reproduciron nalgunha das publicacións antes referidas, acollémonos en todos os casos ó texto editado inicialmente en *El Tea*. Nas reproducións d'*O Tío Marcos d'a Portela* ou de *Vida Gallega*, os relatos sufriron algunhas modificacións, ás veces, presumiblemente, por iniciativa do propio autor e outras por intervención dos responsables da reprodución.

A orde que establecemos destes textos para a nosa edición obedece única e exclusivamente a un criterio cronolóxico. Neste sentido, cómpre indicar que non se localizaron todos os números correspondentes a *El Tea* e *Vida Gallega*, polo que é posible que falten parte dos moitos que escribiu o noso autor. Con todo, o número de textos presentados é numericamente importante.

As únicas revisións realizadas para esta edición tan só teñen que ver coa grafía e non con outros aspectos de tipo léxico ou gramatical. O único obxectivo desta adaptación gráfica é o de facilitar a lectura, dende a orixinalidade dos textos, a todos os interesados. De tal maneira permanecen erros morfosintácticos, abundantes castelanismos, hiperenxebrismos, coloquialismos ou dialectalismos e, mesmo, aparece representada graficamente a gheada ou o seseo cando así aparecía nos textos das publicacións periódicas. Tamén se regulariza a ortografía, incluído os signos de puntuación.

Resumidamente, indicamos as principais modificacións gráficas:

Faise unha adaptación á marca acentual actual, correspondendo prescindir, fundamentalmente, do acento circunflexo, que é a marca improcedente que aparece con máis frecuencia.

Procédese á eliminación do apóstrofo e realízanse as contraccións correspondentes seguindo a normativa vixente, segundo a publicación de 2003 da Real Academia Galega/Instituto da Lingua Galega. Mantemos a preposición <pra>, así como as contraccións correspondentes coas formas do artigo determinado. Eliminamos todas as formas apostrofadas e, por criterios de unificación, tamén prescindimos das segundas formas do artigo.

Actualízanse graficamente os textos, polo que se rexeitan formas alleas ó galego, como <y>, <k>, <w>, e <z> ante <e, i>. Como temos indicado, corríxese <b/v>, a presenza ou ausencia de <h> e adecuación do uso de maiúsculas.

A pé de páxina, en moi contadas ocasións, aclárasne cuestións referidas a algunha fenomenoloxía ou curiosidade que nos semella salientable.

Biografía de Avelino Rodríguez Elías

O escritor e xornalista Avelino Rodríguez Elías naceu na localidade portuguesa de Afife, en Viana do Castelo, o 21 de xaneiro de 1872. De pais galegos, chegaría a establecer a súa residencia entre 1872 e 1874 en Vigo, segundo nos ten informado Gerardo González Martín, onde desenvolveu fundamentalmente o seu labor como xornalista. Segundo as referencias dun xornal que dirixiu, *Ecos de Vigo*, recibiu a nacionalización española en xaneiro de 1912. Durante a súa etapa de estudante, foi amigo e compañeiro do escultor e artista vigués Alejandro Curty.

Pintor e músico por vocación, repartiu o seu labor de xornalista, traballo que exerceu durante máis de cincuenta anos, entre Vigo e Asunción, capital de Paraguai. Segundo as súas propias palabras “como músico, y en calidad de violinista, formé parte en el año 1888 de un orquesta premiada en Vigo”. Tamén afirma o seu biógrafo máis destacado, Gerardo González Martín¹, que estudou na Escola de Artes e Oficios, onde recibiu o premio ao alumno máis distinguido no curso 1889-1890. Formouse musicalmente con Mariano de Miguel Alonso e Francisco R. Núñez. Tamén foi violinista do Orfeón La Oliva, dirixido por Ramón Castro Vidal. Outra das afeccións foi a pintura, que compartiu co seu irmán Antonio.

Avelino Rodríguez Elías casou con María Míguez Rebolledo o 12 de febreiro de 1899 na Colexiata de Santa María de Vigo. Desta unión naceron oito fillos, aínda que só viviron ata a idade adulta catro deles. Tamén coñecemos os moitos padecementos que sufriu, en concreto a doenza que o mantivo apartado das redaccións en 1920, e as tres intervencións cirúrxicas ás que foi sometido polo doutor Puente Castro en Santiago de Compostela.

Dende un principio, a súa vinculación coa cidade olívica foi extraordinaria, tanto que mereceu o nomeamento de Cronista Oficial. Unha proba disto foi o seu apoio a algunhas das principais iniciativas que se levaron a cabo naqueles anos na cidade, como a construción do estadio de fútbol de Balaídos ou a creación do Museo Municipal Quiñones de León. Sen lugar a dúbidas, Rodríguez Elías foi un dos artífices e protagonistas da historia dunha cidade que medraba e medraba. O noso autor foi dos primeiros bombeiros voluntarios da cidade, ademais de colaborar para a creación da Cruz Vermella en Vigo. Neses anos,

1 González Martín, Gerardo. *Pasión por Vigo*, Instituto de Estudios Vigueses, 2005, Vigo. Páx. 22.

ademais de desenvolver a afección pola música, participou en varias directivas de múltiples sociedades recreativas viguesas, como o Rotary Club. Así mesmo, exerceu como cónsul de Paraguai, cargo que, co tempo, acabaría por lle salvar a vida.

Iniciou o seu traballo como xornalista na redacción de *El Comercio de Vigo*, o 14 de xaneiro de 1894, publicación dirixida por Francisco Carranque. No mesmo ano vinculouse a *La República*, que codirixiu con Augusto Loredó Martínez, onde amosa engordido o seu republicanismo. Da fusión de *La República* e *La Unión Republicana* de Pontevedra, xurdiu *La Unión*, onde tamén colaborou. Posteriormente vinculouse ao diario *La Justicia*. Con todo, como xornalista brillou especialmente na redacción de *Faro de Vigo*, onde ingresou o 22 de outubro de 1904. Compaxinou este labor coas súas colaboracións, a partir de 1908, en *El Tea*, de Ponteareas, onde principiou a súa sección “Contos do Turreiro”, e na destacada revista de sociedade *Vida Gallega*, fundada por Jaime Solá, onde comezou escribindo poesías e rescatando a sección de *El Tea*, “Contos do Turreiro”, unha das principais fontes de documentación deste traballo. Tamén destacou na dirección da revista semanal ilustrada *Ecos de Vigo*, que fundou o 25 de novembro de 1911, ano no que tamén publicaba en *Vigo Marítimo*. Dende 1914 foi correspondente de *O Comercio*, de Porto. Dirixiu a revista *Comercio, Navegación y Pesca*, que saíu a lume en maio de 1921, rebautizada posteriormente como *Puerto de Vigo*, ata a desaparición definitiva en maio de 1923. Ata 1936, ano do seu exilio americano, foi redactor-xefe de *Faro de Vigo*, o xornal local máis prestixioso xa naqueles anos.

En Asunción, cidade do seu exilio, entrou na redacción de *El País*. Con todo, non interrompeu a súa vinculación coa prensa viguesa e, así, dende a década de 1940 continuou escribindo para *Faro de Vigo*, *Hoja del Lunes* e *El Pueblo Gallego*.

Rodríguez Elías chegou a ser concelleiro na corporación viguesa en 1920. Foi aquí onde puido dar pulo a un dos seus principais proxectos: a fundación dun museo para Vigo. A idea xurdiu ao redor do ano 1909 e para ela contaba co apoio do profesor e debuxante Cecilio López da Veiga. A encomenda da redacción do proxecto non se fixo ata 1926 e correu a cargo do propio Rodríguez Elías, que o titulou “Museo de Arte Regional de Vigo”. Dende o ano 1933, o Concello de Vigo dispoñía do Pazo Quiñones de León, pero non se inaugurou finalmente ata o 22 de xullo de 1937, cando o noso autor vivía o seu exilio americano.

Antes da definitiva saída para o exilio foi Cronista Oficial de Vigo, nomeado pola corporación que presidía Adolfo Gregorio Espino en 1926. A pro-

posta foi de monseñor Álvarez Martínez, alcumado “O Reisiño” polas xentes do pobo, nun ano especialmente duro para o xornalista despois do falecemento das dúas fillas máis novas.

Detido en 1936, tras o levantamento do xeneral Franco, pola súa relación co Rotary Club, organización acusada de “masonería”², e pola súa suposta axuda ao Socorro Vermello Internacional, coa incidencia de certas envexas, foi trasladado ao Frontón de Magallanes, un cárcere improvisado na rúa María Berdiales de Vigo, onde permanece ata a súa liberación oito días máis tarde. Unha das primeiras consecuencias deste nefasto suceso foi a baixa en *Faro de Vigo*, tal e como este medio de comunicación anunciaba o 3 de setembro de 1936: “Desde el primero del mes actual dejaron de pertenecer a la Redacción de Faro de Vigo los redactores D. Avelino Rodríguez Elías y D. Manuel Lustres Rivas”. Na posta en liberdade de Rodríguez Elías influíron os contactos de José M^a Perelló, cónsul do Uruguai, quen se puxera en contacto co comandante Felipe Sánchez para que o liberase á maior brevidade posible. Unha vez libre, a familia Rodríguez Miguelez decidiu viaxar a Paraguai, país do que ata entón fora encargado do consulado na cidade olívica. En Asunción entrou na redacción de *El País* e continuou a colaboración coa prensa galega. Malia que tivo ocasións de regresar a Vigo, Rodríguez Elías decidiu permanecer no trasterro ata o seu pasamento. Á súa morte, o 13 de febreiro de 1958, en Asunción, o periódico *El País* publicaba: “Don Avelino Rodríguez Elías, figura patriarcal del periodismo, que desaparece a los 86 años de edad, después de una vida dedicada por entero a las labores de la Prensa”.

Formou parte de diversas institucións de España e Portugal. Pertenceu ao Instituto Histórico do Minho, á Academia de Ciencias de Lisboa e ao Instituto de Coimbra; foi membro correspondente da Real Academia Galega e da Real Academia de Belas Artes de Málaga. Durante os anos de estadía en Paraguai, dedicouse a escribir unha historia da cidade de Vigo, aínda inédita. Segundo os datos que nos ofrecen algúns dos seus biógrafos, Rodríguez Elías estaba a traballar en 1938 no terceiro dos catro tomos de que constaba esta monumental obra. Un dos problemas aos que houbo de enfrontarse, para este traballo, foi a falta dos arquivos persoais cos que contaba na cidade olívica e que non puido trasladar a Asunción, de aí a imprecisión e certos erros cronolóxicos.

Avelino Rodríguez Elías escribiu máis de douscentos contos en lingua galega, a maior parte deles repartidos entre o semanario *El Tea* e a revista *Vida Gallega*; e sobre cen en lingua castelá, así como numerosas composicións poéti-

2 Op. Cit. Páx. 126.

cas, cunha temática e estilo oitocentista, e diversos ensaios. Publicou unha dúzia de obras teatrais nas que desenvolveu a súa vis cómica seguindo o estilo clásico de finais do século XIX. Son salientables os traballos acerca da historia de Vigo, como corresponde ao seu labor de Cronista Oficial. Tamén publicou *Aturuxos, contos, epigramas e cantares en gallego* (Vigo, 1895); o monólogo titulado *Sic transit* (Vigo, 1904); *El saco de la avaricia*, novela breve que apareceu en *Faro de Vigo* (Vigo, 1912); *Cuentos de la tierra* (Vigo, 1913); *La escuadra de plata* (Vigo, 1915); *La reconquista de Vigo en 1809. Juicio crítico e histórico* (Vigo, 1916), onde analiza os acontecementos que se sucederon na cidade olívica, como a loita do pobo contra o invasor francés. Con esta obra quixo implicar aos concidadáns na idea da importancia que tiña a vitoria sobre os franceses, relacionándoa co resto das loitas que se sucederon na Península Ibérica contra estes invasores, quizais outorgándolle unha importancia que poucos historiadores recoñecerían. Con todo, o libro xa fora escrito antes do verán de 1915, pois foi nese ano, o 28 de agosto, cando Rodríguez Elías o presentou aos Xogos Florais de Vigo, presididos por Xoán Barcia Caballero, catedrático da Universidade de Santiago de Compostela, e co que obtivo o primeiro premio outorgado pola sociedade recreativa Tertulia no apartado de “Juicio crítico histórico de la Reconquista de Vigo”. Con esta mesma edición recibiu outro premio, o do Recreo Liceo, por un traballo histórico-crítico do apartado “Romance popular en gallego, con libertad de asunto y metro”. O 13 de marzo de 1910 anunciábase na revista viguesa *Alegría* a inminente publicación.

Tamén foi autor da recensión biográfica *El homenaje a don Antonio Sanjurjo Badía* (Vigo, 1921), onde reflicte a vida e obras deste industrial, personaxe moi coñecido na sociedade viguesa de principios de século, e tamén a faceta humana así como o compromiso social do destacado personaxe. En *La escuadra de Plata*, libro subtitulado “Estudio crítico y documentado sobre los famosos tesoros de los galeones de Rande”, que dividiu en vintedous capítulos, trata dunha temática que foi a súa auténtica obsesión. Á edición deste libro contribuíron algúns dos personaxes máis notables da vida viguesa daqueles anos, como o industrial Eugenio Fadrique, o xornalista Ángel Bernárdez, o doutor José Ramón de Castro, os ex-alcaldes Fernando Conde e Alfredo Pérez Viondi, ou o director da revista *Vida Gallega*, Jaime Solá. Vázquez Gil, tamén cronista da cidade viguesa, chegou a afirmar en 1985, no seu libro *Los tesoros de la ría de Vigo. Aproximación a la historia de los galeones de Rande*, que Rodríguez Elías foi a “persoa que máis datos ofreceu sobre o combate naval” e que acompañou o investigador Manuel Moxó Durán na procura dos tesouros de Rande.

Con todo, foi a partir de 1930 cando os seus traballos xornalísticos sobre Vigo son máis constantes e abondosos, especialmente todos aqueles asinados no

apartado “Efemérides viguesas”, que se publicou en *Faro de Vigo* entre 1932 e 1936.

En galego publicou o poemario *O Cantar dos Cantares* (Madrid, 1922); a recompilación de once obras teatrais, titulada *Obras teatrales galegas* (Vigo, 1930), aínda que algunhas delas xa foran editadas por separado anteriormente; e o estudo *O retabro da capela maior da eirexa colexiata de Baiona* (Santiago de Compostela, 1933).

No exilio aínda publicou *El Museo de Bellas Artes y la Biblioteca Americana “Juansilvano Godoy”* (Asunción, 1940).

Rodríguez Elías destacou como conferenciante. De feito, varias das súas pezas oratorias foron editadas a modo de folletos, tales como “Las antiguas salinas de Galicia y posibilidad de restablecer esta industria”, que fora pronunciada o 28 de outono de 1923 no Recreo Liceo de Vigo. “La Marina de Vigo a través de una veintena de siglos”, que foi pronunciada tamén no Recreo o 25 de novembro de 1924. O primeiro dos folletos saíu nos establecementos tipográficos de *Faro de Vigo*, mentres que o segundo na Tipografía Barrientos. Outras conferencias destacadas foron “El cincuentenario de la Caja de Ahorros de Vigo. El fundador y su obra”, impreso nas tipografías de *Faro de Vigo*, “El abolengo militar de Vigo”, “Cuando Vigo fue capital de provincia” e “Páginas inéditas de Vigo”, esta ditada o 25 de xuño de 1936 nos salóns do Círculo Mercantil. Couceiro Freijomil indica en 1951 que se editou unha terceira conferencia sobre Santa María de Vigo.

No apartado teatral, cómpre salientar a súa obra *O miñado e mais a pomba* que, por mor da falta de capas no libro que se conserva, é difícil de datar, aínda que probablemente se rematase no mesmo ano da súa estrea, o 1909, acontecemento que tivo lugar no desaparecido teatro Rosalía de Castro, de Vigo. Tamén é salientable *San Antón o casamenteiro*, peza estreada na Coruña o 21 de marzo de 1920 polo cadro de declamación das Irmandades da Fala, aquel que se coñeceu como Escola Dramática Galega; esta obra, xunto coas pezas *¿Cásome ou non me caso?* e *O trunfo da muiñeira*, foron editadas conxuntamente no volume *Obras teatrales gallegas*.

O primeiro galardón literario que recibiu Avelino Rodríguez Elías, do que hai nidia constancia, foi o de 1903 en Sevilla, polo seu poema “Canto a la vida”. De seguido, foi galardoado co premio dos Xogos Florais de Cádiz en 1907, polo seu conto “El pino manso”. Ao ano seguinte gañaría o mesmo premio por “El día de la patrona”. Tamén triunfou na súa cidade de adopción, na celebración dos Xogos Florais, co texto histórico “La Reconquista de Vigo” e mais co poema “Historia do peregrino”. Estes premios literarios inauguran unha

xeira que continuaría na súa extensa produción. González Martín evidencia isto cando, en referencia ao premio outorgado pola revista *Suevia Literaria* polo texto “El cantor de la paz”, proclama que *aquel fue, por cierto, el décimo quinto premio literario que el periodista y escritor consiguió en una vida plagada de galardones*³.

Toda a produción anunciada, así como as abondosas contribucións á narrativa galega en forma de pequenos relatos pseudonarrativos a maioría deles, cos que compoñemos a edición deste libro, ademais doutras actividades das que informa o seu máis destacado biógrafo, Gerardo González Martín en *Pasión por Vigo. Vida y Obra del cronista Rodríguez Elías* (2005), dan conta do enorme esforzo que Avelino Rodríguez Elías dedicou á súa auténtica paixón, a escrita, coa temática relacionada con Vigo e, en xeral, con Galicia.

3 Op. Cit. Páx. 240.

Contos do Turreiro

Ó entrar

Este turreiro, queridos leutores, é unha seición que, dende hoxe, haberá nas columna do *Tea*, e que estará ó meu cargo. Feita semellante expiración, di-reivos que ó entrar hoxe no turreiro estiven por prantarme no medio del, botar a man esquerda a detrás da orella do mesmo lado e axeitando ben a moca coa man dreita, berrar con toda a forza dos meus pulmóns:

—¡Ei, carafio! aquí está un home dunha vez... O que lle de un pau, gaña un peso.

Pero isto non me pareceu boa entrada pra quen ten que latricar somanalmente cuns leutores tan amabres, e cambeando de opinión, asónome ben co pano de coloríns que levo na faixa, cuspo unha ou dúas veces polo colmillo, saco respetuosamente a monteira, e digo:

—Siñoras e señores: aquí estou porque cheguei... (*¡Ején!*) E cheguei pra botar con vostede un palique todas as somanas... (*¡Ején!*... *¡Ején!*). Se me poñen atención contareilles cousas moi curiosas e moi pándegas... Falarei de cregos e caciques, de mozas e mozos, de mulleres casadas por diante ou por detrás da airexa, e de homes pra quen todo o monte é ourégano, de todo, en fin canto hai por estas parroquias que mereza a pena de ser contado. (*¡Ején!*... *¡Ején!*)

As marañas dos políticos que nos derrean, as venganzas dos caciques que nos tollen e as malas artes de todos cantos mallan enriba dos petrucios e lle xugan a pouca sangue que xa lles queda nas veas, serán nesta seución sacadas á vergonza pública, non pra que os malos se enmenden e pra que os bons perseveren, que era a intención con que Nakens¹ axuntaba aquel famoso *Ramillete de flores místicas* do antigo *Motín*; senón pra que os pobres que son vítimas de todas as calamidás do autual estado de cousas, vaian criando coraxe pra cumprir ó pé da letra aquilo de “dente por dente e uña por uña” cando chegue o prúsimo día da xusticia que a todos como pra min vos deseeo.

E ó acabar este descurso, bótolle, a modo de amén, un aturuxo ben botado, limpo o suor que me corre pola testa e retírome citándovos a todos para de aquí a unha somana, neste mesmo *Turreiro*.

Chuco de Canedo

1 Fai referencia a José Nakens, xornalista republicano, editor do semanario satírico *El Motín*.

Vivas e morras

¡Ei, rapaces e rapazas! ¡Ei, homes de todas as crases e mulleres de todas as condicións! ¡Acudide todos á veira de min! ¡Vinde pra o meu redor, anque traiades as mans porcas de andar co estrume no campo, ou de andar furgando no petitorio das ánemas! ¡Correde, mulleres de ben e amas de crego!...

¿Quen é ese que dende enriba daquela pedra pregunta a que ven toda esta rebumbia?...

O xuez de pas... Pro ¿vostede non se enterou do que dixeran fai hoxe oito días?... ¡Craro! Acostumado a escoitar soitamente o que lle manda o cacique, o demais nin xiquera lle entra polas porcas orellas.

Pois isto ven a que hoxe empezo a contar as cousas que anunciei fai hoxe mesmo oito días. Con que estexa moi calado, coma cando se alcontra tembrando diante do deputado, e escoite, coma escoitan os demais.

Hai uns dous anos, cando Canalexas fixo coma que quería faguer un migo de pulítica liberal, coa entención de todos os do seu oficio, ou sexa a de enganar o país, armouse entre a xente da igrexa unha barafunda de trinta mil demouros.

O que máis e o que menos berrou coma se lle arrincaran o estógeno ou se lle bilraran a candonga. E por último armaron unhas andrómenas, que chamaron manifestacións católicas a estes ou aqueles santuarios.

Os de certo povo que eu conezo, furon a unha ermida que está enriba dun monte, e cando iban pra aló, pasaron por diante da casa onde vivía un certo veciño que era tido por un demo dos infernos, porque lía o *Tea*, tiña na sala un retrato de Ruiz Zorrilla e lle non bicaba a man ó crego.

E coma se tiveran medo de que aquel home lles agriase a esmorga, encomenzaron a berrar todos a unha, dando vivas a Dios, á Virxen, á Relixión, ó Papa-Rei e mais a D. Xaime de Borbón.

O tal veciño estaba na cociña ferrando unhas tamancas, e cando ouviu aquel ruído que mesmo aturdía, correu prá porta da casa a ver que era o que pasaba.

Estivo un pouco de tempo oíndo aquel berrar sin fin, hastra que cansouse e quixo tamén botar o seu viva.

E poñéndose nas puntas dos pés, berrou con toda a forza dos seus pulmóns:

—¡Viva...!

Non o deixaron concruír, porque coidando que iba ceibar un viva ó demo, ó inferno, á república ¡ou a Canalexas! Contestáronlle todiños a oito:

—¡¡Morraaaaa!!

Riuse o bon petrucio, e os manifestantes viron naquela risa, a risa de Satanás, que se bulraba deles.

—¡Viva...! —volveu a berrar el.

—¡Morraaaaa!! —tornáronlle a contestar, sin deixalo seguir adiante no seu viva.

A cousa repetiuse unha vez máis, e estonces el encolleuse de costas, meteuse pra dentro, fechou a porta e dixo prós seus botóns.

—¡Bo ir pró... atallo!

¿E queredes saber que era o que el quería decir cando lle non deixaban conculir os vivas? ¿Coidades que era unha herexía?... Pois non vos era outra cousa que isto:

—¡Viva Dios!

Chuco de Canedo

A pastilla de xabón

¡Ai, meus amiguiños da ialma! ¡Ai, meus amados oientes do corazón! Véñovos hoxe derreado, e non sei se poderei cumprir o compromiso que con vosoutros contraín de contarvos somanalmente unha cousa pavera.

Veño derreado, e non de traballar, que ben o sabe Dios, e en boa hora o diga, que o traballo é cousa que me non fai dano, porque niso, eu sonvos un fiel imitador do noso abade, do cacique e máis doutros tales. Traballar, xa sabedes que non traballan, pero eles engordan, runfan e nunca lles falta unha peseta no bolso. Pois ben, eu dediqueime a imitar tan bos exemplares, e xa vedes que estou gordo, levo roupiña limpa, gasto pañuelo pra limpala trompa, e na vida me falta un par de patacóns no chaleque.

Outro día vos darei a receta... ¡Home! A propósito de recetas, vovos contar unha pequena cousa, si estes maldizoados delores me deixan. ¿Perguntádesme de que son estes delores?... ¡Dos ósos, babións, dos ósos! ¿Non vos dixen que veño derreado? Metinme na man dunha certa doutora, pra que me curara un certo mal que collín en certo sitio, facendo unha certa visita, e mallou neste corpiño que Dios me deu, como se fora en trigo na eira de miña tía.

Se non estivera tan delorido, contábvos hoxe como foi, pero teño que acabar pronto, prairme meter na cama, e outra vez vos direi o que me pasou.

Por hoxe e pra que non marchedes coas orellas valdeiras, vovos contar, como antes vos dixen, un conto dunha receta.

Hai en certo pobo un médeco que ten sona de sere tan bo ciruxán como home de boas saídas.

Un viciño seu, que andaba facía moitos días cuns picores insoportables por todo o corpo, foi consultarse con el e díxolle que estaba farto de se rañare e que canto máis se rañaba, máis o picor lle facía perder a pacencia.

Fíxolle o médeco amosstrar un brazo, e quedou pampo co que viu: o enfermo non se tiña lavado nunca, dendes que unha vez, de pequeno, caíra na presa dun muíño.

Era tan espesa a roña que levaba enriba, que en ningures se lle vía o coiro. Aquilo parecía o pelexo dun hipopótamo.

O médeco, vendo que a cousa dos picores era aquela suciedá, recetoulle unha pastilla de xabón de brea e mandouno que a fose comprar á botica dun amigo seu.

Coa receta, deulle unha carta pró boticario na que lle encargaba que lle cobrara ben cobrada a pastilla de xabón, por curricho.

E ó *enfermo* díxolle que con aquil xabón untara todo o corpo e que logo se lavara con moita auga.

Marchou o da roña e de alí a oito días tornou á casa do médeco.

—¡Ai, D. Manoel da miña ialma —díxolle— que mai tan ruín eu lle tiña neste corpiño! Así que escomencei a untarme coa pastilla aquela e a lavarme con auga fresca, empezou a sairme de enriba unha cousa coma escamas de peixe. E conforme caían as escamas, deixábame de picar. Non, por iso, que doenzas tan ruíns lle hai polo mundo adiante. Dios lle pague cen veces o ben que me fixo. ¡Talmente foi mau de santo!

E o home marchou tan convencido de que tiña ceibado escamas de peixe, cando o que lle caíra non fora outra cousa que morriña.

E agora, hastra o sábado que ven, que si estou millor desta tunda, heivos de contar como a levei na casa da doutora que me curou.

Chuco de Canedo

Doña Matilde, a Doutora

Xa sabedes, meus nunca ben amados oientes, que a semana pasada, marchei do turreiro derreadiño de todo. A cousa non vos era pra menos. Acababa de levar unha tunda que nin a que levou Mingos do Cocho cando foi que o alcontrou a Santa Compañía na congostra de Canido¹.

Anque din que non foi a Estadea quen mallou nel, senón o home dunha muller a quen Mingos lle andaba recortando unha saia. Pero estas non son cousas que veñan agora a conto, que se foi certo o da saia e mais o da tunda do marido, eu hei de avrigualo, se me cadra, e xa volo contarei outro día.

Agora téñovos que contar como foi que me deron a min a tunda que me derreou, e a iso vou. Millor dito, a iso veño.

Eu tiña pillado unha enfermidade, que agora non hai por que nomear, porque vexo dende eiquí algunhas persoas inocentes, coma a sobriña do crego, que inda teñen os ollos fechados.

A tal enfermidade traíame adoecido. Eu andábvos sin migallo de sombra, porque na miña aldea non había ningún ciruxán que entenderá daquilo.

Mais pola miña sorte (que logo foi disgracia) caeume nas mans un papeliño amarelo, cunhas letiriñas longas e estreitas, talmente coma o maistro de escola cando leva tres ou catro anos sin cobrar, que é sempre.

Tanto lin e relein o tal papeliño, que cuasque o deprendín de memoria.

Decía isto, pouco máis ou menos:

“Aviso al público. –Todas as personas que teñan enfermidades estrambólicas (isto de estrambólicas fíxome pensar moito) e queiran saber lo que les pasa, non magoando la moral, vaian onda Doña Matilde (os apellidos non poden lellos, porque lles caíra enriba un pouco de estrume) que ten dado muchas probas (non decía de que) en enfermidades incurabres, tanto de chagas como trabadelas de can danado (o can que a min me morderá, fora o de San Roque).

Ten feito curas maravillosas en París, Santa Cristina de Cabral², Porriño, Canedo, Guillade³, Tetuán e outras capitales europeas.

A unha muller de Cequeliños, que levaba vintecatro meses doente, curouna tan ben, que en dous días mandouna pra a cova.

Doña Matilde é unha señora especialista pola Universidad de Mourentán⁴.”

1 Fai referencia a un lugar da parroquia de San Miguel de Oia, no concello de Vigo.

2 Fai referencia á parroquia do concello de Vigo.

3 Parroquia do concello de Ponteareas.

4 Parroquia do concello de Arbo, na provincia de Pontevedra.

Xa non quixen saber máis. Corríñ pra a casa de Doña Matilde, pra que me curara a trabadela de amaldizoado canciño; conteille o que me pasaba, e ela díxome axiña:

—Iso non é nada, meu neno. Con vintecinco pesos e un ferrado de millo, déixote eu millor que se te fixeran de novo.

—¿E teño que amosarlle a trabadela? —pergunteille eu.

—Home, non é perciso. Mais asustar non che me había de asustar, porque nos anos que leve *eguerciendo la Melecina*, teño visto moito e bo.

—¿E a cura vai ser de uso interno, ou esterno?

—A túa ten que ser das dúas maneiras.

—¿E cando vai ser?

—Ai, meu filliño, agora estouche moi acupada cunha moza que pisou unha mala herba, e pillou unha infeución, que ten o menos pra nove meses.

—¿E que lle vai faguer?

—¡Home, que parvo eres! Pois cortarlle a aireada, pra que o mal non siga adiante.

—E logo ¿cando me cura a min?

—Mañán. Mais xa sabes que os cartiños e o millo, por diante ¿eh?

—Descoide.

Volvín no outro día, cos vintecinco pesos e o ferrado de gran, e antes eu quebrara unha perna, que entrar naquela casa.

Tan pronto coma Doña Matilde viu que estaban compretas as 125 pesetas e cabal o ferrado de millo, chamou por dous homes... ¿Que homes? Dous demos do inferno, polo que logo conmigo fixeron.

Amarrárome a un tallo de madeira e mentras un deles me mallaba o corpo cuns ramallos de hervas santas, pero máis duras que as correas con que azoutaron a Noso Señor, o outro, cun funil de follalata faciame engullir unha cousa negra, negra e moi amarga, que debía de estar feita con auga podre, tinta de esquirbir, ferruxa da cocíña, arsénico e anacos de zapato vello.

Mentras aqueles verdugos me trataban de aquel xeito tan ruín, Doña Matilde, arrodillada nun rincón, cun rosario de noces, castañas e ovos de cóbrega, rezaba unhas oracións moi extrañas, nas que me pareceu que invocaba ó demo negro, ó demo branco, ó lobisome e mais á nai dos lobos.

Eu quería berrar e non podía, porque o do funil, non me deixaba nin un segundo a boca libre.

Por fin, cando viron que se me acababa a vida, deixáronme, e antre os dous verdugos, puxéronme na porta da rúa, mentras Doña Matilde decía dende dentro.

Anda, meu filliño, que xa vas bo. Entón, sacando forzas de onde non as tiña encomencei a berrar:

—¡A de Dios e del Rey que me matan!

Pero foi coma se cantara un carro.

Un home que pasou por alí, así que me oíu berrar, botouse a rir, e dixo:

—Boeno, boeno: a ti curoute Doña Matilde.

Comprendín que enriba da tunda, inda se iban a rir de min todos cantos me oirán, e calei.

E xa sabedes, meus queridos irmáns, como foi que levei a tunda de que vos falei a somana pasada.

Xa sei que vades perguntar se non hai subdelegado de Medicina que meta no Xuzgado a Doña Matilde.

¡Boeno, boeno! Iso non se estila por estas terras.

E menos mal se o enxuicido non son eu por contarvos o que vos contei.

Chuco de Canedo

¡Vou de presa!

Si, meus queridos compañeiros; vouvos de moita présa enteírame dunha hecatombe pétrea que uns meniños fixeron nun lugar que chaman santo, e non me podo parar moito.

O meu palique ha de ser hoxe moi curto; pero pormétovos que outra vez vos dedicarei o tempo que hoxe vos roube.

E vouvos contar, pra acabar axiña e largarme, unha conversa que acabo de oír agora mesmo naquela congostra.

Pasaba eu por alí, e alcontreime a Manoela de Chián de parola con Roque de Ramuxe.

Ela derretíase toda coas palabras de mel que Roque lle metía polas orellas.

Nisto orneou perto de alí un burro, e o rapaz que é moi burlista, díxolle á moza:

—Olla como te chama teu primo.

—Meu primo non é —contestou ela algo enfurruñada. —En todo caso será teu.

—Non, meu non o é.

—Pois meu tampouco.

—¿De veras non é teu primo?

—Xa che dixen que non, demouro.

—¿E non tes outro parentesco con el?

—¡Arrenégote...! ¿Que parentesco hei de ter eu con ese burro?

—Pois mira, Manoeliña; se non tes parentesco con el, podédesvos casar.

Eu coidei, cando oín tal cousa, que reventaba coa risa.

Chuco de Canedo

Santos mártires

Inda se me arrepián as carnes soilo de pensar o que fixeron uns meniños en certo Campo Santo que todos conecemos.

Xa vos dixen a somana derradeira, que iba ver os estrozos feitos. Pero, meus amiguiños, nunca vos coidei que a cousa tivera a importancia que vos ti-vo.

¡Válame o Santo Cristo de Canedo e que bos ciruxanos vos son os tales meniños! Así si que se pode decir que non quedou títere con cabeza.

Mais abonda xa de preámbulo, e vamos ó millo.

Como vos decía, fun ver o que tiña pasado, e cheguei tan a punto, que escoitei esta conversa antre os santos de pedra que naquel lugar son remate dos panteóns e siñalan a especial devoción do dono de cada un daqueles.

—¡Ai, ai, ai! —decía un San Antonio —¡Malpocadiño de min!

—¿Que lle pasa, veciño? —perguntáballe outro santo a quen lle faltaban todos os atributos, razón pola cal non poden saber que santo era.

—¿Que quer que me pase? ¿Entón vostede non ve o que aqueles rillotes fixeron comigo?

Non vexo, non. Arrepare que a min deixáronme ceguiño de dúas pedradas tan certas, que si Dios non lles torce a puntería, moito me temo que non quede cousa san por onde eles pasen.

—Logo entón ¿tamén vostede foi vítima da *pedraza*?

—Tamén, si, señor. Mais, dígame: ¿Que foi o que lle fixeron a vostede pra se queixar do xeito que se queixaba?

—Fixéronme... ¡Ai que delor de corpo e de ialma me dá!... Fixéronme unha mala partida. Arricáronme as dúas mans, que este é o delor de corpo que teño, e barréronme o Neno, e este o delor de ialma. ¿Quer vostede máis mala partida?

—Partidos se vexan eles polo eixo —contestou dende un pouco lonxe outro santo.

Ollou San Antonio pra el, e seica por estar tan delorido, non desatou a rir. A cousa non era pra menos.

As pedradas dos rillotes tiñanlle quedado o nariz e arrincado unha orella ó santo que acababa de meter baza na conversa.

—Si, home, si —contestoulle San Antonio —que a vostede tamén o deixaron guapo.

—Era cousa de chamar a un fotógrafo pra que lle sacara o retrato. ¡Cousa máis pavera, na miña vida cha vin! —dixo a isto unha voz que saía de perto dun rincón.

—¡Craro! —repicou algo enfurruñado o da nariz quebrada —Vostede pódese bulrar, xa que tivo a sorte de que as pedradas non chegaran aí.

—Por algo fun quen bautizou a Cristo.

—¡Boeno, boeno! Gracias a uns frades de Canedo que pasaron a tempo e estornaron os rapaces...

—Fora polo que fora, o caso é que eu quedei san, mentras que vostedes... ¡ja, ja, ja!... ¡coma os puxeron!

Nisto oíuse unha voz moi rara, que decía:

—Xa que tivo a sorte de quedar san, cálese o mozo, e non cometa o pecado mortal de rirse da disgracia allea.

—¿Quen é o que fala? Perguntaron todos, espantados do ton da voz aquela.

—Son eu.

—Pero ¿quen é vostede?

—San Diego.

—¿Con esa voz?

—Coa que me deixaron. ¿Non ven que os maldizoados rapaces bárrenme a cabeza? E sin ela ¿con que hei de falar senón coa boca do estógeno?

—¡Malpocadiño! —dixeron todos esquencendo os seus propios delores, pra compadecerse do decapitado.

—Siquera nosoutros —agregou un San Ramón a quen lle esnaquizaran os vestidos —inda temos onde poñer a coroa; pero vostede nin iso.

—¿Coroas? —repicou San Antonio— Estache o tempo bo pra elas. ¿Entón vostede non ve o camino que levan? Na miña terra barréronlla da cabeza a Manoliño II, e aquí nin as nosas están seguras.

—Son sinais dos tempos —díxenlles eu dende onde escoitaba o palique.

Ollaron pra min os que podían e houbo un deles que me perguntou algo enfadado:

—¿E ti que sabes?

—¿Eu que sei?... Pois sei iso e moito máis. Por exemplo, sei que non ha de haber castigo prós rillotes que fixeron con vostedes esta escachifleira; sei que seus pais riron moito coa borma dos anxeliños, e sei que os donos dos panteóns han de reparar á súa conta o mal que os pequenos fixeron.

Que esta, meus amiguiños, évos a xusticia que mandan facer nesta terra de bendición.

¡E logo inda din que Dios nos libre de que trunfen os republicanos!

¡Craro! ¿Que iba ser entón dos que tales cousas consinten?

Chuco de Canedo

Letra de médico

Non sei se vosoutros saberedes que eu, aló nos tempos da miña infancia, fun aprendiz de mancebo de botica, coma entón se chamaban, que agora chámanlles dependentes de farmacia.

A verdá é que, naquel tempo, os mancebos faguían todo canto recetaban os médicos, e hastra curaban certas doenzas de home e muller.

Agora, como todo se volven esas purrelas que lle din específicos, o oficio non pode sere máis fácil.

Boeno, pois se non sabíades que eu tiña sido aprendiz de mancebo de botica, xa o sabedes. E xa que o sabedes, vouvos contar unha cousa na botica onde eu deprendía.

O boticario estaba casado de novo, e coma tiña moito que faguer na súa casa, paraba pouco na botica. Así é que cuasque sempre estabamos soilos o mancebo e mais eu.

Un día chegou alí unha muller, que se lle poñen unha man na boca, estoupa. Viña dendes de alí unha légoa, correndo coma un cabalo, pra que lle despacháramos axiña unha receta.

A cousa, polo visto, era seria.

Colleu o mancebo o papeliño, encomenzou a ollar pra el, sin poder entender unha soila letra, e ó cabo de dous minutos viu onda min e díxome.

—Toma, Chuco. A ver se ti eres capaz de entender o que di esta receta, porque eu non entendo ni unha letra.

¿Letras? ¡Si aquilo non eran letras! Coidado que a letra dos médecos é mala; mais o que é aquela, gañáballe a todas cantas tiñamos visto.

Eu farteime de ollar tamén pra a receta, e ¡nada! cada vez parecíame que aqueles garabatos sin ton nin orden, tiñan menos xeito de letras.

O caso era serio, porque o boticario estaba, como de cote, na súa casa, e non era cousa de ir a interrumpilo nos seus traballos; a muller apurábanos pra que lle despacháramos axiña a receta, e nosoutros non queríamos decir que non entendíamos a letra do médico, porque entón ¡adiós ó creto da nosa botica!

Era perciso resolver, e dimpois de celebrar consello o mancebo e mais eu, fixemos o seguinte. Eu quedeime na rebotica, lavando a botella que a muller tiña traído pra levar a meiciña (e que, por certo, fedíavos a anís, e tumbaba) e o mancebo púxose a falar coa tal muller, pra ver se coa parola sacaba algo en limpo.

—¡Vaia, muller, vaia! —díxolle.

—¿Conque entón a cousa é de veras?

—Si, señor —contestou a parroquiana. —Pro despácheme logo, se non, vou chegar tarde.

—Xa están porparando a meiciña. E dígame, ¿e pra home ou muller?

—Pra unha muller.

—¿E que ten?

—Uns delores de ventre, que mesmo se morre.

—¿E de que lle viñeron?

—Non sei que raio comeu, que lle fixo mal.

—¿E o médico que dixo?

—Que viñeran buscar iso, e que llo deran nun verbo, a ver se bota fóra o que tanto mal lle está faguendo.

—¿E quen foi o médico?

—Don Fulano de Tal.

—Ese tiña que ser.

—¿Como di?

—Nada, nada; que xa vai o xarabe.

Viu correndo onda min e díxome:

—Xa sabemos o que hai que despachar: é un purgante.

—Un purgante, si —contesteille eu, que tiña escoitado toda a conversa,— mais o que non sabemos é que clas de purgante ha de sere.

—Non fagas caso; dámoslle calquera. Unha pouca de auga con sucre.

—É verdá, que iso non lle pode faguer mal.

Dito e feito. Mediamos a botella de auga fresca, botámoslle sucre dabondo, puxémoslle na etiqueta uns borranchos parecidos ós da receta, e despachamos a muller cobrándolle unha peseta pola meiciña.

—Dios te vexa ir —díxémoslle eisí que a vimos fóra da porta.

De alí a catro ou cinco meses, apareceunos por alí a muller da receta con outra un pouco máis crara, e lembrándonos do caso, preguntámoslle:

—Diga, miña santa: ¿aquela meiciña que levou fai tanto tempo, pra unha muller que tiña un cólico, fixo efeuto?

—¿E non había de faguer? Foi talmente coma man de santo. O mesmo foi tomala, como encomenzar a botar daquel corpiño, por enriba, por embaixo, por diante e por detrás, todo canto mal tiña dentro. ¡Aquilo éralle un río!

—La boena fê te salve —dixemos polo baixo o mancebo e mais eu.

Chuco de Canedo

Vicios porcos

Ten razón a miña veciña tía Sabela: hai vicios moi porcos. Un deles é o de tomar a mañán, ou sexa o de desaunarse cunha copa ou dúas de augardente. Quezaís un vaso de leite fixera millor porveito, pero hai quen perfire beber unha copa de alcohol dese que fan agora de todas cantas porquerías hai, ou un pouco de pedra alumbre, que tendeiros desconcenciados fan pasar por caña da mesma Habana.

¿Queredes vicio máis porco?

Por iso digo que ten moitísima razón a tía Sabela.

Porque, ademais, ela sábeo por experiencia propia.

Eu son testigo diso.

Nontronte pola mañán entrei eu na tenda do Derreado, a mercar unha caixa de mixtos, e entretíveme alí máis do que pensaba, porque o tendeiro empezoume a contar unha cousa moi pavera que lle tiña pasado coa cirada.

Ó noso lado estaban tomando a mañán dous labregos que viñan de regar os campos.

Cada un deles tiña diante un vaso da cuarterón, con augardente ou cousa que se lle asemellaba e da que iban bebendo pouco a pouco, mentras falaban das súas cousas.

Nisto entrou a tía Sabela, e dimpois de dar os bons días e perguntar con moito enterés pola saúde de cada un de nós, díxolle o Derreado:

—Dígame, señor Antón (que ese é o nome de pila do tendeiro) ¿que cousa é esa que están tomando aqueles homes?

E sinalou prós vasos de onde bebían os labregos.

—E augardente. —contestoulle o Derreado.

—¿E pra que toman iso?

—Pra matar o bicho, ou sexa desaunarse.

—Pois bóteme a min un pouco, pra ver como é.

O tendeiro colleu dunha fonte que tiña no mostrador, un vaso da medio neto, encheuno de augardente e púxoio diante da tía Sabela.

—Vamos a ver que é isto —dixo a vella.

E dun soilo trago, botou a baixo o medio neto de augardente.

Eisí que acabou, fíxolle un par de caretas, e dixo toda harrepiada.

—¡Puff!... ¡Que vicios tan porcos!... Non sei como os homes beben isto.

E saíu pouco menos que santiguándose, dimpois de pagar.

—Tamén vostede —díxenlle eu o Derreado —foille botar nada menos que medio neto. Non sei como non estoupou.

Home non seas parvo —contestoume o tendeiro. —Ela é capaz de beber iso e moito máis.

- ¿Entón por que fixo todas aquelas estremonías?
- Porque había xente diante, que si non...
- Si non ¿que?
- Bebía un neto.
- ¡Arrenego!... Pois ten razón cando di que hai vicios moi porcos.

Chuco de Canedo

Unha ollada de amor

Ben facedes, vosoutros amigos e compañeiros, os que saídes da aldea pra nada. Eiquí poderavos haber trapalladas sin conto, aldraxes sin fin do cacique, malas olladas de veciñas con pauto co demo, envexas e cobizas... mais todo con moita honradez; todo moi dereito.

En cámbio na vila, todo vos é mentira, todo vos son enganados.

Eu xa sabedes que vou poucas veces ó povo, porque sempre que fun, saín enganado, que non parece senón que alí están agoardando que apareza un aldeán, pra bulrarse del, enganalo e facerlle, en fin, toda cras de malas pasadas.

Mais o que é de hoxe en diante, inda hei de ir menos, porque o engano de que fun vítima a última vez que aló estiven, é daqueles que deixan teso ó mozo de máis correa.

Veredes. Eu tiña que arregrar un asunto no Xuzgado, con motivo de unha leira que me pertence, dendes que o dono dela non me pagou cinco pesos, e os rédetos, que lle din enriba dela. É verdá que a leira vale o menos dous mil réis, pero os tratos son tratos e estas cousas hai que levalas con moita formalidá e honradés.

Como vos decía, tiña que arregrar iso no Xuzgado, e dimpois de que falei alí co meu percurador e untei algunha que outra roda, pra que o carro andivera ben e sin chilar, funme xantar á fonda. O negocio da leira ben daba pra aquilo. A mais, que a min nunca me gustou, cando vou á vila, meterme nunha taberna, onde soilo hai feirantes; e eu, anque aldeán... En fin, que inda vos hai crases.

Estaba eu xantando, e no instante que metía na boca unha pouca de melruza fresquiña, que debía de ter sido pescada oito ou quince días antes, deume a gana de ollar pra a rúa.

Habedes de sabere que aquela fonda, que é a que lle chaman La Americana, ten abaixo un comedor e outro enriba, no primeiro piso, onde comen os hóspedes fixos, coma dous cregos que alí están, e outras persoas decentes. Os demais, comen abaixo.

Alí estaba eu, de maneira que ó mirar pra a rúa, vía todo canto nela pasaba.

E vin cando, coma xa vos dixen, metía na boca un pouco de melruza, que na acera de enfrente unha moza, tipo de criada do máis refinado e espelido, moi prantada, facía señas pra a fonda.

—¿Por quen será? —pregunteille ó meu chaleque.

Fixeime un pouco máis e pareceume que aquelas señas eran pra min.

Eu non a conecía. ¿Por que me faría aquilo? A boca entraberta, as meixelas un migallo páledas, os ollos fixos e saltóns e o peito subindo e baixando apresado, denotaban nela unha certa ansia, uns certos desexos.

Non cabía duda; aquela moza estaba ferida de amores, e si era por min, eu debía correr pra onda ela, a calmarlle aquel fogo interior que a derretía.

Canto máis ollaba pra ela, máis me parecía que se morría por min.

Sin concruír de comer, porque o estado da rapariga non ademetía espera, paguei, saín pra a rúa e pranteime ó lado dela.

—Aquí estou xa, miña carrapucheiriña —díxenlle todo amoroso.

—¿E a min que me conta? —contestoume toda enrabeçada.

—¿Pero ti, meu ánxel non estabas agoardando por min?

—¡Por vostede!... Home, vaia ladrar a un palleiro.

E marchouse deixándome prantado.

Pro antes de marchar, votou unha ollada, longa, moi longa e moi amorosa e agarimadora, pro primeiro piso da fonda.

Eu ollei tamén pra alí, e non vía máis que dous cregos no balcón, que me pareceu que se rían do meu engano.

¿Pra quen sería aquela ollada de amor?

Chuco de Canedo

A palleta

Causa pena e delor profundo o ver como se adulteran todas as cousas de Galicia.

E pra convencernos disto non tendes máis que ollar pra alí, pra onde está o gaiteiro. ¿Non o vedes acompañarse dun bombo que nunca foi cousa galega?

Pois inda hai máis que iso. Hai quen, por se o bombo era pouco, lle aña-de un crarinete ou un requinto.

E a propósito disto, vouvos contar unha cousa que pasou e da que eu fun testigo na romaría de Mouriscados.

Había alí un gaiteiro, con ese acompañamento nada enxebre, e o que tocaba o requinto, facía tantas estremonías, que era cousa de esmendrellarse de risa ollar pra el.

Cada vez que tomaba alento, erguía os lombos de tal maneira, afundía os ollos de tal xeito, e metía tanto os cachetes da cara, que mesmo parecía, que non o requinto, se non a festa toda iba a engolir.

A xente, quer decir os que non beilaban, ollaban pra el e rían canto podían, pro como se non. O múseco, sen faguer caso, das risas, seguía soprando no requinto e tomando alento con todos aqueles xestos, coma se tivera presa por acabar pronto.

Antre os que o contemplaban, achábase Xermán da Corredoira, que tiña vido aqueles días de América, onde fixera uns cartiños e adeprendera a vestirse un pouco decente, porque nin iso sabía cando fora pra alá.

Estaba o tal Xermán arrodeado de mozos que se asombraban de canto el faguía ou decía. E querendo deixalos inda máis asombrados do que os tiña, foise meter co home do requinto.

Acababa este de concurir de tocar os porcallóns dos “cuplés” da “Corte de Faraón”, (porque iso de muiñeiras e ribeiranas, xa cuasque non se estila en Galicia), e limpiaba o cuspe que saía polo requinto, cando se lle acercou Xermán, e díxolle;

—Ei, amijo: parece que es una mijalla forte el estrumiento, ¿no?

Ollou pra el o do requinto, seguiu limpando o chisme, e contestou ó cabo de medio minuto:

—Hai que tocalo, pra saber como é.

—¿E a vostede nunca le cadró –insistiu Xermán– trajarse la palleta del estrumiento?

Desta ves inda foi máis profunda a ollada que lle votou o múseco.

—Algúnhas veces –contestou o fin.

—¿E vostede que es lo que hiace cuando le socede iso?
—Pois... agúardoas á saída.

Chuco de Canedo

A redención é santa

Entón, meus amiguiños; ¿que vos pareceu o mitin que hubo o domingo pasado en Nogueira¹?

Aquilo é falar, e o demais son contos.

Dimpois daquel mitin que se fixo na pirmaveira en Leirado, non me lembro de ter pasado tan ben unha tarde, coma a que pasei o domingo ouvindo o que decían Xusé Esteves, que é dos nosos; quero decir, petrucio coma nós; Manoel Troncoso, que é un bo rapaz de Pontareas; Pepe de Eirol, en esquirtor que, dende o eido, di verdades coma puños, e Don Amado, o loitador incansable, que pra saber canto vale, non hai máis que ver como lle ladran dende lonxe, sin astreverse a vir onda é, dous ou tres cadeliños faldreiros.

¿Que, asombrádevos de que tamén os nosos vaian falar a eses autos? ¿E logo?

O que fala é porque ten algo que decir; e pra contalo que nos pasa a nosoutros os petrucios, pra decir cantas son as nosas miserias e os nosos traballións, ¿quen millor que nosoutros mesmos?

Por iso faláron Estévez, e Troncoso e Prieto o de Teis.

Os outros... Iso xa vos é fariña doutro fol. D. Amado é a voz autorizada do apóstol, do libertador, e Pepe de Eirol, a do que anda fuchicando neste “cuchizo ambiente”, pra alcontrar nel a verdá.

¿E que me decides de Espiño, Goy e Quintas? ¿Coidado que apertaron os condenados! Gracias a Dios temos unha boa axuda co estes homes: coma as tundas que eiquí den os caciques traian o resoltado que en Lavadores² xa os que nos comen o sudor poden ir buscando mellor traballo.

Quen máis quen menos, todos eles dixeron cousas que non debemos esquencer. Sobre todo e por enriba de todo, aquilo de que debemos axuntarnos, pra ser fortes.

Un home soilo, pró cacique val pouco ou non val nada. Dous, xa comenzan a valer algo. Vinte, son unha forza respetable. Un cento, son invencibles.

Pois iso vos é unha sociedade de agricultores: unha forza invencible; un penedo no medio dun campo, contra o cal non poden nada os seixos que lle poidan tirar os nenos, nin os ventos que veñan do monte.

E non coidades que hai nada de pecado en ouvir porpagandas tan do noso agardo; porque ás veces acurre que o que gusta nos ouvidos, magoa o corazón. Nada diso. A porpaganda de redención agraria é santa, porque é libertadora e porque tamén a pradicán os cregos.

1 Parroquia do concello de Pontareas.

2 Concello independente ata 1941, ano en que se uniu ao de Vigo.

¿Que fai, senón, o crego de Boiro, o bizarro D. Basilio Álvarez, senón pradicar a redención dos ilotas, dos escravos do campo?

E D. Basilio fai iso, porque Xesucristo, de quen é ministro e representante na terra, también pradidou doutrinas de redención.

¿Haberá, pois, nada máis santo, nada máis bo pró corpo e pra a ialma que axuntarse pra millor redimirse da praga dos caciques grandes e pequenos?

Eu estimo moito, meus amiguiños, que fórades ó mitin de Nogueira. E máis estimarei se vos vexo a todos, sin faltar un ¿ouvides?, no próximo mitin, que será en Areas.

Chuco de Canedo

Cambea de instrumento

¿Lembrádesvos dun conto que vos contei fai poucas semanas, da palleta dun requinto?

Bueno, pois nantronte volví a ver ó que tocaba ise instrumento; e por certo que me pasou con el unha cousa que me non fixo moita gracia.

Pasou por eiquí, pra unha festa onde iba tocar, e ocurriuselle mercar unha cana pró instrumento, porque a que levaba non era de confianza.

Perguntou a uns mozos si eiquí vendían o que el necesitaba, e aqueles, sin encomendarse a Dios nin ó demo, mandárono a un establecemento que perto de alí había.

O tal establecemento éravos a botica. Eu estaba á porta, falando co boticario, que é moi amigo meu dendes que lle din o voto.

Chegou o home do requinto, moi confiado, e encarándose con nosco, perguntounos:

—¿Eiquí venden canas pra requintos?

—¿Palletas? —dixen eu metendo baza.

—¡Que palletas nin rabo de gaita! —reprecoume el todo enrabeado, coma si se lembrara de cando lle quixeron tomar o cabelo co conto da palleta.

E aguergou, cuasque sin ollar pra min:

—Palletas chamaranlle os inorantes, pero o verdadeiro nome son canas.

Gardei a leución, e dixen prós meus botóns:

—Deixa, que xa mas pagarás.

A isto, o boticario díxolle que alí non había canas de requinto nin de pescar, e o home, deu media volta, e votou andar calle abaixo.

Ocurriuseme de pronto unha cousa pra bulrarme del, e dixenlle ó boticario que o chamara, decíndolle que tiña unhas poucas de canas, das que antes non se lembrara.

Chamouno, en efeuto; volveuse o home pra nós, e dixo medio escamado:

—¿Que raio queren?

—Veña eiquí, que apareceron agora unhas poucas de canas.

—¿Si?

—Abofellas.

—Pois agora xa non as quero, porque cambiei de instrumento.

E virado pra nós, púxose a rañar coa man dereita na sangría do brazo esquerdo, decindo:

—Agora toco o violín.

Chuco de Canedo

Todo a medias

Véñovos asombrado da pouca vergonza de certos homes, anque leven o cogote afeitado en forma de galleta. E se non entendedes que me refiro ós cregos, é que sodes coma Dios vos deu; é decir, moi burros.

Un deses teño eu por veciño, e non sei si será polo coor natural ou polo que soe dar o viño, que ándavos decote roxo.

Outro veciño meu, petrucio confiado e parvo en demasía, porpúxolle un día, mercar a medias unha xunta de tenreiros.

O crego escoitou a proposta de Marcelo (que iste é o nome do petrucio) e respondeulle:

—Conque a medias ¿eh? Si, home, si.

Foron á feira, mercaron os tenreiros a medias, e cando iban pra casa, decíanlle algúns veciños con quen tropezaban:

—¡Que bunitiños son! Dios llos conserve.

—Gracias –contestaban o crego e Marcelo, agardecendo a medias.

—San Antoniño llos garde –decían outros transeuntes.

— Gracias –seguían decindo Marcelo e mais o crego, recollendo a medias aquel saúdo.

E así foi todo, a medias.

O crego tiña tenreiros ó seu servizo, e Marcelo coidaba deles. Pero sempre a medias.

Creceeron os becerros, fixéronse bois e o crego seguiu utilizándoos, mentras Marcelo seguía coidándoos. A cousa non podía ser máis equitativa: era sempre a medias.

Mais socedeu que un día, Marcelo cansouse de tan boa armunía, e poñéndose a carón do crego, díxolle dista maneira.

—Oie, xa pode dispoñer a venda dos bois, porque eu non estou eiquí pra servirlle de criado a vostede e mais a eles. Esta maneira de ir a medias, non me lle resulta.

—Boeno, home, boeno – contestoulle o crego. – Podes vendelos cando queiras, que iso é cousa túa.

—Non, señor. Hémoslos de vender os dous. Xa que os mercamos xuntos, quer decir a medias, tamén xuntos os hemos de vender.

—Alá ti, home, alá ti. Percisamente mañán haiche feira na vila...

—Pois destonces mañán ímoslos vender.

—Iremos.

Viñeron, en efeuto; pero en chegando ó campo da feira, Marcelo quedouse alí cos bois, e o crego foise meter a unha taberna.

A feira estaba froxa e os precios andaban polo chan.

Marcelo iba de vez en cando onda o crego a decirlle:

— Dan tanto polos bois.

— Alá ti, home; alá ti – replicáballe o crego, que a cada consulta, alcontrábaio Marcelo máis metido no viño.

Por último, dunha vez, estaba o crego tan borracho, que Marcelo decidiu non consultalo máis.

E vendeu os bois polo que lle quixeron dar, que non foi moito.

— Aquí están os cartos –dixo cando volveu pra onda o crego. – E bo traballo que me custou vender os bois, mentras vostede non facía máis que beber.

— Pero ti cuspías, así íbamos a medias – contestou babexando coa borracheira o crego.

E alargando a man, colleu todo o diñeiro, e gardouno, dimpois de contalo, no seu bolsillo.

— ¿E non me dá a metade que me corresponde? –perguntoulle Marcelo todo alarmado.

— ¿Seica toleas?

— ¿Pero entón non era dos dous a xunta de bois? ¿Non íbamos a medias?

— ¿E logo non? Ti vendeches, e eu cobro. ¿Quérelo máis a medias?

E non houbo maneira de que Marcelo lle sacara unha cadela.

Cada vez que lle volvía a pedir os cartos, amenazábaio con metelo en xusticia, e Marcelo tivo que deixalo.

Con que xa sabes de que maneira se vai a medias con certas xentes, anque leven o cogote afeitado en forma de galega.

Chuco de Canedo

Un toureiro galiciano

¿Pensades que vos vou a falar de Alfonso Cela (a) *Celita*¹, a groria máis alta e estimada da porvincia de Lugo? Pois estades enganados.

Non é, non, de *Celita* de quen vos vou a falar, anque a sona que este recadou no pouco tempo que leva antre os cornos, fora a causa de que Antón Carreira quixera lanzarse tamén á vida tauromáquica.

Porque xa se sabe, eiquí, en canto hai un que gaña diñeiro e sona cunha cousa, xa todos queren facer o mesmo que el.

E Antón Carreira, que oíu ler nos preódicos ó maistro de escola os trunfos do espada de Láncara, quixo sere coma el, e decidiu meterse toureiro.

Fixo uns ensaios coas vacas de seu pai, que non hai outras tan bravas coma elas en cinco légoas ó arredor, e parecéndolle que non estaba mal de facultades, quixo dar un paso máis no arte de Mortes.

Aporveitando a ocasión das corridas de touros que hai todos os anos en Noia, foi aló, e anque levou trinta ou coarenta trambullóns, tamén lle pareceu que non estaba mal.

Xa entón non quixo faguer máis probas, e decidido a entrar de cheo no toureo, marchou a Sevilla, non soilo porque aquela é a terra clásica dos toureiros, senón porque tiña alí un tío, que estaba de criado nun almacén de viños e era home de moita influencia.

Gracias a ela, conseguiu Carreira entrar nunha cuadrilla que alí organizaron uns cantos rapaces, pra ir dar unha corrida de novillos nun povo cercano.

Anque había tren, a cuadrilla fixo o viaxe a pé, porque o importe da contrata non daba pra máis.

Chegou a hora da corrida, saíu a cuadrilla a faguer o paseo, e alí xa o noso peisano Carreira gañou a primeira ovación.

E todo foi porque o traxe de luces que levaba posto, estáballe moito mellor ó defunto que a el.

Tocaron un corno, porque non había crarín; saíu o primeiro novillo, e anque era moi cativo, a Carreira pareceulle que era tanto coma oito veces cada unha das vacas de seu pai.

El iba de peón, e andivo faguendo a rosca pra non acercarse ó touro, que cada vez coidaba que era máis grande.

E socedeu que ó saír o touro dun quite, no que o espada estivera cuasque presidiabile, correu pra onde estaba Antón, con tanta presa naqueles condanados pés, que nin tempo lle deu pra fuxir.

1 Alfonso Cela Vieita “Celita”, primeiro toureiro galego que tomou a alternativa en 1912.

O noso peisano que se viu con aquela catedral enriba, quedou coma se lle espetaran os pés no chan e sin ánimo xiquera encomendarse ó patrón da súa parroquia; fechou os ollos, e deixouse matar.

Pro non o matou, non, o condanado touro senón que enganchádoio polos calzóns, tirouno ó aire.

E pra que vos fagades idea da forza con que o tirou, non vos direi máis senón que, a xente que estaba na praza, ó ver que alto iba Antón, marchouse pra casa, dormiu aquela noite toda, e ó outro día pola mañán, volveu alí, pra velo caír.

¿E sabedes a que hora caíu? Pois ás nove e trinta e cinco minutos.

Quer decir que Antón Carreira estivo no aire, quince horas e sete minutos.

Chuco de Canedo

Os apuros dun fotógrafo

En certo pobo desta ou dunha veciña porvincia, habíavos un fotógrafo, que, fora porque non era moi competente no oficio ou porque os seus conveciños non eran afeccionados a retratarse, cuasque nunca vía entrar un parroquiano polas portas do seu establecemento.

Farto de pasar fame, colleu a máquina, unhas cantas caixas de pracas e outros chismes dos que percisaba pra facer retratos, marchouse daquel pobo, e andando, andando, como se di nos contos dos meniños, chegou hastra a fronteira portuguesa.

Atravesouna e chegou a unha vila en cuxos arredores levaron os paivantes, fai poucos meses, unha malla coma non esperaban.

Fixo o fotógrafo do noso conto uns cantos retratos, e cando afroxou o traballo e escaseaban os vinténs, presentóuselle un *fidalgo* que lle pediu con moito sacreto que lle retratara unha certa moza en traxe de Eva, antes de lle chantar os dentes á mazán amaldizoada.

O fotógrafo tiña certa vergonza, e resistiuse a faguer semellante porcaria. Mais coma o fidalgo ofrecía pagar ben, e o diñeiro íbaselle acabando, o retratista cedeu, e fixo o encargo.

Ó día seguinte (¡ cousas de vilas pequenas!) todo o pobo sabía que o galego, como lle chamaban os lusitanos, tiña retratado unha muller en couros vivos.

E cando máis descoidado estaba o fotógrafo, alcontrouse cun aviso do xefe da policía, pra que fora á esquadra.

Coas mesmas ganas con que un boi vai pró matadeiro, marchou pra onda o xefe da policía, e xa se vía metido na cadea, cando tropeizou cun amigo, que lle perguntou:

—¿Que lle pasa, home, que lle pasa, que mesmo parés que vai doente?

Contoulle o que lle socedía, e o outro votouse a rir.

—¿E vostede ten medo por iso? —perguntoulle. —Pois non trema, que in-da non morre desta.

Logo meteu os dedos nun bolso da chaqueta, sacou unha caixa de mistos, unha de cuxas fototipias representaba unha muller en panos moi menores, e aguergoulle:

—¿Vostede non ve isto? Boeno, pois cando o xefe da policía lle pergunte si non sabía que non se podía retratar mulleres en coiro, vostede non ten máis que decirlle que tamén o Goberno as pon en circulación da mesma maneira.

Algo confortado con isto, seguiu o fotógrafo o seu camiño, e tal como llo dixeran así o fixo.

Ás primeiras palabras do xefe da policía, sacou a caixa de fósforos e dixo, tremendo de pés a cabeza.

—Eu coidei que iso non era cousa mala, xa que por dez reis acabo de comprar esta caixa que o Goberno pon á venda, cunha muller tamén emporra.

O da policía quedou coma quen ve o demo.

A collida era boa, e pra librarse do atranco non tivo máis saída que esta, ó ver que o fotógrafo seguía tremendo:

—*Você o que tem, é um cagaço medonho*¹.

Chuco de Canedo

¹ Vostede o que ten, é un susto que causa medo.

Ano novo... vida vella

O mundo, meus queridos compañeiros, xa vos ten outro aniño enriba das costas.

O de 1912 alá se foi pra os infernos, e a ocupar o trono do tempo, viu o de 1913, que por ser inda meniño, non sabemos o que dará de si.

Por de contado, ese número 13 que trai ó rabo, indica que este novo ano, será recondanadísimo.

Por pararse, pois, meus amados oíentes, e axeitar ben as mocas, porque deume no nariz que vamos ter que arrear moito fino fungueirazo.

Ano novo, vida nova, di o refrán; pro xa veredes como a vida nova deste aniño dos nosos pecados, ha de sere a vida vella dos anos que van decorridos.

Culpa será do recondanadísimo número 13; pro tamén nosoutros hemos de tere o noso migallo de culpa.

Porque os caciques han de seguir coméndonos, e hémolos de deixar que nos coman.

Hannos de seguir enganando os pulíticos de todas as cartas, e hemos de continuar faguendo caso das súas pormesas.

Hannos de seguir perseguindo coma cans danados, e hemos de seguir correndo, sin folgos pra virarnos contra os nosos perseguidores, e zorregarlles un pandullo á cachola.

Cregos, caciques e mandóns de todos os feitíos, han de conspirar, coma no ano derradeiro, contra as Sociedades de Agricultores, que son a nosa verdadeira defensa, e hemos de seguir chuchando no dedo, sin resolvemos a prantarnos, cun bo fungueiro na man diante das portas das Sociedades, pra decirlles a eses lobos da montaña: “Se dades un paso máis, pateade”.

Hannos de seguir pedindo o voto pró deputado ou pró concexal enemigos das nosas ideas ou dos nosos entereses, e hemos de ir a votalos, coma carneiriños brancos.

Hannos, en fin, de seguir comendo o sudor con trinta e cinco mil andrómenas, e hemos de pagar, sin ter xiquera un arrouto de xenio, pra decir: “Ei, ladróns; isto acabouse: de hoxe pra diante, non se paga máis do que sea xusto, e o que queira comer, que traballe coma nós”.

Esa, meus compañeiros, ha de sere a nosa vida nova. E se non, xa volo direi de eiquí a un ano si aló chegamos, que ó paso que imos, seica non chegaremos, porque isto estase poñendo, que soilo pra os caciques e seus mandicantes é que sirve.

Todo vos ha seguir igoal que está hoxe. E hastra eu, que neste turreiro puxen cátedra, hei de seguir latricando das mesmas cousas, cos mesmos contos, con lingoaxe igoal, anque a uns lles agrade e a outros lles pareza mal.

Porque así coma se di que de gustos non se escribe, tamén eu non poden conseguir que estas miñas parolas agradasen a todos.

¡Que lle vamos faguer! A miña entención é boa, e eu porveito a ocasión de estar, coma cuasque todos os sábados subido enriba desta pedriña, no medio do turreiro, pra decirlle ós que din que non lles fago gracia, que vou ver se os fago rire, buscándolle as cóchegas onde as teñan, e ós que din que si, que lles gusto moito, que lles agradezo o ben que con iso me fan.

E agradezco tamen ós que pra demostrarme millor a boa voluntá que me teñen, convidanme a netos de viño, enrabechándose se lles non aceuto.

Pra todos hai un bo anaco de afeuto no meu corazón, sobre todo, pola atención con que de cote escoitan o meu latricar somanal.

Que niso de sere agardecido e de querer a todos, si que pra min non hai ano novo nin vida nova. Iso pra min é sempre vida vella. Eu agradezco a moda antiga, dunha maneira que xa se non estila.

Con que salú a todos, e a quen lle piquen as miñas parolas, que se rasque hastra arrincar o pelexo.

Chuco de Canedo

Visita de pésame

O sábado derradeiro non vin por eiquí (cousa que xa vosoutros veriades) á latricar un migallo con tan devotos oyentes.

E non vin porque andiven moi ocupado correndo co enterro co enterro dun certo veciño meu.

O home non tiña mais parente que a muller, e non era cousa de que esta andivera da casa pro Auntamento, do Auntamento pro Rexistro Cevil, do Rexistro Cevil pra eirexa e da eirexa pro camposanto.

Todo iso fixeno eu, mentras ela quedaba na casa recibindo as vesitas dos que lle iban dar o pésame... ou por curiosear o que pasaba, que de todo vos hai nestes casos.

Tamén foi algún que non iba porque sentira a morte do meu veciño nin por cheirar o que alí pasaba. Ese algún, vouvos decir quen foi, si me gardades o sacreto; porque o que lle ocurriu, é pra deixar avergonzado a calquera.

¿Non concedes á Bertolameu Campolongo, un rapaz qu'estivo tres meses en Buenos Aires e viu falando en criollo, como se tivera botado aló trinta anos? ¿Conecédelo?... Boeno, pois Bartolomeu Campolongo quixo aporveitar a vesita de pésame, pra encomenzar a metela sua fegura no corazón da viuda.

Porque habedes de sabere que o defunto, anque era vello, tiña por muller unha rapariga de vintetrés anos, que de bunita que era, a nadie lle deixaba de facer auga na boca. Ademáis sabíase que o vello deixáralle todo canto tiña, que non era pouco; e decídeme si todo isto xunto, non faguía da viuda unha muller pra despertar o apetito máis durmido.

E Bertolameu, que andaba mesmo á miñoca, viu na vesita de pésame unha gran ocasión pra encomenzar o asalto. Vestiuse co millor traxe que tiña, persentouse na casa do defunto, e dimpois de faguer como que rezaba calquer cousa diante do cadavre, pasou pra a sala, onde estaba a viuda.

—Amija mía —díxolle a ista —las cuesas neste mundo hay que las tomare como viengan. ¡Que esperanza!

—¡Ai, Manoel, Manoel —dixo por toda contestación a viuda, —qué soliña me deixache!...

—Era natural que así socediera. ¡Que esperanza!

—Antes morrera eu que el.

—Muguer, no diga osté macanas.

A todo isto, Bertolameu tíñase sentado diante da viuda, pra que ésta reparara ben nél.

Pro ela non estaba pra festas, e coa cara cuberta coas mans, non facía mais que xemer e saloucar.

Cando uno de los casados es más viego que el otro —seguíu falando o americano —es natural que el otro quede viudo.

E quedou tan satisfeito como se acabara de decir unha gran cousa.

A min déronme ganas de lle botalas mans ó pescozo, pra que non seguira por aquel camiño, e o mirar pra él, reparei nunha cousa que antes non tiña visto: coa presa de vestilo traxe novo, pra presentarse todo maxo diante da viuda, Bertolameu tiñase esquencido de abotoar o pantalón, e xa podes supoñer o efeuto que, sentado e coas pernas un pouco abertas, faría o bó do americano.

—En cambio —seguiu éste —cando los dos son ingoales en edá, no hay tanto riesto de que ninjuno de ellos se quede viudo.

E concuriu esta frase botándolle unha longa ollada á viuda.

Os que estábamos alí non nos botamos a rir, porque a situación non era pra bormas.

A mesma viuda, no medio do seu delor, tivo unha tentación de risa, cando Bertolameu ceibou aquela borricada, e soparando un pouco as mans da cara, votoulle unha ollada.

Bertolameu, co antusiasmo con que falaba, non facía máis que moverse. Cos movementos fóiselle abrindo o pantalón, e pola abertura encomenzou a sair-lle unha punta da camisa, cando a viuda ollou pra él.

Entón xa ela non puido ter man da risa, e rompeu nunha forte gargallada, que tratou de desimular, volvendo a tapar a cara coas mans, e faguendo coma que eran saloucos.

A cousa íbase poñendo impusibre, porque Bartolameu non se daba conta do que lle pasaba e a camisa saíalle cada vez máis.

Eu queríalle poñer fin a tal situación, máis non sabía de qué maneira.

—Se houbera quen lle avisara desimuladamente... —díxenlle a unha moza qu'estaba ó meu lado.

—Voullo decir a meu pai, que é moi desimulado —respondeume a rapariga.

—Pois dillo.

Ergueuse a rapaza, foi procurar seu pai, que estaba na cociña o pé dun bó xerro de viño, e largoulle a encomenda.

—¿Non é máis que iso? —perguntou o vello, limpando o bico.

—Non, señor. Pro hai que o facer moi disimuladamente.

—Xa verás, muller, xa verás. Pra istas cousas píntome eu soilo.

Presentouse o bó do home na sala, e nun istante en que Bertolameu falaba da prata que tiña gañado en Boenos Aires, interrompiuno decíndolle:

—Home, a propósito de Boenos Aires, ¿por qué non abotoas o pantalón, que che está saíndo a camisa e entrándoches vento?

Eu coidei que caía espatacado, porque a cousa, como vedes, non puido sere máis desimulada.

Chuco de Canedo

Ó fin gallego

Ao meu amigo e enxebre escritor Xan de Ninguens.

Anque me vedes vestido de cirigolas e monteira, non coidedes que son un petrucio dises que nunca saíron do eido nin saben do mundo máis que o que ven antre os catro montes que arrodean a súa aldea.

Non, meus amiguiños, non. Anque vestido de adoito coma vós, tamén sei poñer un traxe de pano fino, e si cadra, tamén a lambita e a chistera se pousan enriba de min.

Por iso non habedes de estrañar que eu fora unha vez a Madrid e que aló non fixera mal papel.

Tiven que ire con outros dista terra, pra tratar certas cousas de interés xeneral... pra nós.

Como tiñamos que faguer moitas visitas e istas eran a xente grosa, andabamos decote lavados, pranchados e afeitados.

Eiquí abóndame con facer a barba de oito en oito días, pro en Madrid tiña que facela un día si e outro non, pra que non me tomara por un peludo.

Socedeu que unha mañán dun sábado, a pouco de estare na barbeiría onde adoitaba servirme, encomenzou a entrare tanta xente que ó cuarto de hora estaba aquilo atestado. E inda se abriu a porta, pra dar paso a un novo parroquiano.

Soilo que iste, en lugare de poñerse a esperar pachorrento coma os outros, díxolle ó maestro:

—Vaya, volveré más tarde, porque ahora tendría que esperar mucho tiempo.

Anque falou en castellano, eu conecinlle no acento que era de eiquí, da terriña.

O maestro contestoulle:

—No, señor, no tendrá que esperar mucho tiempo. Va en seguida.

—¡Ca! Hay mucha gente, y yo tengo que hacer ahora. Volveré más tarde. E foise.

O barbeiro, dimpois de que o noso peisano fechou a porta, virouse prós parroquianos, e dixo con certa bulra:

—¡Al fin, gallego!¹

Non puden ter mau dos meus nervos cando aquilo oín, e encarándome co maestro, que naquel instante me estaba concruíndo de afeitar, díxenlle en ton alto de abondo, pra que oíran todos cantos na barbeiría se alcontraban:

1 Hestórico.

—Si, señor: ó fin gallego, porque si o non fora, sentábase aí pra un ladino, a esperar preguicento que lle tocara a vez.

Ó fin gallego, porque o sangue das nais celtas, que parían e criaban os seus fillos nos corutos dos montes ou nas carballeiras e pinares, pra que foran rixos coma os penedos e fortes coma os carballos, non se mezcrou co sangue dexenerado e cativo dos mouros que durante moitos sigros foron donos dista terra, non da nosa.

Ó fin gallego, porque os gallegos bulen e bulen de cote, pois saben que si se non moven, o maná non lles ha de caír do ceu.

Ó fin gallego, porque si o non fora, deixaría o que ten que faguere agora, pra poñerse a agoardar, anque fosen dúas horas, a que lle desen un real de guapeza.

Ó fin gallego, porque os gallegos foron os primeiros, antre todos os españoles, en botar fóra os dominadores franceses, e agora encomenzan eles a dominar nas artes, nas letras, nas ciencias e hastra nisa porcallada que se chama pulítica.

Conque ó fin gallego, porque gallego é o nome de todo canto é grande, nobre, forte, bo e triunfador.

E agora concrúame de afeitar, que teño presa e o tempo non é pra perdé-relo dista maneira.

Chuco de Canedo

Sermón protestante

Xa sabedes que de algúns anos a esta parte, metéronse por Galicia adiante uns ingleses que reparten Biblias e alí onde poden encomenzan a recadar xente pra a secta evanxelista ou protestante.

Nalgúns sitios teñen conseguido axuntar ó redor deles uns cantos homes e mulleres, que alcontran máis cómoda e, por enriba de todo, máis barata a nova relixión.

Porque na católica romana, xa se sabe que dende que un nace hastra que morre, soilo lle dan de balde a misa, e gracias.

Socedeu que en certo povo, que non hai agora pra que nomear, teñen conseguido os pastores protestantes axuntar unha boa cantidá de correligionarios, que acudían puntuales ás pláticas, ós oficios e demais andrómenas.

Un dos pastores da capelanía estabrecida tiña vindo facía pouco tempo de Ingraterra, e o home non domeaba ben a lingua castellana.

Amais diso, como andaba antre xente que tampouco a domeaba, porque cuasque non falaba máis que gallego, o bo do pastor evanxelista falaba unha cousa que non era inglés, castellano nin gallego, pro que tiña de todas estas linguas.

Cando pradicaba, os seus sermóns eran polo idioma empregado, cousa dina de oír.

Un día estaba pradicando diante dun bo número de devotos, ós que trataba de espricar non sei que misterio, e decía o home:

—El nacimienta del carne, es fácil; mocho fácil.

Pero ¡ah, hermanos! El nacimienta del esprito es defícil, mocho defícil. ¿Como vos dería yo que es defícil? ¿Como?

E dimpois de pensar un pouco, pra alcontrar a comparanza, aguergou:

—El nacimienta del esprito es tan defícil como meter el cabeza de un vaca por la buraco de un pechadura.

Un dos que ouvían atentos, quedou asombrado da comparación, e perguntoulle ó pastor:

—¿Con cornos e todo?

¡Ai, meus amigos! Aquilo non foi rir, senón reventar.

A xente toda, cando ouviu tal pregunta, estalou nunha gargallada, que seica inda hoxe dura.

E o que non tiña conseguido o crego da parroquia cos seus sermóns, conseguiu o petrucio que fixo a pregunta dos cornos; isto é, estornar de alí ós pastores evanxelistas.

Chuco de Canedo

Cousas de Guillade

Hoxe non vos vou contar ningún conto nin socedido. Teño, como din os preódicos, que facerme eco dunha queixa.

Esta queixa envíama un amigo meu pra que a faga pública, a ver se o asunto de que el se queixa, ten remedio.

O queixante é veciño de Guillade¹, e fala na representación dos seus conveciños. O asunto é o seguinte, contado coma el mo conta:

“Un fulano... o pra más bien dicir, el panadero de la citada freguesía tiene un caballo pra la necesaria venda.”

Hastra aquí, a cousa non vos ten nada de particular, porque se o panadeiro de Guillade ten moita venda, é natural que teña quen lle axude a levar a carga.

E hastra coma compañeiro é bo que teña unha besta. Porque un home soilo polos camiños, sin ter con quen falar, pode ser asaltado por ruíns pensamentos.

Volvamos coa queixa:

“Terminado su trabajo, lo va llevar a los montes ajenos y cerrados.”

Isto xa encomenza a non estar ben.

Que o panadeiro de Guillade teña un cabalo, xa dixeran que é bo. ¡Pero que o manteña nos montes alleos!... Iso si que non debe consentirse. Que lle dé moletes de a catro libras, se non ten monte propio.

“Ainda pra más —di o autor da queixa— lo prende con una gran cuerda de carro. ¡Sen temer que algun día le venja Dios polo eido.”

E estaría lle ben, por atrevido.

“Que es lo que más tarde le puede suceder.”

¿Non o dixeran?

“Combíene decir a dicho señor se los vecinos que le dan el pan a ganar, se son obligados a sostener su caballo.”

Xa se sabe que non, porque como rezan dous refráns, cada pau aguanta a súa vela e cada can morde o seu rabo.

Aparte diso, o párrafo que acabo de lere, precisa unha aclaración: non son os veciños de Guillade que lle dan o pan a gañar ó panadeiro, porque o pan faíno el e dállo a eles. Se acaso, daranlle a gañar o caldo e o viño.

Mais sigamos, sigamos coa queixa:

“A lo menos, ¡díégenselo andar a su libre voluntad!”

¹ Parroquia do concello de Ponteareas, na provincia de Pontevedra.

Conforme: ó menos que o cabalo non esté amarrado, porque o boi solto ben se lambe. Anque eiquí non se trata dun boi, senón do cabalo do panadeiro de Guillade.

“Que el poco bien repartido, a todos llega.”

Cousa máis ben dita, non a oín nos días da miña atrapallada eistencia: o pouco ben repartido, a todos chega.

O queixoso fala sin duda por experiencia propia: as herbiñas dos montes de Guillade ben repartidas, chegan pra o cabalo do panadeiro e pra os demais. ¿Por que as ha de comer ese cabalo solo? ¿E cando as percisen os demais cabalos da parroquia?...

“Se no de esa maneira ¿onde vamos a parar?”

Non o vedes: ¿onde vamos a parar se o cabalo do panadeiro nos come toda a herva?

O queixante ten moitísima razón ó faguer esa pregunta.

É perciso que se lle faga entender ó cabalo do panadeiro de Guillade, que ten que repartir cos demais e non comer el soilo toda a herva. E se seu dono non a ten, que o manteña con cabezas de allo ou con moletes de catro libras.

Porque ¿onde vamos a parar (como pregunta o da queixa) se o cabalo nos come toda a herva?

Chuco de Canedo

O cañonazo

Nadie, neste mundo, está libre de anemigos. Escollido antre mil poderíase chamar quen non os tivera.

Mais por disgracia non hai quen non os teña.

Xeneroso de Bertomán era o home máis bo que eu conecín. E mais tiñaos. Un, maormente, non lle perdoaba nunca non sei que aldraxe que Xeneroso lle non tiña feito, pro que a el metéraselle na cachola que si.

A verdá era que o tal anemigo tiña unha ialma máis ruín que a dunha cóbrega, e coma Xeneroso non quería nada con el, por iso non o podía ver e xuraba que lle fixera non sei que cousa, que lla había de pagar ben paga.

Esta ameaza foise afincando na ialma do tal, hastra chegar a sere un desio de vinganza que moitas veces estralou diante de Xeneroso en palabras gro-sas e xuramentos de xente cativa.

Xeneroso, que nada tiña na súa concencia que lle remordera con respeito ó tal anemigo nin a nadie, encollía de hombreiras, cando tales cousas oía, daba media volta e deixaba ó outro prantado e desafogando a súa rabicha.

Un día, o anemigo de Xeneroso botou un par de netos de máis ó corpo, e decidiu satisfacer dunha vez os seus desexos de vinganza.

Armouse dun coitelo de matar porcos, que iste era o oficio que tiña o tal, e escondeuse antre uns carballos, á veira dun camiño por onde Xeneroso tiña que pasar cando de volta do traballo, fose pra a súa casa.

Axexando coma lobo famento que agarda ó descoidado camiñante, así estivo aquela ialma ruín, hastra que Xeneroso, xa entrada a noite, apareceu no comenzo da congostra.

Sin cuasque respirar, pra se non descubrir, deixou que Xeneroso pasara, co propósito de atacalo polas costas, porque amais de ruín era cobarde, e non se astrevía a manter unha loita cara a cara.

Pasou Xeneroso e o outro botou a andar detrás del, coidando de non facer ruído ningún, coa intención de cravarlle o coitelo nas costas ó chegar a unha revolta da corredeira.

Xeneroso tiña comido aquel día moitos feixóns, porque era día de vixilia, e el gardaba e respetaba moito istas cousas.

Os feixóns, tiñanlle porducido unha revolución de ventre, que inda non parara.

E ó alcontrarse naquela congostra solitaria e coidando que nadie o escoitaba, deixou que saíran os gases que toda a tarde o tiñan estado mareando.

E no istante en que o seu anemigo erguía o brazo pra lle espetar o coitelo, retembrou a corredeira cun estoupo, que nin o dunha bomba de dinamita das que se oien botar nas nosas festas.

O matachín deu un brinco pra atrás, e botou a correr, desandando o camiño que tiña andado e decindo pró seu chaleque:

—¡Congrio, que eu coidei que non viña armado, e trai nada menos que un cañón!

Chuco de Canedo

A rogativa

Nesta terra onde chove moitos días, fai sol outros moitos e está nubrado os restantes, cuasque son desconecidas as rogativas pra pedir auga, que se soien facer noutras rexións.

Certo que unhas veces chove a destempo e outras non chove cando fai falta. Mais o caso é que chove e que cuasque nunca é perciso poñer os santos en novena ou sacalos en porcesión, pra que chova.

Pero como ocorre nun ano o que non sucede en vintecinco, sucedeu, aló polos tempos da miña mocedad, que houbo un inverno moi seco, siguiu unha pirmaveira sin chuvia e chegou un vran sin pingota de auga.

Vosoutros os que sodes labregos, xa podeades supoñer como se porían os petrucios co aquela sequía que ameazaba cun ano de fame cal outro non houbera. O que máis e o que menos estaba capaz de ir buscar auga ó mar, pra que lle non faltara rego ás súas leiras.

O abade, todos os días arreo, ó acabar a misa, rezaba unhas oracións pedindo auga; mais a auga non caía. Labradores que tiñan un pouco descoidados os deberes relixiosos, iban entón adoito á misa. Mulleres casadas de vida un pouco atrapallada, que hastra se esquencían de confesarse, pra non contar as súas cousas mal feitas, encomenzaron a ir todas as somanas ó confesonario. Mozas casadeiras pra as que cada congostra tiña un recordo de amor, ceibaron todos os secos sacretos nos ouvidos do confesor. En fin, que nunca, en ningures, se viu tanta fe nin tanta piedá.

E a todo isto, a chuvia sin cair e os campos morrendo de sede.

Polas mañáns, o primeiro que facían todos os veciños, antes de coidar do gando e hastra cuasque a medio vestir, era saír pra o medio da eira e ollar pra o ceu, a ver si aparecía algunha nube que anunciara próuxima chuvia. E o ceu todas as mañáns aparecía limpo.

O crego mesmo estaba levado de todos os demos, porque encomenzaba a temer que a piedá dos veciños se trocase en impiedá, ó ver que nin rezos nin confesións nin misas nin demais autos relixiosos podían romper as cataratas do ceu.

Andaba enfurruñado con todos, e coidaba de que lle non falase da sequía. Mais os veciños pedían auga e era perciso compracelos. Pero ¿como, si el non tiña a chave dos depósitos celestiales?

Decidiu un día facer unha rogativa, levando os veciños a unha ermida que había nun monte próximo e traendo dende alí, en porcesión, a imaxe da santa que na ermida se veneraba.

Convocounos pra unha mañán cedo, fíxose a rogativa, tróuxose a santiña, volveuse a levar, rezouse todo o camiño, e o ceu seguiu tan limpo como un espello.

Había naquel tempo, en terras de Castilla, un home que acertaba moito en cousas de chuvia e que si non estou trascordado facíase chamar Noherlesoom. Ó noso abade ocurriúselle un día esquirbirlle a ese home, preguntándolle canto tempo, pouco máis ou menos, tardaría en chover, e o tal Noherlesoom, anuncio-lles que se iba facer outra rogativa.

Aguergoulles que tiña fe completa no resultado desta outra porcesión, e dixo tamén que sin duda algunha, Dios quixera porbar a fe daqueles feligreses, e que vendo que esa fe era grande íballes otorgar o ben que tanto precisaban.

Señalouse o día da rogativa, e en efeuto, inda ben non se tiñan posto en camiño pra a ermida os devotos veciños, cando aló por detrás dos petoutos dun monte encomenzou a verse unha nube que foi crescendo, crescendo, hastra facerse un nubarrón.

Cando a santiña foi sacada da ermida, xa non brillaba o sol, e ó enco-menzar a baixar do monte, caíron unhas pingotiñas de auga.

A min non me é posibre espricarbos cal foi a alegría daquela xente. O que máis e o que menos, toleaba e naide sabía se rir ou chorar, se rezar ou poñerse a dar brincos.

Tras das pirmeiras pingotas, caíron outras máis grosas, e ós cinco minutos, aquilo non era chover, senón caír auga a ríos.

Eu non sei de onde saíron, pero de alí a pouco de empezar a chover daquela maneira, encomenzaron a abrirse paraugas, porque a chuvia que era boa pra os campos, naide a quería enriba das costas.

E esto foi o que lle non agradou ó crego.

—¡Ah, condanados! —berrou ó ver abrirse os paraugas. E arrezagando a sotana, meteuse por entre os veciños e a cantos tiñan aberto aquel artefauto, foil-lo rompendo e tirando ó chan.

Porque era o que el decía todo enrabechado:

— ¿De maneira que pedíades auga, e agora non a queredes enriba? Pois eiquí hase de mollar todo o mundo, dende a santa hastra o último rillote.

Chuco de Canedo

Unha barba por amor de Dios

No meu tempo non había barbeiro que non tocara a guitarra. A verdá é que tanto niso como noutras cousas, os barbeiros do meu tempo gañábanlle ós de agora.

Aqueles afeitaban anque fora cunha poda, tocaban a guitarra, poñían sambexugas, sangraban e ás veces facían de médico.

Os de agora non saben afeitarse con boas navallas, desas que pasan pola cara do parroquiano sin que este cuasque as sinta, cortar o cabelo cunhas tixeiras que soan como unha campaiña, facer uns postizos, pra as donas que andan escasas de pelo, unhas pelucas pra os que non teñen ningún, e nada máis. Está o oficio perdido de todo. Pro, en fin, deixemos isto e vamos ó conto que vos iba contar.

Na miña aldea había un barbeiro que tocaba a guitarra coma todos os demais.

Como os parroquianos non eran moitos, quedáballe tempo dabondo pra rañar no instrumento.

Sucedeu que unha tarde, estando el na barbería estudando un acompañamento novo, oíu á porta do establecemento unha voz cascada que decía:

—Ave María Purísima.

—Adiante —contestou en seguida, coidando que era un parroquiano novo.

—¡Si me dera unha limosniña por amor de Dios! —agregou a mesma voz dende fóra.

—Vaia con Él —repreicou o barbeiro.

—Teña compasión de min, que non porbeí migallo dende a última vez.

—Non hai que lle dar.

—Que Dios o corone de gloria polo ben que me faga. Santa María, madre de Dios...

—Xa dixen que non pode ser.

—A todo isto, o barbeiro seguía rañando na guitarra, e un aprendiz que tiña collido dous días antes, ollaba pra el ou pra a porta según falaba o maestro ou o probe.

—O probe, vendo que non sacaba limosna en diñeiro, porbou a sacar outra, e dixo co mesmo ton pedichón de antes:

—Xa que non ten que me dar, fágame a barba por amor de Dios.

—Agora non pode, que estou moi acupado.

—Dios lle ha de dar tanto ben como lle faga ós seus probiños.

—Non pode ser, home, non pode ser.

Insistiu o probe, e entón ó barbeiro ocurriúselle que a cara de aquel era boa pra que o aprendiz encozara a manexar a navalla.

—Pase —díxolle ó probe —séntese aí. E ti, rapaz, afeitada a ese home.

—Dios lle ha de dar cento por un.

O aprendiz viu o ceu aberto. Percisamente, o que tiña el, eran ganas de coller unha cara pola súa conta, pra encozanza a demostrar a sabedencia que el coidaba que tiña, tan soilo con ver traballar ó maestro.

O rapaz rascaba naquela carniña, talmente coma se estivera rozando toxo nunha coutada, e o infeliz do probiño, aguantaba aquel martirio, recordando que lle facían a barba por amor de Dios.

Pro había momentos en que non podía deter as vágoas, e estas ó saírlle dos ollos, íbanse mezcra coa sangue que ceibaban tres ou catro rabuñadelas feitas coa navalla e mais coas pingotas de suor frío que lle corrían pola testa e as meixelas abaixo.

—Vaia todo por amor de Dios —decía pra os seus botóns. E tragaba medio cuartille de cuspe.

E o asesino do rapaz seguía rascando cun antusiasmo e unha forza, que talmente parecía que quería deixar ó parroquiano sin pelexo.

Nisto ouviuse dentro da casa, pra o lado da cuciniña, unha forte barafunda. Tres ou catro pratos caían ó chan con grande estrépito; a muller do barbeiro berreaba moi enrabechada e furiosa, e un can oubeaba moi delorido, coma se lle acabaran de arrimar a un par de bos fungueirazos.

—Rapaz —díxolle o maestro ó aprendiz, —vai ver que lle pasa a ese can.

—Non é nada —contestou o probe ceibando un forte suspiro. —É que o están afeitando por amor de Dios.

Chuco de Canedo

Antre neos

Ben di un refrán, sabido coma todos os refráns, que non hai peor cuña que a do mesmo pau.

Isto pensei eu cando, no sábado derradeiro, dimpois de latricar un migallo con vós, fun pra casa e púxenme a lere O TEA e alcontreime alí con aquilo que o preódico copiou dun colega carcunda de Salvaterra.

Vosoutros, que tamén ledes O TEA, porque non hai persoa decente en todo Pontareas e seus arredores, que non o lea, xa sabedes do que se trata: os do tal preódico neo, mandáronlle exemplares a varias persoas desta vila; elas devolvéronos, e entón o papel arremeteu contra elas, sinalándolle todos os pelos e marcas que teñen no corpo e na ialma.

—¡Entón! —dirían os redautores do papelíño. —¿Coidábades que non vos conecíamos? Pois agora vaino saber tamén o púbrico.

E así foi que nos enteramos de que hai por eiquí cregos que lle tiran da orella ó Sr. Xorxe, católicos que teñen “múltiples acreedores”, devotos de comenencia e outras boas persoas polo estilo.

—¡Entón! —repitirían os do carcunda somanario: —¿Coidábades que se devolve un preódico talmente coma se foran olladas de amor coas criadas que pasan e ás veces detéñense diante da fonda? Pois aguantade isto.

E isto foi a orballada máis grosa que lle pudo cair enriba a todos ises que viven da relixión ou nela alcontraron acomodo pra millor levar o seu tránsito por este vale de lágrimas.

—¡Entón! —recunciarían aínda os preodistas da veciña vila. —¿Coidábades que aquilo de devolver ben por mal, perdoar as ofensas (porque foi ofender a nosa faltriqueira o non querer suscribirse ó noso preódico) eran cousas que se fixeran pra nós? Pois estábades enganados.

E foi de tal xeito coma viñemos a convencernos unha vez máis de que os neos pradicen virtudes, e non as prautican, recomendan o amor fraternal hastra pra cos enemigos, e ó que lle non fai o seu gusto, estóupano contra unha esqui-na.

—¡Entón! —refunfuñarían por último os nosos amantiños colegas. —¿Coidábades que iso de desperciar os bens terrenales, coma son as cadelas da suscripción, fóranos diutado a nós? Pois non foi, non, señor, e a proba é que vosoutros tampouco despreciades os cartiños que gañades na timba ou lla arrebuñástedes cos vosos nagocios ós foreiros.

E desta maneira dicindo, foron os nosos compañeiros da veira do Miño, descubrinto cousas, expoñendo defeutos, botando pra a rúa vidas alleas, que non parece senón que xa tíñamos trunfando nós, e andábamos facendo almone-

da na concencia dos nosos anemigos; deses que lle fan a guerra ó TEA; que fundan sindicatos pra nos estornar a xente das Sociedades de Agricultores; que lle poñen dinamita ás casas onde esas Sociedades están domiciliadas; que matan e saen prá rúa; que teñen influencia na porvincia e na corte (e hastra poida que en Roma e mais no ceu) pra esnaquizar ós contrarios e defender os amigos, anque sean ruíns coma treboadas, traidores coma tigres e rastreiros coma cóbregas.

Con que, ollade, meus queridos irmáns e compañeiros de Turreiro, si non é certo, moi certo aquilo de que non hai peor cuña que a do mesmo pau.

E o pau que nesta cuestión andivo repartindo fungueirazos, éravos de carballo lexítimo e enxebre.

¡Que nunca as mans se lle tollan a quen o manexou desta vez, pra que outra volta a mallar nas costelas dos seus compadres! ¡Amén!

CHUCO DE CANEDO. No meu tempo non había barbeiro que non tocara a guitarra. A verdá é que tanto niso como noutras cousas, os barbeiros do meu tempo gañábanlle ós de agora.

Aqueles afeitaban anque fora cunha poda, tocaban a guitarra, poñían sambexugas, sangraban e ás veces facían de médico.

Os de agora non saben afeitar sonón con boas navallas, desas que pasan pola cara do parroquiano sin que este cuasque as sinta, cortar o cabelo cunhas tixeiras que soan como unha campaiña, facer uns postizos, pra as donas que andan escasas de pelo, unhas pelucas pra os que non teñen ningún, e nada máis. Está o oficio perdidinho de todo. Pro, en fin, deixemos isto e vamos ó conto que vos iba contar.

Na miña aldea había un barbeiro que tocaba a guitarra coma todos os demais.

Como os parroquianos non eran moitos, quedáballe tempo dabondo pra rañar no estrumento.

Sucedeu que unha tarde, estando el na barbería estudando un acompañamento novo, oíu á porta do establecemento unha voz cascada que decía:

—Ave María Purísima.

—Adiante —contestou en seguida, coidando que era un parroquiano novo.

—¡Si me dera unha limosniña por amor de Dios! —aguergou a mesma voz dende fóra.

—Vaia con Él —repreicou o barbeiro.

—Teña compasión de min, que non porbei migallo dende a última vez.

—Non hai que lle dar.

—Que Dios o corone de gloria polo ben que me faga. Santa María, madre de Dios...

—Xa dixen que non pode ser.

—A todo isto, o barbeiro seguía rañando na guitarra, e un aprendiz que tiña collido dous días antes, ollaba pra el ou pra a porta según falaba o maestro ou o probe.

—O probe, vendo que non sacaba limosna en diñeiro, porbou a sacar outra, e dixo co mesmo ton pedichón de antes:

—Xa que non ten que me dar, fágame a barba por amor de Dios.

—Agora non podo, que estou moi acupado.

—Dios lle ha de dar tanto ben como lle faga ós seus probiños.

—Non pode ser, home, non pode ser.

Insistiu o probe, e entón ó barbeiro ocurriúselle que a cara de aquel era boa pra que o aprendiz encozara a manexar a navalla.

—Pase —díxolle ó probe —séntese aí. E ti, rapaz, afeita a ese home.

—Dios lle ha de dar cento por un.

O aprendiz viu o ceu aberto. Percisamente, o que tiña el, eran ganas de coller unha cara pola súa conta, pra encomenzar a demostrar a sabedencia que el coidaba que tiña, tan soilo con ver traballar ó maestro.

O rapaz rascaba naquela cariña, talmente coma se estivera rozando toxo nunha coutada, e o infeliz do probiño, aguantaba aquel martirio, recordando que lle facían a barba por amor de Dios.

Pro había momentos en que non podía deter as vágoas, e estas ó saírlle dos ollos, íbanse mezcra coa sangue que ceibaban tres ou catro rabuñadelas feitas coa navalla e mais coas pingotas de suor frío que lle corrían pola testa e as meixelas abaixo.

—Vaia todo por amor de Dios —decía pra os seus botóns. E tragaba medio cuartille de cuspe.

E o asesino do rapaz seguía rascando cun antusiasmo e unha forza, que talmente parecía que quería deixar ó parroquiano sin pelexo.

Nisto ouviuse dentro da casa, pra o lado da cociña, unha forte barafunda. Tres ou catro pratos caían ó chan con grande estrépito; a muller do barbeiro berreaba moi enrabeada e furiosa, e un can oubeaba moi delorido, coma se lle acabaran de arrimar a un par de bos fungueirazos.

—Rapaz —díxolle o maestro ó aprendiz, —vai ver que lle pasa a ese can.

—Non é nada —contestou o probe ceibando un forte suspiro. —É que o están afeitando por amor de Dios.

Chuco de Canedo

A muller galiña

¿Sabedes por que non vin a somana pasada ó turreiro, latricar coma de cote convosco? Porque estiven un pouco mal de saúde.

Pro non vaiades a coidar que adoecín dalgunha enchenta de roscón. Nada diso, porque eu, anque teño padriño, non me dá roscón por Pascua, senón tres ou catro empreos, pois é un cacique dos máis fortes da provincia.

Estiven doente de risa ¿Que? ¿coidades que non é certo?... Pois, si, de risa.

Un amigo meu, e voso tamén, Pepe de Eirol, mandoume dende Lisboa un anaquiño de papel, que era un recorte de *O Século*, e nel, unha noticia que lle mandaron a este periódico dun povo chamado Reliquias.

Ler tal noticia e desatar a rir coma un tolo, foi todo un. Na miña esmendlada vida rin tanto e de tanta gana. En fin, xa vos dixen que adoecín e non puđen vir latricar con vosoutros a semana derradeira.

Conque, calcular.

E si non, atender o que decía o papel:

“RELIQUIAS, 14 – C – A superstición, mais ou menos espalhada entre todos os povos, é nesta localidade cultivada com grande escala, sintoma seguro de falta de educación e da influencia demasiada das crenças religiosas.

Acaba de se dar aquí um facto neste genero que merece ser relatado:

No Monte de Barreiro de Cima, desta freguezia, mora uma mulher de nome Emilia Pelica, que por defeito proprio ou por quasquer outras circunstancias não conseguiu até hoje ter filhos.

Uma sua irmã, supersticiosa como poucas, incutiu-lhe no espirito a idéa de que não se abre o céu pra as mulheres que não concebam, urgindo por isso que ela tratasse de crear... qualquer coisa, emfim.

A Pelica lembrou-se então de chocar ovos de galinha! Fez um anaco de la, onde meteu o ovo, agazalhando tudo no proprio seio. Com efeito, passado o praso, nasceu un pintainho! Este cresceu e andava sempre atraz da autora dos seu dias até que de um momento pra outro desapareceu.

A Pelica lembrou-se então a operação do saco, vindo á luz um novo pinto, que a mulhersinha instalou numa arca, onde lhe ministra a subsistencia.

O caso tem produzido natural hilaridade, a pesar de se reconhecer o fundo lamentavel em que assenta: o fanatismo.”

Linvos o recorte na mesma lingua portuguesa en que foi redautada a noticia, pra lle non quitar ningunha gracia, xa que todos por eiquí entendemos ese idioma fillo do noso.

E agora decirme si esa muller que pra salvara ialma se convirte en galiña, non é un caso pra facer rir hastra ós croios do camiño, e si ese caso de estúpida superstición, non val por todos cantos hai por eiquí.

E tamén é perciso reconecer que tocante a inventar cousas pro corpo ou pra ialma, inda nadie nin a nosa eminente doutora Doña Matilde, chegou a tanta altura como esa portuguesa dos seus pecados, que pra conseguir que San Pedro lle abra as portas do ceo púxose a chocar ovos.

¡Canto hai que ensinar aínda, pra abrire os ollos que están fechados á luz da razón!

¡E logo inda din que Portugal non tiña motivos pra cambeare de forma de goberno!

Ahí tendes os froitos do antigo réxime, en que o Trono e o Altar, asociados, deron ó país veciño.

E era natural que alí onde os cregos se tiñan convertido en galos trunfadores, houbera mulleres como Emilia Pelica, que acabaran por ser galiñas.

Chuco de Canedo

A desgracea dun premio

Cando a roda da fortuna se cansa de andar pra un lado, desanda o camiño andado, e roda pró outro.

Mais tamén cando lle dá por non cambear, roda de cote pro mesmo lado, e si por cuaselidad é pro lado bo, xa pode un empeñarse en facer toda cras de burradas en andar a puntapés co diñeiro, en asoballar as xentes, en rirse da xusticia, en bulrarse das mulleres e en tomar a borma todas as cousas diste mundo e mais do outro.

Nada diso lle dará polos fuciños: as mulleres correrán detrás del, os probes e os ricos sacaranlle a monteira en sinal de respeto, sairanlle ben todos os negocios e nadará no diñeiro, coma se este lle entrara pola chimenea, polas ventáns e mais pola porta.

Polo contario, si a sorte se empeña en maltratar a calquera, xa pode este poñer todos os santos en novena, confesarse e comulgar cada oito días, tratar ben a toda a xente, xugar á lotaría, bicarlle a man ó abade, arrastrarse ós pés do cacique, tratar de Usía ó propio aguacil do Xuzgado, tomar a cédula todos os anos e non deixar nunca de pagar os foros, anque teña que vender a camisa.

Nada diso lle valerá, porque a roda condenada e treidora da fertura rodará ó rivés pra el, e non haberá forza humana que lle faga dar volta.

Sin ir máis lonxe, ahí tendes a Manuel o Retellado. Xa sabedes que é honrado, traballador, bo cristiano, bo pai, millor esposo, que confesa cuasque todos os días, que nunca falta á pirmeira misa, que hastra lle quita o chapeu ó cabalo do alcalde e nunca maltratou a nadie, nin de obra nin de palabra.

Pois a pesar de todo iso, e o home máis desgraciado deste mundo.

Procura ter na súa tenda os millores artigos, vende con toda a concencia, dá o peso xusto e trata ben ós parroquianos. E a pesar diso, a xente foxe da tenda del pra do Fura Pelexos, que vende barro por canela, area do río por zucre, solas de zapatos vellos por bacalau e cal viva por fariña; que rouba no peso, non contento inda con dar todo falsificado; que trata ós parroquianos coma se foran cans; que malla na muller e nos fillos, coma en trigo; que nunca cédula, consumo nin contrebución agunha.

¿Queredes, pois, sorte máis desleigada que a de Manoel Retellado?

Pra que véxades hastra onde chega o seu sino, quérovos contar unha das cousas máis condenadas e ruíns que lle sucederon.

Ocurriúselle xugar á lotaría, e coma o importe dun décimo era moito pra el, deu participaciós ós poucos foreiros que lle non fuxiran da tenda.

Coma é de supoñer, non lle tocou. Volveu a xugar na mesma forma, e tampouco lle tocou dista vez.

Así sucedeu nunhas cantas xugadas, hastra que o demo lle meteu na cabeza unha idea que el coidou que era boa.

—Xa que nunca me toca —dixo— eu podo negociar coa miña mala sorte.

E encomenzou a dar máis participaciós das que debía, coidando que os premios non eran pra él, xa que a sorte fuxía da súa veira.

E socedeu que pra xugada derradeira, mercou un décimo de tres pesetas e deu participaciós por valor de tres duros. Pois tocoulle nada menos que o premio gordo.

¿Queredes bulra máis grande que a que lle fixo nista ocasión a sorte?

Boeno, pois ahí o tendes na cama, e si chega a erguerse, ha de ser pra ir dar cos seus ósos á cadea, porque como non ten con que pagar tantas participaciós como deu, os partíipes hanllo de querer sacar das costas.

Chuco de Canedo

Un apóstol astrevido

Anque digan certas xentes que todo progresa, que todo adianta e que todo vai pra arriba, non fagades caso. Porque haivos cousas nas que en lugar de adiantar, atrasamos.

E se non, vamos a ver: ¿as cousas da eirexa teñen agora a mesma solemnidá que noutros tempos? ¡Que van a ter!

¿De cando acá se pode comparar a fe de hoxe, que a dos sigros pasados?

Ben o conocen os cregos e ben fan eles en rosmar sempre que lles cadra, contra as ideas novas que lles tornan a xente da veira deles.

Quedamos, pois, en que nin todo adianta, nin todo progresa. E unha proba, é o seguinte:

Hoxe en ningunha eirexa se fan representacións teatrales. Pois noutros tempos, si. E si algunha beata vos chama herexes por decir iso, contestarlle que vaia rezar e aprender.

Esas representacións teatrales, eran comedias talmente ditas, pero que tiñan por asuntos, temas relixiosos.

Había tamén outra cras de representacións, e a estas era ás que eu me iba referir, pra contarvos unha certa escena que me contou meu abó.

Consistían en presentar con persoas vivas, nos días da Somana Santa, esceas da Pasión e Morte de Noso Señor Xesús, mentras o predicador, dende o púlpito, iba explicando ditas esceas.

Nunhas partes facían o desencravo, noutras o encontro na rúa da Amargura, noutras o xuzgamento, e outras esceas polo estilo.

No povo onde vivía meu abó, había un crego que lle tiña moita afición a istas cousas, e todos os anos armaba algunha.

Un ano fixo o desencravo, e botou man, prós personaxes da escena, duns cantos veciños moi xeitosos pra tales cousas.

O papel de Xesús deullo a un zapato dabondo espavilado e que xa outros anos tiña feito papeles de importancia.

A filla do tal zapateiro, que era unha raparigiña bunita e garrida coma un repinaldo, encargouna de representar á Virxen María.

Pra facer de San Xuán, o apóstol máis amante do Divino Maestro, buscou a un rapaz falangueiro e astrevido, que parez que non vía con malos ollos á filla do zapateiro.

E deste xeito foi repartindo papeles, hastra compretar o número dos personaxes que había de tomar parte na representación viva do desencravo.

Chegou a tarde do Viernes Santo, encheuse a eirexa de xente, subiu o predicador pró púlpito, correuse unha cortina, e apareceu onda o altar maior, a

escea do Calvario, cando Xusé de Arimatea axudado polas santas mulleres de Xerusalén e outros devotos, se porparaban pra baixar o Santo Corpo da Cruz.

Encomenzou o sermón, e como o pradicador era bo, a xente estaba toda fixa nel, mentras non encomenzan os martillazos do desencravo.

O zapateiro, cravado na cruz, agardaba impaciente a hora de que o baixasen, pois vestido como estaba cun traxe de punto, encomenzaba a ter frío.

E como tiña a cabeza baixa, facendo de morto, de vez en cando, abría un pouquiño os ollos, e vía ó pé da cruz, súa filla a unha banda, e o rapaz que facía de apóstol Xuán, á outra.

E viu tamén que Xuán pasaba unha man por detrás da cruz e facíalle cóxegas nas costas á rapariga.

Déronlle ganas de baixar, e quebrarlle os fuciños ó astrevido apóstol. Mais como estaba ben amarrado, tivo que aguantarse.

E, nada, o lampantín seguía facéndolle cóxegas á nena aporveitándose de que naqueles instantes nadie reparaba neles.

O zapateiro empezoulle a fuxir o frío e a queimarlle a pel o fogo da rabia. E no instante en que o crego decía:

—Aí tenedes hermanos míos, la muerte vil que aquellos beduinos le dieron al Redentor, dimpues de facerle trinta mil aldraxes.

—Pois solo me faltaba isto —exclamou o zapateiro polo baixo: —que has tra San Xuán se subira ás barbas.

Pro deixa estar, apóstol de m. —aguerrou —que (...) en ser Cristo eu che farei tamén cóxegas co tirapie.

E así que acabou a cerimonia, o rapaz tivo que fuxir da eirexa vestido como estaba de apóstol, porque o zapateiro cando o baixaron da cruz, brincou enriba del, que mesmo parecía que o quería comer.

Chuco de Canedo

Un corto de vista

¿Seica vos causa extrañeza que eu veña hoxe con vidros diante dos ollos? Pois, meus amiguiños, isto évos a última moda.

¿Non tendes arreparado que cada vez hai máis xente con lentes, gafas e antiparras de todas as crases? ¿E coidades que é porque á Humanidá se lle vai acabando a vista? Nada diso.

Os homes ven hoxe o mesmo que vían antes. ¡E hai cada un, que mesmo se perde de vista!

O que pasa é que iso de aparecer corto de vista ou vista cansada, sempre dá certa distinción, e ademais, ten moita comenencia, porque xa se sabe que o que é corto de vista, é largo de man.

En troques hai quen sendo máis miope que unha porta pechada, non quer confesar o seu defeuto, e anda sin vidreiras diante dos ollos.

Isto, como podedes reparar, ten os seus inconvenientes e dá ocasión a fortes equivocacións.

Un amigo teño eu, que é dos tales e ó que lle teñen socedido cousas moi chuscarrandeiras, por non querer confesar que cuasque non ve nada.

Nantronte tropezou coa ama do crego, e coidando que era unha señora feita e dereita, sacoulle a pucha hastra o chan, dicindo ó mesmo tempo:

—A los pés de vostede.

Outro día, indo eu con el, díxome todo admirado:

—¡Que chapeu tan elegante leva ista señorita!

E o que levaba a tal, era unha patela de sardiñas fresquiñas, que iba vendendo.

Pero o que máis gracia me fixo de todo canto lle ten socedido, foi o seguinte:

En certa ocasión estivemos os dous a baños en Vigo.

Ós dous ou tres días dealcontrarnos en aquela cibdá, viu o meu amigo decíndome que estaba anemorado dunha rapaza moi bunita e lauzal, que vira asomada a un balcón toda vestida de negro.

—¿E ti como sabes que é bunita e lauzal? —pergunteille eu.

—Porque a vin con estes olliños da cara.

— Olla que ti eres medio cego, e non sea o conto que te vaias a enganar e o que coidas que é unha rapaza, sea unha vella escangallada.

—¡Que me vou a enganar! —contestou todo enrabeado.

—Boeno, polo si ou polo non, hasme de levar onda a casa disa muller.

—O que queres ti é roubarme o seu amor.

—Home, non seas parvo.

Non quixo que eu o acompañase, pra ver si a tal dona era unha rapaza ou unha vella, e no pecado levou a penitencia.

Non tiñan pasado outros dous ou tres días, cando chegou onda min todo enmurriñado, como sardiña en salmoura.

—¿Que che pasa, ho que che pasa? —pergunteille.

—Nada, que máis valera que ti me acompañaras, como querías.

—¿E logo?

—Que a tal rapaza...

—¿Resultou vella?

—Pior.

—¿Como pior?

—Si, home, si, pior.

—Pois non te entendo.

—Verás. Hoxe pola mañán, escribín unha carta na que lle decraraba o meu amor á tal rapaza que Deus confunda, e fun tratar de facela chegar ás súas mans.

Púxenme á porta, e cando saíu a criada pra ir á praza, metinlle dúas pesetas na man, e díxenlle: “Fágame o favor de darlle esta carta á súa señorita”.

—“¿Que señorita?” preguntoume ela toda admirada.

—“A súa”.

—“Si eu non teño señorita.”

—“Entón ¿quen é isa que se asoma ó balcón toda vestida de negro?”

—“Meu amo”.

—“¿Pero seu amo gasta saias?”

—“Pois craro ¿non ve que é o crego do reximento?”

Chuco de Canedo

A industria de casar

Fai quince días, ó abrire O TEA e poñerme a lere o que traía escrito, tropecei coa noticia da fuga dun saxofón, que por fuxir máis de presa, esqueceuse de pagar a pousada.

E dixeran pra os meus botóns:

—Si era fraco de memoria, a cousa non tivo nada de particular.

E xa cuasque me esquencera da tal noticia, cando fai oito días, no número derradeiro de O TEA, tropezo coa noticia doutra fuga.

—Home —dixeran entón pra a miña monteira —isto éche andacio, ou quizabes cousa da primavera.

Lin con máis atención a noticia e ¡nunca Dios me dera! Vin que se trataba nada menos que do director dun valente preódico do distrito, rapaz moi xeitoso e agudo.

Pero este meu amigo e compañeiro, non fuxiu, coma o do saxofón, esquecéndose de pagar a pousada.

En troques, tivo medo de ir soilo por eses mundos adiante, e botou man dunha mociña que eu non conecía, pero que según me teñen dito, era bastante ben parecida.

Xa sabía eu que o rapaz era de gusto, pero ¡vamos!, iso de fuxir “os dous solos en compañía” non é cousa que se poda consentir.

¿Non era millor pasar antes por diante do abade, escoitar a epístola de San Pablo, oír misiña, ceibar trece moedas nas mans da rapaza e recibir unha bendición?

Se antes de nada fixera todo iso que non custa traballo ningún podía ir pra onde quixera, sin que naide lle tivera que decir, e ademais diso, o abade non quedaba coma quedou, coa boca aberta.

Porque figurarvos que todos fixeran o mesmo: é decir, que todos fuxiran sin casarse antes: ¿que perda tan grande non iban a ter os que de facer casamentos viven?

Todas as industrias se están poñendo malas. Esta de casar xente inda estaba ben boa, porque sempre hai que facer: no inverno, porque é inverno e o calor de dous corpos, sempre é maior que o de un soilo; e no vran, porque antre dous, alcóntanse millor sitios frescos onde pasar as horas de calor.

Pero como vedes, tamén esa industria comenza a ter crisis, como a das conservas.

Hai que facer por que non corra o exempro desas piringalladas, porque anque sean feitas en castellano puro representan unha perda grande pra unha das industrias máis importantes do país, como é a de facer casamentos.

Xa sei que anque se perdera esa industria, non se acababa o mundo; pero a industria sempre é industria, e as cousas ben feitas, ben parecen.

A non ser que se alcontre un no caso en que se alcontrou un certo crego portugués, dimpois de que a República autorizou ós pais de almas que tiveran fillos (no verdadeiro sentido da palabra) pra lexitimar a situación destes, casándose coa nai.

O tal crego, abrigado por deberes de concencia a casarse coa rapaza que lle tivera dado fillos, non pudo facelo, porque a lei non o autorizaba pra casarse máis que con unha.

¡E el precisaba ser mouro, pra cumprir con todas!

Chuco de Canedo

Unha ialma en pena

¿A vosoutros, mozas e mozos que me escoitades, nunca se vos apareceu a compañía, o trasno, un lobisome nin siquiera unha ialma en pena? A min tampouco; mais non anda lonxe de eiquí certa veciña que unha noite tivo unha vesita do outro mundo.

Non vos asustedes, e ti, Marcela, non tapes a cara, co medo, que a cousa máis ten de risa que de susto. Poñede atención e veredes como foi.

A tal veciña quedou viuda. O defunto era moi celoso e, cando inda estaba vivo, adoitaba decirlle:

—Si eu vou diante de ti, non penses en volveverte a casar. Sinón, aparézote.

Ela encomenzou tomando ista ameaza a broma, e acabou por creela. Así foi que ó morrerlle o home, xa non pensou en se tornar a casare.

Mais como era nova, bunita e con catro cartos na faltriqueira, non faltou quen ollara pra ela con certa cobiza. Pro ela, cando se deu conta de que algún mozo lle andaba facendo as veiras ás portas do corazón e mais ás dos cartos, acordouse máis que nunca da ameaza do defunto e fixo maior propósito de seguir viuda.

Mais o demo, que todas as cousas enreda, fixo que unha tarde, ó vir a viúda do muíño, se alcontrara nunha corredoira co mozo que se enteresaba por ela.

Detívose o mozo e faloulle, e a ela non lle quedou outro remedio que deterse e responderlle. Mais fixoio tremendo dende os cabelos hastra os pés, por medo ó defunto. Cando quixo seguir o seu camiño, non puido, porque a congostra era estreita e o mozo atrancábaia coa moca. Rogou ela, e ó fin deixouna el seguir, mais non sin darlle unha aperta, que ela non puido evitar.

Mais morta que viva chegou á súa casa, e pensando soilo no defunto, hastra se esqueceu de atrancar a porta. Xa estaba anoitecendo, e a probe da viúda, co medo que tiña, tratou de se meter no leito, cuasque sin cear.

Xa tiña encomenzado a despirse, cando sentiu que alguén entraba pola porta. Quedou como cravada ó chan, cos ollos ben abertos e a léncoa pegada ó ceu da boca, agoardando ver aparecer pola porta do cuarto, a ialma do seu home.

Os pasos do que entraba pola casa adiante, oíanse cada vez máis perto. O defunto adoitaba gastar zocos, e o que entraba tamén os levaba. Non había duda, era a ialma do marido, que viña tomar contas á probe da muller, por se ter deixado abrazar na corredoira.

Apareceu un bulto na porta do cuarto, e a viúda caeu de xinollos, decindo antre bágoas:

—¡Perdón, Moneliño, que eu non che tiven a culpa!

O aparecido riuse con risa de parbo, botoulle as mans á viuda e enco-
menzou a facerlle caricias.

—¡Perdón! —tornou a decir ela.

E a contestación foi un bico ben dado. Polos modos, o defunto viña con
ganas de festas. Dimpois do bico deulle unha aperta; e non houbo máis, porque
nisto oíuse na porta da casa unha voz de muller, que decía:

—¡Rebustiana! ¡Rebustiana! (iste era o nome da viúda) ¿non o viches?

Cando tal oíu, o aparecido botou a correr e pinchou por unha ventán.

—¿Non o viches, Rebustiana? —tornou a perguntar dende a porta.

—¿A quen? —respondeu a viúda inda tremendo co medo.

—Pois el entrou eiquí.

—O que vin foi a ialma do meu defuntiño —dixo Rebustiana indo de en-
contro prá veciña que lle falaba.

—¡Que ialma nin que rabo de gaita! ¡Si era o parbo de Fornelos, que che
anda hoxe danado e tamén quixo entrar na miña casa!

—¡O parbo de Fornelos! —marmullou Rebustiana.

—Pois léveo o demo si che parecía parbo...

Chuco de Canedo

¡Que aporveite!

Xerónimo Trincacodias é un deses galegos que con soilo botar un par de anos fóra de Galicia e ganar catro cartos e medio, xa se esquencen da lingua nativa, coma se nunca a tiveran falado, e asoballan a todos cantos teñen menos que eles.

Eu non sei por que xeito, Xerónimo gañou en Madrí dous ou tres miles de pesos, e cando volveu pra a terra, todo era pouco pra el.

Ós seus compañeiros da mocedá, ollábaos cuasque coma se foran cans, e ás rapazas do seu tempo, non as trataba millor.

Soilo se xuntaba co médeco e o crego, e algunha que outra vez, co maiestro de escola, porque decía que os demais nin xiquera sabían falar.

¡Craro! como el tiña estado en Madrí, parecíalle que os seus veciños, por non falar coma el, ladraban coma cans.

Cando chamaba xornaleiros pra traballarlle as leiras que mercara, armarlle as viñas ou retellarlle a casa, tratábaos de ladróns, que lle roubaban o diñeiro. ¡E faltaba saber coma tiña feito el o seu capital!

Aquilo era talmente non poder aturalo.

Meteuse en política e como podedes calcular, púxose ó lado dos caciques grosos da provincia; non ó lado dos que loitaban pola libertá dos povos.

Ó pouco tempo, el tamén era cacique na aldea, e alí non se facía nada nin bulía nadie sin que Xerónimo o consentira.

Todo isto foi creando un estado de ánimo nos seus veciños, que a calquer outro home que non estivera cheo de soberba como Trincacodias, habíalle meter respecto.

Pro el non vía nin oía senón aquilo que lle conviña, e polo que toca ós seus veciños, desperciabaos moito, pra terlles medo.

Antre os terrenos que mercara, había un que non tiña valor ningún, porque estaba un pouco lonxe da carretera e alcontrábase rodeado dos doutros veciños.

Valéndose das súas influenzas, conseguín que o Auntamento acordara abrir un camiño que a ninguén máis que a el favorecía, porque lle paraba ó ladiño do tal terreno.

En troque, á maioría dos outros propietarios, reventábaos, porque a uns cortáballes ó medio as leiras, e a outros deixáballas tan pequerrechas, que lles non servían pra nada.

Protestaron os perxudicados contra o acordo, pero no Auntamento non lles fixeron caso.

Perderon o tempo e por enriba inda tiveron que aguantar as bulras de Trincacodias.

Abríuse o camiño, e Xerónimo levou a súa soberba hastra o punto de facer que o Auntamento acordara poñerlle o seu nome.

Cando apareceu ó comenzo da nova vía unha praca esmaltada co letreiro “Calle de Xerónimo Trincacodias” houbo quen quiso arrincala, pro nade se astreveu.

Sin embargo, o desexo de vengarse daquilo e de todas as aldraxadas de Xerónimo, quedou frotando como un vento de tempestad enriba da aldea.

Non faltou quen por medo ou servilismo lle fora contar a Trincacodias, que os veciños andaban enrabechados con el, e contestou:

—¡Bah! Buen miedo le ten el obispo a los cléregos.

—Mire que o do camiño sentoulle moi mal.

—Esa ya me la tenía yo tragada.

E non volveu a coidarse máis do asunto.

Unha mañán apareceu a praca que tiña o nome de “Calle de Xerónimo Trincacodias” toda chea de...

Boeno, xa podedes supoñer do que sería, cando eu non mastrevo a decilo.

O caso é que a cousa fedía tanto, que a xente, ó pasar por onda a praca, tiña que tapar os buracos do nariz co pano do bolso, e apertar o paso.

E cando lle foron decir a Xerónimo o que pasaba, pareceulle moi mal, e preguntou:

—¿Pero el es cierto que me untaron el nombre con... iso?

E recordando bu xa o tiñan aviado, respondeu:

—¡Pues esa ya me la tenía yo tragada!

Chuco de Canedo

O cabelo dourado

Esta mañán, ó pasar a carón do muíño, vin que saía de alí unha moza cun cabelo dourado coma as raiolas do sol, que mesmo daba xenio.

Quedeime ollando pra ela, todo admirado e ó chegar onda min, díxome a tal rapaza:

—Dios te garde, Chuco.

—¡Congrio! —contestei inda máis admirado —¿Pro eres ti, Xabela?

—Eu mesma. ¿E logo non me conecías?

—Abofellas que non.

—Home, pois eres ben curto de vista.

—Non, si non é iso.

—¿Destonces?

—E que ti antes tiñas o cabelo tirando a negro, e agora aparécesme con el máis dourado que as onzas peluconas... cando as había.

—Engánaste, ho, engánaste, porque eu sempre che tiven o cabelo así.

—¡Leria, leria!

E seguimos cada un o noso camiño; ela coidando que me tiña feito comulgar cunha roda de muíño, e eu pensando no que fan as mulleres pra andar á moda.

E a moda, polo visto, tira agora pra os cabelos dourados.

¡Home! A propósito disto, heivos contar unha cousa que se me lembrou agora.

Un certo amigo meu da vila, rapaz de boa pasta e máis inocente que unha rula, anemorouse dunha rapariga de cabelos coma o sol. E foron percisamente istes cabelos o que máis lle gustou na moza.

Tanto era isto así, que según decía, si de dourados que eran, se volveran os cabelos negros ou castaños, a el acabábaselle o amor.

Mais o que non sabía o probe, era que os cabelos da rapariga, non tiñan aquel color natural, senón pintado.

Caro custaba o tinte, mais o resultado foi de primeira. Como que dimpois de darlle aquel color tan bunito ó cabelo, propoucionoulle un novio que acabou en marido.

Ela coidaba de que nunca lle faltara o tinte, e facía ben, porque dende o instante que lle faltara, corría peligro de quedar sin home.

Na tenda onde llo vendían, dixéronlle un día que foi mercalo, que tiñan recibido outro de distinto frabricante, que era máis barato e que daba millor resultado.

Inda naide o tiña porbado, pero o frabricante garantiza iso, e non había por que temer outra cousa.

Mercou a boa da muller o novo tinte, marchou pra casa, e de alí a unha hora volveu á tenda.

Levaba a cabeza toda cuberta cun pano de seda, e polos ollos saíanlle unhas vágoas como avelláns.

—¡Ai, Dios mío, o que me fixeron vostedes! —dixo ó entrar —¡Isto acaba comigo!

—¿Que foi, señora? —preguntou o tendeiro todo espantado.

—Olle vostede pra eiquí —contestou ela desatando o pano e deixando a cabeza descuberta.

O tendeiro tivo que agarrarse ó mostrador, pra non cair redondo. O pelo da muller, tiña en vez da cor do ouro, o das amapolas.

En lugar de tinte pra o cabelo tíñallo dado pra pezas de roupa, e pra máis, encarnadiño, que mesmo metía gusto.

—Vólvase pra casa —dixo por fin o tendeiro —que logo irei eu lavarlle ise pelo e darlle outro color.

—O caso —contestou a muller —é que o meu home vai ir logo a xantar, e non hai tempo pra iso.

—Pois entón métase na cama, faga o enfermo, tape ben a cabeza, e cando marche o seu home, mándeme recado.

Fíxose desta maneira, mais como o tinte era de lei, non foi pusibre facelo saír, e a probe da dona quedou co cabelo bermello pra unha temporada.

E foi bastante pra que o home soupera todo, e vendo que a muller o tiña enganado, deixouna e marchouse pra América.

E alí, según me contaron, cada vez que ve unha muller de pelo dourado, foxe dela coma do lume.

Chuco de Canedo

A verdadeira redención

Na miña vida vin cousa igoal á que está pasando: cada día aparécelle ó agricultor gallego, un novo redentor.

Antes, quen quixera meterse en pulítica, tiña que agarrarse ós faldóns do cacique, e chegaba onde quixera ir.

Pro os tempos fôronse poñendo un pouco atravesados pra isa cras de papantes, e tiveron istes que inventar outro estrevillo.

A trécola do cacique empezou a non dar resultado, porque os petrucios galegos, comprendendo que eles eran a forza e os verdadeiros amos, axuntáronse e decrararon a guerra ós mandicantes.

E ó ver tal cousa, os que antes se agarraban á lambita do cacique, enco-menzaron a faguerlle o amor ás cirigolas dos agricultores.

E comenzaron a saír redentores, que isto é un alaudar a Dios.

—Xan Petrucio —dille un— ti xa non debes sere o manso boi galego, enri-ba de cuxo lombo todos teñen dereito a mallar. Ti debes ser libre, e o camiño pra conseguilo, non che é outro máis que o que eu te amostró.

—Entendo, entendo —contéstalle Xan Petrucio, rañando na cachola, e rindo por un lado soilo, como fan ás veces os cans (mal comparados) cando lle andan fagundo a rosca ás canelas de calquer ciudadano.

—Xan Petrucio —excrاما outro redentor, —non ademitas máis amos que te manden e escravicen. Faime caso a min soilo.

—Vou axiña —respóndelle Xan, cusbindo nas mans e axeitando a moca.

E detrás dises redentores, foron vindo outros e outros máis, hastra chegar a formar un reximento.

Como eles son tantos, tivo que habelos de todas as crases; cregos e per-soas; diputados a Cortes e concexales; diputados provinciales e alcaldes pedá-neos; abogados e porpietarios; brancos e amarelos; altos e gordos; baixos e fra-cos. En fin, redentores de todas as feituradas e pra todos os gustos.

Antes os pulíticos chamábanse liberales ou republicanos; conservadores ou carlistas; da dereita ou da esquerda. Ahora ó menos eiquí en Galicia, todos son agrarios.

E o caso é que con tanto redentor agrario, os petrucios siguen tolleitos a impostos e trabucos, a mocedá sigue fuxindo pra América, os foros inda están sin redimir (e estaranos hastra que Dios queira) e se non se fan con nosco tan-tas aldraxadas como antes, é porque os labregos se xuntaron e as Sociedades de Agricultores impoñen certo respeto.

Pro en troques, temos unha chea de redentores, que mesmo dá xenio.

E penso eu que non ven eiquí moi fóra de lugar aquilo que Salmerón dixó, fai nove ou dez anos, a Xan Obreiro:

“Redímete da túa escravitú; mais antes redímete dos teus redentores”.

E sigámonos xuntando nas Sociedades de Agricultores; escoitemos a voz dos que nos falan o linguaxe da verdadeira verdá; mandemos ó inferno ós redentores que antes foron caciques, ou criados de caciques, e confiemos soilo nas nosas forzas.

E entón si que será chegado o día da nosa redención.

Chuco de Canedo

Cousas do trasno

Hai persoas que cren coma no Evanxeo, nas ánimas do outro mundo, na compañía, no trasno, no lobisome e noutras cousas das mesma cras, que lles enchén a cachola e lles furtan o valor pra saír de noite ou pra ir, dentro da súa propia casa, dunha habitazón pra outra, ás escuras.

Mais en troques, hai tamen quen non lle ten medo a ningunha disas cousas e é home de recorrer de noite as congostras máis perigosas, e hastra de ir ó cimiterio, a calquer hora da noite, e de se poñer a falar cos defuntos, anque istes non lle respondan.

Un dises homes valentes é o meu veciño Xulián Pedrachoca. Pra il non hai demos, nin trasnos, nin bruxas, nin lobisomes, nin ánemas do outro mundo, nin compañías, nin nada diso. Quer decir, pra il non o había hastra ista noite derradeira, porque agora, co que lle socedeu, non sei se cambearía de maneira de pensar.

Verdadeiramente a cousa foi pra que a calquera se lle barreran unhas crenzas e lle viñeran outras.

Ista mañán cedo alcontrámonos ó saír da casa, e contoume todo o socedido. Veredes o demo como foi.

A iso da unha da noite, estaba el durmindo sin coidados, coma quen se alcontra satisfeito da vida, sin preocuparse do que tiña feito no día anterior, e sabendo que no outro día tiña que faguer o mesmo.

E cando soñaba que lle caíra a lotería, despertouno o ruído dunha cousa calquera que tiña caído ó chan, dentro da mesma casa.

—¿Quen anda ahí? —preguntou aixiña.

—¡Éche o trasno! —respondeulle a muller, que xa tiña despertado endenantes e estaba mortíña de medo, porque ela tiñalle tanto a todas aquelas cousas, que talmente somellaba que se lle tiñan xuntado no curazón, o medo dela e mais o que lle correspondía ó home.

—¡Que trasno nin que monicreques! Ehí anda xente, e vou ver quen é.

Antes de que tivera tempo de se erguer do leito, oíu coma se zorregaran unha manada de millo ou de calquer outro graú, e unha voz que decía:

—Bota brisca... Todos os tantos... Deixar vir hastra min.

—¿Non ves coma é o trasno? —preguntoulle a muller.

Xulián xa non estaba tan decidido a se erguer. Porque o que estaba escoitando, era talmente coma lle contaran que faguía o trasno.

—As de trunfo —seguiu dicindo a voz —Bota jé... Estamos chico a chico: marra o do viño.

Nisto ouise pra banda da cucíña, un anorme barullo, coma se tiveran caído dos todos os pratos, cuncas e tarteiras que tiña a dona de Xulián nos alzadeiros.

—Ise ladrón —dixo Xulián todo impaciente, mais ó mesmo tempo co seu migalliño de medo —acabounos coa louza toda.

—Non, home, non: o trasno fai que rompe mais non rompe nada. Xa verás como pola mañán cedo está enteiro e san.

Tornaron a rolar os graus de millo polo sobrado, e outra vez a voz do trasno se oíu que decía:

—¡Todos os trunfos!... ¡Arrastro!

E logo púxose a cantar ista cántiga:

“Tenjo el yuno, el dos y el tres;
tenjo el catro, y el cinco, y el seis;
tenjo el sete, la sota, el caballo;
tenjo el rey con la espada en la mano.”

Non había duda: aquilo era o trasno. ¿Quen senón iste era capaz de facer todo aquil barullo, todas aquilas cousas nunha casa allea?

—¡Eiqué está o pote das papas! —seguía o trasno.

E ¡pim! ¡pam! oiuse un ruído metálico, igoal que se lle tiveran pegado un par de bos martelazos ó pote e o tiveran esnaquizado.

—¡Ai o noso pote! —berrou Xulián.

—Non teñas medo, hom, que non cho quebra —decíalle, pra o acougar, a muller.

—Pouco a pouco foron parando os ruídos, as voces e mais os martelazos, hastra se non oír nada máis.

Xulián xa non puido durmir no resto da noite, e en cantíño que amañeceu, ergueuse e foi recorrer a casa.

No medio da salaalcontrou unha chea de millo ciscado, e aquilo xa lle non gustou, porque el tiña entendido que os ruídos do trasno eran semulados, non verdadeiros.

Seguiu prá cucuña, e alí o desgusto inda foi mor. Os pratos, as cuncas e mais as tarteiras, estaban esnaquizados de verdade. O díaño do trasno tiñalle acabado coa louza toda.

Non, pois o do pote, tampouco fora mintira. ¡Así rabeara o trasno coma o tiña fendido! E pra mor bulra, cabo dos anacos do pote, tiña deixado o martelo.

Xulián coidou que adoecía. Polas amostras, aquil trasno non era como os mais. E coma Xulián soupera que trasno fora, con aquil mesmo martelo habíalle poñer a cachola como o condergado deixara o pote.

Tremendo coa xenreira, foi chamar a muller, e amostrándolle todo aquil estrozo, díxolle mesmo a berros:

—¿Ti non dicías que era o trasno? Pois agora, o que eu debía faguer, era sacarche pra todo isto das costelas.

A dona botouse a chorar, cando viu toda a louza en anacos e o pote feito un monte de ferro vello. E Xulián, por non encomenzar a fungueirazos con ela, foi recadar o gando, pra ir traballar.

Mais de alí a un migallo, tornou onda a dona, berrando todo delorido:

—¡Ai, Maripepa, que estamos arruinados de todo!

—¿Que dis, hom, que dis? —respondeulle ela.

—¡Que nos roubaron a xunta de bois e mais a vaca leiteira!

—¿E quen foi?

—¿Que sei eu?... ¡O trasno!

Efeutivamente, o trasno tiña sido. Quer decir que, mentras uns ladróns roubaban o gando, outros fagúan de trasno, pra que Xulián e mais a parenta non sentiran arrombar a porta da corte e saír as bestas.

E agora que lle vaian decir a Xulián Pedrachoca que non hai trasnos.

Avelino Rodríguez Elías

Peor que o tabaco

Di un refrán moi sabido, que cada cabeza, súa sentencia; e iso mesmo é o que pasa co tabaco. Cada un fala del coma lle acomoda.

Uns din que é un veneno, e outros que non fai daño ningún. Este di que é un preservativo contra os costipados, e aquel repara que o que fai o tabaco, é alritar as vías respiratorias e poñelas en condicións de apañar cantas doenzas pasan por diante da boca do fumador.

En fin, que antre os mesmos médicos non hai unanimidá de pareceres con respecto ó vicio de fumar, pois mentras uns lle mandan deixalo hastra ó que se magoa un dedo dun pé, outros fuman e deixan fumar coma se isto non valera nada.

Por iso ven eiquí moi a conto o refrán aquel de que cada cabeza, súa sentencia.

Martiño Quinteiro era un fumador incorrexible, daqueles que alcenden un pitillo na punta doutro, e nunca tiña parado a cavilar se o tabaco lle facía ben ou lle facía mal.

Era, quezais, a única persoa do mundo que non tiña opinión acerca do vicio de fumar. Pra el non había máis que isto: tabaco bo e tabaco ruín.

Bo, xa se sabía, era o forte, que lle deixaba a boca ardente e lle queimaba os fígados, porque se así non fora, non podería chamarse bo fumador. De igoal xeito que o bo bebedor de augardente prefere a que lle rasca a gorxa coma un coitelo, á que non lle fai nada.

Tabaco ruín, pra Martiño, era aquel suave que pra moitos é “coma palla”. Pra el inda tiña ise tabaco outro calificativo máis baixo.

E socedeu que un destes días pasados, mercou na vila dous macillos de pitillos dises que antes se chamaban brigadieres; macillos que axiña encomenzou a gastar.

O primeiro pitillo non lle gustou, porque ademais de ser demasiado frouxo, sabía moi mal, coma se tiveran andado os gatos por enriba do tabaco.

—Isto non val nada —díxolle á muller que iba co el.

E tirou o pitillo a medio queimar.

Alcendeu outro, e ás dúas ou tres chupadas, tirouno tamén, todo enrabechado.

—Isto é un veneno. Isto é un solimán.

E entón xa non tirou soilo o pitillo, senón que meteu man ó bolso, e zorregou cos dous macillos no chan.

—Pero, home —decíalle a muller— mira que che custaron un can grande.

—¿E a miña vida non val máis que iso?

—Si, home, si; pero olla que un can grande non sealcontra todos os días.

Seguiron andando pra a súa casa, e a muller non facía máis que ollar pra atrás, coma se naqueles pitillos que o home tiña ciscado polo chan, lle quedara un anaco da súa vida.

E inda non levaba andados coarenta pasos, cando viu que dous ou tres mozos que iban detrás deles, ó ver os pitillos no chan, baixábanse e recollíanos todos.

—¿Ves? —dille a muller a Martiño —os pitillos que tirache ti, estanos recollendo aqueles mozos.

—Millor —repreicou Quinteiro moi incomodado. —Si eles queren envenenarse cos pitillos, que bo porveito lle fagan; que a min, pra envenenarme, xa vou tendo dabondo contigo.

Chuco de Canedo

O lobisome

Véñovos hoxe tan enrabeado, que nin humor teño pra contarvos ningunha cousa desas que todos os sábados vos conto eiquí.

E gracias que a estas horas non estou na cadea por facer unha morte.

E inda non sei se a certos badulaques desta terra, non lles poño as costelas nun feixe, se os chego pillar a xeito.

Porque o que me fixeron, non é pra menos que pra pagalo cunha boa tunda.

Figurarse que eu tiña un can de moita estima, que me tiña regalado un amigo, e que esta noite acabáronme con el a pedradas e a fungueirazos.

¿E por que? Porque a catro bárbaros metéuselles no cabazo que levan enriba do pescozo, que o meu can non era tal, senón un lobisome.

¡Cada vez que me lembro, mesmo adoezo!

Antra as moitas estúpidas creencias que inda eisen en Galicia, hai a dos lobisomes, que é das máis increíbles.

Consiste nunha fada que cai enriba dunha familia, cando nela hai sete fillos varóns seguidos.

Se ó nacer o meniño que fai o número sete, non é apadriñado polo seu irmán máis vello, pódese ter por certo que aquel será lobisome.

Cando chegue a mozo, polas noites háse de volver can e andar atravesado por corredoiras e agros, ouveando, pro sin facer dano a ninguén, hastra que amañeza.

Enton volverá prá súa casa, collerá de novo a forma de persoa, e meterase na cama.

Pouco dimpois erguerase coma as demais persoas da familia e irá traballar segun teña por costume.

E non val que lle pechen as portas, que lle atranquen as ventáns e que lle tapen todas as saídas da casa. El ha de saír sea por onde sea. Anque sea polo tellado ou pola chimenea.

Así andará o malpocado, hastra que o libren daquela fada.

Pra conseguir iso, hai que buscalo de noite, cando ronda polo lugar, e facerlle sangue cunha aguillada de carreteiro.

Tan prontiño como a punta da aguillada lle fura o couro e sai do corpo do lobisome unha pingota de sangue, desfaise pra sempre a fada, e o can, convertido en persoa, nunca máis perde a forma humana.

Perto do meu lugar, hai un pai que ten sete fillos varóns, que lle foron nacendo correlativamente.

Os parvos da veciñanza, deron en decir que o máis novo dos sete mozos era lobisome, e encomenzaron a buscalo de noite polas corredoiras.

E quixo a cuaselidá que onte á noite alcontraran o meu can, que tiña fuxido do eido, porque seica andaba en amores. E como o coor do can era parecido ó da roupa que estes días trai o mozo-lobisome, deron en decir os que o andaban buscando, que xa tiñan dado con el.

Un dos tales levaba unha aguillada, e algúns dos outros, por se a vara de carreteiro non daba resultado, tiñanse armado de fungueiros.

Ver o can e tratar de picalo coa aguillada, foi todo un.

Mais o can, que lles debeu de conecer a entención e que, polo demais, non estaba pra bormas, enseñoulles os dentes e porparouse pra defenderse.

—Non teñades medo, que non morde —decía un.

E o can, coma se tivera comprendido, rosmou forte, volvéndolles a mostrarlos dentes.

Adiantouse o da vara, e inda non estaba a dous pasos do cadelo, cando iste chimpou enriba del e chantoulle os dentes nun brazo.

¡Probe can! Todos os fungueiros caíron destonces enriba del, e os que non levaban pau, colleron pandullos, e antre todos, acabáronme co can en menos de catro segundos.

Unha veciña que despertou co barullo e coneceu o meu can, foime chamar á porta, pra que lle acudira ó animal.

Armeime dun revólver, mais cando cheguei ó sitio, xa o cadelo estaba morto, coa cabeza desfeita e o lombo molido a fungueirazos.

Os bárbaros que mo tiñan matado, corrían pola congostra abaixo, e inda lles zorreguei un par de tiros, mais xa lles non alcancei.

E máis valeu así, porque senón algún deles estaba agora morto e eu na cadea.

E aquí tiñades a un home perdido, por mor da estúpida creencia nos lobisomes.

Chuco de Canedo

A nai dos lobos

Algúns amigos que o sábado derradeiro me ouviron contar a morte do meu can, fixéronme unha pregunta, que vou contestar en público, pra que todos vos enteiredes, si é que non sabedes xa do que se trata.

A pregunta dos tales amigos, era lata:

—Si cando nunha familia hai sete fillos varóns seguidos, o derradeiro é lobisome, caso de non ser apadriñado polo máis vello ¿que socede cando en lugar de varóns, son femias?

Pois socede, amigos e compañeiros, que a máis nova, se a máis vella non foi súa madriña, vólvese nai dos lobos.

Craro que, en realidá, non hai nada disto, mais así como hai quen cre nos lobisomes, tamén hai quen coida que iso de nai dos lobos é certo.

Non pensedes que iso da nai dos lobos é porque teña fillos desa raza. Chámanllo, porque de noite foxe da casa, anque lle atranquen portas e ventáns, e vai pró monte, onde xunta os lobos todos ó seu redor.

E así coma o lobisome deixa a forma de persoa, pra se converter en can, a nai dos lobos conserva a súa forma de muller, soilo que cando está no monte cos seus fillos, non ten roupa ningunha que lle cubra o pelexo.

Cando ten os lobos todos ó seu redor, ela guíaos e mándaos pra onde hai rebaños ou pra onde teñan tallada.

Igoal que o lobisome, ó amañecer, volve pra casa, déitase, e cando é hora de erguerse a xente, érguese ela tamén.

Hai quen di que a nai dos lobos perde esa fada ó casarse, e hai quen di que non.

Se a muller que se alcontra nese caso ten a sorte de atopar cun home que non faga caso ningún de estúpidas creencias, pódese casar, ter fillos e ser feliz hastra que lle chegue a súa hora.

Pro se soilo alcontra no seu camiño mozos tan brutos coma os que me mataron o can, coidando que era un lobisome, pode contar con quedar solteira pra todos os días da súa desgraciada vida.

Xa está contestada a pregunta que me fixeron algúns amigos dos que me ouviron contar a morte do can.

Como vedes, a creenza nos lobisomes e nais dos lobos, non pode ser máis estúpida.

Afertunadamente non é das máis extendidas por estas terras gallegas.

Sin embargo, eu aporveito ista ocasión, pra rogarvos que traballedes en contra dela, e que a onde vosoutros non vaiades, que mandedes, hastra que de tal superstición non quede nin o recordo.

Porque o petrucio a quen lle dá súa dona sete fillas, xa ten dabondo con mantelas, pra que enriba lle non deixen casalas todas, decindo que unha delas foxe de noite do leito pró monte.

E perdoar que hoxe me puxera tan serio neste palique somanal.

D. Amado tenme moi recomendado que vos conte cousas paveras que vos fagan rir.

Pro ¿que queredes? Dendes que me mataron o can, ando cheo de melancanía e non teño humor pra nada.

Chuco de Canedo

Un rapaz chistoso

Xa sabedes o que a propósito do que lle parecen os fillos a seus pais, dixo Miguel de Cervantes no prólogo do seu Quixote. Parezlle a un pai que as cousas que din e fan seus fillos son para ademirar ás xentes, e van contándollas ós amigos como gracias e donaires.

Non con esas mesmas palabras, mais si con igoal pensamento rematou aquel gran escritor un dos primeiros párrafos do tal prólogo.

E antes de que me preguntedes a que ven o lembrarme eiquí de Cervantes e do seu Quixote, direivos que a tal cita ven moi a conto, porque o que vou contarvos hoxe, trata mesmamente dun pai que ten un fillo e a quen este lle parez unha cousa tan maravillosa cal outra non hai.

Fai poucos días persentouse con el, no comercio dun amigo, onde tiña que facer algunhas compras.

Mentras estiveron ocupados nas cousas do negocio, o comerciante non reparou no pequeno, que apartado para un lado da tenda, ollaba para todo aquilo con ollos que talmente eran de parvo.

Debaixo dunha gorra de visera que lle cobría da cabeza moito máis do que debía, porque lle estaba moi grande; escondida media cara polas lazadas dunha corbata anorme; cunha blusa a cadros encarnados, amarelos e verdes; medidas as mans nos bolsos do pantalón azul; coas pernas un migallo arqueadas, porque é algo zambo, e os pés metidos nunhas botinas que lle estaban millor ó abó, o tal rapaz parecía un monicreque de fogo deses que queiman nas romerías e que dimpois de dar mil voltas ó redor e facer corenta estremonías, foxen polos aires, cunha bomba dentro da cabeza, que lle estoupa aló enriba.

Cando seu pai e mais o comerciante acabaron de arreglar os seus asuntos, reparou o segundo no meniño, e reventando por rir, preguntou:

—¿De quen é iste rapaz?

—É meu –contestou o pai todo cheo de argullo.

—Ten boa pinta –dixo entón o comerciante, tratando de agardar ó parroquiano.

—Élle moi listro –contestou iste.

—Si ¿eh?

—Xa o creo. Sabe ler, escribir e de contas, cuasque sin que naide lle ensenara.

—¿Que fenómeno!

—Vai ver vostede. A ver, Antoniño ¿como di alí?

O rapaz ollou para onde lle amostraban e leu cuasque dun tirón:

“Perco figo”.

(O letreiro decía: “Precio fijo”).

—Moi ben, moi ben —dixo o tendeiro tapando a boca coa man, para non estoupar coa risa.

—Pois agora vai ver como sabe de contas —aguergou o pai —A ver, Antoniño ¿cantos son dous e dous?

—Catro.

¿E nove e nove? —perguntou o comerciante.

...

Chuco de Canedo

Chuvia de doutoras

¿Lembrádesvos de ter lido no *Tea*, fai quince días, a noticia do timo de que foron vítimas dúas conveciñas nosas, que mercaron unhas quincalladas de latón e vidro, por alaxas de ouro e pedras finas?

Boeno, pois hoxe vou a contarvos eu outra cousa que por tratarse dun segundo timo, demostra que mentras media humanidá se vai aparvando cada vez máis, a outra media corre tanto, que cuasque xa se perde de vista.

Fai perto dun ano que vos falei da tunda que pra sacarme vintecinco pesos e un ferrado de millo, me deron na casa da nosa célebre doutora doña Matilde.

A pesar de que volo contei pubricamente, coma quen di á *vendita púbrica*, nadie se meteu coa sabia muller, que seguiu exercendo a meiciña, coma se realmente tivera o título de Doutora.

E coma o tal exercicio dá bon resultado pra a faltriqueira, ademais da impunidá, non faltou quen quixera imitala.

E tan aporveitadas saíron as discípolas, que parecéndolle cativo campo o desta terra, pra as súas habilidades, foron levar a outras o seu saber.

Soupo unha delas, por exemplo, que aló en Teis había un rapaz ferido de mal de amores, e aló se foi coa intención de curalo.

Dabondo sabía o mozo onde collera a enfermédá, pero pra súa abó, esta non era máis que obra dunha meiga que o tiña embruxado.

Sabedora disto a nosa nova doutora, chosca do nacemento e, por máis señas, de atrevesado mirar, presentouse na casa do enfermo.

A santa abó, coidou que era a diosa da fortuna que lle entraba polas portas, e caí na rede, coma un pardillo.

Combinouse a maneira e o día pra a cura, e a doutora tornou a Pontareas en busca de axudantas que non percisaba, pero que lle viñan ben pra facer a cousa con máis aparato.

Levou de secretario unha baraxeira de pura casta, e de acólita menor, unha tentona peixeira.

En perspectiva dun bon negocio gastaron oito pesos no alquiler dun coche.

Tal mañá se deron todas as tres, que á forza de estremonías ridículas e complicasadas, sacáronlle ó rapaz os demos que tiña no corpo, e a abó, non menos de cento setenta e cinco pesetas como cento setenta e cinco soles.

Pero non hai pracer comprobante neste mundo, nin todas as doutoras da nosa terra teñen patente de impunidá.

Dígovos isto, porque a esmorga que as tres desembruxadoras que desembruxaron ó embruxado de Teis, fixeron coas cento setenta e cinco de marras,

acabou na cadea, onde as zorregou o benemérito instituto, ó enterarse, por un inoportuno telegrama, do que aquelas tiñan feito.

E cóntase que din elas que isto non é maneira de protexer a cencia e mais a endustria.

Quezais teñan razón, porque si ben ollamos, nunca en España se deu o verdadeiro mérito a tales mulleres. Hoxe métenas na cadea, e noutros tempos queimábanas vivas.

Custión de competencia.

Chuco de Canedo

O escrúpulo

Hai homes aporveitados, prós que nada se perde, senón o tempo. Porque moitas veces ocúrrelles que en aporveitar unha cousa de pouco valor, perden uns cantos minutos ou un par de horas que, empregadas noutra cousa, habíanlles de render máis.

Deses tales, era un carpinteiro empregado nunha fábrica desta vila. E tan aporveitado era, que non digo eu un cravo, senón que hastra unha farangulla de pan se baixaba a recoller do chan.

E non por iso estaba máis gordo nin máis repolido.

Pra que calculedes que aporveitado era, quérovos contar unha cousa que fixo en certa e non lexana ocasión.

Traballaba na mesma fábrica, un rapaz que por non andar moi farto de diñeiro, soilo gastaba calzado os domingos e festas de gardar.

Quer decir que pola somana adiante, andaba ¡meu probe! descalzo de pé e perna.

E así estaba o malpocado traballando un día no páteo da fábrica, acupado en axuntar uns materiais que había que recadar.

Era un traballador de concencia, non deses que soien faguer que fagamos, e dáballo unha forza ó legón, que un seixo que alcontrara ista farramenta por diante, un seixo fendera.

Mais como non eran seixos senón materiais máis brandos, ocorreu que unha vez, non alcontrando o legón por diante cousa ningunha en que descargar a forza que lle tiña dado o mozo, chegou hastra o pé dreito diste, e fíxolle unha fenda no dedo gordo, pola que cabía un duro.

Encomenzou a berrar o rapaz, e cando acodiron os máis operarios da fábrica, alcontrárono co pé no medio dunha poza de sangue.

Acodiu tamén a familia do dono da fábrica, provista dalgunhas cousas pra facer a primeira cura ó ferido.

Eran tales cousas uns farrapos, unha venda e unha cunca de augardente da terra.

Sentaron ó mozo, erguéronlle o pé e encomenzaron a lavarlle a ferida, mollando un farrapo na augardente e escurríndollo enriba.

Pra que non se perdera ni unha pingota, poñíanlle a cunca debaixo do pé, e alí volvían a mollar o farrapo e a escurririllo enriba da ferida.

De maneira que, cando acabou o lavado, máis que augardente, aquilo somellaba chicolate, pois co sangue e mais coa terra de que estaba lixado o pé, tiña collido un color acastañado.

Puxeron a taza pra un lado, mentras ó rapaz lle vendaban a ferida, e nisto chegou por alí o carpinteiro.

Viu que, feita a cura, xa non era percisa a meiciña, e collendo a cunca, encomenzou a darlle voltas, coma se fai co viño, pra ver que color ten.

Conecéndolle as entencións, díxolle unha filla do dono da fábrica.

—Señor Manoel ¿e vostede vai beber iso?

—¿E por que non? —contestou o carpinteiro.

—Home, porque está moi suxo.

—¡Bo! O que mata, é o escrúpulo.

E non deixou nin pingota de augardente na cunca.

Chuco de Canedo

¡Cuchino o que falte!

Meus queridos irmáns en legón: Hoxe non veño disposto a contarvos ningunha hestoria desas que pasan polo mundo e que a min véñenme de perilla pra vos entreter todos os sábados neste turreiro durante uns cantos minutos.

Hoxe síntome predicador e vouvos botar un sarmón.

Por iso encomencei, coma os oradores sagrados, chamándovos queridos irmáns... en legón.

Xa sabedes que pra o prósimo viernes, celébranse na parroquia de Areas¹ grandes festas e que durante istas, haberá un mitin de porpaganda agraria, que eu chamaría campestre, porque é pra xente do campo que se fan eses autos.

Sabedes tamén que nesta terra de Dios e mais dos caciques, cando dúas ou máis persoas fan un trato, remátano, a modo de escritura, con estas palabras:

—Cuchino o que falte.

Boeno, pois eu apricolle o conto ó mitin de Areas, e dígovos a todos:

—Cuchino o que falte.

Porque o veciño deste partido xudicial, cuxas Sociedades Agrícolas² son as organizadoras do mitin, que deixe de ir a ise auto, é que lle ten medo ó cacique.

E o home que lle ten más medo a isa besta cuadrada que amor á libertá do seu país, é un cuchino.

Porque o que non vaia, é que cuida con que o seu benestar pulítico e social, hálle de caír do ceu, como un figo maduro, sin que el se coide de facer nada por alcanzalo.

E o que tal coida, é un cuchino.

Porque non sabe que nese mitin lle han de ensinar como se debe ademinar, pra curar as doenzas de Galicia, a meiciña do fungueiro e tente teso.

E o que prefira morrer tañando a sarna da escravitú, a poñerse á veira dos que loitan, é un cuchino.

Con que xa sabedes que o que non queira pasar por cuchino, debe ir ó mitin de Areas.

E debe ir tamén, porque nese auto ha de falar moi boa xente, e é perciso que vexa un auditorio dino dela.

Veredes e escoitaredes a mozos de ideas novas, de esprito porgresivo e ansias de redención, como Narciso Goy.

1 Parroquia do concello de Ponteareas, na provincia de Pontevedra.

2 As Sociedades de Agricultores reclamaron continuamente a redención dos foros a principios do século XX en Galicia.

Veredes e escoitaredes prestixios non foron ben gañados, talentos ben equilibrados e voluntades ben dispostas, como Adolfo G. Espino³.

Loitadores incansabres, mártires da súa causa, pola que xofren croel des-terro, como Xacinto Crespo, o veterano que fala a mesma léngoa que vós; que non ten papas na boca, e cunha sinceridá que asoballa, chámalle pan ó pan e viño ó viño... anque teña un pouco de auga.

Veredes e escoitaredes a un dos verdadeiros redentores do distrito de Redondela, un home valente que lle ten ensenado os dentes ós caciques da por-vincia, a Juan Amoedo que fala e pradica como poucos.

Periodistas de pruma tan ben temprada que mesmo parez unha macheta de aceiro como Amado Garra, que tivo a valentía de decrarar guerra sin coartel ós caciques deste corruncho.

E a outros máis que vos han de falar palabras de verdá, e vos han de de-cir por onde se chega á redención.

Conque decirme agora: ¿non é un cuchino ben cuchino o que deixe de ir o prúsimo vernes ó mitin de Areas?

Ollade que mitins coma ese, poucos pillaredes por eiquí.

Organízano as Sociedades de eiquí e apóiano os Comités auxiliares de Montevideo e Buenos Aires, daqueles países onde os nosos irmáns aprenden ideas de liberdá que nin siquera soñaban eiquí.

Dádeme, pois, todos vosoutros palabra de honor de que habedes de ir, e en chegando o vernes prúsimo... ¡cuchino o que falte!

Chuco de Canedo

3 Adolfo Gregorio Espino foi alcalde de Vigo na década de 1920.

As novas predicacións

Cuartillas que onte se leron no mitin de Areas¹.

Amigos da ialma.

Catro palabras lles vou decir ós que acostuman a lere as miñas cousas en *El Tea*. Mais anque a eles van dirixidas, escoitalas todos cantos a iste grandioso mitin acodides e recebídeas como saúdo dun cativo escritor amante da libértá, do porgreso, da paz e da fraternidá.

Non son nin nunca fun desleigado. Quen me faga un favor, quen me considere ou quen escoite a miña voz, pode estare seguro de que o seu recordo vivirá decote, como en casa propia no meu corazón.

Díxenvos a somana derradeira que viñésedes ó mitin de Areas, e acodísedes como un solo home. Ben vos vexo eiquí, no medio de ista multitud sin fin, escoitando a palabra sinceira dos oradores de limpa hestoria e honrados feitos que aquí se axuntaron.

Téñovos por iso que estare agardecido, e estaréivolo por toda a miña vida de Turreiro.

Mais non é soilo a gratitú o que me produciu a vosa asistencia a iste auto: tamén a satisfacción de vere como a xente xa non é aquela que soilo sabía escoitar con devoción a hestoria increibre de milagres que nunca sucederon ou de aparicións que soilo foron vistas por rapazas históricas ou frades femíneos.

Sin concurir de volver as costas ó que se quer facer pasar por sobrenatural, milagroso ou de orixen increado xa vades atendendo con moita devoción á palabra dos novos apóstoles, que vos veñen pradicar a verdadeira fraternidá, a que soilo pode nacer da democracia.

E o meu corazón, que non pode creer, poño por caso, que trunfe o demo tendo en frente un poder infinito, échese de gozo, acugúlase de alegría e derrétese de satisfacción, cando vexo correre ó petrucio (antigo ilota, servo do señor da súa comarca) pró pé das tribunas que se erguen ó aire libre, respirando a libértá do espacio sin fin, sin bóvedas nin grosas paredes que deprimen o espriu e esmagan as concencias.

A palabra, que é o millor atributo da soberanía humana, empréase nestes autos coma única condutora da verdá. Querer tapalos ouvidos pra non escoitala, é cometer un crimen de lesa humanidá.

Escavichar ben as orellas, que inda tendes moito que escoitar pra chegáredes á vosa redención.

¹ Parroquia do concello de Pontearreas.

E cando vos veñan contando que os probes e os ricos, que os señores e os servos foron instituídos por Dios, contestade cunha gargallada:

—¿Vostede é parvo, ou pensa que o son eu?

Chuco de Canedo

A lamprea e mais a rabia

Tráiovos hoxe un susto, que cuasque non podo falar. Tanto, que non sei se vos poderei dedicar os cinco minutos que todos os sábados vos dadico.

E non fun eu soilo a asustarme, senón que do medo participaron unha chea de persoas, que andan nestes momentos non sei por onde.

E pra que vexades se tiveren razón pra asustarme, habedes de ver o que pasou.

Fai hoxe un ano e un día, que un can danado lle travou nunha perna ó fillo do noso conveciño D. Pedro Fendelaxes.

O mozo, que é valente onde os haxa, sufriu con moito coraxe o cauterio da fírida con augardente.

E por si non fora dabondo (...) pra que no Instituto Antidiarreico lle concuira de sacar a raiba que lle poidera ter quedado no corpo.

Cando concruíu a cura, aseguraron os médicos que (...) todo e sin migallo de hidrofobia.

Sin embargo, os pais non estiveron tranquilos hastra que pasou un ano e un día, tempo que se cumpría hoxe e que según din os entendidos, é o que máis pode tardar a raiba en declararse.

Como isto non socedeu, quedando polo tanto demostrado que o mozo xa non tiña peligro de rabear, decidiu seu pai celebrar o acontecemento cunha comida.

O padriño do rapaz, que ten unha pesqueira no Miño, mandou unha boa lamprea pra que iste prato de luxo non faltara na mesa do banquete, ó que asistiron todos os parentes e mais algúns amigos, entre eles eu.

Encomenzou a comida cunha alegría que mesmo consolaba. A verdá é que había viño abondo, e xa se sabe que onde hai viño, non caben penas.

Tocante á comida, tampouco aquilo estaba mal.

Puxémonos primeiro sopa con garabanzos, talmente coma se fai na vila, e cando as culleres acabaron de limpar ben os pratos, apareceu un pote cugulado de lacón, patacas, repolo e cobrizos, que nos fixo esquencer axiña a sopa.

Depois viu unha empanada de polos, grande coma unha roda de carro, e cando xa nin os ósos quedaban, porque a xentiña era boa pra comer e ademais poucas veces se alcontraba nunha fartura como aquela, truxeron a lamprea.

Tíñaya preparado a muller de don Pedro, que según din, foi cociñeira na vila, aló no tempo lexano da sua mocedad, e cheiraba, que mesmo recendía.

Ollamos pró mozo en cuxo honor se facía a festa, pra ver que cara lle poñía a lamprea, e quedamos fríos.

Apertaba os dentes, fechaba as mans e movía os ollos dunha maneira, que talmente lle andaban ó redor.

Non tiña duda: era a raiba que se lle decraraba. Isto coidamos todos, e xa non pensamos máis que en fuxir.

Parentes e amigos botaron a correr pola escaleira abaixo, saíron ó patio e prantáronse na rúa.

Os pais e mais eu, que estaba perto deles, fomos os derradeiros, e cando chegamos ó pateo, alcontrámonos con que os outros tiñannos fechado a porta por fóra, pra que o rabioso non corra tras deles.

Tivemos que aguantarnos alí, tremendo dende as puntas dos cabelos, hastra as uñas dos dedos dos pés e esperando que aparecera o rabioso e acabara connosco a trabadelas.

Pasaron uns cantos segundos, un minuto, dous, catro, oito, e ¡nada! o mozo non aparecía.

Enriba, no comedor, non se oía nada.

—¿Daríais a raiba muda? —astrevinme a perguntar eu.

E naquel mesmo instante, apareceu o mozo na ventán, limpando os dentes cun palillo.

—¿Vostedes que fan aí? —perguntounos así que nos viu arrimados á porta fechada.

—¿Pro ti estás bo? —díxolle a nai, tremendo aínda co medo.

—¿E logo non?

—Entón por que puxeche aquela cara e aqueles ollos?

—Porque me gusta moito a lamprea, e a cara que puxen era de alegría.

Subimos pró comedor, e cando chegamos cabo da mesa, vimos que da lamprea soilo quedaba a espiña.

O lampantín aprobeitárase ben do susto que nos metera e que a min inda me non saíu do corpo.

Chuco de Canedo

O pai noso

Había en certo pobo un veciño, que tiña adoutado a costume de non pagar a ninguén.

É dicir, pagaba cando non tiña máis remedio; e así e todo, inda quedaba debendo algo, pois nunca naide foi capaz de lle cobrar unha conta enteira.

Diste modo, cuasque non había persoa algunha no pobo á quen lle non deber algo.

A porta da súa casa era todos os días e a todas as horas un xubileu.

O xastre, o panadeiro, o tendeiro, o sombreireiro, todos corrían pra alí diariamente, pra levar decote coa porta nos fuciños.

Máis teimoso que ningún outro, o zapateiro era o que lle non saía da porta, non porque a súa conta fora a máis importante, senón porque tiña xurado que non había de parar hastra que o noso hôme perdera a maldizoada costume de deber.

Pro non conseguía nada, porque o deudor de todo o mundo, antes se deixaba arrincar a ialma, que pagarlle unha conta.

—Debe e non pagues, que somos mortales —decía cando os amigos o apertaban pra que pagase, senón todo, ó menos algo do moito que debía.

O número e a cuantía das deudas creceron de tal maneira, que ó bo do home xa lle era impusible saír á rúa, asomarse á ventán ou deixarse ver de ningunha maneira que fose, dos seus convenciños, porque cada un deles, era un acreedor que lle caía enriba.

Pra librarse daquel acoso, decidiu morrere. Quer dicir, morrer de veras, pegarse un tiro ou aforcarse, non; senón facer que morría, e logo fuxir do pobo.

Dacordo coa familia, fixo que morría de repente unha mañán.

O proieuto consistía logo en meter un par de pedras no queixón, e levallas pró camposanto, en vez do morto finxido.

Mais non contou co zapateiro, que tan pronto se enterou da morte, prantouse na casa do seu deudor, disposto a non abandonalo hastra que o enterrasen.

Non houbo, pois, maneira, con aquel testigo de vista, de meter as pedras na caixa, e o probe do *morto*, tivo que deixarse levar pró cementeiro.

Como tiña morrido pola mañán e non se lle podía dar sepultura hastra cumprir as vinte e catro horas, houbo que deixar o cadavre no depósito.

E cando a familia se lambía de gusto, coidando que de noite podería sacar o *morto* do caixón e reemprazalo polas pedras, alcontrouse con que o zapateiro quería velalo e que, pra non perder o tempo, xa tiña mandado pró depósito a banquilla, as formas, o tirapé e uns zapatos que tiña que compoñer.

O zapateiro non creía na morte do seu deudor, e como estaba disposto a quitarlle o vicio de non pagar, queríalle amargar ben o engano.

Pola súa parte, o *morto* pensaba na maneira de librarse daquela compañía que tanto o estaba prexudicando, e cando lle pareceu que xa tiña dado con ela, tratou de poñela en práctica.

Acababan de soar as doce badeladas da media noite. O zapateiro cosía moi enfaenado un contraforte. De repente levantouse a tapa da caixa, e berrou o *morto*:

—¡Manoel!... ¿Por que non perdoas?

O zapateiro, que non contaba con aquilo, pegou un pulo. Mais repúxose axiña, e contestou:

—Porque a min naide me perdoa.

—¿A ti non te ensinaron o Pai Noso? ¿Non sabes que nesa oración ordénase perdoar as deudas?

—Si, mais como eu non vin quen fixo o Pai Noso, obro como me parez.

—Pois vaste condenar.

—Si ¿eh?

O *morto*, vendo que non conseguía nada por aquel lado, tratou de espantar ó zapateiro doutra maneira.

Alargou un pouco a man dereita, pra coller unha forma das que o zapateiro tiña da banquilla e zorregarlla enriba da cachola.

Pero o zapateiro que viu a maniobra, ergueuse axiña, e armado co tirapé, brincou enriba do *morto*, e deulle unha somanta, que o deixou teso.

—¡Abonda, que me matas! —berraba todo delorido o *morto*.

—¿Que te mato? ¿E logo ti non estabas morto? Pois como tal morto, a túa obrigación era de estar quieto no queixón.

Cando se fartou de mallar nel, fechoulle a tapa da caixa, cravoulla cun par de cravos, e díxolle:

—¿Non me preguntabas si sabía o Pai Noso? Pois por hoxe xa tes o pan teu de cada día.

No día seguinte, ó irse faguer o enterro, descubriuse a trampa, e o morto finxido marchou prá súa casa cuasque morto de verdá.

E dende entón pagou a todo o mundo.

Chuco de Canedo

O amor propio

Isa cousa que chaman amor propio, ten feito facer moitas parvoadas e moitas barbaridades.

Sendo unha cousa completamente distinta da dinidá, hai quen o confunde con ista e disa confusión veñen as tales burradas.

Lourenzo de Ribadetella, é un dos que adoitan deixarse levar polo amor propio, coidando que a súa dinidá non lle permite seguir outro camiño.

Por iso mesmo estivo a dous dedos de estoupar como un foguete de tres estralos.

Seu compadre D. Ciprián Silveira, tamén é home de moito amor propio, anque non tan subido como o de Lourenzo.

Falaban un día da augardente que tiñan feito do bagazo do viño que cada un deles collera, e por si a de Lourenzo era máis forte que a de D. Ciprián, ou si a de D. Ciprián tiña máis grados que a de Lourenzo, armaron unha desputa de todos os demos.

Vendo que non era pusibre poñerse de acordo, propuxo D. Ciprián, coma solución, que ó día seguinte se reuniran os dous na súa casa, pra porbar as dúas augardentes.

—Aceutado— contestou Lourenzo.

E ó outro día prantouse na casa de seu compadre, cunha botella mediada de augardente.

D. Ciprian presentou outra botella; mais o que nela tiña, non era augardente, senón alcohol puro, que mandou mercar á butica, porque non tiña moita confianza na forza da súa augardente e non quería expoñerse a quedar por debaixo.

—Porbemos primeiro a súa —dixo Lourenzo.

Botaron cada un súa copa.

—E boa —dixo D. Ciprián. —Pro eu inda me non dou por vencido.

E encheu de alcohol a copa do seu compadre, mentres na súa, soilo botou unhas pingas.

Lourenzo vaciou dun soilo trago a copa, e durante un par de minutos non pido falar co dano que o alcohol lle fixo pola gorxa embaixo.

Mais non querendo, por causa do maldito amor propio, confesar que tiña quedado vencido, excrementou facendo caretas e rabeando cos delores:

—E... é... boa... ¡Pro inda é máis forte a miña!

Chuco de Canedo

O traslado da eirexa

Gracias a Dios que xa comenza un a estar un migallo tranquilo.

Fai un par de somanas non se lía nos preódicos, máis que noticias de temporales, inundacións e outras calamidás polo estilo.

Povos houbo, onde certas rúas quedaron convertidas en lagoas e que pra poder sacar ós veciños das súas casas, onde corrían o perigo de morrer afogados, tiveron que emprearse embarcacións.

Mais o que a min me choca, é que neses povos, onde soie haber isas inundacións un ano si e outro tamén, sigan os veciños ateimando en vivir perto dos ríos e que inda en tan perigrosa vecindá se sigan facendo casas.

Moito máis avisados que os veciños dises povos, son os doutro que eu conezo.

Os seus antepasados tiveron o pouco coidado de levantare a eirexa parroquial perto dun río que no vran non leva catro dedos de auga, mais que no inverno encomenza a crecer, a crecer, a crecer, hastra que sai de nai, de pai e de toda a parentela, inunda veigas, arrasa colleitas, afoga animais... ¡fai o demo!

Boeno, pois iste río, sempre que crece, chega hastra o adro da eirexa e non deixa entrar a xente no tempo.

Como isto vai resultando xa un sacrificio prós veciños, que no tempo que dura a riada, non poden cumprir os seus deberes relixiosos, resolveron facer algo pra acabar dunha vez pra sempre, con semellante calamidá.

Reuníronse un día presididos polo alcalde, pra tratare do asunto.

Porpuxo un que se fixera unha forte muralla ó redor do adro, coa porta do lado contrario ó río; pro ista idea non foi acetada, porque a forza das augas podía derribar o muro, e era traballar en balde ó facer ista obra.

Porpuxo outro que se lle dera unha grande sangría ó río, un par de quilómetros máis arriba do povo, pra que cando crecieran as augas, marcharan istas por outro lado.

Mais tampouco ista idea se acetou, porque, en calquer lado que se lixera a sangría, sempre cairían as augas enriba do povo, por estar iste rodeado de montes.

Entón falou Pedro Fungueiriño, e dixo:

—Ya saben vostedes que yo estiven algún tempo en los Estados Unidos. Pos yo allí vin trasladare muchos adeficios dun lugar pra otro, sin que lles pasara mal nenjuno.

Por lo tanto creyo que aquí lo migor es trasladare la inglesia pra otro punto onde no esté tan porpensa a las inundaciones.

—Ten razón —dixeron á unha todos os presentes.

E dende aquel punto e hora, quedou resolvido trasladar á eirexa pra un sitio máis alto.

Fungueiriño, como autor da idea, foi o encargado de dirixir os traballos.

Truxéronse fortes cordas, atáronse ó redor da eirexa, amarráronselle todas cantas xuntas de bois había no povo e seus arredores, e encomenzou a faena.

Os bois turraban de firme, mais a pesar de que seus donos lle enterraban no coiro as aguilladas e lles berraban coma condenados, a eirexa non se movía.

Entón ordenou Fungueiriño que foran todos os homes útiles a axudar ás bestas, poñéndose tamén a turrar polas cordas.

E tampouco a eirexa se moveu.

O mesmo Fungueiriño quixo dar exemplo e emprear tamén a súa forza, e pra traballar millor, espiu a chaqueta e púxoala no chan, arrimada á eirexa.

Mentres turraba de ialma, coma os outros, viu un rapaz, furtoulle a chaqueta e fuxiu co ela.

E cando pra tomar folgo, deixaron un instante de turrar homes e bestas, Fungueiriño virouse pra atrás, e ó ver que non estaba a chaqueta onde a tiña deixado, encomenzou a berrar todo contento:

—¡Ei, compañeros! ¡Turrade, turrade bien, que ya quedó mi chaqueta debago de la ingresia! ¡Turrade, turrade firme, que ya va salire por el outro lado!...

Chuco de Canedo

O cartel

No tempo da miña primeira mocedad, cando meu pai non sabía que faguer comigo e obrigábame a encomenzar unha chea de carreiras e oficios, pra concruir eu non sendo nada, levoume unha vez a Santiago de Compostela, pra meterme no Seminario, a ver si eu saía un crego feito e direito.

O santiño de meu pai soñaba con verme de crego na nosa parroquia apacentando o rebaño do Señor, cando eu o que quería era enfiarme por antre as ovellas... de faldas e facer estrozos, como lobo carniceiro, no consabido rebaño.

Así foi que con tales entencións, non estiven máis que un curso no Seminario, e ó chegar o termo das vacacións seguintes, dixen redondamente que non quería volver a Santiago.

Unha moza con quen eu falaba de noite ás escondidas, pudo máis que os libros, e dende aquela, quedou xa pra min aforcada a carreira de crego.

¡O lobo tiña vencido ó pastor!

Non volví, pois, a Compostela, pro da miña estancia na vella cibdá, nai espiritual de Galicia, quedáronme unha chea de recordos, que inda hoxe me fan rir uns e cuasque me fan chorar outros.

Un dises recordos, é o dunha escea que presenciei unha mañán na rúa do Villar.

Andaba por Santiago un italiano que se non me lembro mal, chamábase Salderini.

Era vendedor de cousas menudas e adoitaba poñer a tenda, debaixo dalgún dos portales da dita rúa do Villar.

A mañán do conto, dimpois de dar un par de voltas por Santiago, pousou o comercio ambulante no sitio onde xa dixeran que adoitaba poñelo.

Poucos minutos levaba alí, pregoando a mercancia nun italiano champurrado de castellano, cando chegou un rillote que andaba tamén pola cibdá, cun cartel anunciador da función que aquela noite se daba no teatro da rúa Nova.

O rillote iba canso de andar, e ó chegar ó soportal onde estaba Salderini, parou e colgou o cartel nun cravo que había pola parte de afora.

O italiano, coidando que o cartel lle facía sombra ó seu comercio, encarouse co rapaz, e díxolle:

—Mochacho, sacate il cartelo de aí, que mi face sombra. —Vou axiña —contestou o rillote.

—Axiña, no —aguergou Salderini sin entender o que aquilo quería decir. —Ha de sere súbito.

—¡Que súbito nin que demos! Eu non saco o cartel de aí, hastra que me dea a gana.

—Io ti rompo la testa si non lo sacas presto.
—Vostede o que me rompía era unha boa empanada de porco, se a pillara nos dentes.
—¡Io ti arranco la porca léngua!
—¡Home, vaia ladrar a un palleiro!
—¿Que hai ditto tu de palleiro?
—Que non saco o cartel.
—Sácalo presto... ¡Súbito!
—Non o saco, porque teño premiso do alcalde pra colgalo aquí.
—¡Pois dile al señor alcalde –concruíu o italiano xa todo enrabechado –que lo incolque nela súa porca barriga!

Chuco de Canedo

Os zocos de Xacinto Crespo

¡Ei, petrucios!...,

Hoxe sintome completamente enxebre, e comenzo a miña parola soman-
nal, con ise berro:

¡Ei, petrucios!

¿Preguntades que a santo de que ven iso? Diréivolo axiña.

Iso ven a que dende o día 22 de derradeiro mes, alcóntrase antre no-
soutros o grande, o incansable, o popular loitador agrario Xacinto Crespo¹.

¡Ei, petrucios! Erguede isas testas pró aire; enchede ises peitos de es-
pranza; que se derretan vosos corazóns de alegría.

Xacinto Crespo, que non é cacique, que non é deputado, ministro nin
xiquera concexal, é unha potencia libertadora, que fala e obra; que vos pradica
redención nos comicios, e que na práctica vos enséña a maneira de traballar pra
alcanzala.

¿Que non é unha potencia? Se o non fora, non xofriría persecucións de
xusticia; non sería, polo tanto, un benaventurado.

De tal maneira lles minaba o asentado dos pes ós caciques de Teis² e seus
arredores, que tiveron aqueles que recadarlle unha sentenza de desterro.

Pro bendita ela sexa, que nos deparou a sorte de telo antre nós.

Axudémolo a vivir dunha maneira decorosa, como vos decía *O Tea* no
número pasado, e os frutos do seu traballo libertador, serán a nosa recompensa.

Anos fai que o non vexo, mais dixéronme que inda se conserva direitiño
e forte, pra desgracia dos caciques.

Cando o conecín, era un día de cruda invernía. Viu á miña casa por cousa
de non sei que relacionado coa escola que os Agricultores de Teis sostiñan.

Viña de zocos, e aquel calzado que noutro calquera tiña sido pra min si-
ñal de xente malpocada, en Xacinto Crespo, deume a impresión dun home forte
de corpo e de espírito.

Non precuraba apagar o ruído daqueles tamancos, senón que, polo con-
trario, deixáballes facer todo seu carauterístico redobre semellante ó dun tam-
bor.

Ollei dispacio pra Xacinto; vino de tal maneira trunfador enriba daqueles
zocos, que dixen pra min, recordando ó poeta Pondal³:

Certo, iste é grande cousa.

Dimpois fun seguindo pasiño a paso a labro de Crespo, e cheguei a con-
vencerme de que me non tiña enganado.

1 Líder agrarista.

2 Barrio de Vigo, limítrofe co concello de Redondela.

3 Eduardo M^a González-Pondal e Abente (Ponteceso 1835 – A Coruña 1917).

Aquiles zocos de Xacinto Crespo, máis que nos pedregullos dos camiños, máis que nos seixos das congostras, tiñan machucado enriba das cacholas dos caciques.

Eu non podía concebir a Xacinto, sin aqueles zocos que levaba nos pés a primeira vez que o vin.

E cada vez que me falaban del, que lía algo do que tiña feito ou que vía a súa obra estendéndose coma o manto dunha nova aurora por enriba das terras escravizadas desta provincia de Pontevedra, representábaseme Xacinto Crespo, cos ferrados zocos enriba dunha chea de cabezas de caciques, que semellaban cabazos e lle servían de pedestal.

E digo eu: ¿inda conservará Xacinto Crespo aqueles zocos trunfantes, cuxo ruído quitaba o sono ós caciques de Teis e seus arredores?

¿Virán a resoar polas congostras de eiquí, coma resoaron polas congostras de acolá os zocos de Xacinto Crespo?

Se tal socede, acodide, petrucios, acodide ó runfar dises enxebres taman-cos, que il será como redobre dun tambor milagroso que vos chame ó trunfo da vosa redención e ó acabamento do reinado da cacicada.

¡Ei, petrucios!... Antes de saír hoxe diste turreiro, berrade todos comigo:

¡Vivan os zocos de Xacinto Crespo!

Chuco de Canedo

O óso

Xa pasou, con toda a súa barafunda, a loita eleitoral, que eiquí non conectédes por cousa do tal vintenove, pro que noutras bandas foi verdadeira guerra a morte.

Os agrarios, que eiquí deixástedes facer, foron noutros aumentos a loita, e onde non tiveron a vitoria compreta, sacaron algúns concexales.

En Lavadores, por exemplo, e principalmente naquel corruncho de Teis, berce do autual movemento agrario, foi mallar nos caciques coma en liño verde.

Xa dicen, xa, os mandóns, que aquela parroquia de Teis é o óso que lle saíu á cacicada en Galicia.

E a porpósito de óso, xa que iso das eleucións non dá máis de si, vouvos contar unha cousa que acaba de soceder á veiriña da miña porta, coma quen di.

A certo veciño meu, que é un aguaneiro do máis grande que teño conecido, atravesóuselle nantronte un óso na gorxa.

Cando se pon a comer, non repara en nadiña, e enche a boca do que sea.

Así foi que, nantronte, non se deu conta do óso hastra que o tivo atravesado e na gorxa.

Tratou de botalo fóra, pero ¡ca! o óso agarrouse ben, e non había xeito de arrincalo de alí.

O tal veciño vive soilo cunha criada vella, e ista mulleriña, cando viu o que a seu dono lle socedía, foi correndo buscar o ciruxán.

Pro iste, cando chegou cabo do probe home, dixo dimpois de ensaminar ben o sitio onde o óso se tiña atravesado, que el non tiña farramentas con que sacalo.

A cousa non podía ser máis seria porque o probe do home xa non falaba nin cuasque podía respirar.

Non había máis romedio que chamar un médico, pra que lle viñera facer unha operación; mais non había perto de alí ningún e non se sabía se mentras iban buscar o máis prousimo, non morrería o enfermo.

Así foi que antre a criada e uns parentes que ela tiña ido avisar do que pasaba e acodiran axiña... Porque o doente tiña ben que herdar, resolveron chamar un crego que o despachara pra o outro mundo.

E mentras tanto, encomenzaron os parentes a botar man do que millor lles parecía.

Un agarrou uns tamancos, que os tiña moi bos o cuasque defunto; outro levoulle a tabaqueira, que era de prata e tiñalla regalado un pulítico a quen salvou a auta de deputado cos votos que lle recadou; outro botou man a un chaleque de seda froleado, que soilo poñía o doente nos días de festa gorda, e así por este xeito fóronlle levando todo canto había de algún valor na casa do parente.

Este vía coma o estaban roubando e como cada un deles, así que collía unha cousa ollaba pra el, escondía ben o que fora, e saía moi despacio talmente coma ladrón que ten medo que o collan coas mans na masa.

E cando xa quedaba pouco que saquear, un mono que tiña o enfermo, que lle regalara non sei quen e que faguía todo canto vía faguer, saltou da ventán dende onde vira toda aquela rouballeira, foi dereito ó chapeu de seu dono, púxoio enriba da cabeza e saíu coas mesmas precaucións que os parentes.

A cousa é tan pavera que máis non podía sere, e o doente, ó ver aquilo, sentiu unhas ganas tan fortes de rir, que no medio dunha gargallada, coibou o óso que o estaba matando.

Sanou, gracias ó mono, e os parentes tiveron que devolverlle todo canto lle tiñan roubado, mentras estaba co óso atravesado na gorxa.

Chuco de Canedo

A herba rateira

No tempo da miña bisaboa, non había tantas dulcerías e pastelerías coma hoxe. E povos de certa importancia había, onde tales establecementos eran desconecidos.

Mais non por iso quedaban as persoas galdrumeiras sin ter lambonadas con que matalos seus desexos e satisfacelo seu gusto, porque entón, todas as señoras entendían de cociña e sabían facer toda cras de postres.

E a falta diso, poucas eran as casas principais que non tiñan amistá coas monxas dalgún convento, que lles mandaban ora o cabelo de anxel, ora un prato de natillas, ora unhas peras en almibre, ora... pro nobis.

Quer decir que si hoxe se alcontra todo iso en calquer casa... menos nas dos probes.

Miña bisaboa era muller xeitosa dabondo, e de portas para dentro, faguía todo canto lle compría faguer a unha muller daquel tempo.

As de hoxe vanse educar a Francia... e non vos digo nada do que veñen sabendo.

Faguía miña bisaboa toda cras de dulces e confituras, con tal xeito, que tiña sona en tres ou catro légoas ó arredor.

Vivía naquel povo un certo endeviduo, maiorazgo arruinado, que da súa antiga posición, soilo conservaba as relacións.

Como era home de principios, non había que pensar en que este fidalgo gañara a vida traballando, e como dalgunha maneira tiña que vivir, alcontraba máis conforme cos seus pregaminos, comer hoxe nesta casa, mañán naquela, pasado na outra, e así hastra compretar os sete días da somana.

Anque os donos das casas non tiveron ganas de convidalo, el arregrábase de maneira que o convidasen, pra ir matando a laroca.

A casa de miña aboa gustaba de ir máis veces que a ningunha outra, polas galdrumadas e pola fartura que alí había.

Mais socedeu que tanto amiúdo as vesitas, que miña bisaboa e a súa familia, chegaron a non poder soportalo.

Por forza tiña cheiro de can, porque moitas veces, en lugar de presentarse á hora da comida chegaba cando, antes desta, achábase miña bisaboa porparando algunha lambonada.

E coma non era cousa de poñerse a ollar sin porbar do que faguían, pra dar a súa opinión intelixente, porbaba e dimpois decía o que lle parecía, que decote eran alaudos de estómago agardecido.

E disa maneira comía galdrumadas antes e dimpois do xantar, porque a custión era encher o papo e sacar a barriguiña de mal ano.

Todo isto chegou a cansar de tal menira á miña bisaboa, que decidiu espantalo de alí.

Púxose un día a faguer dises esponxados que chaman *azucarillos*, e parou a auga con herba rateira, que como sabedes, é un purgante moi autivo.

Cando estaba coas mans na masa, chegou o bo do fidalgo, e ó vela moi enfaenada, perguntoulle:

—¿Que fai vostede, D.^a Manuela?

—Esponxados.

—Deben de ser bos, como feitos pola súa man.

—¿Quer porbalos?

—Por non desperciar.

E púxose a comer *azucarillos*, tal coma se foran anacos de pan.

E cando foron todos prá mesa, pra xantar, levaba ben deles no brodio.

No medio do xantar, encomenzou a facer efeuto a herba rateira, e o fidalgo, queiras que non, tivo que erguerse da mesa, e botar a correr pra certo sitio.

Volveu pró comedor, mais non tardou en volver a erguerse da silla, hasta ir catro ou cinco veces ó cuarto da esquina.

E como de cada vez que se erguía, estalaban no comedor unhas risas de bulra, comprendeu que aquilo era efeuto dos *azucarillos*, que llos tiñan porparado cunha purga, e non volveu á casa de miña bisaboa.

Chuco de Canedo

O tesouro dos probes

Andiven toda ista somona cun xenio de todos os demoros.

Sempre tiven pouca fe na Lotería, mais o que é iste ano, non sei polo que sería, metéuseme na cachola que me había de tocar un bo premio, e xuguei... Iba decir canto xuguei, mais non volo digo, pra que non vos riades de min.

Bástevos saber que xuguei máis do que lle produce o pé de altar ó noso abade nun mes, que non é pouco.

E total ¿pra que? Pois pra nada. Quer decir, pra que o sorteo dista Navidá derradeira me lembre toda a vida.

Porque coidando que me iba poñer rico, xuguei máis do que podía, quedeime sin aforros, e o día de Noiteboa, tiven que aunar a traspaso, mentras nas casas de todos vós, había fartura e alegría.

Isto é pra que se fie un da Lotería máis dos presentimentos.

¡Calquera me convencia a min o día do sorteo pola mañán, de que non estaban pra saír dun instantiño pra outro, os números que eu xogaba!

Así foi que o desengano, xunto coa perda dos cartiños empregados na Lotería, e mais coa fame que pasei o día de Noiteboa, puxéronme dun humor, que se calquera destes días alcontro por diante a un cacique ou a outro animal calquera, mesmo lle daba un couce, que o desfacía.

En troques, a un cego que é meu veciño, tocoulle a Lotería sin xugar.

¿Coidades que seica foi por ter alcontrado algún billete que logo saíu premiado? Nada diso.

Este cego que era moi desconfiado, como todos os cegos son, traía decote consigo os cartiños que axuntaba a pedir na porta dunha eirexa.

Non os deixaba na casa onde estaba de pousada, por medo de que llos furtaran, e por iso era que os levaba decote enriba del.

Mais como era probe de moita sorte e xuntaba moito, chegou un día en que xa os cartos lle pesaban enriba e tamén pareceulle que non era comeniente leválos consigo.

Na mesma porta onde el pedía, acostumaba pedir tamén outro probe, que era torto, manco e coxo.

Tampouco iste tiña mala sorte, e xuntaba cartiños dabondo.

Levaba, como o cego, o diñeiro enriba; e alcontrándose un día nun caso semallante ó do cego, pensou que era millor buscar un sitio seguro onde gardar os cartos.

Pro quixo antes consultar co cego, e unha tarde que se retiraban os dous do sitio onde pedían díxolle:

—Eu teño ouservado que vostede ten moita sorte e danlle máis limosnas que a min.

—Bo; iso fegúraselle a vostede.

—Non figura non, que eu ben o vexo.

Calou o cego, porque el non podía decir que vía, e o torto seguiu falando:

—E como lle dan máis limosnas que a min, é natural que teña máis diñeiro xunto que eu.

E coma eu teño un pouco, que xa me non convén traelo enriba, decidín escondelo nun sitio seguro. ¿A vostede que lle parez?

—A min parezme iso moi xuicioso.

—E pensei tamén que se a vostede lle parecía ben, como lle parez iso, podíamos esconder os cartos dos dous xuntos.

—Home, home, iso...

E non dixo máis o cego, porque non conecía as entencións do coxo.

Iste, dimpois de ter sementado aquela idea na cachola do cego, agoardou a que dera froito, e ó finalcontrouse, ó cabo dunha somana, con que lle preguntaba ó seu compañeiro:

—¿E vostede xa ten sitio onde gardar os cartos?

—Teño, e máis bo.

—Pois se lle parez, vamos hoxe gardar os nosos aforros.

—Agora mesmo.

Chegaron ó sitio que o torto tiña escollido, e alí deixaron cada un o seu peto.

O cego depositou noventa e oito duros, e o manco cincuenta e catro.

Dende entón, todos os sábados iban gardar os aforros da somana.

O tesouro crecía, que era mesmo un ben de Dios:

O coxo deixou de ir a pedir unha somana, e ó tratar de abriguar por que non iba, dixéronlle ó cego que era porque estaba doente.

Pensou se aquilo sería leria, é tremendo polo seu tesouro, encamiñouse ó sitio onde o gardaba; chegou como pudo, e ó ir coller os cartos, pra contalos, como facía sempre,alcontrouse con que non estaban nin os del nin os do torto.

—¡Ai, ladrón! —exclamou todo delorido. —A doenza que el ten, é que me roubou os meus aforros.

Mais en lugar de desesperarse, tratou de buscar a maneira de recuperar os cartos.

Alcontrouna axiña, e encamiñándose pra a casa do manco, preguntou alí por el.

A pousadeira que non estaba avisada polo torto, fixoio pasar, e cando sealcontraron cada un a carón do outro, o cego, en lugar de preguntarlle polo seu diñeiro, dixo con moita calma:

—¡Home! Xa estaba deseando encontralo.

—Si ¿eh?

—Pois craro. Ista somana, como vostede non foi pedir, tiven eu máis limosna que de costume, e quería que vostede me acompañara pra ir gardalos cartiños no sitio onde temos os máis.

—Hoxe non podo —contestou o coxo —porque inda lle non podo saír da casa. Mais o que é pasado mañán, vamos onde vostede queira.

—Boeno —dixo o cego pra si —o que ti queres é gañar tempo pra ir poñer os cartos alí.

Quedaron en ir de alí a dous días, e en efeuto, cando foron, alí estaban os aforros dos dous.

O coxo tíñaos volto a poñer, coidando que era millor deixar crecer o tesouro.

E o cego, así quealcontrou o diñeiro, pensou:

—Boeno, xa sei que teño por compañeiro a un ladrón.

Antre o que os dous tiñan levado pró escondrixo, había entón perto de cinco mil pesetas.

O cego deprocatouse ben diso, e ó outro día prantouse alí el soilo, rapañou hastra o derradeiro cadelo, e foi buscar outro escondrixo, decindo pra si:

—Quen rouba a un ladrón, ten cen anos de perdón.

E aí tendes como lle tocou a lotería sin xogar.

Chuco de Canedo

O timo das contas

A cibdá de Lisboa, onde tantos fillos desta terra residen e gañan a súa vidiña, era noutros tempos unha povoación moi relixiosa, da que nadie coidaría que habían de saír os homes do 5 de outubro de 1910.

Cuasque todos os veciños daquela capital andaban co seu rosario no bolso, porque os que hoxe son defensores rixos e fortes da República¹, eran daquela uns beatos enxebres ou de comenencia, que de todo había.

Así mo dixo persoa que alí viviu fai moitos anos.

Por certo que isa mesma persoa foi en Lisboa vítima dun timo no que andiveron mezcradas unhas contas, ou sexa un rosario.

Isa persoa, de nome Sr. Xusé de Viloura, iba unha mañán por certa rúa de Lisboa, e diante del iba un fidalgo, ou que polo menos o parecía.

Como iban perto un do outro, o señor Xusé, que entón soilo se chamaba Pepe, vía moi ben todos os movementos do fidalgo.

E reparou que iste, ó sacar o pano do bolso pra sonarse, deixou caír un rosario.

Ibaio a coller o Sr. Xusé, pra devolvelo a seu dono, cando apareceu un rapazote ben portado, que se adiantou, e colleuno.

Mais como tiña visto o movemento do señor Xusé, dimpois de collelo, quixo poñerse dacordo con iste, pra devolver o rosario a seu dono, e díxolle:

—Estas contas son de valor, e o dono hános de dar unha boa porpina por elas.

—Poida que si —contestou o señor Xusé.

—Pois se nola dá, repartímola.

Xa postos dacordo, adiantaron o paso, hastra chegar cabo do fidalgo e díxolle o mozo:

—Meu señor, vostede perdeu as súas contas, e este bo home e eu vímos-las devolver.

—Eu non perdín contas ningunhas —contestou o fidalgo.

—Faga o favor de mirar ben no bolso, porque nosoutros mesmos llas vimos caír.

—Xa dixen que eu non perdín ningunhas —contestou o fidalgo.

—Perdeu, si señor; perdeu.

Outra vez negou o fidalgo, e o señor Xusé non comprendía que interese podía ter aquel home en non rexistrar o bolso, pra convencerse de que o rosario era seu.

¹ En Portugal instalouse a república no período 1910-1926.

Seguiu a desputa, hastra que o mozo porpuxo unha aposta.
Aceitou o fidalgo, e conviñeron en que a aposta fora dunha libra esterliña.

Socou o fidalgo unha moeda disas, e pra compretar a libra que debían poñer os outros, sacou o mozo media libra e pidiulle outra media ó Sr. Xusé.

Deulla iste, e entón o fidalgo sacou do bolso un rosario igual ó que os outros lle tiñan visto caír.

—¿Ven vostedes como eu non perdín contas ningunhas? —dixo o fidalgo.

—¡É verdá! —respondeu o mozo dándolle a libra del e mais do Sr. Xusé.

Desapareceron os dous, e cando o noso peisano chegou onda uns amigos e contou o que lle tiña pasado, apoupárono por se ter deixado timar daquela maneira.

Chuco de Canedo

Como se pilla un xordo

Di un refrán, e é moi certo, que máis axiña se pilla un mentireiro que un coxo.

Non coxo sinón xordo se quixo faguer Silvestre Regueira, pra librarse do servizo militar, mais non lle valeu a maraña.

Cando o mandaron ir a recoñecemento, persentouse faguendo o xordo, coma si talmente tivera os turatos das orellas pechados cun par de croios.

—¿Como te chamas— preguntáronlle.

—¿O que?— contestou mesmo con cara de parvo.

—¡¡¡Que como te chamas!!!— tornáronlle a preguntar, asombrando cos berros a casa do Auntamento.

—¿De onde son? De Chau de Bustelo.

Foi perciso collerlle a cabeza coas dúas mans e berrarlle mesmo apegadiño á orella:

—¿Como te chamas?

—Non berre tanto, hom, que non son xordo. Chámome Silvestre Regueira.

Xa vedes si facía ben o xordo. Boeno, pois no Auntamento, nin os médicos nin naide creu na xordeira de Silvestre.

O que máis e o que menos tiña unhas ganas de lle enchere as costas de trompadas, que mesmo daba medo. Mais todo o mundo tivo pacencia gardando a xenreira pra cando o mesmo Silvestre confesase que non era xordo.

Un día que o estaban reconecendo e moendo a preguntas, deixaron caír detrás del unhas cantas moedas de prata. Mais Silvestre saíu ben daquela proba, porque anque era moi amiguíño dos cartos, nin pestanexou siquera.

Outro día mandárono agoardar ó pé da escaleira. Sentouse no primeiro paso, e cando máis descoidado o viron, botaron a rodar dende arriba, mais de xeito que lle non dera, un bo tranco de madeira.

Pasou o pau polo lado del, e estonces ergueuse e dixo:

—Home, home, hai que tere coidado, que me poideron matar.

Tamén dista proba saíu ben, mais vades ver en que outra tan sinxela foi caír.

Mandárono agoardar unha mañán, mentras non viña o médeco, mesmo á porta da rúa. Facía un frío que rachaba, e el, pouco a pouco, foise achegando á portería, onde había un braseiro, que consolaba.

Xa estaba ben prúsimo, cando entrou pola porta outro mozo, que tanto polo tipo coma polo encollido e cheo de medo, debía de sere da montaña.

Foise arrimando a Silvestre, e cando estivo cabo del, díxolle moi amodiño:

—¿E ti non sacas a monteira?

Silvestre arreparou que estaba cuasque dentro da portería, e contestou, tamén moi amodiño:

—¿E logo, sacareina?

—¡Ah, lampantín! —berrou o outro mozo, que non era sinón un escribente do Auntamento, disfrazado de petrucio. —¿Conque eres xordo e oícheme tan baixiño?

Chuco de Canedo

A manteiga

Un certo compañeiro meu, tan compañeiro que nunca de min se aleixa, esquirbiu nunha ocasión iste pensamento:

“Aquel que no sabe nada, no es tan ignorante como el que cree que lo sabe todo.”

Niste último caso, alcóntrase Alifonso Carballal, un mariñeiro que todos os anos acode á festa da Franqueira¹, en cumprimento dunha pormesa que fixo estando certa vez en peligro de morrer afogado.

En todo canto se fala dente del, mete axiña a culler, pra dar a súa opinión, sexa torta ou dereita. Cuasque sempre torta.

Si se trata de contar contos, os seus son millores que os de naide; si se fala dos astros do ceu, el cónoceos todiños, e si a conversa vai polo lado dos peixes, non hai ningún cuxo nome Alifonso non sepa.

Andaba en certa ocasión de tripulante nun barco de vela.

Por causa dunhas calmas mui grandes, o barco tardou moito tempo en chegar ó porto pra onde se dirixía, e encomenzaron a romatarse a bordo os víveres.

A primeira cousa que se concruíu, foi a manteiga que a xente do navío adoitaba tomar co café, polas mañáns.

Afeito o vello ós veldros... – di un refrán da nosa terra, que nunca nin en ningures tivo tan boa apricación coma nese caso da manteiga.

Acostumada a xente do barco á manteiga da mañáns, custáballe moito pasar sin elo, e todo se devolvía decir:

—¡Si pasara un barco que nos dese manteiga!...

Pero do demo pasaba un barco. O que pasaban eran os días.

O vento empeñárase en non soprar, e saía coa súa, e nin ó barco onde iba Alifonso se movía do sitio, ni tampouco ningún outro navío se vía ó arredor.

Por fin encomenzou a soprar unha lixeira arela, que inflou un pouquerre-chiño as velas, e o barco empezou a moverse.

Pra que a satisfacción fose maior, apareceu pola proa unha fragata, que, como o ventíño inda tiña pouca forza, tardou en aprousimarse ó barco de Alifonso.

—¡Eí ven un navío! –dixeron todos cando o viron.

—Vámolle pedir manteiga –exclamou o máis galdrumeiro.

—¡É verda! – contestáronlle os outros todos contentos.

Eisí que estivo próximo, dixo medio compunxido o capitán:

¹ A festa da Franqueira celébrase no Concello da Cañiza os días 7,8 e 9 de setembro.

- É inglés, e eiquí non hai quen coñeza ise buque.
- ¿Como que non? —berrou Alifonso. Eu sei entenderme cos ingleses.
- ¿Falas en serio?
- ¡Abefellas!
- Pois destonces, perpárate que xa está perto.

Aprousimouse o barco español canto pudo ó inglés, e así que coidou Alifonso que o habían de oír, berrou dende a borda:

- ¡Inglés!...
- ¿Eh? — Contestáronlle.
- ¿Tener manteiga?
- Manteiga non saber que ser.
- Daquilo que se bota no pan.
- Mi no entiende.
- Si, home, si; pra tomar co café.
- Mi no entiende.
- Aleixáronse os dous barcos un do outro, e entón preguntoulle o capitán a Alifonso:
- ¿Que che contestou?
- Que ten, mais que non vende.

Chuco de Canedo

A sorte dun madrugador

Sempre teño oído decire que é moi san pro corpo e mais pra a ialma o erguerse cedo, porque hastra rezan alí que ó que madruga, Dios o axuda.

Todo iso poderá ser certo, e non hei de ser eu quen o negue. Mais o que podo decire, é que non sempre o madrugar dá bo resultado.

E senón, que llo pregunten a Fertunato Cousiño. E decir; preguntar, non se lle pode, porque morreu nantronte. Pro que llo preguntaran antes de fuxir deste mundo pró outro, e xa veríades o que contestaba.

Non había máis que oílo cando berraba naquel leito de pallas onde loitaba coa morte:

—¡Ai, ai, ai, malpocado de min!... ¡Ai, ai, ai, quen me mandaría erguerme aquela mañán tan cedo!... ¡Ai, ai, ai, canto millor me non fora se me deixara estar deitado!...

E non lle faltaba razón ¡demoncre!

O homiño tiña saída unha mañán cedo da chavola onde vivía, pra chegar a pirmeira hora da mañán á vila.

Iba descalzo, porque non tiña zapatos nin os tivera nunca, e os zocos estaban tan comestos, que se os levara, de certo que os deixaba no camiño.

Perto da vila, inda cuasque de noite, tropezou cunha cousa que estaba no chan.

Colleuna pra velo que era, ealcontrouse cunha carteira e, drento dela, con dous billetes de Banco, de cen pesetas cada un:

Coidou que adoeceía de gozo, e gardou moi gardado aquilo que pra el era un tesouro.

En chegando á casa, mostroulle a carteira e o diñeiro á parenta, dicíndolle:

—¿Non ves como é certo que Dios axuda ó que madruga?

—Xa vexo, xa —respondeu a dona.—

Mais penso eu que non falará dese xeito o que perdeu a carteira.

—¡Bo! non fagas caso.

Logo puxéronse a ordenar de que maneira habían de empregar as dúas centas pesetas, pra aporveitarse millor delas.

Dispuxeron mercar unha cama, pagar uns cartiños que lle debían a un certo figurón da vila, facer cada un seu traxe e mercar tamén zapatos. Sobre todo os zapatiños. Xa que nunca en tal limpeza se viran, non querían deixar de mercar unha cousa coma os zapatos, que nunca nos pés tiñan posto.

Mercáronos, como o demais que ordenaran de mercar, e á pirmeira festa que houbo, aló foron Fertunato e mais a súa dona coma dous reises, de ben postos que iban.

A muller resisteu ben os zapatos, mais a Fertunato, magoáronlle de tal xeito os pés, que ó tornar pra casa, tivo que lexalos na man.

Levaba en cada seu pé unha ferida coma un ollo de boi.

Pra que a cousa fora pior, infeucionáronselle as magoadelas, que se convertiron en dúas llagas anormes, e ós poucos días arrimaba Fertunato ó leito, pra non saír del senón cando o levaron pra cova.

Por falta dos coidados que lle comprían ó seu estado, encangrenáronselle as feridas, e morreu.

¡E con tanta razón non se queixaba el, cando estaba nas derradeiras, de ter madrugado aquel día que Xuncras confundira, en que se lle ocorreu madrugar!

Porque se non madrugara, non alcontraba os cen pesos, e non tendo os cen pesos, non mercaba os zapatos que o puxeran naquel estado.

E aí tendes coma non sempre aporveita o madrugara.

Dígovolo eu, que teño algunha experiencia da vida, e dívollo tamén o exemplo de Fertunato Cousiño.

Chuco de Canedo

¡Hastra os santos tiveron fame!

Cando hai fame, hastra se aporveitan as migallas.

Isto di un refrán da nosa terra, e isto é verdá, coma todo canto din os refráns.

Socedeu unha ocasión en certo povo da veira mar, que houbo unha fame de todos os demos, porque ademais de perderse as colleitas, tampouco se podía contar cos productos da pesca, porque os temporales eran tan fortes que naide se astrevía a embarcar e saír ó mar.

Invernía coma aquela, non recordaban outra os máis vellos do povo.

O vento tiña arrincado albres, estrozado forraxes, tumbado hórreos e desfeito plantíos.

A chuvia tiña sido un verdadeiro deluvio, que baixando en grandes torrentes da montaña, tiña asolagado hortas e leiras, feito crecer os ríos e arrastrado as poucas hortalizas co vento non tiña arrincado ou tronchado.

E pra acabar co pouco que tivera quedado, caíron fortes xiadas, que talmente queimaban hastra as derradeiras herviñas.

Mentras todo isto pasaba na terra, no mar viraban as ondas, tan grandes coma montañas, desfaciáanse embarcacións de pesca e hastra naufragaban grandes navíos.

Se aquilo non era o fin do mundo, pouco lle faltaba. Isto coidaban os veciños do povo dista hestoria, mentras entreteñían coma podían a súa fame drento das chouzas.

Chegou ó fin un día en que calmou o vento, parou a chuvia e non houvo neve.

Coma a fame era moita, dedicáronse os veciños a recadar algunha cousa con que matala, e foron dar, coma quen topa cun tesouro, cos mexilóns e as lapas dos penedos da veira mar.

Encomenzaron todos a coller daquilo, e quen máis quen menos, levou pra casa tanto coma puido levar.

Un dos veciños, que por certo non era dos máis listos pro si dos máis parvos, alcontrouse, cando collía mexilóns, cun santo de pau, que frotaba antre as pedras por onde el andaba ós mariscos.

O tal santo era o mascarón de proa dun navío que o temporal desfixera, e alí tiña ido parar, arrastrado polas correntes.

Mais o veciño aquel, que entendía pouco de cousas de mar e xa dixeran tamén que era de poucos alcances, coidou que era un santo do ceu, e encomenzou a berrar cando o viu:

—¡Ollade, ollade, meus amiguiños, que milagre tan grande!

—¿Que socede, que pasa? – contestáronlle os outros que tamén andaban mariscando.

— Que ha de soceder, senón que hastra os santos do ceu pasaron fame e teñen que vir coma nosoutros ós mexilóns e ás lapas!

Chuco de Canedo

Teño que facer unha reutificación, pra que non me chamedes inorante.

No turreiro da somana derradeira, dixen que Fortunato Cousiño tiña alcontrado unha carteira con dous billetes de cen pesetas, e logo añadín que o achado tiña sido de cen pesos.

O erro é grande, e incurrín nel, porque botei a conta polos dedos, e inganeime a ela.

Conste que soilo foron dúas centas pesetas, que son corenta pesos e non cen.

E dista vez si que me non engano, porque quen me dixo que cen pesetas son corenta pesos, foi o maestro da escola.

Chuco de Canedo

Lembranzas do Antroido

Entramos xa no Antroido, época de todas as tolerías, na que se perden as almas e da que non saen ben librados os corpos.

Uns porque visten de máscara e van por esas rúas facendo toda cras de burradas e estremonías; outros porque van ós bailes e alí fan de todo menos penitencia; outros por listros de máis e outros por parvos dabondo; todos quen máis quen menos, condanámonos nesta época do ano e alcontrámonos ó fin dela, moidos, derrengados, sin cartos e moitas veces cun chasco enriba do amor propio, que é o que se sente máis.

Disto teño eu algunha esperencia.

Foi aló polo tempo da miña mocedá, cando inda eu encomenzaba a ceibar os pés das alforxas.

Alcontrándome na vila, quixen ir a un baile de máscaras, e porpareime tan ben coma compría a unha festa daquela cras.

Troquei o cuello de foques que entón usabamos os aldeáns, por outro pranchado, que me magoabo o pescozo; pranteime unha boa corbata verde, amarela e encarnada aquí diante; amarrei o reló cunha forte cadea de prata que me dera meu pai; limpei os zapatóns co pano do bolso, e púxenme, en fin, tan pincho como nunca me vira.

Cando estiven disa maneira porparado, compretei a miña maxeza cun carabel tempraneiro na solapa da chaqueta, e metinme polo baile adrento, coa soberba e aquela dun rei.

Inda non chegara ben ó medio do salón, cando se me prantou diante unha máscara vestida de dominó e coa cara ben cuberta cun antifaz.

—¡Ai, Chuco da miña ialma, canto tardache! Xa coidei que non viñas.

—¿Logo ti conécesme? —pergunteille todo ademirado.

—Non te hei de conecer, se fai ben tempo que morro por ti.

—E ¿quen eres?

—Inda non cho podo decir.

E sin máis nin máis, colgouse do meu brazo dereito, e así demos unha volta polo salón, ela decindo que me quería moito, que tiña ganas de poder demostrarmo e que non había de pasar moito tempo sin que eu soupera quen ela era, e eu dándolle voltas na cabeza á fegura e á voz de todas as mulleres que eu conecía, por si algunha delas tiña semellanza na voz ou na fegura, con aquela.

Mais por moito que discorría e pensaba, non era capaz de alcontrar nos meus recordos, unha que se lle asemellara.

Nisto encomenzaron a tocar, e fumos bailare.

Ela agarrábase a min, coma si tivera medo que lle fuxira ou que lle roubaran a parexa, e eu iba, ó mesmo tempo que rabeando por saber quen era

aquela muller que tanto me quería, fachendoso coma se fora emparellado cunha princesa moura.

Parou a música, e díxome a mascarita:

—¡Que sede teño, Chuco! ¿Quéresme levar a beber un golo da auga!

—Eu quero o que vostede queira —contesteille eu xa todo entusiasmado polo baile e mais por aquela proba de confianza.

Fumos á cantina, sentámonos pra un ladiño, ela pediu non sei que cousas, e inda non tiñamos encomenzado a tomalas, cando se prantou na cantina un home grande e forte coma un carballo, que dimpois de ollar ó arredor, deu con-nosco e dirixiuse ó sitio onde nos alcontrábamos como unha frecha.

A máscara tíñaio visto, e antes de que el chegara cabo de nós, xa me tiña dito:

—¡Ai, Chuquiño da miña ialma, que estou perdida! ¡Eí está o meu home!...

Nisto chegou a fera, colleu á dona por un brazo, apartouna do meu lado e brincou coma un lión enriba de min.

As botellas, as copas e os pratos que estaban enriba da mesa, cairon en anacos ó chan, mentras que no meu coiro caía unha verdadeira chuvia de trompadas.

Cando a fera se cansou de mallar en min, volveu a coller a máscara por un brazo e saliu de alí levándoa talmente en volandas.

Pero eu inda tiven tempo de ver que ela, pra andar máis lixeira, erguía as saias e amostraba por debaixo delas uns pantalóns de home.

Cando fun tratar de arregrar a miña roupa, alcontreime con que me faltaba o riló coa cadea e mais o portamoedas.

Erguín a cabeza e vin diante de min ó dono da cantina, que me amostraba a conta do gasto e mais do servicio roto.

E ó ver que non tiña con que lle pagar, meteume dous couces en salva sexa a parte, e entregoume a unha parexa de guardias, que deron cos meus esnaquizados ósos nunha prisión.

Chuco de Canedo

Preso por persoa de ben

Teño visto prender moitos creminales, como salteadores de camiños, asesinos e outros tales.

Mais o que non vin nunca, foi prender a naide por boa persoa ou por home de ben, mentras andan soltos os caciques grandes e pequenos, que nos rouban o pan e nos firen a ialma; os que se bulran da lei, pegándolle un couce ós seus preceutos e bilrándolle a autá a quen realmente lle pertence; os que teñen feito coto fechado dun pobo, dun destrito ou dunha porvincia, no que naide entra nin naide se move sin o seu premissa nin a súa voluntá.

Pois mentras toda ista canalla anda solta, eu vin prender a un verdadeiro home de ben.

E foi nunha ocasión que se celebraba unha festa en San Paio de Navia.

A xente tiña ido toda prá romaría.

Homes, mulleres, rapaces e vellos: todo andaba na foliada, sin que naide se coidara de gardar as casas, pensando quezais que pró que había dentro delas, non valía a pena de gardalas.

E socedeu que mentras a xente da aldea beilaba de firme, bebía viño nos tabernáculos cubertos cunha vela de barco ou estaba coa boca aberta dun palmo vendo como estoupaban os foguetes no aire, un endeviduo que chegou por alí ó cheiro da festa, escolleu a casa que lle pareceu máis rica, e púxose a facerlle as veiras pra entrar nela e coller o que ben lle parecera.

Deu cunha ventán que daba pra unha congostra, e abriuna con pouco traballo.

E xa estaba entrando por ela, cando quixo Xuncras que pasaran por alí dúas mulleres que tamén iban prá festa e que ó velo entrar, encomenzaron a dar berros.

Acodiu xente, viu tamén a parexa de ceviles que coidaba do orden na romaría, e ós poucos minutos estaba collido o vesitante sin premissa.

Levárono os ceviles prá casa do alcalde pedáneo, e a xente ó velo pasar, preguntaba.

—¿Quen é? ¿que fixo?

—É un ladrón —contestaban os que estaban enteirados —e pillárono entrando na casa de Manoela de Roade.

Tantas veces oíu o preso que lle chamaban ladrón, que considerándose ofendido, protestou con moita enerxía.

—Eu non son ladrón ¡canario!

—¿E entón que é o que ti eres? —perguntoulle o pedáneo cando lle oíu semellante cousa.

—Un home de ben.
—¡Conque un home de ben e alcontráronte escalando unha casa!
—Non era pra roubar.
—¿E logo pra que era?
—Coma toda a xente estaba na festa, eu iba coidar de que naide roubara nas casas.

Chuco de Canedo

O home salvaxe

Xa vos dixen noutra ocasión, que estiven estudando de mozo en Santiago, porque tal era a vontade de meu pai, que desexaba faguer de min un crego. E eu tiñalle tanta afición á carreira eclesiástica, que empreaba o tempo libre en dedicarlle versos ás rapazas.

O peor non era que a min me dera por escribilos, senón que alcontrara quen mos quixera publicar. E coma pra un aprendiz de escritor non hai peor cousa que publicarlle os garapatos que fai, porque entón non hai cura posíbre pra el, a min socedeume que si me publicaban unha cousa cada semana, quería que me publicasen dúas, e si dúas, quería todos os días.

Así foi que eu non saía da Redacción do preódico onde se publicaban as miñas cousas, e de tal maneira se acostumaron a verme por alí, que concuriron por considerarme da casa e a contar comigo pró reparto dos billetes de espectáculos, que mandaban os respectivos empresarios.

Presentouse un día en Santiago un tipo que anunciou nos preódicos, polas paredes e en prospeutos de man, que iba mostrar un home salvaxe, collido a lazo nas selvas do centro de África; que non falaba ningua lingua; que non tiña lei a nadie, e que era dunha salvaxería tan grande, que non fora posíbre domésticalo.

Botábase á xente coma un can danado, e era preciso, pra que non fixera desgracias, amostralo dentro dunha xaula de ferro.

Recebíronse na Redacción do preódico os billetes pra ir ver aquel fenómeno, e o director, dándome un, díxome así:

—Toma, Chuco. Has de ir ver o que é iso do home salvaxe, e dimpois encárgate de facerlle uns renglóns.

Fun ver o tal home salvaxe, e saín talmente cos cabelos de punta. Aquilo non era home, senón unha fera toda chea de pelos dende a cabeza hastra os pés, que arregañaba os dentes, oubeaba como un cadelo cando venta morte e daba berros que non tiñan nada de humanos, que reviraba os ollos, daba couces contra o chan e as paredes da xaula, que botaba as uñas ós ferros da reixa que tiña por diante e que os non rompía porque eran fortes dabondo.

De vez en cando, o empresario quentaba un ferro hastra poñelo roxo, e metíallo por entre as barras da reixa. O home salvaxe botáballe as mans, e os espeutadores sentían o chilrido e o cheiro da carne queimada. Mais ó home salvaxe parecía que aquilo non lle faguía dano, porque non ceibaba o ferro, hastra que lle zorregaban uns bos fungueirazos.

Aquilo era do que nunca tiñan visto os nacidos, como decía o empresario. E tan espantosa era a cousa, que moitos espeutadores volvían a cabeza pra un lado e outros, principalmente as mulleres, fuxían de alí todos cheos de medo.

Eu dixen todo isto no preódico, e de tal xeito pinteí a cousa, que a xente correu a ver o home salvaxe en tan grande número, que hastra había loitas a trompadas, a trabadelas e a couces, pra entrar.

O empresario, agardecido, convidoume a café con augardente e regaloume un puro de can grande.

Pola miña parte consideraba aquilo coma un trunfo perodístico, e andaba máis fachendoso, que se houbese descuberto un mundo.

Hastra me pareceu que cando iba ver o home salvaxe, a mesma fera ollaba pra min con admiración.

Pasaron uns cantos días, satisfíxome a curiosidá de todos os santiagueeses, foi encomenzando a non estar en moda o ir ver o home salvaxe, e hastra eu deixei de ir por alí.

Unha noite alcontrábame na Redaución, correxindo as probas duns versos que lle dedicaba a unha que vendía medias de lan na praza de abastos, e que encomenzaban así:

“Lanífera hurí de mis ensueños;
prenda por mi dolor no bien querida,
porque eres prenda de abrigo
que no te alcanza el alma dolorida
en estos tiempos gélidos de invierno
en que los saboñones son heridas,
y el corazón rebosante de pasiones,
pide calor y halla en tu pecho nieve fría.”

Alcontrábame, como digo, corrixindo as probas, cando se abriu a porta e oímos unha voz que decía:

—Dan premiso.

—Adiante—contestou o director.

—Boas noites.

—Felices. ¿Que quería?

—Pois verán vostedes: eu son o home salvaxe.

¡Cataprún!... Aquilas palabras fixeron o efeuto dunha bomba de dinamita.

O director, pegou un pulo, saltou pola ventán e según soupen dimpois, non parou hastra a ponte da Rocha.

Eu metinme debaixo da mesa, e coa presa conque o fixen, tirei o tinteiro e caeume a tinta por enriba da chaqueta, que era crara e estreábaia aquel día.

O rexente da imprenta, que entraba na Redaución cunhas probas, fuxiu para atrás e foi cair dentro da vacía onde se mollaba o papel.

Eu creo que hastra as sillas tiveron medo.

O home salvaxe deu un par de pasos, e eu coidei que xa chegara a miña derradeira hora.

Encomencei a rezar o Credo, e inda non chegara ó Todopoderoso, cando oín que decía o home salvaxe:

—Non teñan medo ningún, que eu non fago dano a nadie.

—¿Mais vostede non é o home salvaxe? —pergunteille eu, tremendo dende as puntas dos cabelos hastra as uñas dos pés.

—Era: xa o non sou.

—¿E logo domesticouse?

—Non, señor. O que pasa é que un home, pra gañar a vida, ten que facer moitos papeles. E a min tocoume facer o de salvaxe.

—¿Destonces todo aquilo que vostede facía, era finxido?

—Finxido, si, señor.

—¿E os pelos que o cubrían dos pés á cabeza?

—Pelexas de cabra.

—¿E o ferro quente non lle queimaba as mans?

—Non, porque as tiña cubertas cunha pasta.

Saín estonces de baixo da mesa, e o home salvaxe contoume a que iba alí.

El e o empresario eran socios. Mentras a xente acudía a ver o home salvaxe e había moitos ingresos, todo foi ben; mais así que afroxou o público e empezaron a faltar o diñeiro, deixaron de estar de acordo os dous socios, e por último, o que facía de empresario, fuxiu cos ingresos do día, e pra non ir soilo, levou consigo a muller do home salvaxe.

E o que tiña feito de fera, contábame todo isto nun mar de bágoas.

Consoleino como puđen e díxenlle que a quen debía ir contarlle a cousa, era ó xuez.

—O que máis sinto— díxome ó despedirse— é non ter adivinado que me iba fuxir coa muller, porque entón, si que eu iba ser un home salvaxe de verdá.

Chuco de Canedo

Hai que ser pai a tempo

Fai dous ou tres días, campañaba eu polo monte da “Picaraña”, pensando nas miñas cousas, cando viñeron a ferir os meus ouvidos e a estornar os meus pensamentos, que non sei se eran bos ou malos, uns berros doloridos, que saían de entre uns albres moi espesos que había pra un lado.

Ó mesmo tempo que os berros, ouvíanse unhas falas que non se entendían, como tampouco se entendía o que vramaba o que ceibaba os berros.

—¿Que demo será iso? —excramei, prantándome no medio da vereda.

Escoitei uns segundos, e oín que seguían os berros e as falas.

—Non, pois aí pasa algunha cousa grave.

Dudei entre acudir ou seguir o meu camiño, por aquilo de non meterse un onde non o chamen, e ó fin seguí os impulsos do meu corazón, que inda non é tan ruín coma os daqueles que nos poñen cara de festas, e nos cravan un coitelo polas costas.

Acudín ó sitio de onde saían os berros e as falas.

Cheguei en poucos segundos e alcontrei o seguinte cadro:

O tío Roque Chamadoira, estaba atado a un albre, cunha corda e de tal xeito, que non podía movere man nin pé. Diante del, cunha vara de castaño na man, alcontrábase Ladislau Esfolagatos.

—¡Fillo desleigado! —berraba o probe do tío Roque chorando coma un miniño —desátame estas cordas e non me batas máis con esa vara. Olla que te estás condanando.

—Si ¿eh? —repticáballe Ladislau. — Máis te condanaches ti en deixarme ir ó servizo podendo librarme.

E zorregáballe un par de vareazos.

—Home, non seas bárbaro —dixenlle eu a Ladislau. —¿Que mal che fixo o probe do vello, pra que o maltrates disa maneira?

—¿Que mal me fixo? Pois que por culpa del teño que ir ó servizo do rei, e pra maior disgracia, tocoume pra Tetuán, a pelexar cos mouros.

—¿É certo iso? —pergunteille ó tío Roque.

—E que el é unha mala ialma —respondeume, mais non á miña pregunta.

—Eu lle contarei o que pasa, señor Chuco —dixo Ladislau.

E contoume a seguinte hestoria:

—Vostede xa sabe que miña nai é solteira.

Un día gustoulle a iste raio de vello; fíxolle a rosca, e enganouna con palabras de casamento.

Caíu miña nai na rede, e o resultado daquel engano, fun eu.

Os traballiños que pasou miña nai pra criarme, non son pra ditos.

Cantas veces acodiu á porta diste home, outras tantas lle deron con ela na cara.

Crecín eu, e miña naiciña, vendo que se acercaba o día de caír soldado e que non tiña maneira de librarme, se este vello sarnoso non me reconecía, rogoulle que o fixera, mais non conseguiu nada.

Supriqueille eu, e contestoume que el non era meu pai nin tiña nada que ver comigo.

Volvinlle a rogar unha chea de veces, e o gran ladrón contestábama sempre:

—Que te reconeza teu pai, que eu non teño obrigación.

Non se pudo facer nada con el; e así foi que cando caín soldado, non tiven quen me librara, e como lle dixen, pra maior desgracia, tocoume ir pra Tetuán.

E volvéndose pra o vello, aguergou todo enrabechado:

—¡Danme ganas de o matare!

E zorregoulle un par de vareazos.

—¡Abonda xa! —dixenlle eu, colléndoio por un brazo e arrincándolle a vara. —Iso non se fai cun vello.

—Ten razón, señor Chuco; ten razón —xemeu o tío Roque —¿A vostede parezlle que se fai isto cun pai?

—¡Ai, con que agora eres meu pai! —dixo Ladislau. Pois xa que o non fuches cando me fixeches falta, agora non te perciso pra nada.

Deu media volta, e aleixouse de alí.

—O rapaz ten razón —dixenlle ó condanado vello, mentras que o destaba do albre, onde Ladislau o tiña atado, alcontrándoio aquel día no monte pra venganza del.

Chuco de Canedo

¡Agora si que eres un home!

Veño de ler nun preódico que non sei onde, un mozo matou a outro, porque iste lle roubou a noiva.

E eu dígovos que iso foi unha compreta burrada. Porque a tal rapaza non merecía que por ela morrera un home nin se perdera outro.

E non é que eu a conecera, senón porque teño esperencia disas cousas, dende o que me pasou aló nos tempos da miña mocedad.

Contaréivolo, pra que o teñades presente cando vos alcontredes nun caso dises.

Había na miña veciñanza unha rapaza, que non vos direi que era un sol, pro si que ben podía andar por onde andiveran as bunitas, sin faguer mal papel.

Un día reparei nela, gustoume, e encomencei a decirlle cousiñas doces.

Ela ríase, e animado con esa risa, funme adiantando, hastra que me decidín a facerlle o amor polo serio.

Nisto soupen que ela xa tiña noivo, e hastra me dixeron que antre eles xa estaba tratado o casamento.

—Non me importa —repiqueei. —Pois agora é cando non a deixo.

Craro que si eu falaba así, era porque a rapaza me daba pé pra elo. Mais así e todo, eu estaba entón tan animado que me sentía con forzas pra loitar hastra con Sansón, por conquistar o amor da rapaza.

Non fixo falta loitar con naide, porque tan pronto coma eu lle dixen un día que estaba morto de todo polos seus migallos e que sería o home máis ditoso da terra se me aceptaba por mozo dela, contestoume axiña que si.

Quedamos, pois, feitos noivos, e eu preveninme por si o mozo bulrado non se conformaba con iso e trataba de vingarse de min.

Non pasara unha semana dendes que a rapaza e eu tiñamos relacións formales, cando me alcontrei co mozo nunha encrucillada.

—Boas tardes, Chuco —díxome con moita calma.

—Ola, Manoel —contesteille, axeitando a moca.

—¿Conque ó fin conseguiche bilrarme a noiva?

—Eu non sei si a rapaza era túa noiva ou non. Eu o que sei é que ela gustábame; que lle fixen o amor, e que me aceptou. Isto é canto sei; e se hai que pagar algo, eiquí me alcontras disposto a todo.

Botouse a rir, e reprimou:

—Non, home, non. Non hai que pagar nada. ¿Ti coidas que a millor moza merece que se perda por ela o máis ruín mozo? Nosoutros non hemos de reñir por iso.

Quedeime ollando pra el, sin saber que decir.

—Conécesme fai ben tempo —seguíu falando —e sabes que non son co-
barde. Mais nesta ocasión, repítoche que non hemos de reñir; ó menos pola mi-
ña parte non hai tal desexo; porque eu o que teño que decirche, é que che estou
moi agradecido pola prea que me quitache de enriba.

—¿Como prea?

—Si, home, si. ¿Coidas que merece outro nome a muller que estando en
amores cun home que lle dera palabra de casamento, déixao pra marcharse co
pirmeiro que lle pasa por diante?

Outra vez quedei sin saber que reprimir, e el continuou:

—¿E coidas tamén que isa muller que é do pirmeiro que chega, merece
que dous rapaces de ben, dean que faguer ó xuez ou quezais ó sepultureiro?

—Tes razón —contestei ó fin —¿E sabes o que estou pensando?

—¿Que?

—Pois que isa muller así como te deixou a ti por min, a min deixaríame
por outro, e que quen tan pouca lei garda de solteira, non ha de gardar moita de
casada.

—Iso non o dudes xiquera.

—Pois está dito: por onde viu, que se vaia.

—Agora si que eres un home, e non cando axeitabas a moca, pra reñir
cun amigo por causa disa muller.

Chuco de Canedo

O insulto dun inglés

Dalgún tempo a ista parte, veñen moitos ingleses a Galicia, gracias á propaganda que dista terra teñen feito unhas sociedades que chaman de turismo.

Uns veñen por conecela, outros por cazar nos nosos montes, outros por botar uns cantos días de folga en Mondariz e outros por pescar nos nosos ríos.

Porque habedes de sabere que os ingleses son moi aficionados a todo iso, e que por pescar un par de troitas, hai antre eles quen é capaz de ir hastra o cabo do mundo.

Poucos días fai, desembarcou en Vigo un, que viña coa intención de dedicarse uns cantos días a pescar nos nosos ríos.

Informouse ben de cales eran os que estaban máis povoados, e dixéronlle que aló nun sitio moi lonxincuo había un río que estaba talmente inzado de troitas.

Anque os ingleses son bos andaríns e en tocante a camiñar a pé, nunca poñen reparo, iste inglés do meu conto, tívolle medo ó camiño, porque lle dixeron que era longo e ruín dabondo, e alquilou un cabalo.

Quen lle porporcionou a besta, foi Damián da Espedregada, que por certo nunca tivo cabalo que se poidera presentar.

Por iso, o que lle alquilou o inglés, era mesmo unha caricatura de cabalo.

O inglés, puxo certos reparos, porque lle alcontraba poucas carnes e moitos ósos, e Damián tranquilizouno dicíndolle:

—No haja caso, míster. Le son así todos los caballos desta tierra. Levan la carne por dentro de los ósos; pero resisten mucho.

—¡Oh! —repicou o inglés. —Esto ser al revés de todos países.

—Aquí todo le es así; al rivés del resto del mundo.

Montouse o extranxeiro, acomodou como pudo os chismes de pescar enriba do esqueleto de cabalo que levaba, e púxose en marcha camiño do río.

Damián marchaba a pé, ó lado do cabalo, non sei se pra amparalo no caso de que non resistira co peso do inglés, ou pra ensinar o camiño.

A traza do cabalo e a do inglés, fixeron rir a moitas persoas de cantas alcontraron no camiño, porque a verdá era que cabalo e cabaleiro, facían boa xuntanza.

O inglés, anque non entendía todo canto oía decir nos comentarios que facía a xente, comprendeu que se bulraban del, e encomenzou a queimarse.

—No les haja caso —decía Damián.

—Parece que se bulran, e no es así. Ya le dicen que aquí todo es al rivés de los demás países.

—Osté estar engañándome. En todos países burlarse de igual manera.

—Piero no se bulran de usté.

—¿Entonces de quién?

—Del caballo.

Quedou algo tranquilo o inglés. Mais a súa tranquilidade duroulle pouco, porque ó pasar por diante dun muiño, o muiñeiro, que estaba á porta, botouse a rir coma os máis, e díxolle a Damián:

—¿Ti onde alcontrache ise jamelgo?

—¿Llamarme a mi jamelgo? —preguntoulle o inglés a Damián.

—No, señor —respondeu iste; —fue al caballo.

Ó extranxeiro tíñaselle acabado a pacencia, e botando man ó dicionario hispano-inglés que levaba no bolso, buscou un insulto con que responder ó do muiñeiro.

Custoulle alcontralo, mais así que deu con el, baixouse do faco; dirixiuse con moita calma ó muiñeiro, e así que estivo arrente a el, díxolle marcando moito as palabras:

—Osté llamar jamelgo á mi caballo. Yo llamar canalla á su molino.

E volveu a montar tan satisfeito como se fora seu paisano Wellington dimpois da batalla de Waterloo.

Chuco de Canedo

Un bo cazador

“Ó meu querido amigo e insine artista Alexandro Curty!”

Teño desgracia cos cans. ¿Lembrádesvos dun que me mataron uns bárbaros tomándoio polo lobisome, según vos contei fai uns dez meses neste mesmo turreiro? Boeno, pois acábanme de matar outro, que tiña en moita estima, porque, anque cachorro, era moi bo cazador.

Non, e hastra certo punto estívome ben empregado, por fiarme de chalratáns.

Fai poucos días, entroume pola porta un amigo da infancia, que viña de Andalucía, onde estivera moitos anos.

Recebedo como merecía un amigo tan antigo, e ogallá en vez de recebedo daquela maneira, lle tivera dado coa porta nos fuciños.

Convideino a comer, e mentras durou o xantar, soilo el falou, porque, iso si, non é dos que lle hai que dar corda pra falar, porque a ten pra todo o ano.

Non vos podo decir canto falou, porque me non lembra.

O que si recordo, é que cuasque ó fin do xantar, contou que era cazador e que como tal, tiña feito e acontecido.

—En sierta ocasión —decía en andaluz, porque se lle tiña pegado de todo a fala daquela terra— zalí yo zolito ar monte. Comensé a dispará tiro, y ná, que al golvé á caza, tuve que arquilá un carrito pa yevá too lo que había casado.

Otra vé, me arcontré con un lobo y un jabalí. La situación era mu comprometía, porque la dó fiera estaban mu cerquita de mí, e yo zolo tenía un cañón de la ecopeta cargao. Me encomendé á la Virge de la Franquera², diparé y tuve la zuerte de enzartá lo dó bicho de un zolo tiro. Porque yo, onde pongo el ojo, ayí memo coloco la bala.

Eu estaba coa boca aberta oíndolle contar tantas fazañas, e el, vendo a miña atención, seguía falando.

Logo reparou no can, que andaba ó redor da mesa, aporveitando canto caía ó chan, e dixo:

—Jozú y que magnífico perro perdiguero tiene tú aquí. Chico, me lo tiene que prestá hoy mesmo.

—Si que é un bo can —contestelle eu —anque non pasa aínda de cachorro.

—Precisamente de cachorro é cuando ze ve que lo perro zon güeno. Na, Chuco, que me lo ha de empretá eta mesma tarde. Y me tiene que empretá ta-

1 Pintor e debuxante vigués.

2 En referencia á Virxe da Franqueira, no concello da Cañiza.

mién la escopeta, porque la mía está una mijita descompuesta.

—Si, home, si: todo o que queiras —contesteille eu, fiándome na súa parola.

Mal tiñamos acabado de xantar, cando saliu o andaluz pró monte, coa miña escopeta e o meu can.

—Ya verá, ya verá que casa tan rica te voy a trae —díxome ó marchar.

Pasou unha hora, e chamáronme á porta.

—¿Quen é? —perguntei dende dentro.

—Son eu —respondeume unha voz de muller.

Saín a ver quen era, e alcontreime con Marica do Portelo Torto, que levaba unha gran cesta na cabeza, cuberta cun pano branco.

—¿Que traes, Marica?

—De parte daquel señor que xantou con vostede, que aquí ten isto que ven na cesta e mais ista carta.

—Eiquí ven a mostra do que cazou —dixen pra min, todo contento.

Axudeille a Marica a baixar a cesta, erguín o pano e ¿sabedes o que viña dentro? Pois o meu can, morto dun tiro na cabeza.

Abrín a carta e lin isto:

“Amigo Chuco: no te puedo mandar la caza rica que te había ofresío, porque tuve la desgrasia de que al primé tiro, maté al perro. Te lo mando, por si quieres aprovechar la pelleja. Tuyo, Magariños”.

Chuco de Canedo

A sede dun predicador

Conecín eu un sancristán chamado Custodio, que era do máis cabalo que teño visto no mundo. Poderíavos contar moitas cousas pra demostrar o animal que era, mais coido que abonda cunha.

Celebrábase a festa do Cristo da Agonía na parroquia onde Custodio sancristaneaba; festa de moita sona, prá que os maordomos levaban de cote os millores elementos que alcontraban, tanto en predicador como en músicos e cantantes.

Aquel ano fora predicare un cóengo a quen Custodio nunca tiña oído, mais do que escoitara longas loubanzas. E ó subire o cóengo pró púlpito, Custodio foi detrás del, pra quedar o máis achegado pusibre e non perder miga-lla do sermón.

O predicador escolleu como tema, aquela frase que Xesucristo pronunciou no Calvario, cando estaba pra morrere: –Sitio. E cada vez que repetía isa frase, o orador traducíaia axiña ó castelán, pra que a entenderan os devotos que non souperan latín: –Sed tengo.

Cando Custodio lle oi u aquilo por primeira vez, non lle deu importancia. Máis así que o predicador repetiu: “Sed tengo”, coidou que o cóengo realmente tiña sede.

Baixou a toda presa a escaleira do púlpito, entrou na sancristía, meteulle dous reás na man ó monaguillo, e díxolle:

—Vaite correndo e trai axiña dous netos de viño; que ista ise probe siñor mortinho de sede.

Así que o monaguillo estivo de volta, tornou Custodio prá escaleira do púlpito; e cando o predicador dixo outra vez: “Sed tengo”, turroulle amodiño pola sotaina e chamouno:

—¡Don Ánguele!... ¡Don Ánguele!...

O predicador non fixo caso, e seguiu falando:

—Sitio, sed tengo; así clamaba Cristo Nuestro Señor en el Gólgota. Sed tengo; así clama el descreído que pide fe. Sed tengo; así claman los que piden justicia. Así clamamos todos, puestos los ojos en aquellos divinos labios que en el Calvario dijeron: Sed tengo.

O sancristán volveu a turrarlle pola sotaina, repetíndolle amodiño:

—¡Don Ánguele!... ¡Don Ánguele!...

—¿Que quer? –respondeulle o cóengo, tamén moi amodiño.

—Que teña un pouco de pacencia e que aguante isa amaldizoada sede hastra acabar o sermón; que xa lle teño na sancristía un par de netos do bo. ¿Ou quer que llos traia eiquí?

Chuco de Canedo

Inda non amañeceu

Vive perto da miña casa un matrimonio, que é pra viciñanza, millor cun teatro. Porque non hai no mundo compañía de cómicos, que bote comedias máis divertidas que as que todos os días representan home e muller.

El adoita emborracharse un día si e outro tamén. E hai quen di como artículo de fe, que Xulián Canicouva (así se chama o tal) xa non precisa beber viño pra emborracharse, porque como ten no estógeno a nai do viño, de tanto como ten bebido, abóndalle con engulir auga, pra que ista ferva coma se fora mosto e o poña peneque de todo.

Mais isto non deixa de ser un dito que lle aplicaban non soilo a Xulián, senón a cuasque todos os borrachos, sin fundamento ningún, porque eu inda non vin un que non fora enemigo decrarado da auga.

Xulián é un borracho consecuente, e nunca se pon peneque senón con viño.

Xa vos dixen que todos os días se emborracha; pro cando a piteira que colle chega ó grado máis subrime, é ós sábados, porque entón, co xornal que cobra, ten diñeiro dabondo pra cultivar o seu único vicio.

E anque todos os días fai comedias coa muller, cando istas son máis pa-veras e máis devirten ós veciños, é ós sábados, por razón da maior cantidá de ispiración que Xulián leva naquel corpiño.

Beba canto beba, nunca chega á súa casa dimpois da media noite.

Mais o sábado derradeiro, contra toda costume, deron as doce da noite, e el non chegou. Deu a unha, e tampouco; as dúas, igoalmente, e así foi pasando a noite, chegou a alborada, saíu o sol, e era ben entrado o día, cando Xulián apareceu ó pé da porta, cunha borracheira como nunca tiña levado.

A muller, que estivera toda a noite agoardando por el, moi impaciente e desgustada, co medo de que á Canicouva lle tivera socedido algunha cousa mala, así que o viu chegar a tal hora e con aquela borracheira, encomenzou a berrar, coma se lle arrincaran a vida, talmente coma os porcos (mal comparados sexan istes) cando o matachín lles comenza a meter o coitelo pola gorxa.

—Temprano comenzan hoxe os títeres —dixo unha veciña.

—¿Que ha de sere temprano? —contestoulle a muller de Canicouva.
—¿Non ve que iste raio diste borracho inda chega agora, dende que onte saíu pró traballo?

—Quer decir entón, que ista comedia, é de onte á noite.

—¿E quen lle dixo a vostede que inda non é de noite? —repicou Xulián.

—Soilo isto che faltaba —exclamou a dona del, —que agora quixeras vol-vernos do día noite.

—Eu non teño tanto poder; mais o que che digo, é que inda é noite. Certo que veño un pouco máis tarde que de costume, porque me equivoquei no camiño, tiven que desandalo e pararme na taberna do Peneirado, pra matar a sede que tanto andar me fixera; mais inda non amañeceu.

—¿Pro ti non ves que xa vai o sol ben alto?

—Son as estrelas.

—¿Como as estrelas?

—Si, señora. E que ti non as ves ben.

—¿Que hei de ver, se non as hai?.

—¿Que non? Pois agora vas velas todas xuntas.

E arrioulle unha bofetada, que por pouco non lle torce a cara.

Chuco de Canedo

A venganza dos probes

O tío Xan Remeseiro, tiña entre todas as súas ruíns condicións, a de sere soberbo e miserable.

Probe que acodía á súa porta pedindo limosna, xa podía contar con que non lle darian nada. E podía darse por contento se lle non botaban, enriba, unha letanía, que o deixaba asombrado pra unha semana.

Se os probes eran mozos, xa se sabe cal era a cantaleta:

—Pares mentira que co ise corpo e isa moxedá, andes atravesado polas portas pedindo limosna. Millor fora que traballaras.

Se o probe contestaba:

—Señor, estou farto de buscar traballo, e non alcontro. Démo vostede se o ten.

Respondíalle axiña o tío Xan:

—Eu non teño traballo pra vagamundos.

Se o probe era vello, saíalle con ista outra tocata:

—Non sei que falta fan os vellos no mundo. Despois de chegar a certa edá, cando non se ten que comer, é millor morrerse.

Tratándose dunha muller nova, rosmaba o tío Xan:

—Vai servir, que inda eres nova.

E se a rapaza decía que non tiña onde, replicáballe:

—Pois busca o pan doutra maneira, ou cástate.

Diste xeito, todos cantos probes paraban á porta do tío Xan, iban levando que contar, aunque non que roer.

Socedeu que antre os probes da comarca non quedou ningún que non soupera que daquela casa non se sacaba nada, e deixaron todos de pedir á porta dela.

Soilo de vez en cando, algún probe forasteiro, que non conecía as mañas do tío Xan, chamáballe á porta, pra oír o que os demais estaban xa fartos de oírle.

Tiña o tío Xan un fillo en América, que era un rapaz tan aporveitado, que en lugar de mandar diñeiro pra casa, era preciso mandarllo a el. Isto, como podedes supoñer, traía danado ó tío Xan, que canso un día de xirarlle diñeiro ó fillo, mandouno vir pra a terra.

O mozo era pintureiro dabondo, e anque non truxo unha peseta, viu ben vestido, con grande acompañamento de maletas, moi armado de bastón e fumando puros con anila dourada e roxa.

Naquilo gastara os derradeiros pesos que o pai lle mandou, e tan bo emprego lles deu, que cando entrou de aquela maneira polo lugar adentro, parecía talmente que acababa de chegar o presidente da república do Perú.

Un probe dos que tiñan chamado algun día á porta do tío Xan e escoitara como os máis, a letanía axeitada á súa edá, viu chegar o mozo, e xuzgando pola codia, coidou que o miolo era igual.

—Certamente que iste mozo ven rico —dixo pra o seu chaleque, —e como parez fachendoso, ha de ser máis amigo que o pai de favorecer os probiños de Dios.

Coidando tal, achegouse á porta da casa do tío Xan, chamou e pediu limosna, con máis e milliores palabras das que adoitaba facelo, contando de antemán cun bo socorro.

Saliulle axiña o tío Xan, que estaba feito un demoro polos cartos que o fillo lle gastara en presentarse coma un príncipe, e botoulle un bando, que inda hoxe lle están soando as orellas.

—Hoxe non lle veño pedir á vostede —astreveuse a decir o probe — senón ó seu fillo.

—Pois solo faltaba iso; que enriba de me gastar canto me gastou pra vestirse coma os lampantíns de vila, lle viñérades pedir limosna. O meu fillo non truxo un carto e aunque o trouxera, non era pra vosoutros, que sodes a peste do lugar.

—Ista si que non cha perdóo —dixo o probe pra si, cando tal oíu. —Paseiche moitas, mais o que é ista hasma de pagar ben paga.

Tiña xuntado aquel día antre céntimos, cadelas e cans grandes, unha peseta e pico. Marchou direitiño a unha taberna prósima, pediu que lles cambearan unha peseta en calderilla por outra en prata, e así que tivo ista moneda na man, marchouse polo lugar adiante, enseñándoa e pregoando que lla tiña dado o fillo do tío Xan, aguergando que o mozo viña riquísimo da América e talmente semeando diñeiro ó redor del.

Non foi perciso que empreara máis razóns pra convencer as xentes do que decía, porque os que non viran chegar ó fillo do tío Xan, oíran falar do ben portado que viña, e non quedaba nadie que non coidara que traía o ouro e moito mouro.

Así foi que ninguén puxo en duda as palabras do probe, e inda non tiña pasado ben media hora, cando á porta da casa do tío Xan se tiñan axuntado máis ducias de probes, que óvos recada pola Pascoa o señor abade.

E o número iba en aumento, porque o probe vengativo, por onde non foi, mandou e encomenzaban a chegar probes doutras bandas do término municipal e aínda do resto da provincia.

Total, que ó redor da casa xuntouse un número tan enorme de probes, berrando todos eles coma condenados, que o tío Xan coidou volverse tolo.

Atrancou portas e ventanas, pra non oír aquela algarabía, e os probes vendo que pasaba o tempo e lles non daban nada, encomenzaron a cansarse de agoardar.

Algún máis impaciente dixo que aquilo era unha bulra; correu o dito por antre toda aquela asamblea; erguéronse un pouco os ánimos; acabouse de todo a pacencia; arrombaron portas e ventanas; entraron coma unha treboada na casa do tío Xan, e iste tivo que fuxir coa familia por unha porta traseira, pra non ser vítima, non dos probes, senón da súa soberba.

Cando pudo volver pra casa, non alcontrou máis que as paredes limpas. Todo o demais tiña sido esnaquizado ou levado polos probes.

Chuco de Canedo

O castigo dos parvos

Dendes que niste turreiro puxen púlpito, sempre vos teño contado cousas desta vida que arrastrada levamos uns e folgada levan outros. Hoxe, cambeando de folla, vou contarvos cousas do outro mundo. Pro non vos asustedes, que a hestoria non é pra iso.

Poñédeme atención, que xa encomenzo.

Con diferenza de poucos segundos, morreron dous homes en certa vila e as almas respeitivas, limpas de toda culpa pola absolución do crego que as despachara diste mundo, voaron pró ceu.

Alcontráronse no camiño e encomenzaron a falar. Contando cada unha delas, a hestoria do dono que tiña tido seguiron andando con dirección ás portas que garda San Pedro.

—O meu dono —decía unha delas —chamábase Calros Fungueiriño, e era a persoa máis atravesada que andivo polo mundo. De pequeno faltáballe ó respecto a seus pais, de mozo bulrou non sei cantas mulleres; de home foi salteador de camiños e coma tal, matou pra roubalos a moitos camiñantes, e de vello, cando xa non podía coas pernas, meteuse usureiro e arruinou a media veciñanza.

—¿E con toda isa hestoria de malas auciões, salvouse? —preguntou a outra ialma, apartándose un pouco da de Calros Fungueiriño.

—Xa ves que si, cando eu vou pró ceu, mentras o seu corpo vai dar que comer ós vermes.

—¿E como se salvou?

—Porque na hora derradeira, acodiulle un frade, e tan ben lle pradicou, que se arrepenhiu de todo canto mal fixera e deixou toda a súa fortuna pra misas e obras piadosas.

—Pois o meu dono chamouse Adrián do Rego. Foi bo canto pudo selo, pro non foi feliz, porque estivo casado dúas veces e viviu coas dúas sogras.

¡Ai, miña almiña! Pois entón ben ganado tes o paradiso.

Nisto chegaron ás portas do ceu, e unha das almas, chamou amodiño, pro nadie lle respondeu. Bateu un pouco máis forte, e tampouco tivo resposta. Destonces agarraron as dúas almas o chamador de ouro, e encomenzaron a bater, como se avisaran que había fogo.

—Pouco barullo, que non somos xordos nin estamos durmindo —responden unha voz cascada dende dentro.

Logo abriuse un buratiño que había na porta, e apareceu a cara de San Pedro, rodeada dunha aureola que lle caía moi ben.

—¿Quen sodes? —preguntou.

—Dúas almas —respondéronlle.

- Xa o vexo. Mais ¿a quen pertencíades?
- Eu a Calros Fungueiriño.
- Boa peza. Xa temos aquí noticias da súa morte. Por certo que acabou coma un santiño, arrependido de todas as súas falcatrúas e maldades. Pasa, pasa.
- Abriu un pouquerrechiño a porta, e pola rendixa colouse a ialma de Fungueiriño.
- A de Adrián do Rego, tamén quixo pasar, mais San Pedro fechou axiña a porta, decindo:
- Ti, agoarda, que inda hai que sabere quen eres.
- ¡Ai, señor San Pedro! ¿vostede non me conece?
- Cando me digas o nome de teu dono.
- Chamábase Adrián do Rego, e nunca fixo mal a nadie.
- Xa recordo. Era un malpocadiño.
- E ademais diso ¡xofriu tanto naquela vida!...
- Teño idea.
- Vexa, señor San Pedro: casouse e levou a sogra a vivir con el.
- Pois entón xa pasou polo purgatorio.
- E non foi iso soilo.
- Conta, conta.
- Morreulle a muller, mais quedouse coa sogra na casa.
- ¡Érache home de resistencia!
- Pois inda se volveu a casar.
- ¿Como, como?
- Que se volveu a casar e levou a nova sogra tamén pra casa. ¡Fegúrese o que non pasaría cunha muller e dúas sogras!
- Xa me feguro. E ¿sabes o que che digo?
- ¿O que?
- Pois que eiquí non entras.
- ¿Por que?
- Porque teu dono foi parvo reincidente, e no ceu entran os creminales arrependidos: os parvos non.
- ¿E logo eu pra onde hei de ir?
- Pro limbo.

Chuco de Canedo

Por picar no anzuelo

¡Probe do peixe que pica no anzuelo do pescador, que axiña se alcontra no papo do comedor!

Librádevos do anzuelo; desperciade a miñoa que nel pon o pescador, e non seredes comidos.

E quen di miñoa, di outras moitas cousas que o demo inventou e os seus servidores van semeando polo mundo adiante, pra pescar as almas.

Por non sabere librarse disas tentacións, ou millor dito, por picar no anzuelo de Satanás, pasoulle o que lles pasou a Celestrino Gulanes e a Fanchuco Silveira.

Son estes dous amigos meus, que botaron en América o millor da súa mocedad, e que cando xa unha certa madurez lles iba roubando as forzas, decidiron volver pra a terra.

Traballaran con fortuna, e así foi que ó tornar pra eiquí, non tiveron necesidá de volver a traballar, porque truxeran ben con que darse unha boa vida.

Mercaron terras que outros lles traballan, oien misa todos os domingos, de a cada un deles cincoenta pesetas, todos os anos, prá festa do Patrón da parroquia, visten con certa maxeza, alternan co abade e mais co médico, e fan de vez en cando unha escapada por Galicia adiante.

Unha distas escapadelas, foi no inverno derradeiro a Vigo.

Iban xuntos, porque xuntos foran á escola, xuntos marcharan pra América, xuntos traballaran por aló, xuntos volveran e hastra viven veciños un do outro.

Nada ten, pois, de particular, que xuntos fagan esas excursións de recreo.

Decíavos que foron a Vigo, e aguergarei que pra desquitarse da vida sempre igoal, sin resaltes nin diversións que levan na aldea vesitaron todos aqueles lugares onde poideran pasar un par de horas agardabelmente, coma teatro, cinematógrafo, cafés cantantes e demais sitios polo estilo.

Unha noite entraron nun café que inda non tiñan vesitado e no que traballaba unha moza disas que lle din cupletistas e que según a sona tiña moita gracia e era moi amable.

Celestrino e Fanchuco sentáronse cada un ó lado dunha mesiña que había a carón do escenario, moi perto diste; pediron café con copa, e dispuxéronse a comprobar se a cupletista tiña tanta gracia como por alí decían.

Saleu a traballar a tal artista, á que chamaban La Bella Merenguitos, e ós dous amigos pareceulles que non había falta de verdá no que da moza decían.

Ela, que era lagarta coma todas as do seu oficio, reparou axiña en Fanchuco e Celestrino, e non tardou tres segundos en ver que lles estaba gustando.

Concruíu de cantar e os primeiros que apraudiron foron os dous compañeiros.

Pasou un cuarto de hora, e volveu a salir a Bella Merenguitos.

Viña entón vestida doutra maneira. Traía sombreiro de palla, blusa branca, saia corta e unha longa cana de pescar.

Cantou unha cousa en que decía que era pescadora e que pra pillar os peixes poñía un bico no anzuelo.

Dimpois deixaba caír este por enriba dun espeutador e preguntaba:

¿Usté picaría?

Unhas veces, ó preguntalo, contestaba que si, outras que non e outras soltáballe unha desvergonza, que non a anoxaba nin moito menos, senón que a facía rir.

Mais, contestaran o que contestaran, ela decía cantando:

¡Yo creo que sí!

Repetía a música coa segunda letra e o mesmo estrebillo. Soilo que dimpois de perguntar:

¿Usté picaría?

Variaba a resposta decindo:

¡Yo creo que no!

Isto socedía sempre que a Merenguitos cantaba semellante canción.

Pro aquela noite non foi así.

A primeira vez deixou caír o anzuelo enriba de Celestrino e preguntoulle.

¿Usté picaría?

El chiscoulle un ollo, e ela chiscándolle outro, dixo:

¡Yo creo que sí!

Repetiu a música, deixou caír o anzuelo enriba de Fanchuco, e preguntou:

¿Usté picaría?

Fanchuco, moi colorado, riuse, e ela ríndose tamén, aguergou:

¡Creo que también!

¡Ora! ¿non habían de picar?

Tan pronto concruíu ela o seu traballo daquela noite, foi pra onda eles e encomenzou a pedir por aquela boca, que mesmo parecía que non iba deixar bebida no café que non porbase.

Os parvos, que outro nome non merecen deixábana pedir, contando con que detrás de todo aquilo, íballes vir unha felicidade tan grande, que ó lado dela, iba resultar unha bodega desalquilada e con teas de araña, o ceu que Mahoma lles pormeteu ós creentes do Islam.

Cando coidaron que era hora de ir en busca da felicidade, dixo Celestrino prá cupretista:

—¿Ímonos, Merenguitos?

—¡Como que vos vades! —dixo Fanchuco. —¿E entón eu?

—¡Home —respondeu Celestrino— pois non faltaba máis senón que foramos os dous co ela!

—Pois entón correspóndeme a min, que son máis vello.

—Correspóndeme a min, que gastei máis en convidala.

—Iso, hémolo de ver.

—Vémolo agora mesmo.

E aqueles dous amigos que xuntos pasaran penas e traballos, que nunca tiveran antre eles o máis cativo desgusto, que nunca reñiran, encomenzaron a baterse por culpa dunha muller que nin valía máis que as que eles desperciaban todos os días na aldea, nin tiña outro mérito que o de terlles feito picar no anzuelo.

E mentras caían ó chan agarrados, un mozo de moi mala traza que estivera presenciando todo dende unha mesa veciña, ergueuse do seu asento, viu onde a Bella Merenguitos, colleuna con certa amabilidade por un brazo, e díxolle:

—Anda, Xertrudis; vamos pra casa, que xa é hora de nos deitar.

Chuco de Canedo

A loita contra o alcoholismo

Todas as cousas veñen por modas, e ista do alcoholismo, tamén. O beber augardente e moito máis o afacerse a ela hastra non poder pasar sin bebela, nunca foi bo, porque non soilo destrúe o endeviduo que ten ise vicio, senón que deixa unha semente na súa familia, que é a millor proba daquilo de que as culpas dos pais, caen enriba dos fillos hastra a coarta xeneración ou algunhas máis.

Loitan algúns homes de boa voluntá por acabar con isa praga, un millón de veces peor que a das vexigas, e como vos decía, as súas campañas veñen ás veces por modas.

Fai anos, alcontrábame eu nunha vila onde un doutor tiña encomenzado a pradicar e a esquirbir contra o uso do alcohol como bebida; e tanto fixo o bo do doutor, que conseguiu xuntar ó seu redor a uns cantos homes de ben, que o axudaban na súa campaña.

Os taberneiros e mais os tendeiros, cada vez que se alcontraban co doutor ou cos seus apóstoles, enchíanos de aldraxes, pola guerra que lles facían, mais os aldraxados non facían caso e seguían adiante coa súa campaña.

Un día convocaron ó poio pra un mitin, e anque non fora máis que por ver o que decían, acodiulles moita xente.

Falaron dous ou tres, dicindo que o abuso do espírito, volvía ós homes tolos ou daba con eles na tuberculosis, e que se tiñan fillos, estes ou non iban ó poleiro, ou saían tortos do corpo e da ialma.

Xuraron que dos alcohólicos e mais dos fillos dos alcohólicos, saían os creminales e os dexenerados.

Citaron a caso dos norteamericanos, que pra acabar axiña cos indios, fixéronos alcohólicos.

E por último, falou o doutor a quen se debía aquela campaña.

O público estaba arrepiado co que tiña oído hastra entón, e o doutor, pra conculir de convencelo, encomenzou a mostrar uns cadros moi grandes, onde estaba pintada unha chea de corazóns, de figados e de estómagos humanos.

Pra cada cousa daquelas, facía o doutor unha expiración, decindo cales eran as que pertencían ós homes sans e as que eran dos alcohólicos.

Aquilo mesmo daba medo, e algúns espeutadores conculían por fechar os ollos, pra non ver os males que o doutor iba mostrando e espricando.

Eu, que tamén asistín ó mitin, non estaba menos arrepiado que os máis concurrentes, e dende o fondo da miña ialma, rogaba cen pragas pró inventor do alcohol.

Ó meu lado estaba un home, a quen eu tiña visto algunhas veces bebendo augardente nunha tenda onde eu adoitaba mercar cousas que percisaba.

Escoitaba con moita atención dende o comenzo dos discursos, e eu, coindando que sería con propósito de corrixirse do amaldizado vicio, pergunteille cando acabou o doutor:

—¿Que lle parez disto?

—Cale por Dios —respondeume— que non sei como poden agoantar hasta agora. Sobre todo, o derradeiro que falou, coas cousas que dixo e amostrou, púxome de tal maneira, que non teño máis remedio que ir botar medio neto de aguardente.

Chuco de Canedo

O xordo que máis oiú

Xordos hai de comenencia, que son aquiles de quen di o refrán que non hai peor xordo que o que non quer oír. Ises xordos, con ser unha calamidá, inda non o son tanto coma os xordos que oíen o que non se di.

Un distes, que ten os oídos máis fechados que un forno en cocedura, vino certa ocasión no Xuzgado, e cada vez que me arrecordo do que alí pasou, inda me mato a rir.

A un veciño meu, home de ben coma poucos, erguéronlle unha calunia, que por pouco non dá con el na cadea. Foi o caso que outro veciño, ruín e cativo de ialma, cheo de envexa e xenreira contra o pirmeiro, porque iste tiña bos amigos, creto en toda a parroquia e sona de honrado en todo o destrito, acusouno de o ter enxuriado, chamándolle ladrón de abades, salteador de camiños e lagarteiro das hortas.

Craro que o veciño honrado e bo, non tiña dito nada disto; e anque o dixeran, non mentía. Mais o outro encomenzou a espallar pola aldea a calunia de que o tiña enxuriado, e cando lle pareceu que todos os veciños estaban ben enxeirados, levou o asunto ó Xuzgado.

Un procurador tan ruín coma el, cousa que non ten nada de particular, porque todos eles parez que teñen pauto co demo, foi o encargado de presentar a demanda, decindo que tal día, a tal hora, na taberna de Xenoveva Requitroula, Xan do Monte (o veciño honrado) tiña dito de Celedonio Comesto (o demandante) todas aquelas cousas.

Citado a xuício Xan do Monte, negou canto se lle atrebuía e presentou testigos de que tal día, a tal hora e en tal sitio el non tiña dito nada de Celedonio. Un deles era eu. Por iso vin o que vos vou contar.

Celedonio tamén persentou testigos, xente tan boa coma el. A cuasque todos lles tiña feito favores Xan do Monte, e anque eran como eran, non se asstreveron diante del a xurar en falso. Saíron do paso como poideron, mais non lle serviron de nada ó demandante.

Soilo quedaba un, que era máis xordo que unha pedra, e foi a quen se agarraron Celedonio e mais o procurador, coma derradeira táboa de salvazón.

O xuez encomenzou a preguntarlle, dimpois de tomarlle o xuramento, e cada pregunta que lle facía, custaba máis de catro minutos facerlla entender.

—¿Oyó vostede —decía o xuez, berrando coma si o cacique lle bilrara o cargo pra llo dar a outro paniaguado —que el demandado maltratou de palabra al demandante, chamándole isto, lo outro e lo de más acolá?

—¿Como di? —respondía o xordo.

—Que si vostede...

E repetíalle a pregunta, berrando inda máis.
—Oín, si, señor.
—¿E fue certo que le dijo salteador de caminos, ladrón de abades e lagartero de las hortas?
—Si, señor.
—¿E vostede lo oíu ben?
—Oín, si, señor.
—Pois los demais testigos din que non lo oíron.
—¿Como?
—¡¡Que los demais non lo oíron!!
—Foi porque mo dixo a min soilo, moi amodiño.

Chuco de Canedo

O tiburón

Todas as costumes antigas se van perdendo e en troques, veñen outras (...) nin botan na ialma dos povos tan fondas raíces.

Antre as que se van perdendo e en algures xa están perdidas de todo, hai a de bañarse no mar ás doce da noite da víspera de San Xuán.

No meu tempo; quer decir, no tempo da miña mocedad, íbamos moitos de terra adentro a calquer porto de mar, pra tomar o baño daquela noite.

En algúns sitios, asomellaban as praias, verdadeiras romarías. Tanta era a xente que iba meterse no mar, pra que as augas salgadas diste a librasen de malas olladas, bruxerías e outras andrómenas que a credulidá do povo tiña por certas.

Mais ó meterse no mar pra librarse duns males, era perciso ter moito coidado na terra, pra librarse doutros, porque os lampantíns da vila, adoitaban aporveitarse da escuridá, pra faguer trinta e unha mil trasnadas.

Si non quedaba persoa algunha coidando da roupa dos bañistas, os tales lampantíns, escondíanlla a uns, furtábanlla a outros, trocábana, cosíana de maneira que logo non se poidera vestir... Talmente facían o demo.

Outros metíanse tamén no mar, iban pra onde había máis xente, principalmente mulleres, e non paraban hastra que poñían todo en revolución.

Un ano fun eu bañarme coa miña rapaza. Chamábase a nena Andreia e tiña unhas carnes moi cheas e redondiñas, que mesmo daba xenio.

Desnudámonos na praia, gardando todos os coidados que aconsella o pudor; puxémonos en traxe de baño, e metímonos no mar ben collidos da man, porque Andreia tiña moito medo de que a levasen as ondas.

A noite estaba moi escura, e non viamos nada ó noso redor, pro sentíamnos a rebumbia que formaban as moitísimas persoas que tamén tiñan ido bañarse.

Moi satisfeitos estábamos a rapaza e mais eu, sentindo como as augas do mar nos refrescaban o corpiño e o facían ó mesmo tempo indemne contra as malas olladas, pragas e maldicións, cando Andreia deu un pulo e un berro, e agarrouse a min, tremenda coma un azougado.

—¿Que che pasa, muller? ¿Que che socedeu? —pergunteille todo cheo de coidado.

—Non sei o que foi —contestoume ela sin deixar de tremer —mais déronme unha trabadela.

—¿Onde?

—Aquí.

Coa escuridá, eu non vin onde me decía, pro adiviñei o sitio que sinalaba, que era onde tiña máis carne.

- ¿E bota sangue? —según preguntando.
- Non sei, pero doime moito.
- Ora tenta, a ver si che deixou os dentes marcados.
- Parezme que non.
- Pois destonces, tiburón non che foi.

Ibamos xa saír do baño, porque Andreia morríase co medo de que volveran a trabarlle, cando se nos achegou un coñecido noso, que se bañaba perto e tiña escoitado todo.

- Non foi bicho ningún o que lle trabou á rapaza —dixo.
- ¿E logo?
- O que lle deron foi un bo belisco.
- ¿E vostede como o sabe?
- Porque xa son can vello e sei de onde viu o que lle beliscou.

E seguiu:

- ¿Non ves unha lanchiña pra aquela banda?
- Vexo —contesteille dimpois de fixarme moito.
- ¿Non ves unha cousa que agora sube pra bordo?
- Volvín a fixarme, e gracias á fosforescencia, vin o que o veciño me

amostraba.

- Pois aquel foi quen deu o belisco.
- ¿E logo nosoutros como non o vimos achegarse a nós?
- Porque se conece que é bo nadador e viu surdindo.

Nosoutros tamén nadábamos ben. Nun instante puxémonos dacordo; nadamos con dirección á lancha, e ó chegar arrente dela, chimpamos a bordo onde había dous mozos, un despido que era o tiburón, e outro vestido.

Encomenzamos a piñas con eles, botámoslos ó mar; quebramos os remos da lanchiña, e deixámoslos que se arregrarasen como poideran.

Dende entón, cando me vou bañar na noite de San Xuán, soilo ou acompañado, levo un bo fungueiro comigo, por se se achega algún tiburón.

Chuco de Canedo

O creto dunha rapaza

Un dos peores enemigos que o home ten é a súa propia lingua. Moitas veces valera máis quedar mudo, do que falar o que se fala. E ben certo estou de que Goriño da Laxe, é desta mesma opinión. Porque a el puxérono certa vez en redículo, por falar de máis.

Foi aló no tempo da nosa mocedad, cando nin el nin eu tiñamos pensado en ningunha cousa seria e coidabamos que soilo viñeramos a iste mundo pra divertirmos e facer o que nos dera a gana.

Goriño, que sempre tivo máis lería que eu prás mulleres, fíxolle a roda a unha nena moi feiticeira e que polas trazas non había de ser moi dura de pelar.

Non debeu de selo pra Goriño, porque ó pouco tempo de andar en amores con ela, viume contando que de noite entraba pola ventán no cuarto da rapaza.

Si a min soilo mo contara, a cousa non tiña consecuencias, porque sendo moi bos amigos, como eramos, contabámonos as nosas cousas, e eu nunca dixen a nadie máis nin siquiera unha palabriña do que debiera ser sacreto.

Mais el non era así: tiña talmente unha boca rachada, e o que me contaba a min, contáballo ós demais mozos, e o caso foi que dentro de pouco tempo, cuasque toda a parroquia sabía que Goriño entraba de noite na casa de Rafaiela, que iste era o nome da rapariga.

Soupo ela que andaba en bocas do mundo por culpa de Goriño, e perparoulle a iste unha xogada, que produciu o dobre efecto de vengarse e de aleixar de si a mala sona que as faladorías do mozo lle tiñan botado enriba.

Estando un día na fonte, ó caír da tarde, con outras rapazas e algúns mozos, axeitouse de maneira que se falar dos seus amores, e axiña que o conseguíu, botouse a chorar, doéndose de que por culpa dun argallante e dun mintireiro, andivera o seu creto nas linguas dos maliciosos.

—Boeno, boeno —dixo un mozo dos máis astrevidos. —Ti que has de facer senón negar o que el xura que é certo.

—¿Conque el xura que entra de noite no meu cuarto? Ben, pois eu vos porbarei que xura en falso.

—¿E como?

—Dunha maneira moi sinxela. Vosoutros, os mozos, habédeslle de sacar a conversación, sin decir que estades dacordo comigo, e cando el vos conte que entra na miña casa, decirlle que non llo creedes. Hastra que el aceute o levarbos de testigos.

—¡Vaia unha proba! Cando nós esteamos alí, ti non lle abres a ventán, e el non pode entrar. Isa proba non demostra nada.

—¡Que animal eres! —exclamou Rafaiela, botándolle una ollada de desprecio ó que tiña dito aquilo —¿E coidas ti que eu non podería ofrecer outra proba?

—Ben, pois está dito —aguergou outro mozo. —Nosoutros, que ó fin témosche lei, porque eres boa rapaza, aceptamos o teu convite, e pormetémosche ir de testigos.

Rafaiela percurou falar logo con Goriño, e díxolle:

—Ista noite non veñas onda min, porque parezme que se enteirou miña nai. Deixa pasar tres ou catro días, e logo cando veñas, non te achegues á ventá do meu cuarto, senón á do outro lado, que está máis lonxe de onde dorme a vella.

Caiu Goriño na ratoeira, e pometeu que así o faría.

Ó día seguinte, os mozos faláronlle con palabras dubidosas das súas visitas nouturnas a Rafaiela; el xurou que eran certas, incomodouse e conculiu por consentir que eles o acompañasen como testigos.

Mentras tanto, Rafaiela púxose dacordo coa criada da súa casa, que era unha vella torta e fanada, que dormía no cuarto da ventán por onde tiña que entrar Goriño e que non puxo moito reparo en recibir aquela vesita, xa que se trataba de salvar o creto de súa iama.

Poida que tamén fora porque Goriño non era cousa despreziable; pero ela dixo que era polo creto de Rafaiela.

Chegou a noite sinalada. A ventán estaba soilo achegada, e Goriño entrou dun pulo no cuarto, no que non había luz ningunha.

Mais non ben tiña entrado, saíu Rafaiela pola porta, cun quinqué na man; chamou polos mozos, levounos onda a ventán, e mostroulles a Goriño dándolle unha aperta á vella.

—Eí tendes —díxolles —a quen Goriño vesita todas as noites.

Chuco de Canedo

O que supo un raposo

Os tempos antigos eran bos pra todos.

Hastra os raposos falan ben daqueles tempos pasados; non porque haxan lido a Xorxe Manrique, senón porque destonces tiñan mantención dabondo, e agora fai unha fame que rabea.

As galiñas criábanse por toda banda, vendíanse baratas e non había tanto enterese en gardalas como agora. Os galiñeiros e os curreles, estaban fechados con táboas vellas que pouco traballo custaba quebrar, e os raposos dábanse cada farta, que o que non andaba gordo, era porque non quería.

Mais un día, apareceron por esta terra uns homes de longa blusa e de alpargatas nos pés, que lles chamaban castellanos, que encomenzaron a mercar galiñas e a mandalas pra outras terras.

Traían unhas gaiolas, e en cada unha delas, metían unha ducia ou máis de galiñas.

Pra levar as gaiolas dunha banda pra outra, traían un carro tirado por unha mula, e cando tiñan unha boa partida de gaiolas cheas, metíanas no tren, faaturadas en gran velocidade, e aló iban as nosas aves de curral viaxando polo mundo adiante.

Con isto encomenzaron a ter máis valor as galiñas, e os que noutros tempos cuasque non facían caso delas, empezaron a coidalas con enterese e a percurar aumentar o número delas.

Reforzáronse as táboas dos galiñeiros e mais dos currales, e os pobres dos raposos, víronse negros pra pillar de cando en cando unha mala galiña.

A fame antre os raposos chegou a ser tan negra, que algúns morreron dela. E moitos cazadores que nos Aiuntamentos apareceron con raposos mortos, pra cobrar o premio que se adoitaba dar ós matadores de animais dañinos, nin siquera tiveron o traballo de matalos: alcontráronos mortos.

Un raposo que era máis agudo que todos os demais raposos da redonda, inventou en certa ocasión unha andrómina pra comer galiña sin moito traballo, e púsoia en práctica.

Un día ó cair da tarde, tumbouse pola banda de fóra dun curral, co rabo teso, os ollos fexados e as pernas ben estiradas, talmente coma se estivera morto.

Deixouse estar así un bocado de tempo, hastra que chegou o dono do curral. O home coidou que efectivamente o raposo estaba morto, e dimpois de movelo un pouco co pé, pra concurir de convencerse, dixo pra o seu chaleque:

—¿Seica morreche de fame?

E aguergou:

—Pois mañán lévote á vila, e hei de cobrar o premio coma se te tivera matado.

Agarrouno polas patas de atrás, tirouno pra dentro do curral, e díxolle enriba:

— Agoarda aí hastra mañán, que agora non me lle has de facer mal ás galiñas.

Era o home que quería o raposo.

Seguiu facendo o morto, e así que o dono do curral fechou a porta da casa, chimpou enriba das galiñas, comeu canto quixo do millor quealcontrou, e fuxiu a pés de demo, con outra que tampouco era mala.

E a perda de dúas galiñas, foi o premio que alcanzou o dono do curral, por se ter deixado enganar por un raposo.

Chuco de Canedo

O refaixo da vella

Fai ben tempo faleivos dun endeviduo, que non querendo deixar nada ós seus herdeiros lexítimos, puxo canto tiña en billetes de banco, queimounos e bebeu as cinzas nun vaso de auga.

Pois unha cousa semellante me contou miña sogra, que ocorreu aló polos arredores de Santiago, aló polo tempo da súa mocedad.

Veredes como foi, que a cousa ten que contar.

Había unha vella moi vella, que andaba a pedir. Tiña un refaixo todo cheo de remendos, ó que lle quería tanto, que nunca deixaba de o levar posto. E hastra non quería sopararse del dimpois de morta, porque moitas veces lle tiña feito xurar a unha filla casada con quen vivía, que cando morrera, habíaia de enterrar co refaixo.

Así se fixo, efectivamente, o día que lle chegou a hora de entregar o esprito a Deus e o corpo á terra.

Amortaxada co refaixo remendado, marchou a vella prá cova, e como non deixou bens algúns nin a filla nin o xenro tiñan un carto, fixoselle un enterro de caridá.

De caridá tamén quixo facerlle a filla un funeral, xa que pagalo da súa faltriqueira non podía, e encomenzou a pedir ós veciños que lle deran algo pola ialma de súa nai.

Xa levaba xuntas unhas tres pesetas, cando topou cunha vella tan vella coma a defuntiña, que lle dixo:

—Ai Maripepa, ¿e ti andas pedindo pra facerlle un funeral a túa nai?

—Ando, si, señora.

—Si non foras parva, non tiñas que facer iso.

—¿E logo porque sexamos probes, non hei de lembrarme da ialma de miña nai?

—Non é iso, muller, non é iso.

—Pois non sei destonces o que é.

—Digo que si non foras parva, podíaslle facer ben pola ialma sin ter que andar a pedir.

—¡Pro si eu non teño con que nin ela me deixou nada...!

—Pois tiña ben que deixarte.

—¡Que me iba deixar, si o que tiña de máis valor era o refaixo remendado que levou prá cova!

—Pois con que che deixara o refaixo, quedabas ben.

—Vostede querse bulrar de min.

—Alá ti.

E deu media volta.

Maripepa quedou cavilando no que a vella dixerá, e inda non se movera do sitio, cando pasou por alí o señor abade da parroquia.

—¡Que che pasa, muller, que mesmo parece unha estauta?

—¡Que me ha de pasar, señor, sinón que ando pedindo pra lle facer un funeral á miña naiciña, e isa vella que eí vai, bulrouse de min!

—Non sei como puido bulrarse dunha cousa tan cristiana, porque ela é muller de ben.

—¿E vostede coida que non é bulrarse de min o decirme as palabras que me dixo?

E contoulle ó crego o que a vella lle tiña dito.

Tamén o crego quedou caviloso, e dixo dimpois de cuase medio minuto:

—Canto tes xunto?

—Unhas tres pesetas.

—Boeno, pois merca millo con elas prós teus fillos, que me parez que xa demos cos cartos que han de pagar o funeral.

—¿Onde están?

—Xa cho direi.

Marchou o crego cavilando no caso, e ó cair da tarde chamou á porta de Maripepa e díxolle a ista:

—Mañán ás catro da mañán, antes de que se erga nadie na aldea, vinde ti e mais o teu home ó adro, que alí estaremos o sancristán e mais eu.

—Pra que, señor abade?

—A ti non che importa. Dillo ó teu home, e non faltedes.

Ás catro da mañán do outro día, chegaban Maripepa e o seu home ó adro, tan cheos de medo, que iban máis mortos que vivos. Alí estaban xa, agoardando, ó crego e mais ó sancristán.

—¿Cal é a cova de túa nai? —perguntou o abade.

—Ista —respondeu Maripepa.

Boeno, pois o teu home que lle axude ó sancristán.

—¿A que lle ha de axudar?

—A desenterrala.

—¡Xesús!

—Ti cala, e o teu home que se poña a traballar, que isto hai que facelo axiña.

Total que, dimpois de traballar ben os dous homes, desenterraron a vella, sacáronlle o refaixo e cando por orden do abade lle encomenzaron a descoser os remendos, en cada un deles alcontráronlle unha moeda de ouro.

Recolléronas todas, que eran trinta e sete, volvéronlle a poñer o refaixo ó cadavre, enterrárono de novo e deixaron aquilo como si nadie tivera andado alí.

—Agora marchade pra casa —dixo o abade —e non contedes a nadie que a vella vos deixou trinta e sete moedas de ouro.

—¿E cando lle habemos de facer o funeral? —perguntou Maripepa.

—Nunca, porque a isata xa non hai nada que a saque do inferno.

Chuco de Canedo

Eu voto contra as ramudas

Na gaiola de loros que chaman Parlamento, cando algún deputado quer meter a culler nunha descusión, anque non entenda palabra do asunto que se trata, pídelles a outro deputado que o aluda, e así xa ten motivo pra latricar un migallo.

No derradeiro número de *O Tea* piden a miña opinión sobre o asunto das remudas, e anque por ser cousa de turreiro e polo tanto da miña xurisdición, eu pensaba intervir, xuro por todos os santos da Corte celestial e máis que houbese, que non pedín a naide que me aludira.

A petición de “Paloma” é compretamente expontánea, e se hoxe respondo a ela, sin ajoardar, como era o meu porpósito, a que foran falando outros deputados máis entendidos, é porque decote respondo axiña que se me chama.

Xa ó comenzo distas liñas, deixo consinado que voto en contra das remudas, e o que farei agora, será expoñer as razóns do meu voto.

Non é de agora, senón que xa no tempo da miña mocedá fun enemigo delas. Por seguir a costume e pra evitar desgustos, non me neguei nunca a deixar a parexa; mais tamén é certo que o fixen decote co consentimento dela.

Así era que cando alguén me decía:

—¿Faime o favor de deixar a parexa?

Eu contestáballe:

—Si ela quer.

Craro que a contestación era sempre que si, porque vamos a ver ¿que facía ela con negarse? Ter un desgusto e facer que o tivera eu.

Mais eu, xa que outra protesta non me quedaba, deixaba a salvo a miña responsabilidadá moral e reconecía o dereito que a parexa tiña de beilar ou non beilar, con quen se poñía diante.

Ese dereito ou millor dito, esa libértá, témola nós, os homes, pra escoller a muller que nos dea a gana. ¿Por que non han de tela tamén as mulleres?

¿Non é un contrasentido que nestes tempos en que tanto se fala de libértades e de dereitos, neguemos un tan pequeno e cativo ás mulleres?

Nestes tempos en que se fundan sociedades obreiras de resistencia, co-leutividades agrícolas e se fan porpagandas en favor da libértá dos pequenos e en contra dos caciques ¿non é unha barbaridadá que cada un de nós se convirta en cacique, cando da muller se trata?

¿É que en nome da libértá, hemos de seguir considerando, coma os antigos, que a muller non é un ser coma nós, senón unha cousa?

Fálase moito de redención, como que dende Xesucristo pra acá, seica non houbo nunca época en que tanto dela se falase; pro en tocantes a muller, seguimos mantendo a máis vergoñosa escravitú.

Propoñen os que nesta discusión teñen tomado parte, medios e xeitos vedados pra amparar o dereito das mozas que non gusten da remuda e dos mozos que tampouco dela sexan partidarios. Mais eu creo que ningún deses medios teóricos ha de dar na práctica o resultado que se desexa.

É custión de educación.

Eduquemos ós nosos fillos, os que seamos pais, e ós seus discípulos, os que sexan maestros, no terreno da verdadeira dinidá, e moito teremos adiantado.

Fagámoslle ver que naide ten dereito a ser respetado, si non encomenza por respetar ós demais.

Que o día de mañán, canto teña que acompañar dúas irmáns ou súas fillas, non conseguirá que se lles garde o respecto debido, si eles non respetan ás fillas e ás irmáns alleas.

Que o oficio de matón, é bo tan soilo pra a guerra, e que ó ir pra un turreiro ou pra unha romaría coa intención de armar rebumbia, é ir exposto a levar polas costelas, a marchar dereitiño pra o Camposanto ou pra a cadea. Porque ben di o refrán que onde as dan, tómanas.

Enseñémoslle todo isto; digámoslle que a verdadeira libertá consiste en repeter dos demais; mostrémoslle que o home, por mui aldeán que sea, non ten o dereito de ser badulaque; porvémoslle que o home debe estar sempre sereo, porque o pedir fozas ó viño pra armar barullo, é demostrar cobardía e baixeza, e cando os nosos fillos e os nosos discípulos teñan aprendido iso, non haberá conflitos polas remudas, porque tanto dereito terán os mozos pra dirixirse a quen lle pareza ben, como as mozas pra beilar con quen lle guste.

Mentras tanto, non vexo máis romedio, que a Guardia Civil.

Ista é, tocante ás remudas, a opinión de

Chuco de Canedo

Os gramos do kilo

Non hai cousa que máis teña dado que faguer nos Auntamentos dalgunhas povoacións, que o peso do pan.

Eles empeñados en que os panadeiros han de vender a súa mercancía con arrego ó sistema métrico decimal, como está ordenado, e os panadeiros empeñados en vender polo sistema antigo, ou sea pola libra e a media libra máis o cuarterón, teñen armado cada andrómena, que ninguén se entende.

Craro que ó público non lle vai nin lle ven nise lío, porque sexa libra ou sexa kilo, a calquera lle dan misturada a fariña, é decote a mesma e a falta de peso, tamén cuasque sempre é a mesma, porque iso é doenza que herdaron os panadeiros dos seus antepasados, e non hai remedio na botica que os faga ceibar.

Mais a custión prós Auntamentos, é (...) o público coma tantos gramos e non tantas onzas, porque a diferenza pro (...) e mais prá dixestión, debe de (...) cousa grande.

E unha vez que nun Auntamento estaba tratando distas cousas, socedeu o que vos vou contar.

Descutíase, como de costume, si había de obrigar ós panadeiros a vender piotes ou moletes de tantos e cantos kilos e gramos, ou si sería millor que venderan o pan en barras, e coma se fora carne ou xabón, cortar o que o parroquiano pedira.

E cando xa se levaba discutido moito saliu decindo o tío Xacobe:

—Eu creio, señores, que estamos discutindo sobre unha base falsa.

—¿Por que? —preguntoulle o alcalde.

—Porque estamos falando moito de kilos e moito de gramos, e hastra agora non sabemos cal será millor.

—Non entendo o que vostede quer decir.

—Enténdome eu.

—Pois destonces espriquese.

—Non teño nada que espricar, senón que propoñer.

—Diga vostede.

—Propoño que, pra saber si convén vender o pan por gramos, nomeemos unha comisión que averigüe cantos gramos ten o kilo.

Chuco de Canedo

Estudantes e soldados

Naquel tempo en que os soldados botaban oito anos de servicio e levaban corbatín de couro, sucedeu o que vos vou contar.

Como destonces non había ferrocarril e o viaxar en delixencia custaba caro, e máis caro aínda en silla de posta, era cousa corrente andar á pata, que ademais de corrente, era san.

Os soldados cumpridos e os estudantes en vacacións, eran dos que máis empreaban ese medio sinxelo e antigo de locomoción, porque as faltriqueiras dos uns e mais as dos outros non andaban decote cheas senón de aire.

E foi antre un soldado e tres estudantes que pasou o que contarvos quero.

O soldado, con oito anos arreo de servicio enriba das costelas, sabía máis que o que inventou a sabedoría, e os estudantes, cuns cantos anos de Universidá, sabían tamén o seu bocado. Iba o soldado pra a súa casa, coa licencia ben medida nun canuto de folladelata, e iban tamén os estudantes prós seus eidos res-putivos, cos estudos non acabados, mais con intención de volver a con-ruílos, dimpois de pasar as vacacións cos seus pais.

Alcontráronse nunha estrada, e como levaban a mesma dirección decidiron seguir xuntos.

Os estudantes, coidando que por ser tres e ser tales estudantes, habían de xuntar máis sabedoría que o soldado, encomenzaron, como se di agora, a tomarelle o pelo. O soldado fixo que non o notaba, e deixou seguir a borma, hastra que lle chegase a súa.

Era perto da noite e decidiron que se adiantase un dos catro, pra encargar a ceia, nun mesón que vían ó lonxe, pra non ter que agoardar moito, pois querían deitarse cedo, pra madrugar e seguir o camiño pola fresca.

Oferceuse o soldado a ir encargar a ceia, e os estudantes recomendáronlle moito que mandase facer unha cousa lixeira.

—Descuidade, descuidade —respondeulle —que non ha de ser pesada.

Apertou o paso, e cando estaba perto do mesón, alcontrouse cun rapaciño que levaba un paxaro acabado de pillar.

—¿Quéresme vender o paxaro? —perguntoulle.

—Se mo paga ben, si, señor.

—Douche dous cartos por el.

—E pouco.

—¿Queres catro?

—Veñan.

Colleu o soldado o paxariño, a cambio dos catro cartos, e en chegando ó mesón, pediulle á mesoneira, que lle dera un prato e unha servilleta.

Puxo o paxaro no prato, tapouno coa servilleta e agoardou a que chegaran os estudantes.

Con grande rebumbia entraron estes polo mesón adentro, como se foran xente de poder, que sempre foi achaque da mocedá, querer pasar polo que non é; e encarándose co soldado, preguntáronlle pola ceia.

—Eiquí está –respondeulle aquel amostrándolles o prato.

—¿E é lixeira?

—Lixeirísima.

Levantou un estudante a servilleta, e o paxaro non esperou máis pra botar a voar.

—¡Home! –dixo o mozo medio amoucado –isto era lixeiro de máis.

Vendo os estudantes que o melitar se tiña bulrado deles, xuraron vengarse, canto máis pronto millor.

Deitáronse co estógamo valeiro, e ó outro día pola mañán cedo, seguiron o seu camiño.

Un estudante, dacordo cos outros dous, adiantouse pra encargar o xantar, e na primeira taberna que alcontrou, mandou facer tres tortillas pequenas e que llas puxeran na mesa.

Chegaron os demais viaxeiros, sentáronse ó redor da mesa, e o soldado logo viu que alí do que se trataba era de deixalo sin comer, e perparouse pra non consentilo, anque fora pola forza.

—En el nombre del Padre –dixo un dos estudantes botándolle a man a unha tortilla.

—En el nombre del Hijo –aguergou outro facendo o mesmo coa segunda tortilla.

—Antes de que veña o Esprito Santo –saltou o soldado collendo con moita presa a terceira.

Por segunda vez quedaban os estudantes vencidos polo soldado, e non chegou á terceira, porque aquela mesma tarde tiveron que sopararse, pois xa o melitar estaba perto da súa casa, e tomou un atallo pra chegar máis pronto onda os seus.

Chuco de Canedo

O sermón de San Xuán

Coidan todos os pais, que non hai rapaces máis bunitos, non máis bos nin máis listos que os seus, porque o cariño que lles teñen, tápalles de tal maneira os ollos do entendimento, que non lles deixa ver que o neno que a eles lles parez un ánxel de bunitura, ten cara de mono; que o que se lles fegura bo coma o pan, ten a ialma tan atravesada, coma Xudas, e o que se lles representa listro, é máis duro de moleira, que un pandullo.

Recordo que en certa parroquia que non hai pra que nomear agora, había nos tempos da miña primeira mocedad, un veciño que tiña un fillo soilo e pra quen non viñera a iste mundo outro rapaz máis habilidoso, máis bo nin máis guapo que o seu.

Tan listro lle parecía, que decidiu facelo crego, coa entención de velo algún día de abade daquela mesma parroquia.

Mandouno pró Seminario de Tui, e alí, mal que ben, foi o mozo aprobando ano tras ano hastra chegar a ordenarse de diácono.

Inda non era nada, e xa ó pai se lle figuraba que tiña un obispo na familia.

Todos os anos se celebraba con moita pompa naquela parroquia, a festa de San Xuán, e ó pai do seminarista cuadrulle ser maiordomo de tal festa percisamente o mesmo ano en que o rapaz se ordenara de diácono.

Disposto a botar a casa pola ventana, contratou pra a festa a millor banda de música que había en dez legoas ó redor, levou catro ou cinco gaiteiros, entendeuse cun fogueteiro de moita sona, iluminou á veneciana o adro e ordenou, en fin, canto lle pareceu millor pra que a festa daquel ano fora cousa nunca vista.

Todo isto, polo que respeuta á parte que podemos chamar profana.

Pra relixiosa, levou unha orquesta da vila, convidou todos os cregos do redor e dispuxo que fora seu propio fillo quen botara o sermón, porque coidaba, na súa cegueira de pai, que naide o había de facer millor.

O abade opúxose nun principio, porque dabondo sabía que o rapaz era totalmente un croio. Mais como xa di o refrán que quen paga, manda, concruíu por transixir, coidando que anque o sermón fora ruín, peor fora non velo.

Chegou o día da festa, encomenzou a misa maior e no istante preciso, saíu da sancristía o fillo do maiordomo, de sotana e cun roguete que lle emprastaran. Recolleu a bendición do abade, que era o celebrante, e subiu pro o púlpito.

O pai foi detrás del, e sentouse nas escaleiras do púlpito, pra estar máis perto e non perder nin palabra.

A eirexa estaba tan chea de xente que non cabía unha persoa máis. O calor era talmente daqueles que derreten, e o predicador encomenzou a sudar, inda

antes de ceibar a primeira palabra do sermón que todos cuidaban que iba ser cousa boa, xa que o pai tiñase fartado de gabalo, dende quince días antes.

O mozo sudaba, si, mais non era solamente co calor, senón tamén co apuro en que se vía, pois nunca coidou que fora tan difícil de rematar o fregado en que o teña metido seu pai.

Estivo cuaxe cinco minutos limpando o sudor que lle caía a fío, e o auditorio encomenzou a perder a pacencia.

—Vamos, home —díxolle o pai moi amodiño: —empeza xa.

Non había remedio. Sacou forzas de onde non as tiña, ceibou polo baixo uns latinorios, que naide entendeu... nin el tampouco, e encomenzou dista maneira:

—Dijo Dios a la Virgen...

Atrancóuselle a lingua, e soilo dimpois de pasar cuasque medio minuto, pudo seguir:

—Dijo la Virgen a San Juan...

Outra tracadela e outra parada.

O abade non sabía si reir ou si subir ó púlpito, e botar de alí a couces ó predicador, mais contúvose, pra non ser el quen agoase a festa.

Tatexando e sin saber xa como iba a concurir aquilo, continuou o seminarista:

—Dijo San Juan a la Virgen...

—Boeno ¿pero que foi o que lle dixo Dios á Virxen, a Virxen a San Xuan e San Xuan a Dios? —preguntou unha voz dende perto da porta.

¡Quen tal dixo! Ergueuse o pai do pradicador, e dirixíndose ó sitio donde saíra aquela voz, escramou todo enrabechado:

—O que queira saber, que vaia estudar a Tui, como vai o meu fillo, e gaste os cartiños que a min me custa.

E collendo ó fillo por un brazo, fíxoio baixar do púlpito.

Chuco de Canedo

A invención do grobo

Hai cada trapalleiro neste mundo, que mesmo da xenio o talento e o xeito que emprean nas súas invencións, pra embolicar ós demais.

O malo pra eles, é moitas veces que isas invencions non dan resultado, que si o deran de cote, o mundo inteiro era deles.

Un trapalleiro conezo eu, que si non tivera o pai que ten, a istas horas xa lle tiña acabado coa derradeira peseta.

Andaba o mozo estudando pra inxenheiro, e por certo que non había millor carreira pra el.

Seu pai, facendo un verdadeiro esforzo, mandouno a Bélxica, pra que compretase os seus estudos, e alí foi onde o mozo se quixo alcontrar, pra desenvolver todo seu talento inventivo.

Xa comprenderedes que ó falar dise talento, non é dende o punto de vista industrial, senón do económico. Quero decir, que as súas invencións soilo tiñan por ouxeto sacarlle os cartos ó pai, pra as súas esmorgas.

Mais o pai, que por ter nacido antes e conecerlle as marañas dende pequeno, sabía con quen trataba, facía o xordo ás súas invencions e soilo lle mandaba pra os estudos e pra o hospedaxe.

Un día, vendo o mozo que ningunha das súas anteriores invencións lle dera resultado, recorriu a outra máis grosa: inventou un grobo dirixible.

Polo menos así llo esquirbiu ó pai, pedíndolle, naturalmente, diñeiro pra desenvolver o invento.

O pai contestoulle que non podía mandarlle nin un cadelo, e que se arregrase como poidera; que todos os grandes inventores tiñan loitado con dificultades económicas, con falta de diñeiro, e que niso era onde o inventor debía mostrar o seu verdadeiro inxenio.

Comprende o rapaz que non lle había de sacar un carto ó pai, pra facer o grobo, e decidiuse a facelo pola súa conta. Mellor dito: fixo como que o tiña construído, e non se contentou con iso, senón que hastra chegou ás probas, que deron un gran resultado, según os certificados que acompañaban a carta e que estaban esqurtos polos amigotes do mozo, seus compañeiros de estudos e esmorgas e tan bos coma el.

Pedía o mozo a seu pai que lle mandase pra pagar os gastos das probas, e o pai o que lle mandou foi a súa felicitación polo gran resultado do invento.

Non se deu o mozo por vencido, e disposto a sacarlle a seu pai os cartos que se tiña proposto sacarlle, escribiulle de novo, decindo que o Goberno de Bélxica queríalle mercar o invento e mais o grobo, pro que el, español antes que nada, quería que tanto un como outro foran pra súa patria, á que desexaba facer a ofrenda do seu talento.

E concuría pedindo catro ou cinco mil pesetas pra trasportar o grobo dende Bélxica hastra España.

Mais o pai, en lugar de abrandarse con aquela mostra de patriotismo que lle iba dar sona universal ó fillo, contestoulle dista maneira:

“Agora é cando menos falta che fan os cartos que con tanto empeño estás pedindo. Xa que inventache un grobo, métete nel, e ven polo aire”.

Chuco de Canedo

A tallada dos cómicos

Xa vos teño contado cousas de cando eu estudaba en Santiago. Quero decir, de cando eu estaba en Santiago, porque iso de estudar, non era cousa que rezara comigo. Si o estudar fora sulimán, de certo que me non matara.

Decía que xa vos teño contado cousas de cando meu pai me tivo naquela cibdá, coidando que iba faguer de min un bo crego, e unha cousa máis vos vou contar hoxe daquel tempo nunca ben lembrado.

Cando meu pai non me pasaba ningunha pensión pra vicios, porque coidaba que non debía mantelos, que eu iba ser modelo de virtú e exemplo de ben, eu tiña que aforrar do que me daba pra o hospedaxe e así era que andaba decote polas pousadas máis baratas de Compostela.

Alcontrábame en certa ocasión nunha pousada de canteiros, que era unha casa escura, vella e ruín hastra máis non poder ser. A pousadeira era talmente coma a casa, escura, nos seus pensamentos, vella de corpo e ruín de ialma, e soilo se derretía como manteiga ó lume, cando pola porta lle entraba un vello sarnoso que andaba polas rúas e mais a praza de abastos, cunha boeta na man, pidindo pra as benditas ánimas do Prugatorio.

Pro isto son cousas que pertencen á vida privada da Sra. Rosa (que iste era o nome da tal mullerciña) nas que non debemos meternos, e moito menos agora que xa os seus ósos descansan por detrás de San Domingos.

Decía que a Sra. Rosa era ruín de ialma, e faltoume aguergar que lle non tiña lei ningunha ós hóspedes que lle honrábamos o hotel.

E isto quedou ben porbado un día que lle chegaron á porta, pidindo hospedaxe uns cómicos dunha compañía que iba dar unhas cantas funcións no Teatro Principal... e único daquela cibdá.

Runfaban os bos dos comediantes coma se viñeran directamente do Teatro Español de Madrí ou da Comedia Francesa de París, e logo soupemos que de onde viñan eles, era de andar polas vilas de última categoría, faguendo comedias ó aire libre... por causa do calor.

A Sra. Rosa coidou que lle entraba un ben de Dios pola porta, e sin contar con nosco pra nada, deulle as millores habitacións daquel pazo, botándonos a nosoutros, os hóspedes fixos, pra o desván, arrente as tellas do tellado.

Hastra nin no comedor nos deixou entrar, por telo reservado tamén pra os condenados cómicos.

Tivemos, pois, que comer o caldo, aquela noite, ás escuras, no faiado.

Protestamos canto poidemos, pro foi coma si cantara un carro. A vella non nos fixo caso ningún. Ben sabía ela que lle non fuxíamos da casa, porque non alcontraríamos outra onde máis baratos estivéramos.

Digo que protestamos, e cando estivemos cansos de berrar, puxémonos, xa que outro remedio non había, a tomalo caldiño.

Comíamos e falábamos ó mesmo tempo, botándolle cen pragas á condanada vella.

De repente, un dos canteiros que máis tiñan berrado, calou, e a todos os demais chamounos aquilo a atención.

—¿Seica xa se che acabou a corda? —perguntoulle un compañeiro.

—Non, home non — respondeu: —é que a pousadeira amolouse.

—¿Por que se amolou? —perguntei eu.

—Porque a millor tallada da cena dos cómicos, tocoume a min.

—A ver, a ver — dixemos todos, encendendo os fósforos.

Nun instante quedou o faiado alumeado coma se fora con luz eléctrica, e cando fumos ver que tallada era, alcontrámonos cun sapo, que debiera de ter caído pola chimenea, cando se estaba cocendo o caldo.

Eu coidei que botaba fóra, non o caldo que xa tiña engulido, senón tamén canto comera dende que estaba na casa da vella.

Fuxín de alí, como alma que leva o demo, e logo supen que prá nosa vinganza, os cómicos marcharan sin pagar a pousada, porque o púbrico non os pudera aturar.

Chuco de Canedo

A estrea dun abogado

Véñovos hoxe de cativo humor pra contarvos o acostumado contiño so-manal.

Un demo dun veciño que Deus confunda, armoume un sarillo, que non sei como del hei de salir.

A min pareceume ó prencipio que o caso era moi craro, e cada día que pasa, parezme máis escura e dubidoso.

Levo gastada unha chea de cartos en consultalo con abogados, e cada vez alcóntrome máis atrapallado, porque si un me di branco, outro me di negro; si este opina que estou por enriba, opina aquel que estou por debaixo; si o de acá xura que é pra direita, o de aló perxura que é pra izquirda.

Non sabendo xa que facer, tiñame decidido a deixar correr as cousas, pra que elas fosen por onde quixeran ir.

Mais nisto, caeume nas mans un preódico onde lin ista noticia:

“El joven abogado D. Bartolomé Rebordanes, que acaba de obtener brillantemente en Madrid el título de Doctor, ha abierto su despacho en la calle de Quebracanales, núm. 13”.

—Este mozo —dixen pra min —que concruíu agora a súa carreira, ha de traer os estudos fresquiños e poida que poña en craro o meu amaldizado asunto.

E xa non dubidei en ir onda el.

Marchei, pois, á vila; busquei o número 13 da calle de Quebracanales, subín, chamei e salíume unha mulleriña.

—¿Que deseia? —perguntoume.

—Facer unha consulta co Doutor Rebordanes.

—¿Co meu fillo? Pase, pase e Deus o vexa vire, que é vostede o primeiro que ven onda el.

—Menos mal —dixen pra min. —Así non terei que agoardar.

—¡Ogallá —concrúu a vella, abríndome a porta do despacho —que sea vostede boa estrea!

—Amén.

O rapaz era goapo e ben prantado, e o despacho non o tiña mal, tocante a libros e mobles.

Oferceume moi fino unha silla, e preguntoume:

—E logo ¿que asunto lle trai por eiquí?

—Pois verá.

E conteille canto me pasaba. A medida que lle iba explicando a andrómena en que me tiña metido o amaldizado veciño, íbaselle engurrando a fronte, e cando concruín o meu descurso, quedouse ben tempo calado.

—¿Que di vostede a isto? —pergunteille canso de agoardar que falase.

—Pois... que é un caso defícel.

Fixo como que se limpaba co pano do bolso, puxo unha cara que talmente era de parbo e empezou a decir unhas cousas tan sin xeito, que axiña conecín que o tal Doutor, era un abogado das silveiras.

Vendo que de alí non sacaba nada en limpo, paguei as dúas pesetiñas da consulta, din media volta e marcheime.

Cando cheguei á rúa, volvinme pra lle rogar unha boa praga, e os meus ollos foron dar cunha praca moi hestoriada que había ó lado da porta, con iste letreiro:

“Doutor Rebordanes. —Abogado.”

Sentín unha xenreira, que me deron ganas de esnaquizarlle aquela praca.

Mais viume axiña outro acordo, e subín de novo onda o abogado que tan cativa estrea tiña tido, e díxenlle cando estiven diante del.

—¿Vostede permíteme unha pregunta?

—Si, señor. Diga:

—¿Iso de Doutor que está esquirto embaixo, na praca, é porque vostede realmente é Doutor, ou é alcuño que lle puxeron?

Chuco de Canedo

Como se fai feliz a un santo

Hai en certo lugar unha ermida, e nela venérase un santo tan milagreiro e famoso, que cando chega o seu día, acoden á romaría milleiros de persoas de lez légoas ó redor, que lle acugulan as bandexas de toda cras de moedas e lle enchen o (...) de centos de ouxetos de cera.

Nunha ocasión andaba eu un pouco cativo de salú, e a xente da miña casa, encomendoume ó tal santo. Sanei, e cando chegou o día do milagroso curandeiro, foi perciso ir á romaría, escoitar unha misiña na ermida e botar unhas moedas na bandexa.

Feito isto e satisfeito de ter cumprido aquela deuda de agradecimento, salín coa parenta, os sete fillos, a sogra, dúas cuñadas, tres sobriños e dúas tías que me tiñan acompañado, pró adro da ermida, e alí alcontreime co tío Antón o Coxo, un velliño amigo meu, a quen non tiña visto facía ben tempo.

Saudámonos con moita satisfaucción de nos vere, e dimpois de latricar un pouco das nosas cousas, díxenlle eu ó vello:

—Está boa a romaría ¿verdá tío Antón?

—Está boa, está —respondeume.

—Non, que ten razón pra estalo —aguerguei. —O tempo non pode ser millor, e ademais disto, o Santo é moi milagreiro e ten moitos devotos.

—Milagreiro ¿eh? Pois con todos os seus milagres, el non fora nada, si non é por min.

Ollei pró tío Manoel, pra ver si falaba en serio ou de burlas, e el, conecendo as miñas dadas, aguegou:

—Si, home, si. A sona que ten, a min ma debe. Eu fun quen o fixo feliz.

E pra que o non dudes máis, vouche contar como foi.

Ti xa sabes que estiven na guerra de África¹, onde servín ás ordes daquel home sin igoal que se chamou Prim².

Entrei en fogo non sei cantas ducias de veces, tomei parte en non sei cantas aucións, e tiven tal sorte, que nunca unha bala me chincou.

Concruíu a guerra, da que España sacou moita groria e ningún porveito, volvíu pra a Península, licenciáronme, e vinme pra a casa, con outros rapaces da miña aldea.

Era talmente o día de hoxe.

Pasamos por eiquí. Estaba a porta da ermida aberta e o santo no altar, pero non entraba cuasque naide.

Alegres como viñamos, de volver sans e salvos pra a nosa casa, a min ocurriuseme unha diabrura, que fixen dacordo cos meus compañeiros.

1 Guerra de Marrocos (1859-1860).

2 Joan Prim i Prats foi xeneral e presidente do Consello de Ministros en 1869.

Fun a isa carballeira, arrinquei dúas estacas, arregreinas de maneira que me serviran de muletas, fixen o coxo e dirixinme á ermida.

—¡Malpocadiño! —escramou unha vella que me viu camiñar daquel xeito.

—¿Seica ven da guerra?

—Ven, si, señora —respondéronlle os meus compañeiros.

Nisto achegouse outra muller, perguntoulles:

—¿E que lle pasou?

Un balazo que lle zorregaron os mouros e que o deixou coxo pra toda a vida, según dixo o médeco do batallón.

—¡Meu probe!

Entramos na ermida, encomenzamos a facer que rezabamos, e ós poucos segundos ceibei as muletas, emprincipiei a dar pinchos e a berrar.

—¡Estou curado! ¡xa estou san!

—¡Milagre, milagre! —responderon asombradas as mulleres.

—¡Milagre, milagre! —repitiron as poucas persoas que había fóra.

Acodiu o crego, avisado polo encargado da ermida; reuniuse xente que acodía tamén ó oír os berros, e antes dun cuarto de hora, toda a comarca inteira, posta de xoellos dentro e fóra da capela, berraba chea de devoción:

—¡Milagre! ¡milagre!

Dende entón ven a sona deste santiño e mais o mote do coxo que me puxeron, en recordo da coxeira que nunca tiven e que, polo tanto, nunca o santo me curou.

Chuco de Canedo

Beilar de contento

Criados hai que chegan a mandar máis que os donos. E non os habería, si amos non houbese que se deixaran domeñar por tales criados. Que non hai cousa peor, que un non sepa ser dono dos seus calzóns.

Algo diso lle pasaba a un certo antepasado meu, irmán dunha das miñas aboas, que por vivir libre e independente, fuxiu de casarse, e foi a cair na peor das tiranías: na dos criados.

Encomenzou tendo criadas, e ningún de cantos sistemas probou con elas lle deu bo resultado. Si as trataba ben, abusaban da súa bondá. Si era amabre con elas, subíanse ás barbas. Si se poñía serio, poñíanselle aínda máis. Si reñía, respondíanlle con malas maneiras. Unhas querían tratalo como a un fillo e hastera lle reñían si chegaba tarde á casa. Outras coidaban que habían de concruír casándose con el, e derretíanse todas. Tívoias novas, e saíronlle tolas. Colleunas vellas, e non pudo aguantalas. Si eran goapas, non facían máis que compoñerse e comer o azougue dos espellos. Si feas, aborrecíalle o ter sempre diante un carabineiro vestido de saias.

E a todo isto, unhas saíronlle ladras e non había día que lle non roubaran algo; outras berraban coma condenadas, e atroábanlle os ouvidos; a outras dáballe pola Eirexa, e non facían senón andar de misa en novena e de xubileu en sermón. Húboias calaceiras, folgazanas, aturdidas, porcas e limpas de máis.

Unhas coidábanlle tanto das cousas, que, pra non quebralas, ni a man lle poñían enriba, e outras, onde botaban as gadoupas, fose louza, vidro ou mobles, facían cachos axiña.

O probe do home probou criadas coma quen proba mazáns, e canso un día de probar sin ter alcontrado unha xiquera a xeito, decidiu cambear as saias polos calzóns. Quero decir, que non quixo máis criadas e colleu un criado.

Era iste un rapaz agudo, que comprendeu axiña cal era o xenio e o carau-te do dono, e servíao ás mil maravillas.

O meu parente non se fartaba de gabalo, e coidaba que tiña ido pra a gro-ria, dimpois do inferno que pasara coas criadas.

Mais algún defeuto había de ter o mozo, porque inda se non descubriu no mundo cousa que perfeuta seia, e o defeuto do criado, era o de ser amiguiño dabondo das mulleres.

Anque eu creo que isto nunca foi defeuto. Nin o sería no criado de meu tío, si a incrinación que tiña prás mozas non o fixera cair en malas tentacións. Pro exemplo, na de coller pra elas todas galdrumadas e lamberetadas podía atrapar na casa de seu dono.

Mais facíao de maneira que se non coñecera e diste xeito seguía disfrutando, diante de meu tío, do mellor creto pusibre.

Mais tanto vai o cántaro á fonte, que por fin féndese, e iso foi o que tamén lle pasou ó creto do criado.

Tiña combinado el cunhas rapazas amigas súas, facer unha esmorga un domingo pola tarde.

Comprometeuse el a levar algo con que chamar pola fecha, e perparou unhas cantas lambonadas, que non saíron doutro lugar que da despensa de meu tío.

E quixo, pra compretar a merenda, faguer unha boa tortilla de chourizos, que os había ben bos na casa.

Agoardou a que saíra meu tío, dimpois de xantar; meteuse na cociña, e púxose a deitar ovos e chourizos na sartén.

Fervía o aceite a cachón e cheiraba xa a tortilla que mesmo recendía, cando meu tío, por térselle esquencido o pano do bolso, volveu á casa.

Chamoulle a atención o cheiro dos chourizos frixidos e o ruído do aceite ó ferver, e guiado polas dúas cousas, foi dereitiño á cociña.

O criado, pra esconder o corpo do delito, non tivo outro acordo que coller a tortilla, e metela no bolso do pantalón.

Mais iba quente que pelaba, e o rapaz, encomenzou a dar pinchos, coma si lle estiveran tocando unha riveirana.

Meu tío que viu aquilo, preguntoulle moi estranado:

—¿Que é o que che pasa, ho?

—Nada, señor —respondeulle o criado cuasque coas bágoas nos ollos, porque a tortilla estáballe talmente queimando a pel, —que beilo de contento de ver a súa mercé.

Chuco de Canedo

O tenorio aldraxado

Cando viña agora pró Turreiro, alcontreime cuns rapaces amigos meus, que andan moi antusiasmados coa idea de facer unha función de treato, non sei pra que.

Pedíronme que lles axudase, e eu negueime como poden, porque, dende o que vin unha vez nunha función de aficionados, non me agarda andar metido nelas.

Cada cousa é por que é: os cómicos pra representar, e os que non son cómicos, pra ver.

Porque anque os aficionados sexan moi bos, como sempre traballan diante de amigos, resulta que coa confianza que hai antre uns e outros, as comedias convírtense en dramas e os dramas en comedias.

Tal e cual como pasou nisa función de aficionados de que vos falaba antes. Xa sabedes que todos os anos por Difuntos, represéntase por toda banda o drama D. Xuan Tenorio, isa obra que sendo unha fantasía dun poeta, feita con inspiracións doutras e tendo por punto de arrinque a vida dunha persoa real e verdadeira, convirtiuse nunha alergia do perdón.

Uns rapaces da miña veciñanza decidiron, á falta dunha compañía de cómicos, representar eles o Tenorio.

Eu, que inda entón era mozo, tomei tamén parte na función, facendo de Comendador.

O día da función, fervía de xente o treato. Boeno, eu chámolle treato, mais era unha bodega que nos prestou un veciño.

Como digo, fervía de xente o local, e eu que nunca me tiña visto noutra, non cabía no traxe, co medo.

Ós demais pasáballe o mesmo. Soilo o que facía de Tenorio, que era un estudante de crego, moi xeitoso, estaba sereo e disposto a comer o púbrico, si se metía con nosco.

Polo menos, iso decía el.

Encomenzou a función, e a cousa non debía de ir moi mal, porque a xente ría moito. A min parecíame que a función non era pra rir, mais debía de estar enganado, porque ó púbrico facíalle gracia.

O que facía de Tenorio era o que non andaba moi conforme con aquelas risas, e no segundo auto, xa non falaba de comer os espeutadores, si con nosco se metían.

Antes de conculir o terceiro, equivocouse dúas ou tres veces. E iso que sabía o Tenorio de mamoria. E ó chegar ó coarto, algúns espeutadores metéronse con el.

Na escea que deron en chamar do diván, cando el concuría as décimas co estrevillo

¿no es verdad, gacela mía
que están respirando amor?

parte do púbrico respondíalle:

—Si, home, si. ¿pois non ha de ser certo?

E outras veces:

—Abofellas!

Pero cando a cousa chegou á cume, foi cando Tenorio mata ó Comendador e mais a Mexía.

Pra acabar comigo faloulle tres veces á pistola, e cada vez que lle pasaba isto, facían os espeutadores:

—¡Pum!!

Ó fin saliu o tiro, e eu deixei-me cair morto, cando xa coidaba que me perdoaban a vida.

Logo tornouse pra Mexía, e díxolle aquilo de:

E tú, insensato,
que me llamas vil ladrón
dí, en prueba de tu traición,
que cara a cara te mato.

Matouno tamén.

—¡Jesús! —dixo Mexía ó cair; e seguiu o Tenorio:

Tarde tu fe ciega
acude al cielo, Mejía
e no fue por culpa mía;
pero la justicia llega...

¡Que había de chegar a xusticia! O que chegou, foi un repolo que lle tiraron dende o púbrico e que lle deu no medio e medio do peito, facéndolle ceibar a espada e mais un allo ben forte.

As gargalladas debéronse de oír en América.

O Tenorio encarouse cos espeutadores e íballes perguntar:

—¿Quen foi o...?

Pero contívose, e soilo dixo:

—A culpa téñoa eu en traballar pra istes animales.

Chuco de Canedo

O perparo dos ollosmoles

Se soupéramos sempre o que nos dan pra comer, certamente que moitas veces preferiríamos pasar fame.

Coida un, algunha vez, que está comendo unha cousa boa, e o que está é tragando un solimán que lle acaba coa salú.

E é que cuasque sempre, por engulir, nin reparamos xiquera o que nos dan.

Cando eu era mozo, convidárome unha vez a ir comer a casa do maordomo de certa festa de rumbo.

Eu non tiña o gusto de conecelo, e si fun convidado, era porque o tal maordomo debíalle certas obrigacions a un tío meu con quen eu andaba de cote.

Así foi que o convidado, aguergoulle:

—E traía seu sobriño Chuco consigo.

Tíñanme dito que a casa do maordomo, era casa de muita fartura, e a xuzgar pola mesa que nos puxeron o día da festa, non me tiñan enganado.

Comenzaron por darnos unha sopa a estilo da vila, dempois un bo cocido, logo unha empanada de polos, a seguir unhas postas de bacalau frito con zure e ó final ollosmoles asados ó forno, cun prebe que mesmo daban tentacións de lambar os dedos.

Eu que nunca me tiña visto nunha farturiña como aquela, dinme en todo aquilo como si na vida tivera comido.

Pero cando chegaron os ollosmoles, entón foi cando os meus dentes traballaron con ganas.

E iso que xa o xantar me chegaba cuasquemente á gorxa.

Pero os peixes estaban bos, e non era cousa de deixalos no prato.

Reparei que picaban un pouco, e pareceume que era algún preparo que lle tiña botado a cociñeira.

E díxenlle polo baixo a meu tío:

—¿Sabe que istes ollosmoles teñen un certo picante que lle fai moita gracia?

—¡Que burriño eres! —respondeume o vello, que cuasque non tiña porbado migallo dos peixes.

—O que teñen —aguergou —é que foron pescados fai máis dunha somana, e o picante que ti lle alcontras, é que xa están pasados de todo.

Chuco de Canedo

Os bruxos

En preno sigro XX inda hai quen ten fe nos adeviños, bruxas, baraxeiras e máis xente disa que soio vive da iñorancia allea.

Dende eiquí estou vendo unha persoa que sabe dabondo e ben a súa custa o creto que se lles pode dar ós tales embaucadores. ¿Non é verdade, Sr. Domingos de Vilariño?

Conte, conte vostede o que lle pasou cando foi xunto do bruxo de Xende. Fale, home, fale, que eiquí todos lle somos de confianza, e sempre é bo que os demais sepan certas cousas que nos soceden, pra non cair nelas...

Ben, pois xa que vostede non o quer contar, contareino eu.

Habedes saber todos cantos me escoitades, que ó Sr. Domingos roubáronlle dunha vez uns cartiños e mais unhas alaxes. ¿Non é certo?

Por máis que fixo, non puido saber quen fora o ladrón. Desconfiaba dun parente da muller, mais non se astrevía poñer a boca nel, polo medo de se enganar.

Mais tamén lle custaba moito quedar sin saber quen o roubara, e destonces, dacordo coa parenta e en lugar de recramar o auxilio dos ceviles, decediu de ir consultar o caso co “Pata de Pau”, o bruxo de Xende, que era o que máis sona tiña pola comarca.

Como habían ir o Sr. Domingos e mais a dona, e coma a casa do bruxo non estaba preto, ordenaron de levar a besta.

Botáronse ó camiño, e en chegando arrente da devesa da Graña, a besta deu un pinote, e a muller do Sr. Domingos, que era a que iba montada, caíu estarricadiña no chan, que talmente somellaba que a deitaran pra botar un sono.

Ó cair, deu unha pancada tan rixa nas rens, que foi preciso pedir asilo nunha casa que había non lonxe do sitio onde socedera o percance, non soio pra ser atendida a boa da muller, senón tamén pra pasar a noite, porque a dona do Sr. Domingos quedara talmente derreada e non se podía menear.

O Sr. Domingos pediu viño, sal, ortigas e non sei cantas cousas máis, fixo un xarope e deulle con el unhas boas fregas á dona, que berraba “a de Dios y del rey” coma se a mataran.

Porque habedes saber que, ademais do delor da pancada, o Sr. Domingos dáballe as fregas cunha forza, coma se tratara dun cabalo, mal comparado sexa. ¿El é certo ou non, Sr. Domingos?... ¿Non vedes como acena coa cabeza decindo que si?

Á boa da súa muller non se puxo boa de vez, nin o estará nunca, porque cando hai volta de tempo, e hastra sin habela, inda sinte uns delores nas rens, que parez que llas arrincan.

Calmados un migallo os delores, no outro día pola mañán, seguiu o matrimonio o seu camiño pra casa do bruxo de Xende.

Chegaron alí sin outra peripecia, e inda ben non tiñan entrado pola casa do bruxo, cando se encarou iste co Sr. Domingos, e díxolle sin máis preámbulos:

—A vostede roubárono.

—É certo —respondeulle o Sr. Domingos, todo admirado.

Porque vostede, Sr. Domingos, non comprende, coma comprendería outro calquera, que o “Pata de Pau” non tivo nada que adiviñar, porque o conto do roubo estaba tan espallado, que non había can nin gato, nunhas cantas légoas á redonda, que non o soupera.

Non acene que non coa cabeza, porque todo o mundo comprende que foi así. Mais vostede, coidando que hai homes e mulleres que teñen a cencia de adiviñar, ¿coma non iba creer que o bruxo lle conecera na cara que vostede tiña sido roubado?

Pro, en fin, iso é cousa de vostede e mais do seu talento, que ben sabemos todos que o non ten. Eu cumpo a miña obrigazón seguindo no conto.

—A vostede roubárono —seguiu o bruxo, —e foi diñeiro e mais alaxes o que lle levaron.

—Tamén é certo —respondeu o noso veciño, aínda máis admirado.

—¿E agora que quer? Saber quen foi que o roubou, ¿non é certo?

—Abofellas.

—Pois vámolos saber nun instantiño.

—O bruxo colleu do queixón dunha mesa unha baralla tan porca, que xa cuasque non se lle vían as feaduras. Debía ter moita vertude, cando o bruxo a non cambeaba por outra nova.

—Colla e baralle —díxolle ó Sr. Domingos.

—Xa está —respondeu iste, dimpois de barallar.

—Agora, corte.

—¿Que máis?

—Torne a cortar... Outra vez máis... Agora colla istas poucas de cartas.

Colleunas o Sr. Domingos, e o bruxo, dándolle a volta ás que lle quedaron enriba da mesa, mostrou o cabalo de espadas.

—Parezme que xa demos co ladrón... Home de armas, que anda por camiños...

Ollou pró Sr. Domingos, pra ver pola cara que puña, se cadraban as señas do tal home de armas coas da persoa de quen o Sr. Domingos desconfiaba.

E seguiu falando:

—Boca pequena... un bigotiño recortado... ollos redondos...

Nin estas nin as outras señas satisfíxeron ó Sr. Mingos. Destonces o bruxo mandoulle barallar outra vez, decindo:

—Vamos á encomenzar de novo, porque hoxe debe de andar algún espírito malino polo medio.

Feita outra vez a operación de barallar, cortas tres veces e gardar unhas poucas de cartas, ergueu o bruxo as que tiñan quedado enriba da mesa, e saleu o seis de ouros.

—Un endeviduo que ten casa eiquí —dixo o “Pata de Pau”, ollando pro Sr. Domingos —mais que adoita pasar algunhas temporadas en Lisboa...

Nada, tampouco istas señas iban ben coas que o Sr. Domingos agoardaba.

Por terceira vez andiveron as cartas polas mans de parroquiano, sin tampouco agora conseguir o bruxo faguer o retrato da persoa de quen o Sr. Domingos coidaba que era o ladrón.

Moitas verbas empregou o bruxo pra desemular o seu fracaso. E o Sr. Domingos soio lle deu dúas pesetas pola consulta, en lugar dos dous pesos que tencionaba de lle dar.

E tornouse prá súa casa, dimpois de ter gastado uns poucos de cartos, de perder dous días inteiros, e coa parenta derreada pra toda a vida, mais sin ter conseguido avriguar outra cousa, senón que todos os bruxos, adeviños e mais xente disa caste, son uns impostores dinos de estar nun presidio e que non poderían vivir antre nosoutros, se non houbese persoas que coidasen, coma coidaba o Sr. Domingos de Vilariño, que eisisten seres humanos dotados dun poder sobrenatural.

Avelino Rodríguez Elías

O billete máis barato

Pra todo vos fai falta costume, por iso se di que a experiencia é a nai da sabedoría.

O que nunca porbou o arroz con leite, non sabe si se come con culler ou con tenedor, e o que nunca andivo en tres, ¿como ha de sabere meterse nel?

O meu veciño Antón Regueiral, tivo que ir unha vez a Ourense, por cousa dun asunto que agora non nos interesa.

Enteresáballe a el, e abonda con iso. E como lle interesaba, non pudo deixar de facer o viaxe, ó que lle tiña máis medo, por ter que facelo en ferrocarril, que ás penas todas do inferno.

A el que lle falasen de ir a pé dende Canedo hastra Porriño, Salvaterra ou As Neves, que iso pra el, era unha verdadeira carreiriña dun can.

Xa tiña ido en coche a Vigo, que non era tampouco pra el unha maneira moi segura, pero ¡vaia! inda podía pasar.

¿Pero no ferrocarril?... Iso si que era matalo. Mais a cousa, como dixen, era de moitismo enterece, e ben valía a pena de pasar o medo de ir no tren, por deixala arregrada.

Baixou a pé hastra Porriño, preguntou a cantas persoas alcontrou na estación onde era que se mercaban os billetes, e en canto se alcontrou diante do ventanillo, díxolle ó empregado que estaba dentro:

—¿Vostede dáme un billeteño?

—¿Pra onde? —contestoulle secamente o empregado.

—Pra Ourense.

—¿De que cras?

—¿Como di?

—Que de que cras.

—Eu non lle entendo diso.

—Digo que si do máis barato ou do máis caro.

—Ai, non, señor; non. Do máis barato que haxa.

—Tome.

—¿Canto custa?

—Tanto.

—¿Nin un chavo menos?

—Non, señor.

—Inda ha de haber algo máis baratíño.

Ó empregado acabóuselle a pacencia, e botando un billeteño enriba da taquilla, dixo todo enrabeado:

—Isto é o máis barato que hai pra viaxar. Cústalle tanto, e acabe dunha vez, que hai xente esperando.

Pagou Regueiral o que lle pedían, recolleu o billete e saíndo ó andén, meteuse no primeiro coche que viu.

Alcontrouse cuns asientos moi brandos, nun departamento moi axeitadiño, e cunhas señoritas guapiñas, que ollaron pra el con noxo e curiosidá.

Andivo o tren, e non tardou en aparecer o revisor.

Pediulle o billete a Regueiral e así que viu o cartonciño, perguntou:

—¿Non ten outro billete?

—Non, señor; é o que me deron.

—Pois vostede non pode ir eiquí senón noutro lugar.

—¿Logo isto non é o máis barato?

—Érache boa. Isto é o máis caro.

—¿E agora...?

—Agora tiña que pagar un suplemento; mais por ser vostede, que polas contas non está acostumado a viaxar, o que ha de facer, é baixarse na primeira estación, e ir pra onde lle corresponde.

Así foi. Cando o tren chegou a Guillarei¹, o revisor mandou baixar a Regueiral, e levouno diante dun vagón que tiña a un lado unha reixa pequena, e díxolle:

—Vostede ten que ir aí drento.

—¿E eu hei de caber aí?

—Eu non teño que ver. Eu móstrolle o sitio onde ter que ir con arrego ó billete que trai.

—¿Logo que sitio é iste?

—A perrera. E vostede trai billete de can.

Iso foi o que lle pasou a Regueiral, por non ter costume de viaxar.

Chuco de Canedo

¹ Parroquia do concello de Tui.

A terceira

Cando a un lle ofrecen unha cousa que lle gusta ou lle convén, sempre a rechaza ás pirmeiras, por cortesía, anque estea rabeando por ela.

Pro hai ocasións en que se non deben facer iso, porque pode saír mal a conta, como lle sucedeu a Rosiña Pampillón, por andar con tales retesías.

Rosiña é unha rapaza bunita de cara e xeitosa de corpo; mais ten unha cabeciña que Dios a bendiza.

Algúns din que é parba, mais a tanto non chegarei eu. Certo que non des-punta por listra; pro, vamos, tan parba que confunda unha peseta cunha pedra do camiño, tampouco é. Poderemos decir que é simple, nada máis.

Boeno; pois por simple pasoulle o que lle pasou e que hoxe vos veño contar.

Como era bunita, non lle faltaban admiradores, e un lle apareceu nunha ocasión que de admirador pasou a namorado e concuriu pedíndola pra se casar con ela.

Dixeron que si os pais de Rosiña, porque rialmente o rapaz era unha comenencia, e arregrouse todo pró casamento.

Siñalouse o día, e ó chegar iste, non se rompía na eirexa da parroquia, coa xente que acodiú á boda, que era de rumbo, porque os pais de Rosiña eran ricos e o noivo tamén non era probe.

Chegaron os noivos, rodeados de todos os seus parentes, que entóns apareceron a feixes; e non habería tantos si Rosiña casara probe e eles non cheiraran que habería lamberetada longa. Chegaron, digo; dirixíronse a carón do altar, onde xa os agoardaba o señor abade, e encomenzou o auto.

—Rosa Pampillón Cortegoso —preguntou o crego— ¿vostede quere por esposo a Xacobe Repolido Canecón?

Baixou a rapaza os ollos, púxose moi colorada, e respondeu cunha voz que cuasque se non oía:

—Non, señor.

Aquilo foi unha bomba de palenque. O abade, coidando non ter entendido ben, preguntoulle:

—¿Como di?

—Que non, señor.

O noivo, os pais dela, os padriños e hastra os parentes máis longos, que vían fuxir a perspectiva dun bo xantar, rodeárona, decindo todos a unha:

—¡Ti seica toleas!

—¡Ti aparbache de todo!

—¿E entóns pra que nos fixeche vir eiquí?

—¡Olla que non sabes o que perdes!

Ela calaba e era o millor que podía facer, porque ¿como iba responder a tantas cousas xuntas como lle decían?

—¡Silencio! —berrou por fin o abade.

Calaron todos, e estonces o crego, encарouse coa nena, e díxolle:

—Vamos a ver: ¿ti por que consentiche en vir hastra eiquí, si non querías a iste home por esposo?

—¡Si eu quéroio! —respondeu Rosiña antre o pasmo xeneral.

—¿Entonces por que dixechе que non?

—Porque me pareceu que unha rapaza que se teña en algo, non debe responder que si ás pirmeiras, pra que lle non digan que estaba rabeando por se casar.

Respiraron todos, prencipalmente os parentes, que xa viron outra vez a segura enchenta, e o crego dixo prá súa sotaina:

—Ista rapaza ten o cabazo valeiro.

Volveulle a perguntar si quería por esposo a Xacobe Repolido Canecón, e outra vez respondeu ela que non, mais foi botándolle ó noivo unha ollada que tamente quería decir que á terceira contestaba que si.

Contestou, efeutivamente, cando o abade lle fixo por terceira vez a pregunta. Xa todo o mundo estaba contento, cando ó facerlle o crego a mesma pregunta ó noivo, respondeu iste con moita resolución:

—Non, señor.

—Vaia —dixo o crego— eiquí temos a mesma gaita.

Non, señor —aguergou Xacobe— non é a mesma gaita, porque eu digo que non agora e direino sempre.

—¿Como?— dixeron todos.

—Pois así, porque eu coidaba que me iba casar cunha moza e saíume unha roda de muíño.

Deu media volta, atravesou por antre a xente e saíu pola porta da eirexa, deixando a todos coa boca aberta dun palmo.

Chuco de Canedo

O libre cambio

Poucos días fai, tiven que ir a certo lugar, e como se me fixo un pouco tarde, busquei de comer nun estabrecimento dises que hai polas aldeas, que son unha mezcra de pousada, taberna, estanco, comercio de panos, ferretería e axencia de negocios.

Mentras me porparaban unha petiscada, estiven reparando no que pasaba na tenda, e vin que alí nin todo se mercaba por diñeiro.

Algunhas compras que vin facer, non se pagaron con diñeiro, sinón con artigos. Por exemplo: unha rapariga trouxo ovos, e levou bacallau; unha muller-ciña trouxo un par de polos, e levou unhas varas de cretona pra unha saia. E así polo estilo.

Faleille dista maneira de comerciar ó tendeiro, e contestoume:

—Isto aquí élle moi corrente.

—Non, o que é —repriqueille, —é a volta ó comercio primitivo.

—Tamén o traballo se paga moitas veces en especie.

—¿Tamén?

—Tamén, si, señor. Ás veces, o xastre que vai traballar polas casas, cobra en patacas, en millo, en repolos, etc.

—Por certo —continuou o tendeiro —que unha vez ocorreu unha cousa, que por pouco non acaba coa costume.

Apareceu por eiquí un xastre novo, que como era solteiro e vivía en pousada, non lle conviña cobrar senón en cartos.

Era moi estimado, polo servicial e porque traballaba ben; mais nunca tiña un cadelo, porque cando gañaba, canto gastaba en esmorgas.

Casouse un día, e como xa entón tiña que gobernar casa, encomenzou a cobrar algo en especie.

Pouco tempo dimpois, a min faltoume unha boa cantidá de millo da caustra.

Outro veciño, pasados uns días, queixouse de que lle faltaran unhas galiñas.

Outro máis berrou unha mañán a de Dios e del Rei, porque lle levaran durante a noite un porquiño.

—¿Quen será o ladrón? preguntábase todos.

Demos parte ó pedáneo, iste avisou á Guardia civil, fixéronse avriguacións, e, nada, o ladrón non apareceu.

Mais de vez en cando, volveu a dar señais de vida, roubando eiquí e mais acolá.

E era cousa curiosa, que soilo roubaba artigos de comer.

Sospeitouse de moita xente, mais era sin fundamento, según resultou das avriguacións feitas.

Finalmente, sospeitouse do xastre, e entón reparamos todos en que o tal endeviduo, sin ter campos, runfaba cun canastro ben cheo de millo; que tiña un curral ben surtido de aves e un cortello con dous ou tres bacoriños que naide lle vira mercar.

Deuse conecimento á Xusticia; prendérono, e cando sealcontrou diante do xuez, e iste lle preguntou pola procedencia daquel ben de Dios, respondeu que todo llo tiñan dado os seus foreiros en pago do seu traballo.

—¿Quen lle deu os porcos? —preguntou o xuez.

—Un deumo Xacobe Madureira e outro Andrea Cortegoso.

—¿E as galiñas?

—Tamén mas deron eles.

—¿Todas?

—Todas, non, señor; que algunhas deumas o tío Chinto da Costa Longa.

—¿E o millo?

—Varios foreiros.

Chamou o xuez ás persoas citadas polo xastre, e todas responderon que iste decía verdá.

Mais logo descubriuse que Xacobe Madureira e Andrea Cortegoso non lle podían ter dado porcos e galiñas, porque nunca os tiveran; que o tío Chinto tampouco tivera nunca curral, e que o millo tampouco tiña unha procedencia limpa e crara.

E resultou que toda aquela xentiña eran uns refinadísimos ladróns e que o xastre era o capitán da gavilla.

Chuco de Canedo

O barbeiro distraído

Conecín un canónego dunha Catedral que non hai pra que nomear, que era o home de máis pacencia que teño visto.

Certo é que todos os canónegos a teñen, porque as súas obrigacións non son pra facelos andar apurados; mais aquel gañáballo en pachorra a todos os seus compañeiros.

Adoitaba iste canónigo afeitarse na tenda dun barbeiro que era o home máis descoidado que tamén eu teño visto.

Moitas veces dáballo xabón a un parroquiano, e en lugar de afeitálo, poñíase a cortarlle o cabelo.

Distraicións distas, tiña tido algunhas co canónigo do meu conto, mais como iste era home de tanta pacencia, nunca se incomodaba por elas e todo llo pasaba por amor de Deus.

Unha mañán persentouse D. Fortunato (o canónigo) na tenda de Alifonso (o barbeiro) pra que iste lle fixera a barba.

Non había ningún outro parroquiano diante, e D. Fortunato coidou que Alifonso íbaio afeitar axiña.

Mais enganouse, porque non contou coas distraucións do barbeiro.

Sentouse o capitular, e o rapador púxolle en seguídiña o pano, bañoulle a cara cunha boa man de xabón, e xa estaba pasando a navalla pola correa, cando un amigo o chamou dende a porta.

—Escoita, Alifonso.

—¿Que hai? —respondeu iste, deixando a navalla enriba do tocador e a D. Fortunato untado de xabón.

—¿Sabes que estamos armando un baile pró domingo que ven? —preguntoulle o amigo cando Alifonso chegou á porta.

—Xa mo tiñan dito.

—Boeno, pois contamos contigo pra que vaías tocar o acordeón.

—Home, non sei si poderei.

—E que nosoutros pagamos o que sea.

—Entón contar comigo.

—¿Está dito?

—¡Recorcio! Eu non teño máis que unha palabra.

—Pois logo hastra o domingo.

—Hastra entón.

Xa se iba retirar da porta o barbeiro, pra ir afeitar a D. Fortunato, cando pasou por diante da tenda unha rapaza a quen Alifonso lle andaba facendo a rosca.

Esqueceuse iste do canónigo, e púxose de parola coa meniña.

—¿Onde vas? —perguntoulle.

—Eiquí ó comercio de D. Zacillo, mercar unhas medias.

—Si son prás túas pernas ¡quen chas poidera poñer!

—Non son prás miñas pernas, que son prás da miña dona.

—A isa que llas poña o demo.

—¡Arrenegado!...

—¿E levas moita presa?

—Algunha.

—Pero sempre che han de sobrar dous minutíños pra que un home que morre por ti, poida contemplar isa cariña de mel e de rosas.

—¡Asús, que fino está o tempo!

—Talmente coma ti.

E así seguiron falando a moza e o barbeiro, por espazo de cuasque media hora, ela sin lembrarse das medias e el sin recordarse de D. Fertunato, que inda estaba no sillón sin dar a máis pequena mostra de se tere cansado de agoardar.

Ó fin soparáronse a criada e o barbeiro. Aquela marchou correndo pra a tenda de D. Zacillo, e Alifonso virouse pró canónigo.

Colleu con moita presa a navalla e xa lla iba pousar enriba da cara a don Fertunato, cando iste lle parou a man, decíndolle.

—¿Que vas facer?

—Afeitalo.

—¿O que?

—As barbas.

—Non fai falta, porque xa apodreceron.

Chuco de Canedo

Un argonauta de Canedo

Había nos arredores da miña casa unha familia composta do pai, a nai e un fillo.

Ó pai metéuselle un día na cachola marchar pra América e non hubo forza humana que o fixera quedar eiquí.

Hipotecou a casa onde vivía, pra pagar o billete, e aló se foi camiño do Mundo Novo, que non sei por que lle chaman disa maneira, cando el é tan vello coma iste outro.

Marchou digo, e anque ó principio lle foi mal, logo soproulle a fortuna, fixo algúns cartos, e quixo que o fillo, que entón xa era un mociño, marchase tamén pra América, con ouxeto de que lle axudase a gañar a prata, como din por aló, e deixalo no seu lugar, cando el pensara en vir descansar á terriña.

Mandou o pai os cartos pró pasaxe, e dentro de poucos días xa estaba o mozo equipado e porprado pra emprender o longo viaxe.

Eu tiña que ir por aqueles días a Vigo, e a nai do rapaz, que o supo, viu onda min, e díxome:

—Señor Chuco: ¿vostede queme levar o rapaz consigo, de paso que vai a Vigo, e embarcarmo no vapor que sal pasado mañán?

—Non teño ningún inconveniente —contesteille; —anke o máis dereito era que o acompañase vostede.

—Era, si, señor; mais eu téñolle tanto medo ó mar, que nin velo quero diante de min.

—Boeno, pois mañán pola mañán, que estea eiquí, pra marchar comigo. O rapaz foi puntual.

Chegamos a Vigo, e antes de máis nada, funlle mercar o billete ó rapaz.

Logo dediqueime ós meus asuntos.

Con todo isto, non tivemos tempo de ir ver o mar.

O mociño tiña moitas ganas de velo, mais tivemos que deixalo pró outro día pola mañán.

Erguémonos cedo, e dimpois de tomar o desaiuno, encamiñámonos ó muelle da Laxe.

—¡Que grande é! —dixo Calros, que así lle chamaban ó rapaz cando viu o mar.

—Pois isto non che é nada comparado co que hai fóra.

Quedou Calros contemplando as augas da bahía, que entón estaban se-reas e lisas coma un espello, e dimpois de pasar cuasque un minuto, díxome:

—Señor, Chuco: ¿e iste é o mar tan fero que tanto medo lle pon á xente?

—Agora, non —contesteille —porque está tranquilo; mais cando se alborota levanta unhas ondas tan altas, que parecen montañas.

—¿E entón que sucede?

—Pois o que sucede é que pon en peligro os navíos e algúns, tan grandes ou máis que ises que ves aí fondeados, trágaios coma si foran unha pedriña que dende eiquí lle tirásemos.

Sonriuse o rapaz, como decindo que inda non había de ser tan fero o mar coma eu dicía, porque o vía entón sereo.

Logo, achegouse máis á orilla do muelle, cuspiu no mar, e díxolle con despercio:

—¡Mira que medo che teño!

Chuco de Canedo

As amigas dos soldados

Cando eu estiven estudando en Santiago, adoitaba visitar a casa dunha familia coñecida de meus pais, onde me acollían con moito agarimo.

Naquela casa socedeu unha cousa que, por graciosa, merece que vola conte.

Había na casa unha criada de ben pouco xuicio, moi amiga dos rapaces e moito máis dos soldados.

Cando iba á fonte, á praza de abastos ou a un recado calquera, xa se sabía, era unha hora ou dúas o que tardaba, porque sempre había de alcontrar por aquelas rúas, polo Toural ou pola Calderería, un soldado que lle contase un conto.

A dona da casa fartábase de berrar con ela, pro era como si chilriara un carro.

A criada seguía decote atrancada cos soldados, pola vila adiante. E anque iste era un defeuto ben grande, non a botaban fóra da casa, porque tiña bo servicio e era fiel.

Mais chegou un día, que xa seus donos non poideron aguantala máis, e puxérona de peciños na rúa.

Socedeu isto cando se lle descubriu que non abundándolle pasar horas e máis horas cos soldados na rúa, levábaos pra casa, cando seus donos saían.

Colleron istes outra criada e en canto entrou na casa, escarmentados da outra, léronlle a cartilla, como se adoitaba decir.

—Endalecia —díxolle a señora: —olle que á outra criada botámola fóra, porque era moi amiga dos soldados.

—¡Asús, señora! —contestou Endalecia —Niso non caio eu, porque sei dabondo o pago que dan os soldados.

Á señora agardoulle moito ista ouservación da nova criada, e aguergou:

—E non lle bastando falar con eles hora e máis horas, na rúa, inda mos metía na casa. Eu mesma, por dúas ou tres veces, me alcontrei con eles na cociña.

—¡Arrenegado sea o demo!... ¿Pero ela de veras facía iso?

—Tal como llo conto.

—Isa muller por forza estaba tola.

—Por forza.

—Pois o que é por min, escusa de ter coidado, que non soilo non me gustan os soldados, senón que cando teña un mozo, ha de ser home formal e co consentimento de vostedes.

A señora quedou talmente anemorada da criada nova, e cando aquela tarde eu fun de vesita á casa, fartouse de contarme alaudos da moza.

Pasaron uns cantos días, e ó volver eu por alí, alcontreime coa señora moi enrabecheda.

—¿Non sabes, Chuco —díxome en canto me viu, —que a criada nova saliu tan boa como a outra?

—¿E logo que fixo?

—Pois que ista mañán fun á cociña, e ó entrar, alcontreime cun soldado detrás da porta. Púxenme toda furiosa; encomencei a berrar coa criada, e cando lle perguntei: “¿E estonces era vostede quen non podía ver os soldados, e trainos á casa como a outra?”, respondeume que aquel non o tiña levado ela.

“Destonces ¿quen o trouxo?” —volvín a perguntar.

E reprecoume con moita desvergonza:

“Quedaría eiquí dos que trouxo a outra.”

Chuco de Canedo

A carne de porco

Dendes que unha lei do tempo de Canalexas acabou co amaldizoado imposto de Consumos, andan algúns Aumentamentos de cabeza, por non ser suficientes os substitutivos, según din algúns, ou por ser ruín a súa administración, según din outros.

Sexa polo que sexa, a cousa non anda ben pra moitos Aumentamentos, e algún deles houbo que xa pediu a volta do tal imposto de consumos.

Non sei si volverá ou non, anque non tería nada de particular que volve-ra, porque nesa terra de España, nada malo nos debe estranar xa.

E si volven os consumos, volverán ¿quén o duda? Os matueiros coas súas andrómenas e os consumeiros coa súa brutalidade.

E por falar dos matueiros, viume agora á mamoria unha cousa, que anque fai ben anos que pasou, nunca se me esquecerá.

Foi aló nos tempos en que eu era mozo. ¡Xa vedes si vai lonxe!

Andaban un pouco doentes os meus bolsos, e non tiña millor amigo que aquel que me porporcionaba a ocasión de gañar uns cadelos.

Sabedor do meu estado, procuroume un día certo tendeiro amigo meu que me porpuxo un nagocio.

Consistía en meter de matute uns cantos perniles de porco.

—¿E si me pillan os consumeiros? —repriquiteille.

—Non pillan —respondeume, —porque non os hai por onde se han de pasar os perniles.

E espricoume como era.

Un amigo do tendeiro tiña unha horta moi grande, que estaba percisamente no radio do casco da cibdá.

Pola banda de fora da vila, podíase entrar naquel lugar por calquer parte; mais pola banda da vila soilo tiña unha porta, onde había decote un consumeiro: o demais era un muro moi alto.

Boeno, pois entrando pola banda de fora, de noite, atravesábase a horta, deixábanse cair os perniles polo muro, e embaixo eran recollidos por quen se encargaba de levalos pra a tenda.

Pra maior seguridade, o dono da horta, deixaría ben gardados os cans que de noite lle tiñan conta do lugar e que según as miñas noticias, eran dúas verdadeiras feras.

Chegou a noite señalada pra pasar o matute, e saíu todo como se tiña ordenado.

Antre eu e mais outro mozo, pasamos pola horta dúas cestas cuguladas de xamóns, que mesmo nos derreaban, e o tendeiro deunos unhas cantas pesetas, en pago do noso traballo e das que lle tínhamos aforrado á él.

Como o negocio saliu ben, quixo o tendeiro repetilo, e ordenou de facelo nunha noite de tempestá, pra que a seguridá fose maior.

O dono da horta pormeteu, como da outra vez, deixar ben fechados os cans.

Deron as doce, entramos na horta coas cestas de xamóns á cabeza, e cando xa estabamos perto do muro ouvimos un estrondo que nos deixou máis fríos que a chuvia que caía por enriba de nós.

Ou fose porque alguén lles tivera aberto a porta da caseta, ou porque eles ventaran que andaba xente estrana na horta e conseguiran quebrar as táboas e poñerse fóra da prisión, os cans viñan enriba de nós, e eran eles os que armaban aquel estrondo.

—¡Ai, miña naiña, que somos mortos! —berrou o meu compañeiro.

—¡Ai, Santo Cristo de Canedo, que seica non te volvo a ver! —respondín eu.

O medo tíñanos deixados máis parados e tesos, que si nos houberan espertado os pés no chan.

A todo isto, os cans estaban xa enriba de nós, e pra salvarnos, non tivemos máis remedio que zorregar as cestas de xamóns ó chan, e botar a correr.

Os cans deberon de coidar que eran millores os cadriles de porco que os nosos, e deixáronos fuxir, mentras ferraban os colmillos nos xamóns.

E en verdá vos digo que a min pareceume moi ben a preferencia que os cans lle deron á carne de porco, porque gracias a ela, puden saír daquela coas miñas pernas intautas.

Chuco de Canedo

A guindilla

Nunca me gustou andar a cabalo, porque tiven sempre ista idea: si custa traballo entenderse coas persoas, moito máis ha de custar entenderse cos animais.

Por iso, sempre que puden, andiven a pé, si é que o viaxe se non podía faguer en tren ou en coche.

Mais unha vez tiven que ir a un povo pra onde non había tren nin coche, por ser o viaxe un pouco longo e correr presa o faguelo, non tiven máis remedio que alquilar un faco e poñerme ó camiño dacabalo del.

Como eu non era aficionado ós cabalos, entendía pouco diles. Así era que non conecéndolle as mañas, non sabía como facerllas perder.

E o faco que alquilei, era mañoso coma un demo. Ademais, debeu de coñecer axiña que eu non entendía de caballerías, e encomenzou a bulrarse de min.

Pirmeiro deu unhas carreiras a galope tendido, que non sei como non me fixo cair.

Logo parou de golpe, pra facerme chimpar polas orellas, mais non o conseguíu, non sei por que milagre.

Dimpois púxose a dar pinchos e máis pinchos, que aquilo era unha función de títeres.

Inda non farto de me faguer rabear, andivo dimpois a un paso tan maino, que nin meténdolle as esporas nin arreándolle vareazos o fixen andar máis axiña.

Parecía que o demo do cabalo íbame decindo:

—Xa sei que tes presa, por iso te quero faguer chegar tarde.

E por último, prantouse.

Aquilo foi a miña derradeira desesperación.

Os esporazos que lle metín, eran pra faguer andar un penedo, canto máis un cabalo.

Os vareazos, xa non eran tales, sinon fungueirazos, ou malla en trigo na eira.

Faleille, insulteino, falteille incluso ó respecto á sua nai; mais todo foi como si estivera latricando cun santo de pedra.

A xente que pasaba por onda min, víame tan enrabeado co cabalo, e marchábase rindo.

Algúns decían:

—Olla que o demo do animal, éche ben terco.

Outros aguergaban.

—Poida que estea cansadiño, e o animal que vai enriba, inda o quer facer andar máis.

E non faltou quen opinou que eu debía darlle ó faco unhas sopiñas de pan de millo en viño.

E como había unha taberna perto, xa me dispoñía a pedir que me trouxesen dela as tales sopiñas de viño, cando pasou por alí un mozo ben prantado, que me dixo:

—Seica non quer andar a besta ¿eh?

—Non, home, non —respondinlle.— Fai máis de media hora que me ten eiquí empantanado, e voulle dar unhas sopas en viño, pra ver si quer andar dunha vez.

—¿Quer que lle diga unha cousa?

—Diga.

—Que iste animal o que percisa, non son unhas sopas, senón outra cousa.

—¿Cal?

—Unha guindilla.

—¿Como unha guindilla?

—Si, home, si; unha guindilla debaixo do rabo.

—¡Éche boa! —excramei eu todo admirado.

—Non lle dea voltas, que non lle hai cousa como ella pra esta cras de bichos.

E entón contoume o seguinte:

—Cando eu estiven no servicio, fun ordenanza do meu coronel, e tínalle que coidar do cabalo, que era unha boa peza.

Todas as tardes sacábaio de paseo, e poucos eran os días que me non facía rabear.

Unha tarde prantouse, e si non é por un compañeiro que me deu a receta da guindilla, inda agora estou alí.

—¿Logo foi bo o remedio? —perguntei eu.

—Tan bo, que non soilo correu o cabalo, senón que tamén corrín eu.

—Non entendo.

—Pois é fácil de entender. Collín a guindilla, partina ó medio cos dentes e púxenlle a mitá debaixo do rabo. En canto sentiu o picor do pimento, arrincou o animal con tal presa, que me deixou en terra, pois nin tempo me deu xiquera pra volver a montar.

—¿E entón vostede que fixo?

—Pois aporveitei a outra media guindilla, e tanto corrín, que atrapei o animal.

Chuco de Canedo

A raposa morta

No número derradeiro do periódico *A Idea*, de Redondela, lin a noticia de que se iba establecer un servizo de vapor, pra carga e pasaxeiros, antre aquela vila e Vigo.

Non sería iste un servizo novo, porque xa fai ben anos que o houbo, senón con barcos de vapor, con lanchas de vela.

Era naquel tempo en que non había camiño de ferro nin seica dilixencias como as había no tempo da miña primeira mocedad.

Quer dicir que o servizo á que me refiro, era anterior ó meu nacemento, que según vos teño dito moitas veces, xa vai un pouco longo.

Eu sei que había o tal servizo de pasaxe e carga, porque lémbrome de ter oído contar na miña casa unha cousa que presenciou un certo antepasado meu, axudante de Obras Públicas, que por selo, adoitaba facer moitos viaxes por Galicia adiante.

En certa ocasión tivo que ir de Redondela á Vigo, e como a maneira máis cómoda que destonces había pra faguer ise viaxe, era a de ir embarcado, tomou pasaxe nunha lancha.

Iban na mesma embarcación outras varias persoas, antre elas unhas mulleriñas que levaban un par de dúcias de galiñas, pra vender en Vigo.

Os animalíños iban metidos na bodega, e as persoas sobre a cuberta da embarcación. Así era que istas non vían o que pasaba embaixo.

Mediado o viaxe, ou sexa cando iban pasando por aquel fermoso canal que hai antre Rande e a Guía, oíuse na bodega da lancha un forte cacarexar, mais naide fixo caso, coidando que serían as galiñas que pelexaban unhas coas outras, ou que algunha delas tiña posto un ovo, e as demais facíanlle unha festa, como sucede ás veces.

Durou aquilo uns poucos minutos e por fin parou.

Cando a embarcación chegou a Vigo, foi varar á praia do Convento, porque entón inda non había muelles nin malecón nin nada de canto hai hoxe.

Os mariñeiros tiñan que coller os pasaxeiros ó lombo, e pousalos na area, pra que se non mollaran; e así encomenzaron os da lancha a poñer en terra ós que iban na embarcación.

Un dos primeiros que pasaron foi o meu parente, e as derradeiras, as mulleriñas das galiñas, pra recoller a mercancía.

Por certo que cando se foron facer cargo dela, alcontráronse cun verdadeiro destrozo.

Unhas cantas galiñas estaban mortas e outras a medio morrer, e tanto a istas como a aquilas, faltábanlle moitas prumas e anacos de carne.

Aquilo soilo unha raposa o podía ter feito, e efectivamente, alí estaba a condenada da raposa, morta, sin duda algunha, do atracón de galiñas que se tivera dado.

Certamente que aproveitando un descuido dos mariñeiros, metérase no barco dimpois de embarcadas as galiñas, e o cacarexar que se tiña oído, fora o que se armara cando encomenzou o banquete.

Pra convencerse de que estaba ben morta, déronlle couces os mariñeiros, arrastrárona polo rabo, e nada, a raposa non deu sinais de vida.

As mulleriñas berraban pola perda que a ladra da raposa lles fixera, e os mariñeiros rían coma parvos.

Un deles colleu á raposa polo rabo e dándolle voo, zorregou con ela na area.

—Eí vai iso pra que lle fagan o enterro —dixo.

—Ou pra que a leven á fonda das Catro Nacións —exclamou outro mariñeiro, —que ha de faguer bo caldo.

Mais a raposa, inda ben non tiña caído na area, deu un pulo e botou a correr coma si lle tiveran posto un foguete.

Chuco de Canedo

Os coellos roubados

Vivía en certo pobo un predicador que todas as Coaresmas había de encomenzar un dos seus sarmóns, dista maneira:

—Vouvos contar un conto que nin vos estaredes fartos de ouvilo nin eu de volo contar.

E en seguidiña ceibaba o conto, que era un especie de parábola e que todos os anos se repetía.

Craro está que os feligreses xa sabían máis que de mamoria o conto, mais o bo do crego, espetáballo cada ano, cunha crueldá inaudita.

Boeno, pois eiquí me tendes a min no caso do tal crego, que nin vós estaredes fartos de me oír decir que estiven estudanto pra crego en Santiago, nin eu de volo contar.

Pro ¿que lle hemos de faguer?

Eu teño que contarvos cada semana unha cousa, de igoal maneira que o crego tiña que poñer cada Coaresma os seus exempros, e craro está que nestes casos, non hai máis remedio que repetirse.

Anque eu non vos vou contar cousa que xa vos teña contado, sinón outra nova.

Tiña eu en certa ocasión de compañeiros de pousada uns estudantes de Medicina, que eran piores que o demo. De certo que cando morran, non van pró inferno, porque duvido de que Satanás os queira alí.

Os tales estudantes viñéronme contando un día que un dos seus profesores tiña mercado uns coellos pra facer non sei que esperencias, e que eles tiñan ordenado roubarllos, mandalos preparar na casa de Alberte de Vidán, que era unha tasca de moita sona, e darse unha farta á conta do catredático.

—Si queres entrar a escote nos gastos da esmorga —dixéronme, —eres da partida.

—Xa o creo que si —contesteilles.

Mais logo entroume unha duda, e díxenlles:

—¿E si os coellos están inoculados dalgún microbio que nos mande pra detrás de San Domingos?

—Non hai caso —repreicáronme, —porque pra facer as esperencias, o profesor inda está agoardando uns cultivos que pediu a Madrí.

—Sendo así, contade comigo.

Os estudantes sabían onde o profesor gardaba os coellos, porque el mesmo tiña falado deles en crase, e aquela mesma noite roubáronos.

Pola mañán cedo leváronos á casa de Alberte de Vidán, con orden de que os porparasen pra tarde.

O catredático, cando notou a falta dos animalíños, puxo os berros na bóveda celestial. Logo foise sereando, e pra ver se inda recuperaba os bos dos coellos, ocurriúselle poñer este anuncio nos preódicos:

“Durante la noche pasada, fueron sustraídos de casa de D. Fulano de Tal unos conejos que este señor había adquirido para experiencias.

Por un deber de humanidad, se advierte a quién los haya llevado, que no debe utilizarlos con fines culinarios, porque estando inoculados de un virus peligrósísimo, la persona que los ingiera puede contraer una enfermedad mortal.

En caso de devolución, se gratificará.”

Cando estabamos na fin da esmorga, chegou ás nosas mans un preódico con este anuncio; e eu cando un dos comensales acabou de leelo, dixen todo cheo de medo:

—¡Congrio! ¿e iso é certo?

—Non, home, non, respondérome.

—Os coellos inda non estaban inoculados. Iso díó o dono pra que llos devolvan.

—¡Éche boa!

—¿Sabedes –dixo outro– que lle podíamos dar unha boa borma?

—¿Cal?

—Deixádeme a min.

Pedíume papel, pruma e tinta, e esquirbiu isto:

“Sr. D. Fulano de Tal.

Los conejos que a V. le faltan, fueron robados por un suicida.

Rogad por el”.

—¡Bravo! –dixemos todos.

E pra facer a dixelión dos coellos, fúmoslle botar a carta por debaixo da porta ó profesor.

Chuco de Canedo

Amansar un tolo

Cando se chega a certos anos, ou sexa cando a un lle chaman Señor Chuco en lugar de Chuco ás secas ou de Chuquiño, a metá do tempo empréaio un en cavilar nas cousas autuales, na súa maneira de vivir ou naquilo que lle poderá facer ben ou mal prá ialma e pró corpo, e a outra metá en pensar nas cousas que nos sucederon.

E canto máis os anos lle van pasando a un por enriba das costelas, máis atrás vai recadar os seus recordos, aunque istes non sexan completamente bos.

Do tempo da nosa mocedad véñennos por veces á mamoria unhas cousas, que pouco teñen de alegres, mais que non se poden nin deben esquencer, porque canto máis malas nos parecen, millor apreciamos, por comparanza, o ben que logo poidamos ter gozado.

Unha lembranza dos meus tempos duros, foi aquel episodio do matute de carne de porco que por unha nadiña non me fai ser vítima de dous cadelos e que vos contei o mes derradeiro.

Outro vos vou contar hoxe.

Téndome salido mal o oficio de matuteiro, busquei outra maneira de vivir naquelas aperturas en que me vía, e fun dar a unha casa onde supen que percisaban un rapaz pra recados e axudante de cociñeiro.

O dono da casa era medio tolo, según decía toda a xente, ou tolo de vez, según a min me pareceu.

Mais iso a min non me importaba, porque eu pouco tiña que lidar con el.

Metido cuasque de cote na cociña, eu con quen tiña que ver era co cociñeiro e cos criados que por alí chegaban.

E dígovos criados, porque a casa era moi rica e tiña ben deles, antre doncelas, axuda de cámara, mozo de comedor, cocheiro, cociñeiro, pinche, xardiñeiro e outros máis que cuasque formabamos un batallón.

Todos nós tembrábamos cando era que viamos diante ó amo, porque tolo ou medio tolo como era, ó millor dáballe unha routada, e encomenzaba a paus con nós.

O único que lle non tiña medo, era o mozo do comedor, porque lle tiña conecido a loucura e facía con el canto quería.

Unha tarde, dimpois de xantar, estaba o tal mozo, que se chamaba Xacintro, levantado a mesa, e cando chegaba á cociña coa bandexa do cristal, o amo encomenzou a chamalo dunha maneira tan desesperada, que mesmo parecía que se estaba afogando.

—¿Que demos quererá ise raio dise tolo? —dixo Xacintro pousando enriba dunha mesa a bandexa.

Como levaba moitas copas e vasos de gran valor e mérito, pousou a bandexa con coidado.

O amo seguía chamando por Xacintro, e Xacintro nin se astrevía a responder, pra non quebrar ni unha peza.

Pousou ó fin a bandexa, e botou a correr onda o dono, decindo ó mesmo tempo:

—¡Voy, señor, voy!

O amo berrou con el non sei canto porque tiña tardado, e dende a cociña oímos que Xacintro desculpábase de tere tardado, decindo:

—Era que tenía en las mans una bandega con vasos e copas e la pousei con moito cudiado, pra los non quebrare.

—Pues cuando yo llamo —respondía o señor —se tira todo lo que se tenga en las manos, para venir más pronto.

—Bien, señor; así lo faremos.

De alí a un pouco chegou Xacintro á cociña. Íbase rindo e praneando ó mesmo tempo unha trasnada.

—Deixa, raio de tolo, que eu te arregarei.

Eisí decía, e en efeuto, de alí a dous días, estaba de conversación con nosco, na cociña, e encomenzou o amo a chamar por el, a berros, como facía sempre.

Enriba dunha mesa, estaba a mesma bandexa cos mesmos vasos e as mesmas copas da outra vez, e Xacintro virouse pra ela, colleuna, zorregouna no chan, e botou a correr decindo:

—¡Voy, señor, voy!

—¿Qué ruido fue ese? —preguntoulle o amo.

—Era que tenía la bandexa del cristal en la man, e pra venir máis de presa, la deguei cair, como vostede me mandou.

Chuco de Canedo

Por culpa de Noé

Non hai cousa que máis embruteza ó home, que o viño.

Si o noso pai Noé soupera o mal que lle facía á Humanidá, non o houbera inventado.

As uvas son boas como alimento e como remedio pra certas doenzas, según din os que entenden diso.

Mais, esmagadas e convertidas en viño, son capaces de revolver o mundo, inda máis que quen ten a culpa da guerra en que andan envoltos máis dunha ducia de povos.

Namesio Fandiño é un mariñeiro moi aficionado ó licor de Noé, e a súa vida non anda por iso moi direita.

Cando vai ó mar, todo o tempo lle parez pouco pra volvere prá terra e meterse na taberna, a gastar o que gañou.

Si por causa do mal tempo ou falta de colocación, ten que estar uns cantos días en terra, destoncos non o busquesdes noutro sitio, senón na taberna.

Alí come, alí bebe, alí xoga, alí berra, alí canta, alí rie e alí chora.

Soilo dormir e que non dorme, iso vaino facer á súa casa, porque si tam pouco a iso fora, ben podían decir a muller e os fillos que nin de vista o conecían.

Xa se sabe que quen bebe moito, moito ten que desbeber, e iso mesmo lle pasaba a Namesio.

Así era que mentras se alcontraba na taberna, non facía máis que salir a unha eira que había alí fóra, pra deixar sitio no seu corpo ó viño que inda había de beber.

Dista maneira tiña sempre un perfeuto equilibrio no seu corpo, anque non na cabeza, porque si o líquido, pola forza do seu peso, iba decote pra abaixo, os vapores do viño, en virtú da súa pouca densidá, íbanlle pra arriba, metíanselle na cabeza e trastronábano completamente.

Fai poucos días, nun daqueles que pasamos metidos en chuvia, alcontrábase Fandiño como de cote, na taberna, bebendo a conta do que gañase cando se tornase a embarcar.

Xa tiña bebido moito, e sentiu ganas de botar fóra algún líquido. Saliu á eira e encomenzou a deixar sitio pró que había de seguir bebendo.

Socedeu que coa chuvia, tíñase formado un regato perto do lugar onde Namesio se alcontraba, e o ruído da auga, figuróuselle coa borracheira, que era o que facía o seu líquido ó caír no chan.

Acabou de desbeber, mais como inda seguía oíndo o ruído da auga, coidou que inda non tiña acabado, e seguiu na mesma autitú.

Pasou cuasque media hora, e os compañeiros que estaban dentro da taberna, ó notar tan longa tardanza, saíron en busca del, por si lle tiña socedido algo malo.

Alcontrárono alí de pé, e perguntáronlle:

—¿Por que non volves pra dentro, oh?

—Porque non podo —respondeulles cuasque chorando.

—¿Logo inda non acabache?

—Inda non.

—Tiñas boas ganas.

—¡Si non é iso!

—¿Destonces?

—¡É que me estou liquidando!!

Chuco de Canedo

¡Vostede no es mi madre!

Maldito sea o home que renega da súa casta. Aquel que sendo fillo de probes, nega o seu orixe merecía que o emprumasen. O gallego que pretende acultar que é fillo dista rexión tan fermosa, merecía ter nacido antre os monos, porque ten máis semellanza con estes que coas persoas.

Non coidedes que todo isto son palabras sin fundamento ou lerias que se me acurren pra pasar o tempo.

Nin dubidedes que hai galegos que negan selo, que moitos exemprares conezo eu, e inda moitos máis conecería si dese unha voltiña por América, onde cada día se están formando sociedades rexionales que son exemplo de amor ó berce nativo, mais onde tamén hai moito badulaque que dende que fixo os primeiros miles de pesos e encomenzou a ser xente, antes preferiu que lle chamasen ladrón, que gallego.

Nin dubidedes tampouco de que hai quen renega de seus pais, porque coida que o avergonzan, cando o que debía avergonzalo era a súa conduta, non o seu orixe.

E eí vai un conto aporposición disto.

Un certo rapaz dun porto de mar, fillo dunha muller que vendía peixe, marchou pra

América e por aló votou un par de anos.

O mozo tiña o cabazo cheo de fumo, e coidando que o traballo deshonrábaio, encomenzou a vivir á conta dos parbos.

Faláballes nun castellano que el tiña inventado, botáballes discursos nas súas reunións, aconsellábaos nos seus atrancos, e dista maneira conseguiu facerse cuasque necesario antre unha parte dos seus paisanos, que o mantiñan a corpo de Rei e que o vestían de señorito, porque, como el decía, “non estaba ben que el apóstole de ellos, andivera fecho un atorrante, sorbe todo cando en nome de ellos tenía que ir falar con las autoridades e persoas de representación”.

Mais como o tempo dos parvos nunca foi eterno, acabouse tamén pró mozo diste conto.

Aquiles a quen tiña embolicados, coneceron ó fin que estaban mantendo un vividor e “mandárono mudar”.

Non tendo xa quen o mantivera, decidiu volver pra a terra, porque eiquí, ó menos, inda tiña unha nai que traballara pra el, anque dela non se acordara mentras estivo en América.

Xuntou como pudo os cartos pró “boleto” e volveuse a Galicia.

Desembarcou con outros pasaxeiros ós que lle viñera contando que era fillo dun gran comerciante e mais da filla dunha marquesa, que lle sobrava o diñeiro e que si tiña ido a América, fora tan soilo por ver mundo.

E socedeu que a pouco de saltar á terra, no medio dos máis pasaxeiros, pasou por onda el, unha muller cunha patela chea de peixe na cabeza e berrando:

—¡Sardiñas fresquiñas!... ¿Quen as leva?

Ista muller reparou por cuaselidá no mozo, e ó velo, ceibou a patela, e foise correndo pra onda el cos brazos abertos.

—¡Meu filliño da miña ialma! —decía antre vágoas de alegría.

—¿Quién es su hijo, señora? —respondeu o rapaz apartándose con noxo.

—¿Entón xa non me coneces?

—¡Yo que la voy a conocer, si nunca la vin diante!

—¿E ti non coneces a túa nai? ¿Non te arrecordas que sou eu?

—¡Vostede que vai a sere! E aguergou poñéndose moi teso:

—¿De cuándo acá mi madre vendía peje?

Chuco de Canedo

As veciñas

Non hai nada máis teimoso que un borracho. Meténdoselle unha cousa na cabeza, xa poden vir anque sexan os frades do Canedo a predicarlle un ano enteiro, que non lla sacan.

Un borracho conecín eu que, cando estaba cordo, cousa que socedía poucos días, ou millor dito, poucas horas, era un home considerado, respeitoso e ben criado.

Mais cando se alcontraba suso o poder do viño, volvíase unha fera.

Chamábase, Manoel, tiña estado en Portugal e inda falaba algo portugués.

Cando estaba borracho, quen llas pagaba todas, era súa sogra. Tíñalle dado por alí, e non había quen lle fixera cambear de tema.

¿E sabedes o que facía coa boa da muller? Pois collía un pau, chimpáballe con el por riba das costelas, e decíalle:

—Belle, señora.

—Pero, home... —berraba a probe da vella.

—¡Marque o ponto! —contestáballe Manoel arreándolle un fungueirazo.

E queiras que non, a mulleriña había de “marcar o ponto”, como o xenro lle decía.

Aquilo repetíase tan a meudo, que non había costelas que o aguantasen.

Ocurríuselle á sogra chamar no seu auxilio á veciñanza. Mais ¿quen lle había de acodir?

O borracho e a súa familia, vivían nunha casiña que non tiña máis inquilinos.

Polo lado dereito, había un convento de monxas, e polo esquerdo, outra casiña, onde vivían dúas irmáns.

A sogra de Manoel iba algunhas veces ó convento e cando alí falaba da vida que lle daba o xenro, contestábanlle as monxas.

—Tenga paciencia. Es una cruz que Dios le ha dado.

Pero as veciñas do outro lado, que estaban fartas de ver sufrir, non lle recomendaban pacencia, senón que lle decían.

—Pois olle, señora Rosa: cando Manoel lle queira bater, fuxa pra a nosa casa, e que a veña buscar eiquí, ou que lle veña mandar que marque o ponto onda nós.

Mais a Sra. Rosa, non se astrevía a fuxir.

Ateimaron as veciñas, e ó fin, un día que Manoel chegou máis borracho que de costume, fuxiu pra onda as veciñas.

¡Muito lle importou isto ó borracho!...

Correu detrás dela e entrou tamén pola casa das veciñas, decindo:

—Ande xa prá nosa casa. Veña marcar o ponto.

—A Sra. Rosa —dixéronlle aquelas, poñéndoselle diante — non sai de aquí, mentras a vostede non lle pase a borracheira.

Enrabechouse inda máis o borracho, e erguendo a moca, quixo baterlle con ela ás veciñas.

Valera máis que nunca tal cousa se lle ocorrira, porque inda ben non tiña feito a aución de baterlles cando caíu enriba del unha chuvía de basourazos, que o puxeron novo.

Quixo defenderse, e estonces as veciñas, en vez de baterlle coa rama das basouras, déronlle cos paus e enchéronlle todo o corpiño de bultos, que mesmo parecía feito de pedregullos.

Alá como pudo, volveu pra súa casa e tívose que meter no leito.

No outro día pola mañán, tíñalle pasado a borracheira, mais non os cardeales. Tan delorido inda tiña o corpo, que non se pudo erguer.

A sogra estaba morta de medo, e cando Manoel a mandou chamar, coidou chegada a súa derradeira hora.

Foi tremendo onda o leito, e mesmo quedou parba de asombro, cando o xenro lle dixo:

—¡Ai, miña sogra da miña ialma!... Gracias a vostede inda estou vivo.

—¿Por que? — preguntou ela cuasque sin poder falar.

—Porque cando dúas mulleres soilas me puxeron no estado en que me alcontro, si vostede fuxe pró convento das monxas, sácanme de alí en anaquiños.

Chuco de Canedo

O albañil do convento

Había perto dun convento de monxas un probe albañil, que soilo vivía do traballo que o convento lle daba.

Non era moito, mais para non morrer de fame, era de abondo.

Cuasque nunca facía naquela casa outra cousa que sacar pingueiras do tellado.

Porque aquel tellado por forza estaba amaldizoado, ou era o demo que andaba nel.

Sempre que chovía, había unha pingueira, que unhas veces era no refeutorio, outras no coro, outras no noviciado, outras na celda da priora e outras na cociña.

E si era cousa do demo, como pensaban as boas das mozas, de tal xeito se arregraba o enemigo malo, que para dar coa pingueira, tiña que andar o Sr. Manoel, o albañil, máis dunha semana por enriba do tellado.

Así era que cada vez que chovía, aló iba, en escampando, o Sr. Manoel para enriba do convento, en busca da maldizoadá pingueira.

Daba por fin con ela, e cando tornaba a chover, xa se sabía que tiña que aparecer a pingueira noutro lado.

Aquilo soilo o demo o podía ordenar, porque o Sr. Manoel xuraba e perjuraba que deixaba o tellado ben arregrado.

Socedeu nunha ocasión que adoeceu o albañil e mentras tanto, viu a chover.

Houbo no convento a inevitábre pingueira, e as monxas mandáronlle axiña un recado ó Sr. Manoel, para que lles fose arregrar o tellado e quitar a pingueira, así que volveuse o bon tempo.

Mais como o Sr. Manoel seguía doente, non pudo ir, e entón foi un fillo que tiña, do mesmo oficio.

Subiu o rapaz para o tellado, dimpois de informarse ben do lugar onde cadraba a pingueira e ó chegar alí e poñerse a buscar,alcontrouse cunha tella furada, que era por onde a auga se colaba para dentro do convento.

Sacouna de alí e zorregou con ela no chan.

Arregrou o millor que pudo e soupo aquela parte do tellado, e antes de medio día, tiña acabado o choio.

Tornou para o eido moi satisfeito, e en chegando ó pé do leito de seu pai, perguntoulle iste moi alarmado:

—¿Ti xa acabache?

—Acabei axiña.

—Dáme o corazón que fixeche unha burrada.

—¿Vostede seica coida que non sei onde teño a man dereita?

—De certo que non. Vamos a ver ¿que fixeche?

—Pois alcontreime cunha tella furada e tireina ó chan.

—¡Ai que ladrón, que nos arruinou! – encomenzou a berrar o Sr. Manoel.

O fillo ollaba para el, cos ollos moi abertos, coidando que se tiña volto tolo ou que deliraba coa enfermédá.

Mais non era nin unha cousa nin outra. O vello tiña razón.

—¿Non sabes –díxolle ó fillo –que isa tella era o pan noso de toda a vida?

—Non sei como –respondeu o fillo sin entender.

—Porque eu, cando iba sacar unha pingueira, collía a tella e poñíaia noutro lado, e antre sacala e poñela, iba pasando os días enriba daquel tellado que tanto fino carto nos daba.

E agora, como ti ceibache de alí a tella, xa non haberá máis pingueiras e morreremos de fame.

—¡E verdá! –dixo o fillo, convencido xa de que tiña feito unha burrada, como o seu pai lle dixerá.

Chuco de canedo

O chan do portal

Cando eu era mozo, vivía perto do meu eido, un señor de moito ringo-rango, descendente de non sei que condes ou duques con señorío na comarca, e que inda coidaba ter os dereitos feudales dos seus antepasados.

Era soberbo con todo o mundo, déspota cos que tiña debaixo, cruel coa familia e sin lei pra naide.

A muller, cansa de sofrilo, tiña marchado prá cova, e os fillos, por non aturalo, tomaran camiño pra distintas bandas.

Nunca tiña o tal señor máis que un criado, ou millor dito, cuasque nunca o tiña, porque como hastra lles batía, non había ningún que onda el botara máis dunha somana.

Un rapaz conecido meu, alcontrándose un día sin ter que facer, propúxose ir servir ó tal señor, co propósito de enseñalo e de gañar a vida ó mesmo tempo.

Tal coidaba el, mais saliu enganado. Foi onda o señor feudal, que o ademetiu axiña e que lle perguntou logo:

—¿Como te chamas?

—Anrique.

—Pois escoita, Anrique. Eu non acostumo decir as cousas dúas veces, nin quero que se me repriue. E non che digo máis.

—Está ben —respondeu o mozo.

O señor expricoulle cales eran as súas obrigacións, e Anrique procurou cumprilas o millor que soupo.

Aquel día todo marchou ben, mais ó seguinte, ó poñer Anrique a mesa, esquecéuselle non sei que cousa, e o amo, cando se foi sentar pra comer, reparou axiña na falta.

—Mal encomenzamos, mozo —díxolle ó criado.

—¿Por que? —perguntou iste.

Ó señor chocoulle o ton con que Anrique fixo ista pregunta, e botoulle unha ollada, que nin a dunha fera.

—¿Por que, señor? —insistiu o criado, vendo que o amo non lle decía por que encomenzaban mal.

—Porque che vou quebrar as queixadas antes de acabar o día.

E fixo ademán de erguerse, pra castigar ó criado.

Mais iste, agarrou unha silla, e esperou pola acometida.

Cando viu tal cousa o señor botouse a rir, e aguergou:

—¿Sabes que me fixeche gracia?

Mais non repitas iso, porque che pode saír caro.

Anrique coidou que xa lle tiña metido medo ó amo e que iste decía aquilo pra disimulalo.

Quedou tan satisfeito da súa fazaña, como si tivera librado á comarca dunha fera malina:

E foise prá cocina, buscar o cocido, pensando no seu trunfo e coidando que antes de tres días, en lugar de bater o amo nel, como fixera cos outros criados, era el quen iba bater no amo.

Chegou o día seguinte e tivo outro esquecemento.

Encarouse o amo con el e díxolle:

—¿Eu non che adevértín que non acostumaba decir as cousas dúas veces?

—Si, señor.

—¿E entón como te esquenceches disto?

—Porque un descuido teno calquera.

—Tamén che dixen que non quería que me reprecasen.

Inda iba decir non sei que o criado, cando lle caíu polos fociños unha lambada, que lle fechou a boca pra un coarto de hora.

E antes de que tivera tempo de facer nada, alcontrouse collido polos ombros, posto no alto das escaleiras e rodando por istas dun pontapé que lle meteu o amo no remate do espiñazo.

Cando chegou ó portal, bateu coa cabeza contra as pedras e fixo un croque que mesmo parecía un piote.

De alí a pouco alcontrouse comigo, contoume canto lle tiña pasado e concuriú decindo:

—O que lle valeu, foi que ten o chan do portal de pedra.

—¿Por que?

—Porque si o chega a ter de madeira, féndollo coa cabeza.

Chuco de Canedo

Quen manda sou eu

Oín contar fai ben anos que un home moi rico, deixou ó morrer moitos cabalos e vacas, co encargo de que se destrebuíran os pirmeiros antre os homes casados que mandaran nas súas mulleres, e as segundas antre os homes que foran dominados polas parentas.

E aguergaba o conto que dentro de pouco tempo, mentres non quedaba nin unha vaca por destrebuír, os cabalos alí estaban infautos coma quen di, proba de que non hai no mundo home casado que non sea gobernado pola súa dona.

Quer decir, que anque pareza que os calzóns levámoslos nós, son as nosas mulleres as que os disfrutan.

Mais como non hai regra sin fallo, tamén esta dos homes casados ten o seu.

Porque, sin ir máis lonxe, eí tendes a Goriño das Rapadas, que manda e goberna na súa casa, coma un verdadeiro home.

Polo menos así o di el.

E debe de ser certo, polo que eu vin.

Pasaba eu nantronte a carón da taberna do Esperneado, e oín que dentro do estabrecimento había unha gran rebumbia. De certo que a esmorga era boa.

Por enriba de todas as voces, oíase a de Goriño, que berraba coma un condanado.

Nisto, percibín que un dos concurrentes, decíalle antre as gargalladas dos demais:

—¡Goriño, que che vai vir a parenta!

—¿E si ven, que? —respondeu Goriño. —¿Coidades que na miña non mando eu?

¡Cousa máis oportuna!... Naquel mesmo instante prantouse na porta da taberna, a muller de Goriño.

—¡Isto vai ter que ver! —dixen eu pra min.

E quedeime pra ver en que paraba aquilo.

A dona, ergueu a cortina, ollou pra dentro, e berrou con forte ton:

—¡Goriño!... anda pra casa.

—¿Quen me chama? —perguntou Goriño.

—¿Quen ha de ser, sinón a túa dona? —respondeulle un borracho.

—Ai ¿eres ti? —falou de novo Goriño.

—Son eu, son. Anda pra casa.

—Xa vou, muller.

—¿E ti non eras o que mandabas? —perguntou o borracho de antes.

—¿E quen dixo que non mando? A proba é que vou pra casa porque quero.

—Ou porque te fan ir.

—Non tal. Porque me dá a gana.

—Acaba de latricar dunha vez —dixo a isto a muller —e vente que xa é tarde.

—Xa vou, muller, xa vou. Mais conste que non é porque ti o mandes, sinón porque eu quero.

—Pois craro que si. Pero anda axiña.

—Non teñas tanta presa.

Despediuse das persoas que estaban na taberna e ó chegar onda a parenta, díxolle con moito aire de autoridade:

—Xa sabes que me non gusta que me veñas sacar de onda os meus amigos. Pro por ista vez pase. Obedecinche porque quero.

—¿Seica che deron corda? —preguntou a muller. —Pois pouca leria, e vámonos xa pra casa.

—Xa che dixen que vou porque quero.

Como non se movía do sitio, agarrouno a parenta polas solapas da chaqueta, e antre o empuurrón que lle deu e o viño que el levaba no corpo, fixérono caír estarricado no chan.

Os da taberna, que viron isto, romperon a rir como tolos, e Goriño, erguéndose de contado, exclamou virándose pra eles:

—Non sei porque rides. ¿Non víchedes como me levantei antes de que me dixeran nada? Porque eiquí, quen manda son eu.

Chuco de Canedo

A madamita de fogo

Isto que hoxe vos vou contar, de miña aboa aprendino. Moitas cousas lle oín contar, porque era señora de boa mamoria e gustaba de ceibar nas orellas dos seus netos o que dende a súa mocedad gardaba no saco dos recordos.

E unha disas cousas, era a que eu agora, como digo, vos vou contar.

Había perto da casa de miña aboa un certo señor, home rico, mais avarento, que nunca daba un chavo a ninguén e que emprestando diñeiro ó vinte, ó corenta e mais ó cen, aumentaba decote unha boa manada de onzas de ouro que tiña gardadas no fondo dun arcón.

Chamábase D. Campio Castiñeira, e fora daquel condanado oficio de emprestar diñeiro a réditos esmagadores, era boa persoa e bo veciño.

Quer decir, que nunca lle fixo mal a ninguén, a non ser ós que arruinaba cos préstamos; mais tampouco se pode decir que fixera ben a nadie.

Fora dos seus cartos e dos seus pagarés, non había nada no mundo que lle enteresase.

Os seus conveciños lembráronse un día de eleucións de que D. Campio que, tan ben administraba o seu, había de ser un bo administrador do común, e fixérono concexal.

D. Campio quedou coa boca aberta dun palmo, cando tal soupo.

Pensou en renunciar, mais vendo co cargo de concexal era obrigatorio, porpúxose comprilo honrada e santamente, porque, anque avarento, era home temeroso de Deus.

Naquel tempo, unha sesión de Auntamento era cousa de moita importancia e respecto. O alcalde abría e fechaba o auto, coa mesma unción con que un crego encomenza e finda unha misa.

Os concexales estaban alí co mesmo respecto e non facían coma os de hoxe, que por un camiño de carro que ten dúas ou tres cartas de lama de máis; por unha casa que se fixo collendo oito ou des metros de terreno público, ou por calquer cousa de tan pouca importancia coma isas, chámanse lampantíns, bandoleiros e fillos de porco.

¡Tiñan ben que ver aqueles tempos con estes!

Agora os concexales van para as sesións coa pior roupa que teñen, e nin xiquera, para entrar no salón, ceiban os zocos con que acaban de ir soltar a auga para regar as cebolas.

¡Naquel tempo...! ¡Seica o alcalde lles consentía semellante cousa!...

Destonces había que ir limpo e aseado, tal correspondía á importancia do auto.

Así foi que D. Campio, que cuasque nunca tiña gastado cuello pranchado, tivo que poñelo todas as somanas, para ir ás sesións.

E cando viu que a pranchadora cobraba un carto por pranchar cada cuello, dixo que aquilo acababa con el e que non podía ser tamaño gasto.

Había que aforrar aquel carto, e don Campio, pra facer isa economía, mandou mercar un pouco de cocla, e dende entón, pranchou e engomou el os cuellos.

Os que destonces se usaban, eran máis altos e máis fortes que os de agora, porque xa se sabe que todo vai para peor, e os de D. Campio, como tiña o pescozo curto, chegábanlle debaixo mesmo das orellas.

Cada día de sesión, era para el un tormento coma os da Inquisición, porque como non sabía o tempero do engomado, botáballe cola de máis, e en lugar de cuello, o que levaba no pescozo era un serrón.

Mais todo sofría con pacencia, considerándoio como deberes do cargo, hastra que chegou o día de Corpus Christi, que estonces si que se lle acabou a pacencia toda.

Para ir na porcesión, pranchou un cuello máis grande e máis forte que os que adoitaba poñer, e como non tiña fraque de boa vista, mandoullo pedir emprestado a un amigo.

Non tivo en conta que o tal amigo era un pouco máis delgado que el, e que o fraque iballe estar apertado. E si o tivo en conta, coidaría que todo se arregara con boa voluntá.

Encomenzou a vestirse para ir á porcesión. Puxo o cuello, que ós dous segundos estáballe cortando as orellas por debaixo, coma si fora un coitelo, e en seguidiña tratou de poñer o fraque.

Custoulle máis traballo que si ceibara dúas ou tres onzas das que tiña gardadas no arcón, mais ó fin vestiuno.

E como lle estaba tan apertado, resultou que non podía baixar os brazos.

Tratou de sacar o fraque, e por máis voltas que deu, foille impusibre.

A todo isto, o cuello seguíalle cortando nas orellas, e o sangue xa lle corría pola camisa e a corbata abaixo.

Non había na casa quen lle acudira, e o home, tolo de delor e desesperación, saíu para a rúa dando berros e pedindo ós veciños que o librasen daquel tormento.

Os rapaces do barrio, cando viron aquel home cos brazos abertos, cun cuello moi alto e dando voltas ó redor, coidaron que era unha madamita de fogo das que queimaba o fogueteiro na festa da vila, e encomenzaron a chimpár de gozo.

E D. Campio, desesperado, vendo que non soilo non lle acodía nadie, sinón que enriba inda se bulraban del, foise botar de cabeza ó río.

E así morreu o señor de Castiñeira, por querer aforrar de máis.

Chuco de Canedo

O primo Bartolo

Non sei se haberá neste mundo quen non garde algún recordo, deses que nunca borra o tempo, da época tola do Antroido, que acabamos de pasar.

A uns lémbrales o Antroido horas de pracer, e a outros de delor. A uns trailles á mamoria os minutos pasados nun beile de máscaras, á beira dunha, que tremendo de amor, depositou neles a primeira ilusión, e a outros recórdalles que foi tamén nun beile de máscaras onde coneceron ó raio da bruxa que os embruxou hastra facelos casar con ela, pra pasar unha vida máis negra e arrastradiña, que se estiveran metidos na gaiola máis fonda do inferno.

Pro en custión de recordos do Antroido, quen os garda máis ruíns, é meu compadre Bartolo Guimarey, que si non é parbo, pouco lle falta.

No tempo da súa mocedad, foi traballar a Cais, como outros moitos rapaces desta terra, que en lugar de correr como corren hoxe pra América, marcaban pra Andelucía.

¡Así hai hoxe por eses mundos adiante unha de framencos con apelido galego!

Digo que meu compadre Bartolo Guimarey marchou pra Cais, e ó chegar o Antroido, pasoulle o que vos vou contar.

Vestiuse coa millor roupa que tiña, que era a estilo da nosa terra, e saíu prá rúa, disposto a non deixar corazón no seu sitio nin cabeza con xuízo.

Rialmente, Bartolo era bo mozo, mais non tanto que fora facer tantos estrozos coma el coidaba.

Saíu, pois, pra a rúa, e ben non tiña dado media ducia de pasos, cando se prantou diante del unha morena moi salerosa, de ollos coma tizóns alcendidos, que iba collida do brazo dun rapaz que non facía mala parexa con ela.

Ollou a moza un pouco pra Bartolo, e logo, como aquel que fai un descubrimiento máis grande que o do novo mundo, dixo toda chea de alegría:

—¡Primo de mi arma!

Quedou Bartolo coa boca aberta, e coidando que a moza se tiña enganado, díxolle moi comprido:

—Vostede está enganada, señora. Eu non lle son seu primo, senón Bartolo de Guimarey, que vin da terra fai dous meses.

—Pues sí, Bartolillo de mi corazón. Tu eres mi primo. Bien te conozco desde el otro día que pasaste por la vera de mi casa y me dijo mi madre: “Ahí va tu primo Bartolo”.

—¿E logo súa nai conecíame?

—¿Pues no te había de conocer, si era hermana de tu madre?

—Non sabía que miña nai tiña unha irmán en Cais.

Con estas e outras parolas, a rapaza convenceu a Bartolo de que era súa prima, e dimpois de convencido, díxolle que o iba persentará familia e ós amigos.

Antre ela e o mozo que acompañaba, fórono levando pra unha casa de non moi bo aspecto.

Drento había moita xente, e a moza foi persentando a todos a seu primo Bartolillo.

O recebimento que lle fixeron, non llo fixeran millor a naide, e o rapaz quedou máis foncho, que si naquel istante fora o Rei de España.

—Pos nada, Bartolillo —dixo dimpois das presentacións un vello que a rapaza tiña dito que era seu pai —aquí te alcuentras entre parientes y amigos, y esto hay que remojarlo.

Bartolo levaba uns cantos duros na faltriqueira e coidou que debía gastar alí polo menos un ou dous.

Así foi que, pra remollar o encontro, como decía o pai da nena, mandou vir unhas copas.

Beberon todos, e a el fixéronlle beber hastra poñelo peneque.

Entón foron desaparecendo as mulleres, e os homes que quedaron, enco-men-zaron a quitarlle todo canto de valor levaba enriba.

Limpáronlle os cartos, logo o rilós e a cadea, que eran de prata, un anillo do mesmo metal e ó fin, espírono, pra quedárselle tamén co traxe novo que levaba posto.

Quedou Bartolo en camisa e calzoncillos, e coidando que inda lle deixaban dabondo, tamén os calzoncillos lle roubaron.

El non facía, na súa borracheira, máis que perguntar por súa prima, pro ela ¡vaiche boa! Tiña fuxido como as demais mulleres.

Cando o tiveron en camisa, puxérono na porta da rúa, onde o alcontraron dous guardas, que deron con el na cadea.

E ó entrar no calabozo, inda Bartolo preguntaba:

—¿Onde está miña prima?

—¿Que prima nin que raios? —dixo un dos guardas, que tamén era galego. —Eiqué non hai máis primo que a ti.

E decía ben.

Chuco de Canedo

Consello de amigo

Cando viña agora pró turreiro, alcontreime con Calros Larouco, que ó véreme aparecer pola congostra, votou a correr pra onda min.

—Estábate agoardando, Chuco —dixo cuasque coas bágoas nos ollos.

—¿Pra que? —pergunteille.

—Pra que me aconselles.

—¿E logo que che pasa?

—Que estou desesperado, que non sei si matar a miña dona, ou si matarme eu.

—¡Home! Iso é serio, e hai que pensalo moito.

—Por iso quero que me aconselles.

—Pois fala, ho. Bota por isa boca pra fóra, que como non sexan máis que consellos, algún che podo dar. Si fora diñeiro, érase outro cantar.

—Ti xa sabes, amigo Chuco, que cando me casei con Marcela, estaba tan anemorado dela, que si me di que non, era capaz de botarme dun penedo embaixo.

—¡Congrio! Ti hoxe non falas máis que de matar ou de morrer.

—Éche o estado do meu espírito.

—Pois seréate, ho, seréate, que si non, estás a pique de que che dea algunha cousa.

—Non podo, porque o que me socede non é pra rir.

—Pois destonces, chora; pero conta.

—Decíache que me casei con Marcela anemorado dela coma un burro.

—Fun testigo.

—Ben. Pois sigo tan anemorado da miña dona, como destonces.

—Iso é bo.

—Non tal; iso é o malo.

—Non entendo.

—Digo que iso é o malo, porque si eu non estivera tan anemorado como estou da miña parenta que Deus confunda, non sentía da maneira que o sinto o que acabo descubrir.

—¿E que foi o que descubriches?

—Que Marcela estame enganando.

—¡Que te está enganando!

—Si, home, si: estame enganando, facendo traición. Por iso non sei si matala ou matarme eu.

—Vamos por partes. ¿Cando foi que descubriches iso?

—Onte á noite.

—¿E quen é el?

—Celedonio Cubelas.

Cando escoitei iste home, púxenme a rir coma un parbo.

—Soilo faltaba iso —dixo Larouco medio amoucado, —que enriba te bul-raras de min.

—Non, home, non —contesteille. —Non me bulro de ti, sinón que me fixo gracia o teu descubrimento.

—Pois a min non me fixo ningunha.

—A min si, porque iso é tan vello, que a naide lle chama xa a atención.

—¿Logo ti xa o sabías?

—Como o sabe toda a parroquia.

—¿Fai moito tempo?

—Catro anos, polo menos.

—¡E non me decíades nada!

—¿Pra que? Ti, non sabéndoo, eras feliz.

—Mais agora, dende que o sei, xa non podo selo.

—Fai como que o non sabes.

—¿E a xente que dirá?

—Non dirá nada, porque xa se acostumbrou á vera que a túa dona e Celedonio enténdense.

—Pro eu non podo quedar así.

—¡Craro! Como eres tan bruto, xa estás pensando en cometer unha burrada. O millor que podes facer, é o que che digo: botar de conta que non sabes nada.

—¿Ti coidas que iso é o millor?

—Pois craro. Xa che dixen que agora naide fai caso diso. Si ti fas cal-quer cousa, vólvese a falar disa andrómena; entérase a xente de que estiveches máis de catro anos sin saber que te enganaban, e quedas completamente en re-dícolo.

—¿E como eu vou poder vivir con Marcela, sabendo que me non é fiel?

—Como viviche hastra agora.

—Si, mais...

—Vamos a ver. Durante ises catro anos ¿faltouche algo de canto preci-sache?

—Non.

—¿Tiveche sempre o almorzo, o xantar e a cea ás túas horas?

—Si.

—¿Andiveche algunha vez coa roupa escalazada?

—Non.

—Pois destonces ¿que máis queres?

—¿E o meu cariño?

—¿Notaches algunha vez que Marcela non te tratara co agarimo debido?

—Non.

—Pois logo, fai o que che digo, porque si non, vas a perder todo iso, e enriba, vaste poñer en redículo.

—Tes razón, Chuco. E gracias polo teu consello, que me devolve a tranquilidá.

Chuco de Canedo

Os cociñeiros da vila

Camiño da vila, baixaba un día por unha congostra Aleixo Monterraso, cunhas cantas ovellas atadas polo pescozo.

De velliñas que eran as tales ovellas, cuasque non podían terse de pé, canto máis andar.

Aleixo turraba por elas, con máis forza da que precisara pra facer andar un tren, e os animalíños estiraban o pescozo a cada turradela, botaban un ¡beee! Longo e delorido... mais non se movían do sitio.

De cando en cando, tornaba Aleixo pra atrás, dáballes un empuxón, e soilo así as facía andar un pouco.

Tiña saído da casa co seu rebañino, antes de que Deus dera o día. Eran cuasque as oito da mañán dun día do mes de Santiago, e inda non iba na mitá do camiño.

—¿Seica queredes que vos leve ó lombo? —decía Aleixo pra as ovellas. —Non, pois estades enganadas, que habedes ir polo voso pé.

Pegaba unha turradela, e tornaba a decir:

—E o caso é que desta maneira non sei cando vou chegar á vila. Abofellas que cando cheguemos, xa non hai feira nin nada.

Volvía a turrar, e seguía falando:

—¿El andades ou non, condanadas?

Iba por detrás, empuxábalas e tornaba a turrar polas cordas con que as levaba amarradas.

—Pois agora non volvedes prá corte. Habedes ir pra adiante ou quedades eiquí redondas.

E ó decir isto, amostráballes unha navalla que sacaba do bolso. ¡Como si as ovellas entenderan!

Arrente a corredoira, víase unha curtiña cunha herba fresca e verdiña, que mesmo daba xenio.

As ovellas tornaban a cabeza pra alí; ollaban con cobiza a herba, e ceibaban outro ¡beee! máis longo, que talmente parecía decir:

—Si nos deixaras eiquí, millor facías que non levarnos á feira ¡asesino!

Pero si elas non entendían a lingua de Aleixo, tampouco iste entendía o que as ovellas querían decir, e seguía turrando por elas e botando por aquela boca maldicións, ameazas e hastra pecados grosos.

—¿El andades ou non?

E pegaba turradela.

—Vades concruír por enrabecharme, e pártelos unha centella viva.

Nisto pasou por alí Lourenzo Codesido. Reparou na traza ruín das ovellas, e díxolle ó dono distas:

- ¿Ti pra onde vas con somellantes preas?
—Pra a feira.
—¿E alcontrarás quen che queira iso?
—Xa o creo que si.
—¿E iso pra que sirve?
—¡Ti seica me aquelas! ¿Pra que ha de servir, sinón pra comer?
—¿Somellantes ovellas sarnosas?...
—Sarnosas e vellas como as ves, hánas de comer os señores da vila.
—¡...!
—Téñenche aqueles lampantíns uns cociñeiros, que collen istas ovellas,
e póñenas, que non se conecen.
—¿E como?
—Gúisanas, ásanas, estófanas, empánanas... ¡fan o demo con elas!

Chuco de Canedo

O que sabe meu sobriño

Teño eu un sobriño, que por ter quedado sin pai, respétame a min como tal, e anque xa é un home feito e dereito, inda escoita e atende os meus consellos e as miñas leucións; que ben os podemos dar á mocedá, cando chegamos á idá en que eu me alcontro.

Facía uns cantos días que lle non botaba os ollos enriba ó tal meu sobriño, e abofellas que xa me iba tardando o instante de falar con el, porque tiña que lle decir algo que me andaba facendo cóchegas eiquí drento.

Alcontreino por fin ista mañán, e apartándoio prá veira do camiño, faleille diste modo:

—¿Sabes, lacazán, que xa tiña ben ganas de falar contigo?

—Si ¿eh? —respondeume. —¿E entón por que me non mandou recado, que eu iba axiña xunto a vostede?

—Porque esperaba alcontrarte como te alcontrei.

—E logo ¿que pasa?

—Algo que a ti che enteresa.

—Pois diga xa, meu tío.

—Escoita, Vítaro. Ti eres un rapaz de bo xenio, valente antre os valentes, dono de ti mesmo cando fai falta e prudente cando chega o caso.

—Parezme que niso todo non fago máis que seguir os sabios consellos que vostede como un pai me ten dado.

—Boeno, pois agora chegou a ocasión de que votes man de todas isas cualidades, pra non faceres unha burrada.

—¡Ai, tío da miña ialma; vostede ponme en coidado!

—¿Ves como xa encomenzas a ceibar os pés dos estribos? Calma, pacencia, que todo neste mundo ten romedio.

—Pero, ¿que é o que pasa?

—Pasa que percisas ter valor, pro que che vou decir.

—Dígamo dunha vez, pola salú de miña naiciña ou pola salvación de meu paiciño, que no ceu estea.

—Vamos a contas: ¿ti quéreslle moito á Celestrina, á filla do Lombo de Zoco?

—Moito.

—¿E fas entenceon de te casar con ela?

—Fago.

—¿E ti coidas que che convén isa rapariga?

—A min parezme que me convén, porque ademais de ser bunitiña e de ter bo corpo, é xuiciosa e como filla úneca do Lombo de Zoco, inda ha de herdar, cando seu pai morra, uns bens que non han valer menos de corenta onzas.

—Pois boeno, Vitariño da miña ialma, ten moito valor, que boa falta che vai facer.

—Ai, meu tío, vostede estame matando de impacencia. ¿Seica morreu Celestrina de repente, porque inda non fai dúas horas que falei con ela? Por certo que inda rimos ben, porque lle furei un bico.

—Non, home, non. Antes ela morrera (¡Deus me perdoe!) do que facer o que fixo.

—¿E logo, roubou algo?

—Non.

—¿Destonces que pasa? Dígamo xa dunha vez, porque por moi mala que sexa a noticia, é peor o que vostede está facendo comigo.

—Pois alá vai. ¡Pro ten moito valor!

—Xa o teño dabondo.

—¡Celestrina non che é fiel!

—¿De veras?

—Abofellas.

—¿E vostede sábeo de certo; ten probas?

—Teño. Eiquí está unha: ista carta que lle caíu un día, indo ela diante de min, polo atallo da Carrasqueira. Coidei que sería túa, e antes de devolverlla, como tencionaba, quixen ver de que xeito te espicabas. E ó lela, alcontreime que era de Fanchuco Mourentán e que fala dunha cita que ela lle ten dado. De maneira que non soilo Celestrina che fai traición, senón que o teu rival alcanza máis do que ti tes alcanzado, certamente.

—¿Pois quer que lle diga unha cousa, tío do meu corazón? Que me alegro moito de sabere iso, porque eisi como eisi, eu xa me iba cansando dela.

—¿E ti non decías que che conviña?

—Si, señor; mais calquera das outras novias que teño me fai millor conta.

—¡Das outras!

—Si, señor, das outras, que son Maripepa Fontán, en Celeiros; Andrea Lobato, en San Mateu; Xuliana Trinqueta, en Lira, e Delores, a Pataca Mol, en Taboexa.

—¡Congrio!... ¿De maneira que tiñas, contando con Celestrina, cinco novias?

—Si, señor, pra ter cote onde escoller.

—¿Pois sabes o que che digo? Que nunca máis volve a dar un consello nin leución algunha.

—¿Por que, meu tío?

—Porque ti xa sabes moito máis que o maestro. Cando eu vou, xa ti ves de volta.

Chuco de Canedo

A verdadeira desgracia

Facía ben tempo que non vía Xuana Lestedo, unha amiga miña da moicedá, con quen teño botado por ises turreiros adiante moita fina riveirana.

Casouse cun larpán de Gargamala¹, e dende estonces poucas veces a volvían a ver.

Dende a derradeira facía, como digo, ben tempo, cando me alcontrei con ela ista mañán, ó redor do medio día.

Iba toda vestida de luto e tan acabada de cara e de corpo, que me custou traballo conecela cando pasou polo meu lado e me dixo:

—Deus te garde, Chuco.

—¡Pardiola! —respondín eu, dimpois de reparar nela cuasque medio minuto. —¿El eres ti, Xuana?

—Eu mesma, Chuco. Eu mesma.

—Pois se me non falas, non te conecía.

—¿Logo tan cambeada me alcontras?

—Non é iso, muller —respondín eu, tratando de desfacer o mal efeuto que as miñas palabras estaban facendo no corazón de Xuana. —E que como iba distraído, non reparaba en ti.

—Ademais —aguegei logo —como vas vestida de luto... ¿Quen che morreu?

—Morreume o home.

—¿Fai moito?

—Dúas somanas.

—Pois ten pacencia, porque agora o mal xa che non ten remedio. Si en algunha cousa che podo ser de porveito, conta comigo, que a miña casa e a miña artesa, están de cote abertas prós amigos verdadeiros.

—Xa sei, Chuco, que sempre tiveches bo corazón. Mais a miña desgracia éche moito maior do que ti coidas.

—Non, si xa me fago de cargo. Ó fin, era teu home, o pai dos teus fillos, o teu compañeiro da ialma, o sostén da casa, o consolo dos teus pesares... Xa me fago de cargo, xa.

—¡Ai, Chuco, Chuquiño, que enganado estás! O meu home, anque era meu marido pra diante de Deus e do mundo; anque era o pai dos meus fillos, non era ningunha desas outras cousas que ti dices, senón un xudeu, que mallaba en min como en centeo verde; que batía nos fillos, como si o foran do veciño; que en logar de ser o sostén da casa, acababa con canto tiñamos, e que en vez

¹ Parroquia do concello de Mondariz.

de consolar os meus pesares, aumentábaos cada día con mozas, borracheiras, custións cos veciños, riñas con toda a parroquia e toda cras de malas aucións.

—Logo entón, seca axiña esas vágoas, que non merece ise xuncras do inferno que ceibes nin unha soila por el.

—¡Pero si non é por el por quen choro, amigo Chuco!

—¿Destonces por quen?

—Porque ós dous días de enterralo, cando todos nos alcontrábamnos máis contentes que unhas castañolas, morreunos unha vaca leiteira que me custara unha manada de pesos. ¡Ela si que era o sostén da casa!

—Pois destonces, chora dabondo, Xuana, que iso si que che foi unha verdadeira desgracia.

Chuco de Canedo

Non contes o que viches

Había en certo lugar que eu conezo (e vosoutros tamén, anque non volo digo) un rapaz que tiña sona de parbo, mais que polas trazas, era máis agudo que todos os seus veciños.

Tiña o defeuto de contar todo canto vía, e o condanado gustaba máis de contar as cousas malas, que as boas.

¿Sabía, poño por caso, que Reimundo batera na muller, porque lle tardaba, de volta do muíño, máis tempo do debido? Pois alá iba polo lugar adiante contándoo a cantos quixeran escoitalo.

¿Que unha moza perdíase na debesa e non daba co camiño do seu eido hastra que o mozo lle enseñaba? Tempo lle faltaba ó parbo pra ir apregoando a cousa por camiños e estradas.

¿Que Pelegrín alcontrábase unha noite cun home escondido dentro da súa casa; que o tal home non fora alí pra roubar, a que por cousa disto había unha rebumbia tremenda antre Pelegrín e mais a súa muller? Non había can nin fato a quen o parbo non llo contara, tan pronto como Dios daba o día.

E así todo canto no lugar sucedía. Soilo que pra contar as cousas boas, non tiña o parbo isa presa.

Tantas hestorias e de tanta xente distinta contou o condanado aquel, que non houbo veciño que lle non chegara a ter medo. Quer decir, medo del, non; medo da súa lingua.

As mozas, principalmente, gardábanse máis del, que do trasno.

As mulleres casadas tamen procuraban non darlle ocasión de contar nada, porque ningunha delas estaba libre de non facer algún día cousa que ó parbo lle parecera dina de ser apregoada.

O mesmo crego chegou a terlle medo, porque como el decía, “ás veces, as aparencias enganar, e ese probe dese rapaz, como é parbo, toma unhas cousas por outras, e levántalle un falso testimonio a calquera”.

Sabedes, pois, como era o parbo diste conto e cal era a súa situación con respecto ós seus conveciños.

Escoitade agora o que lle pasou unha tarde.

Alcontrábase ó pé dun valado, axexando non sei que cousa que tiña visto antre unha ramallada que había perto de alí.

Pra ver millor e non ser descuberto, tíñase agachado un pouco, e cando xa levaba cinco minutos naquela postura, sentiu como si lle caíra o mundo encima.

Mais non fora o mundo, senón unha moza feita e direita.

Chamábase ista rapaza Fanchuca Desteriz, e andaba en amores cun rapaz chamado Namesio da Ponte.

Cada vez que se alcontraban, poñíanse a parolar, esquenciáanse do tempo que pasaba, e cando acordaban, botaban a correr, ela prá súa casa, onde sempre que lle pasaba aquilo, alcontrábase cunhas boas lambadas de súa nai, e el pra a casa de su dono, onde lle non faltaba un sermón de pirmeira, cada vez que tardaba.

Aquela tarde tiñanse alcontrado Fanchuca e Namesio, e como decote, pasóuselles o tempo de palique.

Dúas horas estiveron de leria, que pra eles foron un verbo.

Así foi que cando se deron conta, botaron a correr coma lebres perseguidas polo cazador.

Fanchuca, pra chegar máis axiña á súa casa, saltou un valado que lle aforraba un arrodeo, e ó saltalo, foi caír mesmo enriba do parbo, que alí estaba axexando, como vos dixeran.

E de tal maneira caíu enriba del, que lle enfiou as saias pola cabeza, e así rolaron os dous polo chan.

Fanchuca ergueuse de contadiño, toda colorada, e virándose pra o parbo díxolle sin saber como desculparse.

—Agora, si che parez, vai contalo. Xa viches que pronto me erguín do chan.

—Eu non vin nada —respondeu o parbo, —porque me alcontrei envolto en tal escuridá, que pra saír dela, tiven que andar ás apalpadelas.

Chuco de Canedo

Unha criada ofendida

D. Silvestre e mais D.^a Xacoba eran un matrimonio con todas as circunstancias pra ser feliz, si non fora por unha amaldizoada incrinación de D. Silvestre polas criadas que entraban na súa casa.

Ista incrinación, de corenta e cinco grados, polo menos, facía que D.^a Xacoba andivera de cote enriba del, como se adoita decire.

E inda así D. Silvestre alcontraba maneira de pegarlle.

A muller berraba con el, ameazábaio con separarse por xusticia, faláballe do mal exemplo que daba ós fillos, do que estaba dando que falar ante a veciñanza, mais todo era como si chilriara un carro.

D. Silvestre descolpábase como Deus lle daba a entender, pometía correxirse, mais en canto a súa muller collía criada nova, xa lle andaba el faguen-do as veiras, pra lle dar unha aperta, zorregarlle un bico, tirarlle un belisco ou o que cadraba.

E non había que decir que soilo lle gustaban istas ou aquelas. Non, señor.

A D. Silvestre gustábanlle todas, a todas se incrinaba e todas lle facían conta.

As morenas, porque eran do coor do pan cando sai do forno, e decía el que lle facían auga na boca.

As brancas, porque lle lembraban a fror do laranxeiro e a neve dos corutos.

As de ollos azules, porque lle falaban do ceu.

As de ollos negros, porque os tiñan como a noite misteriosa, nai dos praceres.

As de ollos castaños, porque lle traguían á mamoria os magostos da súa mocedá.

As de ollos verdes, porque vía neles a esperanza que sostén ó home neste val de bágoas.

As gordas, porque amostraban a abundancia con que Deus fixo todas as cousas.

As delgadas, porque eran elegantes coma os piñeiros do monte.

As altas, porque mesmo impoñían respeto.

As baixas, porque eran sabrosiñas coma repinaldos.

Si tiñan o cabelo negro, porque lle representaban as mulleres de Ourense.

Si o tiñan ruibo, porque eran coma os campos de trigo no vran.

Si eran bunitas, porque o eran, e non había razón máis forte.

E si eran feas, porque lle daba lástima de que non tiveran ¡malpocadiñas! quen lles dixera nada.

A cousa era que a D. Silvestre sempre lle sobrava unha razón pra que lle gustaran todas cantas criadas entraban na súa casa.

Mais isto tiña que acabar un día, e Doña Xacoba aporveitou o tempo santo en que estamos, pra lle poñer fin.

A semana derradeira, encарouse con D. Silvestre, púxose máis seria que nunca, e díxolle con moita solenidá.

—Vamos a ver, Silvestre: ¿Ti pensas ter formalidá algún día, ou coidas que vas a ser toda a vida un rapaz?

—Non sei a que santo ven isa pregunta.

—Dabondo sabes por que cha fago.

—Abofellas que non.

—Non te fagas o parbo, porque ben sabes que che falo da pouca formalidá que tes coas criadas.

—Xa me parecía a min que habías de saír con iso.

—Pois craro que si. ¿E sabes o que che digo?

—Xa te escoito.

—Pois que isto tense que acabar dunha vez. Pola túa causa nunca podemos estar ben servidos. Unhas porque foxen de ti e outras porque non foxen e téñoas que botar eu fóra, o conto é que estamos de cote sin criada que nos sirva.

—Si, que non está ben iso.

—Pois ti tes a culpa.

—Xa mo dixeches moitas veces.

—E agora dígocho pola derradeira. Isto acábase hoxe mesmo, ou non volvo a faguer vida contigo.

—Muller, non me engurres o corazón.

¡Leria, leria! Ademais estamos en vísperas da Soman Santa, temos que cumprir co Preceuto, e a ver con que cara che presentas diante do confesor.

—Coa que teño.

—Xa sei, porque non tes nin migallo de vergonza.

—Xacoba, non me ofendas.

—Máis me ofendes ti co teu proceder.

—Boeno, pois agora son eu quen di que isto se acabou. De hoxe en diante podes traer a criada que queiras, que anque sexa unha Venus ou unha Carolina Otero, xúroche que non lle digo nin lle fago nada.

—¿Falas de veras?

—Que así Deus te non salve si minto.

—Xa podías xurar por ti.

—É o mesmo. Antre dous que ben se queren coma nós...

—Boeno, pois cólloche a palabra.

—Podes collela, que non che hei de faltar a ela. Xa o verás.

Efeutivamente, aquel día entrou criada nova na casa, e D. Silvestre nin pra ela ollou.

Pasaron días, e anque D.^a Xacoba andivo axexando, sin perder de vista ó seu home, non viu nada malo.

D. Silvestre tíñase ó fin enmendado, e D.^a Xacoba estaba máis contenta que o campanario da eirexa parroquial en día de festa grande. Pro ista mañán presentóuselle a criada e díxolle:

—Fágame a conta, que me vou.

—¡Que te vas! ¿Por que?

—Por causa do señorito.

—¿Logo il que che fixo? —preguntou D.^a Xacoba toda estranada, porque, rialmente, ela non tiña visto cousa algunha.

—Non me fixo nada.

—¿E entón?

—Pois percisamente por iso.

—Non o entendo.

—Si, señora; porque a min tíñanme dito que o señorito metíase cas criadas todas, e a min, que levo oito días na casa, inda non me deu siquera un belisco.

Chuco de Canedo

Casarse á forza

Di un refrán moi sabido, que cada un fala da feira según lle vai nela, e o mesmo sucede co matrimonio, que cada un fala del, según lle saíu a conta.

E moitas veces pasa que algúns ós que non saíu mal, falan en contra do casamento, como si foran os homes máis desgraciados da terra.

—Si soupera o que sei hoxe, non me casaba —acostuman decir os tales:

E eu digo que os que falan dise xeito, si se alcontraran solteiros, tornábanse a casar axiña.

Porque inda non alcontrei mozo que non tivera ganas de porbar, nin viu-do sin deseos de recuncar.

Craro que quedan moitos solteiros e outros que non volven casarse dimpois de enviar, pero pódese asegurar que será por calquer cousa, mais non por falta de ganas.

¿Concedes a Xermán das Coutadas? Boeno, pois ise rapaz ten unhas ganas de casar, que mesmo adocece.

¿E por que non se casa? —diredes vós. —¿Seica non alcontra quen o queira?

Alcontra, si, señor. Millor dito, xa alcontrou. E non calquer cousa, sinón unha moza de tres estralos, como se adoita decire.

¿Concedes á Mingas a da Portela? ¿Tendes algo que decir dela? Si tendes, certamente non serán máis que alaudos.

Pois isa moza é a que fala con Xermán.

Os rapaces quérense, as familias son gustantes, están en boa edá e co que teñen un e outro non lles ha faltar que comer.

¿Destonces por que non se casan?

Porque Xermán, tanto ten oído falar mal do matrimonio, que concuriu por lle ter medo. Por iso non se casou hastra agora.

Mais eu creo que xa non tardará en facelo, polo que lle pasou nantronte.

Estaba o mozo falando con Mingas, e prantóuselle diante a nai dela, que polas contas, andaba con ganas de pillalo.

—Vamos a ver, mozo —díxolle de entrada. —¿Isto vai durar moitos anos?

—¿O que? —repicou Xermán, facendo como que non entendía a intención da pregunta.

—Ista situación. Levas cuasque oito anos de leria coa miña filla, e nin ela está pra aturar máis tempo, nin eu pra consentir que lle fuxa a xuventú tan mal empreada. Ou te casas axiña, ou xa me estás deixando a porta.

—Señora Taresa —respondeu Xermán, —eu casar, heime de casar con Mingas; mais polo de agora non podo.

—¿Por que non podes? ¿Non librachexa das quintas?

—Librei, si señora, mais... mais...

—¿Mais que?

—Que eu... eu...

E non se astrevía a decir que non se casaba porque tiña medo que lle saíra mal.

—O que non tes ti —dixo a señora Taresa— son ganas de casar. E polo tanto, escusache de vir por eiquí, onde non facías ningunha falta.

—Non, si eu teño ganas. O que pasa é que inda non podo.

—¿Mais por que, condenado?

—Porque... porque... ¡Porque teño sarna! —berrou Xermán, todo contento de ter alcontrado por fin un pretesto.

Mais non lle valeu, porque a nai de Mingas, cando tal oíu, púxose toda tesa, botoulle unha ollada que era mesmo un tiro de cañón, e díxolle cunha voz que parecía un trono:

—¡Pois cástase con sarna, e máis que tiveras!

Chuco de Canedo

En vísporas de eleucións

Inda falta algo máis de medio ano prás eleucións de concexales, e xa andan algúns aduaneiros e mandicantes remexendo no corpo electoral, comprometendo a istes, ameazando os outros, apertando ós de eiquí, ofrecendo montes e moreas ós de acolá, e facendo, en fin, canto acostuman facer nistes casos, aqueles que sin contar coa forma das convicións dos seus conveciños, queren saír trufantes por enriba de todo e a custa de todo.

Foi fácil iso, prós tales mandicantes e aduaneiros, noutros tempos: hoxe é deficit en moitos sitios e noutros impusible.

Porque o bon de Xan Labrego, boi de palla enriba de cuxas costelas mallaban todos, foi despertando ó conxuro do agrarismo, e como xa ten concencia dos seus autos e da súa forza, astrévese a dar a batalla ós caciques que antes o levaban xugado ó seu carro de manates.

Xan Labrego xa non é o animalciño que se podía carregar hastra caír estarricado no chan, sin que da súa boca saíra unha soila queixa. Coidaba que tiña nado pra servo, e non se astrevía a pensar que podía ser dono.

Mais apareceron un días polas súas aldeas uns homes que non iban buscando nada, mais que iban ofrecendo moito, porque ofrecían a libértá, e Xan Labrego, desconfiado como foi de cote, escamouse ás pirmeiras, pero logo fixolles caso, porque o linguaxe da verdá ten tal forza, que é coma a fe: que remove as montanas.

E hoxe o bon de Xan Labrego, cando veñen as eleucións, trunfa en toda liña, como trunfou en Lavadores, ou consegue levar ós Concellos unha boa minoría, como fixo noutros sitios.

Pouco a pouco vaise posesionando daqueles baluartes en que máis fortemente se defendía o caciquismo, e anque vou pra vello, non desespéro de veo ocupar toda fortaleza, dende os Concellos, hastra as Deputacións provinciales, e dende as Deputacións, hastra o mesmo Palramento.

O caciquismo deféndese con dentes e gadoupas, mais non lle ha valer, anque ameace con ceu, terra e mar; porque coas ameazas, faise máis aborrecido, mentras que o agrarismo, como non ameaza nin se venga, sinón que convence e perdoa, crece cada vez máis, faise cada día máis forte, e rise de ano en ano dos seus anemigos.

¡Arriba, petrucios, que xa estamos en vísporas de eleucións!

Non son eu quen volo di: son os mandicantes, verdadeiros Pedros Madrugas da política caciquil, que xa andan recadando votos e armando a traggallada das eleucións. Non vos deixedes gañar a dianteira, que o anemigo é mañoso e listro, e si lle non atrancades o camiño, vaivos dar máis que facer.

Dimpois, si vos compromete, tendes que ir por onde el manda ou buscar trinta mil marañas, tal como lle aconteceu a Paulo Sementeira, por se non ter asegurado a tempo.

Tiña Paulo un amigo na vila que era un verdadeiro criado mandado polo cacique. E tiña o condanado tal maña, que cando lle ordenaban, fose torto ou dereito, bo ou malo, facíao por difícil que parecera.

Prás eleucións, era como feito de encarga. Iste suxeito de quen Paulo era amigo, foino conquistando pouco a pouco, anque sabía que Paulo era un agrario dos máis decididos, e cando chegou a época das eleucións, a mosca non alcontraba maneira de saír da tea que a araña lle tiña feito.

Os seus compañeiros chamárono a cumprir co seu deber; mais D. Xerómimo (o amigo da vila) turraba por el prá banda do cacique, e o prebe de Sementeira alcontrábase nunha situación que moitas veces hastra coidaba que adoecía.

O día das eleucións, querendo non faltar ós seus deberes de agrario e non vendo xeito de faltar a D. Xerómimo, decidiu esconderse e non aparecer polos colexios.

Tiña unha filla pequena, e pra que o non descubrise, encargoulle moito que si viña D. Xerómimo perguntar por el, que lle dixera que non estaba na casa.

E foise esconder.

Tal como temía Paulo, así socedeu.

Xerómimo, vendo que non aparecía a votar, foino buscar á casa. Alcontrouse coa pequena, e perguntoulle:

—¿Ti eres filla de Paulo?

—Sou, si, señor —respondeulle a meniña.

—¿E onde está teu pai?

Quedouse a pequena ollando pró criado do cacique, e coidando que facía unha gran cousa, díxolle moi seria.

—Si vostede é D. Xerómimo, meu pai non lle está na casa. Agora si o non é, meu pai estalle escondido na corte das vacas.

Chuco de Canedo

O bo non é caro

Pra moitas persoas que eu conezo, non hai millor queixo que o queixo do país; ise que pola forma que lle dan adóitase chamar tetilla.

Eu aláudolles o gusto, porque reconezo que efectivamente, é un bo queixo o queixo que se fai na nosa terriña. Mais pra min, onde está o queixo de bóla, que non se fale doutros.

Cada un ten o seu gusto, e pra satisfacer ise gusto meu, nunca falla un queixo de bóla ante as galdrumadas que hai na miña casa.

Agora, con esta amaldizoada guerra europea, andan moi escasos os queixos de bóla, porque como veñen de Holanda, é dificultoso traelos de aló.

Mais así e todo, o tal queixiño, non falta agora na miña mesa. E iso que o derradeiro que merquei, saíume caro dabondo.

Por iso pasei ista mañán unha rabiscada, que non sei como non estoupei, ó ver como un badulaque mo estrozaba, igoal que si fora un cacho de broa.

Teño eu un compadre en Gulanes¹, home de certa influencia, que me sirviu de moito nunha andrómena en que andiven metido por couda dun mal veciño. O tal compadre conseguiu arregrarme o conto, e ista mañán mandoumo decir nunha cartiña que me trouxo o seu criado.

A cousa era de certa importancia pra min, e ó recibir a carta, alegreime moito.

Como non tiña diante ó compadre, pra demostrarlle o meu agradecemento, quíxenllo demostrar ó criado, e non coidei que había millor maneira, que ousequilo cun pouco de queixo daquel que eu tiña en tanta estimación.

A máis diso, o rapaz tiña vindo correndo, e un reparo pró corpo, non lle faría mal.

Mandeille servir o queixo, acompañado dun bo anaco de pantrigo e dun xarro cugulado do millor viño da miña adega.

O queixo estaba soilo encomenzado, e en dous sopapos, o ladrón do rapaz chegoulle ó medio. Púxenme a tremer polo meu postre máis estimado, porque o lampantín ameazaba deixarme sin migallo.

—Así che sirva de solimán —decía eu prá miña camisa, cada vez que vía cortar unha rebanada.

Pra máis door da miña ialma, aquel acabador do meu regalo, concruíu por deixar o pantrigo e comer soilo queixo. Isto deu cabo da miña pacencia, e pra ver si podía ter man na ruína que ameazaba ó meu queixiño, achegueime a el, e díxenlle:

¹ En referencia a Guláns, parroquia do concello de Pontearreas, coñecida pola súa centenaria banda de música "A Unión".

- Come pan tamén.
- ¿Pra que? —respondeume. —O queixo soilo, ben me lle sabe.
- Así che saiba a peste negra. —escramei polo baixo.
- ¿Como di?
- Nada, home, nada.

Nisto, vin que o coitelo tornaba outra vez o queixo e dixen cuasque por máquina:

- ¿Ti sabes que iste queixo é de Holanda?
- Ben se conece, porque iste ben de Dios non sei dá pola nosa terra.
- ¿E non sabes que agora, coa guerra², estamos ameazados de que non traian ningún de aló?
- Non o sabía, mais alégrome sabelo, pra non perdela ocasión de comer ben del.

Cando tal resposta oín, déronme tentacións de lle botar as maus ó pescozo e fecharlle dunha vez aquela gorxa que era pra min como a boca das caldeiras do inferno; mais non sei que santo me contuvo, e inda lle dixen máis:

- ¿Sabes canto me costou?
- Non debeu de ser pouco.
- Sete pesetas.
- Cando unha cousa o val —dixo engulindo o derradeiro anaco do queixo —non e caro canto se dea por ela.

Chuco de Canedo

² En referencia á Primeira Guerra Mundial (1914-1918).

A sopenación

Moitos escritores dises que se teñen dedicado a estudar as cousas que pasaron noutros tempos, pra contárnoslas logo a nosoutros, falan dos escándalos e das rebumbias que ten habido nas casas do Señor.

Parez mentira que tal teña socedido ¿non é certo? Pois anque non o creades, ises escritores teñen recadado probas de abondo, antre elas, as premáticas e as ordens que se ditaron, pra acabar con semellantes tolerías.

¿E coidades que todo iso pasou cos tempos, pra nunca máis volver? Pois estades enganados, porque inda hoxe hai quen vai facer trasnadas ás eirexas.

E sinón, vamos a ver ¿por que non se di xa a Misa do Galo, da Noite Boa, en moitas vilas?

Porque os rapaces daban en ir a ela, coa cachola quente polo viño da compota, e facían tales barullos, principalmente antre as mulleres, que aquilo era cousa de se non poder aturar.

Mais non era soilamente a Misa do Galo o que lle daba ocasión ós rapaces pra ir á eirexa facer diabruras. Tamén os sermóns de Coaresma eran boa ocasión pra elo, e inda hoxe, moito socede por esas vilas e aldeas adiante.

Cando eu era mozo, non fun millor nin peor que os demais. Quer decir que si os meus compañeiros facían trasnadas, eu tamén as fixen.

E ocasión houbo, que según reconozo hoxe, talmente parecía que tiña o demo no corpo.

Unha vez fixemos unha, que non sei como non demos cos ósos na cadea. Gracias que o noso abade era bo, que si non, armábamosen de caioba.

Era un domingo de Coaresma pola tarde. O abade estaba predicando e a eirexa estaba cheíña de xente, principalmente mulleres.

Xuntámonos uns cantos mozos no adro, e estábanmos descurrindo que burrada habíamos facer aquela tarde, cando se lle ocorreu isto a Pepiño o Ecurabello:

—¿Vamos ver que moza é a que ten as carnes máis duras?

—¡Vamos! —respondímoslle todos.

Dito e feito. Metímonos na eirexa, encomenzamos a furar por antre a xente, e onde alcontrábamos unha moza metíamosen un belisco.

Tras das mozas, foron as mulleres casadas e non paramos hastra beliscar tamén nas vellás.

As primeiras rían e deixábanse beliscar; as segundas calaban ou arreábannos unha boa lambada; mais as vellás, foron as que nos desfizeron o negocio, porque encomenzaron a berrar coma condenadas.

Armose tal rebumbia, que o crego tivo que deixar de predicar. E non lle fixo falta reparar moito pra dar coa causa daquel rebulicio.

Buscounos coa vista, e dirixíndose a nosoutros, dixo moi anoxado:

— Vosoutros habíades de ser, demos do inferno. Pero deixádevos andar, que eu vos farei perder as mañas.

Xa sabíamos nosoutros que, como era tan bo, pasado aquel istante, nada nos había de facer, e seguimos destrebuíndo beliscos.

O abade, ó ver o pouco caso que faciamos das súas palabras, anoxouse máis, e dirixíndose outra vez a nosoutros, escramou:

— ¿Non queredes acougar? Pois agora mesmo vos vades soparar das mulleres. Sinón, sou capaz de baixar do púlpito e votarvos fóra.

E vendo que non tiñamos xeito de lle obedecer, aguergou:

— Pasen todos os homes pra aló, pra onde a porta. E vosoutras – dixo dirixíndose ás mulleres – vinde todas pra eiquí, pra debaixo de min.

Chuco de Canedo

As gracias dun cardeal

¡Tempos aqueles!... Mil anos que viva me lembrarei deles.

Refirome ós tempos que pasei en Santiago, cando meu pai se empeñou en que me había de facer crego.

Destonces non me lembraba das cirolas nin do sacho e era eu talmente un lampantín da vila.

Vestía cuasque como eles, e como nunca me faltaban dous reás na faltriqueira, tiña amigos dabondo, porque istes son coma as moscas, que van onde hai mel e foxen de onde non alcontran que lambiscar.

Antre os amigos que tiveren en Santiago, había un que tamén tiña ido estudar pra crego e saíra coa súa. Quero decir que xa o era cando eu o conecín.

Acabábase de ordenar, e eu, cada vez que falaba con el, non facía máis que asombrarme de que tal mozo coma aquel tivera recibido órdenes.

Era tan bruto, que non vos podeades figurar hastra onde chegaba a súa brutalidá.

Os amigos que tiña, éramolo pra nos rir del, anque ás veces poñíanos en redículo.

Figurarse que unha tarde que había música na Alameda e estaba o paseo cheo de xente, íbamos con el por alí, e de repente parouse, sentouse nun banco, dispúxose a ceibar un zapato e dixo a berros, porque nós seguíamos andando:

—Ajoardade por min, ho, que me magoan os zapatos.

A xente que estaba perto, cando tal oíu, rompeu a rir ás gargalladas, e nosoutros tivemos que fuxir, pra que non coidasen os paseantes que aquel crego iba con nosco.

Outro día viunos contando que dentro de seis meses íbanlle ampliar as licencias pra confesar.

—Hastra agora —díxonos —soilo poder confesar homes; mais dentro de seis meses xa poder confesar mulleres de ambos sexos.

Destonces fomos nos quen rimos hastra caer.

—¿E logo non é o mesmo confesar homes que mulleres? —perguntámoslle, pra ver o que decía, cando nos pasou a risa.

—Non —respondeunos —porque os sacretiños das mulleres non son igoaes ós dos homes, e eu teño moitas ganas de conecer os delas.

—Así como así, vostede inda é home de sorte —dixémoslle, —porque a outro poida que non lle deran polo gusto tan axiña.

—E que a min, o Cardeal quierme moito.

—¿Que nos conta?

—Querme moito e ten moita confianza comigo. Moitas veces faime ir a Palacio, soilo pra se rir.

—¿E vostede tamén ri?

—Tamén, porque é un señor moi gracioso.

—¿De veras?

—Abofellas. A min dime cousas moi paveras, coma a que me dixo cando me ordenou.

—Conte, conte.

—Veredes. Tan pronto acabou a cerimonia, falou con todos cantos nos tiñamos feito cregos daquela, e cando se virou pra min, díxome así:

“Alabado sexa Deus, que tales cousas dispón. Teño ordenado moitos sabios, e xa era tempo de que ordenara un pollino.”

Chuco de Canedo

Pra non perderme

Si non fora pola obrigación que teño de vos vir contar todas as somanas un conto destes, xúrovos polo Santo Cristo de Canedo, que non aparecía hoxe por eiquí.

¿Non vedes como veño, con iste ollo feito unha bóla de pan e iste lado da cara colorado como un repinaldo? Pois todo isto ganeí por meterme a redentor.

E decideme si con semellante cara, non estaba eu agora moito millor en casa, poñéndolle sopas de viño a istos golpes, que eiquí con eles ó aire.

Pero a obrigación é obrigación, e eiquí me tendes pra vos contar o conto somanal.

O de hoxe non me ha de dar traballo ningún o discurrilo. Bástame con contarvos como foi que me puxeron niste estado de Nazareno.

Estaba eu, hoxe pola mañán, arregrando o mango dunha eixada, sentado á sombra, na miña eira, cando oín uns berros moi desesperados, pró lado da casa de miña irmán Delores, que como sabedes, vive perto do meu eido.

Coidando que tiña socedido algunha desgracia, ceibei cando tiña antre mans, e botei a correr pra aló.

Entrei pola casa adentro, e cando cheguei á cociña, que era de onde saían os berros, alcontreime con que era miña irmán que berraba, porque meu cuñado batía nela como si fora nun can.

—¡Ai, ai, ai, que me mata este ladrón! —decía Delores cuns berros que mesmo fendían a ialma.

—Pra que escarmentes, condanada —contestáballe o home.

E dáballe un par de lambadas.

—Pero ¿que foi o que fixo? —pergunteille eu medio amoucado.

—¿Que che parez que había de facer? —respondeume. —Que non acaba de aprender dunha vez. Téñolle dito milleiros delas que quero o almorzo ás oito e media, e xa pasan cinco minutos, e inda non mo deu.

—Pero xa cho estaba botando na cunca cando me encomenzaches a bater —dixo miña irmán.

—Eu non sei nada diso —repticoulle o home. —Soilo sei que xa pasaban cinco minutos das oito e media, e que inda non tiña o almorzo enriba da mesa.

—Pois ise non é motivo pra bater nunha muller, e moito menos, da maneira que o estabas facendo —díxennlle eu.

—Iso parecerache a ti, porque non a tes que ensinar.

—Iso parezme a min e a calquera.

—Son opinións, e a miña é ista. Polo tanto, pégolle o que me parez e cando quero.

—¿Seica coidas que ela está soila no mundo? Pois inda estou eu eiquí pra defendela.

—Ti agora xa non tes nada que ver con ela. É miña muller, nada máis.

—Boeno, pois eu non che consinto que lle volvas a bater.

—¿Vesme con valentías?

—Porque ti eres un cobarde, en pegarlle a unha muller.

—Tes razón, Chuco. Tes moita razón. Xa non lle pego máis. Pero como eu levanteime hoxe con ganas de bater na familia, vou bater en ti, e desa maneira non me quedo coas ganas no corpo.

E sin darme tempo a defenderme nin a nada, arreoume un trompazo niste ollo, que mo puxo como vedes.

Quíxenme botar a el e devolverlle a piña, con algo de propina, pra que non quedase descontento, mais viu miña irmán, agarrouse a min, e encomenzou a decir:

—¡Non te perdas, meu irmanciño! ¡Polo amor de Dios non te perdas!

De tal maneira se agarraba a min, que non me deixaba mover, e o cobarde de meu cuñado, aporveitouse disto, pra me seguir batendo.

Non tiven máis remedio que deixalos, e tornar prá miña casa.

Mais non saín daquela, sin decirlle á miña irmán.

—Outra vez, anque te mate, anque te esfole, non penso acudirche, pra non perderme.

Chuco de Canedo

O herdeiro universal

Fun esta mañán darlle o pésame a Bernaldo Correoso, que como sabedes, acaba de quedar viúdo, e veño asombrado do que a defunta da muller lle fixo.

Como sabedes tamén, Bernaldo casouse coa defunta, que lle levaba máis de trinta anos, porque ela era viúda dun escribano que lle deixara moito fino carto e unha de casas, campos e pinares, que mesmo non tiñan conta.

Anque fea e vella, a viúda era un bo partido, e Bernaldo, que non tiña onde caír morto, fíxolle un día o amor.

Eu estou ben enterado diso, porque Correoso é moi amigo meu, dende a infancia, e contábame todo.

A vella mandouno a tomar vento, porque lle coneceu axiña, que si lle facía o amor, era tan soilo polos cartos e os bens.

Mais Bernaldo non se desanimou. Volveu onde a vella, e tanto machacou, tantas estremonías fixo diante dela, que ó fin convinceuna.

Casáronse, e si non foron felices, polo menos parecía que o eran.

Bernaldo tiña unhas ganas tolas de que lle morrera a muller, pra quedar dono de todo canto ela tiña, e tamén porque a vida ó lado daquela vella fea e cada día máis encorreada, non era cousa de apetecer.

Mais disimulábaio, e como vos digo, si non eran felices, parecíaio.

Por fin morreu a vella, e esta mañán, tan pronto o soupen, fun onda Bernaldo, pra darlle o pésame.

Quer decir, pró mundo eu iba darlle o pésame, mais en realidá o que iba era darlle os meus parabéns.

Cheguei, e contra o que eu esperaba, alcontreino furioso como un gato escaldado ou como un can adoecido.

—¿Que che pasa, ho, que che pasa? —pergunteille cando en tal estado o vin.

—¡Que me ha de pasar, Chuco da miña ialma, sinón que o raio da vella bulrouse de min!

—¿Como que se bulrou de ti?

—Si, home, si.

Levoume pró seu cuarto e encomenzou a sacar papeles dun armario.

—¿Sabes que foi o que me deixou? —dixo Bernaldo cando tivo un bo monte daqueles enriba dunha mesa.

—A min acaban de decirme que te nombrou herdeiro universal.

—Efeutivamente.

—Logo entón, deixouche todo canto tiña.

—Pois non me deixou nada.

—Home, ti seica toleas. ¿Como demouros non te había de deixar nada, si che nombrou herdeiro universal?

—Pois eí tes a bulra da vella.

—Fai favor de espricarte, sinón vasma volver parvo.

—¿Coneces a Liborio Nogueira, o sobriño da miña muller, que así estea xa dando voltas no inferno?

—Bernaldo, polo amor de Deus, fai o favor de respetar a mamoria da túa muller, que inda está de corpo presente.

—Soilo faltaba que tamén ti viñeras bulrarte de min.

—Así Deus me vala como non; pero é que sou bo cristiano e faime dano oír certas cousas.

—Pois escoite e ten calma. ¿Coneces a Liborio Nogueira?

—Conezo.

—Pois ise é o verdadeiro herdeiro universal de súa tía.

—Si o entendo, que non sei que diga.

—Pois non pode estar máis claro. Sin que eu soupera nada, miña muller pasoulle en venta todos os seus bens, menos ista casa.

—Menos mal se inda che deixou isto.

—¡Que raios había de deixar!

—¿E logo?

—Deixoume, si, mais foi con dúas hipotecas a favor do amaldizado sobriño, pra que tamén iste se quedara coa casa.

—¿Destonces de que ves a ser herdeiro universal?

—Diste monte de papeles, nada máis.

—¿Sabes, Bernaldo, que fixeche un bo casamento?

—¿E queres saber que inda non acabou niso a bulra da vella?

—¿Inda fixo máis? Conta, conta.

A primeira visita que recibín ista mañán, foi a do notario, que me viu traer o testamento e ademais esta carta que a miña parenta lle tiña deixado fechada, pra que ma entregase en canto ela morrera.

—A ver le.

—Chuco, eu non podo, coa raiba. Lee ti.

—Leo:

“Meu querido esposo: Cando me fixeches o amor, xurache e perxurache que non me querías pola riqueza que eu tiña. Dimpois de casados, moitas veces me dixeches o mesmo, e coidando que sempre me dixeches a verdá, porque nunca te tiven por home desleal, arregrei as cousas legalmente pra que todos os meus bens pasen á miña morte, a meu sobriño Liborio Nogueira. A ti déixote a miña mamoria, que tan dulce che ha de ser.”

—Nunca che vin cousa como ela —escramei cando concruín de leer a carta. (...) Bernaldo cuasque coas vágoas nos ollos.

—Pois que tes razón en desear que ogallá estea dando voltas no inferno.

Chuco de Canedo

¡Viva o loitador!

A Dirección de *El Tea* querlle hoxe facer un homenaxe a D. Amado Garra, e non hei de ser eu quen falte coa miña folliña de loureiro.

Porque si o loureiro é soilo prós trunfadores, nunca millor empregado.

Conecín a D. Amado fai algúns anos, como orador, nun mitin que a pouco de organizado, deu aquela forza que se chamou Unión Republicana¹; forza tan grande, que soilo cun par de meses de vida, acudiu ás eleccións, e meteu trinta e tantos deputados no Congreso.

Nunca se tiña visto cousa como ela. ¡Nunca máis se tornou a ver!...

Por que, no volo quero decir...

Foi aquela unha expresión de repubricanismo, de ansias de libértá, de aspiracións a unha redención pola que o povo español viña loitando e loitando sigue.

Pasou a expresión, desvaneceuse o fumo no espacio, levou o eco pra detrás dos petoutos das montañas, o derradeiro relumbar do trono...

Mais non morreron, por iso, as ansias de libértá; non se adormeceron as aspiracións de redención.

Unhas e outras viven, están despertadas; soilo que a labor que agora se fai en favor da súa realización, é máis firme, millor orientada.

Certo que o fruto vai sendo máis lento, mais é por iso mesmo máis seguro.

Hoxe trabállase de abaixo pra arriba, seguros de que a revolución non ha de vir de arriba pra abaixo, como ofreceu e non cumpriu ese Maura que agora nos pintan uns cantos nenos malcriados como úneca salvación de España.

¡Non a salvou cando estivo no poleeiro, e vaina salvar agora!...

A salvación verdadeira da Patria, ha de vir desta vez de abaixo, porque de abaixo e de onde viñeron sempre as revolucións que máis fondamente comoveron o mundo.

Encomenzando por Xesús de Nararet, que foi buscar ós seus compañeiros e apóstoles antre os máis homildes traballadores, todas as grandes ideas encomenzaron a xerminar por abaixo. Que por algo o labrador enterra o gran, e non o deixa enriba da terra.

Descaminados foron os que fixeron a Revolución Francesa; artesanos da máis homilde condición foron os que acolleron as ideas redentoras de Carlos Marx; labregos son agora os que sosteñen a campaña do agrarismo.

Porque de abaixo pra arriba e como medran os árbores; porque de abaixo pra arriba encomenzan os grandes pazos que son asombro das xeneracións; de

1 Fai referencia ao partido político fundado en Madrid en 1903 por Nicolás Salmerón e Alejandro Lerroux.

abaixo pra arriba fanse os altos pontes por onde pasa trunfante e soberbo, o ferrocarril; de abaixo pra arriba constrúense os navíos de miles de toneladas que cruzan os mares levando consigo duns povos a outros da terra, o abrazo da fraternidá e o sopro do progreso.

De abaixo pra arriba vén agora a loita pola libertá e a redención de España, e polo que a Galicia toca, si alguén ten dereito a ser señalado antre os primeiros apóstoles dista boa nova, ise alguén é D. Amado Garra.

Conecino, como vos dixer, como orador nun mitin da Unión Republicana, e apraudino, porque o seu linguaxe era o da verdá, era o da sinceridá.

Vino dimpois escribindo, moitas veces á miña veira e nas mesmas publicacións, e a simpatía que sentía por el, arrastroume inda máis pro seu lado.

Véxoio hoxe loitando en todos os terrenos, dende o mitin ó aire libre, hastra a conferencia pra determinado auditorio; dende a redución do preódico, hastra o bufete de abogado; despreciando ofrecimentos que iban en contra das súas convicións, e parándose no camiño das ideas, pra darlle a man ós mais humildes dos seus adeutos.

E véxoio en todas partes, en todas ocasións, en todos os terrenos, sereo, forte, seguro da vitoria, sonríndolle ó porvir.

Fiarse del, acompañalo na loita, é marchar a carón do trunfo. Por iso cantos se alistan debaixo da bandeira que el leva erguida, xa nunca máis o abandonan, xa nunca desertan.

¿Non é isa a millor proba de que o porvir lle ten gardado o trunfo definitivo?

Eí vai, pois, ista folliña de loureiro, pra coroa do trunfador; aí vai este recordo pró amigo e compañeiro; aí vai este meu homenaxe pró fundador do periódico onde todas as somanas vos ousequiu cunha lería tan deslabazada, que non sei, queridos leutores de *El Tea*, como xa non me tendes mandado coa gaita pra outro turreiro.

E non vos marchedes hoxe de eiquí, sin berrar comigo:

¡Viva o insine loitador D. Amado Garra!

Chuco de Canedo

Caetaniño

Calistro de Meira e súa muller Namesia Brántega, son un par de parbos, cada un polo seu estilo.

A el, que é zapateiro de aldea, dálle polo señorío, e cada vez que deixa o tirapé e a banquilla e se viste pra saír á rua, parez mesmo un señorito da vila, fora a ialma.

A ela non dá por nada, porque ten o cabazo tan valeiro, que de alí non sai nunca unha idea.

Fai canto Calistro lle manda, e nada máis.

E é quen lle di como se ha de vestir, o que ha de mercar, que comida lle ha de poñer, e todo.

Se por cuaselidá, el se esquece un día de lle decir:

—Namesia, ponte a facer a comida e hoxe pon patacas con berzas, porque berzas con patacas, xa as puxeche onte, —pode contar con que aquel día, cando chegue a hora do xantar, como non se poña a roer un par de contrafortes ou unhas viqueiras, outra cousa non ha ter con que lle dar que facer ós dentes.

Aquilo, rialmente, non é muller, senón un tentemozo, vestido de saias.

Calistro berra con ela pola mañán, pola tarde e pola noite, mais é coma si chilriara un carro.

Un día foron a unha romaría e levaron consigo un meniño que tiñan, de dous anos e medio de edá, chamado Caetano.

Había moita xente na festa, e Calistro, co medo de que se lle perderan a muller e o fillo, mandoulle á Namesia que se sentara nun banco de pedra que había no adro, e que tivera coidadiño do neno, mentras el iba dar unha volta por alí.

Sentouse ela, co picariño ó lado, e el foise dar unha volta, según dixerá.

Como iba vestido á moda dos señoritos da vila, non se xuntaba cos probes labregos, sinón coas persoas de máis tona da parroquia, como o crego, o médico e o escolante, que como se divertían moito coas parboxadas que el ceibaba por aquela boca, procuraban de cote telo á súa veira.

Aquel día, non ben se tiña soparado da muller, foi buscar algún dos seus amigos, pra dar a volta que pensaba dar.

Alcontrounos ós tres xuntos, e ó lado deles, pasóuselle cuasque toda a tarde.

Perto da noite, lembrouse da muller e o fillo, e foi buscalos onde os deixara.

Alcontrou á Namesia no mesmo sitio e pousada no mesmo banco. O que non estaba alí, era Caetano.

—¿Onde vai Caetaniño? —perguntoulle á parenta.

Coma si despertara dun sono, quedou ela ollando pra el, sin saber que decir.

—¿Onde vai Caetaniño? —volveu a perguntar Calistro.

—Non sei —respondeulle ela.

A parba da muller nin xiquera tiña reparado na falta do meniño.

Calistro púxose moi incomodado; encomenzou a berrar con Namesia, e concuriu decíndolle en castellano, porque a el gustáballe emprear ista lengoa diante de xente.

—Tú eres talmente peor que las jallinas, porque siquiera ellas recogen sus polluelos, y tú non reparaste que te faltaba el higo.

E marchou pola romaría adiante en busca do fillo.

—¡Caetaniño! —berraba pra ver si o rapaz lle respondía.

—¡Caetaniño! —decía por antre os postos de comidas e bebidas.

—¡Caetaniño! —encomenzaron a decir algunhas persoas de boa voluntá que lle axudaron a buscar o meniño.

—¡Caetaniño! —resoaba por antre os beiladores.

—¡Caetaniño! —oíase debaixo dos carballos.

—¡Caetaniño! —berraban cen voces no adro.

—¡Caetaniño! —aguergaban os músecos e o gaitero, deixando de tocar.

—¡Caetaniño! —respondía o eco lexano.

E ó cabo de cinco minutos, non se oía en toda a romaría, e hastra nos seus arredores, mais que unha berrería infernal:

—¡Caetaniño! ¡Caetaniño! ¡Caetaniño!

¡E o condanado Caetaniño sin aparecer!

O pai volvíase tolo, os amigos trataban de consolalo, as mulleres choraban de lástima, e o crego rezáballe a San Antonio, pra que aparecera o rapaz.

Os beiladores, nin ánimos tiveron pra seguir beilando; os músecos salo-ucaban en vez de tocar, e hastra o fogueteiro perdeu as ganas de seguir disparando os foguetes en que tiña posto carros de cencia.

Soilo Namesia estaba como unha estauta. Parecía que nada daquilo lle importaba.

Desfíxose a romaría, e cando a xente encomenzou a desfilar, díxolle Calistro á Namesia:

—Vaya, érjete de ahí e vamos pra la nuestra casa, que hoy me parece que te voy medire las costelas con el tirapié.

Ergueuse Namesia, e cal non sería o asombro da xente ó ver que debaixo do banco, oculto polas saias da nai, estaba Caetaniño, rindo maliciosamente, como si comprendera que por culpa del se tiña desfeito a festa!

Chuco de Canedo

Un ferreiro entendido

Hai un ferreiro na miña veciñanza, que ten sona de ser moi entendido. Xa o di el, convencido das súas habilidades.

—A min todo se me dá na man.

Eu acostumo pasar algunhas horas con el, porque somos amigos vellos e porque cando non teño outra cousa que faguer distraime moito a súa leria.

Fai poucas tardes, alcontrábame eu co ferreiro, latricando acerca do que teñen mudado as cousas dende os tempos da nosa mocedad, cando entrou un rapaz correndo na ferrería e díxolle ó maistro:

—Señor Mateu, veña axiña, que aló embaixo hai un automóvil parado, e fai falta un home entendido pra botalo a andar.

—Alá vou en seguidiña —respondeu o ferreiro.

—¿E ti entendes de automóviles? —pergunteille eu, que nunca lle tiña visto arregrar ningún.

—Nunca os vin diante, a non ser cando pasan levados do demo por diante da ferrería; mais non importa. Xa sabes que a min todo se me dá na man.

E dispúxose a marchar.

A min pasábame como ó ferreiro, que nunca tiña visto un automóvil, mais que cando pasaban correndo por diante de min, e quixen aproveitar a ocasión pra ver un de perto.

Marchei con Mateu, e uns catrocentos metros máis abaixo da ferrería, alcontramos o automóvil parado no medio da entrada.

O dono, según el mesmo nos contou, acababa de casarse. O pai tiñalle regalado o automóvil, pra facer o viaxe de novio, e a pouco de encomenzalo, prantábaselle o coche sin querer andar pra diante nin pra atrás.

O bo do mozo confesounos que como era a primeira vez que guiaba un automóvil, non o entendía ben. Por iso mandou buscar unha persoa entendida.

—Pois eiquí estou eu —respondeulle Mateu.

—¿Y V. cree que se arreglará pronto? —perguntoulle a muller do dono do automóvil, que era unha rapariguiña xeitosa, bunita e lanzal, que mesmo daba xenio.

—Custión de poucos minutos —respondeulle o ferreiro.

Encomenzou a dar voltas ó redor do automóvil, e eu comprendín axiña que non sabía por onde lle meter man.

Dimpois de moito buscar, deu coa maneira de abrir as cubertas do motor, e en canto se alcontrou con iste diante dos ollos, mesmo se lle foi o color.

Aquilo era tan complicado, que cuasque non se astrevía a chincarlle.

—En boa te meteche —díxenlle polo baixo.

—Si, respondeume picado no seu amor propio, —pero xa sabes que a min, todo se me dá na man.

Púxose por fin a fuchicar, e eu dixen pró meu chaleque:

—Iste acaba por escangallar o motor.

Non o escangallou, porque co medo de non saber dimpois armalo, non se astreveu a quitar ningunha peza do seu sitio.

—El motore está en perfeuto estado —díxolle ó dono. —Vamos ver el resto.

Agachouse, púxose a mirar por debaixo, reconeceu os eixos e as rodas, e non alcontrando nada de particular, aguergou.

—Pos el resto, también está perfeutamente.

—¿Y entonces por qué no anda? —preguntou o dono.

—Veremos, veremos si lo facemos andar.

Tapou o motor, e díxolle ó matrimonio.

—Suban e a ver si anda agora.

Subiron, púxose el detrás do coche, pegoulle un empuurrón, e nin así andivo o raio do automóvil.

—Confesa que ti non entendes disto —díxenlle eu rindo, a Mateu.

Non respondeu, mais botoume unha ollada, que coidei que me comía.

Nisto achegouse o rapaz que tiña ido chamar ó ferreiro, e díxolle ó dono do coche.

—¿Por que non le bota bencina? Fai pocos días tamén se paró eiquí un automueble; el dono le botó un par de caldeiros de bencina, e el automueble echó a correr, que mesmo parecía que lo empuurraban los angelitos.

—¡Es verdad, que no nos habíamos acordado de la bencina! —respondeu o dono batendo na frente.

—¿Y aquí hay bencina? —aguergou.

—Sí, señor. Naquela tenda.

O ferreiro oía todo isto con cara de decir:

—Pero ¿como non se me ocurriu isto a min?

Reposto o automóvil de bencina, marchou carreteira arriba, e o ferreiro, que agoardaba unha boa recompensa polo seu traballo, soilo recebiu estas palabras que o dono do coche lle dixo antes de arrincar:

—Adiós, y ya tendré en cuenta sus servicios para otra vez.

Chuco de Canedo

Un burro afertunado

Non hai cousa máis caprichosa que a sorte.

Cando lle parez, fai a felicidade dunha persoa, e anque ela non faga caso ningún do diñeiro, échelle a casa de cartos, e hastra nos malos negocios llos fai gañar a ríos.

Outras veces empéñase en afundir un home, e non para de andar coa súa roda, hastra que o consegue.

Teño eu un amigo, Martiño das Cóchegas, que é un home de ben, traballador, bo veciño, moi amigo dos seus e dino por todos os conceptos, da millor fortuna.

Pois a sorte empeñouse en levarlle a contraria en todo, e non hai cousa en que el se meta, que lle non saia mal.

Pra que vexades hastra onde chega a súa mala fada, vouvos contar o que lle acaba de suceder.

Alcontrábase na vila e quixo ir ver unha función que daban nun circo de *caballitos*.

Co billete que mercou pra entrar, déronlle unha rifa que tiña o número 29.

Perguntou pra que era aquilo, e contestáronlle que a empresa tiña acordado sortear un burro antre as persoas que foran á función, e que pra iso lle daban aquel número.

—Pois a min escusaban de darmos —dixo pró seu chaleque, —porque ó fin, como nunca me tocou nada, tampouco me ha de tocar agora o bo do burro.

Encomenzou a función, e ó chegar o descanso, fíxose o sorteo publicamente, no medio da pista.

E contra o que Martiño coidaba, tocoulle a el o xumento.

—Vaia —escramou cando viu que saía o número 29 —seica xa se cansou a sorte de perseguirme.

—La persona que tenga el número 29 —dixo o artista que tiña feito o sorteo —puede pasar por la cuadra al terminar el espectáculo, para recoger el burro.

Martiño das Cóchegas non sabía o que iba facer do animalíño, porque non tiña cuadra nin cousa en que empregalo, e coidou que non querendo o burro, daríanlle en diñeiro o valor do cuadrúpedo.

Pero alcontrouse con que non foi así.

—Si no quiere el burro, déjelo —contestáronlle cando porpuxo que lle deran os cartos, —pero nosotros no damos nada por el.

Non tivo máis romedio que coller o burro, porque lle doía deixalo dimpois de terlle tocado, e tamén porque lle parecía que non debía despreciar a sorte.

—Boeno —dixo cando se alcontrou co burro na rúa —¿e onde vou eu agora con este compañeiro?

Marchou con el prá fonda; pediu que llo deixaran gardar anque fora no portal, hastra pola mañán, e dixerónlle que aquilo non era cuadra.

Marchou pola vila adiante en busca dunha cuadra, e anque deu con algunhas, non lle quixeron gardar o animalíño.

Nunhas decíanlle que non había sitio, e noutras que non querían comprometerse, pois quizabes o burro fora roubado.

Nestas e noutras, pasóuselle a noite, e como pola mañán tiña que arregrar uns asuntos, o burro era un compañeiro que non podía levar consigo.

Encomenzouá parecerlle que a sorte lle tiña xugado unha mala pasada.

Tratou de vender o burro, mais non era día de feira nin a ningún dos veciños a quen lles falou do xumento, percisaba da besta.

—Non, pois eu, tampoco cargo con el —dixo.

E deixouno solto, pra que fora pra onde quixera.

Mais o animalíño tíñalle collido lei, e pra onde iba Martiño, aló iba tamén o burro.

Botou a correr Martiño, e correu tamén o burro.

Meteuse nun café que tiña dúas portas, pra ver si lle fuxía por outra rúa, e o burro, como si lle conocera a entención, entrou a pos del.

E ó pasar por antre as mesas, tirou ó chan uns poucos de servicios, que Martiño tivo que pagar.

Por fin, púdolle xugar unha volta, e véndose libre do animal, respirou de cheo.

Foi arregrar os seus negocios, e percisamente cando saía de cobrar uns cartos, aparecéronlle dous guardias municipais, que o andaban buscando, co burro e unha chea de xente que recramaba non sei cantos centos de pesetas por danos que o xumento tiña feito.

O animalíño, cando se alcontrou sin dono, encomenzou a dar voltas pola vila, hastra que chegou a unha praza onde se vendía de todo.

Como non tiña comido nada dendes que saíra da cuadra do circo, levaba unha fame que mesmo adoecía, e ó alcontrarse diante duns postos de repolos, leituga e outras hortalizas, botouse a elas como un can danado.

Entornárono as vendedeiras, e ó fuxir, foi dar enriba dun posto de pratos, tazas e tarteiras, e alí fixo un estropicio que metía medo.

Botárono tamén daquel posto, e foi de encontro a unha tenda de panos e lenzos, onde tamén fixo diabruras.

E non parou de facelas hastra que toda a praza se ergueu en peso contra o raio do xumento, e dous municipais se fixeron cargo del, pra que o dono pagara todos os danos e perxuicios.

Chuco de Canedo

A noite que pasou un ladrón.

Fai poucas noites, íbame eu deitar cando sentín que me batían á porta.

Fun ver quen era, e alcontreime co criado de D. Cepriano Fontela, un veciño meu, home acomodado dabondo e boa persoa.

—De parte de meu amo —díxome o criado —si pode vir agora onda el.

—¿Pasa algo malo?

—Que eu sepa, non, señor.

—Pois dille que vou axiña.

Volvín a poñerme as prendas que xa me tiña espido, e marchei a casa de D. Cepriano.

—¿Que pasa? —pergunteille a iste cando cheguei aló.

—Que vou ver se pillo un rato, e quería que vostede me acompañase.

—D. Cepriano, polo Cristo de Canedo, que isto non se fai.

—¿O que?

—Sacar un home da súa casa, cando se iba deitar, pra que axude a coller un rato.

—Non, que el é de dúas patas.

—Iso é outra cousa.

D. Cepriano tiña recibido por aqueles días uns xamóns de moito mimo e según soupera, aquela noite iban ver si llos roubaban.

Un dos que estaban no allo, arrepentírase, e foille contar que o seu compañeiro Alberte Cirolán, fora quen proieutara o roubo, que como digo, coidaba facer aquela noite.

Os xamóns estaban na adega, colgados pertiño dunha ventán enreixada e cuberta con tela metálica. De maneira que non había máis que cortar os arames da tela, meter un brazo por antre a reixa, e a pouco custo, xa se collían os xamóns.

Cando todo isto escoitou D. Cepriano, decidiu cobrar caro o astrevimento do ladrón, e pra que eu fora testigo do que iba facer, era pra o que me mandara chamar.

Puxo unha persoa axexando por antre as madeiras dunha ventán, pra ver cando Alberte chimpaba por enriba da muralla do lugar, e así que a tal persoa lle avisou de que xa o rato tiña entrado, fúmonos el e mais eu pra a solaina.

A ventán da adega, estaba mesmo debaixo da solaina; de tal sorte, que o ladrón non podía saír sin que nosoutros o víramos.

—Está boa noite ¿verdá? —díxome D. Cepriano, falando bastante alto, pra que o ladrón oíra.

—Moi boa —contesteille. —E logo, con este luar tan craro, inda é máis bunita.

—A verdá é que non dan ganas de deitarse.

—Abofellas que non.

Seguimos falando deste xeito, hastra que dixo D. Cepriano:

—¿Non sabe que merquei unha escopeta?

—Non sabía.

—E moito millor que a que tiña. Voulle traer as dúas; pra que compare.

Trúxoas e encomenzamos a ensaminalas, movendo moitas veces os gatillos, pra que o ladrón non dudase de que estabamos armados.

E pra asustalo inda máis, D. Cepriano trouxo tamén municións e encomenzamos a falar delas, decindo se istas eran millores que aquelas ou si estoutras daban millor resultado.

Xa levabamos ben dúas horas longas de leria, e o ladrón non daba señas de vida. Debía estar máis morto que vivo.

Seguimos latricando, sin quitar de alí as escopetas, e anque a min xa me daba o sono, aguantábame, non soilo por respecto á D. Cepriano, siñón tamén pra castigo do lagarteiro.

Perto da unha da madrugada, dixo D. Cepriano:

—Tiña que madrugar hoxe, e como agora logo amañece, dábanme ganas de agoardar ó día nesta solaina. Si vostede me acompaña, Sr. Chuco, botamos unhas briscas ou porbamos dos xamóns que recibín estes días.

—Pola miña parte, non hai incomeniente.

Chamou D. Cepriano por un criado que nos trouxo mesa e baralla.

Logo deulle a chave da adega e ordenoulle que fora buscar un bo xarro de viño e un xamón dos novos.

E vai armado —aguergoulle —porque ó millor anda por eí algún amigo do alleo. Toma, leva ista escopeta, e si ves algo que bule, zorrégalle un tiro sin medo ningún.

Marchou o criado coa escopeta colgada da ombreira, e cando volveu, co xamón e o viño, perguntoulle o amo polo baixo:

—¿Viches algo?

—Si, señor. Vin Alberte escondido detrás dun caniño, pro fixen como que o non vía. E iso que o probe tremía como unha cana verde.

—Está ben.

—Xugamos, bebimos e comimos xamón, dedicándolle a este último longos e cumpridos alaudos.

Dista maneira pasóusenos a noite, e cando xa era cuasque día craro, colleu D. Cepriano uns ósos do xamón, asomouse á baranda de pedra da solaina e dixo pra baixo:

—Alberte, si non morreche co medo, colle istes ósos e róeos en pago da noite que pasache, e outra vez que penses vir á miña casa, entra pola porta e pide premiso.

Chuco de Canedo

Un bo consello

Alcontreime fai un pouquerrichiño con Antón Gramallado, que iba todo contento, poque acababa de gañar cen duros.

E digo que os acababa de gañar, non porque llos deran en pago de algún traballo ou porque lle tocaran á lotería. Gañounos, porque os tiña perdidos, e recuperounos, gracias ó consello dun abogado que lle eu recomendei.

Fai custión de quince días, foi Antón á vila facer uns pagos, que importaban ó redor de 500 pesetas. Como inda era cedo cando chegou, pra ir ós sitios onde tiña que levar os cartiños, votouse a pasear pola vila. Pro antes deixoulle os cen duros a un tendeiro amigo seu, pra que llos gardase, non fora facer o demo que llos furtasen.

Cando lle pareceu que era hora, foi buscar o diñeiro, e alcontrouse con que o tal amigo, negoullo en redondo.

—Vostede eiquí non deixou nada —decía o ladrón aquel.

—¿Como que non deixei? —contestaba todo afrixido Antón.

—Non deixou, non.

—¡Se inda non fai dúas horas!... ¿Vostede non se lembra?

— Do que me lembro é de que vostede estubo eiquí botando unhas copas de augardente.

— ¡Soilo me faltaba isto!... ¡Enriba de negarme os cartos, chamarme borracho!

—E lísquese axiña de eí, sinón mando vir un guarda, que o leva preso.

Non tivo Antón máis romedio que marchar de alí.

Tornou pra Canedo, foime buscar, e ceibando bágoas como feixóns, contoume o que lle tiña socedido.

—Olla, Antón —dixenlle cando concruíu de contar, —eu non sei que aconsellarte, porque o caso é serio. Mais o que podo facer é recomendarche un bo abogado. Éche D. Fulano. Vai onda el.

Foi, e logo contoume o que lle tiña aconsellado: que collera outros cen duros e que, acompañado dun amigo, fora levarllos ó tendeiro. Que lle pedira perdón por se ter enganado antes, coidando que fora a el a quen lle deixara os outros cen duros, e que en proba de que lle merecía toda a confianza alí lle iba deixar aqueles.

Non comprendín ben porque mandaba facer o abogado aquilo, mais como tiña fe nel, dixenlle a Antón que seguira o consello ó pé da letra.

Fíxoio, e foille dar conta ó abogado.

—Boeno —dixolle iste. —Pois agora vaia vostede soilo, e pídalle os cen pesos derradeiros.

Foi Antón, e o tendeiro, como llos tiña entregado con testigo, non se as- treveu a negarllos.

Cando lle foi dar conta disto ó abogado, respondeulle iste:

—Xa caiu o tendeiro na rateira.

Agora volva vostede onda el, mais vaia acompañado do amigo que lle viu entregar os cen duros, e pídallo.

Outra vez obedeceu Antón, e cando lle dixo ó tendeiro.

—Veño buscar os cen duros que lle entreguei diante diste amigo.

Respondeu o trapalleiro do negociante:

—¿E non llos devolvín fai un pouco?

—Vostede non me devolveu nada.

—¿Como que non, si foi eiquí mesmo, inda non fai unha hora?

—Pois presénteme testigos de termos devolto, como eu lle presento un de terllos entregado.

Non hubo volta: o tendeiro tivo que ceibar as 500 pesetas, e Antón, dimpois de lle ir pagar con largueza ó abogado, viume contar todo isto, máis contento, que si fora ó outro mundo e volvera.

Chuco de Canedo

Un cargamento de odres

Coidei que non chegaba a tempo pra estar hoxe neste turreiro. Porque eiquí onde me vedes, véñovos de facer un viaxe ó estranxeiro.

Teño eu un compadre que de pequeno marchou pra Oporto.

Alí casouse cunha rapaza do país, que ó morrerlle o pai, herdou unhas terras en San Mamede de Infesta¹.

Foise o matrimonio pra aló, e o meu compadre Xan, convertiuse en labrador.

Traballou con fortuna, e hoxe é un dos máis considerados naquela parroquia do Douro.

Fai ben tempo que me tiña convidado pra que fose pasar uns cantos días con el, mais eu nunca podía ir; hastra que, fai uns cantos días, puxen o mundo por monteira e boteime ó camiño, sin coidarme do que eiquí deixaba.

Paseino moi ben. O compadre e a parenta, tratáronme a corpo de rei.

Boa mesa e boa cama, eran os dous principais ousequios que me fixeran.

Así era que si me custaba traballo erguerme da pirmeira, tampouco era fácil erguerme da segunda.

Quer decir que si comía ben, inda durmía millor.

Cando estaba á mesa, xa me podían levar a noticia de que me morrera a porca grande: era o mesmo que si me dixeran que lle deran as vexigas ó primeiro ministro do Congo.

E cando me alcontraba dormindo, xa podían facer canto quixeran, que eu non despertaba.

Mais unha noite foron tantos e tan fortes os golpes que deron á porta da casa que concurín por despertarme.

Oín logo que Xan falaba alto non sei con quen, e anque nadie me chamaba, fun ver que era aquilo.

¡Que había de ser! Que un veciño de Xan, dono dun estabrecimento de viños e de comidas, viña buscalo, pra que aparellase o carro de bois e levase un feixe de borrachos a Oporto.

¿Coidades que é mintira? Pois si, un feixe de borrachos.

Eran estes uns cantos fidalgos da vila, que tiñan ido de esmorga a San Mamede de Infesta.

E tanto se tiñan enchido de viño que caíron cada un pró seu lado, talmente coma porcos, e alí quedarán no chan, sin falar nin dar á man nin á pé.

¹ Fai referencia á vila e freguesía portuguesa do municipio de Matosinhos, a carón de Porto (Portugal).

O dono do establecemento non quería ter aqueles fardos alí, e lembrouse de Xan, pra que os levase no carro.

—Mais si eu non sei quen son nin onde viven —dixo meu compadre.

—Seino eu —respondeulle o taberneiro —e doulle unha lista.

—Mais como non sei ler...

—Iso non é inconveniente —dixen eu. —Vou eu contigo.

—Sendo así vamos axiña.

Aparellamos o carro e fumos buscar os borrachos.

Custou un traballo enorme metelos no carro, mais por fin acomodámoslos todos.

Quer decir; acomodalos, non: o que fixemos foi botalos uns enriba dos outros, como cadrou, e atalos logo cunha corda, pra que non caíran.

Botamos a andar, e así que chegamos á casa do primeiro, batemos á porta.

Perguntaron por unha ventán:

—¿Quen?

—Veñan buscar o seu fillo, que eiquí está neste carro, sin se poder movere.

—Ai, meu Deus ¿e logo que lle pasou?

—Nada, que bebeu de máis.

Viñan recollelo, e aquilo era unha comedia.

Como nosoutros non os conecíamos, tiñan os parentes que encomenzar a revolver ante aquel monte de borrachos hastra que daban co seu.

—Na miña vida che vin cousa como ela —decíame dimpois o meu compadre. —Teño feito moitos carretos de viño; mais en odres humanos, foi este a primeira vez.

Chuco de Canedo

O tesouro do tío Xerómino

Non sei por que, o tío Xerómino da Espedregada, tiña gañado sona de rico.

Que eu soupera, non tiña máis que unha casiña pouco máis grande que un cortello, sin horta, resalido nin nada.

Traballou de xornaleiro hastra que pudo, e cando non, dedicouse a pedir.

Eu tiña tido que entender nalgún asunto seu, e sabía que pedía por verdadeira necesidá.

Pois a pesar diso, a xente deu en decir que o tío Xerómino tiña cartos e que pedía limosna por avarento.

Dista mesma opinión era un sobriño do vello.

O tal sobriño era o parente máis prósimo do tío Xerómino, e polo tanto, o seu herdeiro.

Algunhas veces, falando comigo, decía todo convencido:

—Esta vidiña arrastrada que eu levo, a traballar prós demais, ben pronto se me ha de acabar.

—¿E logo pensas morrer axiña? —preguntáballe eu.

—Non, señor. Mais como meu tío está cun pé na coba, é natural que non tarde en meter o outro, e estonces sou rico.

—Si, coas catro pedras que che deixa.

—Non é coas catro pedras, sinón co que hai antre elas, co que eu hei de ser rico.

—¿E ti tamén eres dos que coidan que o tío Xerómino ten cartos?

—Tan convencido estou diso, que hastra me parece que sei onde ten as onzas e as moedas de cinco duros escondidas.

—¡Onzas e moedas de cinco duros!... Tomara el un can grande pra unha taza de caldo...

—Vostede pensa que meu tío, porque anda a pedir, que é un probiño.

—Eu o que penso é que, cando morra o vello, vas levar un desengano, que si non adoece, será un milagre.

—Xa veremos si o levo eu ou vostede.

—Boeno, pois xa o veremos.

Andivo o tempo, que outro oficio non ten, sinón o de andar de cote pra adiante, e unha mañán apareceu morto o tío Xerómino.

Viñeron as autoridades, e o médico da xusticia, dixo dimpois de ver o cadavre:

—Morreu de fame.

—Por non gastar —dixeron os veciños.

—Por non ter que comer —dixen eu.

—Vostede é parvo —respondérome.

—Millor pra vosoutros, que sodes listros.

Enterrouse ó tío Xerómimo, e o sobriño tomou posesión da herencia, ou sea da casiña cos catro farrapos que había dentro.

E dende aquel punto e hora, o tal sobriño non se coidou máis que de alcontrar as moedas que o vello tiña gardadas.

Foi ollar dentro dunha arca vella, e alí non había nin frangullas. ¡Houbérais elas, que entón non morrera de fame o tío Xerómimo!

Desfixo o xergón de palla onde morrera o vello, e tampouco alí estaban os cartos.

Revolveu cantas trapalladas había na chouza, e tivo o mesmo resultado.

—¿Xa deche cos cartos? —pergunteille eu un día, ó saber que andaba poñendo todo cos pés pró aire.

—Inda non; máis han de aparecer.

Cando se convenceu de que non estaban antre os farrapos nin nos moles, tratou de buscalos no que constituía a casiña.

E entroulle tal ansia polos cartos do vello, que hastra deixou de ir a traballar, pra buscalos.

Dende a mañán hastra a noite, non facía outra cousa que revolver por eiquí, buscar por acolá, arrincar unha táboa dun lado e sacar unha pedra do outro.

Esquenceuse de comer, fuxiulle a gana de dormir, e sin pensar máis que nos amaldizoados cartos, foise quedando talmente nos ósos.

Por último, xa non era el, sinón un esqueleto o que andaba antre aquelas catro paredes buscando un tesouro que nunca tiña habido.

Como lle iban faltando as forzas, custáballe traballo moverse; mais así e todo, levantou o tellado, por si as onzas estaban antre as tellas; removeu todo o chan, por si estaban as moedas enterradas, e finalmente desfixo as paredes, coindando sempre que iba hachar o recondanadísimo tesouro.

Chegou ós cimentos, e unha tarde, loitando coas ansias da morte, topou un oco, que formaban unhas pedras daqueles.

Fixo un derradeiro esforzo, apartou unha lousa que non lle deixaba ver o que había alí, e caíu morto enriba dun niño de ratos, que foi o único tesouro que alcontrou na casa de seu tío.

Chuco de Canedo

O boi solto

A nosa terriña, ten refráns pra todo. Pro hai refráns dos nosos, que non sempre son verdadeiros.

¿Conecesdes un que di que o boi solto ben se lambe? Pois iso de que o que está soilo vive millor que o que está acompañado, como quer decir o refrán, non é certo en todas as ocasións.

E vóuvolo porbar cunha hestoria verdadeira.

Certo conecido meu tivo en tempos unha tenda.

O home estaba solteiro e percisaba quen lle fixera de comer, porque el diso non entendía.

Axustou coa dona dunha casa de comidas que había perto da tenda, e aquela mandáballe todos os días o almorzo, o xantar e a cea.

Mais fora porque a cociñeira era pouco entendida ou porque o tendeiro non lle ispiraba ningún enterese e pouco lle importaba que comera ou non, o conto é que a comida que lle mandaban á tenda, cuasque nunca estaba no seu punto.

Unhas veces iba requeimada e outras cruda; si ó almorzo lle faltaba sal, ó xantar botáranllo a puñados; cando pola mañán andiveran polo aire as especias, á noite levábaías a cea pra catro somanas.

O bo do tendeiro levou isto con pacencia nos primeiros días, e porcuraba remediar o que a cociñeira lle mandaba mal arregrado.

Si á comida lle faltaba sal, botáballe el o necesario; si polo contrario lle sobraba, añadíalle ó prato que fose agua ou aceite; si eran especias as que andiveran escasas, añadíalle as que ben lle parecían, porque xa dixeran que el disto non entendía.

Mais chegou un día en que se lle acabou a pacencia, arregrou as contas coa dona da casa de comidas e porpúxose facer el mesmo de almorzar, de xantar e de cear.

Mercou un libro de cociña, que lle foi moi bó pra envolver pimentón, mais non pra cociñar.

Perguntou desimuladamente ás criadas que lle iban comprar á tenda, e anque non todas lle contestaban ó dereito, foi aprendendo algo delas.

Con iso e con que a práctica lle iba ensinando, conseguiu ir frixindo uns ovos sin romperlle a xema, cocendo un bacallau con patacas sin que se lle apegasen istas ó cú da tarteira, facendo un bo cocidiño co seu xamón e o seu chouriço, e outros pratos que si non eran esquesitos como pra un banquete, matábanlle a fame e deixábano satisfeito, porque xa se sabe que barriga chea, a Deus alauda. E iste refrán si que é certo do principio ó cabo.

Craro que os primeiros días pasou cuasque fame e outros tivo que facer de tripas corazón, pra poder engulir os comistrallos que saían da súas mans; mais non tardou en collerlle o xeito, porque non hai cousa que máis milagros faga, que unha boa voluntá.

Pareceulle un día que aqueles pratos que el facía, eran cousa ordinaria, e quíxose meter nalgo de máis importancia. Mercou un coello, e ordenou todos os preparativos, pra asalo.

E cando xa o tiña ó lume, apareceulle pola tenda unha parroquiana, que cando iba por alí, nunca tiña presa.

O tendeiro, cando a viu entrar, pensou no seu coelliño, e puxo unha cara, talmente como si o pillara unha boa tronada no medio dun monte.

Pro tomouno con pacencia, porque a parroquiana facíalle moito gasto, e non era cousa de despedir a un dos millores sosténs da tenda.

Encomenzou a muller a pedir o que percisaba, e foi mezcando unhas hestorias que ó tendeiro lle importaban tanto como os cabelos de San Pedro, que según di a hestoria, era calvo coma un seixo.

O tendeiro levaba isto, como vos digo, con pacencia, mais non con tanta que chegara a non facer caso do coello. Facía, si, mais non lle podía valer.

Inda a parroquiana non tiña pedido a mitá das cousas que percisaba, e empezou a sentirse na tenda un cheiro a carne queimada, que metía compasión.

—¡Ai o meu coelliño da miña ialma! —decía pró seu chaleque o tendeiro.

Mais non podía facer outra cousa.

Marchouse por fin a parroquiana e o bo do home prantouse dun pulo na cociña. Pro xa era tarde. ¡O coello era un vivo carbonciño! Parecía un condenado recén saído das fogueiras do inferno.

Agarrouno polo rabo e zorregouno tan alto, que lle parez que inda hoxe non caíu.

E dende aquel día pensou formalmente en casarse, porque comprendeu que o boi solto, non sempre se lambe ben.

Chuco de Canedo

Xa teño un herdeiro

Teño eu un amigo, Damián da Barafunda, que o é dende o tempo da nosa infancia.

E por ser inda máis amigo meu, non se quería casar, porque eu non me casaba e porque decía, como eu, que o casarse era unha loucura.

Mais un día, fai catro ou cinco anos, viume coa noticia de que iba deixar de ser solteiro.

—¿Logo ti claudicas? —pergunteille.

—Claudico.

—¿E que fixeche da túa firmeza?

—Abatina ante a perspeutiva dunha boa herencia.

—Sendo así, estás desculpado. Pero conta como é iso.

—¿Coneces a Marcela Batelán?

—Conezo.

—¿E que che parece dela?

—Con franqueza che digo que non me gusta.

—Mais gústame a min.

—Craro, porque si non che gustara, non te casabas con ela. Pero quero decir que lle non encontro cousa de particular.

—Mais eu acábolle de descubrir un mérito anorme.

—¿Cal?

—Que ten un tío na Habana; que este tío está moi rico; e que o único herdeiro que ten, é Marcela.

—Pois cástate axiña, que iso xa non é loucura, sinón xuicio.

Casouse e non foi feliz. A muller saliulle máis ruín que un dolor de moas, e amais diso, encomenzou a darlle fillos, que aquilo era un ben de Dios.

Un día presentóuselles o tío na casa, e isto que pudo ser a felicidade do meu amigo, foi a súa comepreta desgracia.

O tío tíñase posto enfermo, e os médicos da Habana recomendáronlle que dese unha volta pola terriña.

Viu, e en lugar de morrer, pra deixar axiña os cartiños, curouse cos aires galicianos, e dispúxose a tornar pra Habana.

E non foi iso soilo, senón que un veciño que tiña unha filla bunitiña e lanzal, tanto lla meteu polos ollos, tantas estremonías fixo pra pillalo, tantos alaudos lle contou da rapaza, que o vello casouse con ela, e ó marchar pra Habana levouna consigo, como era natural.

Non vos quero decir, porque non acabaría hoxe de contalo, canto tiveron que faguer pra que Damián non fixese unha barbaridá, cando soupo que se lle casaba o tío.

—¿E pra isto me casei eu? —decía todo cheo de desesperación.

—Ten pacencia, home —decíalle eu —que as cousas deste mundo son así, que sempre salen ó rivés de como un as desexa.

—Mais eu non me podo resinar con iso.

—¡Que remedio che queda!

—Eu mato ó tío, á moza ou ó pai da moza, que foi quen tivo a culpa de todo isto.

—¡Home! Non digas tal cousa, que poden morrer de morte natural, e dimpois bótanche a ti as culpas.

—Pois entón mátoios a todos e dimpois mátoime eu.

—¡Xesús!... Olla que non van a ter os preódicos papel dabondo pra contar tantas mortes.

—E si non, mato á Marcela, porque hastra agora aturábaia coa esperanza de que iba herdar; mais de aquí en diante, que quen herda é a outra, que a leve o demo.

—Ten pacencia, ho, ten pacencia, que todo ha de vir a ben.

Pouco a pouco foise calmando.

O tío e mais a nova tía escribíronlle logo cartas moi agarimosas, e con elas volveu a ter Damián a esperanza de herdar, si non todo, polo menos algo do que tiña o tío.

Mais esta mañán alcontreino con cara de quen se vai tirar ó río, nun sitio onde haxa ben auga, e ó perguntarlle que tiña, deume a ler unha carta do tío, que decía isto:

“Queridos sobriños:

Saberedes que vosa tía acábame de dar un herdeiro. Estou que non cabo en min de contento, por ter quen herde o meu nome e o fruto dos meus moitos anos de traballo.”

Chuco de Canedo

O estudante matuteiro

Cando eu estudaba en Santiago, adoitaba ir algunhas tardes ó Castiñeiríño, que é un lugar da carretera de Ourense, con algúns compañeiros.

Íbamos beber viño da Ulla, que anque é amargo coma o fel, era o máis barato que por alí se alcontraba.

En Santiago nunca houbo abundancia de viño, e coma todo vai de fóra, véndese caro de máis.

Así é que nosoutros, pra bebelo barato, anque fora coma un solimán, con tal que fora viño, íbamos como vos digo, ó Castiñeiríño.

Unha noite tornábamnos pra Santiago coas cabezas quentes e o corpo cugulado de viño, e ó pasar por diante do fielato que hai no fin da rúa do Hórreo, deunos por encomenzar a disputar si era fácil ou non meter matute.

—Eu dígovos que é fácil —decía un— e cando queirades fago a proba.

—Aceutado —dixemos os demais.

—Mais ha de ser cunha aposta.

—¿Cal?

—Que si eu paso o matute, vosoutros pagades unha merenda.

—¿E si non págala ti?

—¡Craro!

—¿E que é o que vas meter de matute?

—Un carneiro.

—¡Home, vai durmir a borracheira!

—¿Logo non queredes creer que sou capaz de metelo de matute?

—Non, porque un carneiro non é cousa que se poida ocultar.

—Pois apostar, e veredes si poido ou non.

—Boeno, pois apostado queda.

No outro día marchouse pola mañán ó Castiñeiro e entendeuse co dono da taberna onde acostumabamos ir beber, pra que lle proporcionara un traxe de aldea, un cadelo, un carneiro e un saco.

E encomenzou a maniobra de matuteiro.

Vestiuse coma os homes de aldea, meteu o cadelo no saco, botouno ó lombo, e marchou a carón de Santiago.

Cando chegou ó fielato, preguntáronlle os consumeiros:

—A ver ¿que leva no saco?

—Un can pra unha casa da vila.

—Hai que velo.

—¿E si me foxe?

—Vaya, amóstreio axiña, e déixese de leria.

—Olle que me vai fuxir, que el é listro como un allo.

—Si o non quer amosstrar por ben, vaino amosstrar por mal.

Xa se sabe que os consumeiros non teñen nada de finos nin de diplomáticos, e xa lle iban botar a man ó saco do finxido aldeán, cando iste accedeu a mostrar o cadelo.

Mais abriu tanto o saco, que o can pegou un pincho, e en menos de dous minutos, xa estaba de volta no Castiñeiríño.

Encomenzou o estudante a berrar cos consumeiros, rogándolle mil pragas por lle ter fuxido o can, e antre as risas daqueles, tornou pra atrás en busca do bicho.

Xa o taberneiro se tiña feito cargo do can, e o estudante, meteuno outra vez no saco e volveu con el pra Santiago.

Ó chegar ó fielato, tornaron os guardas a preguntarlle que levaba.

—¡Inda mo preguntan! —respondeulles —¿Non saben que levo un can?

—Hai que velo.

—Si, pra que me fuxa outra vez. E desta si que o non volvo a pillar.

—Pois non hai máis remedio que velo.

Fungando como o vento e lamentándose da súa negra sorte, volveu o estudante a pousar o saco, e ó abrillo, outra vez lle fuxiu o can.

Chorou, pateou, tirouse no chan, cuasque rompeu o chapeu a trabadelas, e tantas estremonías fixo, que os consumeiros acabaron por ter lástima del.

—Vaia buscar o can, ho —dixéronlle —que xa non tornamos a molestalo.

—¡Quen o pillara agora! —respondía o estudante saloucando que mesmo metía compasión.

—Poida que o alcontre logo.

—Nin que eu o non conecera...

Volveuse pró Castiñeiríño, e entón o que meteu no saco, non foi o can, sinón o carneiro.

Deixou pasar unha hora, e ó cabo dela, marchou pra Santiago.

—¿Ve como volveu a collelo —dixéronlle os consumeiros, coidando que era o can o que iba dentro do saco.

—Si, mais si viran que traballiño me custou...

—Pois léveo con coidado, pra que lle non volva a fuxir.

—Xa o levo, xa.

Despediuse deles dándolles moitas gracias e desexándolles moitos bens.

E como nos gañou a aposta, tivémoslle que pagar a merenda, que consistiu no carneiro pasado de matute.

Chuco de Canedo

O mal pagador

Rosende Castiñeira era moi mal pagador. E cuasque estou por decir que non era pagador, nin bo nin malo.

Parecía que o verbo pagar, non se fixera pra el. Cobrar, cobraba sempre, que niso non lle viña perxuício ningún, mais o que é pagar, custáballe máis traballo que deixarse arrincar unha moa.

Conecíanlle as mañas nos estabrecimentos da súa vila, e cando todos os tendeiros estiveron cansos de lle fiar e non cobrar, fecháronse a banda, e nunca máis ningún lle fiou.

Un día percisou Rosende mercar unhas camisas, e foise dereitiño a un comercio onde máis tardaran en retirarlle o creto.

Pediu as camisas, e o comerciante, curándose en salú, según se acostuma decir, contestoulle que lle parecía que non as había da súa medida.

—Parez mentira que as non haxa —respondeu Rosende.

—Parez, home, parez; pro é verdá.

—Pois eu son un home coma os demais.

—Mais por cuaselidá, arrematáronseme as da súa medida.

—Levareinas un pouco máis grandes.

—Tampouco as teño máis grandes.

—Pois entón, non tenderei outro remedio que levalas máis pequenas.

O comerciante comprendeu que non podía seguir negando que tivera camisas, e mandoulle ó dependiente que sacara as camisas do número tantos.

Estívoias mirando Rosende, púxoas diante de si, mediulle as mangas nos brazos del, e dixo por último:

—Un pouco pequeneiras son, mais ¡que diacho! Xa que non hai outras, levarei destas, ¿a como custan?

—A tanto —respondeulle o comerciante, pedíndolle algo máis do que valían as camisas, pra ver si as non levaba.

—Home, é moi caro. ¿Quer a tanto?

—Non pode ser, porque con isto da guerra, todo lle anda polas nubes.

Conseguiu Rosende que o comerciante lle rebaixara un pouco, e sacou a bolsa dos cartos, pra pagar.

O tendeiro quedou mesmo asombrado cando tal viu. Verdadeiramente, aquilo era pra asombrar a calquera: ¡Rosende pagando unha compra!... Vamos, que a cousa era pra poñer nos papeles.

Remordeulle ó comerciante a conciencia de facer levar a Rosende unhas camisas tan curtas que cuasque non iba caber dentro delas, e dixo como quen se lembra dunha cousa:

—¿Sabe que me parez que estaba eu enganado?
—¿En que, no precio das camisas? —perguntou Rosende.
—Non; no número.
—¿E logo?
—Que me parez que as teño da súa medida. Soilo que como estes días andivemos arregrando a tenda, non sei onde as metín.
E aguergou, virándose pró dependiente:
—A ver si vostede as alcontra.
O dependiente fixo como que buscaba, e cando lle pareceu deu con elas.
Escolleu Rosende as que lle pareceron millores e máis arregradas ó seu corpo, embrulláronllas nun papel, dimpois de axustadas, e cando sacaba outra vez a bolsa do diñeiro, fixo como que tamén se lembraba dunha cousa, e díxolle ó comerciante:
—Non me recordaba que teño que ir pagar a contrebución. E como non traio diñeiro dabondo pra todo, mañán lle pagarei as camisas.
E marchouse con elas debaixo do brazo, deixando ó comerciante e mais ó dependiente coa boca máis aberta que un buzón do Correo.

Chuco de Canedo

Peligro de morte

Neste mes de agosto, que hai festas por toda a banda, é moi defícel contratar unha música.

Todas elas están comprometidas dende moito tempo atrás, e aquel maordomo que se descuida, pasa dimpois as penas negras, pra alcontrar uns cantos músicos que lle vaian soprar na festa.

En certa aldea que eu sei, facíase todos os anos unha boa festa a San Roque.

O maordomo deste ano descuidouse no asunto da música, e pasoulle o que vos acabo de decir: que se viu negro pra alcontrar unha.

Todas cantas quixo contratar, xa o estaban pra outras festas, e o home coidaba que iba ter que facer a romaría sin música algunha, cando lle faloron dunha que había non sei onde.

Era mala (por iso inda non tiña sido contratada) mais ó maordomo da miña hestoria, non lle importaba iso. O que el quería era unha música, e si era mala, peor sería non ter ningunha.

Contratouna, pois, e mandou facer axiña na Imprenta de *O Tea*, uns anuncios encarnados e amarelos, pra pegar polas paredes.

Naqueles anuncios estaba escrito o programa da festa, e o primeiro de todo era isto:

Día 15.—A las cinco de la tarde, entrada de la brillante banda de música de Cancelas Podres, dirigida por el reputado maestro D. Matías Pelouro, conocido por el Zapato Retorcido.

O anuncio rechamante de que vos falo, fixo que toda a xente da comarca se despuxera pra asistir á festa de San Roque daquela aldea.

E moitos non agardaron ó día mesmo de San Roque, sinón que se prantaron alí na véspera, pra non perder siquera a entrada na aldea, da gran banda de música do Zapato Retorcido.

Deron as cinco, e a entrada da aldea mesmo fervía de xente.

Apareceu nunha volta do camiño, a célebre música, e inda antes de tocar, xa lle bateron palmas, aturuxaron os mozos e brincaron os rapaces.

Ó chegar onda o maordomo, que alí estaba diante de todos, o Zapato Retorcido saludouno moi finamente e deu orden ós músicos pra encomenzar a tocar.

Así que estiveron perparados, ergueu a batuta, e dixo:

—A ver... ¡A la una!... ¡Venja!

Baixou o pau, e encomenzou a saír dos instrumentos unha cousa que parecían notas.

Cheo de fachenda iba o Zapato Retorcido diante da cuadrilla que dirixía, como si levase detrás a música de Alabardeiros.

Os seus ollos iban dunha parte pra outra, buscando na expresión das caras dos veciños da aldea e forasteiros o bo efecto que el coidaba que facía a súa música.

Nestes viaxes, fóronlle tropezar as olladas, cun poste dunha liña eléutrica de alta tensión que pasaba por alí, pra unha vila prósima.

Como é costume, o poste tiña unha praca, ir avisar que non se debía arrimar nadie. E pra impoñer máis respecto, na praca había unha calaveira pintada, con dúas tibias cruzadas e este letreiro:

“No tocar. –Peligro de muerte.”

Ver todo isto e mudárselle o coor ó Zapato Retorcido, foi cousa dun verbo.

Virouse axiña prós músicos; fíxolles a señal de parar, e díxolles tremendo de medo:

—¡Alto!... Non toques máis, pola Virxen do Carmen; que sinón morremos eiquí todos.

Chuco de Canedo

A mala ollada

Estes días houbo festa na miña veciñanza. Casouse a filla de Gonzalo de Amarante co fillo de Marcelino Pequeno, e houbo lamberetada longa.

As dúas casas son ricas e ningún dos sogros quixo ser menos que o outro.

A festa da boda durou tres días compretos, e neles comeuse dabondo, bebeuse hastra cair, beilouse hastra cansar e fíxose, en fin, canto se pudo pra pasalo ben.

O xantar de cada un dos tres días era diferente do dos outros. E logo, cunha fartura, que Dios o abendiza.

Todos os veciños estabamos convidados, e ó chegar o terceiro día, xa o corpo nos decía:

—Abonda, que máis é morrer.

Anque na casa de Gonzalo de Amarante non se pasa fame nin se chora o que se come, Bastián nunca se vira nunha fartura coma a destes días, porque tamén nunca alí houbera boda.

Bastián comeu hastra fartarse de todo canto fixeron os cociñeiros que Gonzalo e Marcelino trouxeran da vila, e era tal a súa enchenta, que non sei como non estoupou como un foguete ó cabo do primeiro día.

Mais estaba de Dios que el non había de acabar a festa en paz co seu corpo, e así socedeu.

Pra cea do segundo día, tiñan porparado os cociñeiros, antre outras galdrumadas, unhas boas fontes de arroz con leite.

Como eramos moitos a comer, foi preciso porparalo en varios potes. E socedeu que todo o arroz saíu moi ben, menos o dun pote, que por descoido dun cociñeiro, esturrouse.

Púxose aquel pote pra un lado, e o bo de Bastián o Roxo, botoulle axiña os ollos.

A el non lle importaba que o arroz estivera esturrado: a custión era encher o brodio.

Mais tamén lle tiña botado os ollos Maripepa a Cacarañada, unha muller que tiña sido chamada pra axudar ós cociñeiros.

—¿E ti vas comer iso? —decíalle Maripepa a Bastián.

—¿E logo por que non? —respondía este.

—Porque che vai facer daño.

—¿E a vostede non?

—A min non, porque non penso comelo.

—¿Destonces pra que o quer?

—Pra un porquiño que estou criando.

Isto non era certo, porque ela non tiña na casa máis porco que o seu home.

Seguiron desputando, porque nin Bastián nin Maripepa querían perder o arroz, hastra que por fin chamaron a Bastián pra non sei que e Maripepa aporveitou a ocasión pra esconder o pote.

Cando volveu Bastián e non alcontrou o arroz, púxose como un can. Coidamos todos que adoecía.

Fixo que outro criado fose chamar Maripepa, con calquer pretesto, e mentras tanto, el encomenzou a buscar o arroz.

Deu con el, púxose a comelo cunha presa como si fixera unha somana que non porbaba alimento, e cando volveu Maripepa, xa tiña no corpo medio pote de arroz.

—Así reventes con el, condanado —foi o “que aporveite” que lle dixo Maripepa, cando viu, toda enrabeada, que Bastián lle limpara o arroz.

Non reventou, mais non lle faltou nin a roda dun carro. Pegoulle un entripado, que non parecía sinón que todo canto tiña comido de máis naqueles días, estábaselle poñendo de pé no estógeno.

Tirouse no chan da cociña e púxose a rolar dunha banda pra outra, dando ó mesmo tempo uns berros, que cuasque botaban a casa abaixo.

Acodiou xente, e Gonzalo de Amarante, dispuxo que se fora chamar axiña un médico.

—Non é custión de médico, Sr. Gonzalo —dixo Bastián cando tal orden oíu.

—Si, home, si —respondeulle o amo; —fai falta que veña o médico, pra que che dea un purgante.

—Dígolle que non é custión de médico nin de purgante.

—¿E logo?

—O que eu perciso é unha muller desas que sacan a aireada, porque o que eu teño, non é do arroz, senón da mala ollada que me botou a Sra. Maripepa, cando eu estaba comendo.

Chuco de Canedo

Un preguicento

Hai homes tan cheos de preguiza, que son capaces de se deixar morrer de sede á veira dunha fonte, por non pasar o traballo de chegar o bico ó cano.

Disa cras de homes é un que eu conezo, chamado Xusé da Espedregada.

Moitas veces, se a muller non lle vai poñer os calzóns e os zapatos, non é capaz de se erguer do leito. E inda dimpois hai que turrar por el, si non déixase quedar tumbado enriba da cama.

Unha día deitouse ó sol, no eido, e por non se erguer, pasou todo o día sin comer.

Outra vez tivo por forza que facer un viaxe; meteuse no tren, e cando chegou á estación pra onde iba, tiveron os empregados da Compañía que botalo fóra por unha ventanilla, coma quen tira un xergón, porque Xusé non tiña vontade nin pra se erguer do asento.

Unha noite estaba durmindo, e despertouno a muller decíndolle:

—Xusé, parezme que anda xente na casa.

—¡Déixame durmir! —respondeulle el, collendo outra vez o sono.

—¡Xesús, que demo de preguicento! Desperta, home, que seica temos ladróns na casa.

—Pois que agoarden hastra mañán.

E tornou a durmir.

Pró lado da cocíña, oíase un certo ruído, que era o que á muller de Xan lle parecía que podían ser ladróns.

A forza de chamar por el a súa dona, púxose a escoitar, e en efeuto, oíu tamén o ruído.

—E mais seica che é certo —dixo dimpois de se convencer de que andaba xente na casa.

—¿E que facemos? —respondeulle a muller, toda chea de medo.

—O caso é que eu non tiña ganas de me erguer.

—¿E si nos veñen matar?

—Iso sería o peor.

—Témonos que defender.

—Temos.

—¿E como?

—Deixa que recorde onde puxen a pistola.

—Está no queixón daquela mesa.

—¡Congrio, que lonxe está! Era millor que ti ma trouxeras.

—¿E vas agoardar a que cheguen hastra eiquí?

—Debía saírilles ó encontro, mais teño tanto sono, que nin ganas me dan de me erguer.

—Pois dimpois de que nos maten, abofellas que xa non fai falla que te ergas.

A todo isto, seguíase oíndo o ruído sospeitoso, mais como inda estaba lonxe, Xusé continuaba no leito, sin trazas de se levantar.

A muller chorou, supricou, ameazou... mais todo era como si chovera. Xusé por nada se erguía.

Por fin pareceu que o ruído era máis perto onde se oía, e entón Xusé dispúxose a erguerse.

E inda así alcontrou un pretesto pra se non movere.

—Maripepa —díxolle á muller: —é millor que vaías ver si hai peligro, e si o hai, vesme avisar pra ir eu aló. Mentras tanto, eu inda poida botar un soniño.

Chuco de Canedo

O lume do inferno é pouca cousa

Din por aí que o mal adequerido non loce. Mais eu vexo que algúns teñen diñeiro a faltar, moitas casas e terras dabondo, adequeridos por toda cras de malas artes, e lucen que dá xenio todo ise ben de Dios.

E ó morrer, con deixar unhas cantas pesetas pra misas, coidan que todo queda arreglado, anque o mal que fixeron non se romedia con aquelas pesetas nin con moitísimas máis.

Exemprares ten habido, e máis de primeira, nesta terriña; e non me fagades falar, que inda sou capaz de ceibar certo nome, cousa que non estaría ben, porque os mortos algún respecto han de merecer, anque eles, en vida non respetasen a ninguén, principalmente si era pra lle sacar os cartos ou entraparlle os bens, hastra quedárselle con eles.

Decíavos que hai bicho dises que coida salvarse e romedialo todo con deixar pra unhas misas; mais tamén hei de decir, que os hai que se arrepiñen nos seus derradeiros instantes e non morren tranquilos se non restituén.

Antón Reviradoura foi un dises pecadores arrepiñidos.

E certamente que houbera gañado o ceu, se non lle saíra ó camiño da gloria un filliño, que inda era peor que el, niso de quedarse co dos demáis.

Prestando diñeiro a réditos esmagadores, facendo pautos de retro e outra chea de falcatrúas, tiña conseguido Antón quedarse cos bens de media parroquia.

Todo isto fixéraio Antón moi legalmente, e polo tanto, non lle pesaba enriba da conciencia.

Mais había unha cousa soila que lle remordía por todo canto tiña conquerido legalmente: era unha boa casa, o millor de cantos bens formaban a súa longa fortuna.

Tiñalla roubado a uns orfos; e tales mañas se dera, que nunca dimpois lla puderon os perxudicados quitar das gadoupas.

Cando se viu en trance da morte, quixo arregrar os seus asuntos espirituaes, pois era bo cristiano... á súa maneira, e mandou chamar un confesor.

Acodiou o crego, e el, dimpois de facer unha confesión xeneral, preguntoulle si debía restituír a casa roubada.

O crego díxolle que si, que debía facelo, pra salvar a súa ialma, e que si o non facía, dende logo lle aseguraba que ó morrer iba de cabeza pro inferno.

—Boeno —dixo Antón Reviradoura, —pois destonces vou chamar ó notario, pra que recolla ista miña vontade de restituír a casa ós seus verdadeiros donos.

O fillo máis vello de Antón, que xa lle tiña botado os ollos a tal casa, andaba medio escamado cos remordimentos de seu pai, e tiña estado escoitando detrás dunha porta.

E cando oíu que o moribundo quería restituír a casa, entrou moi enrabe-
chado no cuarto, e dixo:

—¿Quen fala eiquí de restituír?

—Eu, que non podo morrer a xeito, si non fago iso, —respondeulle o pai.

—¿E por que ha de restituire vostede o que xa é noso?

—Porque doutra maneira non salva a súa ialma —díxolle o crego.

—¿E que mal hai niso?

—Pois que irá pró inferno, onde arderá nun lume eterno.

—¿E soilo por iso xa quer restituír?

—¡Seica che parez pouco! —xemeu dende o leito o enfermo.

—O que me parez é que non vale a pena que nos quedemos sin isa casa,
por todo o fogo do inferno.

—¡Cálate, herexe, mal fillo!

—Non me calo, non, porque así como vostede se acostumou a non co-
mer, pra aforrar, tamén se ha de acostumar ó fogo do inferno. Todo é custión dos
primeiros días, e por eles, non é cousa de que nos quedemos sin a casa. Conque
morra tranquilo, que iso pouco val.

Chuco de Canedo

O alento da serpente

Moito se ten falado sobre da maneira que os homes casados han de tratar as súas mulleres e do xeito con que as mulleres han de tratar os seus homes.

Pero por moito que se teña dito e por moito que se diga, nunca se chegará a estabrecer unha regra fixa que sirva pra todos os matrimonios, porque cada un é da súa feitura.

Convén pois, que cada home e cada muller adouten a regra de conduta que millor lle cadre, coidando antes de estudar o xenio da súa parella, condición indispensable pra ser feliz.

Craro que tamén desta maneira rómpese algunhas veces a paz do matrimonio, mais iso é porque nunca falta unha cóbrega nun paradiso.

E cando o tal reutil aparece, destonces xa non hai regra que vala, porque o paradiso tense por forza que tornar un inferno.

Conezo algunhas mulleres que lle saben levar o xenio ó seu home, mais como Lourenza Peiteado, ningunha. Por ela nunca houbo na súa casa un berro. Tamén é certo que Santiago Oitabén, o seu home, era da madeira dos santos, e si non chegou a selo, foi porque tivo que traballar moito neste condergado mundo, e non lle quedou tempo pra pensar no ceu. Que si en lugar de labrador se tivera metido a frade, podedes contar que a istas horas andaba por eí facendo milagres a eito, e ó morrer, inda o habíades ver enriba dunha andia, nas procesións da comarca. Quer decir, a el non, mais si a súa imaxen, feita en pau de ameneiro, por algún escultor de Porriño ou Redondela, onde din que os houbo moi bos noutros tempos, e inda pra Santiago Oitabén había de quedar algún.

Sabedes xa que Santiago e Lourenza eran felices e ditosos, porque eran bos. Mais así e todo, si non souperan levarse o xenio, habíamos ver pra onde tiña ido a súa felicidade en vinte anos que levan de casados.

Todo isto tiña eu pensado moitas veces, cando fai dous días enteireime dunha cousa que me deixou pampo: ¡Santiago Oitabén non fai vida coa súa muller!

Ela mesma mo viu contar toda chorosa, decíndome entre saloucos que fendían a ialma:

—¡Foi por culpa miña, Sr. Chuco; foi por culpa miña, que lle non soupen levar o xenio!

Contoume o que tiña socedido, e do que ela me contou, saquei unha proba máis de que, como vos decía antes, nunca falta unha cóbrega que faga dun paradiso un inferno.

Eiqué a cóbrega foi unha moza dunha parroquia prúsima, que vendo como lle fuxía o tempo sin atopar un home solteiro que carregase con ella, virouse

prós casados, e foi tropezar con aquel coitado de Santiago Oitabén. ¡Que compromiso pra el, si en lugar de dedicarse a traballar, se tivera feito frade e fora santo milagreiro, como tiña que ser!

Porque a moza era daquelas que a saben toda e un pouco máis. Podía ela, durmindo, darlle leucións ó demo desperto.

Tropezou, digo, con Oitabén; armoulle a gaiola, e o noso santiño caíu na trampa, como si fora un rapaz sin esperencia ningunha.

E como non hai cousa que se non sepa, e pra máis en lugares de pouca veciñanza, non tardou en saberse que Santiago andaba coa moza do conto nin faltou alma caritativa que lle fora coa hestoria á Lourenza.

Ó principio non quixo creelo a boa da muller de Santiago; mais tantas probas lle deron, que acabou por convencerse.

E así que chegou o home á casa, faloulle do asunto, e con boas palabras, recordoulle os seus deberes.

Negou el que fora certo o que a ela lle dixeran, porque por moi santos que sexamos, sempre nos custa traballo confesar as nosas faltas.

Insistiu ela, dándolle datos certos, e el, ó verse descuberto, púxose coma un can danado.

—¡Tan ben como nos levamos e tan felices como fumos en vinte anos —decía ela, —pra que agora, por unha mala muller, teñamos que chegar a isto!

—Chegamos por culpa túa —respondeu Santiago.

—¿Como por culpa miña?

—Porque nunca se che ocorreu ter celos, e telos agora.

—Porque ti me deche motivo.

—Isto non se pode aguantar.

—En ti consiste, Santiaguíño da miña ialma.

—Pois xa que consiste en min, agora mesmo se acaba. Voume polo mundo adiante, e a ti, que te ature o demo.

Colleu a porta, prantouse no medio do camiño e botou a andar... ¿Coidades que polo mundo adiante, como el tiña dito? ¡Ca! Pra onde marchou el, foi prá casa da moza.

¡E a probe da muller coidaba que fora ela que lle non soupera levar o xenio.

—Non, muller, non, díxenlle eu, non fuche ti. Foi a maldizoada serpente, que o estaba atraendo co seu alento.

Chuco de Canedo

Librar por doente

Teño eu de veciño un mozo forte como un castelo, alto como un piñeiro e colorado como unha mazán.

Con tales señas ¿coidaredes que este mozo é un dos máis valentes da parroquia? Pois non vos é así.

Un monicreque de oito anos que se lle poña diante faino correr hastra dar cos calcañais nas mesmas nádegas.

E si dixéramos non ten forza inda estaría xustificado que fora tan cobarde. Mais o caso é que ten unha forza coma a dun boi. O que lle falta é valor, ou como si dixéramos, esprito.

Fai poucos días, alcontroume nunha corredoira e dimpois de sacarme o chapeu con moito respecto e de saudarme cun “Dios o vexa ir”, díxome que me tiña que falar dun asunto que lle interesaba moito, mais que non se astrevía.

—Pois fala cando queiras —respondínlle.

—Eu falar, falaba, pero como lle teño a vostede tanto respecto, non sei o que me socede que non podo.

Pra ver si o animaba, recordeille que eu era moi amigo da súa familia, que estaba disposto a servilo e que si o que desexaba estivera na miña man, que desde logo podía contar co que fose.

Animouse, efectivamente, e entón faloume do que quería:

—Vostede xa sabe, Sr. Chuco, que pró ano que ven, entro en quintas.

—Estou enteirado.

—E eu non quería ir de soldado.

—¿Por que?

—Porque con isto das guerras, teño medo que me maten.

—Home, iso non debías siquera decilo. Todos estamos obrigados a defender a Patria, e si nesa defensa nos toca morrer, millor, porque morreremos con honor e porque lle devolvemos á Patria a vida que ela nos deu.

O rapaz non contestou a isto, porque o meu discurso tiñaio acobardado. Mais en troques encomenzou a chorar como unha moza que lle roubaran o noivo.

Ó primeiro deume rabia de ver chorar aquel cacho daquel langrán; mais logo concuriu por darme lástima.

—Vamos a ver —díxenlle. —ti ¿de que maneira te querías librar de ir ó servicio?

—Por inútil.

—¿Como por inútil?

—Si, señor, por enfermo.

- ¿Enfermo de que?
- Non sei, de calquer cousa, iso xa o dirían os médecos.
- ¿E ti coidas que hai médico no mundo que sexa capaz de darte por doente con semellante gordura e semellantes coores na cara?
- Si vostede, que ten moitos e bos amigos na vila, se enteresase por min, poida que se conseguira iso.
- Ti eres parbo. Esas cousas non se poden facer como coidas, e a ti repítoche que non hai médeco no mundo que che dea un certificado de doente.
- Vostede ten ganas de que me maten.
- Déronme tentaciones de decirlle que non se perdía nada, pero contívenme, e díxenlle:
- Non, home, non. E que o que ti queres, é talmente impusible.
- Pois eu creo que se pode facer, porque tamén a meu primo Andrés o libraron por doente.
- Sería porque o estaba.
- Estaba un pouco, mais por iso, si non pedira por el un amigo que tiña o pai na vila, Andrés iba pró servicio.
- Ti mesmo me acabas de decir que teu primo estaba doente. E poida que a súa enfermédá fora daquelas que se non esconden.
- Certo é que se lle conecía ben.
- ¿Que era?
- Do peito.
- Destonces craro está que tiña que librar.
- Si non fora polo amigo do pai, non libraba. Díxollo el mesmo.
- O que fixo ese amigo, foi venderlle a teu tío un favor que lle non fixera; porque si teu primo estaba do peito, ben libre estaba.
- A verdá é que de todos modos, el non iba ó servicio.
- ¿Por que?
- Porque morreu de alí a oito días.

Chuco de Canedo

O amor propio dunha rapaza

Por máis que digan, inda o mundo non está moi perdido. Hai quen coma posto a falar mal dista probe humanidade, non respeta fillo de Adán nin neta de Eva.

Pra ises tales, non hai home dereito nin muller boa; e pouco falta pra que nos digan que xa cando vimos a iste mundo, non traemos nin migallo de vergonza.

E isto non é así. Craro que hai moito fino galopín e moita muller desleigada; mais en troques, non faltan homes de ben, nin donas que se fagan respetar.

Sin ir máis lonxe, eiquí, ben pertiño de nosoutros temos un vivo exemplo.

¿Non vedes alí naquel corrunchiño do turreiro, á Vicenta das Carneiras? ¿Tendes algo que decir dela? ¿Conecédelles algún paso torto? ¿Podedes ceibarlle algo con que lle facer saír os coores á cara?

Que veñan ises que din que xa non hai vergonza nin cumprimento do deber de cada un, a ver si teñen reparo que lle poñer.

Dende eiquí, eu comprázome en proclamar que Vicenta das Carneiras é unha rapaza dina, boa, honrada, con vergonza e todo canto unha muller de ben debe ter.

E agora, achegádevos a min... Máis perto... Eiquí, á veira miña, que vos vou contar un conto á orella.

Xa dixen que Vicenta é unha muller sin reparo algún. Isto é certo. Mais sin embargo, nunha ocasión mostroulle a faldra da camisa a unha chea de mozos e mozas dista parroquia.

¿Queredes saber como? Pois foivos así:

Marcelo de Gandariña e Cosme Vilar, falaban un día de Vicenta e mais da súa honradez.

Decía Marcelo que ningún home se podía gabar de lle ter visto máis arriba do tornecelo do pé, e respondía Cosme que iso era porque a moza inda non tiña dado cun home agudo.

—¿Canto queres apostar a que hoxe mesmo consigo que nos mostre a roupa que leva por debaixo?

—Ti seica toleas —contestáballe Marcelo.

—¿Queres poñer algo?

—Non, porque non lle quero gañar nada á un amigo coma ti.

—Sin reparo, ¿queres apostar, si ou non?

—Boeno, pois xa que te empeñas, apóstоче dez pesetas.

—Apostadas, e vai perparándolas, porque ista mesma tarde, gáñochas.

—Perpáraias ti, porque as miñas, ben perparadas están pra non saír da faltriqueira.

Aquela tarde foron como de costume á fonte, onde adoitaba xuntarse toda a mocedá da parroquia.

Alí estaba tamén Vicenta co seu balde.

Achegáronse os dous mozos a ela, e dimpois de catro palabras sin valor algún, díxolle Cosme:

—Xa sabes Vicenta, que ti eres un verdadeiro modelo pra todas as rapazas da parroquia.

—¡Quen pensa en tal! —contestou Vicenta con modestia.

—Ben sabes ti que iso é certo. Todaz as mozas porcuran imitarte, tanto na maneira de ser como na de vestir.

Porque si eres limpa de ialma, tamén o eres de corpo e de roupa.

Non hai máis que ollar pra ese dengue e mais pra ise mantelo, que inda parez que non foron estreados.

E pra que vexas que xente tan ruín che hai polo mundo ¿vai que non sabes o que din de ti algúns marmulladores?

—¿Que sei eu? Algunha calunia.

—Craro está que é unha calunia. Mais o conto é que o din e que ti percisas demostrarlles que de ti non hai nada que decir.

Mais ¿de que se trata? —dixo Vicenta toda chea de medo.

Trátase de que os marmulladores deron en decir que ti non tes máis que os trapiños que levas por enriba, e que por debaixo nin faldra tes na camisa.

—Déixaos decir.

—Non, é que ti percisas demostrar que iso non é verdá; porque hoxe empézanche pola roupa e mañán acábanche polo creto. E o creto xa sabes que dimpois de perdido, aunque sexa cunha calunia, xa nunca máis se volve a coller.

—Iso é verdá.

—De maneira, Vicenta, que ti percisas porbar que si andas limpa e ben vestida por enriba, tamén o andas por debaixo.

—O que ti queres é que eu che amostre a miña limpeza.

—Eu non quero máis sinón que de hoxe pra adiante, nadie teña motivo pra falar de ti.

—Moitas gracias.

—Mais xa que non queres, deixa seguir a calunia, e xa sabes o que che dixer; que che empezan pola roupa, e hanche de acabar polo creto.

—Boeno, pois eu non quero que naide teña nada que decir de min.

E nun arranque de amor propio, ergueu o mantelo e mais o refaixo, e mostrou a faldra da camisa, que era de bo liño e máis limpa que un cristal.

Ai, condanada –berrou Marcelo da Gandariña, –que me fixeche perder dez pesetas!

Chuco de Canedo

Outro churruchao

Non poido esquecerme daqueles tempos que pasei en Santiago e dos que xa vos teño falado moitas veces.

As cousas que alí vin e as que a min me socederon, son daqueles recordos que nunca máis se me esquecen.

Unha delas, é a que hoxe vos vou contar.

Era o día de Corpus, día grande, que reloce máis que o sol, según di unha copra.

Por aquel destonces tiña estado en Santiago unha compañía dramática. Era moi mala e o público fuxía do teatro da Rúa Nova, sin duda pra non pervertirse con malas compañías.

Vendo o director que non conseguía levar xente a ver a súa cuadrilla de bandoleiros, tivo unha idea que soilo os demos dos infernos foron capaces de lla ispirar: resolveuse a poñer en escena o drama *Fernán Pérez Churruchao*.¹

O romedio foi de primeira. Soilo por ver caír un arzobispo asesinado² polo valente Churruchao², a xente correu pró teatro como si fora ganar un xibaleu.

Os cómicos fixérono moi mal, mais o público gozou como si tivera diante a millor compañía do mundo. Todos os defeutos pasou por enriba, coa esperanza de ver caír morto a D. Suero.

E cando en certa escena berrou un cómico que facía de D. Pedro el Cruel:

—¿Y no me traeis la cabeza del Deán y el Arzobispo?

Respondeulle dende o galiñeiro un estudante de crego:

—¡E mais a do reutor do Seminario!

Chegou a esperada escena da morte do prelado, e aquilo foi unha verdadeira catástrofe. Fernán Pérez tivo que matar dezaioito veces a D. Suero, e inda ó público lle pareceron poucas.

En vista do éisito da primeira representación, volveuse a poñer outras catro veces o bo do drama, e levando ben a conta, resultou que aquel recondanado arzobispo tivo que morrer noventa veces.

O derradeiro día xa non tiña sitio onde levar máis puñaladas, e hastra levou dous ou tres nas nádegas. A custión era acabar con el, que o sitio non importaba.

Marchou a compañía, e os beatos e beatas fartáronse de decir que aquilo por forza tiña que traer mal resultado e que o castigo do ceu non había de tardar

1 En referencia á morte de don Suero Gómez de Toledo, arcebispo de Santiago de Compostela.

2 En referencia ao cabaleiro Fernán Pérez Churruchao, suposto asasino do arcebispo.

pra todos cantos tiñan ido ver o drama e mais pra cantos consentiran que tal obra se representase en Santiago.

Baixo esta impresión, chegou o día de Corpus, e a xente botouse ás rúas, vesitou máis que do acostumbrado os tempos, confesou e comulgou dabondo, en auto de desagravio pola representación de *Fernán Pérez Churruchao*.

Safu á procesión, que iba resultando moi solene.

Eu tiñaia visto saír da Catedral, e fun esperala á praza do Toural, pra volver a vela.

Pouco levaba alí, cando vin correr unha chea de xente pra o sitio onde eu estaba.

—¿Que pasa? —pergunteille a un rapaz que viña da rúa do Villar.

—Non sei que lle soceu ó arzobispo.

—¿Sería outro Churruchao?

Algunhas persoas das que viñan correndo oíronme falar do Churruchao, e xa non quixeron saber máis.

Seguiron correndo e as máis delas berrando coma condenados:

—¡É outro Churruchao! ¡É outro Churruchao!

Estendeuse a noticia, e canto máis ela corría, máis corría tamén a xente.

Total, que ós cinco minutos, había en Santiago unha verdadeira revolución. ¡Hastra os municipais (que alí chaman *villeurs*) corrían co medo ó Churruchao!

Eu mesmo cheguei a coidar que o valente Fernán Pérez se tiña erguido da cova, pra repetir a súa fazaña.

E coidando que inda estaría nela, porque dezaioito puñaladas non se dan en catro segundos, fun de encontro coa xente que viña correndo, pra a rúa do Villar.

Á forza de traballo, puiden chegar onde a procesión, que estaba medio desfeita, e alí enteireime de que non tiña habido nada de Churruchaos nin cousa que o vala.

¿Que fora, pois, o que tiña socedido? Pois nada, que cando se estaba cantando un villancico e mentras o contralto botaba un solo, encomenzaron a pelearse dous cans.

Asustouse unha beata, e deu un berro; o contralto ceibou un galo, e aí tendes o sarillo armado:

Antre os ladridos dos cans, os berros da beata e o galo do contralto, armouse tal desconcerto, que os que estaban un pouco lonxe, coidaron que era outra cousa, e botaron a correr.

Xa sabedes que non hai nada máis contaxioso que o medo, e ós tres segundos, corrían centos de persoas, sin saber por que.

Algunhas oíronme decir aquilo do Churruchao, e aí tendes por que pra moitos miles de ialmas, aquel día volveu a Santiago o matador de D. Suero.

Chuco de Canedo

Amolar ós ingleses

A guerra europea, que algúns chaman mundial, porque nela xa entran povos de todas as partes do mundo, ten feito mudar moitas maneiras de pensar.

Eí tendes a Inglaterra, onde se discute agora si se ha de estabrecer ou non o servicio militar obrigatorio e onde hai un par de anos, nin en tal cousa se chegara a pensar.

Porque alí coidouse sempre que a millor maneira de formar o Exército e mais a Marina, era con voluntarios, fosen eles de onde quixeran.

Como Inglaterra ten moitísimos barcos, por iso é a dona dos mares, precisa pra eles moita xente, e como paga ben, alí acoden mariñeiros de todos os países.

Así que non é cousa rara, cando as escuadras inglesas veñen ás nosas rías e os seus tripulantes saltan a terra, alcontrar antre eles non poucos peisanos nosos.

E por causa diso, ocorren ás veces algunhas esceas graciosas.

Unha delas presenciei eu en Vilagarcía, unha vez que tiven que ir aló, pra certos asuntos.

Tiña que falar, antre outras persoas, co dono dun café, e alcontrábame de parola con el, cando entrou no estabrecimento, un grupo de mariñeiros dunha escuadra inglesa que estaba fondeada na ría de Arosa.

Sentáronse ó redor dunha mesa, e ó mozo que se achegou a eles, pedíronlle rom.

—¿De que marca? —perguntoulle o camareiro.

Ollaron uns pros outros, como si non entenderan o que o mozo lles perguntaba, e repetiron:

—Rom.

—Rom, si —insistiu o camareiro —mais de que marca, porque temos varias.

Un dos ingleses pareceu entender o que o mozo quería decir, e respondeulle con moita dificultá na pronunciación:

—Mocho boeno.

O mozo foi onde estaba o dono do café, falando comigo, e preguntoulle:

—¿De cal rom lles darei?

—Dálles anque sea un pouco de alcohol, e que se amolen eses ingleses.

Inda ben non tiña o cafeteiro acabado de decir isto, cando se levantou un dos ingleses, viu onda el, e díxolle na nosa lingua:

—Iso de amolar, que se amolen os ingleses, que eu son galego coma ti. Conque a min dáme un bo rom, e a ises, anque sea un solimán.

Chuco de Canedo

A sorte

Neste mundo, todo vos é custión de sorte. Sin ela, xa podedes pintar ángeles, que sempre serán demos.

Non era parvo o que inventou o refrán de que non pode chegar a carto quen naceu pra chavo.

Podedes traballar arreo sin folgo, emprender os máis diversos negocios, coller os camiños que queirades, que como a sorte non vos sobre, todo será como si non fixérades nada.

En troques, si a sorte se empeña en protexervos, anque non vos coidedes dos vosos asuntos, anque non busquedes traballo, anque vos guste máis o leito que a eixada, entraravos o diñeiro na casa ós ríos.

Por iso cando leo nos preódicos, falando dalgún larpeiro, que veu rico de América “que co fruto dos seus afáns e do seu traballo honrado, conseguiu facer unha boa fortuna”, mesmo adoezo.

¿Quer decir que os demais, os que non fixeron fortuna, non traballaron honradamente?... ¡Vaia unha maneira de faltar á verdá!

Non hai que dar voltas. Todo vos é custión de sorte. E hastra pra ser animal hai que tela.

¿Pódese comparar, poñamos por caso, a vida dun can de palleiro cuasque trasparente coa fame e o frío que pasa, coa dises canciños faldreiros que teñen as madamitas da vila, que hastra lles botan perfumes e lle poñen laciños coma ós becerros que se acostuma rifar nalgunhas romerías?

Pois tan cadelos son uns coma os outros.

Soilo que así como hai homes de homes, tamén hai cadelos de cadelos.

Un de palleiro tiña un veciño meu, que aiunaba máis que un mouro na súa coaresma.

O dono era máis ruín que un alacrán, e en lugar de codias, dáballe paus. Así era que o can, ademais de gardarlle a casa e a horta ó dono, tiña que recadar el mesmo a comida, talmente como eses probes que andan de porta en porta.

¿Coidades que, por iso, o can lle quería mal ó desleigado de seu dono? Pois estades enganados. O can tíñalle un apego tan grande, que onde iba o dono, aló iba tamén o animalciño.

Unha vez foron á vila, e como o can non estaba acostumbrado a tanta xente, tantos coches e automóviles, perdeuse, e cando daba voltas e máis voltas buscando ó dono, foi dar a un corruncho onde xugaban uns cantos rillotes.

Os rapaces todos son da pel do demo, mais aqueles gañábanlle ó mesmo rei dos infernos.

Ver o can e ocurrírselles unha diabrura, foi cousa que se tarda máis en contar.

Como o cadelo estaba asombrado, custoulles pouco traballo collelo, e así que o tiveron amarrado, trataron de atarlle ó rabo unha corda cun caldeiro.

E mentras un iba buscar unha cousa e outro a outra, os demais rillotes entretivéronse en facer rabear ó probe do can.

Un tiráballe polas orellas, outro polo rabo, outro zorregáballe un pau nas costelas e outro dáballe un couce na barriga valeira.

Tantas xudiadas fixeron con el, que acabou por sentirse can, e virándose pró verdugo que tiña máis perto, chantoulle os dentes nun cadril.

Comezou o neno a berrar cos deores, berraron os outros co medo, acodiu xente e non faltou unha ialma caritativa que dixera que o can estaba adoecido.

E para que o rapaz da trabadela non rabease tamén, levárono onda un ferreiro, que lle cauterizase a firida cun ferro ardente, sin perxuicio de pensar desde logo en levalo ó anillo de Tui.

E mentras tanto, outras persoas perseguían o probe do can, e non paraban hastra que a tiros, a coiteladas e a pandullazos lle acababan coa triste vida.

¿Queredes sorte máis ruín?

Pois aí tendes como hastra pra ser animal hai que a ter boa.

Chuco de Canedo

Un bo magosto

O día dos difuntos, saía eu da eirexa parroquial, de oír as tres misas que en tal día como aquel ten que oír todo cristiano, polas ialmas dos que morreron, e a pouco máis, dou de fociños con Abelardo Costas.

Eu iba distraído, pensando nos meus defuntiños, e el non sei no que iría pensando, mais levaba a cara tan hinchada, que cuasque lle tapaba os ollos.

—Home —dixenlle eu— por un pouquerrechiño, estrelámonos un contra o outro.

—Pois era o que che me faltaba —respondeume el —que dimpois do que mallaron en min onte á noite, que inda ti me viñeras hoxe de encontro.

—¿E logo que che pasou?

—Cala por Dios, home, que cada vez que me lembro, danme ganas de coller un revólver ou anque sea un cañón deses de corenta e dous que din que fixeron os alemáns, e non deixar cousa san nin persoa viva.

—¡Congrio!, ¿ti seica adoeceche?

—Non, que a cousa non é pra menos.

—Pois conta, ho, conta.

—¿Ti non ves como teño a cara?

—Vexo. Parez un molete de pan do Porriño.

—Pois igoal che teño todo este corpiño.

—¡Foi che unha tunda de primeira!

—Non o sabes ti ben.

—¿E quen cha deu?

—Ei tes o que máis me doi.

—¿Onde?

—Digo que o que máis me doi, é que foi a miña parentela quen bateu en min hastra poñerme neste estado que ves.

—¡Vaia unha familia agarimosa!... E ¿como foi?

—Verás. Como sabes, teño prá banda do río un bo castañal.

—Sei.

—Todos os anos collo alí pra enriba de trinta ferrados de castañas.

—Non coidei que foran tantos.

—E seica inda me quedo curto.

—Por min pódeste alargar canto queiras.

—Dígoche a pura verdá.

—Boeno, pois sigue.

—Como hai castañas dabondo na casa, acostumamos facer todos os anos un magosto.

—Non está mal pensado.

—E como prá miña muller e pra min, que somos as únecas persoas que hai na casa, resulta unha festa pouco distraída, sempre convidamos algún parente ou amigo.

—Pois, home, a min, nunca me convidache.

—Mais me valera, que non levar a xente que levei este ano, que así Dios me perdoe como non os volve a levar outro. Si queren castañas, que as merquen, e si non teñen viño, que beban...

Estou tan enrabechado, que hastra non sei o que digo. A pouco máis, boto un pecado, e xa sabes que non acostumo.

—Ti fuche de cote moi ben falado.

—Xa o era meu pai.

—E han de selo os teus fillos.

—¡Si non teño ningún!

—É verdá; non me recordaba. Pero sigue contando.

—Pois non me interrompas.

—Estarei calado como un seixo.

—Decíache que acostumo convidar algún parente ou amigo. E iste ano levei miña cuñada Celestrina, o home dela e mais os sete fillos que teñen.

—¡Demontre! ¿Acabaríanche cos trinta ferrados de castaños?

—Quedamos en que xa non me habías de interrompir.

—É certo: xa non falo máis.

—Puxen castañas asadas, castañas cocidas, viño novo, pantrigo da vila e... sillas pra todos, ó redor da lareira.

—¿E como te non lembraches de min?

—Si non calas, non sigo contando.

—Agora si que calo de vez.

—Encomenzou o magosto con moita alegría. Os meus parentes comían como si nunca se tiveran visto noutra, e eu gozaba véndoos comer, porque pra pasar fame non os tiña levado á miña casa. O xarro do viño andaba ó redor, con máis velocidá que a pedra dun muiño, e como de cada volta, pegábanlle un bo tento; de cinco en cinco minutos tiña que ir a miña dona tornar a enchelo.

Total, que inda non tiña pasado ben media hora, cando xa as cabezas encomenzaban a querer dar tantas voltas coma o xarro.

E o marido de miña cuñada, que é home de pouca prudencia e que co viño, é talmente un porco, tomouna comigo, decindo que mesmo parecía que lle tiña escollido as peores castañas pra el.

Contesteille que as castañas todas eran igoales e que ademais cada un tiña collido as que quixera.

Repricoume que lle estaba faltando, e que anque estivera na miña casa, que mo non consentía.

Colleu o xarro pra tirarmo á cabeza, e eu boteille a man, pra que non fixera tal.

Mais miña cuñada, coidando que eu lle iba pegar ó seu home, agarrou unha silla, e deume con ela nas costas.

Pegueille un rempuxón, acodiron a nai e mais o home a defendela, e has-tra os fillos colleron tizóns do lume, pra me acometer.

A miña muller non sabía si acodirme a min ou a súa nai e a súa irmán. Mais polo si ou polo non, agarroume, pra que non lle batera na familia, que al-contrándome collido pola miña dona, fixo de min un pandeiro.

Acabou aquilo, cando a miña cariñosa parentela se cansou de mallar en min.

E como non tiñan podido acabar as castañas e o viño, por causa da pelea, colleron con todo, e levárono prá súa casa.

Conque agora dime si teño ou non teño razón pra matar a medio mundo.

—Tela, home, tela. Mais pra non te perder, é millor que lles perdoes, e que pra outra vez, recórdeste dos bos amigos, antes que de tales patentes.

Chuco de Canedo

A razón

Fai poucas noites, iba eu prá miña casa, e ó pasar por diante da taberna de Lamberto Carcañal, oín un barullo que mesmo daba medo.

Coidei que había pelea, e pra ver quen era o que levaba a pior parte, achegueime á porta da tasca.

Púxenme a axexar por unha rendixiña, e vin que non había pelea nin cousa que o valera.

Todos os parroquianos estaban sentados, moi tranquilos, menos Antón Canceleiro, que, de pé no medio da taberna, berraba coma un condenado, e de vez en cando, pegaba un forte puñetazo na mesa ou no mostrador.

—¿Que raio lle pasará a iste home? —dixen pra min.

Falaba das eleucións e decía que os petrucios que consinten o artículo 29, merecían que os xugasen a un carro de bois.

—Nin tanto —repicáballe amodiño e como con medo, un dos que oían.

—¿Como nin tanto? —contestaba Canceleiro. —¿E entón que coidas ti que se debe facer con eles? Xugalos a un carro inda me parez pouco. Merecían que as mesmas mulleres lles puxeran as saias.

—E mais tes razón —decía eu pra min.

—Home —aguergaba ó que tiña repicado antes —cando non hai forza pra ir contra o caciquismo, e enriba esponse un a que dimpois o reventen, millor é deixar que saian concexales polo artículo 29 aqueles que o amo manda.

—¡Congrio! Iso non se di diante de min —berraba Antón batendo tan fortemente coa man fechada enriba da mesa, que non sei como non a fendeu.

Calaron todos, e el seguiu berrando cando lle deu a gana.

Vendo que non había pelea, según o meu camiño, pensando que Canceleiro tiña moita razón.

Mais ó mesmo tempo chamábame a atención que aquel rapaz, que eu sempre tiña visto moi pacífico, estivera aquela noite tan alborotado.

—¡Bo! —comentei —cando menos, el tamén quería saír concexal, e non o deixaron os que gobernan isto.

O outro día, pasando eu pola praza da vila, vin que estaba Antón no medio duns cantos lampantíns.

Tiña un preódico na man, e berraba como se quixera que o oíran de alí a dúas légoas:

—¿Non vedes como noutras partes loitan os petrucios nas eleucións? Eiquí tendes Lavadores¹, onde hai un Auntamento composto de agrarios, e non

¹ O concello de Lavadores uniuse ao de Vigo en 1941.

se apricou o artigo 29. Pois se alí fixeran como vosoutros, inda hoxe tiñan o caciquismo enriba das costelas.

E ó decir isto, deu unha patada tan forte no chan, que hastra tremeu a pedra que tiña debaixo.

E seguiu berrando e dando máis patadas, como si en todo aquilo que decía, estivera a salvación da súa ialma.

—¡Vaia! —dixen pra min —que non sei como se volveu este rapaz. Antes parecía un santo, e agora talmente parez un demoro.

Pola noite volví a oílo berrar na taberna do Carcañal, e entón xa non me quedou ningunha duda de que lle tiña pasado algo, pra virarse da maneira que se virara.

Hoxe pola mañán alcontreime con el, e pra saír de dudas, pergunteille que lle acontecía.

—A min, nada —respondeume.

—¿E estonces por que berras agora como un demo no corpo dunha rapaza, cando antes talmente somellabas unha manteiga?

—Ai, señor Chuco, porque me convencín de que neste mundo, o que máis berra é o que ten máis razón, e eu berro sempre, pra tela de cote.

Chuco de Canedo

O cólico e mais o flemón

No tempo das eleucións recurren os que nelas andan metidos, a todas as tramoias, pra derrotar os seus contrarios.

Eiquí en Pontareas xa vimos como as gastan os que mandan nisto. Apricaron o amaldizado artigo 29 contra toda lei, e a vivir, que vamos ben.

Noutros sitios tamén viron tales cousas, que mesmo dan ganas de pedir-lle ós franceses un dos seus cañonciños de 75, e encomenzar a facer fogo hastra non deixar pedra enriba de pedra nin títere con cabeza.

Houbo tamén cousas cómicas, porque anque iste mundo é un val de bágoas, nunca falta con que rir.

En certo pobo loitaban dunha banda un cacique moi cacique, de ialma moi ruín, e da outra un médico de moita sabedencia.

Capitaneaba iste ós amigos do pobo e era o estorbo máis grande que o cacique tiña alcontrado no seu camiño.

E coidou o cacique que impedindo que o médico estivera ó fronte das súas forzas, o día da votación, máis fácil lle había de ser a el recadar o trunfo, e ideou unha andrómena tan ruín coma el.

Á unha da mañán, mandou un criado a casa do médico, decíndolle que seu amo estaba cun cólico que coidaba que morría.

Téñovos que adevertir que, anque enemigos políticos, o cacique era cliente do tal médico, porque iste era home de moita concencia, e o cacique estimaba moito a súa saúde e mais a da súa familia, pra metela nas mans de calquer badulaque con título.

Despertaron ó médico, e así que lle deron o recado do cacique, torceu o fociño e dixo:

—Malo, malo. Isto chéirame a andrómena.

Pensou un pouco, e aguergou:

—O que quer ise tío é pillarme na súa casa e dimpois fecharme anque sexa na corte dos bois, pra que non dirixa a eleución. Eu sei como as gasta.

Tiña iste médico un fillo, que tamén estudara meiciña e que xa lle axudaba moito.

Mandouno erguer do leito e díxolle:

—O tío Xacobe Folerpas mándame chamar, porque di que está cun cólico que se morre. Desconfío que é pra facerme unha trasnada, á fin de que eu non poida mañán estar ó fronte da miña xente.

Mais polo si ou polo non, vai ti, que ó fin, anque cacique, é noso próximo.

—Fora a ialma —respondeu o fillo.

—Amén —dixo o pai. E continuou:

—Vai ti alá; dille que eu non podo saír, porque estou cun fremón que me volve tolo, e si é certo que está doente, trátaio como manda Dios.

Mais por si acaso é unha trampa que me quer armar, leva iste frasquiño, que xa sabes o que ten.

—Sei, si, señor.

—Si o cólico non é máis cun pretesto pra pillarme na súa casa, ó ver que en vez de ir eu vas ti, ha de facer como que lle pasou.

E estonces ti, pra que lle non repita, mándaslle perparar unha taciña de té ou de herba luisa; déitaslle dentro unhas cantas pingotas do que vai no frasco, e vólveste pra casa, que me parez que xa temos a eleución gañada.

Tal como pensara o médico, así resultou. O cólico era, efectivamente, unha gaiola que o tío Xacobe lle perparaba ó seu enemigo.

Así é que o médico fillo, cumpriu ó pé da letra o que o médico pai lle ordenara, e tornou pra casa moi satisfeito.

Amañeceu, e cando o tío Xacobe quixo saír, tivo que correr máis que de presa pra onde a esterqueira, porque o que tiña o frasquiño, era un purgante moi autivo, que o fixo andar todo día cos calzóns na man.

E resultou que como non pudo atender á eleución, porque dabondo tiña con agacharse e erguerse, abotoarse e desabotoarse, gañáronlle os amigos do médico as maiorías e levou un desguste, que non sei si morrerá del.

Onte, ó facerse o escrutinio, alcontráronse o médico e mais o cacique, na sala do Auntamento.

—¿Que tal ise cólico? —preguntou con risiña de coello o médico.

—Xa me pasou. ¿E o seu fremón? —respondeu o tío Xacobe.

—Xa me reventou.

—Foi lástima, ho, porque lle tiña eu un romedio pra facelo reventar, que era como man de santo.

E amostrulle o puño fechado.

Chuco de Canedo

O acordeón de tres voces

Teño eu un amigo perto de certa vila que non hei de nomear agora, porque non hai pra que.

Bástevos sabere que ese amigo é o millor amigo que tiven na miña vida e que si fóramos hirmáns, poida que non nos leváramos tan ben como nos levamos.

Sempre me estaba decindo que fora pasar unha temporada con el, mais como as miñas ocupacións, principalmente, a de vir contarvos todas as somanas calquer cousa, non mo consentían, nunca lle aceptaba a invitación.

Por fin un día metín uns cantos patacóns no bolso, collín un par de mudas de roupa, boteime ó camiño, e un pouco andando, outro pouco a pé e outro pouco no tren, pranteime na casa do tal amigo, que xa me agoardaba cos brazos abertos.

Cheguei cuasque de noite; así foi que inda non tivera, como quen di, tempo de me limpar o polvo do camiño, cando me chamaban prá mesa, onde había unha cea que mesmo daba xenio.

Eu como levar, levaba unha fame de mil raios, porque a camiñata, abrírame o apetito de tal modo, que mesmo parecía a porta por onde entraba o carro na herdá do meu amigo.

Boteime, pois, á cea como quen se bota a un nemigo nunha pelea, e cando xa levaba dado boa conta do que me puxeran diante, oín que aló fora tocaban un bo acordeón.

—¿Seica van os mozos de ruada? —pergunteille ó meu amigo.

—Non —respondeume: —é un rapaz que vai acompañando súa nai, e que pra estornar o medo, nestas noites tan escuras, vai tocando ise instrumento.

—¡Éche bo modo de estornalo!

A todo isto, xa se oía máis perto o acordeón, e vimos que tanto a nai coma o fillo, iban cantando ó son do instrumento:

Unha noite no muiño,
Unha noite non é nada,
Unha somaniña enteira,
¡esa si que é muiñada!

Unha noite vin o trasno
Que bulía antre os piñeiros:
Si non vou acompañada,
Seica morro alí co medo.

—Teñen gracia as copras —dixen eu dimpois de oílas.
—Non, pois si coneceras a hestoria do acordeón, inda te habías de matar a rir.

—Pois conta, ho, conta.

—Verás. Isa muller traballa na vila e non torna á casa hastra istas horas.

Como o seu home non pode ir buscala, porque ten que facer a cea, manda un fillo, pra que a acompañe.

Nos primeiros días, o rapaz decía que tiña medo, e estonces a nai mercoulle un acordeón.

Mais resultaba que aquel instrumento era ruín, como de pouco precio, e cando chegaba o neno onda súa nai, cuasque non tiña ela tempo de despedirse de algunha persoa que dende a vila adoitaba acompañala.

O acompañante non sempre é o mesmo, porque a tal mulleriña, é moi dada, e axiña que fala cunha persoa, xa lle gaña a simpatía.

As veces chegan cansos, ela e mais o acompañante, ó sitio hastra onde vai o rapaz, e mentres este non aparece, séntase á veira do camiño.

Hai alí unha herva fresquiña e uns albres espesos, que mesmo son unha tentación do demo, pra botar un descanso.

E polo si ou polo non, a nai estaba satisfeita do acordeón que tocaba o fillo, porque como se oía pouquerrichiño, cuasque non daba tempo pra despedirse, como che digo, do acompañante.

Destonces colleu e comproulle outro millor, de tres voces, que se oie a tres cuartos de légoa e que dá tempo pra despedirse e limpar o polvo e mais as hervas que sempre se apegan ás saias, de estar sentada á veira do camiño.

E din malas légoas, anque isto eu non cho poida asegurar, que o acordeón é regalo dun dos acompañantes da nai.

Mal sexa ou non sexa, o instrumento, como ves, é de primeira, porque xa fai ben tempo que pasaron a nai e mais o fillo por diante dista casa, e inda se oie o condanado do acordeón.

E a istas horas, xa está o bo do marido á porta do eido, pasando as mans pola cabeza, como quen estorna malos pensamentos ou medos inxustificadas, agoardando que chegue a muller, pra decirlle todo satisfeito:

—Tiveche unha boa idea en lle mercar ese acordeón ó rapaz, porque o oio cando inda vindes ben lonxe, e quedo tranquilo. Anda, muller, ven cear, que boa falta che fai con tanto como te moves.

—Non o sabes ti ben —respóndelle a muller, que vai cansa como un burro (fora a ialma) de tanto traballar.

Chuco de Canedo

Un médico entendido

Chegou a unha vila de Galicia un médico de fóra, precedido dunha longa sona e que según dixeron os preódicos, tiña feito máis curas milagrosas que o santo máis milagreiro dista terra.

Anunciouse por todas as esquinas, publicou o retrato en todos os preódicos e fixo en fin tanto barullo, que ós oito días non se falaba naquela vila máis que do tal doutor.

O resultado foi que non quedase persoa doente, ou que coidara estalo, que non se quixera ir consultar co doutor de fóra, como lle chamaban.

Os primeiros días, inda o tal médico daba mans a medir. Logo foi aumentando tanto a clientela, que hastra houbo trompadas por entrar na casa do doutor. E por último, tiveron as autoridades que mandar tropas, pra que os mesmos que iban en busca de salú, non saíran en anacos.

Celedonia Fouciños tamén quixo ir consultarse, porque non se alcontraba ben, e conseguiu, a forza de apertadelas e dimpois de agoardar longas horas, que a recibira o doutor.

Iba acompañada de súa nai que non a quixo deixar, ir sola, polo que lle poidera ocurrir.

Reconeceuna ben reconocida o médico, apalpouna por onde lle pareceu, tomoulle o pulso, ensaminoulle a léngua, miroulle os ollos e dimpois de moitas estremonías, ceiboulle iste discurso:

—Es un error creer que todas las enfermedades del cuerpo, proceden de la materia. Muchas proceden del espíritu, atribulado a veces por penas muy hon-das, que como suele decirse, salen a la cara, y por amarguras que se reflejan en la expresión. A esta señorita no hay más que verla; y quien tenga la experiencia y los estudios que yo tengo, dirá en seguida que padece mal de amores. Esta se-ñorita ama con gran pasión y su remedio es uno el indicado: hay que casarla en seguida.

—Pero, santiño —respondeu a nai de Celedonia —si ela é casada, e xa ten tres fillos.

—Entonces —repicou o médico —hay que buscar la causa del mal por otro lado. Su marido le da mala vida. La palidez del rostro lo demuestra y ciertas maceraciones de la epidermis lo comprueban.

—Iso non —dixo entonces Celedonia—, que home millor e que máis agarrime a súa muller, non o hai debaixo do ceu.

—Pues entonces —berrou o médico queimando o derradeiro cartucho —es que vive con la suegra.

—Home, vaia ladrar a un palleiro —dixo a nai toda enrabecheda—. Eiquí non hai máis sogra que eu, que son súa nai.

E collendo a filla por un brazo, prantouse na rúa, deixando ó doutor cun palmo de boca aberta.

Avelino Rodríguez Elías

O can colorado

Con cousas vellas fanse ás veces cousas novas. E se non, que o diga unha certa veciña que eu teño, que da roupa vella do seu home, faille traxes novos, ou que o parecen, ós fillos.

Mais non se trata agora de roupa vella nin de cousa que o valla.

A cousa vella de que vos vou falar, é unha hestoria antiga, que me vai servire pra faguer un conto novo.

E ¿non ha ser vella a hestoria, se trata do que lle pasou, sendo mozo, ó irmán dunha visaboa miña?

Quer decir, que socedeu a cousa aló polos comenzos do século pasado. Quizabes antes de que os franceses nos viñeran faguer a barba.

Chamábase o tal señor, D. Antonio Ventura Hervella, e tamén era irmán dun oficial do Exército español que se destacou de tal maneira na guerra dos franceses, que chegou a ser conecido, antre tantos coma destonces se destengui-ron, polo *Valente Herbella*.

Mais volvamos ó señor do nos conto, que polas trazas que leva, non volo chego a contar hoxe.

Decía que se chamaba D. Antonio Ventura Hervella, e (agora si que vai o conto), era moi aficionado ás mozas, cousa que non ten nada de particular, porque moitos, dende Adán pra acó, tiveron isa mesma afición. E non o digo por mal, porque se tal afición non houbera antre os homes, fai moitos sigros que se tiña acabado esta patulea que anda polo mundo co nome da humanidade, anque millor lle cadrara o de canínea.

E se non, vamos á ver: ¿non é máis propio de cans que de endeviduos da especie humana iso de estrozar en guerras coma a que fai ben poucos anos ardeu na Europa, na Asia, na África e máis por todas as outras bandas da Terra?

¿Vedes? Pois xa me aparteí outra vez do conto, pra me metere en filosofías de crego ben xantado.

Tornemos, tornemos ó conto, e xúrovos que xa me non volvo a esquecer del.

Parezme que xa vos dixen que o irmán da miña bisabó ó que lle socedeu o que vos vou contar, chamábase D. Antonio Ventura Hervella. E se non volo dixen, dígovolo agora.

As mozas (coido que tamén volo dixen) eran a súa mor afición. E non soio as mozas, senón tamén as mulleres feitas e dereitas, porque se casou, enviudou e tornou a se casar, desta vez cunha viuda coma el.

Mais o que vos vou contar non lle pasou de casado, nin de viudo, nin de recasado, senón de solteiro.

Era bo mozo. E, francamente, nisto non lle saíu a familia. Dígoio por min, que nunca valín dous reás en calderilla.

Como era bo mozo, tiña moito partido antre as mulleres. Xuntade isto coa afición que el lles tiña, e calculade o que habería polas terras onde ó Noso Señor lle pareceu ben prantar un home como aquel, que se non minten as tradicións da familia, foi aló pola provincia de Ourense.

Antre as mozas que o señor D. Antonio Ventura sumou na listra das súas vitorias (moitas máis das que na guerra tivo seu irmán o *Valente Hervella*) había unha do lugar de Sobrado.

Un pouco lonxe lle cadraba o tal lugar de Sobrado ó señor D. Antonio Ventura. Mais ¿quen dixo distancias pró amor?

O malo era que amais de lonxe, tiña o Sr. D. Antonio Ventura que pasar un camiño máis ruín que o do inferno, pra ir onde a moza. Todo vos era por montes lobeiros, que se de día eran moi malos, de noite non vos digo nada, meus amiguiños.

E de noite era cando o Sr. D. Ventura iba visitar a rapaza.

Levaba consigo un canciño, que non sei o que tiña que faguer mentras el pasaba as horas á veira da nena: mais que polo camiño servíalle de compañía, xa que non pra o defender se o caso chegaba, porque era cativo, e máis lle compría estar ó pé da lareira, que andar polos montes tremendo co medo e mais co frío.

Isto do frío era cousa que ó Sr. D. Antonio lle tiña con coidado, tanto que, pra que o can non se lle acatarrara ou non se lle eibara, mandoulle faguer un verdadeiro vestido de nescote colorado, e tanto lle chocou isto ós seus conveciños, que non tardaron as bulras en chantar os dentes no amo e mais no can.

Encomenzaron por falar do can colorado, e acabaron por chamarlle ó meu parente, D. Ventura o do Can Colorado.

Mais todo isto ás costas del, porque se cara llo dixeran, algún bulrista pagara ben caro o seu astrevimento, que non era el home de aguantar tales bormas.

Socedeu que unha noite, ó tornar de visitar a moza, saíronlle os lobos. Defendouse ben, porque valente non hai que lle negar que o era, e salvou a pelexa. O que non puido salvar, foi o can, que aló lle quedou no monte, ben ou mal repartido antre os ventres dos lobos, con refaixo e todo.

E estonces si que tiveron que oír as bulras dos conveciños do Sr. D. Hervella. Antes de dous días, todos eles, homes e mulleres, rapaces e vellos, cantaban ista copra, que un deles sacou da sua cachola, coma quen saca unha castaña dun ourizo:

Señor Don Ventura,
vindo do Socrado,
coméronlle os lobos
o can colorado.

Algunhas persoas daqueles lugares inda hoxe cantan isa copra, quizabes sin coñecer o seu orixe. Eu non debía decilo, porque ó fin trátase dun meu parente. Pro, ¡que diaño! El poida que me non veña pedir contas por contar niste turreiro a hestoria do can colorado.

Avelino Rodríguez Elías

Ás portas da botica

Don Nicandro Tachuela Piedevaca, marqués de Siete Villas Escaldadas e conde de los Asoballados, era deputado a Cortes por Sobradelo dos Carneiros, facía vinte anos, polo menos.

Dendes que o Goberno, gracias á influencia de seu sogro o duque de Cuevas Sangrientas, o encasillara por Sobradelo dos Carneiros, xa nunca máis largou o destrito. ¡Pró traballo que lle daba!

Os carneiros de Sobradelo, eran bos como as rosquelas de Ribadavia, e cada vez que había eleucións, mandábanlle a auta a Madrí, sin que el se coidara de nada.

No destrito non había estradas, escolas nin telégrafo. O que había, iso si, era recaudador de contrebucións e outras calamidás polo mesmo xeito.

Os Auntamentos estaban nas mans dos amigotes do deputado e ás órdenes do seu representante, e facían canto iste lles mandaba, sin importarlles unha aresta o ben dos seus conveciños.

¡E probe do que con isto non estivera dacordo! Dobrábanlle os consumos¹, armábanlle preitos que o deixaban por portas, tratábano talmente como un can adoecido, e, unha de dúas, ou lle iba bicar os pés ó cacique, ou tiña que emigrar, si era que lle non armaban unha andrómena, que daba cos seus ósos na cadea.

Coido eu que por todas istas cousas, en Sobradelo dos Carneiros non había herexes. Porque, vamos a ver, ¿que veciño daqueles negaba o inferno? ¿Non o estaban xa eles pasando en vida?

Mais chegou un día en que á forza de asoballalos, os carneiros sentíronse homes, e seguindo o exemplo doutros destritos, ordenaron de facer unha Sociedá de Agricultores²:

¡Nai que me dou, o que alí se armou! O cacique ameazou con mandar ós da Xunta ó prisidio e con derrear ós demais con multas, consumos e toda cras de trabucos.

Acostumados a obedecer ó cacique, houbo algúns veciños que se deron de baixa na Sociedá, e tras deles irían os demais, si non acodira como acodiou un home que hastra entón non se metera en nada.

Era o boticario de Sobradelo dos Carneiros, home de concencia san, que lía os preódicos de Madrí e estaba enteirado do que pasaba polo mundo.

1 En referencia aos impostos.

2 As Sociedades de Agricultores reclamaron continuamente a redención dos foros a principios do século XX en Galicia.

Presentouse un día de reunión na Sociedá, e tales cousas dixo, que non soilo non fuxiron os poucos socios que quedaban, sinón que aínda volveron os que fuxiran por medo ó cacique.

Dende entón, o boticario foi o director do movemento agrario, e ó cacique xa lle non valeron ameazas nin outros medios de domear o distrito... O ameazado chegou a sere el.

Viros as eleccións para deputados e os agrarios de Sobradelo dos Carneiros decidiron ir á loita.

Nomearon o seu candidato e encomenzou a batalla entre eles e mais o cacique.

Como este era o que repartía os postos e o diñeiro dos Aumentamentos do destrito, non lle faltaban amigos que lle axudaran.

Choveron as demandas e os encarceramentos enriba dos agrarios, mais istos aconsellados e animados por D. Celedonio Faramiñán, o boticario, non cederon.

Houbo venganzas de todas as crases, propagandas autivas, saíron preó-dicos e aquilo era do que nunca se coidou ver en Sobradelo. Os vellos estaban asombrados e os mozos fervían de antusiasmo.

Unha noite, os amigos e criados do cacique foron marcando con letreiros as portas dos contrarios, e cando chegaron á da botica, escribiron isto:

VIVA TRUCHUELA
FARAMIÑÁN É UN CABALO

Como os dous renglóns ocupaban todo o ancho da porta, ó abrir as dúas follas de madeira, quedaban cortados diste xeito: na folla da esquerda:

VIVA
FARAMIÑÁN

E na da dereita:

TRUCHUELA
É UN CABALO

Cando tal viu o boticario, botouse a rir, e dende entón hastra o día das eleucións, soilo abría media porta. Pola mañán tiña pechada a folla que decía:

VIVA
FARAMIÑÁN

E pola tarde, a outra, onde se lía:

TRUCHUELA
É UN CABALO

Que era percisamente o contrario do que os caciquistas quixeron escribir.

Avelino Rodríguez Elías

Chuco de Canedo

O cariño de Marcelo

Dous meses de relacións, e ¡cataprum! de cabeza pra diante do altar. Aquele home era o demoro en fegura de cristiano.

Chegou ó lugar e anemorouse de Rosiña Levada. Correspondeulle ela, e ós dous meses, como vos digo, xa lle iban pedir ó cego que os atara ben atados, pra se non apartar nunca máis.

—Marcelo Labaradas, ¿quiere V. por esposa a Rosa Levada? —preguntoulle o crego, como é de ritual en tales casos.

—¿E a vostede que lle parez? —respondeulle Marcelo.

Aquela saída deixou pampo ó sacerdote.

—¿Quiere V. por esposa a Rosa Levada? —tornou a preguntar.

—¿E a vostede qué lle parez? —volveulle a responder o novio.

—Lo que me parece es que V. ha tomado esto a broma, sin tener en cuenta el santo lugar donde estamos, el ministerio que yo desempeño ni la importancia del acto que celebramos.

—Non se incomode, señor, que todo lle foi unha borma sin malicia.

—Pues le repito que aquí no se viene con bromas. Y ahora conteste V. seriamente a la pregunta: ¿quiere usted por esposa a Rosa Levada?

Mais Marcelo, que pola conta tiñase proposto acabarlle coa pacencia ó crego, tornouse pra Rosa e díxolle:

—¿E a ti que che parez, Rosiña? ¿dixeille que si ou que non?

Oír isto o crego, fechar o libro que tiña na man e fuxir prá sancristía, marmullando non sei que cousas, todo foi un lóstrego.

A Rosiña por pouco non lle deu un desmaio; a madriña encomenzou a berregar co noivo; os testigos rían ás escondidas, e o padriño e mais Marcelo botaron a correr detrás do crego, turrándolle pola capa e rogándolle que volvera pró pé do altar, que todo fora unha borma, filla da alegría que Marcelo sentía de verse xa cuasque casado con Rosiña.

Á forza de moitos rogos, tornou o crego pra onde o altar, mais foi coa condición de que o noivo se había deixar de bormas.

—¿E logo coida vostede —dixo Marcelo— que si eu non quixera a Rosiña, tiña vido eiquí? Quéroa con toda a ialma e soilo de pensar no felices que vamos sere, póñome tan contente, que non sei o que fago.

Acabáronse as bormas, e Rosiña e mais Marcelo quedaron casados como Dios manda.

E foron tan felices que ó mes dáballes el cada tunda a ela, que si os pais non lla quitan de antre as gadoupas, acaba coa moza antes dun ano.

Avelino Rodríguez Elías.

O espantallo

Veño mesmo suando, anque o tempo non está para iso. Pro é que fun despedir ó meu amigo Bastián Outerelo, que marcha pra América, e fíxoseme tarde. A despedida foi mesmo daquelas que fan chorar, porque o rapaz non tiña moitas ganas de marchare e non sabía como sopararse de mín.

Pro era perciso que se aleixara de eiquí. ¿Non sabedes por que? Porque dende o que lle pasou con Marica da Ribeira, tiña quedado completamente en ridículo e non había moza que se non rira del, nin mozo que non chiscara un ollo ó pasar pola súa veira.

A cousa, verdadeiramente, non era para menos diso.

Bastián tiña andado en amores con Marica. Cansouse dela, quezais porque nunca lle tivera boa lei, e deixouna. Ela, en troques, vía con moi bos ollos, e sentiu moito que Bastián a deixara.

Coidou que el volvería onda ela, pro pasou o tempo e tal esperanza non se cumpriu.

Ó cabo de dous anos apareceu un mozo facéndolle a rosca á Marica, con ganas de casar. Bastián conecendo como conecía o lugar que inda conservaba no peito de Marica, porpúxose alongar da veira da moza aquel novo galán, e non lle custou nada conseguilo.

Abondoulle ceibar catro palabriñas de mel nunha orella de Marica, para que ista lle fixera caso.

Aleixado o pretendente, Bastián xa non tivo enterese en seguir as relacións con Marica, e deixouna outra vez.

Destonces xa non foi ela soia quen sentiu o chasco, senón toda a súa parentela, que considerándose ofendida e aldraxada, xurou tomar vinganza de Bastián. Pro non unha vinga desas que levan un home á cova e outro á cadea, sinón algunha cousa que fora peor prá dinidade do mozo: poñelo en redículo hastra que non poidera decir palabra a ningunha moza.

Era perciso agoardar, e agoardouse con pacencia.

Apareceu un día outro rapaz facéndolle o amor a Marica, porque a moza era de apetecer, e outra vez Bastián dispoñeuse a estornalo.

E foi ista a ocasión que Marica e mais os seus parentes aporveitaron para vengarse.

Posta toda a familia dacordo co mozo que lle rondaba o portelo a Marica, e ó que ista tiña acentado por noivo, ordenaron que a nena finxira que lle facía caso outra vez a Bastián.

Caeu iste na gaiola, e o demais xa foi, coma quen di, coser e cantar.

Chegou o primeiro sábado, e de noite, Bastián foi falar con Marica, que o agoardaba na solaina. El, dende abaixo, deulle as boas noites, moi comprido, e ós cinco minutos de parola, decíalle amodiño:

—¿Sabes, Marica, que ti dende enriba e eu dende abaixo, estamos moi lonxe un do outro?

—¿E logo que queres? —respondeulle ela.

—Que me deixes subire hastra eí.

—¿E si te pillan eiquí?

—Non pillan, non.

—Pois logo sube, si podes.

—¿Non hei de poder? Iso para min é (...)

Axudándose co carro de bois e mais cuns aparellos de labranza que o pai de Marica se coidara de deixar alí, agabeou Bastián hastra a solaina. Mais inda ben non tiña chegado cabo da nena, cando se oíu ruído dentro da casa.

—¡Eí ven meu pai! —dixo Marica toda asustada.

—Fuxe por Deus, Bastián.

Iba baixar iste polo lado por onde tiña subido, mais díxolle Marica:

—Por eí non. Por iste outro lado, que é máis baixo.

Deixouse cair Bastián por onde Marica lle decía ¡en nunca el tivera subido!...

Caeu mesmo na esterqueira, que estaba cheíña hastra os bordos, e si lle non chegara a acodir, alí morría afogado.

No lugar non houbo can nin gato que non soupera o que tiña socedido; e tan en redícolo quedou Bastián que non tivo máis remedio que fuxir de eiquí.

Porque, enriba da vergoña que pasou, fai poucos días alcontrouse con Marica. E a moza, apertando os buratos da nariz cos dedos, coma se inda Bastián levara consigo o cheiro do baño, díxolle con moito aquel:

—E logo, Bastián ¿non queres vir á miña boda?

Avelino Rodríguez Elías

O proveedor dos infernos

Ben di o refrán: “cría boa sona e déitate a durmir”.

A Bastián Campelo, cando era estudante de Meiciña, deron en decirlle os compañeiros de carreira que nunca chegaría a ser médeco. Iso era o que eles querían.

O rapaz adoeceía con aquilo, porque el, coma estudar estudaba dabondo. E de aproveitamento non andaba mal. Mais os compañeiros tomáranas con el, e había ser burro anque fose máis listro que Salomón.

Rematou a carreira, e foise establecer ó seu povo, onde encomenzou a traballar, que non é o mesmo.

Porque a mala sona que sin motivo algún lle criaran os compañeiros, seguiu na vila, e o probe do home estivo sin ter que faguer, hastra que apareceu na vila un andacio, que foi pra Bastián coma chuvia de maio.

Todos os médecos que había eran poucos pra tantos doentes coma caían cada día e estonces xa tivo Campelo onde amosar dabondo a súa sabedencia.

A peste non era cousa de bulras, e mataba na xente, coma quen sega herba nunha curtiña. Tanto, que ós poucos días, xa non cabían os mortos no cimitero, e foi preciso abrir outro, pra poder enterrar todas as vítimas do andacio.

Bastián tivo a mala sorte de que lle morreran máis doentes que ós outros médecos. E isto abundou pra que os antigos compañeiros nin destonces o deixaran en paz.

Mandaron emprestar un papel cun membrete que decía: “Estados do Inferno-Presidencia”.

E neste papel derexíronlle unha carta escrita así:

“Querido Bastián:

Rógoche que acougues por uns cantos días, pois os meus ministros non dan mans a medir. Xa non teñen tempo pra zorregar nas caldeiras tantos condenados coma ti nos fauturas.

Porque ademais de matar todos cantos che can nas gadoupas, acabas con eles tan aixiña, que nin tempo lles deixas pra se salvaren e todos veñen eiquí direitiños.

Acouga, hom, acouga, que logo che mandarei o título de Proveedor Escrusivo dos Infernos.

Teu hastra dimpois da túa morte,
SATANÁS”

Dista vez si que Bastián deixou a carreira de médeco pra sempre xamais.

Avelino Rodríguez Elías

Verdugo á forza

Unha cidade da rexión galega, tivo a mala fada, aló polos comezos deste sigro, de que nela se erguera o patíbolo, pra axusticiar os feitores dun crime deses que horripilan.

Como na terra non había verdugo, tivo que vir un de fóra.

Moitas persoas acodiron á estazón do ferrocarril, pra ver que cara tiña o executor da xustiza e enxergar...

Cadrou que no mesmo tren que o verdugo, chegou á dita villa o viaxante catalán Xervasio Andreu, coas súas amostras, que non eran calquer cousa, senón pedras finas, alaxes de ouro e pratino e outros adobíos de moito prezo.

Co medo de que o roubaran, Andreu levaba de cote consigo unha orde do xefe mor da policía, pra que, onde quer que fose, o acompañase un axente dende a estazón hastra a fonda.

Tan aixiña como o tren parou, Andreu chimpou do convoi, buscou un axente, amostroulle a orde, rogoulle que o levase a unha fonda de confianza, e aló marcharon os dous parolando coma se foran antigos e bos amigos.

Os que tal viron, coidaron que Andreu era o verdugo e que no maletín, o que levaba, eran as ferramentas de aforcar; e encomenzaron a seguilo, ollando pra el, ademirados de que hastra tivera cara de cristiano.

Mentras tanto, o verdadeiro verdugo, saía da estazón nun coche, sin que naide se deprocatase.

Xervasio reparou aixiña que o seguían moitos curiosos e ouviu que algúns deles decían:

—Éche o verdugo.

E enrabechouse coma un condergado.

—Digu ulis que yo no soc el buchi. —díxolle ó axente.

O seu acento catalán acabou de convencer ós curiosos de que se non enganaban, e daquela encomenzaron a berrar todos:

—¡É o verdugo, é o verdugo, que non fala coma nós!

Aquilo deu cabo da pacencia do viaxante. Virouse prós que tiña máis perto e quíxolles bater, ceibando na súa léngua xuramentos que os outros non entendían.

—¡É o verdugo, é o verdugo, e quernos matar! —tornaron a berrar os seguidores.

Non tiña volta: anque lle doera, tivo que pasar polo verdugo, porque xa se sabe que en decindo que o can rabeou, ten que rabear por forza.

Cando se alcontrou na fonda, tardoulle ben tempo en pasar a xenreira.

A cousa foi moi sonada, e ó outro día: todos os boletís falaron daquilo, espricando quen era Xervasio Andreu.

Destonces considerou iste que, sin querelo, tiñanlle feito un bo anuncio, e adicouse a traballar a praza con nos vista autividade.

—¿Conque vostede é o que tomaron polo verdugo? ¡Vaite, vaite! —decíanlle, tan pronto coma se anunciaba, os comerciantes da vila que ía visitar.

—Si, señor —respondíalles. E, queiras que non queiras, contáballes o episodio, alaudando, ó mesmo tempo, os xéneros que levaba.

Os comerciantes rían hastra escachar, e concruían por faguerlle unhas notas coma en ningures tiña recadado.

Xa din alí que non hai mal que por ben non veña.

Avelino Rodríguez Elías

Goriño no salón de limpabotas

O meu bo amigo Adolfo González Veiga, que anque lle falla unha perna, non é por ruín, coma Goriño, senón por traballador.

Goriño, de pequeno, era ruín coma un demo, fora a ialma.

Un día foi furtar mazáns, con outros rapaces tales coma il. Apareceu o dono do pomar, e os pequenos tiveron que fuxir máis que de presa.

E Goriño, ó chimpár un valado, caeu de tal xeito, que quebrou unha perna.

Os pais chamaron un manciñeiro, que tantas voltas lle deu ó rapaz e máis á perna, que por nadiña dá con Goriño na cova.

Houbo que acabar por onde se debeu encomenzar, ou sexa chamar un médico; e cando iste veu o estado en que Goriño tiña a perna, decrarou que alí non había senón coller o serrón e cortar polo san.

Así se fixo, e dentro de pouco eí me tendes o rapaz cunha perna de menos, antre unha muleta e mais un caxato.

O percance fixolle perder en ruindade o que, en troques, gañou en bo humor. Ó compás de ir crescendo, foise adoitando á falla do remo que lle arrincaran, e cando se convenceu de todo de que aquilo xa non tiña remedio, tomouno polo lado bo, e andivo pra adiante.

Xa era un mozo, cando foi unha vegada á vila, con outros da súa idade, correr unha esmorga.

Anque fixeron o viaxe no automóbile da carreira, chegaron ben cheos de polvo, e o primeiro que fixeron na vila foi entrar nun Salón de Limpabotas (así se chamaba o estabrecimento, nunha táboa pintada que tiña á porta, mais que non era senón un portaliño cun soio escano) pra limpar o calzado e poder presentarse, anque non fora máis que polos pés (con perdón sea dito das persoas de respetto) como os lampantís vilegos.

Fose cuaselidade ou que Goriño o buscasse adrede, a il tocoulle o derradeiro turno.

O coxo do Salón limpoulle o úneco zapatón que levaba, e alongou a man pra cobrare.

Goriño, moi serio, ceibou do bolso tres cadelas e deullas, decíndolle:

—Déame a volta.

—¿A volta de que? —respondeu o limpabotas. —¡Se inda me ten que dar vostede un can máis!

—Destonces ¿canto lle hei pagar?

—Un rial, coma os máis.

—Pro eu non son coma os máis. A min non me limpou vostede senón un zapato, e polo tanto soio me ten que cobrare médeo rial.

—Eiquí non se cobra por peza, senón por persoa.

—¡Ai si! Pois destonces ¡ala! a limparme todos os pés. E alongoulle a muleta e mais o caxato.

Avelino Rodríguez Elías

As dúas meixelas

Dende pequeno, Manoel do Trinquete tiña sona de valente. Xa na escola non houbo rapaz do seu tempo que poidera con el; e logo, de mozo, unhas cantas rebumbias que armou por romaxes e fiadas, concruíron de faguelo temido de todos.

Cando xa nonalcontrou quen se lle puxera diante, tornouse astrevido e asoballador que hastra metía noxo.

Andivo embarcado uns poucos de anos, e cando volveu pra terra, viña feito un descreido de todo.

O señor abade considerou que isto non debía consentilo, e porpúxose levar Manoel ó rego.

Un domingo, ó saír o crego de misar, atopouse con el no adro.

Estaba arrodeado de mozos, ós que tiña aparvados coas fazañas que lles contaba e coas carocas que lles metía.

O abade foise achegando, coma quen non quer a cousa, e dereixíndose a Manoel, preguntoulle:

—¿E ti fuches hoxe á misa?

—Nin falla que me fai —respondeu o valentón.

—Pois eu coído que non che viña mal.

—Non sei pra que.

—Pirmeiramente, pra comprires os deberes de cristiano, e dimpois, pra ouvires a espricazón do Evanxelio do día.

—Eu non teño nada que ver co iso.

—Poida que si, porque hoxe, precisamente, falei da pacencia e da resinazón.

—A min non me fan falla.

—Non o digas moi algo, polo sí ou polo non.

—Eu non son home de lle aguantar nada a naide.

—Pois hai que aturar. Ti xa sabes o que dixo Noso Señor Xesucristo: “Se che dan unha lambada na meixela dereita, pon a ezquerda.”

—¿E vostede compre isa doutrina?

—Moitas veces.

—Pois a ver se a compre agora.

E antre o asombro de cantos estaban diante, Manoel ergueu a man e zorregoulle ó abade, na meixela dereita, unha lambada que se oíu por todo o adro.

Os mozos quixéronse botar enriba de Manoel, mais o abade contívoos cun aceno, e presentou aixiña, ó seu agresor, a meixela esquerda.

Inda máis envalentonado coa resinazón do crego, tornou Manoel a erguer a man, e zorregoulle ó abade outra lambada.

Destonces díxolle o crego con moita calma:

—Xa viches coma se compre a doutrina de Noso Señor Xesucristo. Imos ver agora se adeprendeches ben a leución.

Ergueu pola súa vez a man e meteulle a Manoel tal trompada nos fociños, que o fixo dar dúas voltas ó redor, pra ir cair dimpois coa cara antre unhas silveiras.

Dende aquela, hastra os rapaces da escola se bulraron do valentón do Trinquete.

Avelino Rodríguez Elías

Pra non andar nas bocas do mundo

A muller de Lourenzo Casalnovos morreu a tempo pra deixar unha boa lembranza dela. Inda era nova, moi dona da súa casa, bunita e moi amante do seu home. Mais tiña á veira da porta unha comadre que lle fixo torcer pasos, e Lourenzo arreparou un día que a parenta bebía un migallo máis do perciso e que encomenzaba a botar pecados como os homes.

Fixo mentes de endereitala, e empezou por empregar verbas de persoa ben criada. Mais aquilo xa se non romediaba con verbas, e foille perciso ó bo de Lourenzo, botar man dun fungueiro.

Non sabemos hastra onde chegaría a cousa se á muller non se lle acurde deixar iste mundo. E foi o millor que puido faguer, porque así inda deixou boa sona, ceibouse de moita fina tunda e salvou a Lourenzo de se perder, porque o home estaba resolto a endereitala ou dar cabo dela.

Enterrouna do millor xeito que puido, e todos os domingos lle foi faguer unha visita ó cemiteiro, pra lle adicar unhas oracións e lle pousar unhas froles enriba da cova. Porque coma ter, tiñalle lei, anque ela fora coma fora.

Perto da muller de Lourenzo, enterraron ó pouco tempo un home que tiña morrido na outra banda da vila e que Casalnovos non conecera. E a vinda do tal morto, encomenzou tamén a ir ó cemiteiro a levar froles e pregar pola ialma do defuntiño.

A Lourenzo non lle compriu atoparse coa muller do morto. Afeito como estaba á soedade de camposanto, non poido ver con bos ollos que persoa algunha fose testigo das súas vesitas á morta nin que o distraxese nos seus tristes pensamentos.

Á viúda tampouco lle fixo bo efeuto a presenza de Lourenzo. E pola primeira vez, contentouse con se lle virar de costas. Lourenzo fixo o mesmo, e así estiveron hastra saír do cimiteiro.

No domingo seguinte, tornaron a volverse de costas, mais ós poucos minutos, xa se ollaban ás furtadelas, coa curiosidade de saber quen era cada un deles.

Pasaron unhas poucas de somanas, e acostumados un á presenza do outro, xa non se ollaron con xenreira.

Un domingo, a viúda chegou máis cedo que o viúdo. E ó chegar Lourenzo a pasar cuasque arrente da viúda, coidouse obrigado a saudar, e ceibou un:

—Boas tardes nos dea Deus.

—Santas e boas nolas dea —respondeulle a viúda.

Destonces reparou el que ela inda era nova, que tiña unha maneira de falar meiga e que lle sentaba moi ben o luto.

Ela, sin deixar de chorar polo defunto, ouservou que Lourenzo in-
da faguía boa fegura. Craro que o seu home tiña valido moito máis; pro, vaia,
Lourenzo non estaba mal.

A el tamén lle pareceu que a viúda non se podía comparar coa defunta,
mais, que diaño, podía pasar por onde andiveran as boas mozas, sen faguer mal
papel.

E dende aquela, xa non se viraron de costas.

Un domingo cadrou de saíren xuntos, e despedíronse hastra de alí a oito
días.

Mais Lourenzo non puido ir, por ter estado un pouco doente, e cando se
tornaron alcontrar, ela preguntoulle con moito enterese que fora o que lle soce-
dera.

Domingo tras de domingo, o viúdo e mais a viúda fóronse faguendo cada
vez máis amigos, hastra que concruíron por se contar as súas penas e soedades.
E latricando, latricando, caíron na conta de que, ó rivés do refrán, millor se está
acompañado, que soio... cando a compañía é do noso aquel.

Foron tomar parecer co señor abade, e iste díxolles que se debían casar,
pra non andaren nas bocas do mundo, coma xa se encomenzaban andar.

E casáronse, e mais foron moi ditosos. Pro en por iso, non deixaron de
ir todos os domingos ó ceminteiro. Soio que agora xa iban xuntos, e mentras ela
coidaba da cova da morta, lle rezaba pola ialma e lle pousaba unhas froliñas, el
iba faguer o mesmo na foxa do defunto.

Tiñan feito iste cambio por gratitude, reconecendo que os mortos ben
mortos estaban e que souperan morrer a tempo.

Avelino Rodríguez Elías

Un mozo adevertido

Xuntos alcontrábamonos uns cantos amigos e encomenzamos a recordar cousas da nosa mocidade. Cada un contou o que ben lle pareceu, hastra que lle chegou o turno a Nicolau Cadeluchas.

—Eu, de mozo, éravos moi adevertido —comezou decindo.

—Abonda que ti o digas —respondeulle un dos escoitantes.

—Porque tiña —seguíu falando Nicolau— unha facilidade moi grande pra imitar toda cras de animais.

—¿De veras?

—Abofellas. Unha vez, cando estudaba en Santiago, imitei unha loita de cans na Alameda, e desfíxen o paseo.

Outra vez, pola feira da Ascensión, funme cos compañeiros pró monte de Santa Susana, púxenme a ornear coma un burro, e habíades de ver os donos das burras correr a ter man delas, porque todas querían fuxir pra onda min. ¡Moito rin aquel día!

Pro inda máis gracioso foi o que socedeu unha noite na Virxe da Cerca. Un dos meus compañeiros tiña por alí unha amiga e anuncioulle que calquer noite íballe dar serenata. Reuniunos a todos os amigos da trinca que formabamos de cote, e díxonos cal era o seu pran, que foi aprobado por unanimidade e que consistía no seguinte. Cada un de nosoutros levaría un instrumento de corda e en chegando baixo das ventáns da rapaza, encomenzariamos a tempralo, talmente coma se fôramos tocar. Mais en lugar de facelo, eu imitaría dous gatos a miar, talmente coma fan os michiños polos tellados, no mes de xaneiro.

Tal coma se acordou, así se fixo. Temprados os instrumentos, un dos rapaces dixo:

—Á unha, ás dúas, ás tres.

E encetei eu o meu concerto gatuno.

Os compañeiros non sabían que faguer pra non estourar coa risa. E hastra un sereno que se tiña parado preto de nós, pra escoitar a serenata, ría de boa gana.

Á que non lle debeu de facer gracia o concerto, foi á nai da rapaza, porque, abrindo de súpeto unha ventán, zorregounos un xerro de auga, con tan boa puntería, que cuasque toda caeu enriba de min.

Destonces si que foi rir hastra caír ó chan. Bueno, isto de caír é unha maneira de falar, porque de nosoutros non caeu ningún.

O que caeu foi o sereno, que pra escoitar millor e máis comodamente a serenata, tíñase encostado ó pilón da fonte que chaman de Dona María a Serena.

E ó ver o deluvio que nos asolagaba fixo tales estremonías coa risa, que caeu pra atrás, de cabeza no pilón. Tivemos que o ir sacar de alí aixiña, que se non, morría afogado.

—¡Sabes, Nicolau, que tiñades boa maneira de vos divertir! —dixenlle eu.

—Pois do mesmo xeito nos adevertíamos de cote.

—¿Inda que houbera molladuras?

—Inda que as houbera. Porque coma eu imitaba tan ben toda cras de animais, os amigos levábanme sempre con eles. E logo, coma eu, de solteiro era tan adevertido...

—¿E agora, de casado, xa o non eres?

—Agora non, porque perdín cuasque todas as facultades imitativas.

—¿Destonces agora xa non fas o gato, o can nin o cabalo?

—¡Agora soio fago o burro!

Avelino Rodríguez Elías

A lamprea e mais a rabia

Tráiovos hoxe un susto, que cuasque non podo falar. Tanto, que non sei se vos poderei dedicar os cinco minutos que todos os sábados vos dadico.

E non fun eu soilo a asustarme, senón que do medo participaron unha chea de persoas, que andan nestes momentos non sei por onde.

E pra que vexades se tiveren razón pra asustarme, habedes de ver o que pasou.

Fai hoxe un ano e un día, que un can danado lle travou nunha perna ó fillo do noso conveciño D. Pedro Fendelaxes.

O mozo, que é valente onde os haxa, sufriu con moito coraxe o cauterio da firida con augardente.

E por si non fora dabondo (...) pra que no Instituto Antidiarreico lle concuira de sacar a raiba que lle poidera ter quedado no corpo.

Cando concruíu a cura, aseguraron os médicos que (...) todo e sin migallo de hidrofobia.

Sin embargo, os pais non estiveron tranquilos hastra que pasou un ano e un día, tempo que se cumpría hoxe e que según din os entendidos, é o que máis pode tardar a raiba en declararse.

Como isto non socedeu, quedando polo tanto demostrado que o mozo xa non tiña peligro de rabear, decidiu seu pai celebrar o acontecemento cunha comida.

O padriño do rapaz, que ten unha pesqueira no Miño, mandou unha boa lamprea pra que iste prato de luxo non faltara na mesa do banquete, ó que asistiron todos os parentes e mais algúns amigos, entre eles eu.

Encomenzou a comida cunha alegría que mesmo consolaba. A verdá é que había viño abondo, e xa se sabe que onde hai viño, non caben penas.

Tocante á comida, tampouco aquilo estaba mal.

Puxémonos primeiro sopa con garabanzos, talmente coma se fai na vila, e cando as culleres acabaron de limpar ben os pratos, apareceu un pote cugulado de lacón, patacas, repolo e cobrizos, que nos fixo esquencer axiña a sopa.

Depois viu unha empanada de polos, grande coma unha roda de carro, e cando xa nin os ósos quedaban, porque a xentiña era boa pra comer e ademais poucas veces se alcontraba nunha fartura como aquela, truxeron a lamprea.

Tíñaya preparado a muller de don Pedro, que según din, foi cociñeira na vila, aló no tempo lexano da súa mocedad, e cheiraba, que mesmo recendía.

Ollamos pró mozo en cuxo honor se facía a festa, pra ver que cara lle poñía a lamprea, e quedamos fríos.

Apertaba os dentes, fechaba as mans e movía os ollos dunha maneira, que talmente lle andaban ó redor.

Non tiña duda: era a raiba que se lle decraraba. Isto coidamos todos, e xa non pensamos máis que en fuxir.

Parentes e amigos botaron a correr pola escaleira abaixo, saíron ó patio e prantáronse na rúa.

Os pais e mais eu, que estaba perto deles, fomos os derradeiros, e cando chegamos ó pateo, alcontrámonos con que os outros tiñannos fechado a porta por fóra, pra que o rabioso non corra tras deles.

Tivemos que aguantarnos alí, tremendo dende as puntas dos cabelos, hastra as uñas dos dedos dos pés e esperando que aparecera o rabioso e acabara connosco a trabadelas.

Pasaron uns cantos segundos, un minuto, dous, catro, oito, e ¡nada! o mozo non aparecía.

Enriba, no comedor, non se oía nada.

—¿Daríais a raiba muda? —astrevinme a perguntar eu.

E naquel mesmo instante, apareceu o mozo na ventán, limpando os dentes cun palillo.

—¿Vostedes que fan aí? —perguntounos así que nos viu arrimados á porta fechada.

—¿Pro ti estás bo? —díxolle a nai, tremendo aínda co medo.

—¿E logo non?

—Entón por que puxeche aquela cara e aqueles ollos?

—Porque me gusta moito a lamprea, e a cara que puxen era de alegría.

Subimos pró comedor, e cando chegamos cabo da mesa, vimos que da lamprea soilo quedaba a espiña.

O lampantín aproveitárase ben do susto que nos metera e que a min inda me non saíu do corpo.

Chuco de Canedo

A perna de pau

A muller do mariñeiro soio ten home ás veces. O máis do tempo vive coa úneca compañía dos seus pensamentos, e se os días pasan pra ela coma se vivir nun deserto, pola noite non ten quen lle axude a quentar o leito.

Así é que, cando o mariñeiro está en terra, hastra lle parez á muller que alumea máis o sol, que son os días máis pequenos e que as noites non teñen nada.

Hainas que, coma non poden vivir na soedade, buscan amigos e amigas con quen latricar e matar o tempo. E fan ben, porque pra algo temos a lénгаа na boca.

Mais isto non está ceibo de perigos. Se o trato da muller casada cos seus amigos é moi amiudo, anque non teña migallo de malicia, logo o seu creto empeza a mingoar, por aquilo de que as aparencias enganar e que ninguén ten máis conduta da que lle queren dar.

Guergoria, a muller de Remoaldo Cristiñade, non tivo conta diso, e mentras que o seu home iba no mar, falaba hastra se cansar coa veciñanza. E coma era muller de aguante, quer decir que non se cansaba nunca.

Había, antre os veciños de Guergoria, un zapateiro, que era dos que máis conversa tiñan con ela. E como as persoas de mala lénгаа sempre andan axexando onde hai algo que lles veña a xeito pra armare algunha andrómena, logo deron en marmullar que o zapateiro era o que lle faguía esquencer á dona do mariñeiro a súa triste soedade, cando o bo do home iba no mar.

Mais a verdade das cousas é que o zapateiro tiña unha conversa leda que daba xenio. E tiña tamén unha perna de pau no lugar dunha de carne e óso que, de pequeno, lle tiveran que cortar, porque unha vez, indo furtar cereixas, caeu do albre embaixo e quebrouna de tal xeito, que lla non puideron compoñer.

Dende aquela quedoulle o alcuño de Perna de Pau, tal e cal como aquel recondanado almirante holandés Folls, que tanto nos deu que faguer no século XVII.

Un día que o mariñeiro Remoalde chegou desembarcado á súa casa, tivo unha sorpresa que o encheu de alegría. A cousa non era pra menos. Seis anos de casados, e os dous soñíos... Así foi que cando a dona lle anunciou que dentro de moi pouco tempo ían ter que arrolar, el coidou que lle estouraban os pelexos coa ledicia.

—¿El é certo, recoiro? —perguntou, sen saber se rir ou se chorar.

—Tan certo coma cho digo. ¡Certiño de vez!

¡Vaia se era certo!... Coma que ós tres ou catro meses daquilo, Guergoria tívose que quedar un día na cama. E como ela soia non se podía valer, mandou chamar unha muller que adoitaba axudar ás que sealcontraban naquel paso.

—Parezme —dixo a tal muller dimpois de ter reconecido Guergoria— que vai ter unha hora pequeniña.

—Diola ouza —respondeulle a dona do mariñeiro.

E tívoa. A boa da mulleriña era entendida no conto e abranguía práctica dabondo.

Coma cuasque todas as do seu oficio, tan aixiña coma tivo nas mans o que Deus Noso Señor foi servido de mandar pra iste mundo, que era un rapaz bunitiño que metía gusto, díxolle á nova nai, pra lle dar unha satisfacción:

—¡Ai, nunca Deus me dera, coma se parez ó pai!

Guergoria, cando tal oiu, abreu os ollos coma portelos, e perguntou toda chea de medo:

—¿E trai unha perna de pau?

Avelino Rodríguez Elías

A idade da xueza

Os tempos novos trouxeron cousas novas. E unha das novidades foi o entraren as mulleres a faguer todo canto os homes faguían endenantes, eles soíos.

A forza de crebar vidros, machucar cacholas e apedrexar os carruaxes dos mandóns; á volta de escribir nos boletíns e de falar nas asambleas, conseguiron os dereitos que reclamaban debaixo da bandeira do feminismo, e foron todo canto querían ser.

Dende aquela, xa non houbo homes e mulleres. Diante das leises soio houbo persoas cos mesmos dereitos e os mesmos deberes.

¡Igoales en todo!... E os mal pocados dos homes, cando tal viron, rañaron na cachola, cavilaron hastra se esquencer, algúns deles, de comer pra vivir, e non chegaron a comprender coma ían ser eles iguais ás mulleres nalgunhas cousas da vida; por exemplo, en llo dar de mamar ós fillos. E conta que soio falo da consecuencia.

Perguntáronlle ás súas mulleres; mais elas, desvaídas co trunfo, nin caso lles fixeron. Todo máis, algunha delas respondeu:

—Diso xa coidará o Estado.

—¿O Estado feito ama de cría? ¡Vaiche boa! —retrucou o home. —Ama seica xa o era endenantes pra moitos, mais o que é ama de leite, iso na vida cho coidei.

Coa arrincada que trouxeron as mulleres, coma son moitas máis que os homes, coparon todos os postos, dende ministro pra abaixo; e na miña vila fixeron un corpo de gardas municipais, que non quedou home tranquilo. Pra elas, todos eran creminales, ou cando menos, transgresores das Ordenanzas do Municipio.

E socederon cousas coma ista:

Un día alcontrábase un probe dun home —unha vítima, coma todos os do senso débil, porque estonces xa o seu so forte ear o das mulleres; —alcontrábase, digo, un probe dun home xunto dunha esquina, lendo un papel que alí tiñan apegado, anunciando un vapor pra América, e chegóuselle unha garda municipal.

—¿Que fai vostede eiquí? —preguntoulle.

—¿Quen, eu? —dixo o homiño, que coma galego enxebre, respondía a unha pregunta con outra. —Estaba lendo iste cartel.

—Non, señor. Vostede estaba faguendo outra cousa que, por respecto á moral, non pode decir.

—Así cegue se non é certo o que digo.

—¿Conque, enriba da falta que estaba a cometer, inda se astreve a xurar faltando á verdade?

—¿Quen, eu? Polas almas das súas obrigacións, olle que lle digo a verdade certaíña. Estaba a ler iste anuncio, por se me conviña fuxir de eiquí niste barco, ou noutro que sal máis aixiña.

—Isto inda é máis grave. Vostede xa cometeu dúas faltas, e agora aldraxa as autoridades constituídas.

—Eu non fixen tal, nin foi ese o meu pensamento.

—Si, señor; porque ó falar de fuxir, quer demostrar que eiquí non se pode vivir. E iso vai en menosprezo dos que mandan.

—Das que mandan, quererá vostede decir.

—Isto xa non se pode aturar. ¡Preso!

—¿Quen, eu? ¡Ai, miña ruliña! Si é preso nos seus encantiños, xa o estaba dendes que vostede viu onda min.

A resposta que lle deu a garda pola frol, foi unha lambada que o volveu parvo.

E a couces e a trompadas, levouno diante dela prá prevenzón.

O parte que deu aquila celosísima gardadora do orde estabrecido, era de non haber artigos dabondo nos Códegos e mais nas Ordenanzas, pra punir tantos delitos.

Así foi que a Alcaldía mandou ó detido prá cadea, á disposición da Xueza. E o homiño tivo que pechar o bico dunha vez, que sinón, inda lle ían botar cadea perpetua, se o non mandan prá forza.

Estivo dous días encomunicado, e cando o levaron diante da Xueza, alcontrouse cunha muller vella, pro moi pintada, relambida e adobiada de moza, querendo aparentar moitos menos anos dos que tiña.

Chocoulle tanto aquila figura ó reo, que aixiña lle tornou o bo humor que os dous días de incomunicazón lle tiñan levado.

—¿Como se chama vostede? —perguntoulle a Xueza.

—¿Quen, eu? —respondeu o reo, faguendo mil estremonías, pra non estourar coa risa.

—Pois craro que vostede.

—Chámome Antón das Carneiras.

—¿De onde é?

—¿Quen, eu?

—Craro que si.

—Sonlle de Pereiro de Abaixo; pro elle coma se fora de eiquí, porque anque lle nacín aló e aló me criei, e fun á escola, porque anque non pareza, eu sei ler de forma e escribir cun pouco diso que lle chaman ortografía; mais como vivir, agora vívolle eiquí, onde coidaba de me casar, se vostede non dispón outra cousa, porque teño na miña veciñanza unha rapaza, que anque lle está de garda de portas, non fielado da veira do río, élle moi decentiña, millorando o presente...

—¡Abonda de lería! —atallouno a Xueza, que xa ía estando cansa. —¿É casado ou solteiro?

—¿Quen, eu?

—¡E volta coa preguntíña! Si, vostede.

—Xa lle dixen que coidaba de me casar. E iso parezme que quer dicir que estou solteiro.

—Tamén podía estar viúdo.

¿Quen, eu? Podía, podía, e mais non tiña nada de estrano, porque llos hai que inda ben non se casan, non sei coma se poden arregrar, que xa lle están outra vez ceibos.

—Seica o vou facer calar cunha mordaza.

—E coma poder, pode fáguelo.

—¿Cantos anos tén?

—¿Quen, eu?

—¡Non, que ía ser eu!

—¿Vostede? Pois vostede hálle ter os seus bos cincoenta e oito, anque asomella que ten uns poucos menos.

¡Quen tal lle dixo! Se non acoden as menistras, as escribanas, as abogadas e mais as precuradoras, xa non fai falla verdugo pra Antón das Carneiras.

Avelino Rodríguez Elías

A tentazón de Migueliño

Sonado por moitas cousas é Santiago de Compostela en todas as terras do mundo.

O Apóstole da espellante Espada; a reina Lupa, doadora de gando e terra; os discípulos do Evanxelizador; o arcebispo Xelmírez, político e prelado sin segundo; o Santo Pedro de Mezonzo, que deu ó mundo unha cántega úneca pra loar a Nosa Señora coa súa Salve subrime; o Mestre Mateu, que labrou un Pórtico pra súa gloria inmorredeira, o benfeitor Figueroa, que fixo sabios oficiais a centos deles que o non parecen; o primado Fonseca, que na casa dos seus abós puxo unha escola de curar xente; todos, finalmente, cantos deixaron alí obra das súas mans, ronsel das súas virtudes, fruto da súa sabedencia, amstras da súa proteución e xenerosidade, eco das súas trovas medioevais, tesouros da arte ou de cencia, mamoria das súas fazañas ou recordo dos seus arrestos, arrecadaron pra vella cibdade granciños, cando non carretadas de sona.

Hastra o mesmo Churruchao vengador, coa súa xenreira sedenta de sangue arzebispal, contrebuíu a que o nome de Compostela andivese máis nas bocas da sona.

E inda se pode sinalar outra cousa máis a darlle sona e creto a Santiago: o seu pantrigo sin igoal, úneco, que ninguén proba que o esquenza, e que naide ouve nomear que non precure gustalo.

¡O pan de Santiago!... ¡Cantas veces no seu corruncho aldeán llo gabaron a Migueliño Cendón! ¡E cantas non deixou el trocalo algún día pola broa caseira, que as mans agarimosas da súa nai amasaban e que no forno do lar nativo se cocía hastra ter aquelas codias douradas que tan ben lle sabían de pequenos!

Así foi que cando, dimpois de ben perparado na capital da súa provincia, mandouno seu pai estudar carreira maor a Santiago, nunca farto se vía Migueliño de gustar o pan das súas arelas, o pan ben sonado da sonada vila.

Non lle abundando o que ó almorzo, ó xantar e máis á cea lle daban na pousada, inda o comía antre horas. E cando cos compañeiros ía de esmorga, a el non lle importaban lamberetadas por ricas e boas que foran. Pantrigo, pantrigo e mais pantrigo: non pensaba noutra cousa, non falaba doutro asunto e hastra non soñaba noutros bens, que no ditoso pantrigo.

Mesmo nas cousas que non eran pan, el non vía senón moletes.

E unha noite que foi cos compañeiros ó teatro, pra ver unha función disas que chaman de gala, tamén se lle afigurou a Migueliño que andaban os moletes por alí.

E foi porque, antre as madamas que tomaban asiento nas lunetas, había unha moi grosa e un migallo trigueira, que, coma ía escotada de peito e de cos-

tas, amostraba unhas redondeces, que dende o galiñeiro, onde Migueliño tiña o seu lugar, parecíanlle, maormente pola parte dianteira, auténticas pezas de pan-trigo da rúa de San Pedro.

Encomenzou a aguadizar, e xa non podendo agoantar máis a tentazón que as abondosas carnes da señora lle estaban despertando, berrou coa ialma inteira saíndolle por antre os beizos e con mentes de poder ver a función con tranquilidad:

—¡¡Que se tapen eses moletes!!

Avelino Rodríguez Elías

O número 13

Eu son un home do meu tempo. Todos os inventos modernos arrincan do meu peito berros de admiración e dos meus beizos, verbas de gabanza.

Non oustante, hai dúas cousas modernas, que me poñen os nervos coma cordas de viola: os poetas futuristas e mais o teléfono; máis que nada iste último, porque cada vegada que me chama, é pra me faguer perder o tempo, e cando eu chamo por el, e de cote pra non podere falar coa persoa con quen me enteresaba conferenciar.

Outro tal que tampouco pode ver o teléfono, é Alvar Pereira.

Dos moitos anos que pasou nas Américas, trouxo Alvar coma resoltado, un capitaliño de preto de douscentos mil pesos, unha dentadura postiza e unha xenreira polo teléfono, que nin o inventor se libra das súas pragas.

Mais Alvar non podía vivir eiquí, na terriña, sin aquelas cousas que o progreso fixo indispensabres, e tivo que pedir que lle puxeran un teléfono na súa casa.

Pasoulle o mesmo que a min: renego del, mais véxome obrigado a estar decote dependurado do aparello.

E veredes a conversa que Alvar tivo na Central Telefónica.

—Eu quería que me puxeran o teléfono na miña casa.

—Perfeutamente. ¿Onde vive?

—Na Rúa Torta, número dez, primeiro, direita.

—Moi ben. Pois agora faga o favor de firmar niste papeliño.

—Xa está. Mais dígame: ¿non me poderían poñer o número 13 como abonado?

—Se está vacante, si, señor.

—Non, que a poder ser, eu outro número non quería.

—¿Por que?

—Porque coma ise número ten tan mala fada, ninguén ha de querer nomealo, e así non me asoballan.

—¿Logo vostede pra que quer o teléfono?

—¡Ai que conto! Pra falar cando a min me conveña; non cando lle conveña ós demais.

Avelino Rodríguez Elías

Os ovos frixidos

Hai quen coida que pra pasalo ben neste mundo e mais no outro, abondo con ter a concencia limpa coma a camisa dimpois da colada.

Mais eu penso que anque iso sea bo, non está demais aguergarlle algunha outra cousa, tal e como fan os que lle poñen unha vela a San Miguel e outra ó demo.

E non coidedes que isto de lle poñer un cirio ó de enriba e outro ó de embaixo, é soamente unha maneira de falar. Hai quen o fía, e dálle bo resultado.

¿Queredes probas? Pois escoitade iste conto, que me contou fai ben tempo un vello que sabía moitos, e nunca ningún me contou que non tivera algunha insinanza.

Nunha aldea de Galiza, non importa cal, vivía un probe home, de sorte tan cativa, que nunca cousa algunha lle saíra ben.

Chamábase Roque Abundancia, e mais valera que lle cambearan tal apelido polo de Pasafame.

Tiña iste home unha gran devoción por San Miguel, mais coma pensaba que todas as súas calamidades eran obra do demo, coidaba moito de non ofendelo cando lle rezaba ó Arcánxeo.

E inda faguía máis: non había vez de lle poñer unha vela a San Miguel, que non lle puxera outra ó demo.

E ó demo, acostumado a non recibir senón maldicións e aldraxes, inda dos mesmos que el tiña empoleirado, chocoulle aquela devoción, e cada vez que Roque lle poñía unha vela, deixaba de ollar pró Santo Arcánxeo, e viraba os ollos pró petrucio do conto, con aceno de agardecimento.

Abundancia vivía na miseria, e farto de pasar fame, decidiu fuxir da súa aldea e correr polo mundo adiante, hastra que cambeara a súa ruín e cativa sorte.

Sin máis compañía que a súa desgracia e sin outro equipaxe que a súa fame, encomenzou a andar, camiño da vila.

A fame, que xa non era pequena, creceu coa caminata e chegou a faguerse imposible de aturar.

Roque pediu esmola, e non lla deron. Quixo contar os seus doores, e non llos escoitaron. Chorou, e ríronse del.

Entrou destonces nunha taberna, disposto a comer, fose coma fose, e anque logo o mataran por non poder pagar.

Pediu un par de ovos frixidos e un anaco de pan. Servíronlle todo isto, e cando concruíu de comer, axoenllouse diante da taberneira, pedíndolle perdón por ter comido sin contar con que pagar o gasto e pometéndolle que se algún día podía, pagaríalle con rédetos e todo.

A taberneira, ó comenzo, enrabechouse e quíxolle bater cunha pesa de medio kilo na testa; mais logo deulle moita lástema, e dixo:

—Vaia con Deus Noso Señor, e non se esqueza de me pagar cando poída, que todos somos probes.

Bicoulle Roque a man, chorando de agradecimento, e seguiu o seu camiño.

O demo tiña estado axexando por antre as pipas da taberna, e non perdera migalla de canto alí pasou.

Puxo moi mala cara cando a taberneira falou de Deus Noso Señor, mais seguiu axexando, e dende estonces, comenzou a protexer a Roque de tal maneira, que en chegando á vila, alcontrou iste traballo ben pago, non tardou en xuntar catro cartos, e ó cabo dunha ducia de anos tornaba prá aldea, con moitos miles de pesos.

Recordouse da pormesa que lle fixera á taberneira, e quíxolle pagar os ovos e mais o pan.

Prantouse na taberna, e encarándose coa dona, perguntoulle:

—¿Vostede non se lembra dun home que fai doce anos comeu eiquí un par de ovos e mais un anaco de pantrigo, que non pagou por non ter cartos?

—Lémbrome ben. Por certo que me pometeu pagar cando poidera, e in-da non o fixo.

—Pois ise home son eu, que veño pagar a deuda.

A taberneira viu que Roque vestía moi ben e que hastra levaba alaxes. Calculou por isto que debía de ter moito capital, e sentiuse cobizosa.

—Vostede pometeu pagar —dixo— con rédetos, e hai que botar a conta, pra ver canto importa a deuda.

—Iso é fácil. Dígame canto valían os ovos e mais o pan, poñémoslle o interés do cinco ou do seis, se lle parez, e eu pago o que resulte.

—Non é así.

—¿E logo como é?

—Vai ver. Coma vostede non pagou os ovos, foi o mesmo que si eu non os tivera frixido. E non téndoios frixido, cada ovo daqueles daba un pito; cada pito sería unha galiña; cada galiña poría moitas ducias de ovos; istes ovos darían máis galiñas, e é perciso botar a conta das que serían hoxe ó cabo dos doce anos que van decorridos, pra saber o que vostede me debe.

Roque coidou que morría cando tal andrómena oíu, e soio tivo forzas pra decir:

—¡Miña santiña, eu non lle teño diñeiro pra pagar iso!

—Pois destonces vouno demandar.

—¡Que lle hei faguer!

Saliu da taberna moi triste e pensando que de pouco lle valera enriquecer, pra quedar outra vez probe, pola cobiza da taberneira.

Camiñando iba sin saber siquera pra onde, cando se lle apareceu o demo e preguntoulle:

¿Que che pasa, hom?

Contoullo Roque, e o demo díxolle entón:

—Ben, pois non te apures, que eu te defenderei. Cando te demanden e teñas que nomear home bo, noméasme a min.

—¿E sálvasme?

—Está dito.

Abundancia fixo o que o demo lle dixera, e agoardou tranquilo o día do xuicio.

Chegou a hora de encomenzar a vista, e o demo non apareceu.

Abundancia pediulle ós do trebunal que agoardaran un migallo, e agoardaron cuasque unha hora.

E o demo sin aparecer.

Canso de agoardar, o xuez ordenou que escomenzase o auto, sin o defensor do demandado. E foi niste mesmo instante que se presentou o demo.

Entrou na sala moi de présa, cos calzós arregazados, todo lixado de terra e cun legón ó lombo.

—Xa coidabamos que non viña —díxolle o xuez.

—A verdade é que me retrasei un pouco —respondeu o demo.

—E ademais isa non é maneira de se presentar eiquí.

—Foi que estiven traballando no campo hastra agora, e non tiven tempo de me limpar ou de cambear de roupa. Mais tiña por forza que sementar agora mesmo unhas patacas cocidas.

Cando oíron tal cousa, todos os presentes botáronse a rir que estouraban.

—Home —díxolle o fiscal— ¿e logo as patacas cocidas dan froito?

—Deben dalo —respondeu o demo— xa que tamén os ovos frixidos dan pitos.

Non foi perciso máis pra que a taberneira perdera a demanda.

Avelino Rodríguez Elías

Vexetarianos e carnívoros

Estou farto de o decir, e nunca de afirmalo me cansarei: niste mundo todo é custión de moda.

Tíñamos todos pola millor alimentazón a da carne, cando nos viñeron contando que non había cousa peor pra saude, e que o millor que debíamos facer, era alimentarnos soamente de vexetales.

Era a nova moda e á mín convencéronme aixiña; e dende aquela, adiqueime ó vexetarianismo dunha maneira compreta. Isto é, comendo legumes, frutas e hortalizas das millores, e alternando con carne dos animais que soyo se alimentan de vexetales, coma son o boy, a vaca, o cucho, o porco, o coello, o carneiro, a ovella, o año, a perdiz, o polo, o pombo e outros tales.

En troques, fuxín coma do lume, dos animais carnívoros, coma o lión, o tigre, a panteira, o lobo, o chacal e hastra o can. Íses que os coman os que non sexan vexetarianos, que á mín vaimos ben co meu sistema.

Mais non todos pensan coma eu, según puiden observar nunha disputa que oín nantronte, antre un vexetariano e un carnívoro.

Decía o primeiro que, pra conservala saude, non había cousa millor que os vexetales.

E retrucáballe o outro que, pra ser forte e vivir moito, ningunha cousa millor había do que comer carne dabondo.

—Pois eu non como senón vexetales, e olle vostede qué ben estou.

—¿Sí? Pois eu hénchome de chuletas, raxo de porco, rosbife, chourizos, pernils, miolos, empanadas de polos, perdices, cabirtos e todo canto animal comestible hai, de dúas e de catro patas, e revento de saude.

—Mais vostede non conta con que os vexetales conservan a intelixenza de cote desperta, e que a carne eiva os sentidos.

—A mín non me veña vostede con isas andrómenas, porque non o considero máis listro do que eu.

—Pois eu pódolle demostrar que máis homes de talento hai antre os vexetarianos, que antre os carnívoros.

—Iso é leria, porque eiquí estou eu pra amosar o contrario. E iso que eu estou vivo e san, gracias ós animais. Xa ve, de pequeno tiiven o crup, salváronme con soro de poldro. Dimpois, pra me curar dun catarro, déronme leite de burra arreo catro meses. Estiven na guerra e nunha ocasión, tan apuradiños nos atopámos os da miña coluna, que tivemos que nos manter coa carne dos mulos e máis dos cabalos que nos mataba o enemigo. Caín ferido, leváronme pra o hospital, e salvei a pelexa cunha meiciña feita con sangue de cabalo. E agora eiquí me ve san e forte. Ten vostede algo que me decir?

—Si, home, si; que dimpois de ter metido nise corpo soro de poldro, leite de burra, carne de mulo e sangue de cabalo, soyo lle falla andar á catro pernas, porque o demais xa o ten.

Avelino Rodríguez Elías

O que manda son eu

Oín contar fai ben anos que un home moi rico deixou, ó morrer, moitos cabalos e moitas vacas, pra que se destrebuíran da seguinte maneira: a cada home casado que mostrase que mandaba na súa muller, un cabalo, e a cada un que fose mandado pola dona, unha vaca. E socedeu que cando xa se tiñan destrebuído todas as vacas, nin un soio cabalo tiña sido doado a ninguén.

De onde se desprende que todos os homes casados somos gobernados polas respetivas parentas, e que anque parez que os calzóns levámoslos nosoutros, son elas quen os disfruta.

Mais coma non hai regra sin falla, tamén ista dos homes mandados e gobernados polas parentas ten a súa.

Pra non buscar outra proba, eí tendes Goriño das Rapadas, que dispón e goberna no seu lar coma un verdadeiro home. Polo menos, iso di el.

E abofellas que é certo, según eu mesmo puiden comprobare.

Pasaba eu nantronte a carón da taberna do Esperneado, e oín dentro unha grande rebumbia. De certo que había alí unha boa esmorga.

Por enriba de todas as voces, oíase a de Goriño, que berraba como unha laberca:

—Na miña persoa non manda nadie ¡recorcio! Eu son un home libre.

—¡Vivan os homes libres! —respondeulle un coro de voces influenzadas polo viño.

—Na miña casa son eu quen leva os pantalóns —tornou a falar Goriño.

—Mais a túa muller é a que os trai —atalouno outro parroquiano.

—¡Iso nunca! —saltou Rapadas todo enrabeado.

—Goriño —tornou a falar o outro —¡que che vai vir a parenta!

—¿E si ven, que? ¿Seica coidades que na miña dona non mando eu?

¡Cousa máis oportuna!... Naquel mesmo instante prantouse na porta da taberna a muller de Goriño.

—Isto vai ter que ver —dixen escontra min.

E detívenme, pra ver no que paraba aquilo.

A muller ergueu a cortina, ollou pra adentro e berrou:

—¡Goro! anda pro eido.

—¿Quen e que me chama? —perguntou Rapadas.

—¿Quen ha de ser senón a túa dona? —respondeulle un dos compañeiros de esmorga.

—Ai ¿eres ti? —falou outra vez Goriño, virándose prá porta.

—Son eu, son —respondeulle a muller. —Anda xa pra casa.

—Xa vou, muller, xa vou.

—¡Teño dito!

—¿E ti non eras o que mandabas na túa casa? —díxolle o compañeiro que antes tiña falado.

—¿E quen che dixo que non mando? A proba é que inda estou eiquí, porque quero.

—¿Ti andas ou non? —berrou outra vez a dona.

—Vou, vou; mais é porque quero.

—Ou porque te fan ir —insistiu o outro borracho.

—Non tal: porque me dá a gana.

—Acaba de latricar dunha recondanada vez, e anda pró eido —tornou a falar a muller cun ton que amostraba írselle acabando a pacencia.

—Muller, non teñas tanta presa, que xa vou aixiña.

—Seica indo vou ter que sacarte de eiquí polas orellas.

Goriño despediuse de todas as persoas que estaban na taberna, e botou a andar. Chegou cabo da muller, e díxolle con moito aire de autoridade:

—Xa sabes que non me gusta que veñas quitarme de xunto dos meus amigos. Mais por unha vez, pásocho.

—¿Seica che deron corda? Pouca leria, e anda agora mesmiño pra casa.

—Porque quero ir, que se non, nin ti nin naide...

Á muller acabóuselle de vez a pacencia, e agarrándoio polas solapas da chaqueta, deulle semellante empurrón, que deu con el debaixo dunha mesa.

Ergueuse Goro coma puido, e cando viu que todos os parroquianos se rían hastra máis non poder, virouse moi serio pra eles, e díxolles:

—Non sei de que vos rides. ¿Non víchedes coma me erguín sin que nai-de me dixera nada? Pois agora voume, porque quero. ¡En min non manda naide!

Avelino Rodríguez Elías

Os bicos devoltos

(...)

Mais repítovos, e xúrovoló, se for preciso, que non houbo antre eles outra cousa que bicos. Uns bicos sin migallo de malicia.

¿Cantos serían os que se deron un ó outro? Impusibre sabelo.

E diredes vosoutros que pra que diaño tiñamos que saber o número esautó. E vou eu e respóndovos que, percisamente, eí está o conto, coma vades ver.

Florenzo quería lle moito, moitísimo, a Mariquiña, e en todo o curso non deixaba pasar dous días sin lle escribir.

Mais iso non era empedemento pra que aló, en Santiago, fixera, en cuestión de amor, o que podía, e que, nada máis que pra se adevertir, ou quizabes pra se consolare da ausencia da súa Mariquiña, andivera envolto cunha costureiriña do Pexego de Abaixo.

O malo foi que, coma nunca fallan musedos da orella nin correos de ruíns novas, alguén lle levou o conto a Mariquiña, que foi coma se lle levaran un solimán.

Nos primeiros istantes, a moza tivo mentes de lle poñer unha carta a Florenzo, chamándolle isto e mais o outro e decíndolle que antre eles non había nadiña de vez.

¡Que non había de haber! Iso coidaba ela. Mais un amor coma aquel non se arrinca cunha soía noticia, por moi ruín que ista sexa.

Así foi que, cambeando aixiña de pensamento, coidou que era millor agoardar que Florenzo viñera de Santiago, pra lle decir todo aquilo na cara. Como así, xa faltaban poucos días pra concurir o curso.

Niste cámbeco de pensamento e na xenreira que a Mariquiña lle fervía no corazón, ¿que era o que había senón amor?

¡E a malpocadiña coidaba que era odio!

Chegou Florenzo, e dimpois de lles dar unha aperta ós pais, correu cabo de Mariquiña, fervendo por vela e, se cadraba de non haber naide arrente, darlle un biquiño ben dado.

Mariquiña recebiuno máis seria que o santo da fonte e cun embrullíño na man. Naquel embrullíño estaban as cartas que el lle escribira, un retrato que Florenzo lle tiña adicado, e hastra as froliñas que o mozo collera pra ela cando iban ás tardes pola veiga fóra, gozando ditosos do seu puro amor.

O rapaz, ó ver que ela o recebía tan fría coma a neve e que lle daba o embrullíño dos recordos, quedou coma se lle tiveran zogado o sangue das veas.

Mais repúxose aixiña e preguntou cal era o motivo daquilo. Díxollo ela con verbas que lle saían da firida que o tal solimán lle fixera no corazón. E concuriu pedíndolle que tamén el lle devolvera canto tiña dela.

Florenzo era rapaz listro. Pensou nun verbo o que lle compría faguer, e respondeu de seguida:

—Está ben. Vou devolvercho todo —¿óielo ben? —todo canto me deches. Mais ti has faguelo mesmo.

—Xa o fago. Eiquí está todo canto de ti recebín.

—Eí estarán as cartas, o retrato, quizabes algunhas frores... mais os bicos, non.

—¡Coma os bicos!

—Si, os bicos que che teño dado.

—Iso non se pode devolver.

—¿Que non? ¡Pois eu dígoche que si. E proba diso, que eiquí me tes disposto a devolverche os que ti me deches.

—Eu non os quero.

—En troques, eu quero os meus. E si mos non devolves, non collo as demais cousas nin che devolvo as túas lembranzas.

—¡Iso non pode ser!

—Pois se non pode ser, tampouco podemos deixar as nosas relacións.

—Iso quixéralo ti; mais pola miña banda, non pasan de hoxe.

—Destonces veñan os bicos.

—Todo, menos iso.

Non había maneira de convencer a Florenzo de que tiña que deixar os bicos pra un lado, porque xa di o refrán que non hai pior xordo que o que non quer oír. Así foi que, pra acabar dunha vez, Mariquiña decidiuse a devolver algún bico.

—Está ben —dixo. —Vou devolverchos.

—¿Todos? —preguntou Florenzo.

—¡Eu que sei cantos foron!

—Eu tampouco, porque non me coidei de levar a conta.

—¿Sería media ducia?

—¡Ca, muller! Iso era cada día.

—¿Dúas ducias?

—Moitos máis.

—¿Un cento?

—Cada mes pasou diso.

—¿Destonces...?

—Eu calculo que, polo pouco, foron pra enriba de tres mil.

—¡Xesús! Puxeche moitos de máis.

—Non rebaixo ningún.

—¿E ti cantos me tes que devolver?

—Outros tantos... ou quezabes máis.
 —¿Sabes o que che digo?
 —¿O que?
 —Pois que coma pra devolver todos ises bicos teriamos que empregar moito tempo, coido que o millor é que deixemos isto dunha vez e que na vida volvas cabo de min.
 —Iso non. Eu quero os meus bicos.
 —Pra que te vaias aixiña e me deixes en paz, vouche dar un, nada máis.
 —¡Un soio! Iso inda non son os rédetos.
 —Dous.
 —¿E pra que queres gardar os demais?
 —Seis.
 —¡Muller, xiquera unha ducia! Eu devolvereiche outra, e quedamos en paz.
 —Non hai remedio —concrúfu Marica, toda resinada.
 E encomenzou a devoluzón.
 —Eí vai o primeiro —decía Florenzo.
 E dáballo.
 —Toma ti un dos teus —respondía Mariquiña, faguendo o mesmo.
 E seguiron devolvéndose bicos. Mais enganáronse na conta, e tiveron que volver a encomenzar.
 Inda ben non tiñan chegado a media ducia, cando a Marica lle pasou a xenreira. E os bicos que seguiron, xa non foron a título de devoluzón, senón pra carregar na conta corrente.

Avelino Rodríguez Elías

Todo a medias

Véñovos asombrado da pouca vergonza de certos homes, anque leven o cogote afeitado en forma de galleta. E se non entendedes que me refiro ós cregos, é que sodes coma Dios vos deu; é decir, moi burros.

Un deses teño eu por veciño, e non sei si será polo coor natural ou polo que soe dar o viño, que ándavos decote roxo.

Outro veciño meu, petrucio confiado e parvo en demasía, porpúxolle un día, mercar a medias unha xunta de tenreiros.

O crego escoitou a proposta de Marcelo (que iste é o nome do petrucio) e respondeulle:

—Conque a medias ¿eh? Si, home, si.

Foron á feira, mercaron os tenreiros a medias, e cando iban pra casa, decíanlle algúns veciños con quen tropezaban:

—¡Que bunitiños son! Dios llos conserve.

—Gracias —contestaban o crego e Marcelo, agardecendo a medias.

—San Antoniño llos garde —decían outros transeuntes.

— Gracias —seguían decindo Marcelo e mais o crego, recollendo a medias aquel saúdo.

E así foi todo, a medias.

O crego tiña tenreiros ó seu servizo, e Marcelo coidaba deles. Pero sempre a medias.

Creceiron os becerros, fixéronse bois e o crego seguiu utilizándoos, mentras Marcelo seguía coidándoos. A cousa non podía ser máis equitativa: era sempre a medias.

Mais socedeu que un día, Marcelo cansouse de tan boa armunía, e poñéndose a carón do crego, díxolle dista maneira.

—Oie, xa pode dispoñer a venda dos bois, porque eu non estou eiquí pra servirlle de criado a vostede e mais a eles. Esta maneira de ir a medias, non me lle resulta.

—Boeno, home, boeno — contestoulle o crego. — Podes vendelos cando queiras, que iso é cousa túa.

—Non, señor. Hémoslos de vender os dous. Xa que os mercamos xuntos, quer decir a medias, tamén xuntos os hemos de vender.

—Alá ti, home, alá ti. Percisamente mañán haiche feira na vila...

—Pois destonces mañán ímoslos vender.

—Iremos.

Viñeron, en efeuto; pero en chegando ó campo da feira, Marcelo quedou-se alí cos bois, e o crego foise meter a unha taberna.

A feira estaba froxa e os precios andaban polo chan.

Marcelo iba de vez en cando onda o crego a decirlle:

— Dan tanto polos bois.

— Alá ti, home; alá ti — reprecáballo o crego, que a cada consulta, alcontrábaio Marcelo máis metido no viño.

Por último, dunha vez, estaba o crego tan borracho, que Marcelo decidiu non consultalo máis.

E vendeu os bois polo que lle quixeron dar, que non foi moito.

—Aquí están os cartos —dixo cando volveu pra onda o crego. — E bo traballo que me custou vender os bois, mentras vostede non facía máis que beber.

—Pero ti cuspías, así íbamos a medias — contestou babexando coa borracheira o crego.

E alargando a man, colleu todo o diñeiro, e gardouno, dimpois de contalo, no seu bolsillo.

—¿E non me dá a metade que me corresponde? —perguntoulle Marcelo todo alarmado.

—¿Seica toleas?

—¿Pero entón non era dos dous a xunta de bois? ¿Non íbamos a medias?

—¿E logo non? Ti vendeches, e eu cobro. ¿Quérelo máis a medias?

E non houbo maneira de que Marcelo lle sacara unha cadela.

Cada vez que lle volvía a pedir os cartos, amenazábaio con metelo en xusticia, e Marcelo tivo que deixalo.

Con que xa sabes de que maneira se vai a medias con certas xentes, anque leven o cogote afeitado en forma de galega.

Chuco de Canedo

Ver polas costas

Unha cousa é a dinidade e outra cousa o amor propio. Aquila é unha cualidade que aleventa o home, cando é que a sabe manter no verdadeiro terreno.

O amor propio, en troques, é causa de moitas burradas. E non é que o ter amor propio estea mal, senon que hai que sabelo ter.

Un dos que máis aixiña tropezan e caen nisa falla de comprensión do que é a dinidade e do que é o amor propio mal entendido, é Mingos Alleiro, un rapaz que se conforme ten herba seca dentro do cabazo, tivera miolos, non había outro coma el de listro.

Mais naceu con aquel forraxe por fábrica de pensamentos, e non ten volta, cada paso seu é unha verdadeira disgracia.

Eí vai un caso, pra que vos convenzades de que non estou argallando nin erguéndolle ningunha calunia.

Adoitaba Mingos, cando iba á vila, afeitarse ou rapalo cabelo na millor barbeiría que alcontraba. Porque iso si, pintante coma el, non había outro.

E cadrou que unha vez quixo subir á unha barbeiría que estaba nun primeiro piso.

As escaleiras estaban forradas dunha cousa que din que lle chaman linoleum, moi untado de cera, que brilaba coma un sol. E pra que o tal linoleum, ou coma demoros se chame, non se desgastara aixiña con tanta xente coma por ali subía e baixaba, tiñanlle posto na parte máis salinte de cada escalón unha tira de latón dourado, que tamén brilaba que metía xenio.

Mingos subiu coma puido, agarrándose ben ó pasamáns, pra non escorregare. E chegou arriba sin contratempo.

Mais ó saír, fóiselle un pé, antes de que tivera tempo de botar man á barandiña, e marchou escaleira abaixo, sentado coma un can, fora ialma, e batendo cos cartos traseiros en todos os peldaños.

O barullo que fixo foi tan grande, que todos os parroquianos e dependentes da barbeiría saíron pra ver que era o que tiña pasado.

E cando viron á Mingos sentado no chan, no medio e medio do portal, comprenderon aixiña o que lle socedera, e estouraron todos nunha risada que se debeu de oír na aldea de Mingos.

Iste, ó ver que así se rían del, perdeu a pouca serenidade que tiña de cote, e sentíndose ferido no seu amor propio, berroulle ós que estaban no alto da escaleira, sin saber siquera o que decía:

—O que valeu, foi que caín sentado, que se chegou a cair de fuciños, había ver quen se ría de min.

Un dos de arriba perguntoulle destonces:

—Ai, meu santiño, e se vostede caíra de fuciños ¿coma nos iba ver?
Mingos comprendeu destonces que tiña dito unha cabalada, e reprecou,
atrapallándose inda máis.

—Víaos... co que fose.

—¿Si? Pois pregue pra nunca tal vista perder.

Avelino Rodríguez Elías

O emperador da morte

Todo pai ou padriño, antes de escoller o nome que lle ha poñer á un meniño, debería pasar polo pouca, unha somaniña fechado onde naide o fora distraer dos seus pensamentos. ¿Sabedes pra que? Pois pra pensar ben o nome do neno, medindo de antemán todas as consecuencias da eleución.

Porque os hai que con tal de lle poñer ó crío un nome que non sea dos que se adoitan empregar pola xeneralidade, non arrexaran escoller un que, mañán, cando o rapaz vaia polo mundo adiante con aquela contraseña, toda a xente o tome a borma.

E cante se soio fora iso. A un conecín eu, que hastra pro súa carreira lle serviu de prexuízo o nomesíño que lle puxeran.

Era fillo dun home moi sabido, mormente de cousas de hestoria antiga.

Decíanlle algúns que non era sabedoría, senón tolería o que tiña na cachola aquel home, e poida que fora así, porque el adoitaba decir que moitas veces hastra coidaba que se atopaba nos tempos da Roma trunfadora dos Césares.

Non debemos, polo tanto, estranarnos de que, ó ter un fillo, buscara naquela época do mundo un nome que lle poñer. Atopou co do vencedor de Vercingetorix, e púxollo ó meniño.

Xulio César encomenzou a sufrir as consecuencias da tolería do seu pai, tan aixiña coma o mandaron á escola.

—Conque Xulio César jeh! —díxolle o escolante— ¡Vaites, vaites co xeneral romano!

E abondou aquilo pra que os rapaces da escola lle chamaran dende aquela, o Xeneral Romano.

Pasou da escola pro Instituto, e alí cambeáronlle o alcuño.

O pasar lista un catedrático, chocoulle o nome de Xulio César, e perguntoulle cun migallo daquela:

—¿Es usted el Imperator?

¡Moura cousa dixo! Dende estonces, o probe do rapaz xa non foi senón o Imperator, tanto prós catedráticos coma prós estudantes.

Chegou á Universidade, e alí outra vez lle cambearon o mote, ou millor dito, traducíronllo, porque lle encomenzaron á chamar Emperador, e Emperador foi xa pra toda a vida.

Estudou pra médeco, e no mesmo día de coller o título, os compañeiros puxéronlle á porta do fogar un letreiro que decía:

“Xulio César, Emperador da Morte.”

Non sei o que, con todas istas, pensaría o bo do Xulio César do pai que tal nome lle puxera, mais coido que non habían ser alaudos.

Coma saliro bo médeco, déronlle un posto no Hespital Clínico, e non tardou en estar encarregado dunha das principais salas do nosocomio.

Faguía curas que daba xenio, pero nin por iso deixaban de lle chamar o Emperador da Morte.

Na sala que el derexía, entrou dunha vez, pra ser alí atendido, un poeta que ía moi maliño do estómago, non se sabe se por falla de alimento, ou dunha enchenta de ripios: un caso mortal de necesidade.

O tal doente enterouse aixiña do que lle chamaban ó médeco, e pouco tardou en lle ceibar tamén a sua borma.

Cando a Morte lle encomenzou a turrar polos pés, acodiu aixiña D. Xulio. E o poeta, ó velo cabo do leito, ergueu traballosamente un brazo, estarri-couno pro médeco, á xeito de saudo romano, e dixo coas poucas forzas que lle restaban:

—¡Ave Caesar, moriture te salutant!

Avelino Rodríguez Elías

Os nosos pirmeiros pais

Nunha vila galega fixeron unha Exposición de Belas Artes, que resultou moi boa, tanto polo número coma pola calidade das obras que nela feguraban.

Os pintores enxebres mandaron cadros que non había máis que pedir: paisaxes, tipos da terra, marriñas, escenas típicas.. ¡que sei eu!

¿E de escultura?... Aquilo foi o que houbo que ver.

Todo era bo na Exposición; todo arrincaba berros de asombro, acenos de ademirazón, verbas de gabanza.

Mais antre todas as obras, a que chamou a atenzón dunha maneira máis forte, foi un grupo escultórico que representaba o instante cando a nosa nai Eva lle ofereceu a mazán pecadenta ó mal pocado de Adán.

As dúas feguras estaban tan ben feitas, tiñan tanta espresión e tanta naturalidade nas respetivas actitudes, que dendes o primeiro día, todos os visitantes da Exposición, sabidos e ñorantes, dixeron a unha que aquela obra tiña por forza que recadar o primeiro premio.

Mais chegou o día de se faguere público o fallo do Xurado, e a tal obra apareceu premiada cunha medalla de segundo orde.

¡Ai Santísimoño Cristo de Canedo, a que alí se armou!

Os críticos tomáronna cos do xurado, e dende cabalos pra arriba, chamáronlles canto lles pareceu. Os artistas decían que a xustiza tiña sido arredada pola envexa. E o vulgo xuraba que todo fora cousa da política, que andivera polo medio, pra lle dar o primeiro premio ó fillo dun cacique.

O Xurado era o úneco que calaba. E ista actitude viña dar aparencias de verdade á todo canto pola vila adiante se marmullaba.

O autor do grupo escultórico, que tiña a concencia de haber feito un traballo rematado, foi ver ó presidente do Xurado, pra que lle espricara as razóns dun fallo tan inxusto.

E o presidente respondeulle:

—Vostede pra faguer isa obra, inspirouse no Xénesis, ¿non é verdade?

—Si —dixo o escultore.

—¿E vostede non veu alí que Adán foi feito de barro?

—Si.

—¿E non leu tamén que a nosa nai Eva foi feita dunha costela de Adán?

—Si.

—Logo vostede xa sabe que nin Adán nin Eva foron nados de muller.

—Sei.

—Pois destonces vaia ver o que fixo, e alí alcontrará espricada a razón do noso verediuto.

- Non entendo.
—¿Que non entende?... ¡Home! Pois élle ben fácil de entender.
—...
—Se non foron nados de muller, ¿vostede pra que lles puxo embigo?

Avelino Rodríguez Elías

Un home que non puido mandar na súa casa

Cando Clodio estaba pra se casar, pediu consello ós homes experimentados e de sabedencia no casamento. E todos a unha lle recomendaron, coma cousa prencipalísima e cimeira, que nunca na vida deixara que a muller botara man dos calzóns.

—No día que a túa dona troque as saias polos pantalóns, estás perdidíño de todo. Ti eres o home, e coma tal, o úneco que debe mandar na casa.

Escoitou Clodio esta sentenza, cravouna na testa, e con semellante peso no cabazo, foi pró casamento coma quen vai agoardar un enemigo nunha encrucillada.

Mais quixo Noso Señor que lle tocara unha muller tan a xeito con el, que nunca ocasión lle deu de amostrear que el era o amo.

O seu gusto era o dela; os seus deseios, os da parenta; os seus pensamentos, os mesmos que ela tiña; as súas arelas, sentíaías ela tamén.

Dista maneira, na casa de Clodio non había amo nin serva. Todo se faguía sin que naide tivera que mandar.

Seica nunca, dendes que o mundo é tal mundo, se cumpríu tan prefeutamente aquilo que lle din a un no istante de lle cinguir ó pescozo a carga do matrimonio: “Compañeira che dou, que non escrava.”

Mais isto non lle compría ó parvo de Clodio. El quería amostar que era o dono, fose coma fose. E xa que a muller non lle daba ocasión pra iso, tratou de buscala.

Era unha idea fixa, unha manía, que o non deixaba ser feliz, cando podía selo coma ningún.

Un día ocurriáselle que había de saír de carozas, inda que fixera un sol que derretera os croios; e a muller decíalle aixiña:

—Tes razón, Clodio; que pode dar volta o tempo e colleres unha molladura que te tolla.

Defraudado nos seus deseios nista esperenza, cavilaba noutra, e ós poucos días xa estaba faguendo unha nova tolería.

Mais ela aprobáballe de cote o pensamento, e iste acordo coas súas ideas, por tortas que elas foran, dáballes cabo do pouco xuízo que xa lle iba quedado.

Un día ocurríuselle unha cousa, que se daquela non berregaba coa dona e non lle amostraba que alí quen mandaba era el, xa non lle quedaba senón poñerlle fogo á casa.

Foi á feira, e ó vir de volta, empeñouse en que o cabalo tiña que entrar na corte ó rivés; quer decir, que había meter o rabo antes de que a cabeza.

O faco, que sempre tiña entrado como as persoas, fora a ialma, coa cara pra diante, non se axeitaba a entrar a recú.

E Clodio mallaba na besta, que ningunha culpa tiña da doenza mental do seu dono, e ó mesmo tempo berraba coma un condergado.

A muller andaba nos afaceres da casa, e cando tal, barullo oíu, asomouse ó patín, pra ver que andrómena era aquila.

—¿Que che socede co cabalo? —preguntoulle a Clodio.

—¡Que me ha de soceder —respondeulle el— senón que iste demoro de besta, todos os días está entrando na corte ó dereito, e hoxe non quer entrar ó rivés!

E cando coidaba qe a dona lle iba levar a contraria, porque o que el estaba faguendo era unha loucura, quedou feito un poste de viña oíndolle decir:

—E mais tes razón. ¡Destonces íbase consentir que onde hai persoas, valera o xenio dun cabalo!

Avelino Rodríguez Elías

A vinda do espírito santo

Doña Vicenta tivo un noivo aló no tempo leixano da súa mocedad. Contaban os que recordaban aqueles antigos amores, que foran dos que xa non se usan agora.

Doña Vicenta, que destonces inda era Viocentiña, e mais o seu rapaz, queríanse coma dúas pombiñas cando se arrolan enriba do tellado dun hórreo.

Amores máis sonados que aqueles, non os houbo en toda a comarca, e cando se falaba deles, non había persoa que non coidara que Vicentiña e mais o seu mozo, iban facer o millor matrimonio do mundo.

Mais non se chegaron á realizar tan bos agoiros, porque ó rapaz pegáronlle unhas vexigas negras, e foillo contar ós antepasados que tiña no outro mundo.

Vicentiña estivo mesmo ás portas da morte, co desgusto; mais sanou, e anque pensou en se meter monxa, non chegou a facelo, porque tivo o tras acordo do galego e considerou que era millor quedar ceiba, pra poder ire todos os días cabo da cova do seu amor, a regar coas bágoas dos seus ollos, as froliñas que as súas mans alí estarricaban.

Pasou o tempo; calmouse o delor, e anque no fondo da ialma lle quedou a Doña Vicenta un tenro recordo daquel home ó que tanto amou, viu algún día en que se lle aparecera quen lle ceibara na orelliña unhas verbas de mel. Poida que non andivera con retesías.

Mais xa iba Doña Vicenta moi vella pra que ningún home pensara nela, e tívose que conformar con ollar pra eles sin agoardar deles nada.

Nantronte, unhas amigas, vírona falar cun antigo conecido, e dimpois déronlle borma con aquela conversa.

—Vaia. Doña Vicenta —dixéronlle— que a cousa parez que vai de veras.

—¿O que, miñas fillas?

—O seu casamento.

—¡¡O meu casamento!!

—Si, señora. Vostede coida, coma todos os anemorados, que naide lle sabe nada, e todo o mundo lles ve o que fan.

—Abofé que non comprendo o que me queredes decir.

—Non se faga de novas, que nosoutras ben a vimos esta mañán de parola co seu prometido. ¿Seica estaban acordando o día da boda?

—Non, fillas. Aquele home con que me víchedes falar, era un antigo conecido.

—Cun sempre conecido non se latrica tan animadamente como vostede latricaba con el.

—Era que estabamos relembrando cousas doutros tempos. Polo demais, eu agora, ós meus anos, soio podería ademetir un esposo que fora pra min coma San Xusé prá Virxe¹.

Pouco faltou pra que as amigas non se lle riran na mesma cara. Soio unha delas non se puido conter, e díxolle:

—¿Logo vostede inda aguarda pola vinda do Espírito Santo?

Avelino Rodríguez Elías

¹ Hestórico (Nota do autor).

O can colorado

Con cousas vellas fanse ás veces cousas novas. E se non, que o diga unha certa veciña que eu teño, que da roupa vella do seu home, faille traxes novos, ou que o parecen, ós fillos.

Mais non se trata agora de roupa vella nin de cousa que o valla.

A cousa vella de que vos vou falar, é unha hestoria antiga, que me vai servire pra faguer un conto novo.

E ¿non ha ser vella a hestoria, se trata do que lle pasou, sendo mozo, ó irmán dunha visaboa miña?

Quer decir, que socedeu a cousa aló polos comenzos do século pasado. Quizabes antes de que os franceses nos viñeran faguer a barba.

Chamábase o tal señor, D. Antonio Ventura Hervella, e tamén era irmán dun oficial do Exército español que se destacou de tal maneira na guerra dos franceses, que chegou a ser conecido, antre tantos coma destonces se destengui-ron, polo *Valente Herbella*.

Mais volvamos ó señor do nos conto, que polas trazas que leva, non volo chego a contar hoxe.

Decía que se chamaba D. Antonio Ventura Hervella, e (agora si que vai o conto), era moi aficionado ás mozas, cousa que non ten nada de particular, porque moitos, dende Adán pra acó, tiveron isa mesma afición. E non o digo por mal, porque se tal afición non houbera antre os homes, fai moitos sigros que se tiña acabado esta patulea que anda polo mundo co nome da humanidade, anque millor lle cadrara o de canínea.

E se non, vamos á ver: ¿non é máis propio de cans que de endeviduos da especie humana iso de estrozar en guerras coma a que fai ben poucos anos ardeu na Europa, na Asia, na África e máis por todas as outras bandas da Terra?

¿Vedes? Pois xa me aparteí outra vez do conto, pra me metere en filosofías de crego ben xantado.

Tornemos, tornemos ó conto, e xúrovos que xa me non volvo a esquecer del.

Parezme que xa vos dixen que o irmán da miña bisabó ó que lle socedeu o que vos vou contar, chamábase D. Antonio Ventura Hervella. E se non volo dixen, dígovolo agora.

As mozas (coido que tamén volo dixen) eran a súa mor afición. E non soio as mozas, senón tamén as mulleres feitas e dereitas, porque se casou, enviudou e tornou a se casar, desta vez cunha viuda coma el.

Mais o que vos vou contar non lle pasou de casado, nin de viudo, nin de recasado, senón de solteiro.

Era bo mozo. E, francamente, nisto non lle saíu a familia. Dígoio por min, que nunca valín dous reás en calderilla.

Como era bo mozo, tiña moito partido antre as mulleres. Xuntade isto coa afición que el lles tiña, e calculade o que habería polas terras onde ó Noso Señor lle pareceu ben prantar un home como aquel, que se non minten as tradicións da familia, foi aló pola provincia de Ourense.

Antre as mozas que o señor D. Antonio Ventura sumou na listra das súas vitorias (moitas máis das que na guerra tivo seu irmán o *Valente Hervella*) había unha do lugar de Sobrado.

Un pouco lonxe lle cadraba o tal lugar de Sobrado ó señor D. Antonio Ventura. Mais ¿quen dixo distancias pró amor?

O malo era que amais de lonxe, tiña o Sr. D. Antonio Ventura que pasar un camiño máis ruín que o do inferno, pra ir onde a moza. Todo vos era por montes lobeiros, que se de día eran moi malos, de noite non vos digo nada, meus amiguiños.

E de noite era cando o Sr. D. Ventura iba visitar a rapaza.

Levaba consigo un canciño, que non sei o que tiña que faguer mentras el pasaba as horas á veira da nena: mais que polo camiño servíalle de compañía, xa que non pra o defender se o caso chegaba, porque era cativo, e máis lle compría estar ó pé da lareira, que andar polos montes tremendo co medo e mais co frío.

Isto do frío era cousa que ó Sr. D. Antonio lle tiña con coidado, tanto que, pra que o can non se lle acatarrara ou non se lle eibara, mandoulle faguer un verdadeiro vestido de nescote colorado, e tanto lle chocou isto ós seus conveciños, que non tardaron as bulras en chantar os dentes no amo e mais no can.

Encomenzaron por falar do can colorado, e acabaron por chamarlle ó meu parente, D. Ventura o do Can Colorado.

Mais todo isto ás costas del, porque se cara llo dixeran, algún bulrista pagara ben caro o seu astrevimento, que non era el home de aguantar tales bormas.

Socedeu que unha noite, ó tornar de visitar a moza, saíronlle os lobos. Defendeuse ben, porque valente non hai que lle negar que o era, e salvou a pelexa. O que non puido salvar, foi o can, que aló lle quedou no monte, ben ou mal repartido antre os ventres dos lobos, con refaixo e todo.

E estonces si que tiveron que oír as bulras dos conveciños do Sr. D. Hervella. Antes de dous días, todos eles, homes e mulleres, rapaces e vellos, cantaban ista copra, que un deles sacou da sua cachola, coma quen saca unha castaña dun ourizo:

Señor Don Ventura,
vindo do Socrado,
coméronlle os lobos
o can colorado.

Algunhas persoas daqueles lugares inda hoxe cantan isa copra, quizabes sin coñecer o seu orixe. Eu non debía decilo, porque ó fin trátase dun meu parente. Pro, ¡que diaño! El poida que me non veña pedir contas por contar niste turreiro a hestoria do can colorado.

Avelino Rodríguez Elías.

Como se pillu un xordo

Di un refrán, e é moi certo, que máis axiña se pillu un mentireiro que un coxo.

Non coxo sinón xordo se quixo faguer Silvestre Regueira, pra librarse do servizo militar, mais non lle valeu a maraña.

Cando o mandaron ir a recoñecemento, persentouse faguendo o xordo, coma si talmente tivera os turatos das orellas pechados cun par de croios.

—¿Como te chamas— preguntáronlle.

—¿O que?— contestou mesmo con cara de parvo.

—¡¡¡Que como te chamas!!!— tornáronlle a preguntar, asombrando cos berros a casa do Auntamento.

—¿De onde son? De Chau de Bustelo.

Foi perciso collerlle a cabeza coas dúas mans e berrarlle mesmo apega-diño á orella:

—¿Como te chamas?

—Non berre tanto, hom, que non son xordo. Chámome Silvestre Regueira.

Xa vedes si facía ben o xordo. Boeno, pois no Auntamento, nin os médicos nin naide creu na xordeira de Silvestre.

O que máis e o que menos tiña unhas ganas de lle enchere as costas de trompadas, que mesmo daba medo. Mais todo o mundo tivo pacencia gardando a xenreira pra cando o mesmo Silvestre confesase que non era xordo.

Un día que o estaban reconecendo e moendo a preguntas, deixaron caír detrás del unhas cantas moedas de prata. Mais Silvestre saíu ben daquela proba, porque anque era moi amiguiño dos cartos, nin pestanexou siquera.

Outro día mandárono agoardar ó pé da escaleira. Sentouse no primeiro paso, e cando máis descoidado o viron, botaron a rodar dende arriba, mais de xeito que lle non dera, un bo tranco de madeira.

Pasou o pau polo lado del, e estonces ergueuse e dixo:

—Home, home, hai que tere coidado, que me poideron matar.

Tamén dista proba saíu ben, mais vades ver en que outra tan sinxela foi caír.

Mandárono agoardar unha mañán, mentras non viña o médeco, mesmo á porta da rúa. Facía un frío que rachaba, e el, pouco a pouco, foise achegando á portería, onde había un braseiro, que consolaba.

Xa estaba ben prúsimo, cando entrou pola porta outro mozo, que tanto polo tipo coma polo encollido e cheo de medo, debía de sere da montaña.

Foise arrimando a Silvestre, e cando estivo cabo del, díxolle moi amodiño:

—¿E ti non sacas a monteira?

Silvestre arreparou que estaba cuasque dentro da portaría, e contestou, tamén moi amodiño:

—¿E logo, sacareina?

—¡Ah, lampantín! —berrou o outro mozo, que non era sinón un escribente do Auntamento, disfrazado de petrucio. —¿Conque eres xordo e oícheme tan baixiño?

Chuco de Canedo

O caldo de grelos

Teño eu un amigo, Damián da Barafunda, que o é dende o tempo da nosa infancia.

Tan amigo meu foi de cote, que non se quería casar, porque tampouco eu me casaba, considerando que, o faguelo, era unha verdadeira loucura.

Mais un día viume coa noticia de que iña deixar de ser solteiro.

—¿Logo ti claudicas? —pergunteille.

—Claudico.

—¿E que fixeches da túa firmeza?

—Abatina diante da perspeutiva dunha boa herenza.

—Sendo así, estás desculpado. Mais conta como é iso.

—¿Coneces Marcela Batelán?

—Conezo.

—¿E que che parez dela?

—Con franqueza che digo que non me gusta.

—Mais gústame a min.

—Craro, porque se non che gustara, non te casabas con ela. Pero eu quería dicir que non lle alcontro nada de particular.

—En troques eu acabo de lle descubrir un mérito anorme.

—¿Cal?

—Que ten un tío na Habana; que ise tío está moi rico, e que o úneco heredeiro que ten, é Marcela.

—Pois cástate aixiña, que iso xa non é loucura, senón xuízo.

Casouse, mais non foi feliz. A muller saleulle máis ruín que un door de moas, e pra máis, encomenzou a ter fillos, que aquila casa era unha incrusa.

Un día presentóuselles o tío, e isto que puido ser a felicidade de Damián, foi a súa compra desgraza.

O tío tiña adoecido, e os médicos da Habana recomendáranlle que viñera dar unha volta pola terriña.

Viu, e en lograr de morrer, para deixar aixiña os cartiños, sandou de todo. Porque o caldo de grelos fixo o milagre de lle botar fora o canto mal tiña no corpo; pois é cousa sabida que para un galego que adoeza lonxe do eido nativo, non hai meiciña que lle gañe ó tal caldo grelos, tomado arreo eiquí mesmo. Alá fora, non ten vertude ningunha.

Por iso, o tío da muller do meu amigo sandou de todo, e tan logo coma se alcontrou outra vez bo, despúxose a tornar prá Habana.

Tornou; mais non foi iso o pior, senón que tornou casado.

Un veciño do meu amigo Damián —¡millor fora el veciño do demo! —tiña unha filla bunita e gariteira. E así que se deprocatou de que o vello sandaba,

tanto lla meteu polos ollos, tantos alaudos lle contou dela, tantas voltas lle deu, que o bo do tío de Marcela, escorregou e caeu nos brazos da moza, casado pola eirexa, e non vos digo coma Deus manda, porque teño para min, que Deus non ordenou nunca de se casar mozas con vellos.

Eu non vos quero decir tampouco, porque non acabaría hoxe de contalo, canto tiven que lidar para que Damián non fixera unha barbaridade, cando soupo que se lle casaba o tío.

—¿E para isto me casei eu? —decía todo cheo de desesperazón.

—Ten pacencia, home —respondíalle eu —que as cousas diste mundo sonche así; sempre non saen ó rivés de como as pensamos, ou de como un as desexa.

—Mais eu non me podo resinar con iso.

—¡Que remedio che queda!

—Eu mato ó tío, á moza ou ós pais dela, que foi quen tivo a culpa de todo isto.

—Home, non digas semellante cousa, que poden morrer de morte natural, e dimpois bótanche a ti as culpas.

—Pois logo mátoios todos eles, e dimpois mátoime eu.

—¡Xesucristo! Olla que non van ter os periódicos papel dabondo para contar tantas mortes.

—E se non, mata Marcela soia, porque se hastra agora puiden aturala coa esperanza de herdar seu tío, de eiquí en diante, sabendo que quen vai herdar é a outra que a leve o demo.

—Acouga ises nervos, home, que inda poida que todo veña a ben.

—¡Que vai vir!... ¡E para isto comeume tanto caldo de grelos!

—Ei tes ti o que foi.

Pouco a pouco, Damián foi asosegando, e hastra chegou a ter a esperanza de herdar, senón todo, algunha parte do moito que o tío da Habana tiña.

Porque o tío non era negado, e a nova tía tamén lles amostraba, a Damián e mais a muller, o seu migallo de lei. Polo menos as cartas que lles escribían, eran agarimosas que daba xenio.

Mais ista mañán alcontreime con Damián, e logo vin que levaba cara coma de quen se vai zorregar de cabeza ó río, nun sitio onde leve ben de auga.

—¿Que che acontece, home? —pergunteille.

A resposta foi entregarme unha carta do tío, que soio decía isto:

“Queridos sobriños:

Saberedes que a vosa tía acaba de me dar un herdeiro. Estou que xa non cabo dentro do meu pelexo, de contente que me alcontro, porque agora xa teño quen herde o meu nome e mais o fruto dos meus moitos anos de traballo”.

—O demo do caldo de grelos —dixen entre min, cando romatei de ler a carta.

Avelino Rodríguez Elías

O espantallo

Veño mesmo suando, anque o tempo non está para iso. Pro é que fun despedir ó meu amigo Bastián Outerelo, que marcha pra América, e fíxoseme tarde. A despedida foi mesmo daquelas que fan chorar, porque o rapaz non tiña moitas ganas de marchare e non sabía como sopararse de mín.

Pro era perciso que se aleixara de eiquí. ¿Non sabedes por que? Porque dende o que lle pasou con Marica da Ribeira, tiña quedado completamente en ridículo e non había moza que se non rira del, nin mozo que non chiscara un ollo ó pasar pola súa veira.

A cousa, verdadeiramente, non era para menos diso.

Bastián tiña andado en amores con Marica. Cansouse dela, quezais porque nunca lle tivera boa lei, e deixouna. Ela, en troques, vía con moi bos ollos, e sentiui moito que Bastián a deixara.

Coidou que el volvería onda ela, pro pasou o tempo e tal esperanza non se cumpriu.

Ó cabo de dous anos apareceu un mozo facéndolle a rosca á Marica, con ganas de casar. Bastián conecendo como conecía o lugar que inda conservaba no peito de Marica, porpúxose alongar da veira da moza aquel novo galán, e non lle custou nada conseguilo.

Abondoulle ceibar catro palabriñas de mel nunha orella de Marica, para que ista lle fixera caso.

Aleixado o pretendente, Bastián xa non tivo enterese en seguir as relacións con Marica, e deixouna outra vez.

Destonces xa non foi ela soia quen sentiu o chasco, senón toda a súa parentela, que considerándose ofendida e aldraxada, xurou tomar vinganza de Bastián. Pro non unha vinga desas que levan un home á cova e outro á cadea, sinón algunha cousa que fora peor prá dinidade do mozo: poñelo en redículo hastra que non poidera decir palabra a ningunha moza.

Era perciso agoardar, e agoardouse con pacencia.

Apareceu un día outro rapaz facéndolle o amor a Marica, porque a moza era de apetecer, e outra vez Bastián dispoñeuse a estornalo.

E foi ista a ocasión que Marica e mais os seus parentes aporveitaron para vengarse.

Posta toda a familia dacordo co mozo que lle rondaba o portelo a Marica, e ó que ista tiña aceptado por noivo, ordenaron que a nena finxira que lle facía caso outra vez a Bastián.

Caeu iste na gaiola, e o demais xa foi, coma quen di, coser e cantar.

Chegou o primeiro sábado, e de noite, Bastián foi falar con Marica, que o agoardaba na solaina. El, dende abaixo, deulle as boas noites, moi comprido, e ós cinco minutos de parola, decíalle amodiño:

—¿Sabes, Marica, que ti dende enriba e eu dende abaixo, estamos moi lonxe un do outro?

—¿E logo que queres? —respondeulle ela.

—Que me deixes subire hastra eí.

—¿E si te pillan eiquí?

—Non pillan, non.

—Pois logo sube, si podes.

—¿Non hei de poder? Iso para min é (...)

Axudándose co carro de bois e mais cuns aparellos de labranza que o pai de Marica se coidara de deixar alí, agabeou Bastián hastra a solaina. Mais inda ben non tiña chegado cabo da nena, cando se oíu ruído dentro da casa.

—¡Eí ven meu pai! —dixo Marica toda asustada.

—Fuxe por Deus, Bastián.

Iba baixar iste polo lado por onde tiña subido, mais díxolle Marica:

—Por eí non. Por iste outro lado, que é máis baixo.

Deixouse cair Bastián por onde Marica lle decía ¡en nunca el tivera subido!...

Caeu mesmo na esterqueira, que estaba cheíña hastra os bordos, e si lle non chegara a acodir, alí morría afogado.

No lugar non houbo can nin gato que non soupera o que tiña socedido; e tan en redículo quedou Bastián que non tivo máis remedio que fuxir de eiquí.

Porque, enriba da vergoña que pasou, fai poucos días alcontrouse con Marica. E a moza, apertando os buratos da nariz cos dedos, coma se inda Bastián levara consigo o cheiro do baño, díxolle con moito aquel:

—E logo, Bastián ¿non queres vir á miña boda?

Avelino Rodríguez Elías

Veña o divorcio cando queira

Con preto de medio sigro de idade e vintetantos anos de casados, Antón da Veiga Seica e mais Guadalupe Cacheiras faguían o matrimonio máis amigo que eu teño visto.

Se alguén dixera que antre eles tiña habido unha verba máis alta do que outra, mentira coma un fariseu.

Si ben se quixeron de novos, millor se querían agora que iban pra vellos. E cando na veciñanza se falaba da paz conxugal e de matrimonios que se levaran ben, sempre saían Antón e Guadalupe coma modelos de ben casados.

A entrada de Antón na sua casa, cando tornaba do traballo, era talmente un amañecer do mes de San Xuán.

Probes eran, mais coma non tiñan ambicións, abondáballes co que Antón gañaba e Guadalupe administraba con xeito e coidado.

Non había, polo tanto, matrimonio máis felís que aquel.

Un día chegou Antón máis contente que de cote cabo da súa muller.

Ela notoullo aixiña, e preguntoulle:

—¿Qué che socede, hom, pra vires tan algareiro?

—¿Non sabes, muller, o qué pasa?

—¿Que che tocou a lotería?

—¡Vaiche boa! ¿Coma me iba tocar, se non xogo?

—Pois daquela esprícate.

—Acaban de me decir que o Goberno vai levar adiante un proxecto de lei estabrecendo o divorcio na España¹.

—¿E a ti que che importa?

—A min enterásame como a todos os españoles, porque de eiquí en diante, poderase descansar quen queira.

—Mais iso será os que non se alcontren a gusto.

—Naturalmente.

—E eu torno a preguntarche: ¿a ti que che importa?

—A min impórtame, porque eu tamén penso descasarme.

—¿Ti que dis, Antón dos meus pecados?

—Digo iso: que me descaso.

—¿Falas de veras?

—De veras.

A probe da muller rompeu a chorar, que talmente metía compasión. ¡E Antón ría coma un salvaxe!

1 A Lei do Divorcio foi implantada en España pola Segunda República o 2 de marzo de 1932.

—¡Eu que coidaba que eras o millor home do mundo —decía Guadalupe, entre saloucos e bágoas, —e agora resúltasme tan ruin coma os outros!

—Pra que vexas... respondíalle el sin deixar de rir.

—Ti seica toleaches.

—Nunca che tiven máis xuízo.

—¿E logo non eramos felices, Antón?

—Eramos e sómolo.

—¿E estonces pra que te queres descasar, Antonciño da miña ialma?

—Pra me tornar a casare.

—¡Ai, miña naiciña querida, que inda é máis ruín do que eu coidaba!

E o pranto corríalle como unha levada polas meixelas abaixo.

—Pois eu quérome tornar a casar.

—¿E con quen, fillo de todos os demoros?

—¡Contigo, miña velliña, contigo!

—¡Comigo!

—¿E logo, pombiña? ¡Contigo, contigo soio, contigo sempre!

—¿Si? Pois destonces veña o divorcio cando queiras.

Avelino Rodríguez Elías

A todo hai quen nos gañe

Cada un pon a vaidade naquilo que lle parez. Hai quen ten grandes facultades pra unha cousa, pra un oficio ou pra unha carreira, e síntese orgulloso, se cadra, de calquer outra autividade na que talmente é como un croio.

Pro en troques, hai quen se envaidece con razón das súas obras ou dos seus feitos.

Cando istes son bos e aquilas honrosas, ben está que calquera se amostre orgulloso do que fai, anque millor está de cote a modestia. Mais cando feitos e obras son ruíns e dañinos, non se comprende que haixa quen se ensoberbeza do seu proceder.

Non se comprende, non; mais hai quen é así.

Houbo na miña terra un creminal, que aquilo era de pronunciar soamente o seu nome, e a xente botarse a tremer.

Matou, esfolou, roubou... Non quedou mala auición que non cometera.

Era listro, e conseguiu por moito tempo fuxirle ás mans da xusticia; mais ó fin e remate, caíu nelas.

Foi xuzgado por todo canto tiña feito contra do Código, e salíronlle unhas cantas condenas, que sumaban por xunto, setenta e dous anos, algúns meses e uns poucos de días de presidio.

Iste creminal era de tal natureza, que tiña a vaidade dos seus crimes, e cando se alcontrou con simillante carga de anos, meses e días de presidio, coidou que xa non había outro como el no mundo, e dende aquilo día, non se parou con el na cadea.

Chegoulle o día de marchar pró presidio onde foi destinado, e cando alí entrou, pareceulle que iba ser o amo, ou pouco menos.

Non consentía que naide lle falar alto, e cando saía pró patio, nas horas de paseo, ollaba prós demais penados, conn tales olladas, que parecía que el era alí un elefante rodeado de vermes.

Uns non lle fixeron caso, outros tivéronlle medo, e os restantes, que foron os menos, sentíronse feridos por tanta soberba. Houbo un, antre istes, que, canso un día daquela vaidade, prantóuselle diante, e díxolle:

—Vamos ver, mozo: ¿ti que foi o que trouxeches?

Ergueuse canto puido o interrogado, e dinouse responder, coidando que iba deixar ó outro esmagado de todo:

—¡Setenta e dous anos, cuns poucos de meses e de días máis, de propina!

O outro botouse a rir, coma se lle tiveran contado un conto de Bocaccio e retrucoulle:

—¡Bo! Eu coidei que traías algo que se poidera decir. Iso é unha miseria, e non vas ter tempo siquera de contar as táboas do camastro.

—¿E logo ti que é o que tes?

—Oito cadenas perpetuas.

—¿Que son...?

—Non botes a conta, que eu cho digo: son dous centos e corenta anos.

Avelino Rodríguez Elías

O albre da fraternidade

A freguesía de Santa Minia dos Loureiros e mais a de San Xulián das Regueiras, pertencentes ambas ó termo municipal de Cornella Torta, eran veciñas unha da outra.

Estaban as dúas no mesmo val, feguraban no número das que compuñan o alcprestazgo de Montergueito, e o mesmo río fecundaba as súas searas.

Na Guerra da Independenza tiñan loitado xuntas contras dos asoballadores do chan patrio, e tanto unha como a outra, fixeron daquela verdadeiros prodixos de valentía.

Os mozos dos Loureiros non eran menos valentes que os das Regueiras, nin as mozas de San Xulián eran menos feiticerías que as de Santa Minia. E se os homes maduras dista fegresía pasaban por sentados e xuízosos, tamén os daqueloutra tiñan sona de sabedores e axuízados.

Non había, na aparencia, cousa ningunha que as fixera rivais. Porque has-ta os mandantes do Concello precuraban que as dúas freguesías estiveran igoalmente atendidas, pra que ningunha delas tivera motivo de queixa.

Mais en por iso, antre os mozos das Regueiras e mais os dos Loureiros, había unha xenreira tal, que onde queira que sealcontraban, aquilo era de rachar cabezas e de quebrar costelas, que non tiña conta.

Non valía que os abades pradicaran contra aquiloa salvaxada, nin que a Guarda Cevil acodira ás romaxes, nin que o alcalde de Cornella Torta inzara de guardas municipais as feiras. Con tal de que se viran fronte por fronte os peitudos de Santa Minia, cos barudos de San Xulián, xa estaba a rebumbia armada, xa as mocas andaban polo aire e xa as pedras voaban como anduriñas.

Isto, cando non eran as navallas, as pistolas de dous canos ou os revólveres de seis tiros, as armas que se empregaban.

Aquilo era un inferno. Un inferno prós veciños e mais prás autoridades do Concello, porque o que se di prós lampantíns da curia e mais prós médecos da comarca, non había millor praiso na terra. Prós que viven e runfean a custa de tales andrómenas, era de non ter mans a medir.

—¿Mais por que habedes andar de cote pelexando disa maneira? —perguntaban ós mozos as persoas de xuízo doutras parroquias.

—É unha vinga que xa ven dos vellos —respondíanlles.

E non daban outra razón.

O alcalde de Cornella, farto de mandar forza pública ás romarías, ás feiras e mais ós bailes, sin conseguir acabar co aquilo estado de guerra permanente antre as dúas freguesías, foi un día falar co gobernador da provincia, e díxolle:

—Vocencia xa sabe o que pasa antre as fegresías de San Xulián das Regueiras e de Santa Minia dos Loureiros.

- Sei, polos partes que arreo me manda a Guarda Cevil.
- E cónstalle cantos e ten feito pra acabar con aquilo.
- Consta.
- Pois se Voencia me axuda eu doulle romate.
- Conte conmigo. ¿Que percisa?
- Canta forza eu lle pida.
- Xa a ten.
- Destonces agora vou falar co bispo.
- ¿Co bispo! ¿Pra que?
- Pra que me mande un par de bos misioneiros.
- ¿E vostede coida...?
- Déixeme a min.
- Deixado está.

Falou o alcalde co bispo, efectivamente, e conseguiu tamén que a autoridade eclesiástica lle mandar os dous misioneiros pedidos.

De acordo cos párrocos dos Loureiros e das Regueiras, despuxo o alcalde que a misión se fixera no lindeiro daquilas freguesías, prós veciños de ambas as dúas.

Craro que dista maneira, tiñanse que axuntar os mozos e os vellos, as mulleres e mais os homes de Santa Minia e de San Xulián. ¿E quen era o que iba ter man daquilo, pra que se non armara unha rebumbia?

Mais o alcalde xa tiña pensado niso. Millor dito, pra iso mesmo, pra que estiveran xuntoos os das dúas freguesías, era que tiña ordenado de faguer alí a santa misión. E pra iso, tamén, lle tiña pedido moita forza ó gobernador.

Comenzou a misión, e co que os misioneiros decían dende o púlpito, e co medo ós axentes da autoridade, no primeiro día non houbo nada antre os veciños de Santa Minia e os de San Xulián.

No segundo día, xa houbo menos forza, e cada día foi ista desminuíndo, porque as verbas dos misioneiros, meténdoselle pola ialma ós peitudos dos Loureiros e os barudos das Regueiras, fixéronlles acougar o ánimo belicoso.

Rematou a misión cunha función solemne ó aire libre e cunha precisión dende unha parroquial hastra a outra.

Coma recordo dela, deixaron os misioneiros unha cruz de madeira na fronteira de cada unha das dúas eirexas. E o alcalde, coa mentes de deixar tamén unha lembranza de se haber, por fin e remate, restabrecido a paz e a concordia antre as dúas parroquias, prantou un albre no límite delas, albre que se chamou da Fraternidade.

O auto de prantar o Albre da Fraternidade, tivo tamén a súa solemnidade, diante del recolleron o alcalde e mais os dous párrocos, a promesa formal dun

representante ben autorizado de Santa Minia e do outro de San Xulián, de que alí en diante, os seus conveciños habíanse querer coma irmáns.

Quedou o alcalde máis contente que un pandeiro na noite de San Xuán, e foille contar o que tiña conseguido ó gobernador, que o felicitou calorosamente e prometeulle de o recomendar ó menistro, pra que lle mandara unha cruz.

Os veciños das dúas parroquias tamén quedaron moi contentes, e xa se falaba de casamentos antre mozos e mozas de Santa Minia e de San Xulián, cando se ouservou que o Albre da Fraternidade encomenzaba a secar.

Houbo quen tomou aquilo coma un mal agoiro, e cando llo foron decir ó alcalde, tampouco á súa mercede lle gustou a cousa.

Prantouse outro Albre da Fraternidade, que de comenzo, amostrouse vizoso e louzán, que daba xenio, mais que ó cabo dalgún tempo, tamén se empezo a murchar, e rematou por secar como o outro.

Con toda a cras de coidados, prantaron un terceiro albre, e tamén iste secou, coma se lle tiveran botado unha pauliña.

Entraron as desconfianzas e mais as sospeitas: naide creía que o Albre da Fraternidade secara de sen, e non se tardou en botar as culpas a alguén.

Os de Santa Minia decían que foran os de San Xulián, e os de San Xulián que foran os de Santa Minia.

E por se foran istos ou aqueles, da desputa saleu unha loita, que encomenzou por lambadas, seguiu a paus e acabou a tiros e navalladas. E a malpocada da Fraternidade que tanto traballo custara restabrecer, voou polos aires, coma un paxariño que foxe da gaiola.

Tornou o estado de guerra permanente (...)

Avelino Rodríguez Elías

O esqueleto do home-gorila

(...)

—Non ten volta: o seu fillo asoméllase ó gorila que vostede veu e que lle fixo tanta impresión.

—¡Válame o Santo Cristo de Canedo! ¿Logo o meu fillo das miñas entrañas é un mono?

—Non o é, mais paréceo.

O desgusto na familia de Ladislau, era de faguer chorar ós croyos do camiño. Mais como a todo se acostuma un, tamén os pais, os demais parentes e hastra a veciñanza, se forfon adoitando a ver o rapaz-mono, sin que, de alí en diante, a naide lle chamara a atención.

Aquil mesmo veciño que dera coa razón da semellanza do rapaz co máis grande dos simios, foi falar un día co matrimonio Souto, e díxolle:

—¿Sabedes que se me ocorreu que o que vos coidades que constitúe a vosa desgracia, inda pode vir a ser a vosa fortuna?

—¿De que maneira? —preguntou Ladislau.

—Amostrando o rapaz poolas feiras e romarías, como un fenómeno.

De comenzo, tanto Souto Medal como a parenta, refugaron semellante idea. ¡Esprotar iles a desgracia do seu fillo!... ¡Iso, nunca!

—Pensádeo ben —aconselloulles o veciño, e foise.

Pensárono, xa cho creo que o pensaron. E concruiron por se convencer de qu eo veciño tiña razón. Se lles sobrarian os cartos, inda podían andar con escrúpulos; mais vivindo como eles vivían, hastra era un cárego de concencia non se aporveitar do que Deus lles trouxera pola porta.

E de alí a pouco, xa andaba o bo do rapaz polas feiras e polas romarías, amostrándose ó público, dentro dun cabanón, a dous patacóns a entrada.

Os pais tíñanse axuntado cun empresario, porque iles non entendían daquilo, e por toda banda onde iban co home-gorila, que era como o anunciaban, fagúan un negocio, que aquilo era de non ter mans para coller tantos cartos, nin faltriqueiras pra gardalos.

Das feiras e das romarías, foron ás vilas, e rodando polo mundo, foron dar a unha cibdade moi importante, que tiña porto de mar e Universidade.

Os homes de cencia xa tiñan reparado no fenómeno aquil, e os sabios da Universidade daa dita poboación, coidaron cun caso como o do home-gorila, non debían deixalo fuxir.

Reuníuse o Claustro da Universidade, e resolveu quedarse co fenómeno, custara o que custara.

Trataron con Ladislau e mais a parenta, e tan boas proposicións lles fixeron, que dende aquí punto e hora, quedou desfeita a sociedade que os pais do rapaz tiñan co empresario.

O home-gorila entrou a formar parte do Museo de Historia Natural, fegurando coma empregado, mais en realidade, coma curiosidade.

Ademais de sinalarlle un bo soldo, que os pais cobraban relixiosamente e que lles permitía vivir coma uns novos ricos, sin ter que andar de pobo en pobo, loitando co público, os sabios mercáranlle o esqueleto do rapaz, pra que, no día que morrera, non fora pra cova, senón que ficase alí, no Museo.

Mais o que os pais non viron, foi que dende aquí istante, o rapaz era un verdadeiro escravo dos sabios da Universidade.

O mozo, anque semellante a un gorila, non era parbo, nin cousa que lle parecera, e logo que se deprocatou da súa escravitú, soio pensou no xeito de se ceibar dela.

Non o deixaban ir a ningures, por medo de que o pillara un automoble e lle esmendrellara o esqueleto que tan caro lles tiña custado, pois deran por il, unha boa cantidade.

Tampouco lle permitían embarcar, pra que se non afogase ou fose parar ó papo dun tubarón.

Coidábanlle da saude, non pra que non morrera, que iso era o que lles conviña, senón pra que non pillara unha doenza que lle prexudicara os ósos.

E, craro, pró rapaz, isto non era vida de home, senón de verdadeira besta engaloilada. Así foi, que decediu fuxir.

Púxose dacordo con outro empregado do Museo de Historia Natural, pra dar un paseo por mar, decindo que tiña moitas ganas de saber coma era o navegar.

Bulraron a vixianza dos sabios, foron ó porto, alquilaron unha embarcación, e saíron nela polo mar adiante.

O home-gorila, ó mesmo tempo que remaba, non faguía senón cantar alaudos á vida dos mariñeiros.

Mais o compañeiro, vendo que se aleixaban moito da terra, decíalle:

—Oies, chacho, ¿non che parez que xa imos moi lonxe?

—Ca, hom —respondíalle; —se inda estamos pretiño da ribeira.

Cando se embarcaran, o home-gorila, aproveitando unha distraución do outro empregado, tiña metido na embarcación un pandullo e mais unha corda.

E cando chegaron ben lonxe e lle pareceu que había calado dabondo, díxolle o outro:

—Agora vas ver de que xeito me vou librar dos sabios da Universidade.

—¿El ti que é o que vas faguer? —berrou o compañeiro.

—Xa o verás.

Amarrou unha punta da corda ó pandullo, e atou a outra punta ó pescozo.

O compañeiro, adiviñando o que o fenómeno iba faguer, tratou de llo impedir, mais el arredouno, e perparouse pra se tirar ó mundo dos peixes.

—Vaille decir, da miña parte, ós sabios da Universidade, que se queren o meu esqueleto, han de ir buscalo ós infernos.

E zorregouse de cabeza no mar.

Avelino Rodríguez Elías

A mirilla de Don Servando

Iso de ser cacique, non é cousa que lle veña ben a todos.

Nácese pra cacique, coma se nace pra poeta, pra bandoleiro ou pra inventor. Polo tanto, o que, sin ter nado pra iso, métese calquera disas cousas, ten que fracasar, de por forza.

Tocante ó cargo de cacique, non vos é tan fácil coma parez. Hai que saber selo; quer decir, saber mandar, non ter dor de naide e apertar as caravellas cando chego o caso.

Non sendo así, millor é meterse a boa persoa.

Un cacique conecín eu, que tiña tanto xeito pra selo, coma o noso alcalde pra menistro.

Gustar, gustáballes mandar, dispor dos homes, coma se foran rebaños de ovellas. Mais logo non quería que o fosen molestar a súa casa.

El decía que non estaba pra aturar a naide, sin se lembrar de que a el tiñamos que aturalo todos os da súa veciñanza.

Xa se sabe que a porta do cacique ten que estar aberta pra todos, porque ós electores e ós aditos, hai que atendelos, se non foxen pra xunto doutro que os trate millor.

E o tal cacique tiña na porta da súa casa, un aparello de metal dourado, dises que lle chaman “mirillas” e que teñen a feitura coma rodas dos barquilleiros.

Cando alguén chamaba á porta do tal cacique, viña ista nas puntas dos pés, ollaba pola “mirilla”, e tornábase pró seu despacho.

Se o que chamaba era algún eleutor que debía de vir pedir algo, xa se sabía: mandáballes decir pola criada, que non estaba na casa. Se era outra cras de xente, destonces mandáballes franquear a porta.

Socedeu que nunhas eleucións, foille pedir o voto ó tío Antón dos Ameneiros. E coma lle fixo tantas pormesas, que non parecía senón que lle iba dar o ceu coa lúa e mais as estrelas, o tío Antón caíu na gaiola, e votou polo que o cacique lle mandou votar.

—Xa o sabe —tiñalle dito, —cando se lle ocorra algunha cousa, non ten máis que chegar á miña porta, e vai servido.

—Moitas gracias —respondéalle o noso petrucio. —Non deixarei de cansalo.

—¿Como cansarme? Nin fale diso siquiera. A miña porta, prós verdadeiros amigos, está aberta arreo, de día e mais de noite.

Pasaron as eleucións, e o tío Antón dos Ameneiros tivo necesidade de ir xunto do cacique, pra que lle rebaixaran a cédula persoal, que lla tiñan posto coma se el fora o mor capitalista do destrito.

Chamou, tardaron en lle abrir, e, de remate, apareceulle a criada do cacique, decindo:

—D. Servando non lle está na casa.

—Ben; tornarei.

Tornou, e tampouco dista vez D. Servando se alcontraba na casa.

Da primeira vez, parecéralle que, endenantes de lle vir abrir a porta, tiña andado alguén na “mirilla”; mais non fixo caso.

Da segunda, hastra lle pareceu que tiña enxergado os ollos de D. Servando que axexaban pola “mirilla”.

E, pra se convencer, volveu por terceira vez á porta do cacique. Reparou ben, e dista xa non tivo dúbida de que o cacique o tiña estado ouservando, pra ver quen era.

Destonces mandou poñer unha “mirilla” na porta da súa casa. E agoardou, cheo de pacencia, que viñera o tempo das eleucións.

Viu, e non tardou o tío Antón en ter ocasión de lle responder ó cacique tal coma iste merecía.

D. Servando encomenzou a pedir os votos, cun saco de pormesas ó lombo, e o tío Antón agoardouno con risa de coello.

Chamou o cacique á porta do petrucio, e iste foi ollar pola “mirilla”, mais de maneira que D. Servando vira que o estaban axexando.

Coma tardaron en lle responder, o cacique tornou a chamar.

E daquela apareceu detrás da “mirilla” un fillo do tío Antón, que, sin lle abrir a porta, faloulle así, polos buratos do aparello:

—¿Quen é?

—Son eu, D. Servando.

—¿Que quería?

—Falar co teu pai.

—Non pode ser.

—¿Por que?

—Porque meu pai non lle está na casa hastra que pasen as eleucións.

E deulle coa “mirilla” nos fociños.

Avelino Rodríguez Elías

Un valente

Onte á noite retireime pro eido un pouco máis tarde do que acostumo, porque tendo ido xunto dun certo compadre meu, entretíveme alí moito tempo.

Entretíveme, porque o tal compadre ten un viño que fai resocitar un morto de dúas somanas, e unha dona que inda val máis que o viño.

De presa, porque gusto de me deitar cedo, pra poder madrugar, iba pra miña casa, e xa estaba preto dela, cando fun de encontro cun home que viña da outra banda e que non tiña visto, polo escuro da noite.

Démonos un empurrón, que non sei coma non nos esmendrellamos, e eu dixen moi enrabechado:

—Home, ¿seica non ve?

—¿El ti eres, Chuco? —respondeume o tal, cuxa voz conecín aixiña, como el tiña conecido a miña.

—Eu mesmo, Bastián; eu mesmo. Mais ¿que demoros che pasa, pra ires tan distraído, que a pouco máis desfacémonos os fociños?

—¡Que me ha de pasar, hom, que me ha de pasar, senón que me acaban de dar o alto!

—¿Onde?

—Eiquí, coma quen di a catro pasos: na encrucillada do Raposo.

—¿E quen foi?

—¡Que sei eu! Dous homes que non conecín, porque levaban a cara tapada cun pano.

—¿E que che roubaron?

—Canto levaba enriba.

—¿E era moito?

—Verás. Meu pai mandoume esta tarde cobrar vinte pesos que lle debía un veciño de Xinzo e que lle faguían moita falta, pra ir mañán á vila, pagarlle ó precurador a costa dunha demanda.

Era preto da noite, e eu tiven medo de que ó vir de volta me saíran ó camiño.

Destonces meu pai mandoume coller un revólver que tiña nunha lacena, ó pé do seu leito.

Collino, mais estaba descarregado. E anque meu pai me fixo coller as balas tamén, non o carreguei, porque non estou afeitoa manexar armas de fogo.

Metín o revólver nun bolsillo e as balas noutro, e marchei a carón de Xinzo.

O debedor deume os vinte pesos; eu metinos no bolso do chaleque, e encetei a volta prá casa.

Mais en lugar de ir polo atallo, vin por estoutro camiño, porque xa sabes que un pouco máis atrás vive Xuanciña a Tellarachada, que din que anda morta e torta por min, e quixen botar unha parrafada con ela.

Cuasimenter estaba Xuanciña á porta, e puxémonos a parolar tan descoiadamente, que cando nos desprocatamos, eran cuáseque as dez da noite.

“Hoxe meu pai máatame” –dixen prós botóns da miña chaqueta, e despedinme da moza.

Botei a correr como un can, fora a ialma, pra chegar o máis pronto posible xunto de meu pai. E ó chegar ehí, á encrucillada do Raposo, atravesáronseme dous homes no camiño, armados de reloxos fungueiros e coas caras tapadas.

“Alto ehí” –dixéronme.

Pareime todo cheo de medo, e un deles aguergou:

“A ver, mozo: ceiba pra acá todo canto leves enriba, sexa diñeiro, ou cousa que o vala.”

“¡Se non levo nada!” –respondinlle eu, tremendo dende os pés hastra a cabeza.

“Está dito. E non te demores moito, se non queres que che escachiflemos a cabeza dun fungueirazo”.

Vendo que eu co medo que tiña, nin xiquera podía meter a man no bolso, un deles comenzo a rexistrarme, mentras que o outro seguía co fungueiro preparado.

O do rexistro deu aixiña cos vinte pesos, que trasladou do meu bolso pró seu. E de remate, limpoume tamén o revólver.

“Agora –díxome– podes seguir o teu camiño.”

Pro a min o medo non me deixaba andar.

Os que andiveron foron eles, a carón do alto da Cillarga.

E xa levaban andados uns cantos pasos, cando me lembrei de que me tiñan deixado as cláusulas do revólver.

Destonces chameinos, e cando tornaron pra atrás, deillas todas, decindo:

“Tomen tamén as balas do revólver, que a min xa me non sirven pra nada, e a vostedes, se cadra, inda lles poden faguer falta.”

Avelino Rodríguez Elías

Unha muller peor que o tabaco

Di un refrán moi sabido, que cada cabeza, súa sentenza; e isto mesmo é o que socede co tabaco. Cada un fala del coma lle acomoda.

Uns din que é un veneno, e outros que non fai dano ningún; iste coída que é un preservativo contra dos catarros, e aquíl outro repara que o que fai o tabaco, é alitrar as vías respiratorias e poñelas a xeito de apañar cantas doenzas pasan por diante do fumador.

Se mesmo entre os médicos non hai unanimidade de pareceres respecto do vicio de fumar, pois que mentras uns lle mandan deixar de fumar hastra o que se magoa un dedo dun pé, outros fuman e deixan fumar, coma se isto non valera nada.

Por iso ven eiquí moi a xeito o refrán de que cada cabeza, súa sentenza.

Martiño do Quinteiro era un fumador incorrexible, daqueles que alenden un pitillo na punta do outro, e nunca se tiña parado a considerar se o tabaco lle faguía ben ou mal.

Era quezais a única persoa do mundo que nunca tivera opinión sobre do vicio de fumar. Pra il non había máis do que isto: tabaco bo e tabaco ruín.

Tabaco bo, xa se sabía, era o forte, que lle deixaba a boca ardente e lle queimaba os fígados, porque se así non fora, non se podería chamar verdadeiro fumador.

E tabaco ruín, pra Martiño, era aquíl que, pra moitos fumadores, é como a palla.

Socedeu que un distes días pasados, mercou na vila dous macillos de pitillos, dises que lle chaman brigadieres, e tan aíxiña coma saíu do estanco, xa quixo fumar un dos pitillos.

Alcendeuno, e inda non tiña acabado de gardar o isqueiro cando fixo unha careta, coma se tivera metido na boca o rabo dunha cóbrega.

—Isto non val nada —díxolle á muller, que iba con el.

—¿E logo que é o que ten? —perguntoulle a parenta.

—É froxo demais, e por enriba, sabe coma se os gatos o tivesen regado.

—Será o teu paladar.

—¿Que sabes ti disto?

—E tirou o pitillo ó chan.

Alcendeu outro, e ás dúas chupadas, zorrégouno tamén no chan, decindo:

—Está dito: isto é puro veneno.

Meteu a man no bolso, colleu os dous macillos e botounos tamén ó chan, cun aceno de xenreira.

—Pero, home, olla que che custaron dous cans grandes —díxolle a muller.

—¿E a miña saúde non val nada máis do que iso?

—Si, home, si; mais olla que dous cans grandes non sealcontran todos os días.

Seguiron andando prá súa casa, e a muller non faguía senón ollar pra atrás, decindo antre dentes:

—¡Éche boa! Tirar así dous patacóns, coma se non custara traballo ningún o gañalos.

—Non sigas rosmando, que xa vou canso de te oír —respondíalle Martiño.

Mais a dona non se conformaba, e tornaba a rosmar:

—¡Dous cans grandes! Diste xeito non hemos saír nunca de probes.

—Millor. Así non temos medo ós ladróns.

Nisto observou a boa da muller, dunha das veces que ollou pra atrás, coma se naquiles macillos lle tivera quedado un anaco da súa vida, cun mozo calquera recollía do chan os pitillos e gardábaos no bolso.

—¿Non ves? —díxolle estonces a muller a Martiño—. Os pitillos que ti deitaches fóra, colleunos aquíl mozo.

—¿E a min que me importa? —respondeulle Quinteiro, enrabechado de vez. —Se hai quen se queira envenenar con eles, que se envenenen, que a min, pra darme cabo da saúde, abóndame contigo.

Avelino Rodríguez Elías

A comisión que recibiu D. Bunifacio

As corridas de touros non acaban de vingar na nosa terra.

Fóra dela, pola España adiante, non hai pobo, cibdade ou vila que non teña o seu circo taurino. Outra cousa non haberá, escolas profesionais, poñamos por caso, mais o que é praza de touros, isa non marra.

Non se pode decir que Galicia non as teña. Pro, vaia, dúas soias¹ pra preto de tres millóns de habitantes, non son cousa que se conte.

Téñenas feito de madeira, e mais en vilas de certa importancia, mais apodreceron, proba de que a falla de afición tauromáquica, non permitiu conservalas.

Por veces péganlle unhas arroutadas ós veciños dalgunha disas vilas, e xa parez que se vai encomenzara aixiña a erguer os muros dunha nova praza de touros, cando desaparece o entusiasmo, foxen os cartos prós bolsos dos seus donos, e o circo taurino queda outra vez nas mentes dos seus partidarios.

Unha disas tentativas adequeriu certa vez tanta forza, nunha vila que non hai pra que nomear agora, que daquela si que a cousa somellaba non fracasar.

Mais o entusiasmo non era xeneral. Había veciños que se opuñan, e un deles era D. Bunifacio Peleteiro, axente de negocios, co despacho ou axenza nunha das rúas principais da vila.

O tal Bunifacio tiña certo xeito pra escribir, e nun dos boletíns da vila, fixo unha campaña contra da idea de erguer unha praza de touros, que cuasque deu conta dos tauromáquicos.

Combateunos con toda cras de argumentos, e tal calor puxo nos seus escritos, que hastra insultou os adeversarios.

Era unha manía, unha loucura que lle tiña pegado. En logar de atender os asuntos dos seus clientes, pasaba os días escribindo ou discutindo sobre da praza de touros. Falaba diso cando iba xantar, e hastra, durmindo, soñaba cos touros, berraba cos aficionados e vía cornos e máis cornos por toda a banda.

—¿Por que non lle arrincas iso da cabeza? —preguntábanlle as amigas á muller de D. Bunifacio.

—¡Quen poidera! —respondía, resinada coa súa sorte, a dona de Peleteiro.

A iste fuxíronlle os clientes, e moitos díasalcontrouse, o bo do home sin ter nada que faguer na axencia.

Unha tarde, canso de agoardar que lle foran levar algún asunto, deulle o sono e quedouse durmido, debuzado na mesa.

Coma non podía ser doutra maneira, tan aixiña coma pegou no sono, encomenzou a soñar cos amaldizoados dos touros e coa recondanadísima praza que querían faguer.

¹ Praza de Touros de Pontevedra e A Coruña.

As súas campañas tiñan dado tal resultado, que xa non se erguía aquíl padrón de idominia, como el decía nos artigos que publicaba nos boletíns.

Os veciños, agardados, iban a eito a felicitalo.

Eran tantos, que enchían a rúa. Xa entraba pola porta da axencia, dando berros de entusiasmo, e xa D. Bunifacio se porparaba pra responder ó descurso do alcalde da vila, que iba na fronte da manifestación, cando despertou cun forte empurrón que lle deron á mesa onde durmía.

Abriu os ollos dun palmo, e viu, cheo de asombro, que non eran veciños nin autoridades da vila os que lle enchían o despacho, senón unha chea de vacas e de becerros.

Coidou que era unha gadería inteira que lle viña tomar contas polas súas campañas, e, cheo de medo, diante de tantísimos cornos, chimpou por unha fenestra traseira, mentras que uns homes armados de sendas guilladas, encomenzaban a estornar todo aquíl gando.

Eran uns feirantes que traguían aquíl manada de bestas dunha feira prousima e que ó ver que o gando, asustado polo paso dun automobre, desmandábase e metíase por unha casa adiante, iban estornalo, pra que seguira o seu camiño.

Mais D. Bunifacio pillou un susto de tal natureza, que xa nunca máis tornou a falar de touros nin de cornos.

Avelino Rodríguez Elías

Os dereitos da muller

Xervasio Pousa non era mesmamente un anaco de curtiza, nin tampouco un Pitágoras. Era, pódese dicir, un home discreto, e abondáballo con iso pra gañar a súa vida. E gañala ben.

Inda mozo, tivo a sorte de pillar unhas boas representacións comerciais, e co que istas representacións lle rendían, vivía desafoadamente.

Encomenzou por aqueles tempos a faguerse notar unha escritora, conveciña de Xervasio e rapariga que non se axeitaba mal coa pruma, xa fora na prosa, xa fora no verso.

Pubricaba nos papeles da vida cada cacho de versallada e cada columna de mazorral, que aquilo nin feito por máquina. Unha cousa así coma o río Miño a botar agua pró mar. Porque o río da súa inspiracións non era menos caudaloso.

Tivo aixiña un bando de admiradores, que andaban ó redor dela, que lle fagúan compañía na rúa, coro nas festas de sociedade e corte nas solenidades á que a chamaban coma parte principal.

Mais ningún dos tales admiradores lle falou nunca de casamento. ¡Que iban falar aqueles lambespiñas!

E Ninfodora (iste era o seu nome de pila, por ter nacido no día da mártir así nomeada, ou sexa o 13 de marzo), xa encomenzaba a perder as espranzas de pillar un esposo, cando Xervasio Pousa caeu firido de amor diante dela, coma puido caer dunha ponte embaixo.

Os hendecasilabos, os outosilabos, as outavas reales e mais os apócopes de Ninfodora, foron a gaiola onde o pardal de Xervasio se deixou pillar; e as comisións de Pousa cos miles de pesetiñas que lle porducían, foron os mores encantos que a literata alcontrou no rapaz.

Casáronse, e destonces aínda Ninfodora brilou moito máis, porque ó seu talento asoballador, aguergouse o diñeiro que Xervasio lle daba dabondo, pra que non houbera outra como ela.

Os gastos da casa subían cada vez máis, e Xervasio tivo que recadar novos ingresos, buscando máis comisións.

De comezo, todo o fagúa con satisfacción, porque vía que a súa muller era admirada por todos, requerida de non sei cantas bandas e falada cos mores alaudos.

Mais logo percatouse de que el xa non era Xervasio Pousa, senón o home de Ninfodora; de que ista vivía soio pra ela, si lle importar nada dos demais, nin xiquera do pagano do marido; de que as dúas fillas que naceran do matrimonio, Aldegunda e Frumencia; levaban o mesmo camiño que a nai; de que

a doncela, en lugar de sacar brillo á cera do chan, púñase a ler Tolstoi¹ e Vitor Hugo²; de que a cucifeira non collía por nada diste mundo o libro do noso peisano Picadillo³, pra adeprender novas receitas de compangos e de peperetes, e soio folleaba O Sacretario dos Amantes, e de que o chofer coidaba de todo menos do automobre, coma non fora pra poñer todos os días contas de reparacións e de pezas que había que mercar. Destonces rañou a cachola e dixo:

—Parezme que isto non ten xeito.

E aguergou filosoficamente:

—Hai que ver se lle poñemos remedio.

Quíxolle falar á muller, e Ninfodora mandouno sachar ceboliños; intentou de reprender as fillas, e respondéronlle que elas eran unhas raparigas modernas, e que si el estaba pola antiga, que se fora reformar; púxose serio co chofer, e rúselles na súa cara honrada; chamoule a atención á doncela, e respuntoulle que alí quen mandaba (se aquilo era mandar) era a señora, e cando foi dar coa cucifeira, puxo ista as dúas mans enriba dos cadriles, e contestoulle:

—¡Vostede seica parveou!

Destonces foi cando comprendeu que antre todos, tíñano posto completamente en redículo.

Inda tivo pacencia. Pola tranquilidade do lar, deixou correr as cousas como iban, anque vía que non iban ben nin moitísimo menos.

Mais aquela tranquilidade non era senón a mina que se estaba carregando e que, cando estoupase, iba mandar todos polos aires.

Tal cousa non tardou en soceder, e foi da maneira que vades ver agora.

Unha mañán, estábase Xervasio vestindo, e desprendéuselle un botón da camisa.

Foi xunto da muller, pra que llo cosera, e apañou iste responso:

—¿Ti por quen me tomaches? ¡Vaites co bo do home, que coida que eu son súa criada!

—Mais ouserva que eu así non podo ir prá rúa.

—Se non podes ir así, vai doutra maneira. E déixame dunha vez, que teño que dar ista noite unha converencia na Liga dos Dereitos da Muller, e débome perparar.

—Está ben. Vou ver se mo cose Aldegunda.

—¿Non sabes que está ensaminándose na Universidade?

—Xa me esquencia. ¿E Frumencia?

—No Istituto.

1 León Tolstoi, novelista ruso (1828-1910).

2 Vitor Hugo, poeta, dramaturgo e novelista francés (1802-1885).

3 Pseudónimo do escritor, gastrónomo e político Manuel María Puga e Parga (Santiago de Compostela 1874 - A Coruña 1918).

—Destonces irei xunto da doncela.
—¡Iso era o que ti andabas buscando, bandoleiro!
—¿O que, muller?
—Ir pra xunto da doncela. ¿Ou coidas que non vos teño ouservado?
—¿Ti seica toleaches?
—Non, se a culpa tívena eu en me casar cun home coma ti.
—¡Se falaras ó rivés! Pro dime dunha condanada vez: ¿quen me vai co-
ser o amaldizoado botón?

—Agoarda que veña a costureira que nos repasa a roupa.
—Pro, segùn teño entendido, a costureira non ven senón os sábados, e hoxe inda é martes.

—Polo visto erguéchete hoxe con mentes de me acabar coa pacencia. ¿Non che dixeran xa que me deixaras dunha vez, que me estou perparando pra unha conferencia?

—Si, muller, xa te deixo. E mais vai ser de vez. Mais dime, e istas son as derradeiras verbas: ¿sobre de que vas faguer a conferencia?

—Sobre da necesidá de que os Gobiernos ditén medidas que defendan as probes das mulleres contra da tiranía dos homes.

—Pois recibe por adiantado a miña noraboa. E adeus.

A conferencia de Ninfodora foi un trunfo dos máis grandes da súa vida.

Se non fôra que, cando chegou á súa casa, recendendo a loureiro, que mesmo parecía un estofado, de volta da Liga dos Dereitos da Muller, alcontrouse cunha carta de Xervasio, que decía:

“Miña cara esposa: Adeus pra sempre xamais. Voume prá Guiné, buscar unha negra á que tiranizar coma te tiranicei a ti. Xa sei que, ó marcharme eu, quedas sin o parvo que te tiña como unha reina; que pagaba os teus luxosos vestidos e os teus espallafastosos chapeus; que costeaba os xantares farturentos que dabas ós críticos, ós alaudadores e os compañeiros de literatura; que corría cos gastos dos estudos das nosas fillas e mais dos bombóns con que elas retrebuían as cóchegas dos seus noivos; que pagaba casa, automobre, criadas e todo máis. Pro, en troques, déixovos a libértá de que tanto precisábades. Con ela xa podedes ir vivindo.”

¿E agora?

Ninfodora xa non se adica á literatura: prancha roupa pra fôra e fai o xantarcíño dela e mais das fillas.

Aldegunda está de caixeira nunha tenda de calzado, Frumencia anda adeprendendo de costureira de branco.

¿E os amigos, admiradores e mais do coro? ¡Vaiche boa! nin que os engulira a terra.

Avelino Rodríguez Elías

¿Quen é agora o borracho?

Cuasque non hai endeviduo que teña un vicio calquera ou un defeuto groso, que non llos atrebuía ós demais.

Mais o que é no gremio dos borrachos, isa regra non manca nunca.

Todos eles, anque o mundo inteiro os vexa andar peneques todos os días arreo, negan que teñan o vicio de beber mais, en troques, fártanse de lle chamar borrachos ós veciños e mais ós coñecidos, anque lles conste que non beben senón auga da fonte.

No portal nunha casa da miña veciñanza, tiña a súa banquiña de remendón, un zapateiro, máis devoto de Baco do que de San Crispín¹.

Bebía pola mañán, pola serán e pola noite. Quer decir que bebía de cote.

Todo canto gañaba por botar tombas, viqueiras, tapas ou medias solas, empregábao en viño. Hastra o que non gañaba, con tal de que houbese taberneiro que lle fiasse.

A muller do zapateiro víase negriña pra lle pillar, algunha que outra vez, un par de patacóns pró gasto da casa.

Cando viña xunto del, pra que lle dera algo con que mercar unhas bezas ou unhas patacas, xa se sabía: remataban sempre rifando. E tamén era cousa sabida que o zapateiro, que andaba de cote na mula, coma vos dixer, concrúa por lle chamar pelitrona á probe da muller, que si bebía algunha cousa, eran as bágoas que el lle faguía ceibar.

E cando algunha criada lle iba pedir as botas do dono ou os zapatos da dona, que lle levara pra remendar, tamén o zapateiro concrúa por lle chamar borrachona, se ela se anoxaba por non estar o traballo feito.

Mais con quen a tiña tomado o amaldizoado do remendón, era cun veciño da mesma casa, home de boas costumes, que nunca dera que falar ó mundo, pro que tiña o probe os pés (con perdón das caras honradas que teño diante) inzados de calos.

Tanto o faguían sufrir, que cando iba pola rúa, tiña que sortear os pedregullos e ollar moito onde puña os pés (outra vez con perdón) pra se non magoar.

Cada vez que o vía entrar, faguendo tales estremonías o zapateiro decía pró seu chaleque ou pra quen estivera cabo del:

—Este raio deste home sempre anda peneque. Non hai senón velo andar.

—Peneque anda vostede, que non el —adoitaban de lle responder cantos oían somellante cousa, porque todo o mundo sabía que o tal veciño era home de inmillorabres costumes.

1 Mártir cristián morto no século III, zapateiro e pertencente a unha familia nobre romana, que morreu decapitado xunto co seu irmán San Crispiniano por orde de Aurelio Valerio Maximiliano.

Un día que había volta de tempo e que lle doían os calos coma demoros, o probe do veciño puxo un pé de mal xeito, cando beixaba polas escaleiras da súa casa, pra ir dereitiño ó seu traballo, e rolounas todas, hastra o portal.

Acodiu xente a collelo, e hastra o mesmo zapateiro lle botou unha man.

E dimpois de que o levaron a unha butica, pra lle curar as magoadelas que se fixera, decíalle o remendón ás comadres do barrio:

—Decide agora que o borracho son eu. O borracho é el. ¿Non víchedes coma rolou polas escaleiras?

Avelino Rodríguez Elías

Unha muller honradísima

O home que se casa e non acompaña súa muller, do mal que lle veña, que non se queixe.

Non quero decir que todo home casado ha de estar arreo cosido con sete fíos ás saias da dona. Pro, vaia, tampouco ha deixar de lle faguer campaña algunhas horas do día.

Nisto, coma en todo, ha de haber o seu xusto medio.

Home, a propósito de xusto, viume agora á mamoria o que lle pasou a Xusto. ¿Non o concedes? Si, hom: Xusto dos Curuxos, que mora no lugar dos Sobreiros, aló polos agros dos Peneiros, asegún se vai prós Andións.

¿Non caides? Si, hom, si: un rapaz que casou, vai pra tres anos, cunha rapaza da Espedregada, filla dun que tiña unha belida nun ollo, non me lembro ben se era no dereito ou no outro.

Á rapaza chámalle Bieita, e ó pai dela, Xaquín...

Parez mentira que inda non cairades.

Xusto adicábase a vender polas feiras cousas feitas de barro, e tivo que deixar ise modo de vida, porque non lle resultaba tal, pois quebraba máis xerros e tarteiras dos que vendía. Agora anda de xornaleiro.

Cuasementos inda o mes pasado estivo armándolle as viñas a meu compadre Lourenzo, o de Forcarei.

Estades fartos de o conecer; soio que agora non vos lembrades.

Ben, pois Xusto dos Curuxos casouse, coma vos digo, coa filla de Xaquín o da Espedregada, e todo asomellaba que iban ser moi felices.

Mais Xusto, de andar polas feiras, tiña adequerido o vicio de xogar ás cartas, e tan aixiña coma se pillaba cunha baralla diante, esquenciase de todo canto non fosen os reis, os cabalos, as sotas, os bastos, os ouros e mais as espadas.

Deixar o seu traballo e prantarse na taberna do Atrancado, era todo un. Arrodeado doutros coma el, corríanlle as horas sin sentir, e non había vez que fose pra súa casa menos das dúas da mañán.

Bieita berregaba con el, chamáballe canto había que lle chamar, mais era coma se lle asoprara ó vento. Hastra lle chegou a decir que por forza non eran as cartas da baralla, senón as saias dalgunha muller, que o tiñan enguedellado. Mais todo foi igoal.

El xuráballe que non quería no mundo outra muller senón ela, e seguía como endenantes.

—Ti faz todo isto comigo —decíalle ela— porque son unha muller honrada, e porque xa sabes que son capaz de morrer, antes do que faltar ós meus deberes.

Mais tampouco istas verbas removían o pedreso corazón de Xusto.

Unha noite faltáronlle os compañeiros da partida, porque a un deles tiña-lle morrido a sogra e os outros fóronlle faguer compañía. Non fora o conto que lle dera algo coa alegría, e había que estar cabo del, pra valerlle.

E Xusto non tivo máis remedio do que retirarse pró eido, moito máis cedo que de costume.

Chegou cabo da porta, petou, e non lle responderon.

Petou máis forte, e destonces preguntáronlle dende dentro, con tono de xenreira:

—¿Quen é?

—Abre, muller, que son eu —respondeu Xusto.

—¡Ti a istas horas! Non pode ser.

—Si, muller, si: son eu. ¿Non me coneces pola voz?

—Conezo, conezo. Mais non che abro.

—¡Que non me abres!... ¿Por que?

—Porque xa sei de onde ves.

—Da taberna do Atrancado, coma todas as noites.

—Non tal. Ti de onde ves agora, é da casa disa mala muller que me roubou o teu cariño.

—Ti seica toleas.

—Toleo, si, mais é coa xenreira.

—Acouga, muller, e ábreme a porta, que estamos dando que falar ós veciños.

—Iso era o que ti querías. Mais ves enganado, e pódeste tornar pra onde estiveches hastra de agora, porque eu non che abro a porta.

—Xúroche que veño da casa do Atrancado.

—¡Mintira! E vaite aixiña, porque non che abro a porta nin que mo pida-sa de xionllos.

—Arrepara, Bieita, que fai un frío que tolle.

—¡Vaite!

—Non houbo maneira de a convencer.

Xusto resinouse, e foi buscar acougo debaixo dun alpendre que había pretiño da súa casa.

Alí encomenzou a cavilar no que lle socedía, e concuriú por reconocer que a súa muller tiña razón pró tratar como o trataba, xa que el non se portaba con ela coma correspondía a un home casado.

Agora no que ela non tiña razón, era naquilo de que el andaba con outra muller, porque iso non era certo.

Verdadeiramente, ela tampouco o merecía. Dona máis honrada e de máis lei que aquela, non se conocía na freguesía nin no termo municipal.

Ó chegar eiquí nos seus pensamentos, viu que se abría a porta da casa. Coidou que a muller se tiña compadecido del, e xa se erguía, pra correr cabo dela, cando ó craror da lúa, reparou que non era a dona, senón un home, quen saía.

Pegou un pulo, e inda non tiña botado a andar, cando lle cegou os sentidos outra cousa: súa muller asomaba tamén pola porta e despedía ó que saía cos acenos máis agarimosos.

—¿Que é isto? —berrou Xan, prantándose diante da parexa.

Quixeron fuxir, ela pra adentro, e o outro polo camiño. Mais Xusto, coas súas forzas aumentadas pola xenreira, botoulle unha man a cada un, e fíxoos quedar alí.

—¿Que é isto? —tornou a perguntar.

—Nada de particular —respondeu o desconecido, tremendo dende a punta dos cabelos hastra as uñas dos pés.

—¿Como nada de particular? —tornou a perguntar Xusto.

E virándose prá dona, aguergou:

—¿E ti eras a muller honrada, que non había outra como ela?

—E sono —respondeu Bieita, poñéndose toda tesa, coma se naquel instante fora ela o xuez e non o reo.

—¡Que o eres!

—¡Si, sono!

—¡Eres tan honrada e acolles un home estrano na casa, mentras eu estou fóra!

—Pois craro.

—¡...!

—Ti déixasme abandonada, e iste home, ó que deberías estar moi agradecido, víñame faguer compañía, nada máis, porque xa sabes que lle teño moito medo ó trasno.

A resposta do marido foi unha lambada, que se oíu no cabo do mundo.

Avelino Rodríguez Elías

Hastra quixera ser mosca

Hai homes que cando se anemoran, vólvense parvos de todo.

¿Vedes Anselme do Campo Levado? Era un dos rapaces máis axuizados que eu conecín.

Pois todo vos foi anemorarse de Guadelupe, a filla do sancristán das Rebouzas, e tornouse que non hai outro coma el, coma non sean os tolos do manicomio de Conxo¹.

Barréuselle talmente o sentido, e non pensa noutra cousa que na filla do rapavelas.

¡Que tolo non se volvería, que hastra fai versos e todo!

¡Vaites, vaites! ¡Quen había decir que un rapaz como aquel, iña dar en poeta! Non lle puido cair mor desgracia enriba.

E todo polo amor que lle ispirou a boa de guadelupe.

Rialmente a rapaza meréceo. E se eu me alcontrara nos anos de Anselme, non sei se tamén non andaría agora contando sílabas polos dedos ou faguendo versos de oído, coma el.

O conto é que Anselme soio pensa nela, soio fala dela se soio vive pra ela.

Se os non casan aixiña, van dar que falar nos papeles, pra agora e mais pra de eiquí a un par de séculos, porque el estaravos anemoradísimo dela, mais o que é a rapaza, mórrese de arelas por el.

Inda esta mañán me atopei co bo de Anselme, e díxenlle:

—Como así, seica sigues tan anemorado de Guadelupe como endenantes ¿non?

—Anemorado é pouco —respondeume.

—¿E logo?

—¿Vostede ve iste regato cando no inverno ven cheo dabondo, que has-tra parez un río?

—Si, vexo.

—Se lle puxeran diante, eiquí xunto de nós, un monte daquiles, ¿que so-cedería?

—Que non podendo seguir pra adiante, alagaría veigas, searas, camiños, pontes, prados e todo canto pillara.

—Pois faga vostede de conta que ise regato son eu.

—Métesme un migallo de medo, chacho. ¿Tí tes armas de fogo?

—Non, nin hai caso.

¹ Santiago de Compostela.

—Destonces, fólgame.

—¿E sabe o que lle digo?

—Conta, hom.

—Que por Guadalupe, hastra quixera ser mosca.

—¡Mosca!!... ¡Ai, Anselmiño da miña yalma, que me parez que inda estás pior do que eu coidaba! ¡Ai que seica che deu volta de todo o sentido!

—Non deu, non, señor Chuco.

—Pois o que é bo do cabazo non o estás.

—Craro, porque estou anemorado.

—Ben o digo eu.

—Mais isto de querer ser mosca, non coide vostede que non é cousa de xuízo.

—Non cho vexo.

—Verá, verá. Eu quixera ser mosca, porque disa maneira podería estar de cote cabo dela.

—¿Inda máis do que estás?

—Máis, moito máis. ¡Sempre!

—¿De día ou de noite?

—De noite e mais de día.

—Home, respeta os meus cabelos brancos.

—¿E vostede non estivo anemorado tamén da súa parenta?

—Tes razón. Sigue.

—Pois si, eu quixera ser mosca, pra estar cabo dela, enriba...

—¡Diaño!

—... enriba do pano que leva na cabeza...

—(Iso é outra cousa)

—... andarlle polas mans, bicala na boca, pousarme na súa cara cando durmira, asomarme ós ollos, por antre as pestanas, picar no pantrigo que ela come, voar ó redor dela, vixiala cando vai ó muíño, axexala cando está na misa, descansar na cabeceira da cama onde ela durme, saudala cando desperta...

—¿Queres que che diga unha cousa?

—¿O que?

—Que iso xa non era ser mosca, senón moscón.

—O mesmo dá.

—Iso non, porque se foras moscón dábache a nai un basourazo, que xa non fagúías máis versos.

Avelino Rodríguez Elías

Soio houbo un home bo

Concruíu a misa mor, e todos os fieles que nela tiñamos estado, fumos saíndo pró adro. Cadrou de saír xuntos Manoel Covelo, Xacobe Borela e mais eu, e parámonos un migallo no adro, a falar das cousas do tempo, que é o mesmo que non falar de cousa ningunha.

Máis enterese tiña pra nós a xente que saía da egrexia, e de antre isa xente, as mozas que coma os tres xa vamos pra vellos, gústanos cada día máis aquilo que, como a xuventude, queda cada ano máis lonxe de nós.

—Eí ven a filla do Cacarañado, que mesmo dá xenio —decía Manoel vendo pasar unha moza.

—Non, pois a que vai con ela, tamén non é cousa de desperciar —respondíalle Xacobe.

—¡Que vai ser! —saltaba eu—. A min, se queredes, inda me gusta máis que a do Cacarañado.

—Alí ven Sabeliña a do segredario. ¡Esa si que está boa!

—Non digo que non. Pro a min, dendes que deu en se vestire ó estilo da vila, xa non me gusta como antes, cando andaba ó estilo enxebre, igoal que as outras nenas da aldea.

—Amigos meus, iso vai acabado. Cofias xa se non ve unha; dengues, cuasque non se atopa media ducia na comarca, e mantelos ¡vaiche boa!

—Tamén nosoutros deixamos a monteira e o calzón curto, pra cobrir a cachola e pra meter as pernas nistes pantalóns que asomellan unhas chemineas.

—Todo cambea...

—Reparade, reparade.

—¿No que?

—¿Non vedes quen sai agora?

—Sí. Aquela é Bieita, a muller do Barandón.

—¡Que acabadiña está!

—Pois inda vos é nova.

—Inda. Mais os desgustos acabárona ben.

—Verdadeiramente o Barandón foi un xudeu con ela.

—Ter unha muller como isa, boa, bunita, traballadora, e enguedellarse con aquel espantallo con que el se enguedellou, é cousa que mesmo pide un castigo do ceu.

Nisto chegou cabo de onda nós o abade, que dimpois demisar, iba tomar o seu chocolatiño, e fose porque oíu algo do que falabamos ou fose porque o adeviñou, ceibounos ista treboada:

—Non sei pra que diaño inda habedes estar eiquí latricando. Cousa boa de certo que a non diredes.

—Estábamoslle falando das nosas cousas —respondinlle eu.
 —Ou das alleas, que o que é pra iso tendes bo xeito.
 —Pois olle, D. Xaquín —falou Manoel —estamos compadecendo Bieita, a do Barandón, polo que iste lampantín fixo con ela.
 —¿E vosoutros coidades que sondes milliores que o Barandón.
 —¡Home, eu...!
 —De min, coma non sean calunias, non hai que decir.
 —Pois de min tampouco.
 —Iso seino eu —dixo o crego sorrindo, dimpois de oír as nosas protestas.
 —¡É verdá! —respondinlle eu. —Vostedee sabe quen é cada un, porque todos vamos ceibar cabo de vostede, no confesionario, canto levamos dentro.
 —Mais non teñades medo, hom. Vosoutros ter coidado cos feitos púbri-
 cos, que os privados ben gardados están no meu peito. Anque isto non quer de-
 cir que os sigades cometendo, porque un día vótobos unha penitencia que vos
 derreo. Ou non vos ausolvo.
 —Vostede non fará iso, porque é máis bo que o pantrigo.
 —Son bo, son; mais vosoutros xa vades abusando un pouco da miña
 bondade, e un día acábaseme a pacencia.
 —E diga, D. Xaquín: ¿é verdade que todos os homes somos tan ruíns?
 —¡Todos! Está o mundo perdidíño.
 —¿E nunca se atopou vostede cun home que fora bo?
 —Tocante á fidelidade conxugal, nunca.
 —Parez mentira.
 —Agora que me acordo atopei un.
 —¡Vaia!, xa houbo un. ¿Quen era?... Se non é sacreto de confesión.
 —Home, tanto coma iso... Foi un que morreu ós tres días do casamento.
 —¡Bo!... Nise tempo ¿que iba faguer el senón ollar prá súa dona?
 —Ollaba, ollaba... Mais a min pareceume que tamén xa tiña encomenza-
 do a reparar na criada.

Avelino Rodríguez Elías

Ben feito, por non saber roubar

Xa sabedes que hai ladróns de moita sona, que andan nos libros e mais nos periódicos, coa hestoria das súas fazañas.

E hainos que sin roubar nada a ninguén, levan o apelido de Ladrón coa mesma soberba que calquer outro apelido ilustre.

Porque habedes saber que iso de chamarse Ladrón de apelido, non é o mesmo que se chamar Pérez ou Filgueira, é moito máis.

Hai en troques, endeviduos que rouban e que nin o nome de ladrón merecen. E disto debemos deducir que non é tan fácil ser un bo ladrón e que non todos temos xeito pra que nolo chamen con razón.

E se non vamos ver. ¿Merece o nome de ladrón o famento que rouba unha prenda de roupa que está nun tendal a secar? Ise é un miserabre, que na súa vida sairá de probe.

Roque das Cunchas era un malpocado, que nunca serviu pra nada. Un día quíxose meter a ladrón, e deu cos ósos na cadea. Porque o que fixo, foi iso: roubar unha camisa que estaba a secar no tendal da lavandeira Conceución do Portelo.

A cousa estivo tan cativamente feita, que deron aixiña con el, o pedáneo botoulle a man, entregouno ós ceviles e estes levárono pra xunto do xuez.

Cadrou de pasaren con el por diante da casa onde vivía un señor moi respetabre, do que naide tiña nada que decir, coma non foran alaudos, polo amigo que era dos probes, ós que acorría con fartura.

O tal señor (chamarémolle D. Xaquín, pra nomealo dalgunha maneira) estaba tomando o fresco da serán no balcón da súa casa, e cando viu pasar Roque das Cunchas antre os ceviles, perguntou por que o levaban preso.

—Porque roubou unha camisa nun tendal —respondeulle un dos ceviles.

A D. Xaquín pareceulle moi mal o feito de Roque, e aprobou que o levaran preso, con verbas coma istas:

—Ben preso vai. Pois non faltaba máis. Soio a un miserento se lle ocorre ir roubara outra desgrazada coma el; a unha probe dunha lavandeira.

—¡Que señor tan bo! —dixeron cantos escoitaron aquilo. —¡De que maneira condenou o roubo!...

Roque das Cunchas non tivo salvazón. E iso que tanto il coma o seu defensor, dixeron que se tiña roubado, fora por non ter que comer.

Mandárono a presidio, e mentras agoardaba o día de cumprir a condena, o que máis lle doía, eran as verbas de D. Xaquín.

—Craro —decía— coma el está ben mantido, ben vestido e ben agarimado naquila casa tan boa, non comprende que un home coma eu, que sempre fun honrado, chegue a unha desgaza, por non ter un anaco de pan que levar á boca.

Canto máis o tempo pasaba, mais lle crecía no peito a xenreira contra de D. Xaquín.

Tanto que, cando saíu do presidio, non tiña no pensamento outra cousa que tomar unha vinga daquil señor, anque fora matándoo.

Andívolle rondando a casa, e unha noite, cando se retiraba D. Xaquín, prantóuselle diante, cun anorme coitelo diante e disposto a espetarlllo no peito.

Mais D. Xaquín, que era forte e áxil, púdolle ter man do brazo e apretou nel, hastra lle faguer ceibar o coitelo.

—¿Que mal che fixen eu pra me queres matar? —perguntoulle, sin lle soltar o brazo.

—Porque vostede dixo que estaba ben feito que me levaran preso, por ter roubado unha camisa.

—Xa me lembro. ¿E queres saber o que che digo agora?

—¿O que?

—Pois que che repito que estivo ben feito.

—Mais vostede non sabe que eu non tiña que comer.

—Pior.

—¿Logo vostede quería que morrera de fame?

—Non.

—¿Destonces?...

—Anda pra dentro.

Empurrouno pra dentro da casa, fechou a porta, levouno pró comedor, púxolle diante algo de comer e de beber, e díxolle:

—Pirmeiro repara as túas forzas, porque ben vexo que sigues morto de fame, e dimpois falaremos.

—Comeu e bebeu Roque das Cunchas, hastra fartarse, e dimpois díxolle D. Xaquín:

—Cando se ten fame, non se rouba a quen é tan probe coma un.

—Eu non alcontrei outra cousa que roubar.

—Porque eres un parvo.

—...

—Ista mesma noite vas vir comigo.

—¿Onde?

—Onde eu te leve. Voute ensinar a roubar.

E foi.

Cuasque ó romper o día, D. Xaquín (que coma estades vendo, era un refinadísimo ladrón), partía con Roque o porducto do traballo daquela noite, e despedíao decíndolle:

—E cando tornes a ter fame, xa sabes onde está a miña casa.

—Ó cabo de dous anos, Roque das Cunchas vivía cuasque tan arregaladamente coma D. Xaquín.

—E hastra decía que estaba ben feito que meteran na cadea ós que roubaban unha camisa ou un anaco de pan.

Avelino Rodríguez Elías

Cousas pequenas

En logare do conto ou socedido que vos adoito de contar cada vez que no turreiro nos alcontramos, hoxe teño tres. Certo que son pequeneiros, mais sempre son tres, porque habedes saber que o mesmo custa discurrir un conto grande, de moitas verbas, do que un pequerrecho, dises que chaman chascarrillos.

Non fagades moito barullo, que ei ven o primeiro.

¡Hai que distinguir!

Chegou un gobernador a un povo da súa porvincia, e antre outros establecementos, visitou a cadea.

Presentáronlle os presos, e por curiosidá empezou a preguntarlles:

—¿Ti por que estás preso?

—Porque un día que non tiña pan prós meus fillos, roubei un piote.

—¿E ti?

—Eu furrei unha cesta de cereixas, porque non tiña cartos pra mercalas.

—¿E ti?

—Porque cando miña nai quedou viúda sin ter que lle dar ós fillos, fun apañar unhas poucas de patacas á horta de meu tío o pedáneo.

—¿E ti?

—A min non me confunda usía con estes ladróns, porque eu non roubei nada a ninguén.

—¿E logo por que te alcontras eiquí?

—Porque lle dei unha puñalada polas costas a un primo meu —respondeu o preso con soberba.

¡ISTO NON É ADIANTO!

O tío Liborio nunca vira un automóvil.

Dendes que vovera do servicio melitar, xa nunca máis tornou a saír da súa aldea; unha mala aldea de oito ou dez casas, escondidas antre os piñeiros e os carballos, e por onde non pasaba outra xente estrana, que o encarregado de cobrar o reparto dos consumos.

E iste, anque nunca aparecera por alí, nada se perdía. Digo que o tío Liborio nunca tiña visto un automóvil, porque cando el fora ó servicio, inda non había esa cras de carruaxes.

Perto da aldea do tío Liborio, tiña certo señorón unha finca, da que non facía caso ningún.

Pero o tal señorón mercou un día un automóvil e, aporveitándose del, quixo ir vesitar aquela propiedá.

Correu por antre os veciños da aldea a noticia da súa chegada, e todos quixeron ir vesitalo.

Alá foi tamén o tío Liborio, e chegou mesmo na ocasión en que o chauffeur estaba limpando o automóvil.

Achegouse a el e preguntoulle curioso:

—¿Iste é o coche onde viu o señor?

—Este é —respondeulle o mecánico.

Esaminouno ben o tío Liborio, e tornou a preguntar:

—¿E como lle chaman a isto?

—Automóvil.

—Cando eu estiven en Medrí, servindo ó Rei, nunca vin cousa como ela.

—Porque destonces non os habería. Isto é o máis moderno que hai.

Tornou o tío Liborio a reconocer o automóvil, e non véndolle sitio nin xeito pra enganchar os facos, preguntou novamente:

—¿E quen turra por el?

—Un motor de corenta cabalos.

—¡Corenta cabalos!... ¿E a isto chámanlle adiantos? No meu tempo abundaban dúas bestas pra un coche tan pequerrecho.

O DEFUNTO.

Morreulle a Xanciño un parente con quen el vivía e a quen quería moito.

Obrigado por ese cariño, Xanciño non se apartou do cadavre, hasta que o enterraron.

Mentras o morto estivo no leito, o rapaz non se moveu da súa veira.

E cando trouxeron o queixón mortuorio, meteron nel o cadavre, levárono prá sala e puxérono enriba dunha mesa cuberto cun pano de moitos encaixes e rodeado de catro velas alcendidas, alí se prantou tamén Xanciño, ó lado do parente morto.

Socedeu que como a morte daquel home era un acontecemento na aldea, onde poucas veces morría unha persoa de certa posición, encheuse a casa de xente, unha pra ir ver o cadavre por derradeira vez, uns porque tiñan sido amigos daquel home, e outros a piscudar o que había e ver como estaba o defunto amortallado, pra dimpois ir marmurar.

Entraron tamén moitos rapaces e a istes era ós que Xanciño non podía aguantar, porque un pegáballe un empuxón a un candeiro, outro bulía nos en-

caixes do pano, outro andáballe na mortalla ó defunto e ningún, en fin, estaba alí co respecto debido.

Chegou un instante que se lle acabou a pacencia, e encarándose cos rapaces, díxolles con certa autoridade:

—A ver se deixades de bulir nisto.

Houbo un rapaz que non lle pareceu ben isto, e dixo unhas cantas cousas en menosprecio dos dereitos de Xanciño.

Virouse iste pra el, e poñéndose nas puntas dos pés, preguntoulle todo cheo de razón:

—¿O defunto é teu ou é meu?

Avelino Rodríguez Elías

Un home desesperado

Perucho Landeira, do lugar dos Pedrouzos, era casado. Isto non tiña nada de particular, porque hai moitos homes casados, e naide repara niso. É unha cousa que non direi que estea ben feita; mais coma son tantos a faguela, xa non chama a atención de naide.

A súa muller tampouco se destenguía das demais; das demais mulleres que se casan, convén acrarar, porque as hai que quedan solteiras, e tiña fillos, coma outras moitas mulleres casadas. Tamén as hai solteiras que os teñen, mais isto non é por mal.

A dona de Perucho non era das que tiñan máis fillos, nin tampouco das que tiñan menos: unha cousa pasadeira. Xa iba nos catro, e inda estaba moza e guapa, que metía xenio.

Cando tivo o coarto fillo, dixo Landeira pró seu chaleque:

—¡Canté se non viñeran máis!

Pasou un pouco de tempo, e un día faloulle a dona ó ouvido, pra lle decir que tiña feito un encárrago a París, non sei se ós armacéns do Louvre ou ós do Printemps¹.

A cousa non era pra lle faguer gracia, e Landeira, se non botou as mas ós cabelos, foi porque era máis calvo do que eu.

Chegou o instante de recibir o encárrago, e Perucho fuxiu da súa casa prá taberna da Relada. Era o que adoitaba de facer naquiles trances. E na taberna agoardaba que lle foran decir que a súa dona xa tiña saído con ben do coidado.

Non tiña valor pra estar diante nun paso como aquil, e tamén nisto non se destenguí doutros moitos homes.

Xa iba no segundo neto de viño, porque a intranquilidade traducíaselle nunha sede de arrabear, cando chegou correndo a criada e díxolle toda satisfeita:

—Señor Perucho, xa chegou o meniño.

—¿Si?

—Abofellas. E din que se parez moito a vostede.

—Destonces, dentro dun migallo xa pode tornar pra casa ¿non?

—Parezme que inda é cedo, porque di a parteira que seica ven outro.

—¡Congrio! ¿Ti que é o que dis?

—Eu non: foi a parteira que o dixo.

—Pois anque nunca máis falara, nada se perdía.

—Ela non ten a culpa.

—Xa o sei. Mais eu tamén teño que desafogar, senón revento.

¹ Louvre e Printemps, rúas e barrios de París.

—Un bo amigo que o acompañaba nunha ocasión tan solene como aquela, terciou na conversa e díxolle.

—Non te poñas así, home, que a cousa agora xa non ten remedio.

—Xa o comprendo. Mais eu quero que se poña outro no meu lugar, a ver se bota foguetes. De catro fillos pegar un pulo a seis, parezme que a calquera lle chega.

—Non, se coma ter, tes razón dabondo; pro tamén hai que ter un migallo de resignación e de conformidá.

E virándose prá taberneira, aguergou:

—A ver ti, Relada: bota pra acó outro par de netos, que hai que consolar iste home.

Inda non estaba ben consolado Landeira, cando tornou outra vez a criada.

—¡Que hai! —preguntoulle Perucho mesmo cos figados na boca.

—Que xa viu o outro meniño.

—¿Logo xa podo ir indo?

—Polo si ou polo non, déixese quedar un migallo máis.

—¡...!

—Porque seica inda ven o terceiro.

Xa volo creo que viu. Mais foi pra quedar orfo, porque Landeira, en oíndo semellante cousa, botou a fuxir prá ponte do río, e deitouse dela embaixo.

Avelino Rodríguez Elías

A cornetada

Os probes dos viúdos han quedar pró resto dos seus días naquel estado, anque sean novos. A xente coida que non teñen o dereito de se tornar a casar, e se o fan, xa poden ollar onde se metan, porque han de aguantar unha cornetada que os volva tolos.

As autoridades toman medidas que nin que foran xastres; as persoas axuízadas condenan semellante costume, e a Guarda Cevil acode ós lugares onde tal cousa se practica, mais todo resulta enútil: as cornetadas siguen, e os viúdos han de aturalas polas boas ou polas ruins.

Ánxelo Toural, dono dun estabrecimento de comidas e bebidas, sobre todo de bebidas, quedou viúdo.

O tal estabrecimento era, seguramente, o máis acreditado da súa cras no barrio dos Loureiros da freguesía de Mosteiro Vello, do termo municipal de Pazos dos Probes, do partido xudicial de San Lourenzo das Trepías.

Dou todas istas señas, por se vos cómpre comprobar a verdade do que vou contar.

Ánxelo, coma vos decía, enviudou. E anque lle quería moitísimo á defuntiña, logo tivo que pensar que non lle conviña seguir viúdo.

Craro que cando chegou a ista concrusión, sentiu un dor anorme, porque unha traición coma isa á memoria da súa primeira muller, feríalle a ialma.

Mais había tres razóns, disas que non teñen volta; que o obrigaban a volver a casar. Primeira, que inda era novo. Segunda, que tiña un leito moi ancho pra el soío. E terceira, que percisaba de persoa que lle axudara a levar o peso do estabrecimento.

Un amigo moi amigo, dises que dan consellos a torto e a dereito, anque non llos pidan, avisouno do perigo que corría de que lle fixeran unha cornetada que o non deixara vivir, e Ánxelo respondeulle:

—Xa conto con iso.

—¿E cásaste?

—Cásome.

—Alá ti.

Xa o creo que alá el. Ánxelo tiña o seu pran, e casouse, vaía si se casou.

Agora que tamén a cornetada foi de non esquecer nos días de vida de cantos foron testigos dela.

Todos os días, en anoitecendo, prantábanse diante do estabrecimento de Ánxelo cantos mozos había no lugar, provistos de cornos e doutros estrumentos de faguer ruído, e encomenzaban a serenata, que duraba hastra preto da media noite.

Mentras uns tocaban nos cornos e demais instrumentos, outros botaban cántigas alusivas ó novo matrimonio.

Algunhas veces paseábanlle por diante da casa de Ánxelo unhas fequeras coma espantallos, vestidas de antroido, que querían asomellar o taberneiro e mais a muller.

E unha noite chegaron os que ordenaban todo aquilo a faguer unha cousa que parecía unha procesión.

Rialmente, nunca tal se vira. Porque o que máis admiraba, era que Ánxelo e mais a dona aguantaran todo aquilo, coma se non fora con eles.

Non falaron ó pedáneo, nin consentiron que se chamara a Guarda Civil, nin que lle foran coa hestoria ó alcalde do Concello.

Mentras os mozos faguían toda cras de estremonías na rúa, el e mais a muller atendían ós parroquianos, e seica nunca tanto despacho tiveron coma aquela.

Porque co conto da cornetada, xuntábase no barrio dos Loureiros un mundo de xente.

E entre os curiosos que iban botar un neto, e mais os mozos da cornetada, que cando se lle secaban a gorxa de berrar ou de asoprar nos instrumentos, iban remollala xunto dos pipos de Ánxelo, o estabrecimento estaba cheo de todo dendes que encomenzaba a festa, hastra que os mozos se iban deitar.

A cornetada era pra Ánxelo un verdadeiro negocio.

Hastra que se enteirou o gobernador, mandou ós Loureiros unhas parexas de civís, e ameazou ó pedáneo con metelo na cadea, por consentir semellantes salvaxada.

E destonces sópouse que era o mesmo Ánxelo que mantiña a cornetada, dándolle unhas pesetas ós mozos.

Un negocio coma outro calquera. —Iste era o seu pran.

Avelino Rodríguez Elías.

Pra poder comer

Non é certo que todos cantos veñen ricos de América teñan o estómago botado de perda.

Certo que tornan moitos á terriña que non son homes de pasar un día enteiro sin botar man do bicarbonato ou da manesia, e que teñen que ir todos os anos a un balneario dises onde lle botan unhas tombas ós estómagos escangallados, ós rins apodrecidos ou ós membros eibados polo artritismo.

Mais algunha vez que outra, veñen americáns que si traen boa balsa, in-da son donos de millor saúde.

Manoel dos Outeiros era un distes. Ben, iso de Manoel era cando saíu do eido nativo, que canto tornou, calquera se astrevía a lle chamar polo nome a secas. Don Manoel, polo menos, porque coma trouxo moito fino peso, comprialle o tratamentos dos señores. E hastra andaban os manates da vila vendo se lle conquerían unha cruz das máis grandes, pra que fora o Excmo. Sr. D. Manoel; cousa que, polas trazas, era moi comeniente prá saúde da Patria e mais prá solución do probrema social.

O tal D. Manoel era home de moi bo humor e de millor apetito. Daba xenio de velo comer. O que non tiña era dentes nin moas. Mais coma tiña recadado moito capital, iso non lle importou. Sostituíu os dentes que lle caíran por outros artificiales; quer decir que se puxo una dentadura postiza, e seguiu pra adiante, coma se tal cousa.

Igoal que lle socede a todos os ricos que foron probes, tiña de cote ó seu redor uns cantos parentes que faguían toda cras de estremonías, pra ver de herdalo no día que se lle ocorrira morrer.

Desprendido e mais de bo curazón, atendíaos canto podía, mais nunca a ningún deles lle deu pé pra coidar que aquil iba ser o máis favorecido.

Un había, antre todos eles, que o non deixaba nin ó sol nin á sombra. Era un sobriño, de nome Xacobe, máis pesado que unha pedra. Nin xiquera ás horas do xantar ou da cea deixaba de aparecer pola casa de D. Manoel, e non faguía outra cousa, cando a vesita era a isas horas, que alaudarlle o ben que comía.

—¿Dícelo polo que como? —preguntaba o tío.

—Non, señor, non; e iso que vostede sábese coidar.

—Xa que podo, coido que fago ben.

—Eu dígollo pola satisfacción con que engole toda cras de compangos e de peperetes.

—Home, porque teño bo estómago.

—E tamén ten boa dentadura.

—Tamén.

Tantas veces se repetiu ista conversa que o tío, canso de ouir os alaudos do sobriño, que non parecía senón que lle estaba aguadizando o que comía, díxolle dunha vez:

—Non teñas coidado, home, que eu che deixarei algunha cousa pra que tamén poidas comer ben.

Xacobe entendeu que seu tío íballe deixar unha boa parte do seu capital, e dende aquel día encomenzou a ollar con desprezo prós outros parentes.

Falou da pormesa do tío na súa casa, e a dona del ben presto se coidou de espallar o conto. Así foi que de alí a dous días, toda a veciñanza estaba enteirada de que Xacobe eera o parente que millor tallada iba coller da herenza de D. Manoel.

Os demais parentes, cando tal souperon, trataron de faguer cambear de idea, pra o seu porveito, ó tío rico, agarimándoo canto poideron.

Mais D. Manoel nada deixou conecer do seu pensamento. De maneira que todo seguiron coidando que Xacobe era o máis favorecido.

O Sr. dos Outeiros non tiña feito ningún papel pra vivir eternamente, e cando chegou a súa hora, morreu coma cada quisque.

O auto de abrir o testamento foi o que houbo que ver no lugar. Coma cans adoecidos acodiron todos os parentes, coa espranza de que o tío tivera cambeado de pensamento.

Encomenzaba o testamento cunhas mandas piedosas, e dimpois destrebúa dunha maneira moi equitativa a fortuna do defunto antre todos os parentes, menos Xacobe.

A xenreira que todos a iste lle tiñan, trocouse por olladas de lástema e risadas de bulra.

E cando todos coidaban que no testamento xa non había ningunha cousa máis, aínda o notario leu ista cláusula.

“O meu sobriño Xacobe dos Outeiros, pra que poida comer coma eu comía, déixolle a miña dentadura postiza”.

Avelino Rodríguez Elías

O meu sobriño é moi listo

Non vaiades coidar que o que vos conte hoxe, é cousa que discorrín eu. Nin pensalo siquera. A min contoumo un sobriño meu que estuda en Santiago.

Ben, iso de estudar é un decir, porque antre faguer política e falar coas costureiras, váiselle o tempo todo, e ¡malpocadiño! non lle queda ningún pra coller os libros. ¡Os días son tan cativos!...

Iste meu sobriño virouse pra a banda dos republicanos, e non hai que lle faguer. Rialmente el pra algún lado se había virar.

E nas derradeiras eleucións, encargárono de vixiar un colexio onde había que ter moito coidado, porque andaba un ruxerruxe de que os monárquicos iban meter al na urnia non sei cantos “embuchados”.

Non meteron, non. ¿Destonces pra qué puxeron alí ó meu sobriño? Que non é porque eu o diga, mais é un rapaz moi listo. Craro que hastra de agora non o puido demostrar na carreira, onde non tivo senón suspensos. Mais iso é, xa volo dixen, porque non lle queda tempo pra estudar.

Eleutor quque chegaba e que ó meu sobriño non lle cheiraba ben, xa podía chamar anque fora polo arcebispo, que non votaba.

Ó redor do medio día chegou un que o rapaz sabía que era lexítimo e verdadeiro. Mais coma tamén lle costaba que o tal eleutor iba votar polos monárquicos, dixo pró seu chaleque:

—Este non vota.

E non votou. Xa veredes.

—¿Coma se chama vostede? —preguntáronlle.

—Fulano de Tal e de Tal.

—En tal sitio.

—Señor presidente —berrou o meu sobriño —este home non é quen di, porque o tal conézoio eu.

—Así conecerás a doenza que se ha de levar —respondeulle o eleutor.

—Señor presidente —tornou meu sobriño —este home estame faltando, enriba de que non é quen di.

—Ista é boa. ¿De maneira que eu non son eu?

—Que o probe.

—¿Ten vostede algún documento que probe a súa personalidade? —preguntou o presidente.

—Xa verá —saltou o meu sobriño —coma non ten nin xiquera cédula persoal.

—Home, a cédula téñoa na casa. E bos patacóns que me custou. Mais o que teño eiquí, é un papel dunha multa que me zorregaron, que así non bote outra o que ma puxo.

—Fale ben, fale ben, tornou o presidente, que era moi devoto.

—Ademais —dixo o meu sobriño— ise papel non proba nada, porque pode ser doutra persoa e telo alcontrado, ou quezais roubado.

—¡Isto é pra adoecer! —falou agora o eleutor— ¿De maneira que hastra me quer decir iste monicreque do díaño que non paguei ista multa? Así lle sirva pra meiciñas ó salteador que ma puxo.

—Señor presidente, iste home ofende ás autoridades, e ten que ir preso agora mesmo.

—O que vou ir agora mesmo é recadar un estadullo ou un revólver, e eiquí non queda unha persoa viva.

—Se volve ceibar outra ameaza —terciou o presidente —vai dar cos ósos na cadea. Vaia buscar a cédula, e cale. Élle moito millor.

Non tivo, o probe do home, outro romedio que ir buscar a cédula.

Mais, coa xenreira, iba que fervía mesmamente.

Levaba unha sede de morrer. E como a sede non se mata senón bebendo, entrou nunha taberna, e pediu un neto. Pra desafogar, contou alí o que lle soce-día, e tanto falou, que se lle secou a gorxa e tivo que pedir outro neto.

Máis adiante houbo de visitar outra taberna, porque a sede acababa con el.

Chegou por fin ó eido, colleu a cédula, e tornou a camiñar a carón do colexio eleitoral.

Lonxe de se lle apagar a xenreira, crecíalle de tal xeito que mesmo so-mellaba unha fogueira acesa que levaba dentro do peito.

E tanto bebeu, que cando chegou xunto do presidente da mesa electoral, xa non era home, senón un fustallo.

—Eiquí está xa a miña cédula —dixo con moito traballo, porque a borra-cheira non o deixaba siquera falar.—¿Destonces son eu ou non Secundino Seco Sequeiros, veciño da Fonte Sequelo?

—Non pode ser —saltou meu sobriño, —porque a cédula é dun home todo seco. E iste ven mollado como un pito.

E o bo do eleutor non votou.

Cando vos digo que o meu sobriño é moi listo.

Avelino Rodríguez Elías

Os que pagaron o chicolate

Co monopolio dos transportes mecánicos por carreteira acabáronse as competencias, hastra que o Goberno da República¹ ordenou de darlle unha volta, consentindo outra vez as loitas antre as empresas, pra ben do público.

Por máis que o público ven ser, no fin de contas, quen paga os vidros esnaquizados.

¿Que non? Pois ei vos vai unha hestoria antiga.

Foi polos derradeiros anos do século pasado, naquil tempo das delixencias, que non sei por que lle habían chamar así, pois a verdá é que non había cousa menos delixente.

Dende Santiago hastra Lugo faguía servizo unha delixencia disas, e coma non tiña quen lle fora a man, cobraba por viaxeiro e mais por bulto o que lle daba gana.

A empresa gañaba diñeiro coma terra.

Mais non hai cousa que desperte a cobiza duns como as ganancias doutros, e á empresa do conto logo lle saleu un competidor.

Foi este outra empresa que puxo unha delixenza na mesma liña.

A empresa vella coidou que lle iba ser fácil arredar do seu camiño á empresa nova, e encomenzou por rebaixar os prezos.

A empresa nova fixo o mesmo.

A vella tornou a rebaixar.

A nova inda puxo os prezos máis de rastro. Polas vistas tiña cartos dabondo pra manter a competencia.

Chegou a vella a polo asiento a dous réas e os bultos a rial.

Mais a nova non lle importou; puxo o asiento a rial e os bultos de balde.

A vella levou cada viaxeiro por un cadelo.

A nova, completamente gratis.

Coma non era pusibre rebaixar máis, a vella tornou a faguer o mesmo.

Daquela a nova xa non lle abondou levar os viaxeiros de valde, senón que enriba, inda lles deu chicolate, cando chegaban a Arzúa.

A vella tivo que dar chicolate con bizcoitos, pra non quedar por debaixo.

Xa non quedaba máis que faguer.

Destonces os da empresa nova foron ver ós da vella, e dixéronlle:

—Xa viron vostedes que nós non estamos dispostos a nos deixar vencer.

—Nosoutros, tampouco —responderon os contrarios..

—Mais isto non debe seguir, porque estamos faguendo o primo, tanto vostedes coma nosoutros.

¹ Fai referencia á Segunda República Española (14 de abril de 1931-1 de abril de 1939).

- Iso nin que decir ten.
- Pois logo debíamos entendernos.
- Alá vostedes.
- ¿Mais vostedes estarían dispostos a chegar a un entendemento?
- Según.
- Axuntando as dúas empresas.
- Pensarémolo.
- Pois pénseno.

Vaia se o pensaron, porque a cousa ben merecía que se botasen contas.

Total, que se axuntaron as dúas empresas, puxeron os prezos que lles deu a gana; e os viaxeiros que tiveron que coller dimpois aquelas delixencias, non soio pagaron o asento, senón tamén o chocolate e mais os bizcoitos que engoliran os viaxeiros anteriores.

Avelino Rodríguez Elías

O señor das Queirugas

Un día calquera do ano de 1890 viu a iste mundo, no pazo das Queirugas, un meniño, que foi bautizado cos nomes heroicos e bizarros de Fernando, Rigoberto e Ricardo.

Descendía polo pai, dos moi nobres señores de Robustión e de Lamparóns, e pola nai, da moi nomeada casa dos Tripérez e da non menos sonada dos Facúndez.

O Tripérez víñalle a ista familia dunha tal Aldonza que din que, nos seus bos tempos, vendía tripas das reses que se sacrificaban pró consumo de certa poboación galega.

A tal Aldonza tivo un fillo, que anque non poido usar máis do que o apelido materno, desfrutou de certas proteucións, que o puxeno en camiño de algo nista vida.

E foino, certamente, porque, ademais das tales proteucións, portouse tan bizarramente nas loitas contra os mouros, que o rei houbo de arrear nel, e concedeulle algunhas mercedes.

Iste mozo tivo pola súa vez un fillo, froito do seu casamento cunha dama de certa categoría. E o neto da tripeira Aldonza, agudo e valente como o pai, aínda ilustrou máis o apelido xa resoante dos Tripérez, chegando, incruzo, a merecer, pola fortaleza do seu brazo e polo vigor do seu peito, que o monarca lle outorgara o señorío de certos lugares e mais o título de conde.

E vede aí por onde lle viña a nobreza ós Tripérez; isto é, polas fazañas dos varóns, que non polas tripas que a súa señora aboa Da. Aldonza lavaba e vendía.

Naceu, polo que estamos vendo, o tenro D. Fernando Rigoberto Ricardo, nobre polos catro costados.

A súa nai, que era señora moi coidadosa do brillo das armas familiares e da limpeza dos seus pergamiños (unha sorte de sidol heráldico) pranteoulle ó pai da creatura o problema da crianza do meniño.

—¿Pro non o vas criar ti? —perguntou o pai todo cheo de alarma.

—Esposa che deu Deus e non serva. E moito menos ama de cría —respondeulle todo patética e chea de razón a descendente de Aldonza a tripeira.

—Repara, esposa e señora miña, que as rendas das Queirugas van decrecendo considerablemente e que iste fillo con que o Señor foi servido de coronar a nosa feliz e santa xuntanza, vai faguer aumentar os gastos da nosa casa.

—¿Seica queres, polo que vexo, que eu me rebaxe hastra coidarme das pequeneces ademenistrativas do noso patrimonio? Os meus groriosos antepasados os Tripérez e mais os Facúndez tremerían de xenreira nas súas honradas e

nobres tumbas, ó saber que eu, a aitual poseedora dos seus crarísimos apelidos, me coidaba de tan baixos menesteres.

—¡Muller, ven á razón!...

—¿Queres decir, con isas verbas, que a non teño? ¡Eu demente!... ¡Deus soberano, e que unha don do meu linaxe teña que sufrir semellante bichorno!

Non houbo maneira de a convencer. O tenro e xa moi nobre D. Fernando Rigoberto Roberto Robustión de Lamparóns e Tripérez dos Facúndez foi criado ós peitos dunha nai allea, que era nin máis nin menos que unha das caseiras das Queirugas, caseira que tiña unha filla de pouco máis ou menos a mesma idade que o descendente direuto da tripeira Aldonza.

Creceu o tal D. Fernando, e ensinado nos sanos e dinos prencípios da súa ilustre nai, non hai que xurar que na súa vida serviu pra nada.

Non estudou, porque isa era cousa de plebeus; non soupo ademenistrar o pouquerrechiño que herdou dos seus pais, e nin siquiera foi home de lle achegar os emolumentos dun emprego burocrático, porque calquera que fose, sempre o consideraría oficio vil pra tan alto personaxe.

De pequeno enredou moitas veces polo lugar das Queirugas coa súa irmán de leite, a filla da súa ama, e tívolve de cote un vivo afeuto, que era correspondido pola rapaza que un cariño respeitoso.

Chegou un día que o moi ilustre señor D. Fernando Rigoberto Ricardo Robustión e demais apelidos, se alcontrou completamente na miseria. Destonces encomenzou a ser unha carga pesada prós seus parentes.

E cando deles non podía recadar cousa algunha pra se vestir, xugar a súa partidiña no Casino e atender as necesidades do seu estómago, era na casa de Andrea, a irmán de leite, onde se acollía, coma seguro asilo e sagro refuxio.

Mais, de cote altivo e soberbo, lonxe de agradecer o ben de caridá que recibía, aínda o consideraba como un honor que el iña faguer, e decíalles á boa de Andrea e mais ó labrador con quen ela se tiña casado:

—Honrados vos debedes considerar de ver coma tan nobre cabaleiro se dina sentarse á vosa cativa mesa e gusta dos vosos probes manxares.

—Si, señor, si —respondíalle Andrea, dándolle polo pau, —moi honrados. Pro tome diste caldiño, que lle está bo que dá xenio.

—Iso farei, a fe miña; tan soio por compracerte.

—E coma diste pan, que eu mesma o amasei polas miñas mans, con fariña dos nosos millos, e que eu mesma o cocín niste forno que vostede ve aí.

—E que soio polo ben que o faz, val a pena de deixar un día de me sentar á mesa, servida dabondo a cotío, do meu pazo das Queirugas, pra vir gustar da vosa sinxela compañía.

Eisí era aquil home, porque eisí o tiñan feito.

Farto un día de pasar fames e de levar nos fuciños coa porta dos parentes, estricou a dúas pernas e deixou de alentar pra sempre.

Os tales parentes, satisfeitos de se ver libres dunha recondanada vez das peticións de D. Fernando custeáronlle un enterro de segunda, con funeral de medio cabildo, e puxeron nos papeles da vila unha esquila mortuoria que decía:

“Ó Ilmo. Sr. D. Fernando Rigoberto Ricardo Robustión de Lamparóns e Tripérez don Facúndez, Conde das Queirugas, descansou na paz do Señor o día tantos de tal.”

Cando Andrea leu tal cousa, pegou un pulo, e dixo toda asombrada:

—¡Descansar na paz!... ¿Mais el, malpocadiño, de que tiña que descansar se nunca traballou en cousa ningunha?

Avelino Rodríguez Elías

Eu non nacín pra cabalo

Non hai vila nin cuasque aldea de Galicia que non conte hoxe co seu servizo de automobles de liña. É un progreso que debemos alaudar, porque, ademais de facilitar as comunicacións e mais o entrecambio da poboación galega, contrebúe a que contemos con millores estradas e camiños.

Mais isto aínda non puido alcanzar a todas as bandas, e hai lugares que teñen por úneca vía de comunicación, unha ruín corredoira.

Pro non lle fai: os automobles chegan onde queren, se non é por boas estradas, é por regulares camiños veciñais, e se non por camiños veciñais, por corredoiras, aínda que estean cheas de pedregullos ou asolagadas de pozas e de buratos.

Fai poucos días tiven que ir a unha freguesía que non sei como hai xente que nela viva, porque talmente parez que aquilo non é obra de Deus. Se o é, debeude ser o derradeiro que saíu das súas devinas mans, cando o Noso Señor creou ista laranxa que rola polos espazos chea de vermes pezoñentos, coma o que se chama home.

Terra tan ruín, tiña que ter uns camiños tan ruíns como ela, e iso seino eu dabondo, porque de tempo en tempo teño que ir aló.

A derradeira vez alcontreime coa novidade de que podía faguer o viaxe nun automóbile de liña, e non quixen deixar de me aporveitar dista millora.

—¿Destonces xa arregraron o camiño? —pergunteille ó amigo que me trouxo tan boa noticia.

—Non, mais non lle fai.

Fun coller o billete, e perguntoume o encargado de os vender:

—¿De primeira ou de segunda?

—De segunda —respondinlle.

—É millor que o tome de primeira, Sr. Chuco —díxome o tal, que me conecía.

—¿Por qué? —perguntei eu pola miña vez.

—Porque é millor.

E non me quixo decir máis nada.

Collín polo tanto, o meu billete de primeira, e cando me fun meter no coche, alcontreime con que non había diferenza algunha antre os viaxeiros de primeira cras e mais os da segunda. Todos íbamos nun mesmo departamento e sentados nuns bancos igosais pra todos.

Quixen protestar contra somellante abuso, e o empregado que me tiña vendido o billete, chamoume pra unha banda e díxome á orella:

—Cale e déixese ir.

—Si, mais eu non vexo por que me habías de cobrar máis que ós outros, pra ir todos xuntos.

—Agora non ve vostede a diferenza, pro máis tarde xa mo dirá.

Calei e deíxeime ir hastra ver no que paraba aquilo.

Mal tiñamos andado kilómetro e medio, cando o automobre caeu nun burato do camiño.

O condutor chimpou do seu asento, abriu a porta do coche e dixo prós que íbamos dentro:

—A ver, os viaxeiros de segunda, que se abaixen aixiña.

Soio quedamos dentro do automobre outro viaxeiro e mais eu, que tiñamos billete de primeira. Os demais baixaron todos.

—Será pra aliviar o peso —dixen antre min.

Mais enganeime. Derexidos polo condutor, os viaxeiros de segunda cras tiveron que empuxar polo automobre, hastra ceibalo do burato e poñelo outra vez no camiño chan. Logo tornaron pra dentro do coche.

Posto novamente en marcha o automobre, non tardou en se meter nunha poza, e outra vez se tiveron que abaixar os viaxeiros de segunda cras, pra o volver a desentalar.

Comprendín destonces por que uns viaxeiros pagaban menos que os outros. E dende aquela fixen mentes de non coller na vida billete de segunda. Porque eu non nacín pra faguer de cabalo.

Avelino Rodríguez Elías

A conta corrente dun preso

Pra todo fai falla ter sorte. Isto sábeno hastra os cans, porque tamén antre eles os hai afertunados e os hai sen fortuna.

Homes hai que cometen toda cras de falcratúas, e nin por casuelidá caen nas redes da Xusticia. Outros, en troques, á pirmeira que fan, xa non lles vale nin o obispo de Roma.

Perucho do Lago é un rapaz que ten tanto de ruín coma de espavilado. Porque listro é coma un allo, e malo coma un door de moas.

Todos os veciños precuran estar de boas con el, porque en dándolle por lle tomar teima a unha persoa, xa pode ista ver coma se libra del.

O tío Bastián das Carqueixas, un home dos máis acomodados da freguesía, e coma rico, dos de máis influencia, chamoulle un día “boa peza” ó Perucho.

—¿Por qué me chama vostede semellante cousa? —perguntoulle o rapaz.

—Porque de bo tes tanto coma eu de crego.

—Vostede non ten dereito pra me aldraxar.

—Non sabía que te ibas ofender, porque destonces inda che chamaba outra cousa máis forte.

Perucho non quixo retrucar, e calou. mais non en por iso se conformou. Polo contrario, fixo mentes de lle cobrar aquila ofensa ó tío Bastián, e pasadas dúas ou tres noites, foi a unha viña do das Carqueixas e taloulle arrente do chan, dous ou tres pés.

Cando tal viu o tío Bastián, non duvidou de que aquilo era obra do Perucho. E inda non tiñan dado as doce da mañán, cando xa o rapaz estaba preso.

—Has de apodrecer na cadea —díxolle o tío Bastián cando o levaban antre os ceviles.

—Iso hémolos de ver —respondeulle o rapaz.

—¡Bo! iso xa o estou vendo eu.

Perucho, que xa vos dixen que era listro, non tardou en se deporcatar de que polos danos causados ó tío Bastián, non lle podían saír arriba de seis meses de recrusión.

Mais pasaron os seis meses, e a súa causa non se vía unhas veces porque mancaba non sei que proba, outras porque adoecía o defensor, e outras non se sabe por que demoro.

Comprendeux aíxiña que todo aquilo eran andróminas do das Carqueixas, e dixo pra entre si:

—Canto máis tempo me teña eiquí, pior pra el, porque máis caro llo hei de cobrar.

E pensando nisto, escribiulle unha cartiña ó xuez decíndolle:

“Xa sei que pola miña culpabilidade non me poden botar arriba de seis meses. E coma xa levo máis na cadea, rógolle a V. S. que me leve de conta o tempo que bote preso de máis, pra mo descontar canto teña que volver eiquí. Porque teña vostede por certo que hei de tornar. Así, pois, faga V. S. a mercede de me abrir unha conta corrente.”

Tanta gracia lle fixo ista saída ó xuez, que sin faguer ningún caso das influencias do tío Bastián, mandou poñer ó Perucho na rúa.

Avelino Rodríguez Elías

Unha ialma caritativa

Xa se sabe que o que bebe de máis, vólveselle o sentido.

Mais tamén é certo que os borrachos teñen ás veces unhas boas saídas.

Por iso hai borrachos de moitas crases: tristes, agudos, choróns, rideiros, feros e mansos.

Un borracho dos máis alegres que teño eu conecido, é Paulo Pazos de Pardavila.

De cada sete días que ten a semana, emborráchase oito, porque os domingos colle unha borracheira que val por dúas.

E cuasque non hai domingo que non dea que rir ou que falar ós seus veciños.

Este domingo derradeiro empenecouse, coma de cote, na taberna das costas dos Carballos.

Mais así coma todos os domingos ten algún amigo que lle faga o favor de o acompañar hastra o seu lar, dista vez alcontrouse soio, e saíu da taberna sin saber coma chegaría cabo de súa casa.

Anduvo uns cantos metros, e coma lle pesaba moito máis a cabeza do que os pés, tívose que arrimar a unha parede, pra agoardar alí que pasara alguén que lle dera remolque.

Cadrou de pasar unha persoa que a non conecía. E cando Paulo lle sentiu os pasos, estarricou a man e dixo:

—Se vostedes é caritativo...

Sin deixalo acabar, respondeulle o transeúnte, coidando que Paulo o que lle iba pedir era unha esmola:

—Dios o ampare, irmán.

E seguiu o seu camiño.

—¡Eu non pido esmola! —berrou Paulo.

Mais o outro non lle fixo caso ningún.

Transcurrieron uns minutos e pasou outra persoa.

—Fágame o favor...

Tampouco iste outro transeúnte lle fixo caso, e aleixouse de alí rosmando:

—Sabe Deus se será un pobre ou un atracador.

A un terceiro transeúnte derexiuse o borracho:

—Polo que máis quiera, amigo...

Mas tamén iste o deixou ficar alí. Coñeceulle que non estaba sereo, e seguiu andando, mentras decía:

—Se está borracho, váiase deitar.

Logo pasou unha mullerciña curta de vista, e coidando que o estado de Paulo era de falla de pan, que non de sobra de viño, meteulle na man un patacón e seguiu o seu camiño, marmullando:

—¡Malpocado!

Paulo, cando veu isto, lembrouse que o primeiro transeúnte tamén o tiña tomado por un probe de pedir, e riuse con todas as ganas que o viño lle deixaba.

—Vai ser cousa de seguir a broma —dixo entre si.

E deixouse estar coa man estarricada.

Foi bo acordo, porque non tiñan pasado ben dez minutos e xa axuntara dous réas.

Destonces ocurriúselle que, en troques de ir prá súa casa, era millor tornar prá taberna e gastar aqueles dous réas nun neto de viño.

Mais pareceulle aixiña que un neto era pouco, e quixo ver se axuntaba pra un litro. E seguiu pidichando a todos cantos pasaban diante del.

Uns dábanlle e outros non. Hastra que pasou unha moza, que lle perguntou toda chea de curiosidá;

—¿Vostedes por que pide, meu santo?

—Porque non teño traballo. E pido pra lle dar de comer ós meus fillos.

Traballo era o que lle custaba mover a léngua. Así foi que a moza coñeceu lle aixiña que estaba peneque, e díxolle:

—¿De maneira que vostedes non ten con que manterse nin con que manter os fillos, e ten pra se emborrachar?

Paulo alcontrouse pillado. Mais logo se repuxo, porque o viño non lle tiña barrido de todo o sentido, e retrucou nun verbo:

—¡Ai, miña amigueta, eu non lle gastei nada en beber!

—Pois está coma se gastara moitos pesos.

—Non gastei, non.

—¿E logo?

—Como a taberneira é moi caritativa, deume de beber de esmola.

Avelino Rodríguez Elías

Sinal que non marrou

Hai cousas que non se debían contar, porque deixan un home moi mal. Mais coma non falta quen as averigüe e ande falando delas da maneira que lle parez, millor é que sea o propio interesado quen as conte.

Xa sabedes que Antroido é a millor ocasión pra que nos enganen e nos metan chascos que nos poñan en ridículo.

Pois ben, niste Antroido pasado socedeume unha cousa, que cada vez que me lembro dela, non sei se me bote a rir ou se me bote ó río.

Deume por ir pasar os días da loucura a unha certa vila onde estiven estudando de mozo, coma coido que xa vos teño contado.

Nas rúas, o Antroido non valía nada de vez. Rialmente, pra ver aquilo, non valía a pena de que me tivera movido da miña aldea.

Estiven, xa no pirmeiro día, por me volver pró eido; mais logo viume o trasacordo do galego, e dixeran entre min:

—Polo menos hei de ir ver algún beile.

E fun, vaia se fun. E aquilo tiñache ben que ver co que pasaba nas rúas.

Alí si que había animación, alegría e mullerío. Sobre de todo, mullerío.

Eu son solteiro, coma sabedes, e non teño obrigación de ningunha cras. Polo tanto, pódome adivirtir canto me dea na gana, sin lle ter que dar contas a naide.

Así foi que, cando me alcontrei no beile e vin qque era moito millor que os do meu tempo de estudante, tornei a falar comigo mesmo, e dixeran:

—Ai, Chuco, de eiquí non sales sin te adivirtir coma un mozo. ¿Que hai que faguer pra iso? Pirmeiramente, recadar unha boa parexa, e dimpois, veña o que cadre.

O pran coido que non estaba mal disposto. ¿Non é certo?

Non tiven que buscar moito, porque a parexa que eu desexaba, viume aixiña ás mans.

Era unha máscara de moi bo presenza: nin alta nin baixa, un pouquerrechiño chea de carnes, cuns ollos coma luceiros e unha voz que ás veces hastra parecía o canto dun xílgaro.

Do demais da súa persoa non podo falar, porque iba moi tapada; e por isto calculei que debía de ser dona prencipal, que se iba adivirtir coma eu, e coidaba de que a non coneceran.

Achegouse a min e díxome:

—Ola, Chuco. ¿Coma che vai?

—¡Congrio! —dixeran pró meu chaleque —ista conéceme. E falando alto agreguei:

—¿Logo sabes que me chamo Chuco?

—¿E non hei sabelo? —respondeume. —Conecinte cando estudabas eiquí.

Pareceume destonces que arrecordaba aquela voz, mais non puideron lembrarme de quen sería.

Entramentras ela colleuse do meu brazo; encomenzaron os músicos a tocar unha cousa calquera, e nós fumos bailar.

Por certo que a miña parexa beilaba moi ben. E non tiña reparo en se achegar, porque iso, según me dixeron, é da derradeira moda. Aquilo de bailar un migallo soparados, xa non se estila. Agora todo é como a palla nos palleiros.

Dista maneira eu puideron convencerme de que a miña parexa estaba moi ben de carnes. Alí non había recheo nin cousa que se lle parecera: todo era natural.

—¿Quen poderá ser? —seguíu eu pensando mentras beilaba. —De certo que pertence a unha das familias que eu vesitaba cando era estudante. ¿Será a sobriña do cóengo Salgueiros? No, que aquela era máis altiña. ¿A irmán do cate-dráteco Soutorrevirado? Tampouco, porque aquela tiña a voz máis grosa. ¿A filla da dona do comercio A Ninfa do Sarela? Isa, menos...

Nada, que nos recordos doutro tempo, non acababa de atopar cunha muller das que eu tratei que se asomellara, polo tipo ou pola voz, á que beilaba comigo.

Que era de boa casa, non me cabía dúbida, porque iba ben vestida e pre-fumada que daba xenio.

Vendo que non daba con quen poidera ser, díxenlle derradeiramente:

—Xa vexo, máscara, que sabes quen son; mais iso tamén cho puido decir calquera. Dáme un sinal de que xa me conecías de endenantes.

—Vouche decir unha cousa que te vai convencer.

—Pois veña.

—¿Aínda che gustan as papas de millo pró desaúno?

Foi coma se me amosaran unha fotografía de coores.

—Acabáramos dunha vez —respondínlle. —Ti eres a criada da pousada onde estiven de estudante.

—A mesma.

Non quixen saber máis nada. Saín do beile coma se me tiveran posto un foguete, e no primeiro automóbile da mañán, torneime pró eido.

Avelino Rodríguez Elías

Un probe agradecido

Mesmo lle socede a un home cada cousa, que dan ganas de afogar na presa dun muíño.

E hai días que non parez senón que deixa un o sentido no lar, cando sai prá rúa.

Eu confeso que non teño cara de listro. Pro, vaia, tanto coma pra decir que son parvo, coido que a non teño tampouco.

Pois, amiguiños, péganme cada chasco, que nin que tivera nado no día dos Inocentes.

O derradeiro foi bo, e se eu fose outro, gardaríame ben de contalo, por vergonza. Mais cómpreme contárvolo pra que outro non caia na que eu caín.

Tiven que ir a Vigo, por mor dun asunto que me interesaba, e fixen o viaxe no automobre da carreira.

No camiño socedeulle non sei que atranco ó automobre, e chegamos a Vigo un par de horas dimpois do que debíamos.

E pra deixar o meu asunto arregrado antes da unha da tarde, porque a isa hora péchanse os Bancos e mais estabrecimentos, houben de andar coa léngua de fóra, coma os cans, mal comparado.

Cando romatei, suaba coma no rigor do vran e tiña unha sede de morrer.

Senteime á porta dun bar, pra que me serviran un refresco, e inda ben non tiña achegado o vaso ó bico, cando se parou diante de min un suxeito ben portado, que dimpois de me ollar uns segundos, preguntoume:

—¿Vostede non é o Sr. Chuco de Canedo?

—Son —respondinlle, un migallo desconfiado.

—¿E vostede non me conece?

—Non.

—¿Abofella que non se lembra de min?

—Home si lle hei decir verdá, niste istante non me recordo.

—Faga memoria.

—Xa fago, xa, mais non caio en quen poida ser vostede.

—Verá coma vai caír. ¿Vostede non estudou en Santiago?

—Estudei.

—¿E non se lembra que unha noite, no Toural, pediulle un ben de caridá un obreiro sin traballo?

Eu non recordaba somellante cousa, e respondín

—Francamente, non me lembro.

—¡Coma todas as almas grandes e nobres! ¡Van semeando favores ás mans cheas, e esquecen aixiña o ben que fan!

A todo isto, o desconecido tíñase sentado á miña veira, e díxolle o mozo do bar.

—O que tome iste señor queda por min.

—Non podo consentir... —dixen eu, protestando.

—¡Pois soio faltaba iso!... Vostede foi a miña providencia, e inda non quer que lle estea agradecido.

—¿Mais agradecido por que?

—Porque vostede soio precisou que lle dixera que eu era un obreiro sin traballo. Levaba, según me dixo, soamente un par de reás pra tomar un café, e deumos aixiña, decindo que iso era un vicio o que o meu era unha necesidá.

—¿De veras dixen iso?

—Abofellas. E foi coma se enriba de min caíran todas as bendicións do ceu. No outro día atopei traballo; traballei con sorte e fruito; pouco tempo dimpois tiña un taller da miña propiedá, e á volta duns poucos anos, era e son dono de máis de vinte mil duros.

—Pois fólgame da súa boa sorte.

—Que vostede me deu.

—Fólgame moito máis.

—E agora eu quérolle demostrar que non son un desagradecido nin un desleigado.

—Xa oín que me paga o refresco.

—Iso non val nada. Eu quérollo demostrar aínda doutra maneira.

—Non, home, non: con isto xa abonda.

—¡Que vai abondar! Voulle ofercer, e non mo tome a mal, vintecinco pesetas.

—Que no ademito, porque polo de hoxe, aínda non preciso...

—Son pra que vostede faga con elas a obra de caridá que queira, a ver se lle dá tan boa sobre a outro malpocado.

—Sendo así, non hai razón pra me opoñer.

O desconecido botou man á carteira, buscou nela un billete de 25 pesetas, e non alcontrando ningún, deume un de 100, pra que lle dera a volta.

Dinlla nun billete de 50 pesetas e outro de 25, e o tal suxeito alexouse de alí con tanta presa, que hastra se esquenceu de pagar o meu refresco, según me tiña ofrecido.

Pola tarde quixen mercar unhas cousas, e cando fun pagar co billete que o desconecido me dera, alcontreime con que era máis falso que unha burra vella.

Avelino Rodríguez Elías.

Hai que seguir co progreso

En por iso todo o que anda por fóra, moi deprende. Eí tendes Calros Bretán, que dimpois de botar oito ou dez anos arreo nos Estados Unidos, tornou prá terra sabendo unha chea de cousas que hastra mete medo.

Din que estivo de criado nun restaurante, mais non parez senón que foi catedrático dunha Universidá, polo moito que sabe de todas as cousas.

Dendes que chegou, cuasque todos os días vai visitar a taberna do tío Custodio, que, coma sabedes, é do máis decentiño que temos no lugar e na que adoitan de se acuntar as persoas de máis creto da veciñanza.

Chegou Calros Bretán unha tarde á taberna do tío Custodio, e coma inda non tiñan vindo os outros parroquianos cos que o american foi á súa tertulia, púxose de parola co taberneiro.

—¿E logo, tío Custodio, coma lle vai o negocio?

Xa se sabe que non hai naide que nun ccase igoal non responda que o negocio vai de rastro, coma se os enteresados tiveran medo de que lles quixeran faguer a competencia, ou que lles foran pedir o que gañen.

O tío Custodio non podía deixar de responder coma os máis, e Calros foille aixiña enriba, tornándolle a perguntar:

—¿Que vai mal? ¿E logo por que?

—Porque endenantes a xente de aldea non conecía máis sitios onde beber que a taberna.

—¿E agora?

—Agora, como hai automobles e tranvías, os mozos vanse prá vila, onde beben cervexa, gaseosas e que sei eu.

—¿E vostede por que non ten tamén diso?

—Porque nunca vendín outra cousa que viño. Xa o vendía meu pai e coído que tamén o han de vender os meus fillos.

—Isa non é razón. Hai que progresar, tío Custodio, hai que progresar.

—Xa son vello pra mudar de xeito.

—Non ten que ver. Pra millorar un negocio, sempre estamos a tempo.

—Ti ben falas...

—Xa o creo que falo ben. Vostede ten que transformar a taberna.

—¿Pra que fuxan de eiquí os poucos parroquianos que inda me teñen lei?

—Non, señor; pra que veñan máis. Vostede coma nunca saíu de eiquí, coída que cunha taberna coma ista, inda se pode dar por satisfeita a clientela.

—¡A clientela!... ¿E iso que é?

—Os parroquianos; os que eiquí lle vimos deixar os cartos.

- Xa.
- ¿Vostede non ve que a xente de agora xa non viste coma a de fai vinte e cinco anos?
- Vexo.
- ¿E non sabe que agora tampouco as casas son coma as de endenantes, senón moito millor feitas?
- Sei.
- ¿Había, noutros tempos, luz eléctrica na nosa aldea?
- Non había.
- ¿Conecía vostede o teléfono cando tornou do servizo melitar?
- ¡Vaiche boa! Nin oira falar de semellante cousa.
- ¿Pois logo por que ateima vostede en non modernizar o seu negocio?
- ¡Home!...
- Nada, nada; vostede ten que se poñer na altura dos tempos que corren.
- Comenzo a coidar que tes un migallo de razón.
- Téñoa toda, ¿e logo non había tela?
- ¡Craro, como andiveches alá por fóra?
- E dimpois, o que faltaba era unha lei seca, como a dos Estados Unidos.
- ¿E iso que é?
- Pois unha lei que non permite vender nin beber ningunha cras de bebidas.
- ¡Congrio! destonces tiña que fechar a taberna.
- Vostede non sabe o que di.
- Pois logo non te entendo.
- Si, home, si. Coa prohibición, a xente bebe máis. E vostede podería pedir canto quixera polo viño.
- ¿E pagaríanmo?
- Cos ollos fechados. O mesmo pasa nos Estados Unidos.
- ¡Ai, si! Pois logo que nos boten aixiña a lei seca ou coma lle chamen.

Avelino Rodríguez Elías

O médico de fóra

Chegou a unha vila de Galicia un médico de fóra precedido dunha sona que nin que tivera sido el o que inventou a Meiciña. Según decían os diarios de tal vila, tiña feito máis curas miragrosas, que o santo máis miragroso da nosa terra.

Anunciouse por todas as bandas, publicou o seu retrato, deu a coñecer cartas de doentes curados por el, e fixo tal barullo, que ós oito días non se falaba naquela vila senón do doutor forasteiro.

O resultado dunha propaganda tan ben levada e tan longamente feita, foi que non quedara na vila persoa doente ou que coidar estalo, que non se quixera ir consultar co médico de fóra, como lle chamaban.

Os primeiros días o tal médico daba mans a medir. Logo foi aumentando de tal xeito a clientela, que hastra houbo trompadas pra entrar na casa onde o médico establecera o seu consultorio.

Derradeiramente tiveron as autoridades que mandar forzas que coidaran da orde e mais de que os mesmos que iban buscar a salú, non saíran de alí en anacos.

Celedonia Fouciños tamén quixo ir ter unha consulta co médico de fóra, porque se alcontraba un migallo cativa, e conseguiu un día, á forza de apertade-las e de agoardar longas horas, que a recibira o doutor.

Levaba súa nai consigo, ou millor dito, a vella non quixo deixala ir soia, polo que poidera soceder. A veces, o demo...

Reconeceuna ben reconocida o médico, apalpouna por onde lle pareceu, tomoulle o pulso, ensaminoulle a léngua, miroulle os ollos, peerguntoulle non sei cantas cousas, que hastra somellaba o abade tomándolle a doutrina ós picariños da escola, e cando seica xa estaba canso de tales estremonias, ceiboulle iste descurso:

—Es un error creer que todas las enfermedades del cuerpo proceden de la materia. Muchas proceden de espíritu, atribulado a veces por penas muy hon-das, que, como suele decirse, salen a la cara, o por amarguras que se reflejan en la expresión del rostro. A esta señorita no hay más que verla, y quien tenga la experiencia y los estudios que yo tengo, dirá en seguida que padece de mal de amores. Esta señorita ama con gran pasión, y sólo hay un remedio indicado pa-ra este mal: hay que casarla inmediatamente.

—Pero, santiño –atalouno a nai de Celedonia –si ela é casada e xa ten dous fillos, que Deus llos conserve amén.

—Entonces –repicou o médico sin perder as estribeiras– hay que buscar la causa del mal por otro lado. Su marido le da mala vida: la palidez del rostro lo demuestra, y ciertas maceraciones de la epidemia lo comprueban.

—Iso non —dixo entonces Celedonia, —porque millor home que o meu e que máis agarime súa muller, non o hai debaixo do ceu.

—Pues entonces —berrou o médico querendo aínda queimar o derradeiro cartucho —es que vive con la suegra.

—Home, vaia ladrar a un palleiro —dixo a nai da doente, toda enrabeçada. —Eiquí non hai máis sogra do que eu, que son súa nai.

E collendo a filla por un brazo, prantouse na rúa, deixando ó doutor cun palmo de boca aberta.

Logo resultou que tal doutor non era médico nin nada, e foi dar cos ósos á cadea, por exercer ilegalmente a Meiciña.

Avelino Rodríguez Elías

Carneiro dende a cabeza hastra os pés

Se todos foramos tal coma pensamos que somos, o mundo non tiña mi-gallo de enterés.

Precisamente o que fai que seia algo pasadeiro, é o engano de creer que somos unha cousa moi destinta do que rialmente somos.

Loureano Pernas coida que é unha fera, cando non pasa de ser unha pomba sin fel.

Cando se casou, fartouse de decir:

—Se a miña muller me enganara unha soia vez, xúrovos que non me tornaba a enganar.

—¿Por que? —preguntábanlle.

—Porque a mataba.

—Home, iso é forte de máis —respondíalle algún.

E retrucaba el:

—¿Logo vosoutros coidades que eu son feito de miolo de sabugueiro?

A min viume tamén coa hestoria da súa fiereza, e eu respondinlle:

—¿E a el que lle faguías?

—¿Quen é el?

—¿Quen ha de ser, hom? O que te enganase coa túa dona.

—Matábaio tamén.

—Parezme que inda non había ser tanto.

—¿Que non? Quixera que chegase o caso.

—Ti non sabes o que dis.

Pasaron uns cantos meses, e un día viñéronme contando que a muller de Loureano e mais o fillo do sancristán tiñan sido vistos moi xuntiños por detrás do muíño de Armenteira.

—Veremos o que fai Loureano se o chega a saber —dixen entre min.

—Se o soupo ou non, foi cousa que non puiden averiguar.

Do que si tiven conecimento foi de que dimpois do fillo do sancristán, á dona de Loureano alcontrárona uns veciños co escolante xunto dun balado.

Mais Loureano certamente que non soupo nada, porque nin matou á pa-renta, nin ó fillo do sancristán, nin ó escolante.

Pasaron dúas somanas, e unha serán, indo eu pola congostra das Xabreiras, alcontreime coa muller do pernas moi arreconchegada a un mozo que tiña vindo por aqueles días do servizo militar.

Pouco tempo dimpois, na carballeira dos Pinotes, foi vista co sobriño do abade.

Mais todo isto certamente que non era por mal. Ou non debía de selo, porque cando Loureano non tomaba unha determinación en contra da súa muller ou dos amigos dela, era porque non tiña motivo.

El era home de poucas verbas. A muller, en troques, era moi faladeira, e non podendo darlle á léngua co seu home, buscaba de cote con quen parolar. Non había máis nada, seguramente.

Mais eu coidaba que, así e todo, Loureano non debía consentir tales conversas.

Ista mañán alcontreino cando tornaba de lle dar unha rega ó lameiro que ten pola banda dos Penedos, e díxenlle:

—¿E logo, Loureano, sigues tan fero coma cando te casaches?

—¿Por que mo di, Sr. Chuco? —perguntoume.

—Home, por nada. Mais coma destonces falabas de matar non sei quen, chocábame que inda non tiveras feito ningunha morte.

—Non tiven por que.

Boteime a rir, e il olloume dunha maneira, que talmente somellaba que me iba chantar os dentes.

—O que me parez —díxenlle cando me tivo pasado a risa —é que ti, en lugar dunha fera, non eres máis do que un carneiro.

—¿Polo manso, ou pola lan?

—Por todo, home, por todo... encomenzando pola testa.

Avelino Rodríguez Elías

Custión de etiqueta

Coidan moitos dos que me escoitan que todos os contos que vos conto arreo no turreiro da nosa aldea, son discurridos por min, e non é así.

Non digo que a mor parte deles non teñan saído da miña cachola, que anque de cativa aparencia, tan falla de cabelo coma sobrada doutras cousas esternas, aínda non a cambeo por outras que andan por aí e que o mesmo podían servir de romate ás xambas dunha cancela, que de adobío do corpo que as sustenta.

Mais moitos dos meus contos ofércemos a realidade, e eu non fago senón aporveitalos, porque dimpois de todo, sempre resulta moito millor alcontrar as cousas feitas, do que pasar o traballo de facelas.

Tal e cual coma iste socedido.

O meu veciño D. Cremente gábase de faguer os millores viños da comarca, e non lle falta compretamente a razón.

Porque os caldos que saen da súa adega, non teñen nada de ruíns, quer pola calidá das uvas con que están feitos, quer pola maneira de os tratar.

Mais así e todo, non se poden comparar cos que produce D. Bernaldo, o conde das Torres Brancas, que coma sabedes, ten os seus viñedos e a súa adega pola banda dos Chanteiros.

Iste si que se pode alaudar de ser o millor cosecheiro da comarca, e coido que aínda o pode poñer á testa de todos os da nosa terra.

Moitos viños dos que veñen de fôra e que custan un diñeiral, son unhas verdadeiras purrelas á veira dos do conde das Torres Brancas.

Todos os bos catadores reconéceno e decráranos, coma se fora unha verdá revelada.

O que se non conforme con iso é o bo de D. Cremente, que xura e perxura que os seus caldos son os millores da rexión, e se apertan un migallo, do mundo enteiro.

Deulle por eí, e non habería senón deixallo, se non fora que un día, na casa reitoral tivo unhas verbas co conde, sobre dos viños respetivos, e o señor das Torres Brancas, canso de tanto ouír horrear a D. Cremente, díxolle un migallíño enrabechado:

—Pois xa que vostede ateima en que os seus viños son os millores da comarca, non teño aquela de os poñer en comparanza cos meus, diante de persoas entendidas.

—Aceutado —respondeu D. Cremente, moi resolutivo.

O señor abade, que pra istas cousas non ten par, foi o encarregado de ordenar o auto da competición, convidando aquiles catadores que millor sona tiveran, pra que desen o seu ditame.

Cada un dos dous cosecheiros mandou catro ducias de botellas, e o señor crego puxo o demais, que non era pouco: un xantar de verdadeiro abade.

Chegados o día e mais a hora do certame, o señor cura tivo a satisfacción de se ver rodeado polos millores estóganos de cinco légoas envolta, e os dous cosecheiros, dos paladares de máis creto e das gorxas millor dispostas que se conecían no partido xudicial.

Cada prato do xantar tivo o seu viño especial, alternando, naturalmente, os de D. Cremente, cos do señor conde.

E cando todas as botellas estiveron valeiras, os estóganos cheos e as cabezas tempradas, o ditame xeneral, unánime a ausoluto, foi de que os caldos do señor das Torres Brancas, eran millores que os de D. Cremente, anque os de iste tamén poderían ser considerados bos en calquer parte.

¡Quen tal dixo! D. Cremente púxose que agabeaba polas paredes. E rematou dicindo:

—O que socede é que vostedes xuzgan polas aparencias.

—Iso si que non llo consentimos —berraron os xueces do certame. — Nosoutros xuzgamos polo paladar, que a Deus gracias, aínda o temos san.

—Leria, lería —retrucou D. Cremente. —Tiveran os meus viños unha etiqueta con escudos e coroas coma os do señor Conde, e vostedes quizabes resolverían doutro xeito. ¡Custión de etiqueta, anda máis!

—Ten vostede razón —terciou o conde, que hastra destonces estivera escoitando, sin abrir o peteiro. —Todo é custión de etiqueta. E ós seus viños cómprelles unha que diga: “Uso eterno.”

Avelino Rodríguez Elías

¡Aquel si que foi un home!

Din que cando houbo un deluvio que alagou toda a terra, foi preciso, para que tal cousa socedera, que estivese chovendo coarenta días e coarenta noites arreo.

Soio eisí puideron as augas cobrir os curutos máis outos das montañas.

Os veciños de Castro Revirado coidaron unha vez que tornaba para eles o deluvio, porque viron que, co cambio da lúa, encomenzaba a chover e non tiña xeito de parar.

Os regatos tornáronse ríos, e os ríos somellaron mares.

Pola veira de Castro Revirado pasaba un riachiño que soio admitía com-parazón co Río dos Sapos, de Santiago de Compostela. Xa vedes que non era cousa de se tomar polo serio.

Mais aquela vez o diaño do riacho de Castro Revirado, encomenzou a crecer, e tanto creceu, que un carpinteiro da vila cavilou si sería comeniente faguer unha iarca como a de Noé, para se salvar el, a muller e mais os fillos. Tamén tiña sogra, mais nin siquiera se lembrou dela.

Tanto creceu o riacho, coma vos ía decindo, que alagou todo o povo, chegando nalgunhas rúas hastra preto dos primeiros chans das casas.

Nunca se vira cousa como aquila, nin se coidaba ver. E o Axuntamento mandou pintar unhas frechas que indicasen hasta onde chegaron as augas.

A canto forasteiro vesitaba Castro Revirado, a primeira cousa que se lle amostraba, eran as frechas. E os vesitantes quedaban coa boca aberta.

Aquilas frechas eran o argullo do pobo castrorreviradense. E os povos circunveciños talmente morrían de envexa, por non ter cousa semellante que amostar.

Hastra que os habitantes de Portela Retrancada puideron decir que xa non tiña nada que envexar ós de Castro Revirado.

Un día encomenzou a arder unha casa da vila, e coma sopraba un vento moi forte e, por outra banda, non había con que atallar o fogo, porque nin siquiera tiñan alí un regato como o de Castro Revirado, as chamas pasaron dunhas casas para outras, e ás dúas horas ardía media vila.

Foi aquilo do que soio se ve unha vez cada sigro. Xa os de Portela Retrancada non tiñan que envexar ós de Castro Revirado.

Dende aquela, xa as frechas de Castro Revirado non tiveron migallo de importancia, comparadas cas ruínas das vinte e sete casas queimadas na vila de Portela Retrancada.

Pasou un pouco de tempo, e os de Castro quedaron outra vez por enriba dos de Portela.

Un mozo de Castro matou o pai, a nai, os irmáns e mais un porco que había na casa. E dimpois de acabar coa familia toda, queimou os cadavres, comeu parte dun deles e, derradeiramente, oforcouse.

Unha fera como aquila non a tiñan os de Portela Retrancada. E ós forasteiros amostrábanlle dimpois os de Castro Revirado a casa onde tantos crimes se fixeran.

Os de Portela torceron o fociño, considerando que eles nunca poderían chegar a outro tanto.

Mais cando menos o coidaban, chegou de América unha noticia que os encheu de satisfacción, porque os puxo para sempre xamais no curuto da groria.

Nos Estados Unidos, unha cadrilla de bandoleiros tiña voado un ponte, no instante de pasar un convoi, para roubar unha chea de cartos que o tren levaba.

A ponte era altísima que metía medo, e os bandoleiros puxéronlle un quintel de dinamita que tiñan roubado tamén. Non quedou migallo dela en pé, e o convoi caeu dende aquila altura, esnaquizándose de vez.

De tres centas vinte e dúas persoas que iban no convoi, antre viaxeiros e mais empregados, non se salvou ningunha, e os bandoleiros non soio se apodeiraron dos cartos que o convoi levaba, senón que tamén limparon todo canto os viaxeiros tiñan enriba.

Foi unha cousa da que se falou polo mundo enteiro. Os informadores dos periódicos logo averiguaron quen era o xefe daquela cuadrilla de bandoleiros, e resultou que tiña nado en Portela Retrancada.

¡Quen tal lles dixo ós porteleiros retrancadenses! Todos eles pensaron a unha:

—¡Xa temos con que asoballar os de Castro Revirado!

Puxeron un letreiro na casa onde viñera ó mundo o xefe da banda dos dinamiteiros, e os turistas acodiron dende o cabo do mundo á vela, que mesmo parecían moscas na fenestra dun dulceiro.

Os de Castro Revirado xa nunca máis puideron quedar por enriba dos de Portela Retranca. Porque como aquil deficelemente podía nacer outro home.

Avelino Rodríguez Elías

O pelexo da criada

E cante se soio fora mandar, porque con deixala, xa estaba todo arranxada. Mais aquilo, para comitre dunha galeira pirata, non tiña parella.

O probe de Belbino xofre máis de que se tivera enriba unha doenza das que Xob recibiu pra porbar a súa paencia.

Dende o primeiro día tomoulle a dona os talentos, coma se adoita decir, e o probe do home xa non tornou a ser señor de si, canto máis da súa casa e dos seus bens.

¡E malpocadiño del coma quixera ceibarse daquela escravitú!

Non fixo un día nada máis do que falar de libértá, e zorregoulle a muller un par de lambadas, que nin ganas lle quedaron de tornar a abrir o peteiro.

Coma non había fillos e Belbino era igoal que se non houbera naide na casa, a dona tiña tempo dabondo para todos os misteres do eido.

Mais un día metéuselle na moleira que precisaba dunha criada, e colleuna.

Belbino viu aquela nova persoa na casa, e calou. ¿Que outro romedio lle quedaba, se non quería levar outro par de boas lambadas?

A que non soupo onde se metera, foi a criada. Dende pola mañán hasta pola noite, Rosa berregaba con ela, chamándolle canto de ruín se lle pode chamar a unha muller, sea ista de cras que sea.

Mais a criada cansouse un día de aturar aquela besta fera, e pediu a conta, para se liscar de alí.

A Rosa pareceulle que aquilo era unha cousa que ela non debía ademetir, e se a criada non foxe, devídea ó medio.

Alcontrou Belbino no quinteiro, botándolle de comer ás galiñas, e díxolle.

—Eu voume de eiquí, porque se a súa dona é tola, non teño por que aturala.

—Coido que tes razón —respondeulle Belbino.

—¿E logo non hei de a ter?

—Si, muller, si.

—Con que, páseo ben.

—¿E vaste sin cobrar?

—Prefiro iso antes de que a súa muller me dea un pau que me tolla.

—Pois logo, hastra a vista.

Xa se alcontraba a criada no portelo, para se prantar no medio e medio do camiño, cando Belbino a chamou e díxolle:

—¡Quen che me dera estar no teu pelexo!

—¿Para que? —preguntoulle a rapaza.

—Para fuxir tamén dista casa e non tornar siquera a pasar diante dela nos días da miña vida.

Avelino Rodríguez Elías

O primeiro e o derradeiro amor

Téñovos dito moitas veces que eu son solteiro; mais nunca vos dixen por que non me casei.

Foi unha cousa trágica; unha cousa que estivo a pique de acabar nunha morte certa, mais que romatou faguendo rir a toda a xente.

¡Cada vez que me lembro!...

Estudaba eu en Santiago e anemoreime dunha meniña que talmente me fixo volver o xuízo do rivés.

A rapaza merecía. Bunita, elegante, xeitosa, boa e traballadora: unha verdadeira alaxe.

Era filla úneca dun melitar retirado, home ordenancista, moi celoso do seu honor e tan apegado ás cousas do Exército, que na súa casa todo se faguía cunha puntualidá matemática, e non a toque de corneta, porque os veciños non llo consentirían.

A rapaza non me dixo que non, e o pai, dimpois de tomar certos informes, autorizou as relacións, sobre de todo dimpois de saber que un tío meu fora tenente de Carabineros e que na guerra do Norte recibira un balazo dos carlistas.

Coidaba el que un rapaz coma eu que tivera un heroe na familia, non podía ser ruín, senón que, en troques, tiña que ser home de honor.

O que non consentía era que eu lle acompañara a filla polas rúas, mais non lle importaba que estivera faguendo centinela ó pé da fenestra onde ela se adoitaba asomar.

E tampoco se opuña a que eu lles fora dando escolta, a unha certa distancia cando, polas tardes que non chovía, iban el e mais a filla dar un paseo pola Ferradura.

Soio alí consentía o bo do melitar que eu me achegara a eles e falara coa meniña unha hora ou hora e media; mais había ser cabo del.

Unha tarde íbamos pra o paseo de Bóveda, eles diante e eu uns cantos pasos detrás.

Ó chegar á Porta Faixeira, unha racha de vento arrincoulle o chapeu da cabeza ó melitar, e levoullo de rastro polo chan.

Eu acababa de saír da rúa dos Bautizados, e cando o vin, botei a correr detrás do chapeu do meu futuro sogro.

Xa o tiña cuasque atrapado, cando cambeou o vento e veu poñelo debaixo mesmo do meu pé dereito.

Coma eu iba correndo, non puiden evitalo, e o chapeu quedou feito un acordión.

Erguín axiña o pé, e xa lle iba botar a man ó condergado do cobrecacholas, cando viu outra racha de vento e levouno xunto dun carro de bois que pasaba pola Carreira do Conde.

Seguín correndo, porque coidaba que de aquil xeito éralle grato ó meu sogro, e outra vez tiña o chapeu ó alcance da man, cando un dos bois que turraiban polo carro, prantoulle unha pata enriba.

Xa vos podedes afegurar como sealcontraba o chapeu cando finalmente lle puiden botar a man. Aquilo máis somellaba un figo seco, do que un sombreiro.

Quedei coma se me tiveran dado un par de boas lambadas. E enriba deproceteime destonces de que tiña feito completamente o redícolo.

Unhas ducias de personas ríanse con toda a súa forza do papeliño que por mor do diaño do chapeu acababa eu de representar.

O pai da miña noiva, cando lle apresetei o chapeu, ou millor dito o que tiña sido chapeu, ergueu o caxato, nun aceno de me bater, e dixo:

—Es Vd. un botarate. Me ha puesto en evidencia delante de la multitud irrespetuosa con mi jerarquía, y me ha estropeado el sombrero.

Ollei prá filla, agoardando que volvera por min. Mais o que fixo foi virarse de costas, coller o pai por un brazo e botar a andar, rúa dos Bautizados adiante.

Comprendín destonces que non soio tiña feito o redícolo, senón que enriba tiña perdido a noiva.

Fracaso coma iste era pra faguar morrer de vergoña ó máis cativo dos homes, canto máis a min, que me tiña por mozo de dinidade.

Funme prá pousada, faguendo mentes de non saír dela mentras non calculase que a miña traxedia tiña sido esquencida.

Pasei a noite sin durmir, e pola mañán recibín unha vesita que me deixou pampo.

Eran dous oficiais do reximiento de Infantería que daquela estaba de guarnición en Santiago e que viñan de parte do pai da que fora miña noiva pedirme unha espricación ou que nomeara dos amigos que se entenderan con eles pra establecer as condicións dun desafío.

—¡Home —respondinlles —ista é boa! De maneira que lle quixen faguer un favor, púxenme en ridículo por cousa del, a xente riuse de min, e enriba téño-lle que dar una satisfacción, ou deixar que me mate.

—El asegura que vostede ofendeuno gravemente pisoteándolle o chapeu —dixeron os oficiais.

—Non tal. O que socedeu foi isto.

Encomencei a contarlles todo canto tiña socedido, e inda non tiña chegado á metade, cando xa os dous oficiais ceibaran unhas cantas carcxadas.

Cando romatei, tanto un coma o outro apertaron a barriga coas mans, pra non estourar coa risa.

—Isto é millor que un sainete, e non hai xeito de o tomar polo serio —dixo un dos oficiais.

—Agora mesmo —agregou o outro —vámoslle decir a ise señor que nós non podemos encarregarnos do asunto.

Así o fixeron.

O vello tratou de nomear outros padriños, mais todos cantos buscou, ríanselle nas barbas tan aixiña coma se deprocataban do que tiña socedido.

Vendo que naide lle tomaba o asunto polo serio, renegou de Santiago e foise vivir pra non sei onde. Quezais pra onde non houbera vento.

E eu, pra que outra vez non me socedera causa somellante, xurei non lle faguer o amor a ningunha outra muller.

Avelino Rodríguez Elías

Un emprego a destempo

Coidei que non podía vir hoxe ó turreiro.

Estiven nunha boda, que se non foi a millor que teño visto nos días da miña vida, pouco lle faltou.

Eu non asistín ás bodas de Canaan, nin estiven no festín de Baltasar, nin tampouco me convidaron ó casamento de Camacho o rico, que foron as comilonas de máis sona que se conecen; mais paréceme que a boda onde estiven hoxe, non lles había quedar atrás.

Comeuse hastra fartar ós máis famentos; bebeuse hastra que ós máis sedentos lles saíu o viño pola gorxa fóra; beilouse hastra que os máis fortes caíron cansos; trouleouse hastra que máis non se pudo; aturuxouse hastra quedar roucos...

Soiamente non houbo foguetes, porque non o consentiu o padriño, decindo que “boda de foguetes, boda de moquetes”.

Mais hastra de agora non vos dixeran de quen foi a boda, e vádelo saber.

Casouse a filla do meu amigo Cremente do Sanguíño co fillo máis novo de Xacobe Rodicio.

Non iñorades que tanto Cremente coma Xacobe, están podres de ricos, e así non vos causará estraneza que a boda fora rumbosa coma foi.

Un e mais o outro puideron gastar nela uns bos miles de réas, sin que a súa fortuna se resentira.

O que non sabedes é de que maneira fixo Cremente a fortuna que ten, e cómpreme contárvolo.

Cremente é meu amigo dende pequeno.

Nunca foi mal rapaz. Soio que lle tiña máis medo ó traballo, que á peste negra.

E, craro, traballaba o menos pusible: nada máis de que o preciso pra non morrer de fame.

Colleu tal sona de folgazán, que naide o chamaba pra traballar, e chegou un día que nin el nin a parenta tiveron pan que levar á boca.

Destonces viu xunto de min, pra que lle recadara un emprego calquera.

Foi un verdadeiro compromiso para min. Porque, ¿a quen días lles recomendaba eu un folgazán como aquil?

Fixen algunhas delixencias pra lle buscar o emprego, mais todas foran sin resultado algún.

Cremente non me saía da porta, e a min xa me daba non sei que de non lle poder valer.

Por fin alcontreille unha colocazón de quince pesos mensuales; mais destonces xa Cremente deixara de vir á miña casa.

Fun buscalo na súa, e cando lle din a noticia, deixoume xelado coa resposta que lle oín.

—Pra tres centos réas por mes, escusabas de te molestar.

—Home, non che puiden alcontrar outra cousa millor.

—Iso é unha miseria.

—Xa o comprendo, mais con quince pesos, xa podes ir vivindo mentras non alcontramos outra colocazón.

—Repítoche que iso é unha miseria.

—¿Destonces prefires seguir pasando fame?

—Non, porque teño outra cousa que me dá moito máis.

—Pois se tes outro emprego, ben pudeches avisar, pra me aforrases o traballo de andar cansando ós amigos.

—Non é ningún emprego.

—¿Destonces?

—Boteime a pedir.

—¡A pedir!

—Pois craro.

—¿E iso réndeches moito?

—Coma que xa non penso de me adicar a ningunha outra cousa.

E así foi. A pedir, aixiña axuntou uns miles de pesetas. E coma diñeiro chama diñeiro, ou coma din na nosa terra, corre o ouro pró tesouro, aquiles miles de pesetas atraíron outros.

Hoxe Cremenete do Sanguino tens unhas poucas de casas, leiras e searas dabondo, diñeiro no Banco, gando ó logro, hipotecas sobre dos bens dalgúns veciños, unha adega que coido que nin no pazo rial a houbera millor surtida e pode gastar miles de pesetas no casamento da filla.

E todo porque eu non lle alcontrei un emprego a tempo.

Avelino Rodríguez Elías

O costume de matar

Moitas veces valera máis que colléramos un feixe de billetes do Banco e que os botáramos ó lume, ou que asolagáramos no mar un puñado de pesos, do que empregar o diñeiro coma o empregamos.

Eu sempre dixen que o diñeiro foi inventado prá nosa perdición. E se non fora porque fai falla pra vivir canto millor se poida, eu collía o que herdei dos meus pais e mais o que me deixou meu tío o crego, e queimábaio.

E iso que a min aínda o diñeiro me non ten dado moitos disgustos. Mais o que é a outros...

¿Non sabedes o que lle socedeu a Marcos Cerdeira, o das Laxes?

Pois coma ten moito diñeiro, que o fixo non sabemos de que maneira, non sabe coma empregalo, e deulle por mercar un automobre.

Deprendeu a guialo, e máis valera que guiara un carro de bois, coma fixeron seus pais e seus abós. Deprendeu, dígovos, a guialo, e corre por isas entradas fora, que mesmo parez un lóstrego.

O domingo derradeiro viña feito unha centella pola costa das Carneiras embaixo.

Nisto saíu dunha corredoira que desemboca na entrada unha muller que levaba un feixe de herva enriaba da cabeza.

Marcos Cerdeira cando viu que a muller se lle atravesaba no camiño, trátou de frenar, mais como a velocidade do automobre era moito, e pra máis costa abaixo, non puido parar tan aixiña como quixera.

A mullerciña, fose que o feixe de herva non lle deixara ouír, fose que perdera a serenidá, prantouse, como socede de cote, no sitio de máis perigo, e xa vos podedes afegurar o que sucedeu.

O automobre pillouna, zorregou con ela no chan, pasoulle por riba, quebroulle unha perna, descordoulle un brazo, fendeulle a cabeza, esmagoulle o peito... ¡Esmendrellouna viva! que é agora, está morta e ben morta!—

Quer decir, viva estaba ela; porque o que é agora, está morta e ben morta. E Marcos, co desgusto de ter morto unha persoa, adoeceu e está no leito, con febre, insonios, sin ganas de comer... ¡que sei eu!

Ista mañán fun velo, e cadrou de o estar vesitando tamén Xacobe das Cuiñas.

Falamos do socedido, naturalmente, Marcos soio sabía decir:

—Iste desgusto acaba connigo, ¡Decir que eu, que nunca lle fixen dano a ninguén, había de martar unha persoa!...

—Mais ti non tiveches a culpa —díxenlle eu.

—Pois craro —terciou Xacobe. —Foi ela que che se atravesou no camiño.

—Si, mais eu mateina.
—¿E ti non tocaches a bocina? —pregunteille eu a Marcos.
—¿Pois non había tocar? —respondeume. —Dendes do alto da costa das Carneiras que a viña tocando. Teño testigos.
—¿E levabas a túa dereita?
—Levaba.
—Pois destonces ti non tiveches a culpa.
—Non tiven, non. Mais eu fun que a matei, e iso dá cabo de min.
Tratamos de consolarlo, mais el non faguía senón repetir:
—¡Isto acaba comigo!
Hastra que Xacobe das Cuíñas lle dixo:
—O que che pasa é que che falta o costume. O mesmo lle socedeu a todos. Cando leves mortas oito ou dez persoas, xa non che fai ningunha impresión, e has de andar tan tranquilo e asosegado de concencia, coma os médicos.

Avelino Rodríguez Elías

Inferno en vida e en morte

Andreu Peneirado era ateu coma un can. Por non crer, non cría nin no inferno, que é o derradeiro ó que un home pode chegar niste condergado mundo.

¡Olla que non crer no inferno cando hai tantos que encomenzamos a pasalo en vida!

Mais Andreu era así, e había que deixalo.

Quen non o deixou foi Maripepa a do Caramiñoula. ¡Era boa ela para deixalo!

Pillouno unha serán ó tornar do muíño; armoulle a gaiola que nin que fora un merlo, e inda non tiñan pasado ben catro meses, cando Andreu iba xunto do abade, para que lle botara as proclamas.

—¿E ti eras —preguntoulle o crego— o que non cría no ceu nin no inferno, e vas casarte pola eirexa?

—¡Vostede que quer! —respondeu Andreu. —Ten que ser así, porque doutro xeito Maripepa non se casa.

—Sea polo que sea, ó fin afociñaches.

—Afociñei, si, señor.

Antes afociñara el nunha porta vella, porque o mal que lle socedera, sempre había ser cousa dun par de días nas mans do zruxán.

Mais do mal que lle socedeu en se casando con Maripepa non se librou senón coa morte.

E cando morreu, destonces si que cría no inferno.

Porque a muller que lle cadrou non era muller, senón un demo con re-faixo e mantelo.

Non lle marraba senón botar lume pola boca, porque o que é sapos e mais cóbregas, vaite se as botaba.

E se soio fixera iso, aínda se podía pasar, porque con tapar os buratos das orellas coas mans, negocio romatado.

Mais é que, por enriba, era longa de mans que daba xenio, e en collendo o rabo da basoura a xeito, aquilo era un muíño de vento a mallar nas costas do malpocado de Andreu.

Eu nunca me quixen bulrar da desgracia de Andreu, que senón houbéralle preguntado algún día;

—Destonces, Andreu ¿agora cres no inferno ou non cres?

Porque mor inferno que o que estaba pasando en vida, non coido que o haxa nos dominios de Satán.

Libertouno a morte de semellante martirio, e teño por seguro que se lle cadrou ir pró inferno verdadeiro, alcontrouse alí máis acougado que xunto da súa dona.

Mais ó morrerlle o home, foi cando Maripepa se deprecato do que tiña perido e de que millor home que Andreu, non o había no mundo.

E colleu e foise xunto dun retratista da vida e encargoulle un retrato de Andreu. Un retrato grande: unha cabeza cuasque de tamaño natural, que lle custou, co marco e todo, vintecinco pesetas.

Prantouno no medio e medio da sala, e xa que non co orixinal, consolábase da súa viudés enxergando aquel retrato do defuntiño.

Mais a min contoume unha veciña que non era para se consolar, senón que coma lle faltaba o home vivo, para lle mallar as costelas e ceibarlle cantos aldraxes se lle ocurrían, desafogábase berrándolle ó retrato o acenándolle co puño fechado.

Avelino Rodríguez Elías

O sancristán da miña aldea

Eu coido que a alma de Pirrón, dimpois de tere animado outros filósofos, viu a se encarnar no sancristán da miña aldea.

Soio que á forza de reencarnacións, foi perdendo as cualidades orixina-rias, hastra comprirlle un corpo de sancristán. Mais que isa ialma aínda ten moi-to pirronismo, non pode negarse.

Xan Antón, que así lle puxeron e así lle chaman ó sacristán, rise de todo e de todos. Máis de dúas e de catro veces lle tivo que rosmar o abade, pro foi coma se chovera no mar. Xan Antón naceu escéutico, e escéutico ha morrer.

Hastra no xeito de tanxer as campás se lle conece isa maneira de ser.

Adóitase decir dos bos músecos, que fan falar o instrumento. Pois Xan Antón tamén fai falar as campás. E isto non volo digo coma hipérbole, senón coma realidá.

Eí vai un exemplo: ás doce do día Xan Antón bota un toque longo, formado por grupos de tres badaladas que os lacazáns conecen dabondo.

—Pan non dan... Pan non dan... Pan non dan...

Isto quer decir que eiquí non dan pan por durmir; hai que traballar para comer, e o que non traballe, morre de fame ou tense que ir para outra banda.

Nos bauticeiros repenica dunha maneira moi especial. Se o bautizado é un neno, Xan Antón remeda coas campás máis pequeneiras o tilín tilín das col-leras dunha récuá.

E xa se sabe o que iso quer decir:

—¡Eí vos vai un burriño de carga!

Cando van bautizar unha meniña, destonces tócalle unha ribeirana:

Tintín quinín tin, tintín quinín tin, tintín quinín tin...

Con ise xeito de tocare, quer decir Xan Antón que aquila nena, cando sexa moza, coidarase soio de festas, e que de casada, nas festas seguirá pensan-do, mentras que o home, coas colleiras ó pescozo, irá decote na récuá, traballan-do coma un burro, para que a dona se adevirta.

Nos casamentos, o sacristán cóidase de que ó marido non lle dean gato por lebre, e avísalle coas campás:

—Tan tan tiniquinintán... Tan tan tiniquinintán...

Que tradocido á léngua enxebre quer decir:

—Xan, Xan, olla o que che dan... Xan, Xan, olla o que che dan...

Cando morre un rico, o sancristán tócalle tres campás que van ceibando respeutivamente istas tres notas da escala grave:

—Sol mi do... Sol mi don... Sol mi do...

Istas notas mesmamente din:

—Ten moi-to... Ten moi-to... Ten moi-to...

E os probes do lugar, avisados polas campás de que o defunto deixa dabondo, corren, prá casa mortuoria, onde recadan longas limosnas.

Se o morto non deixa cartos nin bens, o sancristán soio toca dúas campás. E con elas dille ós probes, para que non perdan o viaxe.

—Non ten... Non ten... Non ten.

E do demo se un soio probe aparece pola porta da casa do morto.

De noite, ó fechar a igrexa, bota o sancristán o derradeiro toque:

—Dur-mir, que eu non... Dur-mir, que eu non.. Dur-mir, que eu non...

E non dorme, porque, según din as comadres do lugar o sancristán soie andar ás xaneiras, como os gatos.

Avelino Rodríguez Elías

¡Coma na miña casa!

A miña tía Xenara precisou dun xornaleiro para unha herdá que tiña preto da casa onde vivía.

Falou ós veciños, e presentóuselle Mateu Remelado, que era moi gago.

—¿E vostede canto gaña? —preguntou a miña tía.

—A se... se... seco, ca... ca... catorece re... re... reás —respondeulle Mateu.

—¿E mantido?

—Man... man... mantido, de... de... dez.

—Non me parez mal.

—E... é... é... o que se... se... se acostuma.

—E mantido ¿coma se entende?

—Po... po... pola mañán, un... un... unha copa de au... au... de augardente, para... para... para matar o bi... bi... bicho. ¡Co... co... coma na mi... mi... miña casa!

—Si, si.

—O al... al... almorzo, un... un... unha cunca de cal... cal... caldo, cun... cun... cun anaco de pa... pa... pantrigo. ¡Co... co... coma na mi... mi... miña casa!

—¿E o pan non podía broa?

—Non... non... non se adoita.

—Está ben, ¿e que máis?

—As... ás... ás... once da mañán, un... un... unha rebanda de quei... quei... queixo, pa... pa... pantrigo e un va... va... vaso de viño. ¡Co... co... coma na mi... mi..., miña casa!

—¿E ó medi día?

—O xan... xan... xantar.

—Naturalmente. ¿Mais como ha de ser o xantar?

—Un para... para... prato de ba... ba..., bacallau ou de... de... de peixe fre.. fre... fresco, un co... co... cocido ou po... po... pote, un... un... unha cunca de ca... ca... caldo, un ne... ne..., neto de viño, que... que... queixo e pa... pa... pantrigo.

—¿Outra vez pantrigo?

—Co... co coma na miña ca... ca... casa. Vostede be... be... ben o sa... sa... sabe.

—Xa sei, xa.

—Po... po... pola tarde a me... me... merenda.

—¿Tamén a merenda?

—¿E lo... lo... logo non? Un po... po... pouco de que... que... queixo, medio ne... ne... neto de viño e... e... e pantrigo.

—Coma na súa casa ¿non?

—Ta... ta... tal e cual.

—¿E nada máis?

—Si... si... si, señora; ó de... de... deixar o traballo, por di... di... dicir que va... va... vai un pra... pra... pra casa un va... va... vaso de viño pró ca... ca... camiño.

—¿Sabe o que lle digo, Sr. Mateu?

—¿O que, do... do... dona Xenara?

—Pois que si vostede come tan de vagar coma fala, non lle queda tempo ningún pra traballar. Polo tanto, non me lle convén.

Avelino Rodríguez Elías

A culpa foi do maldito tango

Cando un home torce o camiño, non hai forza humán que o endereite.

Perucho Sandián, un amigo que eu tiña dendes o tempo da nosa infancia, era casado e levábase moi ben coa súa dona.

Mais un día que foi á vila, deulle por visitar un café dises onde hai unhas mulleres que lles chaman cupletistas.

Perucho nunca tiña visto daquilo, e as mulleres do café quedáronlle cravadas no miolo, que nin que llas tiveran pintado alí.

Soñaba con elas, e non parou hastra que tornou á vila tan soio para volver a velas.

Unha delas mormente gustoulle destonces moito máis de que as outras, e concuriu por falarlle e faguerlle o amor polo fino.

Non sei o que a cupletista lle diría, que para Perucho xa non houbo no mundo cousa ningunha senón aquila muller.

Calculade que parvo non se volveu, que hastra lle fixo versos e todo.

El, que nunca se tiña coidado da arte poética, viume un día consultar se estaban ben uns versos que encomenzaban así:

Yo la amaba con delirio
Y sus besos deseaba,
Pero yo nunca lograba
Esa prueba de su amor.

Cando tal escuiter, non puider menos de lle decir:

—Iso con música de tango arxentino, quedaría de primeira.

—¿A ti parezche? —perguntoume.

—Craro que si —respondinlle, ademirado de que tomase aquilo polo serio.

—Pois destonces vou tratar de lle poñer a solfa.

Tornei a velo de alí a uns poucos de días, e pergunteille:

—¿Como vai ise tango?

—Xa lle puxen a solfa.

—¿Ti?

—Non, home. Eu non entendo diso. Foi o pianista do café onde canta Esmeralda Relocente.

—¿Quen é Esmeralda Relocente?

—A cupletista.

—¿E que fixeches co tango?

- Dinllo a Esmeralda.
- ¿Para que?
- Para que o cantase.
- ¿E cantouno?
- Aínda non. Está dependendo a música, para cantalo aixiña.
- ¿E xa che deu algún bico, coma lle pides no tango?
- Non, pro oferceumos dimpois de cantalo.

Pasaron outros poucos de días, e tornei a falar con Perucho. Alcontreino preto da miña casa, e logo vin que xa non era o de endenantes.

Iba coa cabeza baixa, levaba un ollo todo negro ó redor, tiña unhas rabuñadelas na cara e uns esparadrapos detrás dunha orella.

- ¿Que che pasa, home? —pergunteille.
- A cupletista...
- ¿Bateuche?
- Ela, non.
- ¿Logo quen?
- A miña muller.
- ¿Enteirouse do tango?
- Do tango, non. Dos bicos foi do que ela se deprecitou.
- ¿Logo sempre conseguiches que Esmeralda Relocente che dera os bicos que desexabas coma unha proba de amor?
- Así adoeecera antes de mos dar.
- Cóntame coma foi.
- Pois que o diaño da cupletista cantou o tango, o público apraudiu, e foi ela destonces e deume un par de bicos.
- Fólgome de que así che pagara.
- Valera máis que nunca tal pago me dera.
- ¿Por que, chacho?
- Porque cando cheguei á miña nai, a parenta reparou que eu levaba os beizos de Esmeralda pintados nas meixelas.
- ¡Os beizos pintados!
- Si, home. Tíñame deixado o roxo con que os pinta apegado na cara.
- ¿E que che dixo a túa parenta?
- Decir non dixo nada.
- Endebén que calou.
- Calou, si, mais obrou.
- ¿E como?
- Pirmeiro tratou de borrar a pintura coas uñas, e dimpois botou man dun tallo, e olla coma me puxo.

Despedinme de Perucho, para non me botar a rir diante del, e aleixeime
lembrando:

Yo la amaba con delirio

Y sus besos deseaba...

Avelino Rodríguez Elías

O orfión da miña vila

Cando eu era novo, deunos a uns poucos de rapaces por armar un orfión. Era a moda daqueles tempos, e non había vila que se tivera por algunha cousa, que non contara cun orfión.

Dimpois viñeros os coros galegos, agora as corales folifónicas, e mañán non sei o que haberá.

Naquiles tempos eran os orfións o que privaba, e todo se tornaba cantar, ou berrar, que era o mesmo:

Ya despliega la cándida aurora
Su ropaje bordado de luz.

Ou aquilo de:
Allá lejana
Triste campana
Va despertando
Con sus tañidos.

Cando non:
Rapaciñas,
Garridiñas
Que de amores
Sospirades.

Ou tamén:
Arriba, que a aurora
Comenza a pintar
Coa luz que namora
Na terra e no mar.

E todo iso foi tamén o que nosoutros cantamos, ou millor dito ensaiamos, para cantar cando nos presentáramos pola primeira vez ó público.

Foi na noite do sábado de Groria. Escollimos aquela data, por se tratar dun día sinalado e mais porque para destonces calculou o director que habíamos de estar ben ensaiados.

A filla do alcalde tiñanos regalado un estandarte de raso de seda amarelo, cunhas letras roxas bordadas e unha fegura no medio que uns decían que era unha lira e outros ateimaban que unha canga de bois.

Desinouse para levar o estandarte, o millor mozo do orfión, que era un artilleiro que acababa de tornar do servizo militar e que aínda conservaba un

migallo de aire marcial, se non fora que por cousa dun balazo que lle pegaron os mouros tiraba un pouco por unha perna.

Fóra diso e de que algunhas veces reviraba os ollos, de que lle faltaban dous dedos da man dereita e de que lle caíran tres ou catro dentes de arriba, era un mozo que daba xenio.

A primeira serenata, naturalmente, foi prá madriña do orfión, ou sexa a filla do alcalde.

Prantámonos diante da casa da “nosa primeira autoridade” coma decían os periódicos da vila, e o director deunos a entrada para cantar *A Aurora de Reventós*.

Anque a rapariga estaba debrozada no balcón, coa familia, e máis desperta do que nós mesmos, cantámolle aquilo de:

¿Por qué, hermoooooo ¡¡sa!!
Por qué duermes tú?

O púbrico escoitaba con máis atención aínda do que os misioneros que estiveron eiquí, perdoando a irreverencia.

E cando, no medio do silencio da noite atacamos a boca fechada que ven dimpois daquilo, oíuse a voz dun bárbaro, refrutario ás belezas do verdadeiro arte, que nos berraba dende unha banda da rúa onde cantabamos:

—¡Lampantíns, lampantíns! O que vosoutros queríades, era unha boa empanada de raxo polos fuciños.

Acabouse a serenata, acabouse o orfión e acabouse todo, porque as risadas do púbrico fixéronnos fuxir de alí aixiña.

Avelino Rodríguez Elías

Un verdadeiro vexetariano

Esta mañán estivo a visitarme o meu amigo Nicolau Libradoiro, que andivo comigo na escola, que dimpois foi melitar e que agora está retirado.

Falando, falando, viñemos a caer na teima da manduca, e o meu amigo Libradoiro dixo:

—Eu agora son vexetariano.

—¡Vexetariano! —dixen eu admirado.

—Si, home. Que non como nada de carne, senón vexetales.

—Xa sei o que quer decir vexetariano. Pro vaites, que me causou estre-neza... Porque ti fuches de cote de bon dente, e ben que che gustaban as empa-nadas de raxo de porco, os polos asados e mais os años ó forno.

—Gustaban, gustaban; mais agora xa non proba nada diso.

—¿E pásalo ben?

—Millor do que endenantes.

—Pois destonces aláudoche o gusto.

—Agradecido.

E coma quen se lembra de súpeto dunha cousa, añadiu:

—Mais has de saber que eu son vexetariano verdadeiro, non coma un crego que conocín unha vez que andabamos de maniobras.

—¿Tamén era vexetariano? Ademírame.

—Vas ver.

—Andabamos, coma che digo, de maniobras, e chegamos a unha fregue-sía das máis ricas da comarca, e a min e a outros oficiais deunos aloxamento o abade.

—Non o pasaderiades ruín.

—Certamente que non. Polo contrario, pasámolo moi ben. Cando nos is-talamos na casa reitoral, díxenlle eu ó crego:

“Boa reitoría ten vostede, señor crego”.

“Non é ruín, non. Pro aínda é millor o igresario. Veña velo”.

Baixamos ó quinteiro, e o crego encomenzou a mostrarme un soberbo pomar, unha horta anorme e uns lameiros longos.

“Isto hálle de producir moito máis do que vostede precisa” —díxenlle.

“Non tal. Todo canto produce isto, cómoio eu”.

“¿Vostede soio?”

“Si, eu soio, porque son vexetariano”.

Logo foime amostrando unha corte onde había dúas vacas como alefan-tes e uns tenreiros que daban xenio. Dimpois ensinome uns cortellos, nos que contei hastra catro porcos coma touros, un curral con máis de trinta galiñas e

dous galos; unha coelleira con dez ou doce parexas de coellos e un pombal con ducias e ducias de pombas, pombos e pichóns.

“Mais se vostede é vexetariano ¿para que quer toda ista bichería?” –pergunteille.

“Porque istes son os laboratorios.”

“¡Os laboratorios!”

“Si; os encargados de transformar os vexetales que eu hei de comer.”

“Xa entendo. Istes animais comen os vexetales, e vostede cómeos dimpois a eles.”

“Iso mesmo”.

“Pois así calquera é vexetariano”.

Avelino Rodríguez Elías

Unha saída de Xaquín Rebordechán

Non coidedes que isto de ter algúns bens é cousa que o ceiba a un de coidados e preocupacións.

Craro que máis coidados e preocupacións pasa o que nada ten de seu e ha de manter catro ou seis da familia; pro vaites que cando un ten algo, nunca lle marra con que quebrar a cachola.

Aínda hoxe tiven que ir ó Xuzgado, por unha andrómena de todos os díaños, na que me vin metido por cousa dun mal veciño, que para que non andedes coidando se será Xan ou Manoel, Roque ou Antón, direi que é Xaquín Rebordechán.

Xa o conecesdes, ruín como unha xiada, raro é o mes que non ten que ver coa Xustiza, e xa din os da Curia que ha de cobrir de prata as escaleiras do Xuzgado.

Fai tres ou catro somanas, non lle quedando xa veciño con quen se meter, pegouna comigo, e encomenzou a faguer un predio que ten á veira da miña horta das Cacheiras, unhas obras que me perxudicaban.

Chamei ó meu procurador, deprecátouse do que socedía e foi falar con Xaquín, para que suspendera as obras.

Xaquín nokn lle fixo caso, e destonces o precrador ordenou de lle escribir unha carta redautada por el e firmada por min.

Coidaba o precrador que Xaquín, ó responder a nosa carta, había decir algunha cousa que o compremetera, mais levou chasco, porque Rebordechán non caeu na gaiola.

Tamén el estaba aconsellado, e, ademais coa costume que ten de andar con preitos, sabía dabondo o que tiña que faguer.

E o que fixo foi non responder.

Destonces o meu procurador díxome:

—Non vai haber outro romedio que demandalo.

—Pois demandámolo —respondín eu, xa que outro recurso non cabía.

Levámolo ó Xuzgado, e no auto do xuízo, o meu precrador perguntoulle:

—¿Non recibiu vostede unha carta do meu representado?

—Recebin —respondeu Xaquín.

—¿E por que non a contestou?

—Porque non quixen.

—¿E vostede non sabe que iso non é de cabaleiros?

—Xa o sei, e por iso non respondín.

—¿Por que?

—Porque eu nunca supen que fora cabaleiro, senón xastre.

Avelino Rodríguez Elías

A civilización do can

Canelo era un can paleiro que levaba preto de tres anos gardando o eido do seu dono, sin ter visto do mundo máis nada do que enxergaba por enriba dos muros do lugar.

Polo día tiñano ben preso, cunha forte cadea de ferro, e pola noite, anque o deixaban ceibo, coma quedaban todas as portas ben fechadas, tampouco podía Canelo comprir o desexo que tiña de ir vere o que había por fóra. Hastra que unha vez, ó ceibalo seu dono, para que encomenzara a nouturna vixilancia, pillou un portelo mal pechado e prantouse no medio e medio do camiño.

—Ista é a miña —dixo Canelo prás súas orellas.

E mentras o dono, a dona, os fillos dos donos e mais os criados andaban precurándoio polo eido e chamándoio a berros: —¡Canelo! ¡Canelo! —o bo do Canelo corría por aquelas congostras coma un foguete.

Atopou no camiño algúns outros cans da freguesía que lle rosmaron de comenzo, mas que concuriron por debaixo seguir o seu camiño, cimpois de o cheiraron ben, para se convencere de que non era forasteiro.

No seu paseo, chegou Canelo hastra un monte prúsimo, e ó dar nunha encrucillada, alcontrouse a carón dun lobo. Olláronse con curiosidade, e Canelo, vendo que o lobo non lle rosmaba coma os cans que alcontraba polo camiño, foi cortés coa fera e díxolle:

—¡Ola, parenta! ¿Coma che vai?

—¡Parente! —respondeulle o lobo. —Non sei donde sacas ti que somos parentes.

—¿Logo lobos e cans non o somos? —repicou Canelo un migallo acobardado.

—Fúmolo. Agora, non.

—¿E agora por que o non somos?

—Porque noutros tempos, vosoutros os cans, érades libres coma nós. Agora sodes escravos. Perdestedes a dinidade da caste.

—Non tal. O que fixemos foi civilizarnos!

—¿E iso que é?

—Faguernos amigos do home, que é o rei da creazón; participare das súas comodidades ou dos seus progresos.

—Non; o que fixéstedes foi domesticarvos, para non tere que vos coidar da manenza. Perdestedes volunariamente a liberdade, para servire a ise que vosoutros chamados rei da creazón e nosoutros chamamos tirano, a ise becho cobarde, sanguinario, ruín e trapalleiro.

—A min dáme de comer e agarímame.

—Dáche de comer, para que lle gardes os bens.
 —Algo hei de poñer en pago da mantenza.
 —E mais da corda que che cingue o pescozo. Isa é a túa civilización.
 —Eu son o millor amigo do home.
 —Iso quer decire que de todos os animais que se civilizaron por seu servizo ti eres o máis vil.
 —En troques ti vives fóra da lei.
 —Son libre.
 —Pasas fame no inverno, e nin no vran tes o comer seguro.
 —Iso coidas ti. Mais eu aínda non morrín de fame, e xa che teño os meus anos.
 —Ti eres enemigo do home.
 —Porque il se fixo enemigo meu. Mais a pesar diso, eu soio o ataco cando il me ataca... ou cando non alcontrou cousa millor que comere.
 —Eu gaño honradamente o que como.
 —Pois eu como libremente.
 —Ti vives do roubo.
 —Xa sabía que me habías saír con iso: estábache adiviñando o pensamento. ¿E sabes o que che digo? Que máis ladrón é o home, cando percisa de tere sebes, portas, pechaduras, candeados, xueces, gardas, cadeas e presidios.
 —Porque non todos os homes son bos.
 —Pois antre os lobos non hai nin se percisa nada diso.
 E cando acometedes os rebaños, chantades os dentes nas ovellas e fuxides con ilas ¿non faguedes un roubo?
 —Non tal. O monte é noso, dende que o home se fixo dono da llanura. ¿Quen lle manda levar as ovellas ó monte? E se nosoutros collemos as ovellas para comelas, ¿que mal hai niso? ¿Non as come tamén o teu dono? ¿Que máis ten para unha ovella acabar no ventre dun lobo que no dun home?
 —O home percisa de tere rebaños, para que lle dean leite, lan carne e pelexas.
 —A nós abóndanos coa carne. Logo somos máis xenerosos que il. E a ti, que tanto a defendes, ¿que che dá o home, das ovellas que come?
 —Os ósos.
 —¿E para iso perdeches a liberdade e mais a dinidade da caste? Ti non podes ser parente dos lobos, coma o son os chacals que aínda se non civilizaron; nin coma os raposos, que tampouco entran nisa civilización túa.
 —¿Queres saber unha cousa?
 —Di.
 —Que encomenzo a coidare que tes razón.

- Pois se comenzaches, concrúe de creelo.
- ¡Está dito! Xa non torno máis para onda o meu dono. Eu tamén quero ser libre.
- Xa é tarde. Levas enriba das costas moitos sigros da escravitude, para que sepas vivir sin dono.
- Eu quero ir contigo pró monte.
- Non, cadelíño, non. Acostumado a comer por man allea, habías querer que eu te mantivera, e iso non pode sere. Se non nacín para escravo, tampouco me cómpre ser dono de nadie. Abóndame comigo mesmo.
- Eu irei tamén buscar a mantenza onde haxa rebaños.
- ¿Para fuxires á pirmeira pedrada dos pastores? Non, meu amiguiño. Ti naciches cadelo, e cadelo has morrere.
- Mais...
- Nada, nada. Abonda de leria, e siga cada un o seu camiño. Ti, a lamber a man que che cingue ó pescozo o collar da escravitude.
- ¿E ti?
- Ea, o monte. Lonxe da túa civilización.

Avelino Rodríguez Elías

O coor do meniño

Xa vai moito tempo dendes que pasou o que me cômpre contarvos hoxe. Foi dimpois da perda das colonias, cando coas tropas repatriadas viñeron de Cuba algúns negros que tiñan servido de prácticos e guías ó noso Exército.

Un dises negros era mozo, de fauciós regularmente perfeutas, moi dado coa xente e home de bo caraute e recursos de inxenio.

Foi dar a unha vila onde seica nunca tiñan visto un negro, e así socedeu que mentras estivo alí, nada houbo que tanto despertara nas xentes a mor curiosidá, coma o bo do negro.

Doutra banda, o negro beilaba moi ben rumbas e danzóns, tocaba non sei que instrumentos músicos e botaba unhas cántigas que faguían rir ás pedras, cando máis ás persoas.

Todo isto eran partes para conquerirlle moitas simpatías, mormente antre a xente nova.

Das simpatías ás confianza non houbo máis do que un paso. E ise paso non sei si se deu ou non; mais o conto foi que catro ou cinco meses dimpois, o zapateiro Guergorio Viqueira buscaba aixiña un mozo con quen casar súa filla máis nova.

E alcontrouno. Era un rapaz chamado Alifonso Seixal, que non vos quero decir que fora parvo, pro que de listro tamén non tiña gran cousa.

Dar con el Guergorio e casalo coa filla, foi un lóstrego.

Inda non tiñan pasado tres meses cando Alifonso era pai. Quer decir, era pai, porque a súa dona era nai. Na dun meniño moreno, moi moreno. Millor dito, mulato, co nariz aprastado e os beizos moi abultados.

Alifonso, cando tal viu, torceu o fociño e rosmou non sei que.

O sogro, receando que alí fora pasar algo ruín, encarouse con el, finxíndose moi ofendido, e perguntoulle:

—¿Que; seica tes algo que falar da miña filla? Olla que ista familia éche moi decente e nunca naide tivo nada que lle decir.

—Non, si eu tampouco teño nada que lle decir.

—¿Etonces?

—Etonces que si de eiquí a un ano o meniño non cámbeya de coor, vamos ter gaita.

Avelino Rodríguez Elías

Na noite do día dos magostos

Ó meu grande amigo e máis grande médeco Don Xuxé Ramón de Castro.

Foi por Defuntos que socedeu o que contar cómpreme hoxe.

Eu tiña ido a Vigo, onde me alcontraba cun par de amigos da mocidade.

E díxome un deles:

—¿Sabes, Chuco, do que me estou lembrando?

—¡Que sei eu!

—Dos magostos do noso tempo.

—E son de lembrar, chaco, porque agora nin iso hai. ¡Todo se vai perdendo!

—¡Todiño de vez!

Quedamos un migallo calados, arrolados polas lembranzas do tempo ido.

—¿Queres saber o que se me está ocorrendo? —perguntoume de súpeto o meu amigo.

—Di aixiña.

—Que podíamos faguer un magosto como os do noso tempo.

—Xa está dito. ¿E onde vai ser?

—Nun furancho que eu conezo aló nas Travesas.

—Axuntámonos os amigos, tomamos o tranvía e prantámonos aixiña no tal furancho.

Mandamos asar castañas, tragner vino novo e fixemos un magosto que daba xenio.

Falando, falando e falando, pasóusenos o tempo. Chegou a noite, e des-
tonces ordenados de cear alí mesmo.

Total, que cando romatamos, xa recolleran os trenvías, e tivemos que re-
tornar para Vigo dacabalo dos nosos calzóns; quer decir, cun pé diante do outro.

Non lle fixo, porque no noso tempo non había trenvías nin automóbres, e
a xente non tiña aquela ningunha de andar a pé.

Xa íbamos preto de Vigo e acababamos de pasar por diante do fielato
que lle chaman de Peniche¹, cando un dos meus amigos, que iba diante de todos,
asobiando unha muiñeira das que xa non se estilan, parouse súpeto e dixo:

—Alto, señores, que eiquí hai un home no chan.

—¿Morto? —perguntámoslle.

—Non sei. Polo menos non da nin o pé nin a man.

¹ Fai referencia ao barrio do concello de Vigo onde se atopaba a casa de cobramento de taxas municipais.

—Achegámonos e vimos que o tal home ceibaba pola boca unha cousa oscura, que nos pareceu sangue.

A verdade é que nosoutros, co magosto e mais coa cea, ou millor diso, co viño que bebéramos cun e mais coa outra, non andabamos moi ben da vista, e como fai guía un escuro que metía medo, tamén non era cousa fácil destenguir o que aquilo lliedou poidera ser.

Mais abondou que un de nós dixera que era sangue, para que todos xuráramos, se por xuramento nolo pediran que era sangue e non outra cousa.

—Había que coller iste home e levalo onde o curasen —dixen eu.

—Iso de ningunha maneira —respondeu Xuxé dos Croques.

—¿Por qué, home?

—Porque se lle bulimos, pódenos morrer nas mans, e dimpois temos que ver coa xustiza, que non nos ceiba hastra acabar con nós.

—Pois deixalo eiquí, tampouco pode ser. Non é cristián.

—¿Logo que faguemos?

—Home terciou Antón das Carepas —lémbrome agora de que por eiquí mora un médeco moi bo e moi goshiño, que sabe moitismo distas cousas do peito e que podía vir ver iste home.

—Pois avisalo.

—O conto é que xa estará deitado.

—En tratándose da vida dunha persoa, non ha de ter reparo de se erguer.

—Coido que non.

—A ver ¿quen lle vai avisar?

—Eu vou, que me conece.

—Foi, e dentro duns cantos minutos, xa estaba de volta co médeco, que era un rapaz aínda novo e moi decedido.

Chegou cabo do home, e para reconocelo, encomenzou a chiscar nun encendedor mecánico, que lle fixo coma todos, deulle por non alcender cando máis falta facía.

Ó fin alcendeu.

O médeco incrinouse sobre do paciente, tornou a erguerse e ollou para nosoutros cunha cara que non sei se era como se nos quixera comer vivos, ou se fervía por estourar coa risa.

—¿Que lle parez, D. Ramón? —perguntoulle o que o fora a chamar.

—Que deben levar iste home aíxiña a unha butica.

—¿Para que o curen?

—Non, home, non, para que lle dean amoníaco.

—Logo ise sangue...

—¡Que sangue nin que rabo de gaita! Iso é viño novo. Soio que a el non lle cabeu no corpo, coma a vostedes, e deitaio para fóra.

Avelino Rodríguez Elías

Unha rebumbia na casa do oculista

Cando un vai para vello, todo se lle volven calamidás.

Eu tiven de cote unha vista que daba xenio. Se fora xastre, había enliñar as agullas como quen leva unha culler á boca.

Mais dendes que pasei dos cincoenta, encoménzame a marrar a vista, e polas mañáns cústame ler os boletíns da vila, que hastra parez que teño unha brétema diante dos ollos.

Cando me convencín de que isto non era andazo, senón cousa dos anos, metinme no auto da carreira e fun dar a Vigo, onde me tiñan dito que había uns oculistas de moito mimo.

Ceguei á casa dun deles, déronme un número, e púxenme a agoardar que me chegara a vez.

Tras de min chegou outro home. Era un rapaz novo, ben portado e que tomou asento ó lado dunha señora moi grosa.

Ceibou do bolso unhas antiparras, prantounas dacabalo do nariz e púxose a ler nun papel que levaba na man.

Algúns dos que estabamos alí, reparamos que as antiparras do recenvindo non tiñan cristales. E non faltou alma caritativa que lle dixera:

—¿Seica lle caíron os vidros?

—E mais si —respondeu o leutor, vendo que era verdá o que lle dixeran.

E aguergou:

—Parezme que foi ista señora que se sentou enriba deles.

—¿Coma iba ser eu —retrucou a señora —se xa estaba sentada cando vostede chegou?

—Non lle fai. Teño a certeza de que vostede está sentada enriba dos meus cristales.

—Eu dígolle que non.

—Pois levántese.

—Non quero. ¿Quen é vostede para mo ordenar?

Seguiu a desputa, e finalmente a señora, enrabechada que metía medo, ergueuse, e alí estaban os vidros.

Nisto o das antiparras virouse para min e díxome:

—¿Fai favor de me decir que hora ten?

—As once e media —respondinlle dimpois de ver a miña mostra.

—Non pode ser. Xa pasa das dúas da tarde.

—Olle que iste rilós é moi seguro.

—Iso coida vostede, mais está enganado.

Outras persoas ollaron tamén prás súas mostras, e quedaron pampas cando viron que todas sinalaban as dúas e carto.

—¡Que tarde é! —dixeron.

Algunhas xa trataban de saír, cando eu ouservei que me faltaba o rilós. E convencido de que fora o das antiparras que mo furtara, berreille:

—Vólvame aixiña a mostra, se non quer ir preso.

—¡Eu preso! ¿Por qué?

—Porque me roubou o rilós.

—Olle o que di, que eu non lle puxen a man.

—Pois eu non o teño.

—Craro que non, porque quen o ten é iste outro señor.

—¡¡Eu!! —berrou o aludido.

—Si, vostede.

Derexiuse a el, e ceiboulle o meu rilós de debaixo da solapa da chaqueta.

—¡Foi vostede que mo puso eiquí!

—Non tal, porque eu nin xiquera me acheguei a vostede.

—Pois eu non son ningún ladrón.

—Nin eu tampouco.

Armouse unha rebumbia de todos os demoros, e hastra o oculista saíu para ver que socedía.

—Orden, señores, orden, que non están na rúa. ¿Que é o que pasa?

—Que eiquí hai un home que está armando ista andrómena.

—Eu non armo nada. E a vostede vouno castigar por caluniador.

Ergueu a man, mais en lugar de lle bater ó outro, deu nunha fegura que había enriba dunha columna, e zorregouna no chan, onde se esnaquizou.

—¿Vostede está tolo? —berrou o oculista.

—Tolo estará vostede.

—Quebroume unha fegura de moito méreto, e vai ter que pagala.

—¿Quen, eu?

—Craro.

—Páguea vostede, para iso lle sobran os cartos.

—¿A min?

—Si, señor, a vostede.

E antes de que o oculista puidera responder, botoulle man á bata branca que levaba posta, abaneoulla, e caíron ó chan moitas moedas que parecían de prata.

Os demais xa non sabiamos que pensar daquilo, cando o estrano personaxe agarrou no meu chapeu e dixo:

—Tamén a iste señor lle sobra o diñeiro. Vexan.

Deulle volta ó sombreiro, sacodiuno, e aquilo foi unha chuvía de billetes de Banco. Nin que tivera unha fábrica.

—Collan, collan, que son dos bos —decía o tipo aquíl.

Collimos todos cantos alí estabamos, e vimos que non eran billetes nin tal que se pensa, senón uns anuncios que decían:

“Ista noite, todos ó Teatro Prencipal”.

¿E as moedas? Collimos tamén das que andaban polo chan, e ouservamos que tiñan unha fegura do home aquíl, con ista leenda:

“Richard Regueiroff, ilusionista prestimán”.

Ollei para onde caíra a fegura que o prestidixitador derribara, e vin asombrado que outra vez estaba enriba da coluna, sin lle marrar bocado ningún.

Aquíla noite ningún de nós faltou no Teatro Prencipal.

Avelino Rodríguez Elías.

Coma se desvía un alcuño

Cando a un lle poñen un alcuño, non hai xuez nin xustiza que o libren dil.

Mais ás veces pódese desviar un migallo o alcuño que a un lle poñan, e isto foi o que fixo Martín das Carballeiras.

Coma ten unha cara moi seria, puxéronlle de alcuño “Cara de pau”.

Mais o conto é que detrás daquela cara, ten o caraute máis rideiro que ninguén pode maxinar.

Non é que lle fixera dano o que lle chamaran “Cara de pau”; pro vaites que moi satisfeito tamén o non estaba.

Por enriba de todo o que rialmente non podía aturar, era que o fillo dun veciño seu lle estivera de cote chamando “Cara de pau”.

O diaño do rapaz somellaba que non faguía outra cousa do que estar axexando se Martín das Carballeiras entraba ou saía da súa casa, para se lle poñer a berrar:

—¡Cara de pau! ¡Cara de pau!

O pai do rapaz era Celestrino Raposo, dono dunha tenda de comestibres, e non sei que diaño foi o que lle socedeu unha vez coa criada do médico, que a rapaza enrabechouse que metía medo, e coa xenreira zorrégoulle ista aldraxada:

—¿Que demoro é o que fala vostede, que mesmo parez un can podre?

¡Negra cousa dixo! As demais mozas que estaban na tenda, fixolles gracia aquilo de can podre, e de alí en diante, todos lle chamaban iso ó tendeiro.

Coidou Raposo que aquilo había pasar, mais enganouse, porque o alcuño correu pola vila coma se fora pólvora.

Enteirouse Martín das Carballeiras, e dixo para entre si:

—Ista é a miña.

O fillo do tendeiro seguía chamándolle “Cara de pau” sempre que o vía, e Martín fixo por collelo a xeito.

Pillouno unha serán ó saír o rapaz da escola, e Martín díxolle así:

—Eu paso que me chames “Cara de pau”. Mais o que é coma chamar me chames “Can podre”, féndote.

Non fixo falla máis nada.

O rapaz xa non lle tornou a chamar “Cara de pau”, senón “Can podre”.

E o tendeiro, cando ouviu que hastra o seu propio fillo o ensultaba, meulle unha somanta, que xa lle non quedaron ganas de insultar a naide máis ninguén.

E foi diste xeito que Martín das Carballeiras se librou de que o rapaz de Raposo lle chamara de cote “Cara de pau”.

Avelino Rodríguez Elías.

Mentras canta o carro

Perucho da Golpilleira encomenzou a andar cativo de saúde. Tiña unha sede de morrer, enfraquecía que mesmo somellaba que iba quedar transparente, coma se fora de nacre, e perdía o sono que parecía que se iba meter sereno.

Se fora un probe, malpocadiño del. Mais coma tiña dabondo por onde gastar, a cousa presentaba outro carís.

Os amigos que o vían tan ruín de saúde, preguntábanlle que era o que tiña e o que sentía.

Polas respostas viñeron a ter conecimento de que Perucho o que levaba ás costas era unha diabetes que metía medo.

Por consello dos amigos, foi destonces consultar cun médico. E o médico ordenou de que lle fixeran un análisis do líquido segregado polos rins.

E resultou que o líquido contiña máis zucre do que unha tarta de dezaseis reás.

Cando tornou ó eido e lle dixo á parenta que estaba feito unha frábica de zucre, respondeulle ela:

—¡Ai que ben! ¡Canto vamos aforrar!

—¿Por que? —perguntoulle Perucho.

—Porque xa non precisamos de o mercar.

—¿Ti seica parveaches? ¿Non sabes, muller, que ise zucre non se pode aproveitar?

—Eu coidaba que si.

—Coidabas, coidabas. Mais agora vas ter que coidar de min.

—¿Logo o teu zucre non é bo?

—¡Que vai ser! E para que vexas o que son as cousas: con tanto zucre, agora vou pasar unha vida ben amarga, porque xa non poderei comer o que queira, senón o que me deixen.

Porque o médico puxo a Perucho a réxime, mandouno tomar non sei que augas e ordenoulle non sei que cousas máis.

Pro cantos remedios fixo consigo foi coma se llos fixera á tranca da porta.

A diabetes de Golpilleira era das que nunca se tiñan visto. Unha diabetes tan valente, que puido cos médicos e resistiu a todo canto lle fixeron para acabar con ela.

Canso Perucho de gastar diñeiro coma terra, de beber augas, andar por balnearios dos caros, comer o que lle non gustaba e aguadizar polo que lle apetecía, decidiu de cambear de aires.

Cuasementos había ben tempo que tiña ganas de faguer un viaxe e de ver outras terras.

Prantouse na vila de Vigo, colleu o primeiro vapor que lle pareceu, e fuxiu polo mar adiante, con mentes de se distraer.

Mais quixo a súa sorte moura que se perdera o barco e que el e mais outros poucos de náufragos foran dar a unha terra de antropófagos.

Pillalos os selvaxes aquiles e condenalos a ser comidos, todo foi un.

O rei dos atopófagos botoulle aixiña o ollo a Perucho, que foi o que lle pareceu de millor ano.

A preferencia non lle fixo ningunha gracia a Golpilleira. E tratando de ver si se libraba dunha morte tan pouco nobre, díxolle ó rei dos selvaxes:

—A min non se me pode comer.

—¿Por que cousa? —perguntou o monarca selvaxe.

—Porque son diabético.

—¿E iso que ven ser?

—Que teño moito zucre.

—¿Ai si? Pois logo ti quedarás para postre de cociña.

Avelino Rodríguez Elías

O michiño

Teñen os borrachíns cousas que fan esmendrellar coa risa.

Campio das Xestas era un home traballador, serio, respeitoso coa súa Muller e moi coidadoso dos fillos.

Nunca dera que falar ós veciños, un exemplo ruín ós fillos nin motivo algún de desgusto á parenta.

Mais un sábado, dimpois de cobrar o xornal da somana, deulle por entrar na taberna do Cacarañado, onde sealcontrou co seu compadre Xepe das Crocas, que ise si que non había día do ano que non andivera peneque, de rastro polos camiños e sendo a vergonza do lugar.

Campio soio iba botar medio neto, porque levaba unha sede que o non deixaba alentar.

Mais Xepe colleuno pola súa conta, e hastra que o puxo mollado por dentro coma el, non parou.

Campio, que non perdera compretamente o xuízo, cando seu viu naquil estado, sentiu cuasque vergonza.

Quixo marchar dereito pró seu lar, para que a xente non lle conecera que iba bebido, mais non lle foi pusibre.

Co peso da cabeza e mais a froxedá das pernas, incrinábase para unha banda e mais para outra, que mesmo parecía que se iba estumballar no chan.

Chegou coma puido hastra a porta do eido, e alí pensou por antre os vapores do viño:

—Iste non é xeito de me apresentar diante da dona e dos fillos.

E coidando, o parvo, que desmulaba o seu estado, púxose ás catro pernas e encomenzou a miar coma os gatos.

—¡Miau!... ¡Miau!

A Muller, cando tal oíu, coneeulle aixiña a voz, e saliu para ver que lle sucedía.

—¿Qué che pasa, home? —perguntoulle.

—Que me tornei micho —respondeu coma de broma.

—¿Ti seica toleas?

—Non toleo, non.

—Anda para dentro e déixate de parvadas.

—Non entro se me non chamas coma o gato.

—Ben, home, ben. Olla que che deu por boa cousa.

—Está dito: se me non chamas coma ó gato, non entro.

Para acabar dunha vez, a parenta fíxolle o gusto e encomenzou a chama-lo:

—¡Micho!... ¡Michiño!... ¡Anda, ven!

E Campio foi entrando ás catro pernas, refregándose contra das portas e das saias da Muller, faguendo coma os gatos, fôra a ialma:

—¡Miau!... ¡Remiñau!...

El mesmo lle alcontraba gracia ó que fixo, e no sábado seguinte tornou a visitar a taberna do Cacarañada, a emborracharse e a volver coa mesma trácola de maguer o gato:

A Muller, chea de pacencia, volveu a chamalo coma ó gato.

—Anda, michiño, ven para dentro.

E tornou Campio a entrar ás catro patas, decindo con voz de gato xaneiro:

—¡Miau mau!... ¡Remiñauñau!...

Aquilo íbase tornar unha comedia semanal, e a dona decediu de lle poñer termo.

Así foi que cando pola terceira vez apareceu Campio a miar, saleu súa Muller armada cunha basoura, e díxolle toda enrabeçada:

—Anda, michiño, que hoxe si que che vou maguer coma o gato: mais é cando me rouba as sardiñas.

E ¡tumba! ¡tumba! ¡tumba! deulle unha de basourazos, que a Campio non lle tornaron a dar ganas de miar. Nin de beber.

Avelino Rodríguez Elías

A custión é casar

Maripepa Ceboleira era unha muller cristián que creía todo canto nos ensinara a Nosa Santa Nai Igrexa.

Tivo unha filla, que se chamou Carmela Ceboleira. (O apelido do pai non foi pusibre poñelo, porque Maripepa non estaba certa se fora Bertolameu das Maceiras ou Valente Peleteiro, e iles tampouco se puxeron dacordo con ela para ceibala daquela dúbida).

Carmela Ceboleira foi aducada pola nai nos mesmos principios que a Maripepa lle ensinaran, e nunca deu que falar ós veciños nin que marmullar ás boas almas das vellas que andan sempre piscudando vidas alleas.

Tiña vinte anos e aínda nunca botara un pé diante do outro.

A nai tiña sido unha moza daquilas que deixan sona pola súa fermosura; mais o que é a filla, non negaba a caste.

Se bunita foi a nai, bunita foi a filla. Se boa moza Maripepa, millor aínda Carmela.

Craro que sendo así, non lle habían faltar pretendentes. Ou millor dito, cobizosos da súa boa fegura e aguadizos do seu corpo lanzal.

Ela non era de seixo nin moito menos, anque tampouco se poidera decir que a fixeran de cera das abellas, que se derrete cunha raiola de sol ou cunha nisqueña de lume.

E cando antre todos os cobizosos alcontrou un que lle acertou co taravelo do curazón, deixouno entrar, sin lle atrancar as portas do peito.

Chamábase iste afertunado, Bastián Caneleiro.

O rapaz era bo de seu, tiña algunha cousa polos pais, librara do servizo por ter amigos na provincia e nunca se lle conecera ningunha mala aución.

Todas istas circunstancias fixeron que Maripepa tampouco lle puxera reparo.

Cando Carmela e Bastián levaban cuasque un ano falando, trataron do casamento, e Maripepa tivo con isto unha grosa alegría.

Folgábase de ver a súa filla amparada, e xa non lle tiña medo á morte cando Deus Noso Señor despuñera de a levar.

Mais a súa ledicia trubouse unha noite que Carmela lle viu decindo, antre bágoas e saloucos:

—¡Eu non me caso con Bastián!

—¡Que non te casas con Bastián! ¿Por que? —perguntoulle.

—Porque é un herexe.

—¿Logo non ten creenzas?

—Ten algunhas, mais non cree no inferno nin no purgatoiro.

—¿Conque destonces non cree no inferno nin no purgatoiro?

—Non, señora.

—Pois non te afrixas por iso, miña filliña.

—¡Eu non quero casarme cun home que non lle ten medo ó lume do inferno, porque di que non cree nel!

—Non seas parvar. Cásate, muller, cástate, que dimpois de casado, xa me encarregarei eu, coma sogra, de o convencer de que hai inferno, purgatoiro, lume e demoros.

Avelino Rodríguez Elías

A batalla dos ourizos

De cando en cando corren polo mundo noticias de poñer os cabelos de pé ó cráneo dun morto de vinte anos.

Unhas veces din que se vai acabar o mundo, estralando como unha bomba de crorato; outras, que vai vir un andazo de morrer canto é vivo e que nin os peixes do mar van quedar para contalo; outras, que vai arremeter unha revolucións que non vai deixar cabeza enriba dos pescozos nin pedra sobre de pedra, e outras, que van encomenzar catro ou seis nazóns unha guerra, que aquilo vai ser cousa de fuxir pró planeta Marte, porque eiquí nin os ratos van quedar salvos da mortandá xeneral e nunca vista polos nacidos.

Con todo isto, a xente ponse a tremer; coidan algúns de se poñer de ben coa súa conciencia, e aporveitan outros a ocasión para decir:

—Pois xa que non vai quedar nadie, de eiquí en diante vou faguer a que me dea na gana e non me vou privar de nada.

Istes romatan sempre por non faguer outra cousa do que darse ó viño, para que a mortandá xeneral os pille contentes.

Derradeiramente falouse dunha prúsima guerra, e antre os fregueses do Cacarañado comentábase o caso coma se comentaba por toda a banda.

Ó redor dunha mesa e antre golo e golo de viño, latricaban sobre da prúsima guerra, Xan da Marisca, Manoel da Xesteira e Goro Revirado, cando entrou na taberna Bras dos Pedregullos, home de moita sona pola súa sabedencia campestre, e amigo de contar cousas de deixar parvos ós oíntes.

—¿De que se fala, señores? —preguntou achegándose á mesa de Xan, Manoel e mais Goriño, dimpois de ter dado as boas tardes, porque iso si, fin e ben aducado, tamén volo era.

—Da prúsima guerra —respondeulle o da Marisca.

—¿Quen pensa niso! —tornou a falar Bras.

—Non, que xa o din os papeles —repticoulle destonces o da Xesteira, amostrando un xornal da vida.

—Os papeles din o que lle poñen.

—Si —terciou dista vez Goriño —é certo; mais en por iso, o conto da guerra non é para tomar a borma, sobre de todo, prós que temos fillos.

—¿Boh, boh, boh! Non hai guerra nin farrapo de gaita. Dígovolo eu, que sei diso.

—Certo, porque vostede xa estivo na guerra.

—Estiven, estiven. E ogallá que nunca estivera, que non me quedaba ista cicatriz que cando hai volta de tempo, mesmo parez que adoezo cos dores que me pega.

—¿E iso coma foi?
 —Dun balazo que me pegou o enemigo na batalla dos ourizos.
 —¡Dos ourizos!
 —Si, home, dos ourizos.
 —¿E por que lle chamaron eisi?
 —Porque foi con ourizos de castañas que conquerimos o trunfo.
 —¿Zorregándollos ós anemigos?
 —Non.
 —¿Destonces?
 —Escoitade. Era polo auto, e coa guerra non se poideran abanear os castaños.

O anemigo pillounos nun descampado, preto dun castañal, mais sin ferramentas para cavar trincheiras nin arame de espiño para detelo.

A nosa situación era ruín que metía medo. E o anemigo podía tomar o noso campamento cando lle dera na gana.

A sorte foi que coma viña canso cando estableceu contauto connosco, o xeneral que o mandaba, ordenou de lle dar un descansino, para encomenzar na mañán seguinte o ataque. Sabía que non tiñamos foxedes, e non se apresou para nos atacar.

Mais o noso xefe, que non era parvo nin moito menos, aproveitou o descanso dos contrarios para mandar abanear os castaños do prúsimo castañal, botar abaixo todos os ourizos e semear deles o campo raso diante da nosa posición.

—¡Foi boa andrómena! —escramou Goro Revirado.

—Non se chama andrómena —sentenciou Bras, —senón estrataxema. Na guerra chámase así.

—Non sabía.

—Pois xa o sabes.

E seguiu contando:

—Xa vos dixeran que isto pasaba nun descampado. Así foi que os soldados da outra banda, para non ser barridos polos nosos cañóns, fusiles e ametralladoras, tiñan que avanzar de rastro, para nos atacar.

Mais estarricarse eles no chan e encomenzar ós pinchagatos, foi todo un. Pois craro, porque os ourizos picábanlle nas mans, na cara, no corpo, que aquilo era de estourar ca risa vendo os pinchos que pegaban.

Os oficiais mandábanlle avanzar, mais eles antes preferían fuxir para atrás. E non houbo maneira de que poideran chegar xunto de nós.

Escuso de vos decir que os nosos cañóns, as nosas ametralladoras e mais os nosos fusiles non perdían branco, mentras que eles non faguían senón fuxir todos cheos de picadelas e berrando coma labercas.

Gañada diste xeito a batalla, fomos recadar as castañas, porque coas pisadelas dos enemigos, todos os ourizos tiñan arreventado, e aquel día, o primeiro rancho que nos deron, foi caldo de castañas.

Rematou Bras dos Pedregullos a hestoria da batalla dos ourizos, e non tardou en saír da taberna do Cacarañado, decindo que tiña que ir non sei onde.

Os outros tres quedaron matinando no que tiñan ouvido, hastra que Xan da Marica comentou:

—Logo din que nadie minte como os cazadores.

E respondeulle o da Xesteira.

—Tamén os que veñen da guerra traen licencia para mintir.

Avelino Rodríguez Elías

A xente de agora non é limpa

A miña veciña Marica do Miradoiro foi de pequena prá vila, donde sirviu de niñera.

Tornou prá súa casa, mais non tardou en volver á vila, destonces coma iama de cría.

Novamente tornou pró seu eido e dentro de puocos anos xa non foi ela prá vila, senón que mandou súa filla Delores, que encomenzou a carreira de servir da mesma maneira, isto é, de niñera.

A rapaza era feitiña e bonita que mesmo daba xenio ollala, e coma tiña xeito prás cousas dunha casa coma aquila onde entrou a servir, logo deixou de ser niñera, para ascender a doncella.

Destonces cambeáronlle a nome de Delores polo de Lola, que era moito máis fino.

E hastra parez que dendes que lle encomenzaron a chamar Lola, fíxose moito máis repolida.

Xa non lle chamaba compango á comida, senón falaba de purés, patatas suflé, entrecot, sopa a las finas hervas, flan e mermeladas; cousas todas istas das que non conecían siquera a existencia os seus veciños da aldea.

Os donos, mormente a señora, estaban parvos con ela. E o fillo máis vello dos amos tíñalle tanta aquela, que ás escondidas da nai, chamáballe Lolita e, se cadra, insináballe cousas que deprendía no cine.

A nai de Delores, ou para falar coma na vila, de Lola, quixo ir ver un día súa filla, e cadrou de chegar cando os amos tiñan saído.

Lola aporveitou a ocasión para lle amosar a casa.

¡Tenche ben que ver isto coas casas onde eu servín! —decía a vella.

—¿Eran millore? —preguntou a filla.

—Ruíns; moito máis ruíns.

Nisto chegara ó cuarto de baño, e Marica do Miradoiro coidou que estaba na casa dun médico.

—¿E todo isto para que é? —preguntou á filla.

Lola espricoulle a apricazón de cada aparato.

—¿E isto úsase moitas veces? —tornou a preguntar a vella.

—Todos os días.

—¡Todos os días!

Quedou calada uns poucos de segundos, e dixo derradeiramente:

—E por iso que porca é a xente de agora. Eu teño cincuenta anos e nunca precisei de me lavar. Mais istes da vila precisan de se bañar todos os días.

Avelino Rodríguez Elías

O amareo da aboa de Manoeliño

Cando Manoeliño encomenzou a padecer dos dentes, decíalle súa nai:

—Iso é un castigo, por non seres bo. ¿Non ves túa aboa coma nunca lle doen os dentes nin as moas? Pois é porque de meniña foi decote moi boa: faguía canto lle mandaban, iba todos os días arreo á escola, non respondía nunca, coma fas ti, “non quero” pregaba polas almiñas dos defuntos cando se deitaba e nunca lle deu un desgusto á súa nai.

Xugando por el mesmo, parecíalle impusible que houbera no mundo un soio rapaz ou rapariga tan bos e tan perfeutos coma decía súa nai que fora a nai dela.

Mais o que Manoeliño non sabía, era que si a vella non lle doían nunca os dentes ou as moas, era porque de seu non tiña peza ningunha na boca. Todo aquilo que Manoeliño lle vía nas enxibas, era postizo: unha dentadura de moito mimo, que lle custara preto de dúas mil pesetas na casa dun dentista de Vigo.

O rapaz coidaba que todas aquelas pezas que súa aboa amostraba ó rir e que empregaba comendo toda cras de compangos e de postres, por rixos que foran, eran naturais, porque na súa casa todos coidaran de cote de lle ocultar a verdade.

Mormente polo Nadal, Manoeliño admirábase de que el soio poidera rilla unha nisquiña de turrón duro, e de que súa aboa, en troques, comera nel coma si fora pantrigo.

Socedeu unha vez que a familia foi a Vigo, e que aprobeitando unhas excursións de recreio que faguían unhos vaporciños daquil porto pola ría, quixo dar un paseño por mar.

Xa se sabe que hay persoas que poden cruzar os mares todos sin amarear, mentras que outras, soio con ver as ondas que van e veñen, xa se amarean de morrer.

Manoeliño resestiu súa media hora ou preto dela. Mais o que foi súa aboa, inda non tiñan pasado oito ou dez minutos, cando xa estaba completamente mareada.

A probe da señora púxose que metía medo.

Cando o estómago lle quixo botar para fóra canto levaba dentro, a vella foise achegando coma puido á barandiña, de cara ó mar, e alí agomitou unha, dúas, que sei eu cantas veces.

As arcadas que lle pegaban eran de se volver do rivés; quer decir, co de dentro para fóra. E nunha delas ¡que disgracia! alá foi a dentadura de dúas mil pesetas pró fondo do mar, cunha presa, que mesmo parecía que turraban por ela cun cordel.

Manoeliño, cando tal viu, botou as mans á cabeza e fuxiu para xunto de
súa nai, decíndolle:

—¡Ai, miña naiciña, que disgracia tan grande!

—¡Ti que dis meu fillo! —perguntoulle a nai, toda chea de alarma.

—Miña aboa...

—¿Que lle pasou? ¿Caiu ó mar?

—Non.

—¿Destonces?

—Que vai botar todos os ósos pola boca.

—¡Ti seica toleas!

—Non toleo, non, que xa botou as queixadas, con dentes e todo. Eu mes-
mo llo acabo de ver.

Avelino Rodríguez Elías.

Coma choveu tanto

Certo coma o evanxeo é aquil refrán que di: “colle boa sona e déitate a durmir”.

Iso foi o que lle socedeu ó Cacaranado.

Cando abriu a súa taberna, non había ninguén que tivera millores viños do que el.

Os “mosquitos” de dúas patas, que non sei coma cheiran o bo viño, acodiron aixiña ó novo tempro de Baco, que aquilo era un alaudar a Deus.

O Cacarañado non tiña nunca, nin por cuaselidá, un viño que se poidera chamar ruín.

E colleu con isto unha sona, que non había outro que tanta tivera na parroquia e fóra dela.

Con isto enchía a bolsa, e non tardou nin dous anos en mercar a casa onde tiña a taberna.

Pasaron outros dous anos e aguergoulle unhas leiras prósimas.

E ó cabo de media ducia de anos, senón esa o máis rico da freguesía, pouco lle marraba.

Destonces, coa riqueza, fixose soberbo, e coidando que xa tiña seguros para sempre para sempre ós parroquianos, encomenzou a mercar viños máis baratos.

E non abundándolle isto, e coma coa riqueza, ademais de soberbo, tiñase tornado avarento, concuriu por lle deitar agua ó viño, para que a ganancia do negocio fora mor.

Houbo por aqueles tempos unha invernía de meter medo, e tanta foi a agua que caeu, que unha noite alagáronse unhas poucas de casas.

A do Cacarañado foi unha delas. A agua que alí entrou foi coma de dous ou tres palmos de altura, e abundou para que o taberneiro tivera unha boa perda no negocio, cos xéneros que a chea lle botou de perda.

Repelouse, cando tal viu, rogou pragas ó tampo, amaldizou a chuvia, ceibou brasfemias coma un condergado, e cando derradeiramente se asosegou un migallo, cavilou que aquila perda tiñalla que faguer pagar a alguén, e deitoulle unha pouca máis de agua ó viño.

Os parroquianos notáronllo aixiña, e houbo un deles que lle dixo:

—Ouve ti, Cacarañado.

—¿Que che pasa?

—A min nada; mais o que é o viño...

—¿Tes algunha cousa que lle decir?

—Non teño senón alaudos.

—Inda ben.
—Porque nunca o tiveches tan cristián como hoxe.
—¿Queres decir...?
—Que se che foi a man ó bautizalo.
—Iso é unha calunia, porque eu non lle botei hoxe pinga de auga.
—Tí non lla botarías, mais el xa non parez viño con auga, senón auga cun pouco de viño.
—Pois destonces xa sei o que foi.
—¿Logo confesas?
—Que lle deitei auga, non.
—¿Destonces?
—O que pasou foi que ista noite, coa inundazón, sobiu tanto a auga, que lle chegou á zapa dos pipos, e poida que algunha entrara por alí.

Avelino Rodríguez Elías

As andrómenas dun chofer

Nunca pasei tanto medo coma dunha vez que tiven que faguer un viaxe a Santiago, nun automoble de alquiler, que houven de tomar, porque a cousa era de moitas presa.

Aporveitando o viaxe, outras dúas ou tres persoas montaron no mesmo automoble, pagando a parte correspondente.

O automoble non era novo nin tal que se coida. Andaba pouco, tiña reuma articular aguda e pegaba cada chimpó, que eu coidaba que nos iba botar fóra.

Por riba disto, o chofer encomenzou a meternos medo, contándonos historias coma esta:

—Eiquí —decía cando pasamos por certo sitio —chocaron automobles fai anos.

—¿E que lle pasou ós que iban neles? —perguntei eu.

—Nada —respondeu o condutor sin lle dar mor importancia. —Morreron tres, dous quedaron coxos e un perdeu unha man.

Un migallo máis adiante tornou a falar:

—Fai tres anos foise un cameón por isa rebouza en baixo, pillou debaixo un home que traballaba nunha leira, e estrozouno.

—¿E o condutor?

—Houbo que collelo ós migallos.

Uns cantos kilómetros máis alá, contounos outra historia somellante:

—Eiquí un turismo deu unha volta de campán, e soio se salvou un can.

—¿E as persoas?

—Morreron todas.

O que máis e o que menos dos que íbamos no automoble, dábannos ganas de mandar parar e seguir o viaxe a pé. Mais coma era cousa urxente...

Aquil verdugo, non satisfeito aínda co que nos tiña contado, relatou unha historia máis:

—Eiquí queimouse un coche de liña.

—¿E salváronse os viaxeiros?

—Non sendo catro que morreron queimados, ós outros non lles pasou cuasque nada. Soio un quedou cego.

Cando chegamos a Santiago, eu estaba máis que para que levaran ó hospital e me deitaran no leito, de que para tratar dos meus asuntos.

Mais non quixen ir onde tiña certas cousas que gobernar, sin antes lle decir algo ó chofer.

—Imos ver, compañeiro —pergunteille. —¿Vostede por que nos viu contando todas aquelas historias de meter medo?

—Por mor do coche.
 —Non entendo.
 —Pois é craro.
 —Para min, coma unha noite escura.
 —Si, home, si. Vostede xa ve que o meu automobre non é novo nin corre moito.
 —Xa o vin.
 —Mentras non podo mercar outro, precuro aliviar o do peso todos o máis, pusibre.
 —¿De que maneira?
 —Cando vai cheo, cóntolle todas aquelas cousas ós viaxeiros.
 —¿E...?
 —A un encólleselles o corazón, outros levan a ialma dependurada dun fío e a outros lles chega a carne ós ósos.
 —Coma min.
 —Hainos tamén que non se lles apegan a camisa ó coiro.
 —Vou entendendo.
 —E con todo iso, todos pesan menos, e o coche vai máis aliviado.

Avelino Rodríguez Elías

A corda do aforcado

Xa sei que andan decindo por aí que eu non vos conto senón trolas e que non son home de decir unha verdá.

E iso é unha calunia, porque se hai homes verdadeiros, eu son un deles. Xa miña aboa o decía.

Eu nunca falo mentira, senón cando convén acultar a verdá.

Isto que contar vos contarei hoxe, e tan verdá, coma foi que a min mo contaron. E se alguén o inventou, a miña conciencia non ten por que carregar con culpas alleas.

O caso foi que unha mañán foron avisar ó xuez de Soutolambido de que na parroquia de San Adrián dos Carballos Tortos, había un home aforcado.

Alá se personou o xuez co escribán, o médeco forense e mais o menistro.

Ealcontrouse con que era verdá. Mesmo á entrada da parroquia, dependurado dunha ponla dun sobreiro, cunha corda que lle pasaba polo pescozo, estaba un home no que todos reconeceron aixiña ó tío Xacobe da Lagoa.

¿Tiñase aforcado el, ou aforcárono?

Para ser suicidio, non se sabía que o tío Xacobe estivera canso da vida. Nin tiña por que estalo.

Era rico e tiña muller que o coidara. Os fillos fóranse para América, faguía algúns anos, e non soio gañaban ben para eles, senón que enriba aínda lle mandaban diñeiro.

¿Aforcariano, destonces? Tampouco se sabía que tivera anemigos de lle desexar a morte.

O Xuzgado non puido acrarar aquilo de pirmeira intención e encomenzou a faguer delixencias para o poñer en craro.

Dimpois de mandar descolgar o defunto, ordenou o xuez que recolleran a corda e que a levaran para o Xuzgado.

As delixencias daban pouco de si, o que quer decir que o asunto iba dispacio.

A corda alí estaba. Millor dito, alí estivo hastra que un día desapareceu.

Perguntouse ós oficiais e mais ós menistros, e todos dixeron que non sabían nada. Si de verdá sabían ou non, foi cousa que a Guarda Cevil se encargou de averiguar.

E averigou que había persoas que coidaban que a corda do aforcado soie dar boa sorte, e sabendo que aquila estaba no Xuzgado, pedíronlle un bocadiño ó menistro que asistira ó auto de descolgar o cadavre do tío Xacobe.

O alguacil calculou aixiña que aquilo iba ser un negocio para el, e foille cortando anacos á corda, que vendía caros, porque decía que o asunto era de moita responsabilidade.

Tantos anacos lle pedían, que romatou por roubar a corda toda e levala prá súa casa, onde a foi vendendo ós parroquianos.

E cando a Guarda Cevil lle foi rexistrar o eido, xa nin migallo dela lle quedaba.

O xuez enrabechouse que metía medo, e ordenou que se recadaran todos os bocados da corda que o menistro vendera.

Recolléronse, e houbo que empregar un carro prós levar pró Xuzgado.

Porque a corda con que se aforcou ou aforcaron ó tío Xacobo, soio tiña catro metros. E os bocados recollidos, postos uns a pos dos outros, daban unha largura de noventa e sete metros.

¡Bo milagre! O alguacil, cando se lle romatou a corda do aforcado, foi mercando outras, e se non acode a Guarda Cevil, para lle botar de perda o negocio, aínda hoxe vendía corda.

Avelino Rodríguez Elías

Unha cousa que eu non sabía que o era

Poucos homes haberá no mundo tan amiguiños da paz como eu.

Cando antre os meus veciños hai algunha desputa, coma poida, xa estou eu intervindo.

—Haxa paz —dígolles decote a todos.

Moitas veceses hastra parez que son un misioneiro.

Unha noite que pasaba pró meu lar a carón da taberna do Cacarañado, por un migallo me non rebandan o bandullo.

Craro que foi por me meter a poñer paz antre dous triquillóns que se pelexaban, navalla na man. Mais o conto foi que cando me metín antre eles para os soparar, a faca dun deles pasoume arrentiño da baxrriga.

Non me importou, e seguí decote pregando a paz e procurando que a houbese na miña veciñanza.

Os resultados cuasque sempre responderon ós meus esforzos, e podo asegurar que por Galicia adiante, e non quero decir polo mundo enteiro, non houbo na vida xente que millor se levara que a da miña aldea.

E todo porque á forza de pradicar, conseguir convencer ós vellos e ós mozos, ás donas e os homes de que o millor ben da terra, era a paz.

Un veciño houbo de cachola tan dura, que nunca fun home de lle meter isa verdá nos miolos. Foi Baltesar do Xaneiro.

Certo que sempre se levou ben cos veciños. Mais o que era a súa casa, se non parecía un inferno, pouco lle marraba.

Tamén era certo que tanto a sogra como a muller, tiñan máis de bestas do mato, que de persoas humáns.

Ruíns coma elas, coido que non se alcontrarían outras dúas. E Baltesar batía nelas, que nin que foran trigo na eira.

Máis de cen veces lle dixen que aquilo non era xeito de as tratar, e outras tantas me respondeu Baltesar:

—Vostede non sabe, Sr. Chuco, que cras de bestas son a nai e mais a filla.

—Non ten que ver —respondíalle eu.

—¡Coma se coñece que non ten vostede que as aturar!

—Pois, chacho, habelo visto endenante.

—Engañáronme. E a máis diso, vostede ben sabe que a un home cando se anamora, bárreselle o sentido.

—Xa o sei. E ti, coma nunca tiveches moito.

Non era pusibre facelo entrar polo bon camiño.

Mais unha vez que batía na muller e mais na sogra, pranteime na casa del, e díxenlle todo enrabeado:

- Soceda o que soceda, isto romátase hoxe.
—¿O que? –perguntoume.
—De lle bateres a istas probes mulleres.
—¿E vostede pódemo impedir?
—Podo. Si non é polas boas é pola forza, dando parte de ti no Xuzgado.
Quedou un migallo calado, matinando nas miñas verbas, e ó fin falou

dista maneira:

- Vaites, vaites co Sr. Chuco, que eu non sabía o que el era.
E aguergou burlón:
—Fólgome ben de sabelo.
—¿O que? –pergunteille tendo man dos nervos.
—Que vostede era da Sociedá Proteutora dos Animales.

Avelino Rodríguez Elías

¿Cantos fillos ten Perucho?

Teño un sobriño estudando en Santiago, que non digo que sea parente do demo, para que non coidades que o demo son eu, mais que ten o demo no corpo, iso si que o podo decir sin lle erguer falso testimoño nin lle ceibar o creto.

Cando ven de vacacións, sempre ha de faguer algunha das súas. Unhas veces son cousas de rir, e destonces aínda o conto vai ben. Mais cando lle dá por faguer trasnadas, milagriño é que me non teña que meter eu polo medio, para que lle non dean que sentir.

A derradeira vez que viu, preguntoume se na quinta da Choupana aínda tiña de caseiro a Perucho Rúatorta.

—¿Por que mo preguntas? —díxenlle eu, recando algunha cousa ruín.

—Por nada.

—Non, ti preguntábalo por algo.

—Por saber, nada máis.

O que eu receaba, socedeu ó fin.

Manoel, meu sobriño, foi aquela mesma tarde xunto do caseiro, e saudouno con moitas demostracións de amizade.

—¿Que tal lle vai, señor Perucho?

—Ben, señor Manoel, moitas grazas —respondeulle o caseiro. —E a vostede?

—Home, se non fora polos estudos, non iba mal.

—Fago de conta.

—¿E a parenta?

—Moi ben, grazas a Deus.

—¿E os fillos?

—Todos bos.

—¿Cantos ten, que xa me non lembro?

—Dez.

—¿Nada máis do que dez?

—¿Seica lle parecen poucos?

—Non é iso. E que eu coidaba que eran once.

—Pois soio son dez.

—¿E non estará vostede enganado?

—Érache boa. Son dez, nin un máis nin un menos.

—Pois anque vostede mo xure, eu sigo coidando que son once.

—¿Quer vostede saber o millor do que eu?

—Non, mais poidera vostede estar enganado, coma lle digo.

—Non estou, non.

—¿Eles están eiquí?

—Por eí han de andar.
—Pois chámeos.
—¿Para que?
—Para contalos.
—¡Tamén son ganas de ateimar! ¿Non lle digo que son dez?
—Mais coma eu non estou convencido, ¿que traballo lle custa chamalos, para saíremos de dúbidas?

O caseiro caeu na gaiola e chamou polos fillos.

Dentro de tres ou catro minutos estaban os rapaces todos en volta do pai e mais do meu sobriño.

—Poñédevos en ringleira —díxolles o pai, —que o señor Manoel quer contar cantos sodes.

—En ringleira, non —atallou o meu sobriño.

—¿Logo de que maneira?

—Eu os pondrei.

Puxo a unha banda os cinco máis vellos, que eran Bras, Antona, Paula, Xacobe e mais Goró.

E a outra banda, os cinco máis novos: Catuxa, Lois, Valenta, Sabel e mais Bastián.

E encomenzou a contar polo máis vello:

—Un, dous, tres, catro, cinco.

Para seguir polo máis novos, o primeiro deles, Catuxa:

—Seis, sete, oito, nove e dez.

—¿Ve coma non son máis do que dez? —preguntou Perucho moi satisfeito de ter saído triunfante da proba.

—Agoarde, que aínda non romatamos —respondeulle Manoel. —Agora imos contar ó rivé, empezando polo máis pequeno.

E encomenzou:

—Dez, nove, oito, sete e seis. Repare ben, que son seis.

Perucho acenou coa cabeza, mostrando que estaba dacordo.

—Seis que temos eiquí, e cinco que hai desta outra banda ¿cantos son?

O caseiro calou, porque collido na ratoeira, non sabía que responder.

—¿Non é certo que seis e mais cinco son once?

—Pola táboa de sumar, si.

—Pois logo tiña eu razón.

De alí a dúas horas aínda Perucho contaba nos fillos, sin acabar de comprender coma era que lle saín dez, cando el mesmo tiña dito que eran once.

Avelino Rodríguez Elías

Era un hombre de palabra

Conecín eu un señor de moito aquel que adoitaba decir:

—Onde xoguen entereses, lévese o demo a miña palabra.

Que era o mesmo que decir que a ise home non se lle debía dar creto.

Mais o que é de D. Costante Sanguiñeda non se podía decir somellante cousa.

Palabra que el dera, non precisaba de escritura. Home de lei coma el, non houbo outro no mundo.

Prometeulle ó seu veciño Anselme Brandeso de lle arregrar un asunto que tiña na provincia, e Anselme marchou tan confiado coma se xa tivera o asunto na man.

Ben sabía Brandeso que nunca se dera o caso de que o Sr. de Sanguiñeda tivera deixado de cumprir o que prometera. ¿Por que non había confiar destonces?

—¿Cuando hei vir saber a razón? —tiñalle preguntado Anselme.

—Como hai que escribir a Madri e mais á provincia porque ha de haber que lle falar ó ministro e mais ó gobernador, podes vir de eiquí a tres semanas —respondéralle D. Costante.

Mais socedeu que, coma non temos feito trato de vivir tanto ou canto tempo, de alí a unha semana morreu D. Costante repentinamente, sin deixar arregrado o asunto de Anselme.

Brandeso tiña tido que faguer un viaxe a Portugal, e non se enteirara da morte de D. Costante.

Cando tornou pró eido, non tivo cousa de máis presa que ir ver se D. Costante o tiña servido, e cando chegou cabo da casa do defunto, pedindo pra falar co Sr. de Sanguiñeda, respondéronlle.

—Non pode falar con el.

—¿Por que? —perguntou.

—Porque morreu fai dúas semanas.

—Non pode ser.

—¡Que non pode ser! Pois se vostede ten dúvidas, vaia preguntar ó Rexistro Cevil, onde escribiron a súa morte, ou ó camposanto, onde está enterrado.

—Mais que aínda.

—Home, vostede é do que non hai.

—Dígolle que non pode ser.

—Mais ¿por que? ¿Ten vostede algunha proba de que está vivo? ¿Coida que enterraron outra persoa por el?

—Non é iso.

—¿Destonces?

—D. Costante era un home de palabra coma non conecín outro. Díxome que viñera por istas datas saber o resultado dos seus empeños, e eiquí estou, pra que me reciba.

—Vostede ou é parvo ou non entende o que lle din.

—Entendo, entendo.

—Pois logo ¿coma quer que o reciba D. Costante, se lle estamos decindo que morreu?

—Morrer temos que morrer todos; mais D. Costante téndome dado palabra de me arregar o asunto que lle encarraguei, non podía morrer sin cumprir o prometido.

—Pois así e todo, morreu.

—E eu dígolle que non.

—Pois logo vaia ó camposanto e pergúntelle a el mesmo se está vivo ou morto: verá coma lle responde que morreu.

Avelino Rodríguez Elías

Coma se frabica un xastre

Xa vos teño falado antes de agora do meu sobriño Manoel, o que estuda en Santiago.

E tamén xa vos teño dito que se non é da pel do demo, pouco lle marra.

Onde el estea, ha de haber sempre algunha cousa con que rir ou con que chorar.

Cando lle correspondeu ir ó servizo melitar, fixeno soldado de cuota, para que non perdera de estudar.

El, anque é o diaño, tamén é agudo coma un allo, quer prós estudos, quer para calquer outra cousa.

Non lle marra senón ter un pouco de formalidá. E coido eu que a non vai ter nin no queixón onde o leven prá cova.

E coma non é parvo nin tal que se coida, no servizo fixérono aixiña cabo, e de seguidiña, sarxento.

Cando xa era sarxento, estaba unha vez de somana, cando se alcontrou con que antre uns soldados que marchaban prás súas casas, con licenza catrimestral, iba o xastre da súa compañía.

E foillo decir ó capitán.

—Pois busque outro —respondeulle o oficial.

—Xa se buscou, meu capitán —respondeu Manoel —e non apareceu ningún.

—Destonces fabríqueno, porque a compañía non pode quedar sin xastre. Manoel dixo entre si:

—¿Dónde diaños vou eu fabricar un xastre?

Mais aínda foi ver se antre os soldados da compañía ficara algún que soupera polo menos enfiar unha agulla.

Mandounos xuntar a todos e preguntoulles:

—¿De xeito que antre vosoutros non hai ningún xastre?

—Non, señor —respondéronlle.

—¿Nin hai tampouco un que sepa coser?

—Tampouco.

—¿Nin tan siquiera enfiar unha agulla?

—Menos aínda.

—Pois de eiquí non saídes hoxe, se de antre vosoutros non frabico en un xastre.

Mandou dar dous pasos ó frente ó primeiro que lle pareceu, e preguntou:

—¿Túas irmáns non saben coser?

—Eu non teño irmáns —respondeu o recruta.

—¿E túa nai?
—Miña nai é forneira.
—¿E na túa familia non hai ningún xastre?
—Non, meu sarxento.
—¿Costureira tampouco?
—Costureira, si.
—¡Xa o sabía eu! —dixo Manoel trunfante.
—É unha prima de meu pai —seguiu o soldado —que marchou de pequena para Medrí, e deprende alí de costura.
—¡Abonda! Ti vas a ser o xastre da compañía.

Avelino Rodríguez Elías

A hora de remudar

Milagriño será que o meu sobriño Manoel non dea cabo de min.

Istantes hai que teño mentes de o mandar para xunto de súa nai e que ela o ature. Mais non me decido a faguer tal cousa, considerando que miña cuñada ten traballo de abondo coa súa vida dende que enviudou, canto máis para se ter que coidar da mantenza e mais dos estudos do fillo.

Soio por iso é que ó condergado do rapaz lle paso cantas lle paso.

Mais o que foi nantronte, a dous dedíños estiven de o botar fóra da miña casa e de o non querer nunca máis xunto de min.

A cousa foi que coma saíu moi ben nos ensames derradeiros do curso, regaleille un rilós que lle prometera e do que eu sabía que tiña moitas ganas, se cadra para o empeñar en Santiago cando se alcontre apurado de diñeiro.

Nantronte era día de feira, e Manoel prantouse na porta da miña casa, con mentes de locir o rilós diante dos amigos que da feira tornasen, sobre todo diante das mozas.

Así foi que cando pasaron as fillas do Bertolameu, parounas e preguntoulles:

—¿Xa vindes da feira?

—Xa —respondeu a máis nova, que é moi espelida e polas contas tenlle o ollo botado ó meu sobriño.

—Pois vindes ben cedo.

—Non tal, que xa deu medio día —repicoulle a máis vella.

—¡Coma medio día!

—Si tal.

—Pois eu coidei que aínda non eran as dez e media. A ver. E ceibou a mostra, para que as mozas a viran.

—E mais sí. Non me lembraba de que tiña rilós.

—¡Que xeitosiño é! —dixo unha das mozas.

—Regaloumo meu tío Chuco, porque saín ben nos ensames.

—O Sr. Chuco é moi bo.

—Para min coma se fóra un pai.

—Folgámonos diso. Hastra a vista Manoel, que levamos presa.

—Adeus, rapazas, e arregalarvos.

—Igoalmente.

Dista maneira foi Manoel parando cantos pasaban, hastra que viu vir polo alta da estrada un home dacabalo dun berrufeiro, galopando coma se tivera presa de chegar aixiña ó seu destino.

Ver o Manoel e prantarse no medio e medio da estrada, foi todo un.

Así que o tivo preto, acenoulle para que se detivese.
 Refreou o xinete a montura e preguntou, non de moi bo carauter:
 —¿Que diaño se lle ofrece?
 —Rogarlle o favor de me decir a hora que é.
 —¿E vostede non ten rilós?
 —Teño, mais paróuseme.
 —Pois déalle corda, e deixe seguir o seu camiño a quen vai pola estrada
 fóra.
 —Desculpe, mais é que eu teño necesidá de saber a hora esauta.
 Ceibou o cabaleiro a súa mostra, e dixo:
 —As doce e trinta e dous minutos.
 —¡Congrio! ¿Mais el é certo que xa deron as doce?
 —¿Destonces non?
 —E se xa deron as doce, ¿vostede por que vai aínda enriba do faco?
 —Ista é boa. ¿E logo como hei de ir?
 —Pois da maneira que acaba de ordenar o Goberno.
 —A min non me importa o que poida ordenar o Goberno. Eu vou no fa-
 co porque é meu e porque me dá na gana.
 —¿Si, eh? Pois destonces atéñase ás consecuencias.
 O do cabalo encomenzou a desconfiar, e preguntou un pouco máis aman-
 sado:
 —Pro romatemos dunha recondanada vez. ¿Que foi o que ordenou o
 Goberno?
 —Pois que no instante mesmo de bater as doce, os que van a cabalo que
 remuden coa besta.
 Se non chego a saír eu cunha carabina, o xinete mata alí mesmo meu
 sobriño.

Avelino Rodríguez Elías

Soio Santiago pode cun galego

Ó meu querido amigo e colaborador Augusto Bárcena Saracho¹, alaudado mestre compositor de música enxebre.

Tubías das Lagoas coidaba que soio tiña nado pra traballar e beilar a muiñeira. Porque todo o demais tiña compretamente sin coidado.

Iso si, traballar, traballaba como un escravo. E tocantes; beilar a muiñeira, non houbo no seu tempo quen lle puxera o pé diante.

Dimpois de se despir da chaqueta e do chaleque, anodaba un pano ó pescozo, axeitaba as polainas, apertaba ben a faixa, mollaba con cuspe os dedos e encomenzaba a marcar puntos e máis puntos, que daba xenio.

Todos os ollos se espetaban nel. Os dos homes con admiración. Os das mulleres co desexo de non perder nin tan siquiera un punto, unha volta ou un chimpó daquil milagre de mozo.

E todas elas decían prás baleias dos seus xustillos:

—¿Serei eu a elexida?

Ben aixiña quedaba respondida ista pregunta. Tubías, sin deixar de beilar, derexíase ó bando das mozas, prantábase diante dunha delas, e ós catro segundos xa non era el soio a repespuntear na muiñeira, senón unha parexa.

Cando a el lle parecía que a moza tiña beilado de abondo, dáballe co pé no borde do mantelo, e a rapaza retirábase pró seu asentó, satisfeita de ter sido ela a primeira parexa daquil beilarín tan sonado.

Seguía o dos Lagoas beilando soio un migallo, e logo iba a buscar outra parexa, do mesmo xeito que fixera coa primeira.

E así hastra que xa non podía máis ou hastra que os parentes e os amigos lle berraban:

—¡Abonda, home, abonda, que che pode dar algo!

Destonces aquilo xa non era home, senón unha fonte a ceibar auga por todos os poros.

—Arróupate ben –decíanlle todos.

E todos eran a coidar del, quen dándolle unha cunca de viño, quen poñéndolle a monteira, quen limpándolle o suor, quen botándolle a chaqueta por enriba.

Mais todos faguían isto coa millor gana, porque Tubías era o argullo da parroquia, e había que ter conta de que se non malougrase.

A el compríalle todo aquilo coma unha obrigación do seu posto de primeiro beilarín da aldea, e mentras os outros coidaban del, raguía coma que se esquencera das parexas que botara, e perguntaba sin lle dar moita importancia:

¹ Compositor vigués de música galega (1883-1977).

—¿Vosoutros levástedes conta das parexas que botei?
—Xa cho creo —respondíalle un. —Foron sete.
—¡Ai que ver! —decía outro. —¡Sete mulleres!... ¡Se non hai outro coma ti!
Cando eu estudaba, deprendín aquilo de: *sic transit gloria mundi*, que ven a decir na nosa lingua que todas as glorias pasan aixiña. E isto foi o que soucedeu con Tubías.

Moito coidaban del; mais en por iso non poideron faguer que unha tarde, dispois de beilar moito, non pillara unha pulmonía que deu cabo do mozo.

Mentras os veciños e mais as veciñas choraban unha perda como aquila, Tubías encomenzou a subir, a subir, e tanto subiu, que foi dar coas portas do ceu.

Naide lle tiña explicado nunca como eran as tales portas, mais non fixo falla. Polo cheiro a gloria e polo resprandor que ceibaban, coneceunas aixiña.

Viu un petador de ouro, diamantes, pelras e rubís, e chamou.

—¿Quen é? —perguntoulle San Pedro por unha portitiñola.

—Son eu: Tubías das Lagoas.

—¿De que banda do mundo eres?

—De Galicia.

—¿Galego? Serás devoto do meu compañeiro Santiago ¿non?

Tubías non respondeu. E San Pedro seguiu preguntando:

—¿Que meretos tes pra queres entrar no seu?

—¿Que é o que di?

—Que que fixeches aló na Terra.

—Traballei arreo.

Iso está ben. ¿E que mais?, ¿sabes a doutrina?

—Coma saber, sabía, mais esquencéuseme un migallo dela.

—Iso xa está mal. ¿Ibas a misa?

—Algunha vez non podía.

—Pior. ¿E confesábaste siquera?

—Verá vostede... O que se di confesar... vamos, ir á confesión... ¿Non é iso que lle chaman comprir co preceuto?

—Xa te entendo, home. Ti non rezabas, non ibas a misa nin te confesabas ¿e compríache entrar no ceu? ¡Vaite de eí, herexe! ¡Líscate antes de que che bote o can de San Roque!

Non fora Tubías galego pra non ateimar. E tanto ateimou pra que o deixasen entrar no ceu, que San Pedro abrandouse un migallo e quisou ver se inda había algunha cousa por onde salvar aquil xudeu.

—Vamos ver, mozo —preguntoulle. —¿Fixeches siquera algunha cousa boa no mundo?

—¡Ai, iso si!

—¿E que fixeches?

—Beilar unhas muiñeiras coma naide.

San Pedro anoxouse moito coa resposta, e berrou todo enrabechado.

—¡Eres un astrevido! Se asegún estás eí fóra, estiveras cabo de min, dá-bache coas chaves no medio e medio da testa, que cha fendía!

Fechou a portíñola, e foise repasar os libros da porteiría, por ter recibido aviso da Terra de que acababan de morrer, da maneira máis cristián e devota, sete ou oito mariñeiros, trepulantes de dúas dornas da ría de Arousa, que o mal tempo botara contra duns penedos da illa de Sálvora.

Chegaron os náufragos, e coma iban falando entre eles, Tubías coneceu aixiña que eran da súa terra.

—Non, pois coma istes entren, eu entro tamén —dixo para si.

E sin máis nin máis, meteuse no medio dos mariñeiros e, cando San Pedro, abriu a porta, colouse tamén.

Mais San Pedro, anque vello, aínda non perdeu o sentido do olfato, en troques do da vista que xa lle vai faltando, e logo lle deu o cheiro do beilador de muiñeiras. Bo milagre: Tubías morreu a suar, e non había cheirar a pachulí.

Guiou os náufragos verdadeiros prós departamentos que lles correspondían, e agarrando Tubías por un brazo, ordenoulle de se poñer fóra da porta.

—¿Agora que xa estou dentro? ¡Vaille custar traballo! —respondeu Tubías con risa de coello.

—¿E ti non sabes que eiquí quen mando son eu?

—Xa o sei. Mais agora que estou dentro, non vou saír sin tan siquera ver o que hai por eiquí.

—Non, que ti eres como todos os da túa terra, e coma non sais agora mesmo, logo xa non hai quen sea capaz de te botar fóra.

A disputa comezou a poñerse un pouco fera, e xa erguía San Pedro a man dereita, pra lle dar a Tubías coas chaves, cando cadrou de pasar por alí Santiago.

—¿Que che socede, compañeiro? —preguntoulle a San Pedro.

—¿Que me ha de suceder, home? Este condergado diste galego que se colou eiquí feito un herexe, e non hai xeito de o botar.

¿Galego dixeches?

—Si, galego.

—Destonces é dos meus. Déixamo a min.

E virándose pra Tubías, preguntoulle:

—¿Seica che gusta o ceu?

—Moito, moitísimo —respondeu o das Lagoas.

—Pro seica non tes méretos dabondo pra quedar eiquí.

—Eu coidaba que si; mais San Pedro foi o que dixo que non.

—Cando el cho dixo, así ten que ser. Pro vaia, imos ver se hai un arre-gro. Ponte pra aí mentras eu falo con San Pedro, e non te movas hastra que eu te avise.

—Está ben, si, señor.

Efeutivamente, Santiago púxose a falar con San Pedro, mais non pra interceder por Tubías, porque sendo el o evanxelizador dos galegos, non iba consentir que entrase no reino dos ceus un deles completamente herexe. O que fixo foi preguntarlle ó celestial porteiro.

—¿Non tes por eí un ánxeo dispoñible?

—Alí ven un.

—Chámao.

Chamouno San Pedro, e cando estivo cabo dos apóstoles, díxolle o Zebedeu:

—Váiteme correndiño buscar o gueiteiro da miña catedral de Compostela que morreu fai dúas semanas, dille que veña eiquí e que traia o estrumento.

—Vou aixiña.

Partiu o ánxeo nun voo praneado, e Santiago púxose a mostrarlle a Tubías os departamentos do ceu, dende unhas portas que por alí había.

Chegou o gueiteiro, e San Pedro trasmitiulle as ordes que Santiago lle tiña dado polo baixo. Istan ordes eran de que se puxera fóra da porta a tocar unha muiñeira das milliores que tivera no seu repertorio.

Saliu o gueiteiro, axeitou ben o punteiro, afinou o roncón e encomenzou a resrespuntar unha muiñeira que nunca tal vez se vira no ceu nin na terra.

Oila Tubías e encomenzarlle a beilar as pernas, foi todo un.

—¿Que é iso? —perguntoulle a Santiago.

—¿Non coñeces o son? Unha gaita que toca eí fóra prós galegos que veñen ó ceu.

—¿E podería eu ir tamén?

—¿E logo non? A ver, Pedro, ábrelle a porta.

Abriu o santo porteiro, e Tubías saleu repinicando xa nos dedos, coma se foran castañolas.

E mentras ollaba arredor, buscando unha moza con quen beilar, o gueiteiro tornouse pra dentro, e soio así puido San Pedro verse zafo do bo do galego.

Avelino Rodríguez Elías

O día dos milagres

Nicandro Grela era talmente un xudeu. Non tiña migallo de fe, nin había cousa sobrenatural na que crese.

Xa lle podían ir contando que tal veciño tiña sandado milagreiramente dunha doenza que o puxo a morrer; que tal outro alcontrara, con soio rezar o responso de San Antón, un faco que tiña perdido... ou que lle roubaran; que iama do crego, por se ter encomendado a unha Santiña da súa devoción, tornárase máis moza e máis rufa do que rialmente era.

El non cría nada.

Mais tiña un compañeiro, que era inteiramente o rivés de Nicandro.

Iste compañeiro chamábase Rebastiano, e non podía oír con calma que Nicandro negara cousas que pra el non tiñan migallo de dúbida.

—¿E se ti viras un milagre, eras home de seguir negando que os haxa? —preguntoulle un día.

—Tiña que ser un verdadeiro milagre, pra que eu crese nel —respondeu.

—Pois acouga, que eu che amostrarei, non un soio senón uns cantos.

Cuasementos estaban pra chegar unhas eleucións de concexales, e na víspera de votación, preguntoulle Rebastiano a Nicandro:

—¿Ti coidas que unha persoa human poida estar o mesmo tempo en Galiza e mais nas Américas?

—Home, iso é impusible —respondeu Grela.

—Pois eu che amostrarei coma pode ser.

—Verémolo.

—¿E coidas —tornou a perguntar Rebastiano— que unha persoa pode estar morta e viva?

—Craro que non pode ser.

—¿Que non?

—¿Sica coidas que eu son parvo?

—Xa verás coma cambeas de maneira de pensar.

—No outro día foi Rebastiano buscar Nicandro, e levouno cabo nun colexio eleitoral.

—¿É aquí onde me ves mostrar os milagres de que me falabas?

—Aquí mesmo.

—Eiqué o que fan son falcatrúas.

Nisto preguntoulle o presidente da mesa a un eleutor:

—¿Coma se chama vostede?

—Manoel Cabanelas da Grela.

—¡Congrio! —dixo Nicandro— Manoel Cabanelas é meu primo, que marchou pra México fai sete anos.

—Pois agora está eiquí —respondeulle Rebastiano. —E mais vota. Efectivamente, votou.

A Nicandro constáballe que Manoel non tiña saído de México; mais en por iso acaba de dar o seu sufraxio.

—¿Ves coma unha persoa pode estar ó mesmo tempo eiquí e mais nas Américas?

—Xa o vexo.

—Pois iso é un milagre. Mais escoita, que eí temos outro.

—¿Coma se chama vostede? —perguntáballe a outro eleutor o presidente. Chinto Meleiro Pardavila.

—¡Pro se Chinto Meleiro morreu fai tres anos! —dixo Nicandro.

—Xa cho creo que morreu; ben che me recordo, que inda lle fun ó enterro. Mais iso non lle fai, porque eí o tes votando.

—¿E vostede coma se chama? —tornaba a perguntar o presidente da mesa.

Andreu Portela Fechado.

—¡Outro morto! —berrou Grela.

—Que tamén vota —respondeulle Rebastiano.

—¡Tamén, tamén!

—¿Viches, amiguiño, coma os que están nas Américas veñen votar, sin faguer o viaxe?

—Vin.

—¿E coma os que morreron tamén veñen dar o seu voto?

—Tamén.

—Pois iso sonche milagres. ¿Cres ou non cres neles?

—Agora si que creo.

—Soio que estes milagres non se fan senón nos días de eleucións.

Avelino Rodríguez Elías

O té da serán

O que anda antre lobos, a oubear depende, di un refrán da terra.

Porque todo se apega niste mundo, non sendo a fermosura.

Por iso o que se axunta con xente bafua, nunca deixa de ser ninguén.

Mais aquil que se achega ós outos, romata por asubir tamén.

Migueliño Randufe era fillo dunha muller, dona dunha pousada de xente ruín e cativa.

O rapaz tiña tanto de fino coma súa nai, con perdón das persoas que me escoitan.

Mais deulle por xogar ó fútbol, resultou un dianteiro de moito mimo, e logo puido figurar nun dos millores equipos da súa vila.

Naquiles tempos aínda os xugadores do fútbol xogaban por afición, non por mor dos cartos, e nos equipos había decote rapaces ricos que cando saían para ir xogar a outra banda, non se privaban de nada.

Migueliño, cabo deles, íbase refinando pouco a pouco, e xa non arroutaba dimpois de xantar, nin lle decía á nai: “Non quero, non me dá a gana”.

Todo máis, cando non tiña ganas de faguer algunha cousa, respondía:

—Desculpe, mi madre, pero no le tengo voluntad de hacer iso.

Viña a ser o mesmo, mais dito dunha maneira máis fina e dun xeito máis elegante.

Unha das cousas que máis lle chocaron, foi que polas seráns, os seus compañeiros tomaban o té cunhas boas pastas.

Probou a tomalo il tamén, e sóupolle ben.

Así foi que unha serán, dimpois de retornar dunha saída a non sei que cibdá, díxolle Migueliño á nai:

—Mi madre, apropiárame el té.

—¡O té! —respondeulle a pousadeira toda admirada. —¿E logo seica estás doente?

—No, señora; no estoy malo.

—¿De verdá non che doi a barriga?

—No me le duele nada.

—¿Destonces para que che compre o té?

—Para la mierenda, como la giente fina.

—Rapaz, ti seica toleas.

—No toleo, no. Iso de que el té sirve para los dolores de barriga era en-
denantes, cuando le estábamos sin cevilizar. Ahuera el té para la mierenda.

—Vai rezar se non rezaches, home. Se queres tomar té, será porque adoeceches.

- Le digo a vostede que no; que es para la muerenda.
- Pois eu non che dou té ningún, como sea que che doia a barriga.
- ¿Y aluego que voi muerendar?
- Se tes fame, vai á lacena e alí alcontrarás broa e sardiñas do fumo.

Avelino Rodríguez Elías

Tamén a Colón o tiveron por tolo

Unha mañán, ha de haber disto seus bos tres anos, viu precurarme na miña casa, un tal Miguel Lourido, home que antre seus veciños tiña sona de non andar ben dos miolos.

— Señor Chuco —díxome con moita aquela: vostede quería escoitar dúas palabriñas?

— Home, anque sexan catro —respondinlle.

— Pois destonces, vou espricarlle do que se trata.

— Xa te escoito.

— ¿Vostede sabe o que lle socede ó que perde un brazo?

Lembreime da sona de tolo que tiña Lourido, mais en por iso respondinlle sin llo dar conecer:

— Pois socédelle que queda toco.

— ¿E non sabe tamén o que lle pasa ó que lle cortan unha perna?

— Que queda coxo sin remedio.

— ¿Vostede coida que é sin remedio?

— Coido.

— Pois aí está o engano.

— ¿Logo non quedan un toco e o outro coxo?

— Quedan; mais poden deixar de selo.

— Xa o sei: cun brazo postizo ou cunha perna de pau.

— Non é así.

— ¿E logo?

— Cun descubrimento que eu acabo de faguer.

— ¿Ti?

— Eu: eu soio.

— A ver, esprícate.

— ¿Vostede sabe que os caranguexos, cando perden unha pata, encoménzalle aixiña a saír outra?

— Sei.

— Pois non lle hai senón estraír un soro dos caranguexos e apricarllo ó cristián que teña a sorte ruín de perder brazo ou perna.

Quedei coma se me tiveran dito que resucitara miña bisaboa. Mais non quixen amosstrar moita estraneza, para non encerrar no tolo, e díxenlle soiamente:

— ¿E ti xa fixeches a proba?

— Non, porque non son médeco.

— Pois vai ver se alcontras un que cha queira faguer.

—Mais vostede, que é home de bo senso, ¿coida que o meu descubrimento dará resultado?

—Poida que o dea. Mais has ter conta cos ortopédecos.

—¿Con quen di?

—Cos ortopédecos, home; os que fabrican pernas e brazos artificiais.

—¿E ises que?

—Que che poden perseguir, porque lles vas dar cabo do negocio.

—Non ha de ter coidado, porque me defenderán todos os tocos e coxos.

—Non é ruín axuda.

E aguerguei, para me ver ceibo del:

—Vai ver se alcontras un médeco que che queira probar o descubrimento, antes de que alguén cho roube.

—Vou aixiña.

Nun distes días derradeiros tiven que ir a Santiago, e compriume visitar o Manicomio de Conxo, que xa fagúa tempo que o non vesitaba.

Cando menos o podía maxinar, escoitei unha voz que me chamaba por detrás dunha reixa:

—¡Síñor Chuco! ¡Síñor Chuco!

—¡Congrio! ¿Il eres ti?

—Si, son eu: Miguel Lourido.

—¿E que faz eiquí?

—¿Lémbrase do meu descubrimento?

—Si, o das patas dos caranguexos.

—Pois por mor dil, foron os ortopédecos que deron comigo eiquí, decindo que eu estaba tolo.

—¿Eu non cho dixen?

—Dixo.

—Mais non che dea coidado, que tamén a Cristovo Colón o tiveron por tolo, e mais en por iso rotatou por trunfar. E a ti hache soceder o mesmo.

—¿Vostede coida?

—¿Logo non?

E salín do Manicomio decindo antre min.

—O que ha de ser, ten moita forza.

Avelino Rodríguez Elías

O luito de alivio

Xepe das Moreiras non se levaba ben coa sogra. Nin tal era pusibre, porque dona máis ruín que aquela, non viñera outro ó mundo.

Mais o que é hipócrita, iso si que o era.

Entramentras que Xepe non se lle casou coa filla, todo se lle tornaban festas e agarimos pró bo do rapaz.

E Xepe, que era un coitado, caeu na gaiola, casou coa filla da tía Marica das Retortas (iste era o nome da sogra) e coidou que iña ser moi feliz e ditoso.

E fóraio, se non andivera polo medio e recondenada da vella. Porque a muller, que non saíu en nadiña á nai, tiña todas as condicións para que un home se sentira nas ledicias da groria ó seu lado.

Para que a tía Marica non quedara soia no seu lar, Xepe levouna prá súa veira, e millor fora, cando tal fixo, que lle ardera a casa.

Xa logo pola mañán, ó erguerse do leito, bouraba con el, decíndolle, aunque aínda acabara de amanecer, se aquilas non eran horas de ir pró traballo.

Ó medio día tornáballe a bourar, porque, viñese cedo ou viñese tarde, sempre lle había decir que por mor del, comían de cote o compango frío como a neve.

E pola noite, anque Xepe non se tivera parado en ningures a falar con ninguén, ela habíalle rosmar, decindo que tiña estado na taberna.

Isto era un horario fixo de todos os días. Porque polo medio del, aínda alcontraba a tía Marica mil cousas para lle poñer o sangue coma a fel ó xenro.

A muller de Xepe protestaba moitas veces, decindo que aquila non era maneira de tratar un home tan bo, tan cumpridor dos seus deberes de casado e de tan boas costumes coma Xepe.

Mais a vella retrucáballe decindo que non debía tratalo doutro xeito, porque tan aixiña coma se lle deixara un migallo de corda solta, Xepe habíase perder coma todos.

O bo do xenro, que non era do pao do Xob, foi aguantando, para non lle dar un desgusto a parenta, hastra que un día romatouse a pacencia, botou man dun estadullo, prantouse diante da sogra e berroulle coma un condergado:

—Se agora mesmo non se cala vostede, fêndolle a cabeza ó medio.

—Iso veríamola —respondeulle a vella, toda admirada de que Xepe tivera somellante arroutada.

—¿Qué o non fago? —pois agora mesmo o vai ter.

Xa tiña Xepe o pau ergueito, para o deixar cair enriba da vella, cando súa muller se agarrou a el, berrando toda asustada:

—¡Polo amor de Deus, Xepiño da miña ialma, que te vas perder!

—¡Déixame que acabe con ista cóbrega!

—¡Que vas romatar os teus días nun presidio!

O que unha muller non poida, non o pode un príncipe da India.

E a muller de Xepe calmou nel hastra lle faguer ceibar o pau.

Non chegou, polo tanto, a bater na sogra. Mais a vella pillou tal perrincha cando veu que o xenro xa non lle aguantaba máis rosmazos e que, por enriba, amostraba xenio dabondo para lle poñer o cabuzo en anaquiños, que arrimou á cama e non houbo ceruxán que lle valera.

Quer decir que estourou coma unha castaña no lume.

Xepe fíxolle un enterro dos millores e botou un luito que non levaba no traxe, no chapeu, na crobata e nas demais prendas da roupa de fóra, nin un fío que non fora negro como as ás do corvo.

—¿Sabes, Xepe, que non comprendo unha cousa? —díxolle un día un veciño.

—¿Que cousa?

—Que levándote tan mal coma te levabas coa defuntiña da túa sogra, lle botaras un luito tan rigoroso.

—Porque iste é un luito de alivio.

Xa o creo que era de alivio, porque de certo que o morrerlle a sogra, Xepe quedou aliviado para toda a súa vida.

Avelino Rodríguez Elías

Ter honra a custa doutro

Moitas veces volo teño dito: un mal veciño é peor do que unha peste negra.

Roque da Cela e mais Xaquina, súa muller, tiñan na veciñanza unha familia tan ruín coma se fora feitura do mesmo demoro.

A Manoel, o pai, botábanlle a sona de rabuñante; a nai, Belarminia, botara dous fillos do mundo na incrusa antes de se casar; a filla máis vella do matrimonio andaba pola vila pintada e adobiada, e a máis nova tamén xa encomenzaba a ser moi amiga dos señoritos.

Por enriba de todo isto, tiñan todos eles unha léngua, que era peor do que o ferrote dunha cóbrega pezoñenta.

Na boca daquela xente non había na veciñanza home de ben nin muller concreto.

Mais, iso si, deles nadie tiña nadiña que decir, porque home máis verdadeiro que Manoel e muller máis honrada de que Belarminia e mais as súas fillas, non había nadie sobre da terra. Polo menos iso decían eles á boca chea.

Roque da Cela tiñalle moi encarregada á súa dona que precurase non ter nunca custión algunha coa familia de Manoel.

E por máis de que Belarminia xa se metera algunhas veces con ela, Xaquina nunca lle fixera caso.

Mais Belarminia, tomando isto a despercio, romatou por encirrarse contra da muller de Roque, e unha mañán, por mor dunhas galiñas de Xaquina que chegaron cabo da súa porta, armoulle custión e chamoulle cantas quixo e unhas poucas máis.

Xaquina, de comenzo, non lle fixo caso; mais en se lle concruíndo a pacencia, respondeulle con catro frescas, que a deixaron talmente arrente do chan.

Belarminia, que tiña sido a pirmeira en asoballar a honra de Xaquina, laiouse do que Xaquina lle dixera, e retrucoulle aixiña:

—Iso que vostede me acaba de chamar, hálle custar mo caro.

Prantouse na vila, falou cun dos amigos das súas fillas, domandou Xaquina por inxurias, e tornouse trunfante para a súa casa.

Cando Xaquina lle contou, toda chea de medo, ó seu home que a tiñan citado para ir ó Xuzgado de Paz, Roque respondeulle todo enrabeado:

—¿Eu nokn cho tiña dito? Pois agora imos ver coma saímos dista sari-lada.

Chegou o día do xuízo, e de tal xeito lle tiñan arranxado as cousas a Belarminia, que somellaba que nunca houbera no mundo muller máis honrada e máis dina do que ela. En troques, Xaquina aparecía alí coma se ela fora do máis ruín que nunca se tivera visto nin conecido.

Non marraron os testigos falsos que xuraran por canto houbera que xurar, que Belarminia estaba moi asosegado na súa casiña, cando Xaquina se foi meter con ela, chamándolle isto e mais aqueloutro.

Naturalmente, Xaquina foi condenada, e Belarminia saíu do Xuzgado máis tesa de que unha reina.

E Xaquina, chorando coma unha Madalena, aínda tivo que escoitar isto que o seu home lle decía:

—Xa o ves: eles non tiñan honra, e viñeron gañala para toda a súa vida á nosa custa.

Avelino Rodríguez Elías

¡Unha cóbrega!

Purdencio das Carballeiras e Maripepa do Medio, súa muller, tiña un fillo soio, de nome Catalino.

E coma non estaban mal de cartos, decidiron darlle unha carreira.

Purdencio e Maripepa eran aldeáns. Fórano toda a vida. Aldeáns naceran e aldeáns habían morrer.

O coidado constante dos bens que un mais o outro herdaran na freguesía onde naceran, non os deixaba saír de alí.

Pro, iso si, gustáballes que o fillo fora señorito, e non aldeán coma eles.

Non pensaron que no día de mañán, cando eles fecharan os ollos, todos os seus bens terían que pasar, para o coidado debido, a mans alleas e mercenarias.

A custión era que o fillo fora señorito e non tivera que andar coma eles, fozando na terra, munxindo nas vacas e arranxando no cortello dos bacos.

Cando Catalino tivo idade para iso, metérono de interno nun colexio da vila, oínde estudou o Bachirelato e onde encomenzou a perder os costumes e as maneiras aldeáns que trouxera do eido nativo.

Mais cando se romatou de refinar, foi cando, xa feito un Bachiler, marchou para Santiago de Compostela, onde había estudar carreira mor.

Isto da carreira, foi cousa que na súa casa se descotiú e cavilou moito.

A de médeco non lle gustaba ó rapaz, porque hastra cando deitaba sangue polo nariz, lle pegaba un desmaio.

Boticario non quixo a nai que o fora, porque decía que para andar cos potes e coas tarteiras, abundaba ela.

A de abogado, isa si que lles gustou a todos.

En sendo abogado, o rapaz podía chegar a cacique, a deputado, quizabes a ministro e poida que hastra a xefe do Estado.

Craro que tamén o podía ser sin o título de abogado pro, vaítes, os abogados teñen medio camiño feito coa súa carreira e co seu bufete.

Decediuse, polo tanto, que Catalino estudase leis. E estudounas.

Non sei se lle quedaron nos miolos, mais o que foi estudar, vaítes se as estudou.

Xa dixeran que na cibdá do Apóstol foi onde se romatou de refinar e faguer un señorito, que era o que os pais desexaban.

Cando dimpois de aprobar o primeiro ano, chegou ó eido, nin os mesmos pais o conecían cuasque.

Hastra levaba crobata. ¡Mais que crobata! Verde, cunhas pintas roxas e unhas riscas amarelas, que aquilo era o que nunca se tiña visto na aldea.

¡E logo coma cambera de costumes e de xeitos!

O xantar, xa non se limpaba coa man, senón cun pano que lle chamaba servilleta, e de noite, chovera, ventara ou fixera lúa, durmía coa fenestra aberta.

Isto era o que á nai non lle parecía ben.

—Calquer noite —decíalle —éntranche pola ventán e dan cabo de todos nós.

—¿Y quién va ser el ousado o el audaz que apenetra estando yo eiquí?

—respondíalle Catalino.

—¡Que sei eu! Un ladrón ou un mal veciño.

—Pues se alcontraría comigo, que me parece que no soy manco.

—Xa o creo que o non eres, meu filliño.

—Pues aluego no tenga coidao.

—¿E se che entra un animal?

—¿Que animal, mi madre?

—Unha cóbrega, un sapo, unha píntiga, un can adoecido ou unha curuxa.

—Le ripito que no tenga coidao.

Dendes que se fixera señorito, Catalino xa non almorzaba caldo de berzas con broa, senón café con leite, e ós domingos, chicolate.

E para iso habíallo levar súa nai ó leito.

Unha mañán, non ben tiña entrado a señora Maripepa do Medio no cuarto do fillo, para lle levar o almorzo, pegou un berro, deixou cair a louza e deitou a correr coma se lle tiveran posto un foguete.

—¿Qué che pasa, muller? —perguntoulle Purdencio todo asustado.

—¡¡Unha cóbrega!! ¡¡Unha cóbrega!! —respondeulle a dona, cuasque sin alento.

—¡Unha cóbrega! ¿Onde?

—No cuarto de Catalino.

—Ti seica toleas.

—Non, que a vin polos meus ollos.

—¿De veras?

—Coma te estou vendo a ti.

—¿E o rapaz dorme?

—Coido que si.

—Pois logo hai que ir matala, non sea o conto que lle espete o ferrote e nos deixe sin fillo.

—Eu non vou, que teño medo.

—Irei eu.

—Leva o can.

—Xa pensaba niso.

—E chama polo criado.

—Tamén.

—E ir ben armados.

—Eu levo unha macheta.

—¿E por que non levar a carabina?

—Porque, co cheiro da pólvora, pódese encerrar e botarse a nós.

Chamaron polo criado e mais polo can, e cando todos estiveron xuntos, derexíronse amodiño ó cuarto do fillo.

Purdencio abriu a porta, e non lle faltou nadiña para caír redondo.

Alí estaba a cóbrega, xunto do leito. Mais debía de estar morta, porque non bulía.

Non era moi grande, mais tiña unha pel de moitos coores, polo que debía de ser moi pezoñenta.

O criado tremía co medo e todo se lle tornaba poñerse detrás do amo.

E o amo non se astrevía a dar un paso para adiante.

O que non tivo medo ningún foi o can, que entrou coma se tal cousa, derexiuse á cóbrega, colleuna cos dentes e púxose a xogar con ela.

—Ten coidado, Canelo —decíalle o amo— que cheo pode trabar.

Mais o can non lle fixo caso.

Hastra que se despertou Catalino e vendo o que pasaba, berrou dende o leito:

—¡Acouga, Canelo, que me estropeias la mejor crobate que marquín en la rúa del Villar!

Avelino Rodríguez Elías

O lameiro da santisa

Belbino Casalruibo tiña un xenio de todos os díaños.

E por enriba diso, era teimoso que metía medo.

Home que lla fixera, ou que se lle afegurase a el que lla tiña feito, había-lla pagar cedo ou tarde.

Un día metéuselle nos miolos que Filiberto da Costa lle tiña segado unha pouca de herva no lameiro da Santisa, e non había vez que se atopase con el, que lle non falara do asunto, decindo que lle había facer e acontecer.

Feliberto negaba somellante cousa, decindo que era unha calunia e que nin siquera tiña posto os pés no lameiro; mais era coma se llo contara ó vento.

Aquilo iña romatar mal, e romatou.

Alcontráronse unha serán na congostra das Alleiras, e, coma non podía ser doutro xeito, Belbino dereixiuse a Filiberto, para lle decir:

—Aquila cesta de herva que me roubaches na Santisa, has de ma pagar ben paga.

—Eu non che roubei herva ningunha.

—Teño testigos.

Non tiña, que se os tivera, xa faguía ben tempo que tiña metido Filiberto nas gadoupas da Xusticia. Mais decía que os tiña, para lle meter medo.

Feliberto xa estaba canso de lle oír decote a mesma trécola, e aquela serán retrucoulle:

—¿Queres saber a que che digo?

—Que me vas pagar o valor da herva.

—Coma non cho pague o demo, de min non levas nin un carto.

—¿Destonces que cousa era a que me tiñas que decir?

—Que xa estou farto dista custión, e que se me volve falar dela, vouche dar que sentir.

—¿Ti a min?

—E mais ó teu pai que viñera do outro mundo.

¡Quen tal lle dixo! Ergueu Belbino a man, para lle zorregar unha lambada, que se lla chega a dar, desfacialle os fociños.

Porque coma home de forza, Belbino era dos primeiros da freguesía.

Mais Filiberto gañoulle a vez, e antes de que Belbino tivera tempo de deixar casi a man, dáballe el, cunha fouce que levaba, tal golpe no ventre, que a pouco máis rebándalle o corpo ó medio.

Caeu Belbino coas tripas saíndolle pola ferida, e cando acodiu xente para lle valer, coidaron todos que aquilo xa non tiña romedio.

Levárono xunto do médico, que lle fixo unha cura de urxenza, e virándose prós parentes de Belbino, díxolles que precisaba de o levaren aixiña pró hespital de Santiago.

Así se resolveu, e o médico acompañouno, por si lle daba algo polo camiño.

Cando chegaron ó hespital de Santiago, reconeceuno un dos millores zruxáns que alí coidan de compoñer na xente. E cando iste zruxán viu coma lle levaban aquel firido, tornouse pró outro médico, e perguntoulle:

—¿Vostede trai todos os papeles?

—Non houbo tempo —respondeulle o médico da aldea, porque coma ve, a cousa era urxente dabondo.

—¿E non trai siquera o premiso do enterrador?

—¡Coma o premiso do enterrador! —dixo o médico da aldea medio enra-bechado, coidando que o da vila trataba de se bulrar del.

—Pois craro, home. Porque o que vostede trai eiquí, non é home, senón un cadavre.

Mais o ouro, que non era parbo nin cousa que o pareza, respondeulle con risa de coello:

—¡Coma din que vostedes eiquí fan milagres, pois viña ver se o resocitaba!

E resocitouno, porque de alí a catro ou cinco somanas, tornábase Belbino pró seu lar, san e salvo. Máis, eso si sin ganas de tornar a falar da herva da Santisa.

Avelino Rodríguez Elías

Algunha vez había calar

Din que as mulleres morren se non falan, e que endenantes pasan sin comer do que estar caladas.

Non sei se con todas as mulleres socederá iso, mais o que é Catelina Ameixeiras, a muller de Perucho Rañadelas, non negaba tal dito.

Dona máis faldeira do que aquela, nunca na vida se vira.

Hastra cando durmía soñaba alto, para non estar calaba naquelas horas. E se non soñaba, botábase a roncar que aquilo era rialmente un estrumento músico dises de metal dourado que dan unha chea de voltas ó redor do que os toca.

No comenzo, Perucho Rañadelas non podía aturar somellante máquina de verbas ou muíño de vento de oracións.

Procurou poñerlle cobro a tanto falar, mais non ben lle dixo á dona que nonalara tanto, logo lle saíu ela respondendo:

—¿Seica queres que cale de vez? Pois para non ter unha muller que fale, ben che poideches casar cunha muda.

—Non, muller, si eu non quero que enmudezas. O que me parez é que debía comprirche falar un pouco menos.

—¡Nin que me pasar toda a vida falando!

Non había xeito de se entender. E Perucho romatou por deixala falar canto quixera.

Acostumouse a ouvila, coma o dono dunha serreiría se acostuma ó ruído das serras cortando nos toros dos piñeiros, e cando Catelina calaba un migallo, para tomar un bocado de alento, Perucho hastra coidaba que tiña quedado xordo.

Un día Catelina adoeceu. E arrimou ó leito.

O home tróuxolle médico, porque, anque faladeira como unha laberca, Catelina era muller de lei, e Perucho tamén non era desleigado.

O que máis agoniaba Catelina, era que non podía durmir. Mais calar, iso si que non era muller de o faguer.

—Isto é custión dos nervos —díxolle o médico.

—¿E terá romedio? —perguntoulle Perucho.

—Home, todos os males teñen romedio, cando non son de morte.

—Fágome cargo.

Escrebiu o médico unha receita que Perucho non foi capaz de ler, e saíu decindo que tornaría.

Tornou, efeutivamente, no outro día, ealcontrou Catelina un pouco pior.

—Son os nervos, ¿non si? —perguntoulle Perucho.

—Os nervos e mais outra cousa que se presentou agora e que non faguía falla ningunha.

—¿Que cousa?

Encomenzou o médico a espricarlle. Mais fíxoo de xeito tan centífico, que Perucho quedou coma se tivera escoitado un sermón de Coresma na lingua dos chinos.

Total, que Catelina foi para peor. Mais durmir non durmía. E calar tampouco.

Falaba de día, falaba de noite. Falaba decote, porque coma non lle viña o sono, tiña todas as vintecatro horas do día para falar.

Seguíanlle dando o medicamento receitado pirmeiramente, que era para faguela durmir.

E por fin durmiu. Botou uns sonños cativos, mais durmiu.

¡E que cousa tan milagreira, mentras durmía, nin falaba nin rosnaba!

—Vaites, vaites —dixo para entre si Perucho, —xa era hora de que calaras.

Os sonos foron sendo mores, hastra que unha serán quedou Catelina tan profundamente durmida, que non despertou nunhas poucas de horas.

Botouse a noite enriba, e a doente seguía durmindo. Pola amañecida aínda non despertara. E saíu o sol, e o sono seguía.

Hastra que chegou o médico.

—¿Que hai de novo? —perguntou.

—Pois que Catalina durme dendes onte pola tarde —respondeu Perucho.

—Xa decía eu que a miña receita non podía deixar de faguer efecto.

—Ai coma faguer, fíxo.

Mais non ben chegou o doutor cabo do leito da doente, virouse para Perucho, e díxolle con certa aquela:

—Conque a túa parenta durme ¿non?

—Eu coido que si.

—O que está ela é tan morta coma miña bisaboa.

Ficou Perucho medio pampo. E por romate escramou:

—Xa me parecía a min que soio estando morta podía botar tanto tempo calada.

Avelino Rodríguez Elías

Unha boa oferta ó santo

Home máis cutre do que Tomé Mariñán, no se vira nin se coidara ver na súa terra, aló polo Ribeiro.

Non daba esmolas ós probes, porque decía que a dar ninguén se puxera rico; non se casar, por non ter que manter muller; non tiña criado nin criada, porque non precisaba de que o servira naide, e a mor alegría que tivo neste mundo, foi cando se ordenou de non ter que pagar un can pequeno por cada carta que se recibira polo carreiro.

Craro que el tiña o bo costume de non escribir cartas a ninguén e de responder cunha tarxeta postal cando non tiña outro remedio, por iso non lle afeutou o aumento de cinco céntimos que tivo destoncos o franqueo de cada carta. Mais en troques aforrou un cadelo por cada carta recibida, e iste aforro considerouno Mariñán unha verdadeira fortuna.

Toda a súa riqueza, que non era pouca, compúñase de viñedos. E os seus viños vendíanse ben, porque coma de boa calidá si que o eran.

Mais viu unha anada ruín, e tanto el coma os demais cosecheiros do Ribeiro colleron moi pouco vino.

Mariñán coidou que adoeecía. Consolouse un migallo considerando que non era soio a perder naquel ano e que quizabes pró vindeiro correran millor as cousas.

¡Vaiche boa! No ano seguinte aínda as cousas foron para peor, e Tomé andivo uns cantos meses morre que morre.

Non morreu, porque era forte coma un buxo. E foi millor que non morrera daquela, porque no terceiro ano desquitouse de todo canto xofrira nos dous anteriores.

Porque o que socedeu destoncos foi que viu unha de viño, que aquilo era mesmo un ben de Deus.

As latas coas cepas inzadas de cachos gordos coma noces, eran mesmo un regalo prós ollos.

Todos os cosecheiros andaban contentes coma unhas castañas. E todos eles cando se alcontraban co abade, por metíanlle unha boa oferta ó Santo Patrón da freguesía.

Hastra Tomé se sentiu xeneroso, e tamén el lle dixo ó crego:

—Coma todo iste viño vaia para adiante, heille faguer ó Santón un bo regaliño.

—¿Fala de veras, Sr. Tomé? —preguntou o crego todo admirado.

—Abofellas.

—Isto por forza é un milagre do Santo —dixo entre si mesmo o abade.

Contoulle o caso con moito secreto, a un ou dous fregueses, e an tes de media hora xa o sabía toda a veciñanza. E iso que o contara co mor sacreto, que si o chega a pregoar, chegaba a nova ó cabo do mundo.

Vingou todo canto viño había nas latas, e aquil ano xa non foi fartura, senón un deluvio nos lagares e nas adegas.

Encomenzaron os cosecheiros a cumprir canto oferceran ó abade.

Un pagou unha función extraordinaria ó Santo, con múseca melitar e todo, tres bos gueiteiros, sermón por predicador de fóra e orquesta de capela da vila.

Outro regaloulle á imaxe unha capa de terzopelo bordada de prata que daba xenio.

Houbo quen mandou pintar e dourar o altar por pintores que fixo vir de Portugal.

Non faltou quen pagara unhas ducias de misas.

Por conta doutro fixéronse unhas andias novas para cando saíra o santo na procisión.

E derradeiramente sópouse cal era o regalo que Tomé Mariñán lle faguía ó santo: un cacho de uvas tan cativo, que non afartaba nin un neno de catro anos.

Avelino Rodríguez Elías

Divorciarse por non se entendere

Xaquín Bugadillo tíñase casado con Sabela do Muíño faguía os seus bos dezasete ou dezaioito anos.

El era home traballador e ila muller de goberno. Mais en por iso nunca saían de probes.

E non saían de probes, porque dendes que, ós dez meses e vinte días de casados, tiveran o primeiro fillo, aquilo fora unha cousa de nunca máis parar.

Cada ano o seu fillo, cando non viñan dous dunha vez.

Certo que lles morreron algúns, mais cando tal socedía, logo lle chegaba ó matrimonio un encárrago de París de Franza, ou de onde sea que veñen tales regaliños.

O conto era que antre parteira, bauticeiros, roupa e demais cousas para somellante patulea de rapaces, Xaquín e Sabela nunca tiñan un carto.

Xaquín borregaba con Sabela, e Sabela enrabechábase con Xaquín.

—Ti tes a culpa de que non poidamos aforrar nin un chavo pequeno —decía o bo do homiño.

—Non tal, que a tes ti —respondíalle a malpocada da mulleriña.

—Eu non. ¿Non che entrego canto gaño?

—Pois eu tampouco. ¿Non ves que xa non poido estirar máis os cartos? O que socede é que ti non gañas para canto precisamos.

—Porque os tempos están cativos. Que polo demais, eu máto-me a traballar.

—Pois eu milagres non poido faguelos, que non son santa do ceu.

—Nin eu sei onde aalcontran as minas de ouro.

Ista era a trécola de todos os días. Soio que canto máis bouraban, máis se encirrababan.

Aquilo somellaba que iña romatar de maneira ruín, cando se promulgou a Lei do Divorcio na España.

Sabela non se enteirou, porque a coidar dos fillos, nin tampo tiña para lle pasar os ollos por enriba ós papeles.

Xaquín foi o que se enteirou, e unha mañán que berregaban como deco-te, porque Sabela decía que non lle chegaban os cartos que tiña pró gasto do día, respondelle que xa estaba farto de aturala.

—Quen atura eiquí, son eu —retrucoulle Sabela.

—Pois isto ten bo remedio.

—¿Cal?

—Divorciándonos.

—¿Divorciándonos!... ¿E iso que é?

—Soparándonos para toda a vida.

—¿E il pode ser?

—Xa cho creo. Para iso hai unha lei nova.

Sabela non calculou, co enrabechada que se puxera, as conseqüenzas que aquilo podería ter para ela, e asentou que era mellor pedir o divorcio do que estar todos os días daquela maneira.

E sin pensalo máis, prantáronse os dous na rúa e foron falar cun procurador amigo deles.

—Queremos divorciarnos —dixéronlle.

—¿O que? —preguntou o curial coidando que non entendera ben.

—Que nos queremos divorciar —respondeulle Xaquín.

—Iso é; que nos queremos divorciar —afirmou Sabela.

—Parezme que o non pensástedes ben —dixo o procurador.

—Está dito —respondeulle Xaquín coa firmeza dunha pedra.

—E pensado —aguergou Sabela.

—Pois xa que o pensástedes...

—Pensado está.

—¿Que cousa ou que motivo queredes alegar?

—Que non nos entendemos.

—Está ben; incompatibilidá de caraute.

—¿Tendes moita prole?

—¿Moita que?

—Que si tendes moitos fillos.

—Dezaseis —dixo Xaquín.

—E un que está para vir —añadiu Sabela abaixando os ollos.

Quen os non abaixou foi procurador, senón que os abriu canto puido, ollando pró matrimonio. E comentou:

—Dezaseis fillos e un para vir, son dezasete. ¡Pois se non fora pola incompatibilidá de caratue, non sei onde íbades parar!

Avelino Rodríguez Elías

O que se namorou da nai da noiva do meu sobriño

Xa vos teño falado máis dunha vez do meu sobriño Manoel. ¿Non vos lembrades? Aquil sobriño que teño estudando en Santiago fai non sei cantos anos.

Évos un estudante de moito porveito, que para que as asinaturas lle fiquen ben nos miolos, repíteas dous ou tres anos.

Os amigos din que iso é porque non as aproba, mais son ganas de falar para feira.

En troques adevírtese que dá xenio. E fai ben, porque para rabear e padeecer, réstalle tempo dabondo pola vida adiante.

Gústalle o beile que rabea, e polo Entroido derradeiro, non perdeu beile do Mercantil nin do Casino de Santiago.

Custar custoume o lle ter que faguer un traxe de atiqueta, mais pagueillo de boa gana, porque eu tamén beilei canto puiden no meu tempo.

Coma ten boa fegura, vinte reás na faltriqueira e un tío sin máis herdeiros do que il, trunfa e runfa onde queira que se atope.

E hastra botou noiva e todo: unha rapaza de boa xente, filla úneca e non mal parecida, porque coma rapaz de gusto, non é porque se meu sobriño, pro ha de ahaber poucos que lle poñan o pé diante.

A nena ten unha nai aínda moza, porque se casou noviña, e tan amiga de se adevertir como a filla.

As dúas foron ós beiles onde iba tamén meu sobriño, e para que a nai puidera beilar sin dar que falar ás bocas do mundo, decidiron de ir coa cara cuberta.

A filla tiña dabondo co seu noivo. Mais a nai beilou canto quixo con quen se achegou a ela para lle pedir beile.

O díaño foi que a un dos que beilaron con ela, gustoulle pola fegura, pola voz, polos ollos ou polo xeito de manear os cadrils cando beilaba, e encomenzou a faguerlle o amor polo fino.

A boa da muller, de comenzo, alcontrou aquilo moi chuscarrandeiro. Mais cando il lle dixo que a quería acompañar cando saíran do beile, destonces foi que lle pareceu que o conto púñase un migallo serio.

Turrou e descotiu con el un bo cacho de tempo, e vendo que non era muller de o convencer para que a non acompañase, foi xunto do meu sobriño contarlle o que lle socedía.

—¿Non é máis do que iso? —perguntoulle Manoel.

—¡Seica che parez pouca cousa! —respondeulle a siñora.

—Iso non val un feixón, e vouno romediar nun instante.

—¿Vas ter custión con il? Iso non, Manoel, polo que máis queiras.
—Non vou ter custión ningunha, senón que por enriba aínda me vou rir unha somana arreo.

—Mais non me comprometas.
—Estea descoidada, señora. E cando queira, pódese marchar coa súa filla, que eu lle aseguro que ise home non as ha de seguir.

—¿E ti non ves connosco?
—Desta vez, non.
—¿Destonces...?
—Vostede vaia asosegada. O que lle pido é que, soceda o que soceda, vostedes non se deteñan hastra se meter na casa.

—¿Seica lle vas bater?
—Xa lle dixen que vai ser cousa de risa.
—Olla que non vou ir tranquila.
—Vaia asosegada.
A señora e mais a filla moraban na Azabacheiría. De maneira que tiñan que pasar pola Quintana.

Antes de chegar alí ouservaron que o anemorado galán da nai iba segíndoas de perto.

—Manoel non compriu o prometido —dixo a nai. —E si este home chega saber onde moramos, estou comprometida.

—Pois eu estou segura de que Manoel non nos abandona.
Nisto oíron detrás delas unha voz queda, mais enérxica, que decía:
—¡Alto!! Mans arriba.

A nena coneceu aixiña naquela voz a do seu noivo, e díxolle á nai:
—Eí o tes.
—Ai, Santísimo Cristo de Conxo, ¿que lle irá faguer? Vou tornar atrás, para volver polo malpocado do home.

—Non fagas somellante cousa. Xa sabes o que dixo Menoel; que non fixéramos caso do que socedera.

—Si, mais...
—Anda e non te deteñas, para chegar correndiño a casa.
Seguiron andando, subiron polas escaleiras da Quintana coma un lóstrego, e de alí a un nadiña de tempo alcontrábanse na casa.

No outro día, cando Manoel lles contou o que tiña feito, coidaron que estouraban coa risa.

Manoel púxose dacordo cun amigo e compañeiro de esmorgas que tamén estaba no beile, e os dous foron seguindo ó que seguía ás dúas mulleres.

Mesmo ó entrar na Quintana, Manoel púxoselle diante, acenándolle coa man pechada, coma se fora unha pistola, e díxolle:

—¡¡Alto!! Mans arriba.

Mentras tanto o amigo de Manoel prantáballe un dedo nas costas, somellante que era o cano doutra pistola, e rosmáballe nun ouvido:

—Se fai vostede o máis pequeno movemento, morre eiquí coma un gato esfolado.

—Tomen vostedes a carteira e mais o rilós, e non me fagan mal –rogou o atracado.

—Veñan –respondeulle Manoel.

—Eí van.

—A carteira non ten cousa de valor –dixo o meu sobriño cuasque sin a rexistrar, –e o rilós non val nada; é de folla de lata.

—Iso si que non –protestou o outro –que é de ouro.

—¿Vaimo decir vostede a min, que teño roubado moitos?

—Pois logo non sei que máis lles vou dar.

O meu sobriño calculou que a nai e mais a filla xa tiveran tempo de chegar á Azabacheiría e de se meter na súa casa, e ordenou ó probe do home, que tremía coma un bimio:

—Pois xa que non ten cousa de máis valor que nos entregar, recolla istas, dea media volta, e outra vez non ateime en seguir ningunha muller que non queira ser seguida.

Comprendeuse destonces o atracado que todo aquilo fora unha andrómene para lle toller a conquista, e berrou moi enrabechado:

—¡Isto non se fai cun home de ben! E agora mesmo vou dar parte á policía.

—Onde vai ter que ir vostede non é á policía, senón ó Hespital –díxolle Manoel.

E pegoulle tal couce máis abaixo das rens, que o bo do home andivo catro ou cinco pasos coma se lle tiveran saído ás.

Avelino Rodríguez Elías

As pernas emprestadas

Teño criada nova. Cando o meu sobriño Manoel vai para Santiago, onde el di que estuda, aínda me paran as criadas.

Mais cando romata o curso e o rapaz ven pró eido pasar xunto de min as vacazóns, destonces cuasque non hai somana que non teña que andar conecendo caras novas.

Unhas porque lle foxen ó diaño do meu sobriño, e outras porque non lle foxen e teño que estornalas eu, a custión é que xa non sei cantas criadas levo tido dendes que Manoel tornou de Santiago.

Nos estudos recadará todos cantos suspensos poida, mais no tocante ás rapazas, saíu sobresalente de máis.

Nantronte tiven que botar fóra a moza que tiña collido faguía non máis do que catro días, e de seguida entroume outra que me parez que non romata nin xiquera a somana na miña casa.

Porque onte pola mañán mandeille que fora botar de comer ós currichos, e saleume con ista trécola:

—Señor Chuco, eu non me lle rebaixo a iso.

—¿O que? —respondinlle eu.

—Que eu entrei na súa casa para servir as persoas, mais non ós porcos, con perdón sea dito.

—A vostede tomeina para todo o servizo.

—Vostede está moi enganado.

—A enganada é vostede, porque si coida que viu poñer leis onde eu mando e dispoño, non acertou coa porta.

—Polas contas, señor Chuco, vostede non sabe quen eu son.

—A miña criada, e ningunha cousa máis.

—A súa criada, si. Mais tamén ha de saber que onde me ve, sonlle artista de cine.

—¡Artista de cine!

—De cine, si, señor.

—Vostede toleou, ou fixéronlle dano as papas do almorzo.

—¿Non me quer dar creto? Pois vaia ver a película que poñen hoxe na vila, e convencerase de que alí estou eu.

Non quixen seguir descotindo, e pola tarde fun ver a tal película.

Era das feitas nos estudos de Medrí e titulábase *El Lucero de por la mañana*¹, ou cousa somellante.

¹ O luceiro de pola mañá, tamén chamado “luceiro da alba” ou “estrela da alba” é unha denominación popular empregada para se referir ao planeta Venus cando resulta visible ao amencer.

Precurei non perder detalle ningún, e non vin a miña criada nin muller que se lle parecera, dende o comezo hastra o fin da fita.

Hoxe pola mañán collín a rapaza pola miña conta e díxenlle:

—Vostede iso de que traballou na película que fun ver onte, debeu de soñalo.

—¿E logo vostede non me viu?

—¡Que diaños iba ver!

—¿Vostede non reparou nun certame de pernas que ten a película.

—Reparei.

—Pois as pernas que levan o premio son as miñas. Conque xa ve si traballei ou non nisa película.

—¿Vostede seica coida que son parvo? As pernas premiadas son as da primeira dama.

—Non, señor; son as miñas. Cando ela amostra as pernas, ¿viulle vostede a cara?

—Non; soio amostra as pernas.

—Mais coma ela non tiña pernas que se poideran comparar coas outras, houbo que buscalas millores.

—Destonces vostede fixo de dobre, coma lle chaman.

—Iso mesmo. Eu empresteille as miñas pernas.

Fiquei cavilando no conto, e polo si ou polo non, decedín despedila. Porque coma ó meu sobriño gústalle que rabea o cine, eu non quero que cando me descoide, teña películas na miña casa.

Avelino Rodríguez Elías

Bibliografia

Bibliografía

- Cal Martínez, R. e Pérez Pais, M^a** del Carmen, *Repertorio bibliográfico sobre a prensa galega*, Santiago de Compostela: Edicións Lea, 1993.
- Carballo Calero, Ricardo**, *Historia da literatura galega contemporánea (1808-1936)*, Vigo: Galaxia, 3ª edición, 1981.
- Carré Aldao, Eugenio**, *La literatura gallega en el siglo XIX*, A Coruña: Librería Regional de Carré, 1903.
- González Martín, Gerardo**, *Pasión por Vigo: vida y obra del cronista Rodríguez Elías*, Vigo: Instituto de Estudios Vigueses, 2005.
- Hermida, Modesto**, *Narrativa galega: Tempo do Rexurdimento*, Vigo; Edicións Xerais de Galicia, colección Universitaria, 1995.
- ILG/RAG**, *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, Vigo; Instituto da Lengua Galega/Real Academia Galega, 2003.
- Ledo Cabido, Bieito** (ed.), *Enciclopedia Galega Universal (EGU)*, Vigo: Ir Indo Edicións, 1999.
- Molina, César Antonio**, *Prensa literaria en Galicia (1809-1920)*, Vigo; Edicións Xerais de Galicia, colección Universitaria, 1995.
- Peña Saavedra, Vicente**, *Repertorio da prensa galega da emigración*, Santiago de Compostela; Arquivo da Emigración Galega; Consello da Cultura Galega, 1998.
- Santos Gayoso, Enrique**, *Historia de la prensa gallega*, Sada; Edicións do Castro, Cadernos do Seminario de Sargadelos, 1995.
- VV. AA.**, *Gran Enciclopedia Galega Silverio Cañada*, Lugo; El Progreso/Diario de Pontevedra, 2003.

Fontes hemerográficas

Fontes Hemerográficas

Biblioteca da Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela

Biblioteca da Fundación Penzol de Vigo

Biblioteca da Deputación Provincial de Pontevedra

Biblioteca da Real Academia Galega

Biblioteca do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Biblioteca do Museo Provincial de Pontevedra

Biblioteca Fernández del Riego de Vigo

Biblioteca Padre Sarmiento de Santiago de Compostela

Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago de Compostela

Publicacións periódicas revisadas

Publicacións Periódicas Revisadas

Agrario, El (1917)

Boletín Oficial del Centro Gallego (1903)

Correo de Galicia (1908)

Eco de Galicia (1917)

Emigrado, El (1920)

Galicia (1926)

Galicia (1930)

Galicia en Madrid (1932)

Heraldo Gallego, El (1908)

Heraldo de Galicia (1919)

Irmandino (1958)

Labor Gallega (1914)

Mondoñedo (1926)

Nós (1920)

Nosa Terra, A (1916)

Pontevedra, Revista de estudos provinciais (1900)

Revista del Centro Gallego (1944)

Revista Oficial del Centro Gallego de Avellaneda (1899)

Tea, El (1908)

Tempos novos (1900)

Terra, A (1920)

Tío Marcos d'a Portela, O (1910)

Vida Gallega (1900)

Sinopse da divulgación dos Contos do Turreiro

Sinopse da divulgación dos Contos do Turreiro

Título	Xornal	Data	Sinatura
Ó entrar	<i>El Tea</i>	17 agosto 1912	Chuco de Canedo
Vivas e morras	<i>El Tea</i>	24 agosto 1912	Chuco de Canedo
A pastilla de xabón	<i>El Tea</i>	31 agosto 1912	Chuco de Canedo
	<i>O Tío Marcos</i>	20-21 decembro 1917	Chuco de Canedo
Doña Matilde, a Doutora	<i>El Tea</i>	7 setembro 1912	Chuco de Canedo
Vou de presa	<i>El Tea</i>	14 setembro 1912	Chuco de Canedo
Santos mártires	<i>El Tea</i>	21 setembro 1912	Chuco de Canedo
Letra de médico	<i>El Tea</i>	5 outubro 1912	Chuco de Canedo
	<i>Vida Gallega</i>		
10 xullo 1927			A. Rodríguez Elías
Vicios porcos	<i>El Tea</i>	12 outubro 1912	Chuco de Canedo
Unha ollada de amor	<i>El Tea</i>	26 outubro 1912	Chuco de Canedo
A palleta	<i>El Tea</i>	2 novembro 1912	Chuco de Canedo
	<i>El Eco de Puente Caldelas</i>	1913	Chuco de Canedo
	<i>Boletín Oficial del Centro Gallego</i>	15 xaneiro 1913	Chuco de Canedo
	<i>Vida Gallega</i>	20 abril 1927	A. Rodríguez Elías
A redención é santa	<i>El Tea</i>	9 novembro 1912	Chuco de Canedo
Cambear de estrumento	<i>El Tea</i>	23 novembro 1912	Chuco de Canedo
	<i>Boletín Oficial del Centro Gallego</i>	15 febreiro 1913	Chuco de Canedo
Todo a medias	<i>El Tea</i>	30 novembro 1912	Chuco de Canedo
Un toureiro galiciano	<i>El Tea</i>	14 decembro 1912	Chuco de Canedo
Os apuros dun fotógrafo	<i>El Tea</i>	28 decembro 1912	Chuco de Canedo

Ano novo... vida vella	<i>El Tea</i>	4 xaneiro 1913	Chuco de Canedo
Visita de pésame	<i>El Tea</i>	18 xaneiro 1913	Chuco de Canedo
	<i>O Tío Marcos</i>	21 setembro 1918	Chuco de Canedo
	<i>Vida Gallega</i>	20 setembro 1926	A. Rodríguez Elías
Ó fin, gallego	<i>El Tea</i>	25 xaneiro 1913	Chuco de Canedo
	<i>O Tío Marcos</i>	7 xaneiro 1918	Chuco de Canedo
Sermón protestante	<i>El Tea</i>	1 febreiro 1913	Chuco de Canedo
Cousas de Guillade	<i>El Tea</i>	8 febreiro 1913	Chuco de Canedo
O cañonazo	<i>El Tea</i>	22 febreiro 1913	Chuco de Canedo
A rogativa	<i>El Tea</i>	1 marzo 1913	Chuco de Canedo
Unha barba por amor de Dios	<i>El Tea</i>	8 marzo 1913	Chuco de Canedo
	<i>El Heraldo Gallego</i>	15 abril 1928	
Antre neos	<i>El Tea</i>	15 marzo 1913	Chuco de Canedo
A muller galiña	<i>El Tea</i>	29 marzo 1913	Chuco de Canedo
A desgracea dun premio	<i>El Tea</i>	5 abril 1913	Chuco de Canedo
	<i>Vida Gallega</i>	30 novembro 1931	A. Rodríguez Elías
Un apóstol astrevido	<i>El Tea</i>	12 abril 1913	Chuco de Canedo
Un corto de vista	<i>El Tea</i>	19 abril 1913	Chuco de Canedo
	<i>Boletín Oficial del Centro Gallego</i>	15 xullo 1913	Chuco de Canedo
	<i>Vida Gallega</i>	10 maio 1928	A. Rodríguez Elías
A industria de casar	<i>El Tea</i>	26 abril 1913	Chuco de Canedo
Unha ialma en pena	<i>El Tea</i>	3 maio 1913	Chuco de Canedo
	<i>O Tío Marcos</i>	20-21 xaneiro 1918	Chuco de Canedo
	<i>Vida Gallega</i>	20 xuño 1926	A. Rodríguez Elías
¡Que aproveite!	<i>El Tea</i>	10 maio 1913	Chuco de Canedo

	<i>Boletín Oficial del Centro Gallego</i>	15 setembro 1913	Chuco de Canedo
O cabelo dourado	<i>El Tea</i>	17 maio 1913	Chuco de Canedo
	<i>Vida Gallega</i>	10 abril 1928	A. Rodríguez Elías
A verdadeira redención	<i>El Tea</i>	24 maio 1913	Chuco de Canedo
Cousas do trasno	<i>El Tea</i>	31 maio 1913	Chuco de Canedo
	<i>Vida Gallega</i>	10 marzo 1928	A. Rodríguez Elías
Peor que o tabaco	<i>El Tea</i>	7 xuño 1913	Chuco de Canedo
O lobisome	<i>El Tea</i>	14 xuño 1913	Chuco de Canedo
A nai dos lobos	<i>El Tea</i>	21 xuño 1913	Chuco de Canedo
Un rapaz chistoso	<i>El Tea</i>	12 xullo 1913	Chuco de Canedo
Chuvia de doutoras	<i>El Tea</i>	19 xullo 1913	Chuco de Canedo
O escrúpulo	<i>El Tea</i>	2 agosto 1913	Chuco de Canedo
¡Cuchino o que falte!	<i>El Tea</i>	9 agosto 1913	Chuco de Canedo
As novas predicacións	<i>El Tea</i>	16 agosto 1913	Chuco de Canedo
A lamprea a mais a rabia	<i>El Tea</i>	24 agosto 1913	Chuco de Canedo
O Pai Noso	<i>El Tea</i>	30 agosto 1913	Chuco de Canedo
	<i>O Tío Marcos</i>	21 febreiro 1918	Chuco de Canedo
	<i>Vida Gallega</i>	30 maio 1928	A. Rodríguez Elías
O amor propio	<i>El Tea</i>	6 setembro 1913	Chuco de Canedo
O traslado da eirexa	<i>El Tea</i>	18 outubro 1913	Chuco de Canedo
O cartel	<i>El Tea</i>	25 outubro 1913	Chuco de Canedo
Os zocos de Xacinto Crespo	<i>El Tea</i>	1 novembro 1913	Chuco de Canedo
O óso	<i>El Tea</i>	15 novembro 1913	Chuco de Canedo
A herba rateira	<i>El Tea</i>	29 novembro 1913	Chuco de Canedo
O tesouro dos probes	<i>El Tea</i>	27 decembro 1913	Chuco de Canedo
	<i>La Voz de Galicia</i>	22 febreiro 1914	Chuco de Canedo
	<i>Vida Gallega</i>	10 xaneiro 1927	A. Rodríguez Elías

O timo das contas	<i>El Tea</i>	10 xaneiro 1914	Chuco de Canedo
Como se pilla un xordo	<i>La Voz de Galicia</i>	26 xaneiro 1914	Chuco de Canedo
	<i>O Tío Marcos</i>	7 maio 1918	Chuco de Canedo
	<i>Vida Gallega</i>	30 xaneiro 1928	A. Rodríguez Elías
A manteiga	<i>El Tea</i>	30 xaneiro 1914	Chuco de Canedo
A sorte dun madrugador	<i>El Tea</i>	6 febreiro 1914	Chuco de Canedo
¡Hastra os santos tiveron fame!	<i>El Tea</i>	13 febreiro 1914	Chuco de Canedo
Lembranzas do Antroido	<i>El Tea</i>	20 febreiro 1914	Chuco de Canedo
Preso por persoa de ben	<i>El Tea</i>	6 marzo 1914	Chuco de Canedo
	<i>Vida Gallega</i>	20 novembro 1927	A. Rodríguez Elías
O home salvaxe	<i>El Tea</i>	13 marzo 1914	Chuco de Canedo
	<i>La Voz de Galicia</i>	abril 1914	Chuco de Canedo
Hai que ser pai a tempo	<i>El Tea</i>	27 marzo 1914	Chuco de Canedo
¡Agora si que eres un home!	<i>El Tea</i>	3 abril 1914	Chuco de Canedo
	<i>Vida Gallega</i>	20 marzo 1928	A. Rodríguez Elías
O insulto dun inglés	<i>El Tea</i>	10 abril 1914	Chuco de Canedo
Un bo cazador	<i>El Tea</i>	24 abril 1914	Chuco de Canedo
	<i>La Voz de Galicia</i>	maio 1914	Chuco de Canedo
	<i>Vida Gallega</i>	31 marzo 1927	A. Rodríguez Elías
A sede dun predicador	<i>El Tea</i>	1 maio 1914	Chuco de Canedo
	<i>O Tío Marcos</i>	21 decembro 1918	Chuco de Canedo
Inda non amañeceu	<i>El Tea</i>	8 maio 1914	Chuco de Canedo
A venganza dos probes	<i>El Tea</i>	22 maio 1914	Chuco de Canedo
	<i>La Voz de Galicia</i>	xuño 1914	Chuco de Canedo
	<i>Vida Gallega</i>	30 decembro 1927	A. Rodríguez Elías

O castigo dos parvos	<i>El Tea</i>	29 maio 1914	Chuco de Canedo
	<i>Vida Gallega</i>	10 decembro 1926	A. Rodríguez Elías
Por picar no anzuelo	<i>El Tea</i>	5 xuño 1914	Chuco de Canedo
	<i>Vida Gallega</i>	30 decembro 1926	A. Rodríguez Elías
A loita contra o alcoholismo	<i>El Tea</i>	12 xuño 1914	Chuco de Canedo
O xordo que máis oíu	<i>El Tea</i>	19 xuño 1914	Chuco de Canedo
	<i>O Tío Marcos</i>	7 marzo 1918	Chuco de Canedo
	<i>Vida Gallega</i>	28 febreiro 1928	A. Rodríguez Elías
O tiburón	<i>El Tea</i>	26 xuño 1914	Chuco de Canedo
O creto dunha rapaza	<i>El Tea</i>	3 xullo 1914	Chuco de Canedo
	<i>Vida Gallega</i>	20 xullo 1930	A. Rodríguez Elías
O que supo un raposo	<i>El Tea</i>	10 xullo 1914	Chuco de Canedo
O refaixo da vella	<i>El Tea</i>	17 xullo 1914	Chuco de Canedo
	<i>O Tío Marcos</i>	7 xaneiro 1918	Chuco de Canedo
Eu voto contra as remudas	<i>El Tea</i>	24 xullo 1914	Chuco de Canedo
Os gramos do kilo	<i>El Tea</i>	7 agosto 1914	Chuco de Canedo
Estudantes e soldados	<i>El Tea</i>	14 agosto 1914	Chuco de Canedo
O sermón de San Xuán	<i>El Tea</i>	21 agosto 1914	Chuco de Canedo
	<i>Vida G.</i>	10 marzo 1927	A. Rodríguez Elías
A invención do grobo	<i>El Tea</i>	28 agosto 1914	Chuco de Canedo
A tallada dos cómicos	<i>El Tea</i>	31 agosto 1914	Chuco de Canedo
A estrea dun abogado	<i>El Tea</i>	4 setembro 1914	Chuco de Canedo
Como se fai feliz a un santo	<i>El Tea</i>	11 setembro 1914	Chuco de Canedo
Beilar de contento	<i>El Tea</i>	18 setembro 1914	Chuco de Canedo
O tenorio aldraxado	<i>El Tea</i>	25 setembro 1914	Chuco de Canedo
	<i>A Terra</i>	outubro de 1922	A. Rodríguez Elías
	<i>Vida Gallega</i>	10 novembro 1927	A. Rodríguez Elías
O perparo dos ollosmoles	<i>El Tea</i>	2 outubro 1914	Chuco de Canedo
Os bruxos	<i>El Tea</i>	9 outubro 1914	Chuco de Canedo

	<i>Vida Gallega</i>	31 marzo 1930	A. Rodríguez Elías
O billete máis barato	<i>El Tea</i>	16 outubro 1914	Chuco de Canedo
	<i>Vida Gallega</i>	30 setembro 1926	A. Rodríguez Elías
A terceira	<i>El Tea</i>	23 outubro 1914	Chuco de Canedo
	<i>O Tío Marcos</i>	21 abril 1918	Chuco de Canedo
	<i>Vida Gallega</i>	30 outubro 1928	A. Rodríguez Elías
O libre cambio	<i>El Tea</i>	30 outubro 1914	Chuco de Canedo
	<i>Vida Gallega</i>	20 setembro 1928	A. Rodríguez Elías
O barbeiro distraído	<i>El Tea</i>	6 novembro 1914	Chuco de Canedo
Un argonauta de Canedo	<i>El Tea</i>	13 novembro 1914	Chuco de Canedo
As amigas dos soldados	<i>El Tea</i>	20 novembro 1914	Chuco de Canedo
A carne de porco	<i>El Tea</i>	27 novembro 1914	Chuco de Canedo
A guindilla	<i>El Tea</i>	4 decembro 1914	Chuco de Canedo
A raposa morta	<i>El Tea</i>	11 decembro 1914	Chuco de Canedo
Os coellos roubados	<i>El Tea</i>	18 decembro 1914	Chuco de Canedo
Amansar un tolo	<i>El Tea</i>	25 decembro 1914	Chuco de Canedo
Por culpa de Noé	<i>El Tea</i>	1 xaneiro 1915	Chuco de Canedo
Vostede no es mi madre	<i>El Tea</i>	8 xaneiro 1915	Chuco de Canedo
As veciñas	<i>El Tea</i>	15 xaneiro 1915	Chuco de Canedo
	<i>Boletín Oficial del Centro Gallego</i>	novembro 1927	A. Rodríguez Elías
O albañil do convento	<i>El Tea</i>	22 xaneiro 1915	Chuco de Canedo
O chan do portal	<i>El Tea</i>	29 xaneiro 1915	Chuco de Canedo
Quen manda sou eu	<i>El Tea</i>	5 febreiro 1915	Chuco de Canedo
A madamita de fogo	<i>El Tea</i>	12 febreiro 1915	Chuco de Canedo
O primo Bartolo	<i>El Tea</i>	19 febreiro 1915	Chuco de Canedo
Consello de amigo	<i>El Tea</i>	26 febreiro 1915	Chuco de Canedo
	<i>Vida Gallega</i>	30 agosto 1926	A. Rodríguez Elías

Os cociñeiros da vila	<i>El Tea</i>	5 marzo 1915	Chuco de Canedo
O que sabe meu sobriño	<i>El Tea</i>	12 marzo 1915	Chuco de Canedo
	<i>Boletín Oficial del Centro Gallego</i>	decembro 1926	A. Rodríguez Elías
	<i>Vida Gallega</i>	10 novembro 1926	A. Rodríguez Elías
A verdadeira desgracia	<i>El Tea</i>	19 marzo 1915	Chuco de Canedo
	<i>Vida Gallega</i>	10 outubro 1927	A. Rodríguez Elías
Non contes o que viches	<i>El Tea</i>	26 marzo 1915	Chuco de Canedo
	<i>El Heraldo Gallego</i>	8 xuño 1924	A. Rodríguez Elías
	<i>Vida Gallega</i>	10 febreiro 1927	A. Rodríguez Elías
Unha criada ofendida	<i>El Tea</i>	2 abril 1915	Chuco de Canedo
	<i>O Tío Marcos</i>	21 abril 1919	Chuco de Canedo
	<i>Vida Gallega</i>	10 xuño 1926	A. Rodríguez Elías
Casarse á forza	<i>El Tea</i>	9 abril 1915	Chuco de Canedo
	<i>Vida Gallega</i>	10 febreiro 1928	A. Rodríguez Elías
En ísperas de eleucións	<i>El Tea</i>	16 abril 1915	Chuco de Canedo
O bo non é caro	<i>El Tea</i>	23 abril 1915	Chuco de Canedo
	<i>O Tío Marcos</i>	7 decembro 1918	Chuco de Canedo
A soparación	<i>El Tea</i>	30 abril 1915	Chuco de Canedo
As gracias dun cardeal	<i>El Tea</i>	7 maio 1915	Chuco de Canedo
Para non perderme	<i>El Tea</i>	14 maio 1915	Chuco de Canedo
	<i>Vida Gallega</i>	20 maio 1928	A. Rodríguez Elías
O herdeiro universal	<i>El Tea</i>	21 maio 1915	Chuco de Canedo
	<i>Vida Gallega</i>	30 setembro 1927	A. Rodríguez Elías

Viva o loitador	<i>El Tea</i>	28 maio 1915	Chuco de Canedo
Caetaniño	<i>El Tea</i>	4 xuño 1915	Chuco de Canedo
	<i>O Tío Marcos</i>	21 maio 1919	Chuco de Canedo
	<i>Vida Gallega</i>	30 xullo 1926	A. Rodríguez Elías
Un ferreiro entendido	<i>El Tea</i>	11 xuño 1915	Chuco de Canedo
	<i>Vida Gallega</i>	30 xaneiro 1927	A. Rodríguez Elías
Un burro afertunado	<i>El Tea</i>	18 xuño 1915	Chuco de Canedo
A noite que pasou un ladrón	<i>El Tea</i>	25 xuño 1915	Chuco de Canedo
Un bo consello	<i>El Tea</i>	2 xullo 1915	Chuco de Canedo
	<i>Vida Gallega</i>	30 outubro 1927	A. Rodríguez Elías
Un cargamento de odres	<i>El Tea</i>	9 xullo 1915	Chuco de Canedo
O tesouro do tío Xerómino	<i>El Tea</i>	16 xullo 1915	Chuco de Canedo
O boi solto	<i>El Tea</i>	23 xullo 1915	Chuco de Canedo
Inda non é hora	<i>El Tea</i>	30 xullo 1915	Chuco de Canedo
Xa teño un herdeiro	<i>El Tea</i>	6 agosto 1915	Chuco de Canedo
O estudante matuteiro	<i>El Tea</i>	13 agosto 1915	Chuco de Canedo
O mal pagador	<i>El Tea</i>	20 agosto 1915	Chuco de Canedo
	<i>Vida Gallega</i>	10 novembro 1929	A. Rodríguez Elías
Peligro de morte	<i>El Tea</i>	27 agosto 1915	Chuco de Canedo
	<i>A Terra</i>	agosto 1922	A. Rodríguez Elías
A mala ollada	<i>El Tea</i>	3 setembro 1915	Chuco de Canedo
Un preguicento	<i>El Tea</i>	10 setembro 1915	Chuco de Canedo
	<i>O Tío Marcos</i>	7 xuño 1915	Chuco de Canedo
O lume do inferno é pouca cousa	<i>El Tea</i>	17 setembro 1915	Chuco de Canedo
	<i>Boletín Oficial del Centro Gallego</i>	15 decembro 1915	A. Rodríguez Elías
	<i>O Tío Marcos</i>	7 marzo 1919	Chuco de Canedo

	<i>Vida Gallega</i>	20 novembro 1926	A. Rodríguez Elías
O alento da serpente	<i>El Tea</i>	24 setembro 1915	Chuco de Canedo
	<i>Vida Gallega</i>	10 agosto 1927	A. Rodríguez Elías
Librar por doente	<i>El Tea</i>	1 outubro 1915	Chuco de Canedo
	<i>Vida Gallega</i>	30 outubro 1930	A. Rodríguez Elías
O amor propio dunha rapaza	<i>El Tea</i>	8 outubro 1915	Chuco de Canedo
Outro Churruchao	<i>El Tea</i>	15 outubro 1915	Chuco de Canedo
	<i>O Tío Marcos</i>	7 abril 1918	Chuco de Canedo
	<i>Vida Gallega</i>	20 xaneiro 1928	A. Rodríguez Elías
Amolar ós ingleses	<i>El Tea</i>	22 outubro 1915	Chuco de Canedo
A sorte	<i>El Tea</i>	29 outubro 1915	Chuco de Canedo
Un bo magosto	<i>El Tea</i>	5 novembro 1915	Chuco de Canedo
	<i>Vida Gallega</i>	30 outubro 1926	A. Rodríguez Elías
A razón	<i>El Tea</i>	12 novembro 1915	Chuco de Canedo
O cólico e mais o flemón	<i>El Tea</i>	19 novembro 1915	Chuco de Canedo
	<i>Vida Gallega</i>	10 decembro 1927	A. Rodríguez Elías
O acordeón de tres voces	<i>El Tea</i>	26 novembro 1915	Chuco de Canedo
Un médico entendido	<i>Labor Gallega</i>	30 xuño 1916	A. Rodríguez Elías
O can colorado	<i>A Nosa Terra</i>	10 marzo 1917	A. Rodríguez Elías
Ás portas da botica	<i>A Nosa Terra</i>	20 febreiro 1918	A. Rodríguez Elías
O cariño de Marcelo	<i>O Tío Marcos</i>	7 agosto 1918	Chuco de Canedo
O espantallo	<i>O Tío Marcos</i>	21 xaneiro 1919	Chuco de Canedo
O burro da sorte	<i>O Tío Marcos</i>	21 marzo 1919	Chuco de Canedo

Morreu ou non morreu	<i>O Tío Marcos</i>	7 xullo 1919	Chuco de Canedo
O proveedor dos infernos	<i>Vida Gallega</i>	20 abril 1926	A. Rodríguez Elías
Verdugo á forza	<i>Vida Gallega</i>	30 abril 1926	A. Rodríguez Elías
Goriño no salón de limpabotas	<i>Vida Gallega</i>	10 maio 1926	A. Rodríguez Elías
As dúas meixelas	<i>Vida Gallega</i>	20 maio 1926	A. Rodríguez Elías
Para non andar nas bocas do mundo	<i>Vida Gallega</i>	30 maio 1926	A. Rodríguez Elías
Un mozo adevertido	<i>Vida Gallega</i>	30 xuño 1926	A. Rodríguez Elías
A lamprea	<i>Vida Gallega</i>	20 xullo 1926	A. Rodríguez Elías
A perna de pau	<i>Vida Gallega</i>	10 agosto 1926	A. Rodríguez Elías
A idade da xueza	<i>Vida Gallega</i>	20 agosto 1926	A. Rodríguez Elías
A tentazón de Migueliño	<i>Vida Gallega</i>	10 setembro 1926	A. Rodríguez Elías
O número 13	<i>Vida Gallega</i>	10 outubro 1926	A. Rodríguez Elías
Os ovos frixidos	<i>Vida Gallega</i>	20 decembro 1926	A. Rodríguez Elías
Vexetarianos e carnívoros	<i>Vida Gallega</i>	20 xaneiro 1927	A. Rodríguez Elías
O que manda son eu	<i>Vida Gallega</i>	28 febreiro 1927	A. Rodríguez Elías
Os bicos devoltos	<i>Vida Gallega</i>	10 abril 1927	A. Rodríguez Elías
Todo a medias	<i>Vida Gallega</i>	30 abril 1927	A. Rodríguez Elías
Ver polas costas	<i>Vida Gallega</i>	20 maio 1927	A. Rodríguez Elías

O emperador da morte	<i>Vida Gallega</i>	30 xullo 1927	A. Rodríguez Elías
Os nosos pirmeiros pais	<i>Vida Gallega</i>	20 agosto 1927	A. Rodríguez Elías
Un home que non puido mandar na súa casa	<i>Vida Gallega</i>	30 agosto 1927	A. Rodríguez Elías
A vinda do espírito santo	<i>Vida Gallega</i>	20 setembro 1927	A. Rodríguez Elías
O can colorado	<i>Vida Gallega</i>	20 decembro 1927	A. Rodríguez Elías
Como se pillan un xordo	<i>Vida Gallega</i>	30 xaneiro 1928	A. Rodríguez Elías
O caldo de grelos	<i>Boletín Oficial del Centro Gallego</i>	febreiro 1928	A. Rodríguez Elías
As barbas de D. Fortunato	<i>Vida Gallega</i>	20 febreiro 1928	A. Rodríguez Elías
O espantallo	<i>Vida Gallega</i>	10 de xuño de 1928	A. Rodríguez Elías
Un amigo da ialma	<i>Vida Gallega</i>	30 xuño 1928	A. Rodríguez Elías
Veña o divorcio cando queira	<i>Vida Gallega</i>	10 xullo 1928	A. Rodríguez Elías
A todo hai quen nos gañe	<i>Vida Gallega</i>	20 novembro 1928	A. Rodríguez Elías
O albre da fraternidade	<i>Vida Gallega</i>	10 decembro 1929	A. Rodríguez Elías
O esqueleto do home-gorila	<i>Vida Gallega</i>	20 febreiro 1930	A. Rodríguez Elías
A mirilla	<i>Vida Gallega</i>	20 abril 1930	A. Rodríguez Elías
Un valente	<i>Vida Gallega</i>	30 abril 1930	A. Rodríguez Elías
Unha muller	<i>Vida Gallega</i>	20 maio 1930	A. Rodríguez Elías

A comisión que recebiu D. Bunifacio	<i>Vida Gallega</i>	10 xuño 1930	A. Rodríguez Elías
Os dereitos da muller	<i>Vida Gallega</i>	30 xuño 1930	A. Rodríguez Elías
Un carregamento de odres	<i>Vida Gallega</i>	20 agosto 1930	A. Rodríguez Elías
¿Quen é agora o borracho?	<i>Vida Gallega</i>	30 agosto 1930	A. Rodríguez Elías
Unha muller honradísima	<i>Vida Gallega</i>	10 setembro 1930	A. Rodríguez Elías
¡Hastra quixera ser mosca!	<i>Vida Gallega</i>	20 setembro 1930	A. Rodríguez Elías
Soio houbo un home bo	<i>Vida Gallega</i>	10 outubro 1930	A. Rodríguez Elías
Ben feito, por non saber roubar	<i>Vida Gallega</i>	30 novembro 1930	A. Rodríguez Elías
Cousas pequenas	<i>Vida Gallega</i>	10 decembro 1930	A. Rodríguez Elías
Un home desesperado	<i>Vida Gallega</i>	10 xaneiro 1931	A. Rodríguez Elías
A cornetada	<i>Vida Gallega</i>	20 xaneiro 1931	A. Rodríguez Elías
Pra poder comer	<i>Vida Gallega</i>	10 marzo 1931	A. Rodríguez Elías
O meu sobriño é moi listo	<i>Vida Gallega</i>	30 abril 1931	A. Rodríguez Elías
Os que pagaron o chocolate	<i>Vida Gallega</i>	10 xuño 1931	A. Rodríguez Elías
O señor das Queirugas	<i>Vida Gallega</i>	30 setembro 1931	A. Rodríguez Elías
Eu non nacín pra cabalo	<i>Vida Gallega</i>	10 novembro 1931	A. Rodríguez Elías
A conta corrente dun preso	<i>Vida Gallega</i>	20 novembro 1931	A. Rodríguez Elías
O fin do viaxe	<i>Vida Gallega</i>	20 xaneiro 1932	A. Rodríguez Elías

O cazador de feras	<i>Vida Gallega</i>	30 xaneiro 1932	A. Rodríguez Elías
Unha ialma caritativa	<i>Revista del Centro Gallego de Avellaneda</i>	xuño-xullo de 1932	A. Rodríguez Elías
O rilós de pulseira	<i>Vida Gallega</i>	10 febreiro 1932	A. Rodríguez Elías
Sinal que non marrou	<i>Vida Gallega</i>	20 febreiro 1932	A. Rodríguez Elías
Un probe agradecido	<i>Vida Gallega</i>	10 marzo 1932	A. Rodríguez Elías
Hai que seguir co progreso	<i>Vida Gallega</i>	20 marzo 1932	A. Rodríguez Elías
O médico de fóra	<i>Vida Gallega</i>	30 marzo 1932	A. Rodríguez Elías
O que nace pra ichavo	<i>Vida Gallega</i>	20 abril 1932	A. Rodríguez Elías
Carneiro dende a cabeza hastra os pés	<i>Vida Gallega</i>	30 abril 1932	A. Rodríguez Elías
O millor testimonio	<i>Vida Gallega</i>	20 maio 1932	A. Rodríguez Elías
Consellos dunha nai	<i>Vida Gallega</i>	30 xuño 1932	A. Rodríguez Elías
Sermón protestante	<i>Vida Gallega</i>	10 xullo 1932	A. Rodríguez Elías
Custión de etiqueta	<i>Vida Gallega</i>	30 xullo 1932	A. Rodríguez Elías
Unha misa pra dous mortos	<i>Vida Gallega</i>	20 setembro 1932	A. Rodríguez Elías
Aquel si que foi un home!	<i>Vida Gallega</i>	20 outubro 1932	A. Rodríguez Elías
	<i>Revista del Centro Gallego de Avellaneda</i>	marzo 1936	A. Rodríguez Elías

Unha conta ben botada	<i>Vida Gallega</i>	10 novembro 1932	A. Rodríguez Elías
Descobrir un santo pra cobrir outro	<i>Vida Gallega</i>	20 novembro 1932	A. Rodríguez Elías
Por outorgar demasiado	<i>Vida Gallega</i>	10 decembro 1932	A. Rodríguez Elías
	<i>Revista del Centro Gallego de Avellaneda</i>	outubro de 1935	A. Rodríguez Elías
O pelexo da criada	<i>Vida Gallega</i>	10 xaneiro 1933	A. Rodríguez Elías
Nunca se acabó o mundo	<i>Vida Gallega</i>	30 xaneiro 1933	A. Rodríguez Elías
Non é o mesmo	<i>Vida Gallega</i>	10 febreiro 1933	A. Rodríguez Elías
A todo hai quen gañe	<i>Vida Gallega</i>	20 febreiro 1933	A. Rodríguez Elías
Un fantasma de lei	<i>Vida Gallega</i>	20 marzo 1933	A. Rodríguez Elías
Unha muller entendida	<i>Vida Gallega</i>	30 marzo 1933	A. Rodríguez Elías
O primeiro e derradeiro amor	<i>Vida Gallega</i>	10 abril 1933	A. Rodríguez Elías
	<i>Revista del Centro Gallego de Avellaneda</i>	xaneiro-febreiro 1936	A. Rodríguez Elías
Unha muller fatal	<i>Vida Gallega</i>	20 abril 1933	A. Rodríguez Elías
Un emprego a destempo	<i>Vida Gallega</i>	30 abril 1933	A. Rodríguez Elías
Resolveuse o problema	<i>Vida Gallega</i>	10 maio 1933	A. Rodríguez Elías
O campeón do lanzamento de disco	<i>Vida Gallega</i>	20 maio 1933	A. Rodríguez Elías

Desenganar a un amigo	<i>Vida Gallega</i>	30 maio 1933	A. Rodríguez Elías
Un vivo que estaba morto	<i>Vida Gallega</i>	10 xuño 1933	A. Rodríguez Elías
O compañeiro do meu “Cabano”	<i>Vida Gallega</i>	20 xuño 1933	A. Rodríguez Elías
O doente que sabía ben o que decía	<i>Vida Gallega</i>	30 xuño 1933	A. Rodríguez Elías
O costume de matar	<i>Vida Gallega</i>	20 xullo 1933	A. Rodríguez Elías
	<i>Revista del Centro Gallego de Avellaneda</i>	febreiro de 1935	A. Rodríguez Elías
Unha arma branca	<i>Vida Gallega</i>	20 agosto 1933	A. Rodríguez Elías
Inferno en vida e en morte	<i>Vida Gallega</i>	20 decembro 1933	A. Rodríguez Elías
O sancristán da miña aldea	<i>Vida Gallega</i>	30 decembro 1933	A. Rodríguez Elías
¡Coma na miña casa!	<i>Vida Gallega</i>	10 xaneiro 1934	A. Rodríguez Elías
A culpa foi do maldito tango	<i>Vida Gallega</i>	20 xaneiro 1934	A. Rodríguez Elías
O orfión da miña vila	<i>Vida Gallega</i>	30 xaneiro 1934	A. Rodríguez Elías
Teoloxía e matemáticas	<i>Vida Gallega</i>	20 febreiro 1934	A. Rodríguez Elías
Un verdadeiro vexetariano	<i>Vida Gallega</i>	28 febreiro 1934	A. Rodríguez Elías
Unha saída de Xaquín Rebordechán	<i>Vida Gallega</i>	10 abril 1934	A. Rodríguez Elías
A civilización do can	<i>Vida Gallega</i>	20 abril 1934	A. Rodríguez Elías
O coor do meniño	<i>Vida Gallega</i>	30 abril 1934	A. Rodríguez Elías

Un rapaz que pormete	<i>Vida Gallega</i>	10 maio 1934	A. Rodríguez Elías
Na noite do día dos magostos	<i>Vida Gallega</i>	20 maio 1934	A. Rodríguez Elías
Unha rebumbia na casa do oculista	<i>Vida Gallega</i>	30 maio 1934	A. Rodríguez Elías
Un negocio ruín	<i>Vida Gallega</i>	10 xuño 1934	A. Rodríguez Elías
Coma se desví a un alcuño	<i>Vida Gallega</i>	20 xuño 1934	A. Rodríguez Elías
O cacho	<i>Vida Gallega</i>	30 xuño 1934	A. Rodríguez Elías
Mentras canta o carro	<i>Vida Gallega</i>	10 xullo 1934	A. Rodríguez Elías
O michiño	<i>Vida Gallega</i>	10 agosto 1934	A. Rodríguez Elías
A custión é casar	<i>Vida Gallega</i>	20 agosto 1934	A. Rodríguez Elías
A batalla dos ourizos	<i>Vida Gallega</i>	10 outubro 1934	A. Rodríguez Elías
A xente de agora non é limpa	<i>Vida Gallega</i>	30 novembro 1934	A. Rodríguez Elías
O amareo da aboa de Manoeliño	<i>Vida Gallega</i>	30 decembro 1934	A. Rodríguez Elías
Coma choveu tanto	<i>Vida Gallega</i>	10 xaneiro 1934	A. Rodríguez Elías
As andrómenas dun chofer	<i>Vida Gallega</i>	20 xaneiro 1934	A. Rodríguez Elías
A corda do aforcado	<i>Vida Gallega</i>	30 xaneiro 1934	A. Rodríguez Elías
Unha cousa que eu non sabía que o era	<i>Vida Gallega</i>	10 febreiro 1934	A. Rodríguez Elías
¿Cantos fillos ten Perucho?	<i>Vida Gallega</i>	20 abril 1934	A. Rodríguez Elías
Aínda hai crases	<i>Vida Gallega</i>	30 abril 1934	A. Rodríguez Elías

	<i>Revista del Centro Gallego de Avellaneda</i>	xullo-agosto 1935	A. Rodríguez Elías
Era un home de palabra	<i>Revista del Centro Gallego de Avellaneda</i>	xaneiro de 1935	A. Rodríguez Elías
Coma se frabrica un xastre	<i>Vida Gallega</i>	10 maio 1935	A. Rodríguez Elías
A hora de remudar	<i>Vida Gallega</i>	20 maio 1935	A. Rodríguez Elías
Soio Santiago pode cun galego	<i>Revista del Centro Gallego de Avellaneda</i>	xuño de 1935	A. Rodríguez Elías
O día dos milagres	<i>Revista del Centro Gallego de Avellaneda</i>	setembro 1935	A. Rodríguez Elías
O té da serán	<i>Vida Gallega</i>	10 decembro 1935	A. Rodríguez Elías
Tamén a Colón o tiveron por tolo	<i>Vida Gallega</i>	20 decembro 1935	A. Rodríguez Elías
O luito de alivio	<i>Vida Gallega</i>	10 xaneiro 1936	A. Rodríguez Elías
Ter honra a custa doutro	<i>Vida Gallega</i>	30 xaneiro 1936	A. Rodríguez Elías
Unha cóbrega	<i>Vida Gallega</i>	20 febreiro 1936	A. Rodríguez Elías
O lameiro da santisa	<i>Vida Gallega</i>	10 abril 1936	A. Rodríguez Elías
Algunha vez había calar	<i>Vida Gallega</i>	10 maio 1936	A. Rodríguez Elías
Unha boa oferta ó santo	<i>Vida Gallega</i>	20 maio 1936	A. Rodríguez Elías

Divorciarse por non entenderse	<i>Vida Gallega</i>	10 xuño 1936	A. Rodríguez Elías
O que se namorou da nai da noiva do meu sobriño	<i>Vida Gallega</i>	30 xuño 1936	A. Rodríguez Elías
As pernas emprestadas	<i>Vida Gallega</i>	10 xullo 1936	A. Rodríguez Elías

